# CAPITAL ESTRANXEIRO E EMPRESAS MULTINACIONAIS EN GALICIA: 1960-1991

**Antonio Doval Adán**



SERIE MONOGRAFIAS

XUNTA DE GALICIA

Antonio Doval Adán

# CAPITAL ESTRANXEIRO E EMPRESAS MULTINACIONAIS EN GALICIA: 1960-1991

**Edita**: Presidencia. Xunta de Galicia

**Traducción**: Traductio Traductores (Gabriel Rey Doval)

**Fotocomposición**: Zero

**Deseño de Portada e Maquetación**: Maribel Carbajales

**Coordinación Editorial**: Roberto Ledo Garrido

**Impresión**: Alva Gráfica, S.L.

**I.S.B.N.:** 84-452-1000 -X

**D.L**: C-184-94

*Este traballo foi galardoado*
*pola Real Academia Galega de Ciencias*
*co "Premio de Investigación 1992",*
*convocado en colaboración*
*coa Fundación Caixa Galicia.*

# PRESENTACIÓN

A mundialización do sistema económico tivo un protagonista esencial: as empresas multinacionais. Estas convertéronse nos axentes máis activos, sendo decisiva a súa contribución ó fortalecemento das estructuras propias da economía de mercado; tampouco é alleo a isto a expansión do sistema capitalista pola práctica totalidade dos países do mundo. Atrás quedan os plantexamentos marxistas, que se viron superados por un modelo económico máis participativo e áxil, que prima á iniciativa privada e fomenta a competencia entre os distintos axentes productivos, aínda que teña –na súa contrapartida– costes sociais de difícil xustificación que están poñendo en cuestión o modelo economicista imperante.

A acaparación do capital e das tecnoloxías avanzadas proporcionan as multinacionais un crecente poder económico, tanto productivo como financeiro, moi superior ó que ostentan moitos estados soberanos. De feito, na actualidade, só douscentos grupos transnacionais controlan unha cuarta parte da producción mundial e entre o oitenta e o noventa por cento do comercio internacional de productos industriais que se rexistra no mundo. É máis, si clasificamos as maiores unidades económicas do mundo, incluindo ós estados, encontrámonos con que corenta e sete son compañías multinacionais. En todas élas o seu campo de actuación abarca a moitos países, pero o deseño e a programación dos investimentos directos no estranxeiro, fanse co firme obxectivo de obter beneficios para a propia organización empresarial, e para establecer unha espesa rede de filiais, que distribuídas por todo o mundo, amplían a súa capacidade de control sobre o mercado.

Surxen, desta maneira, unha serie de estructuras oligopolísticas marcadas por unha forte tendencia cara á concentración dos mercados e ó establece-

mento de alianzas tecnolóxico-financeiras estratéxicas entre grandes grupos empresariais. Nese senso, parece previsible que se producirá unha acentuación dos fenómenos de concentración empresarial, que afectan xa á maior parte dos sectores económicos e conleva unha crecente concentración xeográfica do potencial económico e humano. Proceso de concentración que, á súa vez, tende a incrementa-los desequilibrios intra e interterritoriais, que ás deseconomías sociais existentes engaden, ademais, disfuncionalidades territoriais, culturais e demográficas.

Dentro deste contexto internacional, Galicia funciona como unha rexión periférica tanto no senso xeográfico como no cultural e tamén na súa dimensión económica. Proba diso e que durante os últimos anos recibiu pouco máis do 1% do investimento estranxeiro directo rexistrado no conxunto do Estado español. A esta escasa participación hai que engadir unha polarización espacial dos investimentos e da tecnoloxía foránea nos núcleos máis urbanizados e con maiores avantaxes comparativas. Así, xunto ás áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, concentrouse a meirande parte dos investimentos e das aportacións tecnolóxicas procedentes do exterior, dando orixen a extensas rexións funcionais que nas súas fases difusoras alcanzan ás Comarcas rururbanas máis próximas. Esta especial preferencia do capital internacional polas áreas e espacios máis modernizados, é un comportamento xenérico que regula as pautas de localización que segue o capital estranxeiro a nivel mundial, xa que preto do 86% do mesmo localízase nos países desenvolvidos, o que constitue un claro exponente da acentuación dos desequilibrios entre o centro e a periferia.

Na actualidade, a Comunidade galega encóntrase inmersa nunha prolongada e difícil fase de axuste ó cambio que si ben nas rexións mellor dotadas e máis competitivas está concluindo, na nosa comenza a producirse lentamente, na medida en que melloran as infraestructuras e aumentan os intercambios e os fluxos financeiros internacionais, fenómeno este que adquiriu un notable incremento coa entrada de España na Comunidade Económica Europea.

Por todo iso, resulta sumamente interesante coñecer con precisión as empresas multinacionais que operan na nosa Comunidade, o seu papel no desenvolvemento do sistema productivo galego e a estratexia seguida polo capital internacional nas distintas ramas sectoriais, o que pode servir de base para á necesaria internacionalización das empresas galegas e a súa inserción nos circuitos mundiais de capital e de tecnoloxía. Un horizonte no cal as redes de innovación logren afirmarse e supera-las múltiples barreiras que seguen ofrecendo resistencia ó cambio.

Teño, pois, a grata satisfacción de colaborar nunha investigación pioneira, dentro dun contexto renovador da Xeografía Económica de Galicia, entendida como disciplina de análise, diagnose e planificación da estructura espacial rexional. Sen que o que escribo sexa fruto do lóxico sentimento de satisfacción que para todo director dun proxecto universitario supón o que este alcance os obxectivos inicialmente previstos, debo, en xustiza, afirmar que nos atopamos cun riguroso traballo de carácter científico, que marca o comenzo dunha interesante e acertada liña de investigación, tan útil como oportuna, que ven cubrir unha importante lagoa investigadora existente sobre a presencia de capital estranxeiro e de empresas multinacionais na Xeografía Económica galega dende o ano 1960 ata os nosos días.

Con este volume que agora presento con ilusionada esperanza, o Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia, quere continuar co labor, xa iniciada, de publicar unha serie de traballos monográficos que son de interese para encauza-lo desenvolvemento territorial de Galicia nos vindeiros anos.

**Andrés Precedo Ledo.**
*Catedrático de Xeografía Humana.*
*Director do Gabinete de Planificación*
*e Desenvolvemento Territorial*

# ÍNDICE


INTRODUCCIÓN ..... 17
OBXECTIVOS ..... 18
METODOLOXÍA ..... 19
FONTES ..... 22

**PRIMEIRA PARTE**: CAPITAL ESTRANXEIRO E EMPRESAS MULTINACIONAIS: MARCO TEÓRICO

**CAPÍTULO I: O CAPITAL ESTRANXEIRO** ..... 31
1.- CONCEPTO ..... 31
2.- VÍAS DE PENETRACIÓN ..... 33
2.1. A transferencia de tecnoloxía ..... 33
*2.1.1. Antecedentes* ..... 35
*2.1.2. Concepto* ..... 36
*2.1.3. Tipos de transferencia* ..... 37
*2.1.4. Complementariedade entre I+D e transferencia de tecnoloxía* ..... 38
*2.1.5. Volume dos intercambios tecnolóxicos no mundo* ..... 42
2.2. O investimento estranxeiro ..... 48
*2.2.1. Concepto* ..... 48
*2.2.2. Formas de investimento estranxeiro* ..... 49
*2.2.3. Mecanismos que restrinxen o investimento estranxeiro* ..... 52
*2.2.4. Incentivos ó investimento estranxeiro directo* ..... 53
*2.2.5. Mundialización do investimento estranxeiro* ..... 55

**CAPÍTULO II: AS EMPRESAS MULTINACIONAIS** ..... 59
1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS ..... 59
2. DEFINICIÓN ..... 63
3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DAS EMPRESAS MULTINACIONAIS ..... 64
4. ESTRATEXIAS DE PENETRACIÓN ..... 67

5. DIMENSIÓN E IMPORTANCIA ... 73
5.1. Control da innovación ... 83
*5.1.1. Localización de actividades de I+D* ... 86
*5.1.2. Principais xeradores* ... 90
*5.1.3. A venda de tecnoloxía* ... 95
5.2. Control do investimento estranxeiro ... 97

**CAPÍTULO III: A ATRACCIÓN DE CAPITAL ESTRANXEIRO EN ESPAÑA DESDE 1960** 99

1. A CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA ... 100
1.1. Marco legal ... 101
*1.1.1. Antecedentes* ... 101
*1.1.2. Período 1960-1990* ... 102
*1.1.3. Elementos do contrato tecnolóxico español* ... 104
1.2. A importación da tecnoloxía estranxeira ... 105
2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO ... 109
2.1. Marco legal ... 109
*2.1.1. Período 1960-1973* ... 110
*2.1.2. Período 1974-1990* ... 110
2.2. A entrada de investidores estranxeiros ... 112

**SEGUNDA PARTE**: A CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA EN GALICIA

**CAPÍTULO IV: PRINCIPAIS VÍAS DE ENTRADA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA EN GALICIA** ... 119

1. IMPORTACIÓN DE PRODUCTOS ESTRANXEIROS ... 119
2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ... 122
3. OS CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA ... 124

**CAPÍTULO V. CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS ENTRE 1965 E 1987** ... 127

1. VOLUME DE CONTRATOS TECNOLOXICOS REXISTRADOS ... 127
1.1. Distribución sectorial ... 137
1.2. Procedencia xeográfica ... 140
2. PRINCIPAIS PAÍSES QUE SUBMINISTRAN TECNOLOXÍA ... 141
2.1. Francia ... 142
2.2. República Federal de Alemaña ... 144
2.3. Reino Unido ... 146
2.4. Estados Unidos ... 147
2.5. Suecia ... 150

**CAPÍTULO VI: ANÁLISE DOS PRINCIPAIS SECTORES ADQUIRIDORES DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA** ... 153

1. O SECTOR NAVAL ... 153
2. O SECTOR QUÍMICO ... 157
3. A CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA NON ELÉCTRICA ... 159
4. A CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS ... 162
5. O SECTOR SIDEROMETALÚRXICO ... 164
6. O SECTOR ENERXÉTICO ... 166
7. A FABRICACIÓN DE PRODUCTOS METÁLICOS ... 168
8: O SECTOR MINEIRO ... 169
9. AS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, FORESTAIS, GANDEIRAS E PESQUEIRAS ... 171
10. OUTROS SECTORES DE INTERESE ... 173

**CAPÍTULO VII: ANÁLISE DO CONTIDO DOS CONTRATOS DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS** ... 181

1. ELEMENTOS QUE APARECEN NOS CONTRATOS ... 181
2. CLASIFICACIÓN DOS CONTRATOS ... 183
3. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DE CADA CATEGORÍA DE CONTRATOS ... 186
3.1. Asistencia técnica e mantemento de equipo ... 186
3.2. Construcción e montaxe de instalacións ... 187
3.3. Compoñentes dun proceso productivo ... 188
3.4. Licencias, patentes, marcas e know-how ... 188
3.5. Fabricación de productos finais completos ... 189

**CAPÍTULO VIII: ANÁLISE ESPACIAL DOS CONTRATOS TECNOLÓXICOS SUBSCRITOS POLAS EMPRESAS GALEGAS** ... 191

1. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DOS CONTRATOS ... 191
2. DISTRIBUCIÓN POR ÁREAS TERRITORIAIS ... 195
2.1. Área metropolitana de Vigo ... 197
2.2. Área metropolitana da Coruña ... 198
2.3. Áreas urbanas e vilas ... 199

**CAPÍTULO IX: EMPRESAS GALEGAS ADQUIRIDORAS DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA** ... 203

1. IMPORTANCIA DO CAPITAL ESTRANXEIRO E DO INI NA CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA ... 203
2. CONTRATACIÓN MEDIA POR EMPRESA ... 206
3. PRINCIPAIS EMPRESAS ADQUIRIDORAS DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA ... 208
4. O PESO DAS MULTINACIONAIS NA TRANSMISIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA A GALICIA ... 216
4.1. Principais multinacionais estranxeiras que envían tecnoloxía ás empresas galegas ... 217

## **TERCEIRA PARTE**: O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN GALICIA


**CAPÍTULO X: O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO** 221

1. IMPORTANCIA 221
2. VOLUME DO INVESTIMENTO 222
   2.1. O investimento directo en España e Galicia 222
   2.2. Factores que atraen os investidores estranxeiros 227
3. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DO INVESTIMENTO 231
4. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL 234
5. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA 237
6. TIPOS E MODALIDADES DE INVESTIMENTO 242

**CAPÍTULO XI: O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN INMOBLES** 247

1. IMPORTANCIA 247
2. EVOLUCIÓN CUANTITATIVA 248
3. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL E DESTINO 250
4. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA 252

**CAPÍTULO XII: O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN CARTEIRA** 257

1. NATUREZA 257
2. EVOLUCIÓN CUANTITATIVA 257
3. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL 259
4. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA 261
5. OUTRAS FORMAS DE INVESTIMENTO 262


## **CUARTA PARTE**: A PENETRACIÓN DE EMPRESAS MULTINACIONAIS EN GALICIA


**CAPÍTULO XIII: A PENETRACIÓN DE EMPRESAS MULTINACIONAIS NA INDUSTRIA** 267

1. MODALIDADES E FORMAS DE PENETRACIÓN 267
2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO 271
   2.1. Estructura do investimento 271
   2.2. Tamaño das empresas participadas 275
   2.3. Procedencia e distribución sectorial 278
   2.4. Localización de plantas industriais 283
   2.5. Distribución do emprego 291
3. PENETRACIÓN SECTORIAL 297
   3.1. Industrias extractivas 297
      *3.1.1. Antecedentes históricos* 298
      *3.1.2. Situación actual: visión de conxunto* 301
      *3.1.3. Extracción de minerais* 303
      *3.1.4. Extracción de pizarras e granitos* 308
      *3.1.5. Fabricación de cemento, vidro e formigón* 311
   3.2. Industria alimentaria 317
      *3.2.1. Industrias lácteas* 320
      *3.2.2. Fabricación de pensos* 327
      *3.2.3. Industrias cárnicas* 333
      *3.2.4. Elaboración e embotellado de bebidas* 336
      *3.2.5. Industria conserveira* 341
      *3.2.6. Acuicultura industrial* 345
      *3.2.7. Aceites, graxas e pastelería industrial* 351
   3.3. Industria química 354
      *3.3.1. Química básica* 357
      *3.3.2. Productos farmacéuticos* 360
      *3.3.3. Fabricación de productos plásticos* 365
      *3.3.4. Fabricación de vernices e pinturas* 370
   3.4. Metalurxia e industria do aluminio 372
   3.5. Construccións mecánicas e metálicas 378
   3.6. Construcción de automóbiles e motores 383
   3.7. Construcción de aparellos eléctricos e electrónicos 391
   3.8. Transformación e tratamento da madeira 398
   3.9. Empresas da construcción 407
   3.10. Producción de enerxía 413
   3.11. Pel, coiro e confección 418
   3.12. Artes gráficas e edición 421

**CAPÍTULO XIV: A PENETRACIÓN DE EMPRESAS MULTINACIONAIS NO COMERCIO** 423

1. MODALIDADES E FORMAS DE PENETRACIÓN 423
2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO 426
   2.1. Estructura do investimento 427
   2.2. Procedencia e distribución sectorial 429
   2.3. Localización de establecementos e centros de decisión 434
   2.4. Distribución do emprego 439
3. PENETRACIÓN SECTORIAL 443
   3.1. Hipermercados e cadeas de distribución 444
   3.2. Productos químicos 449
   3.3. Aparellos eléctricos e mecánicos 455
   3.4. Aparellos electrónicos e informáticos 461
   3.5. Productos de alimentación 470
   3.6. Vehículos pesados e lixeiros 473
   3.7. Maquinaria e equipos industriais 480
   3.8. Confección e xéneros de punto 484

3.9. Productos petrolíferos e enerxéticos ..... 487
3.10. Productos siderometalúrxicos ..... 491
3.11. Caucho e neumáticos ..... 492
3.12. Productos de cerámica, vidro e cemento ..... 495
3.13. Papel, prensa e artes gráficas ..... 496
3.14. Comercialización de productos diversos ..... 498

**CAPÍTULO XV: A PENETRACIÓN DE EMPRESAS MULTINACIONAIS NOS SERVICIOS.** 501

1. MODALIDADES E FORMAS DE PENETRACIÓN ..... 501
2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ..... 503
2.1. Estructura do investimento ..... 504
2.2. Procedencia e distribución sectorial ..... 506
2.3. Localización de establecementos e centros de decisión ..... 510
2.4. Distribución do emprego ..... 513
3. PENETRACIÓN SECTORIAL ..... 516
3.1. Transportes e comunicacións ..... 516
3.2. Bancos e financeiras ..... 521
3.3. Compañías de seguros ..... 530
3.4. Consulting e auditoría ..... 539
3.5. Publicidade e marketing ..... 543
3.6. Hostelería e turismo ..... 546
3.7. Servicios diversos ..... 554

CONCLUSIÓNS ..... 559
BIBLIOGRAFÍA ..... 567

# INTRODUCCIÓN

Co derrubamento do bloque comunista e a salientable actividade desenvolvida polas empresas multinacionais, a economía mundial camiña de xeito acelerado, especialmente desde 1990, cara a unha unificación total das súas estructuras de funcionamento, baseadas na internacionalización do capital e mais no paso do capitalismo rexional ou nacional ó capitalismo mundial. As empresas multinacionais convértense nos principais axentes activos nun único espacio económico ó acapara-la tecnoloxía e os fluxos do investimento directo. Estes contribúen decisivamente á expansión do capitalismo internacional e á formación dun único mercado mundial, onde as fronteiras nacionais ou rexionais perden sentido práctico a medida que se potencia a creación de organismos superestructurais de carácter supranacional, ou mesmo de carácter mundial, que minimiza as competencias dos propios Estados.

Estas circunstancias favorecen grandemente os investimentos estranxeiros e en xeral as correntes do capital internacional, que adquiren maiores proporcións conforme o liberalismo económico se impón en tódalas nacións.

España, e Galicia en particular, non é allea a esta liberalización e, xa que logo, á entrada de capital estranxeiro na súa economía. Desde 1959, coincidindo co deseño do Proxecto de Estabilización Económica, os investimentos estranxeiros, aproveitando o clima de liberalización reinante, foron medrando dun xeito progresivo, ata que a mediados da década dos 80, coa entrada de España na Comunidade Económica Europea, se produce o boom do investimento estranxeiro no noso país. A Lei aprobada polo Consello de Ministros do Goberno Español a finais de setembro de 1986 e mailas posteriores ordes ministeriais dictadas polo Ministerio de Economía e Facenda liberalizaron os investimentos e con iso favoreceron a penetración progre-

siva de capital foráneo e de empresas multinacionais na estructura da economía española.

As crecentes espectativas creadas arredor do capital estranxeiro como posible motor do desenvolvemento da economía galega, especialmente naqueles eidos onde o capital autóctono é incapaz de afrontar investimentos, serviron de estímulo e motivación para levar adiante a realización dun estudio sobre o papel desenvolvido polo capital estranxeiro na nosa Comunidade Autónoma desde 1960. A necesidade de afrontalo vén xustificada, ademais, pola escasez de estudios específicos que traten o tema desde unha perspectiva global. Os realizados ata o de agora (Beiras Torrado, Sequeiros Tizón, Fernández Leiceaga e Manuel Fernández), son estudios parciais que analizan a dependencia da economía galega, centrándose unicamente no sector industrial, sen que fose analizada ata hoxe a presencia de capital estranxeiro no comercio e os servicios.

Por iso, resulta evidente a necesidade de realizar un estudio que analice a presencia estranxeira no seu conxunto e mailo impacto xerado polas empresas multinacionais que traballan na nosa Comunidade Autónoma. Trátase así de cubrir unha importante lagoa investigadora que debe servir como punto de referencia para acometer posteriores estudios que avalíen o peso das empresas estranxeiras na economía galega.

## OBXECTIVOS

Por riba dos obxectivos xerais que todo traballo de investigación implica, o presente estudio ten como obxectivo fundamental estudia-la traxectoria seguida polo capital estranxeiro que entra en Galicia desde 1960 ata 1991. Deste xeito, trátase de coñecer e avalia-lo impacto xeoeconómico xerado pola chegada de empresas, tecnoloxía e investimentos estranxeiros.

Co fin de ter un coñecemento máis preciso e detallado dos obxectivos específicos que pretende esta investigación cómpre sinalar que o estudio servirá sobre todo para:

1. En primeiro lugar, analiza-la tecnoloxía e o investimento estranxeiro destinado a Galicia desde 1960. O seu estudio hanos permitir coñece-la natureza do capital, así como a súa procedencia e distribución sectorial e espacial. Isto vainos servir non só para averigua-lo grao de concentración territorial, senón tamén para descubri-los factores de atracción e localización que condicionan os investimentos das empresas multinacionais en Galicia.
2. En segundo lugar, identifica-las empresas multinacionais radicadas fisicamente na nosa Comunidade. Este obxectivo compleméntase incidindo no tipo, natureza e actividades ás que se dedican, tratando de distingui-las diferentes formas de radicación seguidas polas empresas estranxeiras que traballan en Galicia.
3. En terceiro lugar, pesquisa-lo emprego que depende actualmente de empresas participadas polo capital estranxeiro en Galicia.

## METODOLOXÍA

Para consegui-los obxectivos propostos, e logo de discuti-las posibles vías de achegamento ó tema, tendo en conta o tipo e calidade de material empregado, coidamos que o método máis axeitado era o analítico descritivo, avanzando de forma progresiva. A investigación aparece estructurada en catro partes, dotadas todas elas de certa autonomía e diferenciadas en canto ó seu contido: unha teórica e tres claramente aplicadas, centradas en Galicia.

Tendo en conta as deficiencias das estatísticas económicas rexionais, nas que faltan desagregacións provinciais referidas á entrada de capitais estranxeiros en España, pensamos que a forma máis completa de aborda-lo estudio do capital estranxeiro era descender a nivel empresarial e elaborar un censo de empresas que traballan en Galicia vencelladas ó capital estranxeiro entre 1960 e 1991. Deste xeito, construíuse un censo formado por todas aquelas empresas relacionadas polo capital estranxeiro que contan en Galicia con establecementos industriais, sucursais, delegacións ou establecementos comerciais ou de servicios propios na nosa Comunidade. Na medida en que nos foi posible elaborouse ademais un listado de empresas participadas por investidores estranxeiros que traballan en Galicia exclusivamente a través de concesionarios e distribuidores oficiais, ó constituíren estes unha

vía de penetración comercial moi utilizada polas empresas multinacionais para se introduciren no mercado galego. A súa análise hanos servir, en boa medida, para coñece-lo emprego indirecto xerado en Galicia polas empresas estranxeiras.

A primeira parte, claramente teórica, está composta por tres capítulos que constitúen o marco conceptual e teórico relativo ó capital e mais ás empresas multinacionais. Nela, sen ánimo de exhaustividade, ó non constituí-lo obxectivo básico da nosa investigación, analízase o papel que desempeña o capital estranxeiro e as empresas multinacionais no proceso de internacionalización da economía mundial, salientando a súa capacidade para estende-lo sistema capitalista por tódolos países do mundo, acelerando con iso a creación dun único mercado mundial. Esta visión global complétase cunha puntual referencia, no capítulo 3, á política de atracción de capitais estranxeiros seguida en España desde 1960.

Na segunda parte, da que as conclusións básicas se recollen na publicación "La penetración de tecnología extranjera en Galicia" (Doval Adán, A. 1992), estudiámo-lo capital estranxeiro que entra en Galicia a través dos contratos de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía estranxeira realizados polas empresas galegas entre 1960 e 1987. Con tal fin, elaborouse un censo que contén un total de 66 empresas e 194 contratos tecnolóxicos. Deste xeito podemos coñece-lo grao de dependencia tecnolóxica e o tipo, destino sectorial e procedencia xeográfica da tecnoloxía adquirida polas empresas galegas. A clasificación sectorial dos contratos foi un dos aspectos problemáticos, tendo en conta as dificultades estatísticas. A primeira delas ten que ver coa falta de homoxeneización da propia clasificación sectorial. Así, mentres o Ministerio de Industria utiliza a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (C.N.A.E.), que permite, como é sabido, un alto grao de desagregación, o Ministerio de Economía e Facenda utiliza unha clasificación que recolle a circular 248 do antigo Instituto Español de Moeda e Timbre, que conta cun total de 32 sectores, e que a nós nos parece bastante axeitada para clasifica-las distintas actividades nas que se efectúan contratos de transferencia de tecnoloxía, na medida en que se simplifican considerablemete os sectores obxecto de estudio.

Como se sabe, a adscrición sectorial dos contratos realízaa a Dirección General de Transacciones Exteriores ó recibi-la solicitude das empresas directamente, ou ben o contrato inscrito no Rexistro, e conta para iso coa información que a propia empresa fornece sobre a súa actividade, non sempre completa. Na actualidade, os contratos inscritos non presentan problemas, xa que a empresa se autocalifica segundo o C.N.A.E. e a conversión ó outro sistema non supón dificultades. Pero no pasado a situación foi ben distinta, detectándose que en numerosas ocasións unha mesma empresa, á hora de realizar un contrato tecnolóxico, foi adscrita a sectores económicos diferentes, con frecuencia relacionados co obxecto do contrato, pero non coa actividade productiva da empresa. Por iso, vímonos obrigados a establecer uns criterios fixos e comúns que se puidesen estender a tódolos contratos, independentemente da data en que se realizaron. Deste xeito a clasificación sectorial dos contratos foi realizándose en función da actividade principal das empresas adquiridoras de tecnoloxía estranxeira. Co fin de ofrecer unha clasificación das actividades económicas que solicitan unha maior contribución de tecnoloxía foránea, seguindo en parte os criterios da circular 248 do I.E.M.E., establecemos dezaoito sectores económicos adaptados ás principais ramas da actividade das empresas galegas adquiridoras de tecnoloxía estranxeira.

A terceira parte ten un contido máis cuantitativo e estatístico, na medida en que nela analizámo-lo volume de capital estranxeiro que entra na nosa Comunidade a través dos distintos tipos de investimento estranxeiro pescudados (directo, inmobles, carteira e outros investimentos). Para iso contamos con datos estatísticos facilitados por diversas fontes oficiais que nos permitiron facer, nesta parte, unha análise global sobre o investimento estranxeiro que se rexistra en Galicia nas súas distintas modalidades.

A maioría dos datos que se utilizan nesta parte proceden da Dirección General de Transacciones Exteriores do Rexistro de Caixa do Banco de España, que unicamente computa movementos de entradas e saídas efectivas de divisas. As cifras que se reflicten na terceira parte da investigación relacionadas co investimento estranxeiro directo fan referencia, na maior parte dos casos, ó investimento estranxeiro directo maioritario verificado ou autorizado polo Goberno Central, participación estranxeira que supera o 50% do capital social das empresas participadas. Quedan excluídos, por tanto, aqueles investimentos libres que non precisan autorización ou verificación administrativa ningunha. De aí que os cadros que ilustran a investigación conteñan soamente os investimentos sometidos á aprobación da D.G.T.E., pero non o total das efectivamente realizadas na xeografía galega. Iso débese a que non se contabilizan aqueles proxectos de investigación cunha participación estranxeira directa inferior ó 50% do capital social da empresa implicada.

Estas circunstancias metodolóxicas fan que os datos publicados regularmente pola D.G.T.E. na sección informativa do Boletín de Información Comercial Española tendan a subestima-lo grao de penetración do investiento estranxeiro realmente materializado na nosa Comunidade Autónoma. Hai que precisar que para a D.G.T.E. os investientos acometidos por empresas españolas controladas ou participadas polo capital estranxeiro contabilízanse, a tódolos efectos, como investimento estranxeiro. Nestes casos, o investimento realízase en pesetas ordinarias, polo que a súa contía non é contabilizada polo Rexistro de Caixa do Banco de España.

Na cuarta parte, co fin de supli-las deficiencias estatísticas e perante a necesidade de detecta-las empresas multinacionais que traballan na nosa comunidade, consideramos oportuno descender a nivel empresarial e elaborar un censo de 619 empresas implantadas en Galicia e participadas por investidores estranxeiros. Este censo hanos servir para coñecer de xeito individualizado a rede empresarial galega vencellada ó investimento estranxeiro directo. Iso permitiranos, ademais, identificar polo miúdo as empresas multinacionais e maila súa rede de filiais con establecementos na nosa Comunidade. Para amplia-la información sobre as empresas multinacionais, elaborouse tamén un listado con todas aquelas empresas estranxeiras coñecidas que, carecendo de establecementos propios en Galicia, traballan na nosa Comunidade unicamente a través de concesionarios e distribuidores oficiais.

Nesta última parte, mantendo un enfoque maiormente descritivo faise, por tanto, unha análise individualizada da penetración estranxeira na industria, o comercio e mailos servicios. Con iso trátase de ter un coñecemento máis exacto e detallado sobre o grao de penetración sectorial das empresas estranxeiras, o que fai que a investigación sexa máis operativa e funcional con vistas á consecución dos obxectivos propostos.

## FONTES

Identifica-las empresas participadas por investidores estranxeiros e construír un banco de datos estatístico constitúe unha das tarefas imprescindibles para afrontar con éxito un traballo destas características. Este labor, sen dúbida o máis dificultoso e sacrificado debido á reticencia e escasa colaboración das empresas, da propia Administración e dos Organismos públicos e privados consultados a facilitar información específica sobre as empresas estranxeiras que traballan na nosa Comunidade, realizouse a partir da información tirada das seguintes fontes documentais e estatísticas:

1. ***Dirección General de Transacciones Exteriores***. Esta Dirección Xeral, dependente do Ministerio de Economía e Facenda, encárgase de verificar e controla-los investimentos estranxeiros que se realizan no conxunto do Estado Español. Constitúe, por tanto, unha das fontes estatísticas básicas para coñece-la contía dos proxectos de investimento estranxeiro maioritario que se levan adiante nas distintas Comunidades Autónomas. Esta fonte, como xa indicamos anteriormente, recolle os proxectos nos que a participación estranxeira supera o 50% do capital social da sociedade participada. Xa que logo, quedan excluídos os investimentos estranxeiros minoritarios que non superan o 50% do capital social. Ademais, a citada fonte inclúe os proxectos verificados ou autorizados, xa que desde que se aproba o proxecto concédese un prazo para a execución do investimento. En moitos casos, comprobouse que numerosos proxectos de investimento autorizados nunca se levaron adiante.

As estatísticas elaboradas pola D.G.T.E. publícanse no Boletín Económico de Información Comercial Española, onde se recollen desde 1985 datos globais sobre o investimento estranxeiro rexionalizado debidamente por Comunidades Autónomas. Sen embargo, a D.G.T.E., ó abeiro do segredo estatístico e do feito de que se trata de información confidencial, non facilita información oficial sobre a identidade dos investidores estranxeiros, limitándose a facilitar exclusivamente o país de procedencia do investimento. De aí que tivesemos que recorrer a numerosas publicacións eventuais e especialmente a listados excepcionais que recollen as sociedades españolas con participación maioritaria de capital estranxeiro publicadas no Boletín Oficial do Estado (resolución da Dirección General de Transacciones Exteriores do 28 de febreiro de 1983), e os listados anuais sobre as cen sociedades que recibiron maiores investimentos estranxeiros. A información que facilita a D.G.T.E. compleméntase co censo de investimentos estranxeiros de 1977 e do de 1990, ámbolos dous con abundante información estatística pero ocultando a identidade das empresas e dos investidores estranxeiros. Ademais, a D.G.T.E. publica no B.O.E. sucesivas listas de sociedades españolas que teñen participación estranxeira maioritaria no seu capital, conforme ós datos que figuran no Rexistro de Investimentos Estranxeiros do Ministerio de Economía e Facenda.

2. ***Rexistro de Caixa do Banco de España***. Este Rexistro constitúe outra das fontes básicas a ter en conta para o estudio dos investimentos estranxeiros. A citada fonte reflicte as entradas e saídas de divisas no noso país. Sen embargo, non computan os investimentos e reinvestimentos realizados polas sociedades españolas que están participadas por investidores estranxeiros, xa que estas se realizan en pesetas ordinarias e non en divisas. Esta fonte foi moi valiosa para coñece-la relación de empresas galegas que moveron investimentos en dólares entre 1981 e 1987. A través dos dous e tres primeiros díxitos do N.I.F. puidemos averigua-la localización e mailo domicilio social das empresas galegas que efectuaron movementos de investimento estranxeiro nas súas distintas modalidades. Sen embargo, a citada relación non inclúe os investimentos estranxeiros realizados en empresas domiciliadas noutras Comunidades Autónomas.

3. ***Economía industrial***. Esta revista, especializada no sector industrial, publícase regularmente desde 1963. A súa utilización foinos básica para recoller información sobre os contratos de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía estranxeira realizados polas empresas galegas. En canto ás limitacións que esta fonte nos presenta, debemos ter en conta que ata a aparición da nova lexislación sobre transferencia de tecnoloxía en 1973, a Administración española non podía intervir nas importacións tecnolóxicas, ó non estaren obrigadas as empresas a obter autorización oficial dos contratos, motivo polo que resulta imposible saber con exactitude o número de contratos realizados polas empresas galegas entre 1960 e 1973.

A pesar destas limitacións, a citada fonte permítenos identifica-las empresas que adquiren e ceden tecnoloxía, o país de procedencia da mesma e mailo obxecto do contrato tecnolóxico. Ademais da riqueza informativa, de carácter tecnolóxico, esta publicación achega datos sobre os investimentos directos maioritarios autorizados polo Consello de Ministros que se rexistran entre 1965 e 1979 na industria española. Nesta fonte reflíctese a identidade do investidor na empresa española receptora do investimento.

4. ***Fomento da producción***. Esta revista especializada no eido empresarial publica anualmente un exhaustivo estudio no que se recollen datos concretos (emprego, ingresos e participación estranxeira no su capital), referentes a 25.000 empresas españolas con facturación superior ós 200 millóns de pesetas anuais.

5. ***Alimarket***. Esta é outra das publicacións periódicas que, xunto coa anterior, gozan dun enorme prestixio pola grande fiabilidade dos datos e información que regularmente publica sobre a industria alimentaria española. Especialmente coñecido é o seu *Informe Anual de Alimentación y Bebidas*, que contén unha abondosa e detallada información actualizada sobre as empresas máis importantes do sector alimenticio que funcionan na xeografía española. Esta fonte foinos de gran axuda para pescuda-lo capital estranxeiro e as empresas multinacionais que traballan na industria alimentaria galega.

6. ***Las 500 primeras empresas de Galicia***. Interesante serie analítica sobre as 500 primeiras empresas que traballan en Galicia, elaborada por José Luis Gómez e Juan Carlos Martínez, publicada diariamente en *La Voz de Galicia* entre o 1 de novembro de 1990 e o 19 de marzo de 1992. A citada serie dispón de información sobre algunhas empresas estranxeiras que desenvolven actividades na nosa Comunidade Autónoma.

7. ***Anuario Cetesa*** e ***Anuario Guía de Industriales y Profesionales de Galicia***. Ambas fontes son de gran axuda para coñecer datos específicos relacionados coas empresas que traballan en Galicia. A primeira, editada polo *Grupo Telefónica*, contén unha exhaustiva relación de abonados non particulares a nivel nacional clasificados por ramas de actividade e, dentro destas, por Comunidades Autónomas, provincias e localidades. A segunda fonte, editada por *Martecsa*, dispón de abundante información sectorial sobre as empresas que traballan en Galicia, facilitando datos parciais por delegacións.

8. ***Cámaras de Comercio estranxeiras en España***. Estas foron de gran axuda ó facilitarnos nalgúns casos a identificación daquelas empresas multinacionais que contan con filiais na nosa Comunidade Autónoma. Neste sentido, temos que agradece-la colaboración prestada pola Cámara de Comercio francesa en España, que nos facilitou unha abundante información sobre as empresas francesas que traballan na industria galega. En xeral, debemos sinalar que as 78 oficinas comerciais de países estranxeiros en España existentes en 1989 dispoñen de abundante información sobre as empresas que traballan en Galicia.

9. ***As Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia***. As nove Cámaras de Comercio existentes en Galicia (A Coruña, Ferrol,

Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Tui, Vigo e Vilagarcía de Arousa), son de gran utilidade para atopar datos sobre os establecementos comerciais, delegacións e sucursais de empresas participadas por investidores estranxeiros situadas na nosa Comunidade. Como sabemos, moitas empresas teñen o seu domicilio social fóra da rexión, polo que non figura nos Rexistros Mercantís de Galicia. Sen embargo, para abrir un establecemento na nosa Comunidade as empresas están obrigadas a solicita-la correspondente licencia de actividades económicas na Delegación de Facenda que corresponda. Posteriormente, a Administración de Facenda cede esa información ás respectivas Cámaras de Comercio. Algunhas teñen os datos informatizados, o que facilita enormemente a súa consulta.

10. ***Rexistros Mercantís***. O acceso directo á información contida nos catro Rexistros Mercantís existentes en Galicia serviunos para coñece-la identidade dalgúns investidores estranxeiros e o capital social dalgunhas empresas participadas, así como os cambios de titularidade producidos ó longo dos anos.


11. ***Dirección Xeral de Promoción e Incentivos Económicos***. Esta Dirección Xeral, dependente da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia dispón de abundante documentación sobre os recentes proxectos que se están levando adiante e nos que participan investidores estranxeiros. Os informes elaborados por este Organismo Autonómico son de gran utilidade para coñecer con detalle as medidas específicas que está botando a andar o Executivo Autonómico para favorece-los investimentos estranxeiros na nosa Comunidade.

12. ***Confederación de Empresarios de Galicia***. Aínda que esta Confederación só fornece información sobre as empresas que forman parte da organización, adoita sernos de gran utilidade para coñecer aspectos concretos que atinxen ás actividades que desenvolven as empresas. Desde mediados de 1991, a Confederación Empresarial Galega dispón dun cumprido banco de datos totalmente informatizado, ó que se pode acceder con gran facilidade.

13. ***Sociedad para el Desarrollo Industrial de Galicia (SODIGA)***. Esta sociedade, que ten como obxectivo promove-lo desenvolvemento industrial de Galicia participando no capital social das empresas, concedendo préstamos a medio e longo prazo e prestando asesoramento técnico, dispón de información abundante sobre as empresas en que participa. A información facilitada permítenos atopar datos sobre algunhas empresas estranxeiras que desenvolven actividades na industria galega.

Ademais de recorrer a cada unha das fontes que anteriormente se foron enumerando vímonos tamén obrigados a consulta-la documentación que atinxe ós Polos de Desenvolvemento e mais da *Gran Area de Expansión Industrial de Galicia*. Iso serviunos para recoller información sobre os proxectos industriais que levaron adiante empresas participadas por capital estranxeiro.

Do mesmo xeito, para identifica-las empresas industriais que están vencelladas ó capital estranxeiro foinos de gran axuda a consulta dos datos tirados de dous Inquéritos realizados polo Departamento de Estructura Económica da Universidade de Santiago. A primeira foi dirixida ás compañías que empregaban en Galicia máis de cen traballadores e a segunda ás empresas coñecidas con capital estranxeiro. Malia que o abano de preguntas era moi amplo, os cuestionarios foron escasamente cubertos. De aí que en moitas ocasións, e co fin de obter informacións básicas (emprego, facturación, identidade dos investidores estranxeiros, etc.) establecemos contacto directo coas propias empresas, ben a través do teléfono ben mediante entrevista con algún directivo das empresas estudiadas. Estes datos compleméntanse coa información que aparece adoito en diversas revistas e periódicos especializados (*Actualidad Económica*, *Expansión*, *Cinco Días*, *Gaceta de los Negocios*, *Fortune*, etc.), xunto coa que publica diariamente a prensa local e rexional.



PRIMEIRA PARTE

# CAPITAL ESTRANXEIRO E EMPRESAS MULTINACIONAIS: MARCO TEÓRICO

# CAPÍTULO I. **O CAPITAL ESTRANXEIRO**

Dado que o obxectivo básico desta investigación consiste en analiza-la entrada de capital estranxeiro na Comunidade Autónoma Galega resulta imprescindible distinguir cada un dos elementos que o integran. Para iso, e cara ós efectos prácticos do noso traballo, neste capítulo imos delimita-lo concepto de capital estranxeiro descifrando cada unha das vías a través das cales se fai efectiva a súa presencia en Galicia. Todo iso dentro dun marco teórico que nos sirva de referencia para a mellor comprensión do campo que nos ocupa. Un campo cada vez máis unitario marcado pola internacionalización da economía que cada vez adquire unha maior importancia e dimensión debido ó forte incremento dos fluxos de capital estranxeiro.

## 1. CONCEPTO

O capital constitúe sen lugar a dúbidas un dos conceptos máis amplamente debatidos na literatura económica contemporánea. As teorías de Adam Smith nun comezo e máis tarde as achegas teóricas de Carlos Marx sobre o capital contribuíron notablemente a iso. Centrándonos no seu significado estrictamente económico, o capital, desde un punto de vista xeral, aparece definido como o conxunto dos bens de producción: diñeiro, maquinaria, etc; economicamente intégrano tódolos bens materiais que interveñen na producción de mercadorías. O capital entendido así constitúe un dos tres factores que interveñen tradicionalmente no sistema productivo, xunto coa terra, o traballo e tamén a empresa como ben sinalan outros autores (Claval, P. 1980, p.25).

Sen entrar na análise detallada de cada unha das modalidades ou formas en que pode presentarse o capital (Tamames, R. 1988, p.46), interésanos delimita-lo concepto xeral de capital estranxeiro e precisar, ademais, o concepto legal que se pode tirar da normativa española vixente. Deste xeito distinguiremos:

a) Concepto xeral. Con frecuencia téndese a identifica-los termos *investimento* e *capital* estranxeiro como equivalentes ou indistintos. Isto constitúe en si mesmo un grande erro de perspectiva posto que, como sinala A. Martínez González Tablas na súa obra *Capitalismo extranjero en España*, "el capital extranjero englobará todas las variantes bajo las que se desenvuelve fuera de las fronteras de su estado de origen un determinado capital, incluyendo préstamo y propiedad, privado y público, corto y largo plazo...", mentres que o investimento estranxeiro constitúe en realidade unha modalidade concreta e parcial do mesmo, que fai referencia ó capital investido con carácter privado a longo prazo, quedando xa que logo excluídas da mesma "las operaciones de corto plazo y las de carácter público" (Martínez González Tablas, A. 1979, p.25).

Deste xeito, o capital estranxeiro supón unha maior amplitude e complexidade có investimento foráneo, desempeñando un destacado papel na economía mundial ó servir de instrumento para realiza-las tarefas do capital financeiro a nivel internacional.

b) Concepto legal. Coa vista nos fins que se persguen nesta investigación, interésanos concreta-lo concepto legal e máis especificamente de que xeito se materializa a entrada de capital estranxeiro no noso país. De acordo co art. 2 do Real Decreto Lexislativo 1265/1986 do 28 de xuño sobre investimentos estranxeiros en España, teñen consideración de capitais exteriores os seguintes:

1. A contribución monetaria exterior.
2. A contribución directa a unha empresa de equipo de capital de orixe estranxeira (maquinaria, plantas, etc.)
3. A contribución directa a unha empresa de asistencia técnica, patentes e licencias de fabricación estranxeira.
4. A utilización de calquera outro medio previa autorización administrativa.

Do mesmo xeito, e segundo establece o artigo 1 do citado Real Decreto, considérase como capital exterior a utilización ou achega de capitais interiores procedentes de sociedades españolas ou a adquisición de accións ou participacións das mesmas. Así mesmo, non deixan de ter tal consideración as contribucións monetarias achegadas por españois non residentes en España.

## 2. VÍAS DE PENETRACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO

As modalidades de penetración do capital estranxeiro comunmente aceptadas poden clasificarse basicamente en dous grandes grupos, diferenciados tanto pola súa natureza, como polas súas consecuencias:

a) A través da transferencia de tecnoloxía estranxeira que se leva adiante mediante contratos.

b) Mediante o investimento estranxeiro. É dicir, mediante a entrada de capital foráneo a título de préstamo (investimento en crédito) ou en réxime de propiedade (investimentos directos, investimentos en carteira e investimentos en inmobles).

Esta diferenciación non impide, sen embargo, a posible existencia dunha combinación de ámbolos dous grupos ou modalidades (transferencias tecnolóxicas e investimento estranxeiro) á hora de levarse adiante na práctica a entrada de tales capitais, tal e como de feito apunta Pedrosa Sanz no seu estudio sobre o capital estranxeiro na industria de Castela e León (Pedrosa Sanz, R. 1983, pp.22-27). Esta situación dáse claramente en Galicia como veremos máis adiante.

### 2.1. A transferencia de tecnoloxía

A realización de contratos de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía estranxeira converteuse nun dos mecanismos principais a través dos que entra capital estranxeiro nas empresas. En efecto, mediante o establecemento dun contrato legal entre comprador e vendedor as empresas adquiren tecnoloxía, así como o obxecto da transacción. Os coñecementos obxecto de transacción, na opinión de Sánchez Muñoz, adoptan dúas formas:

a) Coñecementos patentados. Trátase de coñecementos públicos na medida en que calquera persoa pode saber que existen; pero a súa utilización, men-

tres conserve o dereito exclusivo da patente, comporta un pagamento de divisas ó seu propietario a cambio da utilización dos mesmos (Sánchez Muñoz, P. 1984, p.27).

b) Coñecementos non patentados. Son coñecidos pola expresión anglosaxona *know-how*. Neste grupo inclúense coñecementos polo xeral secretos que poden estar materializados en elementos tanxibles, tales como un plano ou deseño, ou en intanxibles, sendo o seu principal soporte as persoas. En todo caso, a transferencia de tecnoloxía pode efectuarse por si soa ou ir acompañada dunha asistencia técnica que achega o propietario, co fin de axudar á correcta interpretación e aplicación da información vendida. O normal é que a asistencia técnica se produza en maior grao canto menor é o desenvolvemento dun país. Se este é elevado, dispón dos seus propios técnicos e persoal especializado e non precisa recorrer ó asesoramento estranxeiro para a súa explotación. O norteamericano Contractor, no seu estudio "The composition of licensing fees and arrangements, as a function of economic development of tecnology recipient nations" demostra que a proporción de asistencia técnica dun volume de transferencia tecnolóxica diminúe a medida que aumenta o grao de desenvolvemento do receptor (Contractor, M. 1980, pp.47-62).

Dadas as dificultades que existen na práctica para diferencia-la transferencia do intercambio, cando utilicemos nesta investigación a expresión transferencia de tecnoloxía estaremos referíndonos a algo máis amplo e máis próximo ó concepto de intercambio tecnolóxico. Xa que logo, as operacións de transferencia de tecnoloxía, desde unha perspectiva xeral, inclúen:

1. Acordos de atribución de venda e de concesión de licencias sobre tódalas formas de propiedade industrial. Entre elas salientarémo-las patentes, os certificados de invento, os modelos de utilidade, os debuxos industriais, as marcas comerciais, as marcas de servicio e os nomes comerciais (Weiler, A. 1980).
2. Acordos que atinxen ó subministro de coñecementos técnicos ou científicos, a xeito de estudios de viabilidade, planos gráficos, modelos, instrucións, manuais, contratos de servicio, pregos de condicións e, en xeral, todos aqueles que supoñen a prestación de servicios dun persoal técnico, consulting, dirección, formación de persoal, xunto co subministro de material de formación.
3. Acordos referentes ó subministro de planos técnicos básicos detallados, e á instalación e funcionamento de fábricas e material.
4. Compra, aluguer e tódalas demais formas de adquisición de maquinaria.
5. Acordos de cooperación industrial e técnica de todo tipo. Subministro de xestión e comercialización (Reiffers, J.L.; Cartapanis, A.; Experton, W. e Fuget, J.L. 1982, pp.269-270).

As distintas formas que na práctica adopta a transferencia de tecnoloxía poden agruparse en dúas grandes modalidades:

a) Operacións puntuais. Agrupan todo tipo de operacións relacionadas coa venda de productos ou de compoñentes tecnolóxicos (licencias, patentes, asistencia técnica, etc.).

b) Operacións permanentes. Inclúen as operacións que se refiren ó mantemento de instalacións, provisión de productos intermedios, compra dunha parte da producción e o mantemento da asistencia técnica nos puntos críticos (Weil, A. 1980).

### *2.1.1. Antecedentes*

As empresas, tanto grandes coma pequenas, así como os países, en especial os máis atrasados, ó careceren de equipos de investigación propia, vense obrigados por necesidade, a menos que pretendan hipoteca-lo seu futuro, a importar tecnoloxía e asistencia técnica do exterior, como medida máis rápida para corrixi-los seus déficits tecnolóxicos.

Esta dependencia dos coñecementos científicos foráneos non é recente; de feito, segundo Domergue, producíanse transferencias de habilidades e *know-how* nos contactos entre babilonios e o Imperio Exipcio, entre a antiga China e os seus dominios, e entre os países precolombinos. Así, un dos primeiros textos que fan referencia a iso é unha inscrición en Susa (Mesopotamia), onde o rei persa Darío I (do 517 ó 485 a.C.) relaciona os numerosos artistas e especialistas estranxeiros gracias á habilidade dos cales foi posible a construcción do seu palacio.

Durante a Idade Media, aínda que con moita máis intensidade no Renacemento, o importante comercio de manufacturas estaba fomentando o intercambio de coñecementos entre os distintos pobos e países. Así mesmo, as estreitas relacións que se establecían entre as universidades europeas deron lugar a importantes transferencias de coñecementos técnicos. Neste contexto, hai que subliñar que as reformas de modernización, de acordo cos modelos occidentais, impulsados en Rusia polo Zar Pedro o Grande e os

desexos de converte-lo seu país nunha grande potencia naval propiciaron a entrada de técncas e asesores foráneos diversos. Deste xeito, o Imperio Ruso constitúe o primeiro exemplo de país que recaba a experiencia e coñecemento doutros estranxeiros. Numerosos expertos de diferentes países europeos foron chamados para asesorar na construcción de barcos, na organización das Forzas Armadas e na educación e planificación de cidades como San Petesburgo (Domergue, M. 1968, pp. 1-5).

O intercambio de coñecementos xeneralizouse ó longo do século XIX, pero foi no XX cando a transferencia de tecnoloxía se converteu nun fenómeno cunha dimensión moi importante a escala internacional. Aínda que o termo de transferencia de tecnoloxía é evidentemente moderno, un dos conceptos intimamente relacionados con el é o de asistencia técnica, que parece usarse por primeira vez e de xeito oficial -segundo Domergue- na ONU en 1948. Sen embargo, como vimos o fenómeno é moi antigo, aínda que en realidade carecía de denominación específica.

### *2.1.2. Concepto funcional*

Aínda que a nós só nos interesa o fenómeno da transferencia de tecnoloxía no seu setido máis amplo, na medida en que indica un fluxo de tecnoloxía dun país a outro, debemos establecer unha diferenciación entre transferencia e intercambio. En realidade, hai que distinguir entre comprar un producto ou unha información técnica e a transferencia do coñecemento que permite reproducir ese producto ou utilizar esa información. Segundo isto, poderemos dicir que exite intercambio tecnolóxico cando se adquire un producto sofisticado que ten incorporada unha elevada tecnoloxía ou cando se adquire o dereito a utilizar unha marca comercial. Pero en ningún caso haberá auténtica transferencia se non se produce unha transmisión de coñecementos. Por iso, para que se produza unha verdadeira transferencia de tecnoloxía débense cumprir varias condicións:

1. Realización dun intercambio tecnolóxico.
2. Transmisión de coñecementos.
3. Que o receptor da tecnoloxía estea en condicións de aplica-los coñecementos que lle foron subministrados.

A efectos prácticos, seguindo a Gomant e Mellado, se un grupo E (emisor) posúe dominio de tecnoloxía e un grupo R (receptor) non posúe ese dominio, considérase que hai verdadeira transferencia de tecnoloxía cando, como consecuencia dos esforzos conxugados de ámbolos dous grupos, R acada a capacidade de asumir efectivamente e con resultados satisfactorios tódalas funcións esixidas para a correcta utilización de tal tecnoloxía, o que lle permite a R unha verdadeira autonomía unha vez rematada a transferencia (Bries Gomant, S. e Payares Mellado, S. 1978, p.95).

A noción de transferencia é moito máis precisa e concreta, mentres que no intercambio tecnolóxico, necesario pero non suficiente para que exista transferencia, é un concepto moito máis amplo. Apoiándose na idea de que a verdadeira transferencia de tecnoloxía implica transmisión de coñecementos, D. Carrière defínea como "transferencia de técnicas, métodos e medios, é dicir, das propias técnicas saber facer, saber ser e saber administrar e de todo o seu contorno material –maquinaria, ferramenta, materias primas e inmaterial, información, formación e decisión" (Carrière, D. 1979, pp.29-30). Na mesma liña, a O.C.D.E., retomando as ideas de Brooks, contémplaa como o proceso gracias ó cal a Ciencia e maila tecnoloxía son difundidas a través da actividade humana (O.C.D.E., 1981, p.18).

### *2.1.3. Tipos de transferencias de tecnoloxía*

Segundo os criterios elaborados pola UNCTAD existen tres modalidades diferentes de tecnoloxía:

a) Transaccións directas simples. Este tipo de transacción, polo xeral, prodúcese cando o comprador da tecnoloxía ten os coñecementos técnicos necesarios para monta-las instalacións que se compran. Cando isto acontece establécese un acordo directo cos provedores das máquinas e as oficinas de concepción tecnolóxica. A vantaxe deste tipo de transacción baséase en que o comprador pode controla-lo procedemento, axustándoo ás necesidades concretas que precisa, e limitándose os provedores a comercializar unicamente compoñentes industriais.

b) Transaccións de procedementos integrados. A orixe desta transacción está vencellada á escasez de coñecementos técnicos do receptor, que necesita adoito os servicios dunha empresa para que lle axude a monta-las instalacións que compra, desde a cadea de producción ata a fábrica xa instalada, comercializándose uns sistemas e non uns compoñentes (material por separado). Esta modalidade é moi frecuente nos países en vías de desenvolvemento, nos que escasean os coñecementos técnicos necesarios para que se produzan as transaccións directas simples. Sen embargo, ten o incon-

veniente de reduci-las posibilidades de utilización da tecnoloxía nativa, alomenos cando esta existe.

c) Transacción de proxectos integrados ou transferencia contractual de tecnoloxía. Esta modalidade de transferencia de tecnoloxía ten a súa orixe nunhas negociacións que se establecen entre o comprador e mailo vendedor mediante un verdadeiro regateo. O prezo e demais características da transacción son acordados entre ámbalas dúas partes. O normal e máis frecuente é que prevalezan os intereses do vendedor, xa que son poucos os provedores que poden ou queren fornece-las vantaxes que adoita desexa-lo comprador. Para que se produza unha transacción de proxecto integrado cómpre que os procedementos técnicos, a concepción tecnolóxica e a construcción se subministren en bloque cunha asistencia técnica. Este tipo de transferencia é o principal medio utilizado para adquirir unha tecnoloxía industrial. Así o salienta un estudio relativo a 90 empresas do grupo Andino, no que o 54% das empresas recorren a esta modalidade (Reiffers, J.L. 1982, pp.267-271).

### *2.1.4. A complementariedade entre I+D e transferencia de tecnoloxía*

Para que a transferencia de tecnoloxía teña unha verdadeira utilidade débense cumprir dúas condicións básicas:

1. Potencia-la capacidade da empresa receptora para comezar un proceso de I+D, que lle permita, como mínimo, desenvolver unha investigación propia para asimilar e identificar correctamente a tecnoloxía que recibe do exterior. A capacidade de aumentar e de asimila-los coñecementos técnicos que lle son transferidos depende por unha banda da correcta transmisión da información (notas explicativas, que permiten a explicación da tecnoloxía), e por outra do nivel técnico da empresa receptora. Trátase, en última instancia, de comprobar se o nivel técnico da empresa é o axeitado para interpretar correctamente a información que se transmite e poñela en práctica. Na medida en que non se dan estes requisitos, a asistencia técnica tende a incrementarse gradualmente.

Xa que logo, a Investigación e o Desenvolvemento convértense en condición *sine qua non* para a utilidade da transferencia de tecnoloxía, xa que sen investigación propia só haberá transferencia de tecnoloxía nun grao moi elemental e reducido, polo que a compañía ou o país serán eternamente dependentes do exterior, mentres non desenvolva investigación propia. Por outra banda, este tipo de investigación endóxena facilítalle os coñecementos necesarios para coñecer e asimilar axeitadamente a tecnoloxía que se transfire, ademais de permitirlle mesmo identificar se o que recibe do exterior está obsoleto ou é inadecuado.

En resumo, se a empresa dispón a priori dun nivel de coñecementos suficientes está en mellores condicións para saber se o que recibe é un conxunto completo de información ou se, pola contra, o que cede está omitindo unha parte importante da mesma para obrigalo a reclamar axuda adicional. Ademais, debemos recoñecer que estaría en condicións de acceder a unha tecnoloxía de carácter máis vangardista.

2. Combina-la adquisición de tecnoloxía estranxeira cun proceso de investigación interno que o conduza a asimilar e axeita-las técnicas foráneas ás súas posibilidades e necesidades. Se non xera investigación interna, a empresa ou o país de que se trate corren o risco de permaneceren dependentes, e de afastarse substancialmente do nivel tecnolóxico dos países punteiros en investigación.

Con todo o anterior ponse de manifesto, unha vez máis, a existencia dunha estreita complementariedade entre os procesos de I+D e transferencia de tecnoloxía, quedando clara a ineficacia do segundo en ausencia do primeiro, ó comprobar como a eficacia da transferencia de tecnoloxía é proporcional ó nivel de coñecementos do país que a recibe, e tendo en conta que as técnicas, procedementos e, en xeral, aqueles aumentan combinando equilibradamente a adquisición exterior de tecnoloxía coa investigación interna. Se esta non existe, a empresa non reúne nin está en condicións de asimilar e rendibilizar racionalmente a tecnoloxía estranxeira transferida mediante un suposto contrato.

A adopción dunha tecnoloxía nova implica a asimilación dun conxunto de informacións. Pero unha tecnoloxía supón un cambio nun proceso productivo que, en tanto que proceso de traballo, signifique a integración no mesmo dunha nova forma de producción; unha aprendizaxe é, por tanto, inherente á adopción dunha nova tecnoloxía.

A miúdo non se ten abondo en conta a especificidade do *saber obreiro*. Moitos retrasos, erros na posta ne marcha de novas unidades productivas, accidentes e deterioros imprevistos, etc. son o reultado de non prestar atención suficiente no proceso de transferencia á relación do traballador coa

nova tecnoloxía e as dificultades de adaptación que puidesen xurdir. A transferencia de tecnoloxía, en tanto que transferencia dun conxunto de actividades e non exclusiva comunicación dunhas informacións, supón para os obreiros experimentados no uso desa tecnoloxía que a súa experiencia teña que formar parte necesariamente do proceso de transferencia. Este saber técnico dos traballadores supón unha complicación no deseño da operación de transferencia. Neste sentido, Perrin sinala que "en moitas operacións de transferencia de tecnoloxía soamente se transfiren os saberes teóricos dos enxeñeiros, as consignas establecidas polas oficinas de métodos, mentres que o *know-how* dos traballadores é despreciado ou descoñecido" (Perrin, J. 1983, p.97).

Entre a descrición do traballo concebido nun documento de enxeñería e a súa posta en marcha polo traballador existen con frecuencia grandes diferencias que poden poñer en perigo o éxito da transferencia no seu conxunto. Na transferencia dos saberes operativos ou técnicos hai que ter en conta tamén a realidade do receptor. A dificultade de comprensión, de aprendizaxe das técnicas importadas, obedece a miúdo non á ausencia dun saber técnico por parte do receptor, senón á existencia pola súa parte de hábitos adquiridos, vencellados ó uso de técnicas diferentes que non se tiveron en conta convenientemente no proceso de transferencia (diferencia nos códigos e esquemas de traballo, que deben ser substituídos por outros novos, vencellados á nova tecnoloxía).

Por tanto, a tecnoloxía non é algo que se poida individualizar nun compoñente, máquina ou sistema illado. En opinión de Rosenberg, un dos máis prestixiosos especialistas sobre o tema, "as tecnoloxías funcionan dentro de sociedades nas que a súa utilidade dependerá das capacidades xerenciais, das estructuras organizativas e do funcionamento do sistema de incentivos. Ademais, por suposto gran parte do *play off* da transferencia de tecnoloxía dependerá da compatibilidade dos seus requisitos en proporción de factores con aqueles que existen no país ou nas súas proximidades (...); o éxito da transferencia de tecnoloxía non é un asunto de transportar unha peza de *hardware* dun espacio xeográfico a outro. A miúdo inclúe aspectos máis sutís de selección e discriminación e unha capacidade para adaptar e modificar antes de que a tecnoloxía poida funcionar efectivamente no novo contexto socioeconómico (...); o éxito da transferencia de tecnoloxía depende en gran parte das específicas circunstancias internas no país receptor" (Rosenberg, N. 1982, pp.248-49).



A existencia dunha rede industrial, dun tecido industrial, é de vital importancia para integra-la nova técnica nun contexto de progreso tecnolóxico. As interdependencias entre empresas xeran efectos externos en tódolos ámbitos de dito progreso: estimulan e facilitan a innovación técnica, a adopción de novas tecnoloxías, a aprendizaxe e dominio das mesmas. Sen dúbida, a ausencia de segmentos importantes no tecido industrial dos países dependentes de tecnoloxía importada é un grave handicap que dificulta a capacidade de asimilación. Esta verase diminuída por causa das carencias na formación do persoal autóctono, falta de experiencia e adaptabilidade, calificacións sesgadas e na maioría dos casos incompletas, etc. Son, por tanto, non soamente as habilidades individuais, senón tamén a capacidade de traballo do conxunto, a experiencia e saber colectivos, os que estarán limitados e consecuentemente dificultarán o proceso de transferencia.

Feitas estas referencias xerais, tres son as opcións que ten unha empresa ou un país se desexa mellora-lo seu nivel tecnolóxico:

a) Realizar investigación propia.

b) Adquirir tecnoloxía a terceiros.

c) Combinar ámbalas dúas opcións.

No primeiro caso teñen que contar cunha infraestructura industrial, humana e financeira mínima que sexa capaz de posibilitar e financia-la investigación. Necesariamente, terán que destinar recursos á mesma asumindo, ó tratarse dun cambio lento e arriscado, o retraso da posta en práctica dos resultados, no caso de que os houbese, pero mantendo a súa independencia futura, ademais de poder obter unha remuneración mediante a venda da tecnoloxía desenvolvida por eles mesmos.

A segunda opción é moito máis rápida e menos incerta. A empresa ten que pagar un prezo pola tecnoloxía importada e aceptar unha serie de condicións impostas polo vendedor, pero pode iniciar inmediatamente a producción. Cando unha empresa decide adquiri-la tecnoloxía a terceiros pode á súa vez optar por dirixirse a empresas nacionais ou estranxeiras. Aínda que neste traballo só nos interesa estudia-las relacións do capital tecnolóxico que se establecen co exterior, é oportuno sinalar que cando as empresas compran tecnoloxía no interior do seu propio país poden producirse temén vínculos de dependencia con outros países. Isto sucede especialmente se a entidade nacional que fornece a tecnoloxía está dominada polo capital estranxeiro ou é filial dunha firma multinacional, caso no que adoita actuar como inter-

mediario no subministro de tecnoloxía. Se se adquire no exterior terá que seleccionar aquela tecnoloxía que máis lle interese, e para iso cómpre que coñeza as dispoñibilidades existentes a nivel mundial co fin de cubrir mellor as súas necesidades tecnolóxicas.

A terceira vía consiste, obviamente, en combina-las dúas anteriores. Trátase, en definitiva, de investigar e adquirir tecnoloxía a terceiros simultaneamente. Aínda que existen casos en que a tecnoloxía importada substitúe os esforzos de I+D anteriores, tamén hai outros en que actúa como auténtico catalizador aumentando e rendibilizando considerablemente a actividade de Investigación e Desenvolvemento. Xapón constitúe un dos exemplos máis representativos ó respecto. Co fin de reforzar a longo prazo a súa capacidade tecnolóxica, o goberno nipón adoptou varias medidas: aplicación de técnicas occientais avanzadas, fomento da adaptación da tecnoloxía importada, desenvolvemento de novas innovacións e formación de man de obra especializada, capaz de asimilar e rendibilizar correctamente a tecnoloxía importada. Esta asimilación resultou posible gracias a un sistema de educación e a un labor de constante investigación planificada con antelación (Oshima, K. 1972, pp.59-64).

A combinación de ámbalas dúas opcións, é dicir, o desenvolvemento de investigación propia e a compra de tecnoloxía estranxeira constitúe, por tanto, o camiño máis acertado para garantir un desenvolvemento tecnolóxico e industrial o máis estable posible. Neste sentido Blumenthal, nun estudio realizado para unha serie de países (Australia, Francia, Xapón, Suecia e Alemaña) observou que existe unha relación directa de complementariedade entre ámbolos dous medios de obtención de tecnoloxía (Sánchez Muñoz, P. 1984, p.31).

### *2.1.5. Volume dos intercambios tecnolóxicos no mundo*

O fenómeno da transferencia de tecnoloxía, unha das principais vías de mobilidade do capital estranxeiro, converteuse a comezos da década dos anos setenta en motivo esencial de atención, tanto para os países en vías de desenvolvemento coma para as nacións industrializadas. A necesidade de tecnoloxía como factor básico para o avance dos pobos fomenta este tipo de intercambios entre países productores e consumidores, ou ben entre países xeradores e dependentes.

O maior número de intercambios tecnolóxicos prodúcese entre países avanzados. Así, segundo os datos que aparecen no cadro 1, os países industrializados xeraron internamente entre eles mesmos uns intercambios tecnolóxicos que se estimaron en 9.000 millóns de dólares no ano 1985. Mentres que para ese mesmo ano o valor das transferencias tecnolóxicas entre os países industrializados nos que están en vías de desenvolvemento acadou a cifra de 6.000 millóns de dólares, o que representa o 40% do total mundial.

C.1. **VALOR DOS INTERCAMBIOS TECNOLÓXICOS NO MUNDO**
(en millóns de dólares)

| | 1980 | % | 1985 | % |
|---|---|---|---|---|
| Intercambios entre países desenvolvidos e países subdesenvolvidos | 2.750 | 35,5 | 6.000 | 40 |
| Intercambio entre países desenvolvidos | 5.000 | 64,5 | 9.000 | 60 |
| TOTAL | 7.750 | 100 | 15.000 | 100 |

Fonte: Pombo, F. (1983): "La transferencia internacional de tecnología: una perspectiva española. En: Economía Industrial. Nº 355. Elaboración propia.

Por tanto, a maior parte dos intercambios prodúcense entre os países desenvolvidos, que acaparan o 60% do valor total mundial. Neste sentido, segundo Huguel, a C.E.E. foi, na década 70-79, o primeiro exportador mundial de productos con forte contido tecnolóxico. Pois ben, o 51% das súas exportacións tiveron como destino os países da O.C.D.E. (Huguel, C. 1981, pp.923-947).

Dentro do conxunto das correntes tecnolóxicas mundiais hai que diferenciar, sobre todo, os intercambios tecnolóxicos que se producen entre o Leste e o Oeste, e os existentes entre o Norte e o Sur:

**a) Intercambios tecnolóxicos entre o Leste e o Oeste.** Os intercambios tecnolóxicos realizados entre estes dous conxuntos de países comezan na segunda metade dos anos cincuenta e intensifícanse a finais dos sesenta e principios dos setenta. A diminución da productividade do traballo e os problemas inherentes á innovación provocaron un aumento da importación de tecnoloxía occidental; ata tal punto que o décimo plano económico da antiga Unión Soviética (1976-1980) recoñecía a necesidade de eleva-la taxa de producción tecnolóxica (L'Observateur O.C.D.E. 1979, pp.27-28).

Os fluxos de tecnoloxía que se realizan sobre todo no sentido Oeste-Leste concretáronse durante os últimos corenta anos en: intercambios de produc-

tos de forte contido tecnolóxico, contratos de cooperación industrial e acordos científicos e técnicos.

Mediante os contratos de cooperación industrial creáronse empresas mixtas. Esta cooperación permitiu ós países socialistas acceder ás realizacións científicas, técnicas e de xestión dos países occidentais. Para os occidentais constitúe unha das vías de entrada ós protexidos mercados dos países socialistas.

Hai que subliñar que as políticas de transferencia de tecnoloxía entre estes países basculou entre o fomento e a restricción, dependendo en gran medida do clima político reinante. A raíz da invasión rusa de Afganistán, os Estados Unidos deciden controla-las súas exportacións de alta tecnoloxía á antiga Unión Soviética, presionando ós seus aliados europeos para que fixesen o mesmo, sobre todo no campo das computadoras e dos semiconductores. Mediante a "The export Administration Act" esíxese licencia de exportación para determinados bens, que concede o Ministerio de Comercio e revisa o de Defensa, encargándose a vixiancia ó *Coordinations Comitte on Export Controls* (Bussines Week, 1981, pp. 128-131). Sen embargo, a posición a favor dos controles non era absolutamente unánime, sendo numerosas as voces que denunciaron a súa ineficacia e os seus graves inconvenientes. Así, en opinión dos expertos, se a U.R.S.S. non podía comprar computadoras incrementaría os seus esforzos para desenvolve-la súa propia industria tecnolóxica, evitando con iso a dependencia tecnolóxica exterior.

Segundo a O.C.D.E., os acordos ou transaccións de carácter tecnolóxico que se produciron entre o Leste e o Oeste son basicamente de tres tipos:

1. Acordos *Barter*. No contrato especificábanse os bens do Leste que se adquirían. Non se produce ningún fluxo monetario e ten unha duración de dous anos.
2. Transaccións *Counter Purchase*. Mediante este acordo o Oeste vendía e aínda vende tecnoloxía, plantas ou equipo e accede a comprar bens do Leste por unha porcentaxe do valor do contrato. Existen dous contratos separados na transacción: un para a venda dos productos do Oeste e outro para a compra dos do Leste.
3. Acordos de compensación. Van ligados dous contratos: un para a venda de tecnoloxía do Oeste e o recíproco de compra de bens do Leste. Normalmente os productos que o Oeste compra derívanse da tecnoloxía, plantas ou equipos industriais subministrados.



A pesar das restriccións, o volume de acordos tecnolóxicos foi medrando considerablemente ó longo dos anos setenta e oitenta, liberalizándose actualmente na práctica totalidade dos países do Leste, especialmente coa caída do bloque comunista europeo. O cambio político experimentado en Rusia coa *Perestroika* impulsou de forma decidida este tipo de contratos tecnolóxicos.

Como vemos, durante os últimos corenta anos en xeral a débeda tecnolóxica contraída polos países do Leste sáldase habitualmente toda ou parte co pagamento de productos en especie, manténdose con frecuencia o troco como forma habitual de pagamento. A terminoloxía inglesa denomina este procedemento *counter trade* ou *buy back* (L'Observateur de la OCDE 1979, pp.27-28).

**b) Intercambios tecnolóxicos entre o Norte e o Sur.** De acordo coas fontes da ONUDI, en 1965 contabilizáronse arredor de 250 millóns de dólares americanos de valor das transferencias tecnolóxicas entre países industrializados e subdesenvolvidos. Dez anos máis tarde, a cifra medrou ata os 1500 millóns de dólares. Estímase en máis de 3.000 millóns a cifra correspondente a 1981, e en máis de 6.000 a de 1985.

Entre 1965 e 1970 os Estados Unidos recibiron máis do 80% dos ingresos netos procedentes do conxunto de países da OCDE por intercambios tecnolóxicos. Esta porcentaxe baixou ó 45% en 1976, en beneficio de Alemaña, Xapón, Francia e Reino Unido (Madeuf, B. 1981, p.87). Estes cinco países controlan entre o 70 e o 80% das exportacións de tecnoloxía industrial que se rexistran no mundo. No que se refire a pagamentos por transferencias de informacións tecnolóxicas (pagamentos por licencias, *know-how* e os servicios técnicos a elas vencelladas), os ingresos destes cinco países foron aumentando nun 5% anual durante o período 1970-1980 (ver cadro 2).

O relativo declive dos Estados Unidos non elimina, sen embargo, a súa hexemonía na circulación internacional de tecnoloxía. Esta vese fortalecida ó se-los Estados Unidos o principal provedor de tecnoloxía dos países desenvolvidos: os países europeos pagan preto dun 50% dos seus gastos en importación de tecnoloxía ós Estados Unidos, sen ter en conta os pagamentos que vía Suíza chegan ó citado país norteamericano. Mentres o caso de Francia representa o trece por cento, Xapón, pola súa banda, enviou ós Estados Unidos o 69% dos seus pagamentos por tecnoloxía (Madeuf, B.

C.2. **EXPORTACIÓN DE INFORMACIÓNS TECNOLÓXICAS DOS PAÍSES DA O.C.D.E. CARA ÓS PAÍSES SUBDESENVOLVIDOS E CARA ÓS NOVOS PAÍSES INDUSTRIALIZADOS**
(en millóns de dólares de 1975)

| | 1972 | 1980 | Taxa de crecemento en valores constantes |
|---|---|---|---|
| Estados Unidos | 607 | 1.005,0 | 39,6 |
| Xapón | 87,7 | 242,3 | 63,4 |
| Francia | 77,3 | 153,4 | 49,6 |
| Gran Bretaña | 42,5 | 59,5 | 26,6 |
| Rep. Federal Alemaña | 65 | 42,3 | 55,8 |
| Italia | 12,6 | 28,9 | 56,4 |

Fonte: Perrin, J. 1983, P. 41.

1981, p.88). Isto significa, por tanto, que os países subdesenvolvidos se encontran fronte a un mercado internacional de tecnoloxía oligopolizado por un número moi reducido de países, e cun deles, os Estados Unidos, que ten unha clara posición hexemónica. Nestas circunstancias, a diversificación dos provedores de tecnoloxía ten un custo que podemos supoñer moi elevado, sobre todo cando se trata de acudir a países que se encontran fóra dos principais exportadores de tecnoloxía, que coinciden cos países máis industrializados. As posibilidades de especifica-las características da tecnoloxía máis axeitada, o parecido da mesma e as condicións en que se debe levar adiante a transferencia vense limitadas para un país subdesenvolvido, que se encontra nunha posición subordinada ó "mercado tecnolóxico". Sen embargo, a perda da posición monopolista disfrutada durante os anos da expansión de postguerra por parte dos Estados Unidos si que permite unha certa marxe de manobra ós países subdesenvolvidos, tendo a posibilidade de adquirir tecnoloxía en mellores condicións económicas adaptadas ós seus escasos presupostos. A xeito de resumo, como aspectos máis salientables cabe sinala-los seguintes feitos:

1. A CEE é o primeiro exportador de tecnoloxía ó Terceiro Mundo.
2. O 50% das exportacións xaponesas van a países en vías de desenvolvemento, sobre todo a Taiwán, Corea do Sur e Singapur.
3. A venda de tecnoloxía a través de licencias, *know-how* e asistencia técnica experimentou tamén un rápido progreso. O 80% das vendas realízanse a firmas estranxeiras radicadas en países terceiromundistas (Huguel, C. 1981, p. 928). Existe unha certa discrepancia entre unhas e outras fontes no que atinxe á maior ou menor aceleración de ámbalas vías de transferencia. Así, no traballo de Huguel afírmase que a venda de licencias e *know-how* prospera a ritmo máis rápido cá de productos manufacturados. Tamén segundo esta autora, estes últimos representaban a comezos dos oitenta o 75% da difusión tecnolóxica do mundo, o investimento directo o 20% e as patentes e licencias o 5%. Pola contra, a OCDE calcula que as exportacións de bens de capital e equipos medraron a un ritmo do dez por cento e aqueles a un ritmo máis lento, non superior ó catro por cento (L'Observateur de la OCDE 1981, pp.3-7).
4. Os países do terceiro mundo teñen grandes dificultades para asimilar correctamente a tecnoloxía recibida (Arriola, J. 1988, pp.171-186). Na maioría dos casos trátase de tecnoloxía que non se adapta ás necesidades do país que a importa. Noutros casos, a adquisición de tecnoloxía estranxeira non ten repercusións favorables para o país, ó non ir acompañada dun nivel de investigación interno que permita a asimilación e aceptación das técnicas adquiridas.
5. A transferencia de tecnoloxía a estes países está marcada pola falta de operatividade dos códigos de conducta e pola existencia de normas internacionais estables que regulen a venda e compra de tecnoloxía. A ONU, a través dos seus propios organismos, tomou conciencia da importancia da transferencia de tecnoloxía, impulsando o seu estudio e desenvolvemento. Neste sentido, a Organización das Nacións Unidas para o Comercio e o Desenvolvemento (UNCTAD) esforzouse na elaboración dun Código Internacional de Transferencia de Tecnoloxía, que tería como campo de actuación, en teoría, o mundo enteiro. Pero ó pasa-lo tempo, e debido ás numerosas discrepancias existentes entre pobres e ricos, aínda non existe unanimidade á hora de aplicalo en toda a súa plenitude. Do mesmo xeito, a ONUDI tamén desenvolveu un intenso traballo cara a mellora-las condicións da transferencia de tecnoloxía no Terceiro Mundo. A pesar destes intentos, unidos ó esforzo que máis ou menos interesadamente están realizando outros organismos (OMPI, BIRF, FMI, UNESCO, etc.), os resultados prácticos son aínda moi cativos. Na actualidade non existe na práctica unha norma común de carácter internacional que regule a transferencia de tecnoloxía, debido ó tradicional choque de intereses entre países ricos e países pobres.

## 2.2. O investimento estranxeiro

Outra das grandes modalidades de entrada de capital foráneo é o investimento estranxeiro. Esta modalidade de penetración, ademais de traer consigo unha contribución en diñeiro que axuda a equilibra-la balanza de pagamentos dos países receptores, é tamén "unha fonte introducida de transferencia de tecnoloxía" (Arriola, J. 1988, p.193). Esta contribución indirecta preséntase a xeito de capacitación da forza de traballo, con novos criterios de xestión, coa apertura de novas ramas productivas e coa contribución de técnicas de producción que ben poden chegar a incidir de xeito decisivo na estructura industrial e productiva do país receptor.

O investimento estranxeiro, especialmente o directo, favorece o fluxo de bens de equipo, de factores de producción intermedios e de productos industriais desde o país de orixe cara ó receptor. Na actualidade, o investimento estranxeiro constitúe un instruento axeitado que está contribuíndo de forma acelerada á internacionalización da economía mundial, favorecendo o paso da economía internacional a unha global cada vez máis evidente e palpable a medida que a nova orde económica mundial comeza a se consolidar.

### *2.2.1. Concepto*

Esta vía comprende a entrada de capital foráneo a xeito de préstamo (investimentos en crédito) ou en réxime de propiedade (investimentos directos, investimentos en carteira e investimentos en inmobles) (Pedrosa Sanz, R. 1983, pp.22-28).

Deste xeito, o investimento estranxeiro, considerado no seu conxunto, fai referencia ó capital estranxeiro investido con carácter privado a longo prazo, quedando xa que logo excluídas da mesma, en palabras de Martínez González Tablas, "as operacións de curto prazo e as de carácter público" (Martínez González Tablas, A. 1979, p.25). Neste sentido, a Orde Ministerial do 5 de marzo de 1975 (BOE, 4-04-75), pola que se regula o acceso ó crédito interior polas sociedades españolas con participación estranxeira, define o que se entende actualmente en España por crédito a medio e longo prazo, que comprende tanto a emisión de obrigas e títulos de renda fixa como a obtención de préstamos e créditos por prazo superior a cinco anos. Unha ampliación teórica sobre o concepto de investimento estranxeiro pode verse no traballo de Martínez González Tablas titulado "¿Qué es la inversión extranjera?". Neste estudio, ademais dunha profunda reflexión teórica sobre o concepto de investimento estranxeiro, analiza polo miúdo cada unha das canles a través das que pode levarse adiante a mesma na estructura empresarial e económica de España.

Pero, dado que un dos obxectivos marcados neste traballo consiste en analiza-lo investimento estranxeiro que se rexistrou na Comunidade galega, resulta imprescindible definir xuridicamente o concepto legal e normativo de investimento estranxeiro. Analizando o concepto desde a normativa vixente e aténdose ás directrices marcadas pola Comunidade Europea, a actual lexislación española recollida no Real Decreto Lexislativo 1265/19986, do 27 de xuño, sobre investimentos estranxeiros en España, e o Real Decreto 2077/1986, do 25 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de investimentos estranxeiros en España, entende por investimentos estranxeiros "os realizados en España polas persoas estranxeiras privadas, físicas ou xurídicas, calquera que sexa a súa residencia, e polos españois residentes no estranxeiro" (art. 1, R.D.L. 1265/1986). Do mesmo xeito, en relación coa presente Lei sobre investimentos estranxeiros en España á que estamos facendo referencia, considéranse investimentos estranxeiros:

a) Os que realizan as sociedades españolas que teñan participación estranxeira no seu capital, mediante a constitución doutras sociedades españolas ou mediante a adquisición de accións ou participacións das mesmas.

b) Os investimentos efectuados polos establecementos e sucursais en territorio español de persoas estranxeiras privadas, físicas ou xurídicas, ou de españois residentes no estranxeiro (art. 1, parágrafo 3).

No seu artigo 2, a normativa establece que os investimentos estranxeiros poden realizarse mediante:

a) Achegar ou utilizar capitais exteriores.

b) Achegando ou utilizando capitais interiores, sempre que estes procedan de empresas ou sociedades españolas que teñan participación estranxeira no seu capital social. Nestas circunstancias, os investimentos que estas efectúen no territorio español terán, a tódolos efectos, a consideración oficial de investimento estranxeiro, tal e como se recolle no artigo 1, parágrafo 3, do Real Decrto 2077/1986.

### *2.2.2. Formas do investimento estranxeiro*

De forma xeral e consonte as categorías comunitarias, a actual lexislación establece que os investimentos estranxeiros poden levarse a efecto a través de catro modalidades ou formas distintas:

a) Investimentos directos.

b) Investimentos en carteira.

c) Investimentos en bens inmobles.

d) Outras formas de investimento.

A Lei de 1986 establece, por tanto, unha nova definición das modalidades de investimento máis de acordo coas categorías comunitarias. Neste sentido, cabe subliñar unha definición moito máis técnica dos investimentos directos e de investimentos en carteira, utilizándose como criterio diferenciador entre elas o influxo na xestión da sociedade e non o de cotización en Bolsa, que ten un carácter moito máis formal. Igual ca no Réxime Comunitario, a actual normativa, claramente liberalizadora dos investimentos estranxeiros, incluíu dentro dos investimentos directos os préstamos financeiros de duración a cinco anos.

Resulta conveniente, dada a finalidade deste traballo, analizar por separado cada unha das catro modalidades de investimento que a Lei actual contempla.

1. **Os investimentos directos**. Este tipo de investimentos aparecen definidos segundo Puig Rojas como "aquelas entradas de capital privado a longo prazo que teñen como finalidde a creación ou ampliación dunha empresa mercantil nova ou existente, filial ou sucursal da empresa física ou xurídica non residente que fai o investimento, a adquisición total dunha empresa mercantil xa establecida ou a toma de participación minoritaria nunha empresa de nova creación ou xa constituída sempre que, neste último caso, a participación que adquira o non residente lle dea a posibilidade de exercer un influxo efectivo na direción e xestión da mesma" (Puig Rojas, E. 1979, p.13).

Dun xeito xeral, este tipo de investimento é por tanto o que permite ó investidor estranxeiro influír decisivamente na xestión ou control dunha sociedade. Esta posibilidade xorde, segundo a actual lexislación, cando a súa participación sexa igual ou superior ó 20% do capital social da empresa participada (Real Decreto 2077/1986, art.5). Isto permítell establecer coa mesma vínculos económicos duradeiros.

O investimento pode adoptar múltiples formas: craci6n dunha sociedade, adquisición dunha parte importante do capital dunha sociedade xa constituída, constitución dunha sucursal, reinvestimento de beneficios obtidos co fin de manter vínculos estables coa sociedade, etc. Así, o R.D.L. 1265/1986 no seu capítulo II especifica textualmente que teñen a consideración de investimentos estranxeiros aqueles investimentos que pretendan:

a) A participación nunha sociedade española que permita ó investidor estranxeiro o influxo efectivo na xestión ou control desa sociedade. Isto farase efectivo mediante a compra de accións nunha porcentaxe superior ó 20% do capital social da empresa implicada.

b) A constitución de sucursais ou establecementos comerciais de sociedades estranxeiras ou de explotacións que realicen persoas físicas non residentes.

c) A concesión de préstamos de longa duración superiores a cinco anos, co fin de establecer vínculos económicos duradeiros.

d) O reinvestimento de beneficios obtidos polo investidor estranxeiro co fin de manter vínculos económicos duradeiros. Xa que logo, e por mor da entrada en vigor do R.D. 2077/1986 do 25 de setembro, existen tres grandes modalidades de investimento directo en España: o investimento en sociedades (constitución, compra de accións e ampliacións de capital), o investimento en sucursais e establecementos comerciais e a concesión de préstamos de longa duración asimilados ó investimento directo.

Por tanto, o investimento estranxeiro directo concrétase tanto na constitución dunha sociedade coma na adquisición total ou parcial das súas accións ou de participacións sociais cando se trate de sociedades nas que o capital social non estea representado por accións.

2. **Os investimentos en carteira.** En palabras de Ramón Tamames, estes investimentos son aqueles que se materializan na adquisición de valores mobiliarios emitidos tanto por sociedades públicas coma privadas: accións, obrigas, fondos públicos e fondos de investimento principalmente (Muñoz, J.; Roldán, S.; Serrano, A. 1978, p.69). Este tipo ou modalidade de investimento consiste, xa que logo, na adquisición de activos financeiros por compra de títulos coa finalidade de buscar unha alta rendibilidade a longo ou curto prazo.

Comprende, por tanto, todos aqueles investimentos que pretendan realizarse mediante a adquisición de accións admitidas ou non á cotización oficial en bolsa. Do mesmo xeito, segundo o disposto no art. 9 do citado Real Decreto, teñen a consideración de investimentos en carteira aqueles investimentos que consisten na adquisición de fondos públicos, títulos privados de renda fixa ou participacións de investimento mobiliarias e a adquisición en Bolsa

de Letras, obrigas de pagamento e outros efectos de comercio admitidos a negociación.

3. **Investimentos en bens inmobles.** Polo xeral, os investimentos en bens inmobles consisten na compra de bens imobles, sexan urbanos ou rústicos. En efecto, segudo a Lei de Investimentos Estranxeiros teñen tal consideración os investimentos que teñen como finalidade:

a) A adquisición de bens inmobles de natureza rústica.

b) A adquisición de solares, considerados como inmobles urbanos conforme a lexislación do solo e ordenamento urbano.

c) A adquisición de máis de tres vivendas nun mesmo inmobles, e en xeral de máis de tres unidades dunha mesma división horizontal (art. 12).

4. **Outras formas de investimento**. Dentro deste grupo, a lexislación comunitaria, e a española en particular, agrupa tódolos investimentos que non poden clasificarse nos tres anteriormente citados; por exemplo, os anticipos sobre investimentos. Constitúen por tanto unha figura complementaria das anteriores que inclúe os investimentos estranxeiros nos que se utiliza calquera outra forma non prevista nin contemplada pola Lei.

### *2.2.3. Mecanismos que restrinxen o investimento estranxeiro*

No ano 1978 o Centro de Corporacións Transnacionais das Nacións Unidas elaborou un rigoroso estudio analizando as políticas e normativas existentes sobre o investimento estranxeiro en diversos países en vías de desenvolvemento. O estudio detecta unha serie de medidas e mecanismos que restrinxen fortemente o investimento estranxeiro. Estes mecanismos tradúcense en: a necesidade de contar con autorización administrativa para acomete-lo investimento, a existencia de numerosos requisitos locais sobre a propiedade, a existencia de límites á repatriación de capitais e de beneficios, a prohibición de investir en determinados sectores, as restricións no uso de marcas e patentes, a inexistencia de incentivos económicos e de infraestructuras básicas, a existencia de restricións ó reinvestimento e en definitiva todo tipo de medidas políticas e de regulacións normativas que dificulten o investimento estranxeiro (Van Den Bulcke, D. 1988, pp.104-105). De acordo coas conclusións básicas do traballo (C.C.T. 1978, pp.13-14), clasificáronse as políticas dos países en vías de desenvolvemento en tres áreas xeográficas:



a) O primeiro grupo estaba formado pola maioría dos países africanos, asiáticos e centoamericanos. O trazo característico das políticas deste grupo de países era a ausencia de restricións e a presencia dun gran número de incentivos ó investimento estranxeiro.

b) Na segunda categoría que establece o informe encóntranse algunhas nacións asiáticas, mediterráneas e norteafricanas. Neste grupo, a discriminación cara ás compañías estranxeiras e cara ó investimento estranxeiro é ás veces máis acusada, mentres que os incentivos ó investimento teñen polo xeral unha duración máis curta.

c) O terceiro grupo de países estaba fundamentalmente constituído por países latinoamericanos que aplicaban políticas máis restrictivas. Polo xeral, neste grupo de países o investimento estranxeiro directo e a tecnoloxía a recibir teñen que ser autorizadas. A propiedade do capital das empresas multinacionais estaba limitada; os pagamentos de dividendos e *royalties* estaban tamén limitados; o acceso ó mercado de capital local e a concesión de incentivos ó investimento estaban suxeitos a fortes restricións. Este conxunto de medidas, obviamente, representan na práctica un freo ó fluxo de investimentos estranxeiros cara a esas áreas xeográficas.

A crise económica dos anos oitenta provocou unha actitude máis permisiva e positiva cara ó investimento estranxeiro por parte de moitos países en vías de desenvolvemento. Mesmo países como China (Business Week, 1984b, p.52), Cuba, países do Leste, e máis recentemente a antiga Unión Soviética, cambiaron radicalmente a súa actitude negativa fronte ó investimento estranxeiro directo. Pola contra, puxeron en marcha un conxunto de medidas políticas orientadas á súa promoción, mesmo permitindo o control maioritario do capital social das empresas participadas.

En España, como se verá máis adiante, a case total liberalización dos investimentos estranxeiros contribuíu especialmente a incrementa-lo fluxo de investimentos, eliminando puntuais medidas proteccionistas existentes ata 1986.

A actitude que a maior parte dos países en vías de desenvolvemento están adoptando na actualidade respecto ó investimento estranxeiro pode moi ben resumirse nas palabras do presidente de Colombia ó afirmar que "Latinoamérica necesita socios máis ca acredores" (Business Week. 1984a, p.42).

### *2.2.4. Incentivos ó investimento estranxeiro*

A atracción de investidores estranxeiros constitúe, hoxe por hoxe, unha das principais preocupacións nas políticas de desenvolvemento de moitos paí-

ses, especialmente naqueles que se encontren en vías de desenvolvemento. Cada vez máis, este grupo de países, e tamén algúns membros da CEE (Irlanda, Portugal e España), procuran ofrecer unha imaxe totalmente favorable para atrae-los investidores estranxeiros mediante:

a) A eliminación de todo tipo de restriccións e a total liberalización dos investimentos estranxeiros directos.

b) A creación de zonas francas ou separadas ás que se conceden vantaxes especiais, así como o desenvolvemento de infraestructuras de transportes e comunicacións que sexan abondo atractivas para atrae-los investidores estranxeiros.

c) A concesión de fortes incentivos económicos. Un exemplo claro está representado polo caso español (Lei 50/1985, do 27 de decembro, e Real Decreto 1535/1987, do 11 de decembro) sobre incentivos rexionais ó investimento, ós que poden acollerse as empresas e os investidores estranxeiros.

A creación de zonas francas e áreas especiais destinadas ó investimento constitúe unha constante posta en funcionamento en moitos países. Aínda que estas zonas teñen a súa orixe nos portos libres ou zonas de libre comercio en Alemaña Occidental e Estados Unidos, onde a actividade está limitada a importacións e exportacións, tratouse de segui-lo exemplo da zona irlandesa de Shannon creada en 1959. Mediante incentivos ó investimento e ó comercio, soamente aplicables a estes enclaves, créanse condicións nomeadamente favorables para as empresas estranxeiras orientadas á exportación. En Galicia, un claro exemplo constitúeo a empresa *Citröen Hispania*, instalada na zona franca de Vigo.

As zonas francas non só admiten a libre importación de materias primas e bens semielaborados, senón que tamén eliminan os gravames á exportación. As empresas situadas nas zonas francas obteñen tamén vantaxes fiscais adicionais e benefícianse dunha infraestructura subvencionada e de procedementos administrativos simplificados e centralizados. Así e todo, a existencia de man de obra barata é, polo xeral, unha condición previa para que as empresas multinacionais se interesen por eses incentivos.

Desde mediados da década dos sesenta proliferan as zonas francas nos países en vías de desenvolvemento. Tralas primeiras iniciativas na India (Zona Kandla) e Porto Rico (Zona Mayáguez), o número de zonas francas aumentou ata oito en 1970, a máis de trinta en 1975 e noventa e seis en 1980.



Desde aquela fóronse establecendo máis zonas francas (Basile, A.; Germidis, D. 1984, pp.20-21).

Segundo Jayawardena pódense distinguir catro tipos de zonas francas:

1. Países de recente industrialización como Corea do Sur e Taiwán, que abriron as súas zonas de libre comercio, tipo *laissez faire*, durante os anos sesenta e atraeron moitas empresas intensivas no uso de man de obra. Para estes países, as zonas francas son normalmente un paso cara á extensión dos principos do libre comercio ó resto de países, así como unha importante contribución á súa fructuosa política de industrialización baseada na exportación.
2. Constituídos por aqueles países que utilizan as zonas francas non tanto para se industrializaren como para beneficiárense dunha política de libre comercio. Isto é propio de pequenos e estratéxicos países de escasos recursos como Panamá, Singapur e Hong Kong.
3. Outro grupo aparece constituído por países que atraeron unha industria lixeira incapaz de garantir unha industrialización continuada, ó tratarse de países con certa inestabilidade política (Sri Lanka e Filipinas).
4. Un último grupo aparece constituído por todos aqueles países que tratan de fomenta-lo desenvolvemento industrial e agrícola mediante a captación de capital e tecnoloxía estranxeira nun número limitado de zonas francas. Nesta liña aparecen países como India e China (Jayawardena, D. 1983, pp.442-444).

Resumindo, podemos afirmar en xeral que os países adoptaron unha política tendente claramente a liberalizar e desregulariza-lo control sobre os investimentos estranxeiros. A progresiva eliminación en tódolos países do mundo das barreiras políticas restrictivas ó investimento, apostando por aparellos totalmente permisivos, xa é todo un feito. Este fenómeno, unido ó elevado número de incentivos, tende a internacionalizar cada vez máis a economía, favorecendo un fluxo constante de capitais entre os distintos países do mundo. Neste sentido, o investimento estranxeiro constitúe un instrumento ideal, utilizado sobre todo polas empresas multinacionais, para acelera-lo proceso de mundialización da economía.

### *2.2.5. A mundialización do investimento estranxeiro*

O investimento estranxeiro adquiriu nos últimos anos un extraordinario dinamismo, afectando mesmo ós países do Leste. As recentes transforma-

cións económicas impulsadas por Mihail Gorbachov na extinguida Unión Soviética a través da posta en práctica da popular *perestroika* posibilitou mesmo a autorización de investimentos estranxeiros maioritarios nos dstintos países que configuran a actual Comunidade de Estados Independentes.

As posibilidades que actualmente ofrecen os antigos países socialistas ó investimento estranxeiro concrétanse en facilidades para constituír sociedades con capital mixto ou empresas conxuntas (*joint ventures*). Aínda que en principio a participación estranxeira non podía excede-lo 50%, actualmente permítese o control maioritario, de xeito moi especial nas actividades relacionadas co comercio e a hostelería. Sen embargo, a pesar desta permisividade, a falta de convertibilidade do rublo á hora de transferir beneficios representa un obstáculo para o desenvolvemento masivo deste tipo de sociedades conxuntas ou empresas filiais. A este obstáculo hai que engadi-la crecente inestabilidade política que se vén detectando nalgunhas repúblicas soviéticas e en diversos países do Leste de Europa.

Malia estas limitacións, os investimentos estranxeiros están autorizados en practiacmente tódolos países do mundo. A nova orde económica mundial tende a converte-lo mercado financeiro nunha *aldea global* (Valance, G. 1991, p.40).

Desde 1990 a economía mundial camiña cara a unha unificación total co derrubamento do bloque comunista e a progresiva transformación dos paíes en vías de desenvolvemento, que cada vez máis confían nos investidores estranxeiros. A nova orde mundial aparece xa que logo configurada, como ben sinala Georges Valance, arredor de tres espacios económicos:

a) **O Espacio Económico Europeo.** Está constituído polos países da Comunidade Económica Europea e mailos países da EFTA. Estas dúas organizacións acadaron a finais de 1991 un acordo para a libre circulación de mercadorías entre os países membros, eliminando progresivamente as barreiras económicas e aduaneiras existentes. Con iso créase un espacio tremendamente competitivo, no que se prevé a futura integración de boa parte dos países do Leste.

b) **A NAFTA (North American Free Trade Area).** Constitúe un dos proxectos máis ambiciosos dos Estados Unidos, que pretende a creación dunha zona de libre cambio entre Estados Unidos, Canadá e México. Este espacio ten a vocación de estenderse ó conxunto de América Latina. Nunha primeira fase, Estados Unidos e Canadá xa asinaron un acordo de libre cambio en 1978. Agora acaban de abrir unha negociación co veciño mexicano. Con iso conseguirase unha zona de libre cambio con case máis de 360 millóns de habitantes e un duro competidor do Espacio Económico Europeo.

c) **A zona de Asia Pacífico.** Esta área está sendo traballada moi discretamente por Xapón. Constititúe unha zona tácita, sen instruccións e sen acordos oficiais. Sen embargo, a influencia do Xapón faise efectiva a través dos fluxos financeiros, as transformacións de tecnoloxía e os cambios de producción. Arredor do Xapón agrúpanse, en primeiro lugar, os novos países industrializados (Hong Kong, Singapur, Taiwán e Corea do Sur, ademais dos Estados do Asean: Thailandia, Malasia, Indonesia e Filipinas). Desde 1989 estes países comerciaron máis entre eles ca co resto do mundo, o que demostra que este conxunto asiático se converteu nun polo autónomo e xa non é un apéndice do mercado americano.

C.3. **DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA POR ÁREAS DE DESTINO DO INVESTIMENTO DIRECTO ESTRANXEIRO. 1975-1985** (Porcentaxe)

| ÁREAS DE DESTINO | 1975 | 1980 | 1981 | 1982 | 1983 | 1984 | 1985 | 1975-80 | 1981-85 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Países menos desenvolvidos | 28,5 | 19,5 | 26,4 | 19,2 | 22,6 | 21,1 | 23,9 | 23,5 | 24,7 |
| África | 2,2 | 0,5 | 2,8 | 3,3 | 3,2 | 2,9 | 4,2 | 2,6 | 3,3 |
| América Latina e Caribe | 15 | 12 | 13,9 | 13,9 | 7,9 | 6,8 | 8,5 | 12,2 | 10,2 |
| Sur e Suleste Asiático | 7,5 | 6,2 | 9,4 | 10,8 | 10,4 | 9,7 | 9,6 | 6,4 | 10 |
| Asia Occidental | 3,1 | 0,5 | 0 | 0,9 | 0,7 | 1,3 | 1,2 | 1,9 | 0,8 |
| Europa do Sur | 0,7 | 0,3 | 0,4 | 0,3 | 0,4 | 0,4 | 0,4 | 0,4 | 0,4 |
| Economías de Mercado desenvolvidas | 71,5 | 80,5 | 73,6 | 70,8 | 77,4 | 78,9 | 76,1 | 76,5 | 75,3 |
| Europa | 48,5 | 40,5 | 29,1 | 34,2 | 38,6 | 19,2 | 34,1 | 45,6 | 31 |
| Xapón | 1 | 0,6 | 0,3 | 1 | 0,9 | 0 | 1,3 | 0,5 | 0,7 |
| Estados Unidos | 11,9 | 32,7 | 45,5 | 31 | 26,5 | 50,9 | 39,8 | 21,9 | 38,7 |
| Outros Países desenvolvidos | 10,1 | 6,7 | -1,3 | 4,6 | 11,5 | 8,8 | 0,8 | 8,5 | 4,9 |
| Europa do Leste | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| MUNDO | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Promemoria: (Miles de millóns de dólares) | | | | | | | | | |
| MUNDO | 22,1 | 51,6 | 55,8 | 44,8 | 45,2 | 49,8 | 48,1 | 32,8 | 48,7 |
| ESPAÑA | 0,4 | 1,3 | 1,2 | 1,3 | 1 | 1,1 | 1,1 | 0,8 | 1,1 |
| % | 1,8 | 2,5 | 2,2 | 2,9 | 2,2 | 2,2 | 2,3 | 2,4 | 2,3 |

Fonte: U.N.C.T.C. 1988. Durán Herrera, J. J. 1989, P. 51.

A proliferación doutras zonas de libre cambio coma a Unión do Magreb árabe, a Pentagonal (Italia, Iugoslavia, Hungría, Checoslovaquia e Austria) e o Mercosur (Brasil, Arxentina, Chile e Uruguai) contribúen e favorecen o fluxo de capitais e de investimentos estranxeiros directos entre países e as distintas áreas mencionadas. Así, no cadro 3 que se acompaña distínguese claramente a distribución xeográfica por áreas de destino do investimento estranxeiro directo. Os países de economías de mercado desenvolvidas absorben por termo medio anual case o 76% dos investimentos estranxeiros que se rexistran no mundo. Entrementres, os países en vías de desenvolvemento non chegan ó 25% do total efectuado; clara preferencia, por tanto, polas economías e áreas desenvolvidas, mentres os espacios menos desenvolvidos, que son os que en realidade necesitan maior fluxo de investimentos, acaparan unha escasa porcentaxe do capital estranxeiro procedente dos países desenvolvidos.

O fluxo de investimentos prodúcese, por tanto, maioritariamente entre países de economías desenvolvidas, de onde procede o 98% do investimento estranxeiro directo que se rexistra anualmente no mundo. Os países desenvolvidos son en realidade os principais investidores e receptores de capital estranxeiro. A consecuencia deste intenso fluxo investidor, as corporacións multinacionais instalan alí as súas filiais, acentuándose deste xeito os desequilibrios entre o centro e maila periferia (Grou, P. 1990, pp.70-79).

En canto ós investimentos estranxeiros con destino ós países subdesenvolvidos, hai que apuntar que cada un dos países investidores ten os seus propios criterios de selección, tanto de países como de pólas productivas e modalidades de investimento. Así, os investimentos alemáns diríxense sobre todo ó Brasil (vehículos de motor, industria química e electrónica) e a España (química e equipos mecánicos) (Buesa, M.; Molero, J. 1987, p.107). O Reino Unido inviste preferentemente nos países da Commonwealth, cun aumento da súa presencia en América Latina (productos alimenticios e tabaco) e en Africa (industria química). O Xapón concentra preferentemente os seus investimentos en Asia, aínda que recentemente comeza a diversifica-los seus investimentos nos países latinoamericanos e en Europa, concentrando boa parte dos seus investimentos principalmente no Reino Unido. Estados Unidos, principal país investidor en Europa, concentra os investimentos que dirixe ós países en vías de desenvolvemento en América Latina (Brasil e México sobre todo, cunha crecente expansión cara ós países asiáticos (OCDE, 1981, pp.25-29) e (Grou, P. 1990).



# CAPÍTULO II. **AS EMPRESAS MULTINACIONAIS**

A análise das empresas multinacionais resulta imprescindible hoxe en día para comprende-lo proceso de mundialización en que está inmersa a actividade industrial e económica (Andreff, W. 1987). A actual fase de globalización que afecta á economía mundial non sería posible sen ter en conta os seus principais axentes históricos: as empresas multinacionais, factor básico e decisivo na internacionalización do capital.

## 1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

As empresas multinacionais existen, independentemente do criterio que se siga para a súa definición, desde o momento en que foi non só proveitoso senón simplemente posible para algúns financeiros crear fóra das súas fronteiras nacionais empresas baixo o seu estricto control. No comezo da xeira industrial só un país como Inglaterra podía ou estaba en condicións de acometer investimentos no estranxeiro. O apoio constante que prestou a Coroa Británica ós grandes financeiros e comerciantes do seu país significaron os primeiros pasos decisivos cara á explotación das Antillas ou o tabaco nas colonias americanas (Vidal Villa 1989, p.196). Durante o século XVIII o poderío do mercado londinense aseguraba o aprovisionamento satisfactorio de capitais desexosos de correr algún risco. Deste xeito, e tendo en conta o poderío militar, non sorprende que as primeiras sociedades multinacionais teñan un carácter inglés moi acusado, mesmo despois da primeira guerra mundial. Durante un primeiro momento, as empresas que se instalan fóra do seu país facíano simplemente por razóns de comodidade; sen embargo, despois da segunda guerra mundial desenvolveuse con éxito un tipo de sociedade multinacional que tiña como obxectivo asegurar un correcto

reparto xeográfico, enfrontándose á lexislación dos países receptores, que como é normal adoptaban medidas preventivas.

Xa que logo, ata a segunda guerra mundial os vínculos entre a sociedade nai e as filiais eran só de tipo financeiro e comercial, e os problemas de ambiente e lexislación nos países de recepción non apareceron cando as filiais se desenvolvían dentro dunhas fronteiras de concepcións xurídicas semellantes. Aínda que nun principio se investía nas colonias, hoxe faise en territorios e países de practicamente todo o mundo, mais adaptándose os investidores estranxeiros ás normativas xurídicas dos países receptores. Por iso, hoxe por hoxe é difícil apreciar en que medida o medre das sociedades multinacionais vén provocado por circunstancias propias á empresa ou se vén imposto polas circunstancias exteriores, é dicir, pola vontade dos estados de industrializa-lo seu territorio pedindo ós seus provedores a substitución de exportacións de mercadorías por unha corrente de exportación de capitais susceptibles de financia-las instalacións industriais.

Será a partir da segunda metade do século XIX cando empecen a estenderse as empresas multinacionais. Entre os pioneiros habería que citar a Friedrich Bayer que en 1865, despois de establece-la súa compañía en Colonia, adquiriu participacións nunha fábrica de anilina en Albany (Nova York); a Albred Nobel, que en 1866 estableceu unha fábrica de explosivos en Hamburgo, e a Singer, que en 1867 montou a súa primeira fábrica en Glasgow (Tamames, R. 1982, p.304). As empresas cando marchaban ó estranxeiro tiñan, segundo Tugendhat, as súas razóns particulares, destacando entre elas (Tugendhant, C. 1973) as seguintes:

a) A aparición dos mercados de masas e as melloras nos transportes e comunicacións que fan máis rendoso producir preto do consumidor que facelo no seu propio país pagando o prezo do transporte (caso de Singer e Bayer).

b) O espírito de nacionalismo. As empresas decátanse de que é máis efectivo satisfacer necesidades no exterior a través de representacións locais que comprenden mellor os clientes. Edison instalou unha fábrica en Alemaña porque encontrou que o sentimento nacional facía que os provedores locais fosen preferidos ás importacións.

c) A expansión do proteccionismo, manifestación do nacionalismo. A finais do século XIX a maioría dos gobernos introduciron fortes dereitos arancelarios para reduci-la importación de mercadorías manufacturadas e fometar así o desenvolvemento de industrias locais, tratando mesmo de estimula-las



empresas estranxeiras para que investisen no país en cuestión. Inglaterra foi o único país que non adoptou medidas proteccionistas durante este período. "Cando os dereitos arancelarios exceden o custo que supón formar un equipo de directivos e montar fábricas independentes, daquela será rendoso montar fábricas independentes noutro país" (Díez Sáez, E. 1988, p.123). Estas foron as palabras do magnate dos xabóns, William Lever (1902) e as motivacións que impulsaron a Bayer para instalar varias empresas e fábricas en Moscova (1876), Flers (1882) e Schuonaerde (1908).

O desenvolvemento das empresas internacionais adquire a mediados do século XIX un tremendo impulso motivado por dous factores que serán decisivos na súa expansión:

a) A atracción de capitais estranxeiros. En efecto, trala segunda guerra mundial Europa estaba destruída e as súas clases dominantes tremendamente debilitadas. Por outra banda, os Estados Unidos emprenderan a súa política expansionista, tendente á conquista dos mercados internacionais. Durante este período (Proxecto Marshal para a reconstrucción de Europa), moi propicio para a expansión económica e empresarial norteamericana, os diversos países europeos acolleron os investimentos estranxeiros con agrado e positiva predisposición. Escasos en divisas, os gobernos europeos non facilitaban autorización ás súas empresas para investir no estranxeiro. Para facelo tiñan que solicitar permiso e argumenta-la promoción de exportacións. Así, resultou que as empresas americanas eran libres para investir no estranxeiro. Ademais, o propio goberno americano exhortaba as súas compañías a que se estableceses en ultramar, "garantindo mesmo os seus investimentos contra as posibles restriccións na repatriación de beneficios" (Simo Santoja, V. 1976, p.33).

Paralelamente, os gobernos europeos viron no investidor americano un colaborador apreciable para a tarefa da reconstrucción da economía, chegando mesmo a establecer oficinas de atracción de capitais nos Estados Unidos. Por outra banda, as empresas americanas tiveron incentivos financeiros moi firmes e seguros para investir en Europa, xa que en 1950 era moi superior a taxa de beneficios que se podía obter. Estas circunstancias favoreceron enormemente a expansión das multinacionais norteamericanas no mundo, e especialmente en Europa, desde mediados do século XX.

b) A difusión e concentración de empresas. Entre 1880 e 1890 Estados Unidos atravesa unha fase de gran concentración industrial, fusionándose en

300 trusts máis de 5000 empresas (Tugendhat, 1973). Durante este período, segundo o citado autor, o sistema máis característico de empresa industrial foi o Cartel, que coñeceu nesta altura a súa máxima expansión. Así xurdiron importantes cárteles: o do aluminio, constituído entre *Alcoa* e *Aig* de Suíza, así como outros moi importantes no eido dos explosivos, o petróleo e diversas actividades estratéxicas. A pesar de que moitos desapareceron por tensións internas, os cárteles significaron un paso importante na evolución cara ás actuais multinacionais. Máis tarde, xa nos anos 50 e 60 do noso século, as empresas europeas, nun intento de reacción ante a "invasión de empresas norteamericanas" (Puelles, J. 1980, p.33), optan por fusionarse para constituír fortes grupos capaces de competir e de facer fronte ó seu avance. A rápida expansión das multinacionais en Europa provocou unha vaga de fusións nunca vista, que afectou a case tódolos países europeos, co fin de invadi-los mercados estranxeiros e protexe-los nacionais ante o empuxe norteamericano.

Aínda que cada goberno e cada empresa reaccionou individualmente ante os problemas cos que se enfrontan, existe en toda Europa unha clara tendencia cara á concentración industrial e empresarial traducida en fusións nacionais e mesmo transnacionais. En moitas ocasións, serán os propios gobernos os que as apoiarán, tal e como aconteceu en Inglaterra, onde as fusións presentaron un auxe espectacular durante os anos 1967-1968. Isto sucedeu tamén en Francia, Alemaña e Italia. En Inglaterra, durante eses anos máis de 5000 compañías tomaron parte en fusións. Créase así a *British Leilan Motor Corporation*. Para acelerar e promover estas concentracións empresariais creouse en 1968 a Industrial Reorganization Corporation (IRC). En Francia en 1968 producíronse unhas 2000 unións empresariais, que afectaron ás principais empresas galas. O Estado Francés creou para iso o Institut de Développement Industiel (IDI) para favorece-las concentracións empresariais. En Alemaña a vaga de fusións tivo menos transcendencia ca en Francia ou en Inglaterra, pero as unións empresariais tamén se realizaron. En Italia creouse o Instituto per la Riconstruzione Industriale (IRI); en Suíza, Suecia e Holanda tamén continuaron a política das fusións empresariais. Estas realizáronse tamén a nivel supranacional entre empresas de distintos países, citemos como exemplo o grupo *Royal Dutch Shell*, *Unilever*, *Agfa-Gevaert* e o grupo *Dunlop* e *Pirelli*, hoxe convertidos en poderosos grupos multinacionais.



## 2. DEFINICIÓN

Desde que un grupo de persoeiros reunido en 1973 por iniciativa do Secretariado Xeral das Nacións Unidas deu a coñece-la primeira definición ampla sobre as empresas que actúan no plano internacional, foron moitas as definicións e teorías que se verteron sobre este concepto. Tradicionalmente, as empresas multinacionais fóronse conceptuando en cinco grandes teorías, diferenciándose dun xeito ou doutro segundo o criterio preferente de clasificación adoptado:

a) Asumindo o estatus legal que lle corresponde, White afirma que a empresa multinacional é "un conxunto de sociedades funcionando ó mesmo tempo en varios países baixo diferentes leis e xurisdiccións, pero unidas por un lazo vertical de control entre a sociedade matriz e as filiais, que se expresan polo xeral a través do capital accionariado" (White, E.J. 1973, p.62).

b) Tomando como criterio de definición a capacidade para realizar investimentos directos no estranxeiro, Michalet considera a empresa multinacional como aquela que realiza investimentos directos en máis dun país, pero estas entendidas en sentido amplo, é dicir, cun control financeiro ou industrial (Michalet, C.A. 1973, p.12).

c) Tomando como base o dominio e o control, Dunning define a empresa multinacional como a que posúe ou controla en máis dun país instalacións productivas. Deste xeito, este autor non comparte a definición de Michalet, porque os investimentos que unha empresa multinacional realiza non son unicamente os directos, pois cada unha das súas filiais realiza á súa vez outros investimentos.

d) O profesor Figueroa, seguindo estrictos criterios cuantitativos e asumindo as consideracións do grupo de Harvard, establece que "unha firma é multinacional se produce fóra do país no que está a súa sede máis do 25% dos seus beneficios, que controle actividades en alomenos seis países e que as súas vendas se sitúen por riba dos cen millóns de dólares" (Colmenar Baldes, S. 1974, pp.446-447).

e) Por último, diversos autores, guiándose pola organización que a empresa presenta a nivel mundial, consideran que o esencial deste tipo de sociedades é a súa dirección. Así, para Roig a empresa multinacional é aquela que ten unha dirección *poliestructura* multinacional. É dicir, que a multinacionalidade non é unicamente unha multipresencia e acción en diferentes paí-

ses, senón que debe supoñe-lo establecemento dunha dirección que lle permita actuar nos países estranxeiros sen que a consideren como un elemento foráneo (Roig Amat, B. 1970).

Como se puido comprobar, son moitas e moi variadas as definicións que se teñen dado sobre o tema. Con todo, independentemente do criterio que se utilice para a súa definición, debe ficar perfectamente claro que para os efectos prácticos do presente traballo, e asumindo a definición emitida pola Comisión das Comunidades Europeas, consideramos multinacional a toda empresa que coordina as actividades económicas que exerce de forma permanente en diversos países (Vilá Valentí, J. 1977, p.220). Esta definición, simplista e flexible pero moi funcional, ten as súas raíces teóricas nos criterios seguidos por Broocke e Remmers que, no seu traballo titulado "La strategie des l'enterprises multinationales", nun intento de precisa-lo concepto, consideran multinacional toda empresa que exerce as súas principais actividades de producción ou servicios alomenos en dous países (Broocke, M., Remmers, H.L.1973).

Con frecuencia este tipo de empresas reciben o nome de transnacionais, supranacionais, internacionais ou plurinacionais. De feito, en 1974 o Consello Económico e Social das Nacións Unidas, nun intento de precisa-lo termo, substituíu a palabra multinacional por transnacional, co fin de indicar que se trata de empresas nas que as actividades superan as fronteiras a partir dun espacio nacional dado. Neste sentido, non debemos esquecer que este tipo de sociedades poden ter un carácter privado ou estatal, e que para fins prácticos son consideradas como filiais de empresas transnacionais as que teñen participación estranxeira no seu capital social.

## 3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DAS EMPRESAS MULTINACIONAIS

O predominio económico dos Estados Unidos, Europa e Xapón materializouse, co paso dos anos, na creación de poderosísimas empresas multinacionais que se foron estendendo por todo o mundo. Isto implica que a finais dos oitenta máis do 80% das oitocentas maiores empresas capitalistas do mundo pertencían a países desenvolvidos, como se aprecia no cadro 4 que se xunta. En efecto, en América do Norte (Estados Unidos e Canadá), Europa e Xapón aparecen domiciliadas a case totalidade das empresas multinacionais que funcionan no mundo.



C.4. **LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DAS SEDES SOCIAIS DAS OITOCENTAS MAIORES EMPRESAS MULTINACIONAIS DO MUNDO CAPITALISTA**


| PAÍSES | Nº DE EMPRESAS | % SOBRE O TOTAL |
|---|---|---|
| ESTADOS UNIDOS | 300 | 37,4 |
| PAÍSES DA C.E.E. | 200 | 24,9 |
| XAPÓN | 151 | 18,8 |
| P. NÓRDICOS E SUÍZA | 51 | 6,3 |
| CANADÁ | 31 | 3,8 |
| AUSTRALIA | 10 | 1,2 |
| AMÉRICA LATINA | 15 | 1,8 |
| RESTO DO MUNDO | 43 | 5,3 |
| TOTAL | 801 | 100,0 |
| PAÍSES DESENVOLVIDOS | 762 | 95,1 |
| PAÍSES SUBDESENVOLVIDOS | 39 | 4,8 |
| TOTAL | 801 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados pola revista "FORTUNE" o 27 de abril e o 3 de agosto de 1987.

A distribución mundial dos grandes consorcios bancarios internacionais é practicamente idéntica. Pódese comprobar unha especial concentración dos mesmos en tres grandes espacios económicos (CEE, Xapón e América do Norte). Estas tres áreas económicas contan con oitenta e oito dos cen primeiros bancos do mundo. Individualmente, hai que salienta-lo predominio dos bancos xaponeses, que na actualidade son os máis poderosos do mundo. En 1990, entre os 23 primeiros bancos internacionais do mundo 15 eran xaponeses. Este dato resulta en por el nomeadamente clarexador do poderío financeiro e económico que nos últimos anos está adquirindo a economía xaponesa (ver mapa 2).


Este predominio case absoluto dos países desenvolvidos e países capitalistas no eido laboral e financeiro, como puidemos comprobar, vese amplamente reforzado pola actuación das súas respectivas empresas filiais estendidas polo ecúmene. Por mor do constante fluxo de investimento procedente dos países desenvolvidos, as multinacionais van creando unha extensa rede de filiais distribuídas por todo o mundo, ata constituíren un auténtico espacio multinacional que adquire aspectos diferenciadores segundo a orixe das empresas. Así, as corporacións multinacionais xaponesas sitúan as súas filiais preferentemente nos chamados novos países industrializados, é dicir, Corea do Sur, Hong Kong, Singapur e Taiwán, e nos *nouveaux dragons*, é dicir, Filipinas, Malasia, Thailandia e Indonesia (Grou, P. 1990, p.76). Esta

MAPA 1. **DISTRIBUCIÓN DAS SEDES SOCIAIS DAS MAIORES EMPRESAS CAPITALISTAS DO MUNDO EN 1987**




Fonte: FORTUNE 27-IV E 3-VIII de 1987. En: Ascón, R; Albaladejo, G; Bastida, A; Edo, Ma. J e Sáez (1989) Editorial Crítica. Barcelona.

MAPA 2. **OS CEN PRIMEIROS BANCOS CAPITALISTAS DO MUNDO EN 1985. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA**




Source: F.T.B.I. 1986-87

Fonte: Grou, P. 1990, p. 67.

especial localización de filiais xaponesas nos países asiáticos tende a acentuar e a reforzar aínda máis a xa patente influencia e dominio que Xapón exerce en todo o sureste asiático. O ritmo de crecemento e expansión que as empresas multinacionais xaponesas están adquirindo na actualidade tradúcese tamén na localización de filiais en Estados Unidos e nos países europeos (Alemaña, Reino Unido, Países Baixos, Francia e España).

Entrementres, as corporacións multinacionais norteamericanas tenden a instala-las súas filiais sobre todo en Europa, América Latina e Australia. Nas firmas europeas detéctase unha maior diversificación, optando por situa-las súas filiais nos Estados Unidos, América Latina, Australia, Sudáfrica e os distintos países europeos.

En resumo, trátase dunha localización especialmente concentrada nos países desenvolvidos de economía capitalista, adquirindo un considerable incremento, sobre todo na década dos oitenta, o fluxo de investimentos e a creación de filiais de firmas multinacionais nos novos países industrializados.

## 4. ESTRATEXIAS DE PENETRACIÓN

O proceso de expansión das firmas multinacionais e a súa implantación no estranxeiro pode realizarse mediante:

a) A creación dunha empresa no sector ou no país en que se introduce a corporación multinacional, constituíndo unha filial.

b) Adquirindo unha empresa xa existente no país ou no sector de que se trate. Esta segunda vía pode afrontarse por varios camiños distintos que van desde a asociación parcial á adquisición total.

A asociación con outra empresa establecida no eido local en que se pretende actuar adoita utilizarse como vía de penetración cando existen unha serie de dificultades de todo tipo (legais, de persoal, mercado, etc.), que obstaculizan a adopción doutros camiños máis directos de penetración. Cómpre distinguir dous tipos de asociación.

1) A Joint Venture (propiamente dita). Consiste na asociación entre a empresa multinacional e a local, co fin de formar unha nova filial de producción, que polo xeral ten o control maioritario en mans da empresa multinacional (Trigo Chacón, M. 1973, p.74). Polo xeral, a empresa multina-

cional fornece asistencia técnica, patentes, procesos de producción, etc., e a empresa local pon a súa experiencia a disposición da tramitación legal ante a Administración do país do proxecto de asociación establecido. Con frecuencia, a nova empresa constituída por asociación acudirá ás propias fontes de financiamento do país, avalada pola empresa multinacional. O capital que investiu a empresa multinacional supoñeralle a esta altos beneficios que sairán do país por diversos mecanismos, parte deles a través dos contratos de asistencia técnica e o resto mediante transferencias de capital ó abeiro da lei.

As directrices de dirección da nova sociedade son, á súa vez, impostas á nova empresa creada pola compañía multinacional a través das sucursais coordinadadoras ou pola propia estructura organizativa da nova empresa, de tal forma que a marcha desta se ve arrastrada polas conveniencias e intereses da empresa multinacional. De aí que a política financeira e as propias decisións de ampliación tenderán a encamiñarse ó beneficio da empresa multinacional, que acabará por conseguir apoderarse totalmente da empresa constituída baixo a forma de Joint Venture.

2) A Joint Venture limitada. As empresas multinacionais recorren a este procedemento cando a lexislación do país onde pretenden actuar proscribe ou dificulta a participación maioritaria do capital estranxeiro. En tal caso, previa negociación directa coa Adminstración, a empresa multinacional asóciase coas outras empresas locais para constituír unha filial con maioría de capital nacional. Sen embargo, é salientable o feito de que nalgunhas ocasións en empresas destas características a participación minoritaria se converta de súpeto en maioritaria (constitúe un exemplo claro o caso de *Barreiros*, que acabou sendo absorbida totalmente pola multinacional norteamericana *Chrysler*.

O método máis rápido e proveitoso utilizado polas empresas multinacionais para introducíren nun país consiste na adquisición total ou parcial de empresas locais. Ante esta alternativa non adoita importar que a empresa marche ben ou mal; aínda máis, pode preferirse que estea en mala situación, co fin de conseguila a un prezo máis vantaxoso. En calquera caso, a empresa multinacional reestructurará a empresa adquirida conforme o seu estilo e estratexia xeral. A adquisición pode adoptar, seguindo a Weezy, dúas formas:

1) Adquisición parcial. Esta vía de penetración consiste na adquisición dun paquete de accións a cambio, polo xeral, dun investimento de capital, que adoita ser capital tecnolóxico absoluto (capital físico e procesos de fabricación ás veces anticuados, pero que son aceptados por mor da escasa tecnoloxía da empresa receptora). A través dos seus conselleiros delegados e altos cargos directivos, a empresa multinacional exerce fortes presións para provoca-la necesidade de recorrer a novas ampliacións de capital ata que a empresa multinacional se converte en accionista maioritario e único propietario de facto da empresa. A partir deste momento realízanse grandes estudios de gran realismo e precisión co fin de reestructurar en profundidade a empresa adquirida (Trigo Chacón, M. 1973, p.78).

2) Adquisición total ou *take over*. Cando a empresa multinacional ten moito interese por introducirse nun mercado abondo interesante procurará implantarse rapidamente.

Neste caso adoita optar pola compra de tódalas accións da compañía local, despois de sondear, entre as empresas existentes entre o mercado local, as que poidan ser máis interesantes. En definitiva, fronte á absorción de empresas máis débiles ou a integración de varias para dominar un sector econó-

**C.5. FORMAS DE PENETRACIÓN DAS EMPRESAS MULTINACIONAIS NO ESTRANXEIRO**

| | INVESTIR E DELEGAR | INVESTIR E CONTROLAR |
|---|---|---|
| CON INVESTIMENTO | • Exportación de capitais a unha filial minoritaria<br>• Joint-Venture<br>• Planta producto en man coa participación no capital | • Filial integrada<br>• Filial Industrial<br>• Filial comercial<br>• Sucursal |
| | **DELEGAR SEN INVESTIR** | **CONTROLAR O MERCADO SEN INVESTIR** |
| SEN INVESTIMENTO | • Concesión de licencia<br>• Franquicia<br>• Exportación<br>• Subcontratación por orde estranxeira<br>• Comisionista, exportador<br>• Importador distribuidor<br>• Negociante internacional, corredor internacional comisionista de compra | • Exportación directa<br>• Asistencia técnica<br>• Contrato de xestión |

Fonte: Ruiz González, M.; Fernández López, F. X. 1990. P. 15.

mico as empresas multinacionais tenden á diversificación da súa producción e ó dominio doutras de rango inferior, ás que adoitan encargar unhas producións secundarias.

Sen embargo, o obxectivo esencial da empresa multinacional está no control do mercado internacional a través da creación de filiais, sucursais e distribuidores oficiais encargados de introduci-los seus productos nas áreas de consumo. Para iso, a multinacional pon en práctica unha variada gamma de formas de penetración (Rúiz González e Fernández López, 1990, p.15). En efecto, como pode verse no cadro 5, as formas de penetración das empresas nos mercados estranxeiros son moi numerosas, podendo levarse adiante con ou sen investimento, quere dicir, mediante implantación pesada (comercial ou industrial) ou mediante implantación lixeira (importación e exportación).


A elección dun ou outro método dependerá en grande medida das capacidades e dos recursos que poidan remexer no estranxeiro para ter éxito a operación planificada. Como resultado deste conxunto de operacións, é evidente que as multinacionais fomentan coas súas estratexias (Specht, M. 1988, p.12) un mercado único caracterizado pola competencia entre distintos grupos que traballan nun espacio común. Por outra banda, non debemos esquecer que a rapidez con que se están producindo os cambios económicos no mundo actual están obrigando ás grandes corporacións a adoptar novas estratexias (Gest 1986) para seguir mantendo o seu dominio.

A nova orde económica mundial, unida ás novas variables económicas que están entrando en xogo, obrigan ás grandes empresas a efectuar profundos cambios nas súas estructuras organizativas, adoptando novas estratexias de expansión (Delapierre, M.; Michalet, C.A. 1989, pp.27-43). Unha desas novas estratexias postas en práctica polas empresas multinacionais consiste na alianza entre firmas. En efecto, hoxe xa son numerosas as alianzas existentes entre as empresas multinacionais (Grou, P. 1990, pp.158-161). Así, tal e como se aprecia no cadro 6 que serve como exemplo ilustrativo, a multinacional *Siemens* ten acordos de cooperación e desenvolvemento tecnolóxico con máis de vintetrés multinacionais. Do mesmo xeito, son coñecidas tamén as alianzas estratéxicas entre *Mitsubishi-Daimler Benz*, *Renault-Volvo*, *ATT-Olivetti*, *ATT-Philips*, *Philips-Sony* e *Mazda-Ford* (ver cadro 7).

A multiplicación destes acordos e asociacións entre firmas multinacionais (Dussauge, P.; Garrete, B. 1991, pp.113-131), ten a dificultade de colaborar conxuntamente na investigación e o desenvolvemento de novos pro-




C.6. **AS ALIANZAS TECNOLÓXICAS DE SIEMENS NO MUNDO**




Fonte: Group, P. 1990, P. 159.

ductos. Por veces trátase de acordos estrictamente de cooperación comercial, pero na maioría dos casos acada varios niveis, organizándose así as chamadas *Firmes-Reseaux* (Grou, P. 1990, p.158). As alianzas entre multinacionais prodúcense principalmente nos sectores de alta tecnoloxía (programa Sprit, Airbus Industries). Esta nova estratexia das empresas multinacionais (Harald Hotze, 1984, pp.66-79), marcada por unha política de alianzas, acordos e asociacións entre elas mesmas, iniciados na década dos oitenta, obedece a que, en palabras de Harald Hotze, ninguén ten forza abondo "para ser totalmente independente e a que, como apunta de Benedetti, da multinacional italiana *Olivetti,* "o concepto de multinacional está cambiando" (Harald Hotze 1984, p.67).




C.7. **ALIANZAS ESTRATÉXICAS ENTRE FIRMAS MULTINACIONAIS NOS SEMICONDUCTORES**

Fonte: Grou, P. 1990, P. 161 e elaboración propia.



Un nivel superior de colaboración conxunta entre distintas empresas multinacionais para tratar aspectos de interese común e desenvolver proxectos conxuntos está plasmado na *Comisión Trilateral*, auténtica internacional do capitalismo (Estefanía, J. 1979). Esta comisión, creada o 23 de outubro de 1973 en Toquio baixo a iniciativa de David Rockefeller e a inspiración tecnolóxica de Z. Brzinsli, constitúe un auténtico centro de poder que agrupa a representantes de grandes empresas industriais, bancos, medios de comunicación, intelectuais diversos, políticos destacados e numerosos líderes das distintas ramas do coñecemento do mundo actual. A súa influencia na organización económica a nivel mundial é enorme, como se verá máis adiante.


## 5. DIMENSIÓN E IMPORTANCIA DAS EMPRESAS MULTINACIONAIS

A empresa multinacional, como consecuencia do proceo capitalista desenvolvido nun mundo cada vez máis complexo e dinámico, aparece para facer fronte a unha nova perspectiva económica e a un mundo cambiante no que os protagonistas das empresas non son xa os antigos propietarios ou accionistas. O seu papel está sendo liderado e asumido por un número reducido de altos executivos, tecnócratas, teimudamente preparados para dirixi-los traballos inherentes ó mundo da empresa e os negocios do ámbito internacional. Esta empresa conta con multitude de recursos financeiros, ás veces superior ó PIB de moitos Estados. Ademais, contan cun alto nivel de tecnoloxía, marketing e dirección altamente cualificada. Toda unha serie de elementos que lle fornecen unha tremenda seguridade na toma de decisións, reducindo considerablemente os riscos de investimento e mellorando as posibilidades de éxito dos proxectos.

A importancia actual do fenómeno das empresas multinacionais vén marcada por dous factores fundamentais:

a) O xigantismo empresarial (Puelles, J.A. 1980, p.68). A dimensión e tamaño que adquiriron as grandes corporacións internacionais é impresionante. Organizadas nunha vasta rede de filiais e empresas subsidiarias distribuídas por todo o mundo, controlan sectores económicos básicos e proporcionan emprego (Guilles Merrit 1984, pp.43-52) a millóns de traballadores. Segundo estimacións da OCDE, en 1984 existían máis de dez mil sociedades tecnicamente definidas como multinacionais, e só trescentas cincuenta sociedades proporcionaban traballo, ben directamente ou a tra-

C.8. **GRUPO MONOPOLÍSTICO ROCKEFELLER. CONGLOMERADO DE EMPRESAS EN 1975**




Fonte: Vila Valenti, J. 1977, P. 218.

vés das súas vintecinco mil asociadas, a máis de vintecinco millóns de persoas, contabilizando o vinteoito por cento do PNB do mundo capitalista. Sumando as facturacións obtidas por elas en 1980 obtíñase unha cifra superior ó total do comercio exterior mundial nese ano. Só na OCDE, as empresas multinacionais provén de renda a máis de corenta e dous millóns de traballadores; nalgúns destes países, dous de cada tres obreiros figuran na nómina dunha empresa multinacional ou mixta (Guilles Merrit 1984, p.48). Estimacións máis recentes efectuadas polas Nacións Unidas cifran o emprego directo das empresas multinacionais arredor do tres por cento da forza de traballo mundial, o que equivale a 65 millóns de empregos (43 millóns no país de orixe e 22 millóns nos países de destino, dos que 58 millóns se localizan nos países industrializados, que equivale a un dez por cento do emprego total e o resto, é dicir, sete millóns, nos países menos desenvolvidos, arredor do 1% do emprego total neses países (UNCT 1988).

C.9. **PIB COMPARADO COA CIFRA DE VENDAS DAS 50 MAIORES EMPRESAS MUNDIAIS**

| | | Millóns de dólares 1986 e 1987 | |
|---|---|---|---|
| 1 | Estados Unidos | 4185490 | |
| 2 | Xapón | 1955650 | |
| 3 | Suma 50 maiores | 1505471 | |
| 4 | Suma 20 maiores | 909192 | |
| 5 | R. F. Alemaña | 891990 | |
| 6 | Francia | 724200 | |
| 7 | Suma 10 maiores | 600935 | |
| 8 | Italia | 599920 | |
| 9 | Reino Unido | 468290 | |
| 10 | Suma 5 maiores | 382466 | |
| 11 | Canadá | 323790 | |
| 12 | China | 271880 | |
| 13 | España | 229100 | |
| 14 | Brasil | 206750 | |
| 15 | India | 203790 | |
| 16 | Australia | 184940 | |
| 17 | Holanda | 175330 | |
| 18 | Suíza | 135050 | |
| 19 | México | 127140 | |
| 20 | Suecia | 114470 | |
| 21 | Bélxica | 112180 | |
| 22 | GENERAL MOTORS (USA) | 101871 | Vehículos |
| 23 | Corea do Sur | 98150 | |
| 24 | Austria | 93830 | |
| 25 | Arabia Saudí | 78480 | |
| 26 | ROYAL DUTCH/SHELL (RU/Hol) | 78319 | Petróleo |
| 27 | EXXON (USA) | 76416 | Petróleo |
| 28 | Indonesia | 75230 | |
| 29 | Polonia | 73770 | |
| 30 | FORD MOTOR (USA) | 71643 | Vehículos |
| 31 | Arxentina | 69820 | |
| 32 | Noruega | 69780 | |
| 33 | Dinamarca | 68820 | |
| 34 | Finlandia | 62370 | |
| 35 | Iugoslavia | 61640 | |
| 36 | Arxelia | 60760 | |
| 37 | Sudáfrica | 56370 | |
| 38 | I.B.M. (USA) | 54217 | Ordenadores |
| 39 | Turquía | 52620 | |
| 40 | MOBIL | 51223 | Petróleo |
| 41 | Venezuela | 49980 | |
| 42 | Nixeria | 49110 | |
| 43 | BRITISH PETROLEUM (RU) | 45206 | Petróleo |
| 44 | Tailandia | 41780 | |
| 45 | TOYOTA MOTOR (Xapón) | 41455 | Vehículos |
| 46 | I.R.I. (Italia) | 41270 | Metálicas |
| 47 | Exipto | 40850 | |
| 48 | GENERAL ELECTRIC (USA) | 39315 | Electrónica |
| 49 | DAIMLER BENZ (RFA) | 37535 | Vehículos |

C.9 (Continuación) **PIB COMPARADO COA CIFRA DE VENDAS DAS 50 MAIORES EMPRESAS MUNDIAIS**

| | | Millóns de dólares 1986 e 1987 | |
|---|---|---|---|
| 50 | Grecia | 35210 | |
| 51 | TEXACO (USA) | 34372 | Petróleo |
| 52 | AMERICAN TEL&TEL | 33598 | Petroquímica |
| 53 | Hong Kong | 32250 | |
| 54 | Filipinas | 30540 | |
| 55 | E.I. DU PONT DE NEMOURS (USA) | 30468 | Química |
| 56 | VOLKSWAGEN (RFA) | 30392 | Vehículos |
| 57 | HITACHI (Xapón) | 30332 | Electrónica |
| 58 | Pakistán | 30080 | |
| 59 | Colombia | 29660 | |
| 60 | FIAT (Italia) | 29643 | Vehículos |
| 61 | Israel | 29460 | |
| 62 | Malasia | 27580 | |
| 63 | Portugal | 27480 | |
| 64 | SIEMENS (RFA) | 27463 | Electrónica |
| 65 | MATSUSCHITA ELECTRIC (Xapón) | 27325 | Electrónica |
| 66 | UNILEVER (Ru/Hol) | 27129 | Alimentación |
| 67 | Nova Zelanda | 26630 | |
| 68 | CHRYSLER (USA) | 26257 | Vehículos |
| 69 | PHILIPS (Hol) | 26021 | Electrónica |
| 70 | CHEVRON (USA) | 26015 | Petróleo |
| 71 | NISSAN MOTORS (Xapón) | 25650 | Vehículos |
| 72 | Perú | 25370 | |
| 73 | Emiratos Árabes | 25280 | |
| 74 | RENAULT (Francia) | 24539 | Vehículos |
| 75 | E.N.I. (Italia) | 24242 | Petróleo |
| 76 | Hungría | 23660 | |
| 77 | NESTLÉ (Suíza) | 23626 | Alimentación |
| 78 | BASF (RFA) | 22383 | Química |
| 79 | Kuwait | 22310 | |
| 80 | PHILIP MORRIS (USA) | 22279 | Tabaco |
| 81 | SAMSUNG (Corea) | 21953 | Electrónica |
| 82 | Irlanda | 21910 | |
| 83 | C.G.E. (Francia) | 21204 | Electrónica |
| 84 | ELF AQUITAINE (Francia) | 21186 | Petróleo |
| 85 | BAYER (RFA) | 20662 | Química |
| 86 | HOECHST (RFA) | 20558 | Química |
| 87 | TOSHIBA (Xapón) | 20378 | Electrónica |
| 88 | AMOCO (USA) | 20174 | Petróleo |
| 89 | PEUGEOT (Francia) | 19658 | Vehículos |
| 90 | I.C.I. (RU) | 18232 | Química |
| 91 | Siria | 17400 | |
| 92 | Singapur | 17350 | |
| 93 | HONDA MOTOR (Xapón) | 17237 | Vehículos |
| 94 | UNITED TECHNOLOGIES (USA) | 17170 | Aviación |
| 95 | OCCIDENTAL PETROLEUM (USA) | 17096 | Alimentación |
| 96 | PROCTER & GAMBLE (USA) | 17000 | Cosméticos |
| 97 | Chile | 16820 | |
| 98 | ATLANTIC RICHFIELD (USA) | 16281 | Petróleo |



C.9 (Continuación) **PIB COMPARADO COA CIFRA DE VENDAS DAS 50 MAIORES EMPRESAS MUNDIAIS**

| | | Millóns de dólares 1986 e 1987 | |
|---|---|---|---|
| 99 | RJR NABISCO (USA) | 15868 | Tabaco |
| 100 | PETROBRAS (Bra) | 15640 | Petróleo |
| 101 | Bangladesh | 15460 | |
| 102 | BOEING (USA) | 15355 | Aviación |
| 103 | NEC (Xapón) | 15325 | Electrónica |
| 104 | TENNECO (USA) | 15075 | Petróleo |
| 105 | Marrocos | 14760 | |
| 106 | NIPPON STEEL (Xapón) | 14639 | Metálica |
| 107 | VOLVO (Suecia) | 14576 | Vehículos |
| 108 | Ecuador | 11510 | |
| 109 | Camerún | 11280 | |
| 110 | Birmania | 8180 | |
| 111 | Túnez | 7790 | |
| 112 | Guatemala | 7470 | |
| 113 | Sudán | 7470 | |
| 114 | Costa de Marfil | 7320 | |
| 115 | Omán | 7320 | |
| 116 | Zaire | 6020 | |
| 117 | Kenia | 5960 | |
| 118 | Sri Lanka | 5880 | |
| 119 | Ghana | 5720 | |
| 120 | Uruguai | 5320 | |
| 121 | Rep. Dominicana | 5280 | |
| 122 | Panamá | 5120 | |
| 123 | Etiopía | 4960 | |
| 124 | Zimbabwe | 4940 | |
| 125 | Trinidade e Tobago | 4830 | |
| 126 | Iemen, R. Árabe | 4760 | |
| 127 | Mozambique | 4300 | |
| 128 | Costa rica | 4260 | |
| 129 | Bolivia | 4184 | |
| 130 | Tanzania | 4020 | |
| 131 | Xordania | 4000 | |
| 132 | O Salvador | 3980 | |
| 133 | Senegal | 3740 | |
| 134 | Paraguai | 3590 | |
| 135 | Uganda | 3310 | |
| 136 | Gabón | 3190 | |
| 137 | Honduras | 2960 | |
| 138 | Nicaragua | 2900 | |
| 139 | Madagascar | 2670 | |
| 140 | Papúa-Nova Guinea | 2530 | |
| 141 | Xamaica | 2430 | |
| 142 | Somalia | 2320 | |
| 143 | Nepal | 2200 | |
| 144 | Haití | 2150 | |
| 145 | Níxer | 2080 | |
| 146 | Congo | 2000 | |
| 147 | Guinea | 1980 | |

C.9 (Continuación) **PIB COMPARADO COA CIFRA DE VENDAS DAS 50 MAIORES EMPRESAS MUNDIAIS**

| | | Millóns de dólares 1986 e 1987 |
|---|---|---|
| 148 | Ruanda | 1850 |
| 149 | Zambia | 1660 |
| 150 | Malí | 1650 |
| 151 | Benín | 1320 |
| 152 | Serra Leoa | 1180 |
| 153 | Mauricio | 1160 |
| 154 | Bostwana | 1150 |
| 155 | Malawi | 1100 |
| 156 | Burundi | 1090 |
| 157 | Liberia | 990 |
| 158 | Togo | 980 |
| 159 | Burkina Faso | 930 |
| 160 | Iemen R. Dem. | 930 |
| 161 | Rep. Centroafricana | 900 |
| 162 | Mauritania | 750 |
| 162 | Lesotho | 230 |
| 164 | Buthan | 210 |

Fonte: Vidal Villa, J. M. 1990, pp. 202-206.

Para medi-la dimensión dunha corporación existen varios camiños. Pódese utiliza-lo volume de emprego, os seus beneficios, o número de sucursais, o valor dos seus edificios, etc. Pero a magnitude que, segundo diversos autores, mellor mide a dimensión dunha empresa xigante é o seu volume de vendas, que dá a idea da cantidade bruta de diñeiro que move a empresa. Así, en 1989 menos de cen sociedades do mundo acadaron unha cifra de vendas superior ós 2500 millóns de dólares, o que supón unha excesiva concentración de capitais maioritariamente en mans dunhas poucas sociedades internacionais. En USA menos de duascentas empresas controlan o oitenta por cento do capital nacional, e segundo A. Sabatier o oitenta por cento da producción industrial do mundo occidental procede de mil cincocentas empresas (Sabatier, A. 1975). Mentres tanto, só cincocentas empresas multinacionais controlan o oitenta por cento do investimento estranxeiro directo que se rexistra anualmente no mundo (Durán Herrera, J.J. 1989, p.6).

Practicamente non existe país do mundo onde non se detecte a presencia dalgunha transnacional que estea presente directa ou indirectamente nalgún lugar ou rexión do mundo. As compañías multinacionais, cunha organización tremendamente xerarquizada e cohesionada, cun control máis que salientable sobre a producción industrial mundial, máis do oitenta por cento segundo estimacións da OCDE, con acceso a enormes cantidades de infor-



C.10. **TÁBOA DAS CEN PRIMEIRAS EMPRESAS INDUSTRIAIS DO MUNDO POLA SÚA CIFRA DE VENDAS**

| Anos 89 | 88 | Empresa | País | Actividade | Millóns de dólares Vendas | Beneficio neto | Empregados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 1 | General Motors | EE UU | Automóbil | 126.974 | 4.224 | 775.100 |
| 2 | 2 | Ford Motor | EE UU | Automóbil | 96.933 | 3.835 | 366.641 |
| 3 | 3 | Exxon | EE UU | Petróleo | 86.656 | 3.510 | 104.000 |
| 4 | 4 | Royal Dutch/Shell Group | HOL/RU | Petróleo | 85.528 | 6.483 | 135.000 |
| 5 | 5 | IBM | EE UU | Ordenadores | 63.438 | 3.758 | 383.220 |
| 6 | 6 | Toyota Motor (1) | XAP | Automóbil | 60.444 | 2.631 | 91.790 |
| 7 | 7 | General electric | EE UU | Electrónica | 55.264 | 3.939 | 292.000 |
| 8 | 8 | Mobil | EE UU | Petróleo | 50.976 | 1.809 | 67.900 |
| 9 | 12 | Hitachi | XAP | Electrónica | 50.894 | 1.447 | 274.508 |
| 10 | 9 | British Petroleum | RU | Petróleo | 49.484 | 3.499 | 119.850 |
| 11 | 10 | IRI | ITA | Metalurxia | 49.077 | 1.178 | 416.200 |
| 12 | 16 | Matsushita Electric Ind. (2) | XAP | Electrónica | 43.086 | 1.664 | 193.088 |
| 13 | 11 | Daimler Benz | RFA | Automóbil | 40.616 | 3.585 | 368.226 |
| 14 | 26 | Philip Morris | EE UU | Tabaco | 39.069 | 2.946 | 157.000 |
| 15 | 15 | Fiat | ITA | Automóbil | 36.741 | 2.411 | 286.294 |
| 16 | 13 | Chrysler | EE UU | Automóbil | 36.156 | 359 | 121.947 |
| 17 | 21 | Nissan Motor (2) | XAP | Automóbil | 36.078 | 890 | 117.330 |
| 18 | 20 | Unilever | HOL/RU | Alimentación | 85.284 | 1.730 | 300.000 |
| 19 | 19 | E.I. du Pont de Nemours | EE UU | Química | 35.209 | 2.480 | 145.787 |
| 20 | 24 | Samsung | COR(S) | Electrónica | 35.189 | 515 | 176.947 |
| 21 | 17 | Volkswagen | RFA | Automóbil | 34.746 | 523 | 250.616 |
| 22 | 14 | Siemens (3) | RFA | Electrónica | 32.660 | 787 | 365.000 |
| 23 | 18 | Texaco | EE UU | Petróleo | 32.416 | 2.413 | 37.067 |
| 24 | 27 | Toshiba (2) | XAP | Electrónica | 29.469 | 931 | 125.000 |
| 25 | 29 | Chevron | EE UU | Petróleo | 29.443 | 251 | 54.826 |
| 26 | 23 | Nestlé | SUI | Alimentación | 29.365 | 1.475 | 196.940 |
| 27 | 25 | Renault (4) | FRA | Automóbil | 27.457 | 1.457 | 174.573 |
| 28 | 28 | ENI | ITA | Petróleo | 27.119 | 1.126 | 82.748 |
| 29 | 22 | Philips | HOL | Electrónica | 26.993 | 648 | 304.800 |
| 30 | 34 | Honda Motor (2) | XAP | Automóbil | 26.484 | 759 | 71.200 |
| 31 | 30 | Basf | RFA | Química | 25.317 | 1.071 | 136.900 |
| 32 | 39 | NEC (2) | XAP | Electrónica | 24.595 | 503 | 104.022 |
| 33 | 31 | Hoechst | RFA | Química | 24.403 | 1.026 | 269.295 |
| 34 | 37 | Amoco | EE UU | Petróleo | 24.214 | 1.610 | 53.648 |
| 35 | 32 | Peugeot | FRA | Automóbil | 24.091 | 1.610 | 53.648 |
| 36 | 65 | Bat Industries | RU | Tabaco | 23.529 | 2.123 | 311.917 |
| 37 | 36 | ELF Aquitaine (4) | FRA | Petróleo | 23.501 | 1.132 | 78.179 |
| 38 | 33 | Bayer | RFA | Química | 23.021 | 1.108 | 170.200 |
| 39 | 35 | CGE (Cie. Gén. d'Elect) | FRA | Electrónica | 22.575 | 775 | 210.300 |

C.10. (Continuación). **TÁBOA DAS CEN PRIMEIRAS EMPRESAS INDUSTRIAIS DO MUNDO POLA SÚA CIFRA DE VENDAS**

| Anos 89 | 88 | Empresa | País | Actividade | Millóns de dólares Vendas | Beneficio neto | Empregados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 40 | 38 | Imperial Chemical Ind. | RU | Química | 21.889 | 1.733 | 133.800 |
| 41 | 41 | Procter & Gamble (1) | EE UU | Química | 21.689 | 1.206 | 79.300 |
| 42 | 51 | Mitsubishi Electric (2) | XAP | Química | 21.213 | 415 | 85.723 |
| 43 | 45 | Asea Brown Boveri | SUI | Bens de Equipo | 21.209 | 589 | 189.493 |
| 44 | 47 | Nippon Steet (2) | XAP | Metalurxia | 20.767 | 608 | 64.504 |
| 45 | 49 | Boeing | EE UU | Aerospacial | 20.276 | 973 | 159.200 |
| 46 | 40 | Occidental Petroleum | EE UU | Alimentación | 20.068 | 285 | 53.500 |
| 47 | 46 | Daewoo | COR(S) | Bens de Equipo | 19.981 | 115 | 91.056 |
| 48 | 43 | United Technologies (5) | EE UU | Aerospacial | 19.766 | 702 | 201.400 |
| 49 | 63 | Fujitsu (2) | XAP | Ordenadores | 18.734 | 541 | 104.503 |
| 50 | 48 | Eastman Kodak | EE UU | Fotografía | 18.546 | 529 | 137.750 |
| 51 | 52 | Thyssen (3) | RFA | Metalurxia | 18.299 | 408 | 133.824 |
| 52 | 55 | USX | EE UU | Petróleo | 17.755 | 965 | 53.610 |
| 53 | 53 | Dow Chemical | EE UU | Química | 17.730 | 2.487 | 62.111 |
| 54 | 54 | Xerox | EE UU | Fotografía | 17.635 | 704 | 111.400 |
| 55 | 66 | Total | FRA | Petróleo | 16.927 | 346 | 41.200 |
| 56 | 64 | Mitsubishi Motors (2) | XAP | Automóbil | 16.840 | 147 | 37.908 |
| 57 | 90 | Sony (2) | XAP | Electrónica | 16.680 | 564 | 78.900 |
| 58 | 62 | Petrobás (4) | BRA | Petróleo | 16.360 | 513 | 67.676 |
| 59 | 57 | Robert Bosch | RFA | Automóbil | 16.263 | 333 | 174.742 |
| 60 | 44 | Atlantic Richfield | EE UU | Petróleo | 15.905 | 1.953 | 26.600 |
| 61 | 68 | Unisor (4) | FRA | Metalurxia | 15.630 | 1.061 | 96.933 |
| 62 | 59 | Mazda Motor (2) | XAP | Automóbil | 15.573 | 99 | 28.382 |
| 63 | 70 | Pepsico | EE UU | Bebidas | 15.411 | 901 | 266.000 |
| 64 | 61 | INI (4) | ESP | Metalurxia | 15.277 | 703 | 151.423 |
| 65 | 69 | Pemex (4) | MEX | Petróleo | 15.258 | 320 | 164.744 |
| 66 | 50 | RJR Nabisco Holdings (8) | EE UU | Alimentación | 15.224 | -1.149 | 48.000 |
| 67 | 67 | Mitsubishi Heavy In. (2) | XAP | Bens de Equipo | 15.007 | 482 | 55.500 |
| 68 | 60 | McDonnell Douglas | EE UU | Aerospacial | 14.995 | 219 | 127.926 |
| 69 | 91 | British Aerospace | RU | Aerospacial | 14.895 | 382 | 125.600 |
| 70 | 56 | Volvo | SUE | Automóbil | 14.638 | 837 | 75.340 |
| 71 | 71 | Nippon Oil (2) | XAP | Petróleo | 14.563 | 216 | 9.669 |
| 72 | 58 | Tenneco | EE UU | Bens de Equipo | 14.439 | 584 | 90.000 |
| 73 | — | Grand Metropolitan (3) | RU | Alimentación | 14.275 | 1.806 | 152.175 |
| 74 | 79 | BMW | RFA | Automóbil | 14.098 | 296 | 66.267 |
| 75 | — | Pechiney (4) | FRA | Metalurxia | 13.987 | 524 | 70.000 |
| 76 | — | Petróleos de Venezuela (4) | VEN | Petróleo | 13.677 | 2.718 | 46.940 |
| 77 | 76 | Electrolux | EE UU | Electrónica | 13.300 | 355 | 152.913 |
| 78 | 82 | Digital Equipment (1) | EE UU | Ordenadores | 12.866 | 1.073 | 125.800 |



C.10. (Continuación). **TÁBOA DAS CEN PRIMEIRAS EMPRESAS INDUSTRIAIS DO MUNDO POLA SÚA CIFRA DE VENDAS**

| Anos 89 | 88 | Empresa | País | Actividade | Millóns de dólares Vendas | Beneficio neto | Empregados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 79 | 73 | Westinghouse Electric | EE UU | Electrónica | 12.844 | 922 | 121.963 |
| 80 | 77 | Rockwell International (3) | EE UU | Aerospacial | 12.633 | 735 | 108.715 |
| 81 | 75 | Ciba-Geigy | SUI | Química | 12.598 | 952 | 92.553 |
| 82 | 83 | Philips Petroleum | EE UU | Petróleo | 12.492 | 219 | 21.800 |
| 83 | 80 | Ruhrkohle | RFA | Minería | 12.422 | 30 | 124.838 |
| 84 | — | Bridgestone | XAP | Caucho | 12.397 | 68 | 93.193 |
| 85 | 42 | Ferruzzi Finanziaria | ITA | Química | 12.047 | 227 | 44.546 |
| 86 | 72 | Thomson (4) | FRA | Electrónica | 12.027 | 78 | 100.000 |
| 87 | 78 | Allied-Signal | EE UU | Aerospacial | 12.021 | 528 | 107.100 |
| 88 | 87 | Minnesota Minning & MFG | EE UU | Fotografía | 11.990 | 1.244 | 87.600 |
| 89 | 99 | Hewlwtt-Packard (7) | EE UU | Ordenadores | 11.899 | 829 | 95.000 |
| 90 | 81 | Mannesmann | RFA | Bens de Equipo | 11.873 | 246 | 125.785 |
| 91 | 95 | Hanson (3) | RU | Construcción | 11.833 | 1.862 | 89.000 |
| 92 | 74 | Kuwait Petroleum (1) (4) | KUW | Petróleo | 11.797 | 735 | 15.372 |
| 93 | 89 | Sara Lee (1) | EE UU | Alimentación | 17.387 | 411 | 100.000 |
| 94 | — | BTR | RU | Construcción | 11.544 | 1.082 | 109.501 |
| 95 | 84 | Rhſne-Poulenc | FRA | Química | 11.463 | 642 | 86.100 |
| 96 | — | International Paper | EE UU | Prod. forestais | 11.378 | 864 | 63.500 |
| 97 | — | Conagra (6) | EE UU | Alimentación | 11.340 | 198 | 48.131 |
| 98 | 96 | Petrofina | BEL | Petróleo | 11.270 | 554 | 23.600 |
| 99 | — | Idemitsu Kosan (2) | XAP | Petróleo | 11.249 | 13 | 5.292 |
| 100 | — | Enimont | ITA | Química | 11.192 | 522 | 52.656 |

(1) Datos do 30 de xuño de 1989. (2) Datos do 31 de marzo de 1989. (3) Datos do 30 de setembro de 1989. (4) Propiedade do Goberno. (5) Incluído Sheller-Globe, adquirido o 9 de novembro de 1989. (6) Datos do 31 de maio de 1989. (7) Incluído Apollo, adquirida o 18 de maio de 1989 e datos do 31 de outubro de 1989. (8) O pasado ano chamada RJR Nabisco.

Fonte: Fortune, 30 de xullo de 1990. En: Anuario El País. 1991, p. 386.

mación básica e coa tecnoloxía máis avanzada, constitúen, utilizando a terminoloxía de Turner, *auténticos imperios invisibles* (Turner, L. 1973). Poden actuar paralelamente ou mesmo en competencia cos Estados, dos que as fronteiras xa non contan para eles, e moitos dos cales teñen, en comparanza co seu, un poder de categoría municipal. Lembremos que un bo número de empresas supranacionais, radicadas esencialmente en países desenvolvidos, teñen facturacións anuais superiores ó PNB de moitos países. Como dato exemplar hai que cita-lo caso da empresa automobilística *General Motors*, que no exercicio de 1989 facturou case 127.000 millóns de

dólares, cifra moi superior ó PNB de países desenvolvidos como Finlandia, Noruega, Austria e Dinamarca, así como de numerosos países en vías de desenvolvemento (ver cadro 9).

Outro dos datos altamente significativos da dimensión das grandes corporacións multinacionais é o volume de empregados. Considerando unicamente o emprego directo que proporcionan, as magnitudes son ben salientables. Se se considera o emprego das 1000 maiores empresas multinacionais, a cifra é superior ós 31 millóns de traballadores. Hai que subliñar que numerosas filiais de multinacionais aparecen xuridicamente funcionando como independentes, cando en realidade forman parte dun mesmo grupo empresarial, co que o grao de control e a magnitude das sociedades multinacionais, en canto a facturación e emprego, se vería enormemente incrementado. De tódolos xeitos, os datos publicados pola revista norteamericana *Fortune* o 1 de agosto de 1988 e o 24 de abril de 1989 poñen de manifesto que as 500 primeiras empresas norteamericanas ocupaban a case 13 millóns de traballadores, mentres que as 500 primeiras empresas non norteamericanas daban emprego a 18,5 millóns de traballadores.

b) Influxo e poder na configuración económica mundial. Certamente, as empresas multinacionais están desempeñando un importante papel como axentes e motores activos na mundialización (Beaud, M. 1989) e internacionalización do capitalismo e na "constitución dun único goberno mundial rexido polos intereses dos grandes monopolios internacionais" (Vidal Villa, J.M. 1990, p.218). Este comportamento das grandes empresas xa foi prognosticado por diversos autores como R. Luxemburg ou N. Bujarin, que baseaban os seus argumentos na imparable expansión mundial do capitalismo e a formación de grandes monopolios a nivel mundial. Mesmo Bujarin chegou a falar de superimperialismos, entendidos como anulación das diferencias nacionais entre Estados e a constitución dun único goberno mundial. Hoxe o proceso de mundialización da actividade económica xa é un feito, gracias á hexemonía financeira e empresarial das empresas multinacionais (Alan, M.; Rugman e Alain Verbeke 1991, pp.27-39).

As empresas multinacionais foron creando organizacións cun enorme poder, como a Trilateral (Orrantía Díez, M. 1979), que intentan incidir e dirixi-lo futuro económico e político do sistema capitalista mundial. Esta organización constitúe un foro privado de debate que trata de poñer en contacto persoeiros norteamericanos, europeos e xaponeses. O interese por achegar e discutir iniciativas para resolve-los grandes problemas internacionais está



C.11. **COTA DO MERCADO MUNDIAL DAS PRINCIPAIS EMPRESAS MULTINACIONAIS**

| PRODUCTO | Nº DE EMPRESAS | % DEL OUTPUT | ANO |
|---|---|---|---|
| Cru | 7 | 25 | 1979 |
| Petróleo refinado | 7 | 40 | 1979 |
| Ferro | 7 | 50 | 1976 |
| Cobre | 7 | 23 | 1981 |
| Bauxita | 6 | 45 | 1982 |
| Alumina | 6 | 50 | 1982 |
| Aluminio | 6 | 46 | 1982 |
| Bananas | 3 | 75 | 1970 |
| Vehículos | 8 | 76 | 1983 |
| Tractores | 10 | 70 | 1979 |
| Maquinaria agrícola | 11 | 73 | 1980 |
| Neumáticos | 6 | 70 | 1982 |
| Cigarrillos | 7 | 59 | 1974 |
| Tim Smeltoy | 4 | 50 | 1980 |
| Niquel | 4 | 60-64 | 1978 |
| Semiconductores | 10 | 66 | 1986 |
| Telecomunicacións | 9 | 89 | 1985 |
| Computadoras | 1 | 50 | 1986 |
| Computadoras | 10 | 100 | 1986 |

Fonte: UNCTC. 1988. Duran Herrera, J. J. 1989, P. 53.

na óptica das súas pretensións básicas. Entre os seus membros encóntrase o mellorciño da elite mundial e os seus informes seguen influíndo nas decisións dos gobernos (Capilla, L. 1986). Persoeiros do mundo empresarial, políticos e intelectuais de España forman tamén parte desta organización privada (Martínez Echevarría, M. 1990, pp.127-130).

### 5.1. Control da innovación

A preponderancia e dominio das empresas multinacionais na xeración e control de tecnoloxía é absoluto. Segundo un estudio realizado pola Comisión do Acordo de Cartagena para a UNCTAD "a maioría das patentes non está en mans de inventores individuais senón de grandes empresas transnacionais (Jouet, J. 1979, p.49), e débese a priori ó predominio das empresas supranacionais no labor de I+D. A xeito de exemplo, en 1984, segundo un estudio do Senado norteamericano, as compañías multinacionais financiaban o oitenta por cento da investigación industrial que se realizaba no

mundo (Morcillo Ortega, P. 1984, p.79). Do mesmo xeito, preto do noventa por cento das patentes actualmente válidas están concedidas a empresas multinacionais, e esta porcentaxe, segundo apuntan tódolos indicios, tende a evoluír desde os últimos anos máis ó seu favor (Reiffers, J. 1982, p.273). Se a estes datos lles engadimos que o noventa por cento das oitocentas maiores empresas capitalistas do mundo pertencen a países desenvolvidos, como ben se puido comprobar, pódese afirmar que o esforzo innovador realizado nas economías occidentais está practicamente concentrado nas empresas multinacionais.

O destacado protagonismo das empresas multinacionais na xeración de tecnoloxía non é recente, senón máis ben antigo. Segundo os datos achegados pola National Science Board para USA, en 1983 dos 49.800 millóns de dólares destinados a investigación e desenvolvemento o 70% concentrábase nos sectores de alta tecnoloxía e o 75% realizábano as firmas máis grandes, que son na súa maioría sociedades multinacionais. Tamén no Xapón e en Alemaña, dous países punteiros en I+D, o 80 e o 72% dos gastos de investigación e desenvolvemento realízanse a través dos grandes grupos multinacionais (Bertin, G.; e Coyatt, S. 1986, p.53). Estes grandes grupos multinacionais, axentes activos da innovación tecnolóxica (Cantwell, J. 1990), están localizados, como xa se viu, nos países desenvolvidos. A súa presencia constitúe unha garantía para os países xeradores de tecnoloxía, que obteñen fabulosos ingresos mediante a entrada de divisas procedentes da venda de tecnoloxía ós países atrasados e en vías de desenvolvemento.

Os verdadeiros artífices da economía moderna, as empresas multinacionais, exercen un preponderante influxo na adquisición de licencias e patentes. Apodéranse da propiedade industrial que confire a adquisición ou compra dunha licencia ou patente, e utilizan a invención rexistrada cando o cren oportuno. É dicir, que a explotación das innovacións pode retrasarse infinitamente. A supremacía da xeración de innovacións está baseada nunha estratexia política de captación de cerebros alí onde traballan.

No terreo da transferencia internacional de tecnoloxía, a multinacional é o principal vehículo e deixa baixo o seu total dominio científico a tódolos países receptores. Esta circunstancia dáse, como veremos, dun xeito salientable en Galicia. A tecnoloxía importada polas empresas galegas procede, case na súa totalidade, de empresas multinacionais europeas e norteamericanas.

A pesar de que na práctica as empresas multinacionais son moi restrictivas á hora de transferi-los seus coñecementos tecnolóxicos, estas poden difundi-la tecnoloxía, seguindo a Michalet, de dous xeitos fundamentais:



a) Mediante difusión interna. Neste caso a difusión de tecnoloxía a penas sobrepasa as fronteiras da propia empresa subsidiaria ou filial, xa que se dá en filiais de producción, orientadas fundamentalmente cara á exportación, ou en empresas subsidiarias moi pouco inmersas na estructura da economía do país hóspede e moi próxima á casa matriz. Nestas circuntancias, os froitos para o sistema nacional que recibe a tecnoloxía pódese afirmar que en I+D son practicamente nulos, ó producírense fortes restriccións na filtración de coñecementos.

b) A través de difusión externa. Acontece cando as empresas filiais están máis entretecidas na economía nacional na que se enclavan. No caso de que se trate dunha filial de relevo, é dicir, cando se dedica fundamentalmente ó control do país onde está localizada, a vixiancia adoita ser moi estreita para evitar precisamente a difusión de tecnoloxía, ó constituír esta a súa principal vantaxe no mercado en cuestión. Queda sen embargo un posible camiño para esa difusión a través dos productos terminados que fabrica a empresa multinacional. Pero esa posibilidade depende substancialmente do estado de desenvolvemento do sistema nacional de Ciencia e Tecnoloxía e da súa capacidade de asimila-la tecnoloxía incorporada nos productos (Michalet, Ch.A. 1979).

Para rematar, hai que sinalar que as transnacionais utilizan ás veces os contratos tecnolóxicos como principal vehículo de transnacionalización e como medio axeitado para transferir beneficios ás agachadas. O primeiro dos casos pode producirse, segundo o Comité de Finanzas do Senado dos Estados Unidos, nalgunha das seguintes ocasións:

a) Cando o mercado é demasiado pequeno para levar adiante un investimento directo abondo rendoso.

b) Cando existen restriccións legais ó investimento estranxeiro directo.

c) Se a cambio da tecnoloxía cedida poden obter outras licencias de importancia para os seus planos estratéxicos.

d) Cando o acceso ó mercado é máis sinxelo que co investimento directo. En moitas ocasións a penetración vía cesión de tecnoloxía dá paso, co paso do tempo, a unha penetración de capital.

e) Se os impostos que recaen sobre as regalías son menores cós que recaen sobre as rendas de investimento.

f) Cando a través da licencia é posible explora-lo mercado cun custo menor.

g) Se con iso se respecta mellor calquera normativa verbo do investimento estranxeiro ou se cran menos receos contra os axentes estranxeiros na economía hóspede (Molero Zayas, J. 1975, p.118).

Outra especialista neste campo, Sánchez Muñoz, ó incidir sobre este tema, engade que as empresas que controlan os coñecementos tecnolóxicos optarán por cedelos vía contratos cando:

a) Se trate dunha tecnoloxía obsoleta.

b) Existan outras equivalentes.

c) A empresa vexa próximo o momento de acadar outra innovación máis vantaxosa.

Outro dos aspectos máis polémicos que se critica ás empresas multinacionais está relacionado coas vendas e compras a prezos anormais coñecidas co nome de *operacións cruzadas*. Como se sabe, as empresas multinacionais transladan de xeito encuberto beneficios dunha filial á outra a través de operacións internas baseadas en recarga-los prezos da tecnoloxía que venden ás súas subsidiarias. Neste sentido, a tecnoloxía é con frecuencia un dos medios que utilizan as empresas transnacionais para transferir beneficios ás agachadas. Para iso a casa matriz tende a vender tecnoloxía en forma de licencias, patentes e prestacións de asistencia técnica en xeral ás súas filiais e empresas subsidiarias a prezos anormais, moi por riba do seu custo real. Isto explica que o pagamento de *royalties* constitúa un xeito de transferir beneficios, xa que se deducen como gastos á hora de determina-la base impoñible da sociedade que os aboa (Puelles, J.A. 1980, p.205). Por tanto, o feito de que as casas matrices se dediquen a recarga-los prezos dos productos e da tecnoloxía que venden as súas filiais obedece a unha razón principal, a evasión fiscal.

Unha vez abordadas moi sinteticamente as cuestións tecnolóxicas relacionadas coas empresas multinacionais, interésanos salienta-la total preponderancia destas na xeración, control e difusión de tecnoloxía no mundo. O seu liderato nas actividades de I+D obriga a numerosos países do mundo, sexan capitalistas ou socialistas, a depender tecnoloxicamente destes novos e impresionantes valuartes da economía do século XX que son as empresas multinacionais.

### *5.1.1. Localización das actividades de I+D*

No presente século a investigación converteuse nunha actividade organizada, realizándose cada vez máis en centros especializados, tanto públicos coma privados. A actividade que desenvolven estes centros ou departamentos especializados coñécese co nome de investigación e desenvolvemento. Estes grandes departamentos de investigación, instalados maioritariamente nos países desenvolvidos, teñen a súa orixe en Estados Unidos, a finais do século XIX. Hoxe xeneralizáronse nas grandes empresas industriais, especialmente nos sectores máis dinámicos. Esta institucionalización da busca de investigacións supuxo un cambio radical nos xeitos de xerar novas tecnoloxías. Nas sociedades máis desenvolvidas a busca de invencións transformouse nunha actividade organizada a gran escala, propiciada e sostida polo Estado e as empresas multinacionais, que destinan unha importante parte dos seus presupostos á investigación (Berín, G.; Coyatt, S. 1986). Diversos tipos de centros e axentes participan na busca de invencións e na xeración de tecnoloxía: institutos de investigación do sector público e privado (Universidades, institutos oficiais de investigación, hospitais, empresas, etc.), laboratorios e departamentos de I+D das propias empresas privadas e de inventores individuais. O peso destes últimos é cada vez menos importante. De feito, hai que recoñecer que a complexidade da ciencia moderna desprazou case totalmente o sabio clásico, o individuo excepcional que traballa en solitario con medios precarios. Imponse o traballo de equipo utilizando aparellos custosos e medios economicamente ilimitados, só accesibles para os gobernos ricos e para as grandes empresas internacionais.

C.12. **RECURSOS DESTINADOS Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO NO MUNDO EN 1980. DISTRIBUCIÓN POR ESPACIOS XEOGRÁFICOS**

| | Científicos e enxeñeiros empregados en I + D | | | Gastos destinados a I + D en 1980 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Continentes e grupo de países | Científicos e enxeñeiros | % | Por cada millón de habitantes | Gastos en I + D en millóns de dólares | % | % do P.N.B. |
| Europa | 839.473 | 22,3 | 1.735 | 70.649 | 34,0 | 1,7 |
| Asia | 693.659 | 18,5 | 273 | 30.661 | 14,8 | 1,1 |
| África | 16.387 | 0,4 | 49 | 698 | 0,3 | 0,3 |
| América Latina e Central | 90.936 | 2,4 | 251 | 3.745 | 1,8 | 0,4 |
| América do Norte | 674.725 | 18 | 2.679 | 66.646 | 32,1 | 2,3 |
| Estados Árabes | 33.686 | 0,9 | 206 | 1.027 | 0,5 | 0,2 |
| Oceanía | 33.889 | 0,9 | 1.472 | 1.953 | 0,9 | 1,1 |
| URSS | 1.373.300 | 36,6 | 5.172 | 32.421 | 15,6 | 4,6 |
| P. Desenvolvidos | 3.336.072 | 88.8 | 2.986 | 194.852 | 93,8 | 2,2 |
| P. Subdesenvolvidos | 420.028 | 11,2 | 127 | 12.949 | 6,2 | 0,4 |

Fonte: Anuario Estatístico 1987. UNESCO, París.

As cifras destinadas á investigación sinalan diferentes categorías de nacións: as que ocupan os lugares privilexiados, que dispoñen de sumas máis elevadas que lles permiten desenvolver innovacións obtendo beneficios pola exportación das súas patentes, fronte ós que se demoraron, mantendo un desnivel científico e tecnolóxico cada vez maior en relación coas grandes potencias. Se observámo-lo cadro 12 podemos afirmar que as actividades de I+D se localizan case na súa totalidade nos países desenvolvidos. A nivel mundial prodúcese unha forte centralización da producción de coñecementos científicos e tecnolóxicos. Segundo as estimacións da UNESCO, o 94 por cento do total de gastos dedicados a investigación e desenvolvemento no mundo corresponden ós países industrializados. Do mesmo xeito, estes países posuían en 1980 o 88,8% dos científicos e enxeñeiros existentes no mundo dedicados a actividades de I+D, ou sexa, case dez veces máis cós países en vías de desenvolvemento. Dado o ritmo de crecemento actual, os técnicos da UNESCO consideran que se necesitaría todo un século para corrixir este forte desequilibrio científico entre os países ricos e os pobres. Nesta liña, a Confederación Mundial do Traballo, nun estudio realizado sobre a transferencia de tecnoloxía, estimaba que tan só un 6 por cento, máis ou menos, dos 35 millóns de patentes válidas en 1976 correspondían ós países en vías de desenvolvemento (CMT 1976, p.24).

O cadro 12 reflicte claramente o contraste de recursos destinados a I+D existente entre continentes ou grupos de países. Mentres que os gastos dedicados á investigación e ó desenvolvemento experimental na antiga Unión Soviética, América do Norte e Europa representa o 4,6, o 2,3 e o 1,7 por cento respectivamente do seu PNB, o grupo de países subdesenvolvidos de África, América Latina, Asia e Estados Arabes a penas destinaban o 0,5 por cento.

A antiga Unión Soviética, malia se-lo país que contaba co maior volume de científicos e enxeñeiros dedicados ós labores de I+D, case un 37 por cento do total mundial, e destinar máis do 4,6 por cento do seu PNB a gastos de investigación, case na súa totalidade destinados ó eido militar, non chega a acada-lo nivel nin o volume de gastos que os Estados Unidos destinan a tarefas de investigación científicas e técnicas. Concretamente, en 1980, segundo datos da UNESCO, para establecer un punto de comparación, USA destinou a I+D un total de 82.017 millóns de dólares, fronte ós 32.421 da antiga Unión Soviética, o que representa un 43,2 por cento inferior ó volume de investimento realizado polos Estados Unidos.



A debilidade dos sistemas de investigación científica e técnica dos países en desenvolvemento é evidente. Entre eles, o número de investigadores por cada 10.000 habitantes era inferior a dous en 1970, pero equivalía a 27 nos Estados Unidos, a dez en Francia e a oito en Dinamarca (Thébaud, S. 1976, p.129). En 1980, as diferencias mantéñense substancialmente. Segundo os datos publicados pola UNESCO, o número de científicos e enxeñeiros empregados en traballos de investigación e desenvolvemento por cada millón de habitantes era de 2986 nos países desenvolvidos, fronte a só 127 nos subdesenvolvidos. A nivel mundial, os países con maior número de científicos e enxeñeiros por cada millón de habitantes eran en 1985, aínda que con fortes contrastes entre si, os países da OCDE e a Comunidade de Estados Independentes. Individualmente, Xapón, CEI e Israel son os máis destacados neste eido científico a nivel mundial, con 5352 e 9525 científicos e enxeñeiros respectivamente.

Cómpre sen embargo precisar que hai unha grande disparidade científica entre os países en desenvolvemento. Así, países como a India e os de América Latina teñen, por razóns históricas e culturais, un adianto neste eido que non se debe esquecer con respecto ó resto de países atrasados. Tamén é moi acusada a diferencia en relación cos recursos financeiros, xa que a maioría dos países en vías de desenvolvemento dedican menos do 0,5 por cento do seu PIB ós gastos de investigación, mentres que en países cun alto nivel de vida como USA, Xapón, Suíza, República Federal de Alemaña ou Suecia esa proporción é superior ó 2,5 por cento.

Estas condicións que acabamos de comentar explican que as investigacións que se realizan nos países en desenvolvemento teñan un impacto moi pequeno na evolución do sistema productivo xerando, ademais, unha dependencia e un déficit tecnolóxico difícil de corrixir a curto prazo. Xa que logo, os países do terceiro mundo están condenados, se queren obter resultados inmediatos que faciliten o seu desenvolvemento económico e social, a importar e asimilar correctamente tecnoloxía estranxeira.

A instalación por parte de empresas multinacionais de centros I+D nos países en vías de desenvolvemento constitúe unha vía óptima que favorece o desenvolvemento e a asimilación de tecnoloxía por parte do país receptor. Neste sentido, é interesante salientar que aínda que a maior parte das actividades de I+D das multinacionais están centralizadas no país da casa matriz (nos países da OCDE oito firmas controlan o 50 por cento da investigación) obsérvase unha certa tendencia, especialmente nos últimos anos,

a localizar parte de tales actividades nos países de destino das filiais. Distintos estudios ó respecto o confirman. Así, a multinacional suíza *Nestlé*, con filiais en Galicia, non realiza polo xeral actividades de I+D nos países do terceiro mundo, agás as relativas ó tena India, motivadas pola existencia de materias primas locais específicas. Esta forma de deslocalización dos centros de investigación é frecuente nas empresas que pola causa que for se interesan polos productos da agricultura. A *United Fruit Co*, por exemplo, ten tamén desde hai bastantes anos laboratorios e plantacións experimentais en diversos países de América Central. Nestes centros as investigacións refírense ós medios típicos de loita contra as enfermidades que afectan ás bananas e á mellora das especies (Perroux, F. 1969, p.410).

A comezos dos anos 80 as firmas multinacionais non realizaban máis có 8 por cento das súas actividades de I+D fóra dos seus países orixinarios, e só o 0,5 por cento nos países subdesenvolvidos. Se a este dato lle engadimos que a xerarquía dos países en materia de investigación e desenvolvemento coincide máis ou menos coa dos países polo seu volume de investimentos no estranxeiro (Andreff, 1987, pp.86-86) fica claro que os países subdesenvolvidos permanecen polo xeral á marxe das capacidades de creación tecnolóxica a través da investigación e desenvolvemento industrial. Así e todo, as investigacións deste últimos anos salientan unha constante descentralización, tendendo cada vez máis as empresas multinacionais a localizaren tamén os seus laboratorios e centros de I+D nos novos países industrializados e en vías de desenvolvemento, especialmente naqueles que dispoñen dun potencial humano e tecnolóxico axeitado.

Os estudios realizados ó respecto confirman que o volume de mercado e a existencia de investigadores e de nivel tecnolóxico no país receptor son determinantes para a descentralización das actividades de I+D, de tal xeito que, canto maior peso teñan estes, maior será a actividade investigadora descentralizada da casa matriz polas empresas multinacionais (Sánchez Muñoz, P. 1984, pp. 84-88).

### *5.1.2. Principais xeradores de tecnoloxía*

Tal como viamos anteriormente, a capacidade investigadora e innovadora do planeta localízase nos países desenvolvidos. Dentro deste grupo, os países membros da OCDE constitúen o principal epicentro productor de tecnoloxía do mundo. Así, segundo datos publicados polo citado organismo internacional, o volume de gastos en I+D realizados polo conxunto dos vintecinco países membros acadou en 1985 os 231.039 millóns de dólares, o que representa case o 99 por cento dos gastos efectuados polos países desenvolvidos e preto do 90 por cento do total mundial. Analizando polo miúdo os datos reflectidos no cadro 14, pódense tira-las seguintes conclusións:

1) EE.UU é o país da OCDE e do mundo que destina máis recursos a I+D, xuntando case o 50% dos gastos destinados a ese concepto e o 43 por cento do total de investigadores da OCDE.

2) Só sete países: USA, Xapón, Alemaña, Francia, Reino Unido, Italia e Canadá destinaron en conxunto durante 1985 un total de 211.074 millóns que dólares, o que supón o 91,3 por cento do total de gastos realizados polo conxunto de países membros da OCDE. Do mesmo xeito, este reducido grupo de países conta co 95,8 por cento do total de investigadores existentes nese organismo internacional. Quitado o caso de Italia e Canadá, os demais destinan ás actividades de I+D máis do 2,3% do seu PIB. Destacan Xapón, USA e Alemaña, que superan o 2,6 por cento. Loxicamente, estes datos, unidos ó número de patentes que cada ano rexistran, contra o 82,1 por cento do total mundial (Delicado Montero Ríos 1989, p.7), converten a este privilexiado grupo dos sete no foco xerador de tecnoloxía do mundo.

3) Aténdonos á porcentaxe do PIB destinado a I+D, podemos establecer tres grupos de países (ver cadro 13):

A. Grupo I. Países moi intensivos en I+D. Destinan máis do 2% do seu PIB.

B. Grupo II. Países con intensidade media en I+D. Este grupo está formado por Estados que destinan entre o un e o dous por cento.

C. Grupo III. Países pouco intensivos en I+D. Agrupa o conxunto de nacións que destinan menos do 1 por cento do seu PIB a este tipo de actividades.

4) Outra conclusión derivada é que se confirma a tendencia ó aumento relativo do financiamento privado á custa do público na maior parte dos países. O financiamento realizado polas empresas e a industria supera o 50 pr cento do total en dez países, mentres que o resto das actividades de I+D son financiadas maioritariamente en partes iguais polo Goberno e as empresas industriais.

5) Parece darse unha coincidencia na actualidade entre os países máis desenvolvidos tecnoloxicamente e os que teñen un maior financiamento privado destas actividades (ver cadro 14). Pola contra, nos países de nivel tecnoló-

C.13. **FINANCIAMENTO DOS GASTOS INTERIORES BRUTOS DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO**

| | Fondos Públicos (52% ou máis) | En partes iguais F. Públicos-Privados | Fondos Privados (52% ou máis) |
|---|---|---|---|
| GRUPO I | Francia | Estados Unidos<br>Reino Unido | R.F. de Alemaña<br>Xapón<br>Países Baixos<br>Suecia<br>Suiza |
| GRUPO II | Australia<br>Nova Zelanda | Austria<br>Canadá<br>Italia | Bélxica<br>Finlandia<br>Noruega |
| GRUPO III | Grecia<br>Islandia<br>Portugal | Irlanda | España<br>Iugoslavia |

Fonte: Elaboración propia.
Grupo I: Países moi intensivos en I + D.
Grupo II: Países medianamente intensivos en I + D.
Grupo III: Países pouco intensivos en I + D.

xico nacente o sector público financia en grande medida as actividades de I+D. Isto explícase en parte, segundo un estudio realizado por Rodríguez Romero, porque nos países cun sector tecnolóxico desenvolvido existe un fluxo neto de recursos que se transfiren do sector público ó privado. Pola contra, nos países tecnoloxicamente atrasados, as empresas transfiren normalmente recursos ó sector público para que este investigue (Rodríguez Romero, L. 1977, pp.661-698). Non debemos esquecer, neste sentido, que as Universidades e Centros Estatais se dedican prioritariamente á investigación fundamental ou de base, mentres que as empresas privadas concentran os seus esforzos na investigación aplicada e no desenvolvemento tecnolóxico de productos e procesos.

Constátanse por tanto, unha vez máis, as diferencias neste terreo entre países ricos e pobres. Diferencias que o paso do tempo tende por desgracia a facer máis agudas de xeito ininterrompido se a vontade de cooperación entre os países non consigue modifica-la tendencia actual, máis inclinada a perpetua-lo desequilibrio existente ca a erradicalo.

A nivel mundial, pódese afirmar que a vangarda da investigación tecnolóxica aparece case exclusivamente monopolizada por dúas grandes potencias económicas: USA e Xapón.

Os EE.UU, como ben apunta A. Fernández, "... ó compraren ciencia mediante a atracción dos cerebros europeos ás súas universidades e labo-



C.14. **CANTIDADE DE RECURSOS DESTINADOS Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO EN 1985 NOS PAÍSES DA OCDE**

| Países | Gastos interiores brutos en I + D | | | | Número de Investigadores | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Millóns de Dólares | Fontes de financiamento % | | | Inves-tigadores | Por cada 10.000 da poboación activa |
| | | % P.I.B. | F. Públicos | A Industria | | |
| R.F. de Alemaña | 19.983,6 | 2,6 | 36,7 | 61,8 | 143.627 | 52 |
| Australia | 2.200,6 | 1,1 | 64,7 | 32,1 | 29.236 | 40 |
| Austria | 1.035,1 | 1,2 | 48,1 | 49,1 | 7.609 | 23 |
| Bélxica | 1.493,7 | 1,5 | 31 | 65,8 | 10.943 | 26 |
| Canadá | 5.352,5 | 1,3 | 48,9 | 41,7 | 37.140 | 30 |
| Dinamarca | 785,3 | 1,2 | 46,5 | 49,2 | 8.567 | 31 |
| España | 1.552,6 | 0,5 | 45,2 | 49,6 | 16.294 | 12 |
| Estados Unidos | 109.730,0 | 2,7 | 50,3 | 47,9 | 762.400 | 65 |
| Finlandia | 847,6 | 1,5 | 42,3 | 55,6 | 9.421 | 37 |
| Grecia | 201,7 | 0,3 | 74,4 | 25,6 | 3.051 | 8 |
| Irlanda | 190,3 | 0,7 | 48,5 | 43,3 | 3.626 | 28 |
| Islandia | 24,3 | 0,7 | 74,7 | 22,5 | 513 | 44 |
| Italia | 7.014,5 | 1,1 | 51,7 | 44,6 | 63.759 | 27 |
| Xapón | 40.064,4 | 2,8 | 21,0 | 68,9 | 473.296 | 79 |
| Luxemburgo | — | — | — | — | — | — |
| Noruega | 940,2 | 1,6 | 45,9 | 51,0 | 9.692 | 47 |
| Nova Zelanda | 335,3 | 1,0 | 80,8 | 19,2 | | |
| Países Baixos | 3.437,3 | 2,1 | 44,2 | 51,7 | 24.150 | 42 |
| Portugal | 201,4 | 0,4 | 62,1 | 30,8 | 3.475 | 8 |
| Reino Unido | 14.358,7 | 2,3 | 43,4 | 46,1 | | |
| Suecia | 2.946,5 | 2,7 | 34,0 | 63,3 | 19.600 | 45 |
| Suíza | 2.533,9 | 2,5 | 23,4 | 76,6 | 10.720 | 34 |
| Turquía | 356,7 | 0,2 | | 7.747 | 4 | |
| Iugoslavia | 881,6 | 0,7 | 32,3 | 59,6 | 30.564 | |
| Francia | 14.571,1 | 2,2 | 52,9 | 41,4 | 102.250 | 43 |

Fonte: L'Observateur de la OCDE (1988). OCDE en Chiffres. Statistiques sur les pays membres.
Supplément a L'Observateur de L'OCDE nº 152, juin/juillet, OCDE. París.

ratorios, conseguiron vantaxes especiais. O remata-la segunda guerra mundial, os sabios alemáns e os laboratorios científicos foron transportados a USA e á Unión Soviética, co que a ciencia e a tecnoloxía xermana se converteron en pancas para a supremacía das dúas potencias da postguerra" (Fernández, A. 1980, p.484). Despois da segunda guerra mundial as taxas de crecemento das economías desenvolvidas de Europa, EE.UU. e Xapón foron as máis altas da historia, como probaron os traballos de numerosos historiadores. Este desenvolvemento débese, en grande parte, á introducción xeneralizada e sistemática de innovacións técnicas nos procesos de producción.

Xapón foi o país que máis soubo evoluír no terreo tecnolóxico, deseñando e aplicando unha acertada política científica que lle deu excelentes resultados e que moitos países deberían seguir. Desenvolveu as súas actividades

de I+D cara á adaptación das técnicas importadas. A política tecnolóxica emprendida por este país antes da guerra perseguía, segundo K. Oshima, unicamente dous obxectivos:

1) Asimilar a curto prazo as técnicas estranxeiras e incorporalas ós procedementos de producción empregados.

2) Reforzar a longo prazo a capacidade tecnolóxica nacional. Para iso o goberno nipón tomou catro tipos de medidas:

a) Aplicación de técnicas occidentais adiantadas.

b) Fomento da adaptación e creación dunha tecnoloxía nacional.

c) Fomento das innovacións e da difusión da tecnoloxía no sector tradicional.

d) Formación de man de obra especializada, capaz de asimila-la tecnoloxía importada. Esta asimilación resultou posible gracias ó desenvolvemento dun sistema de educación e a un labor de investigación establecido xa desde un comezo (Oshima, K. 1972, pp.59-74). Por outra banda, hai que recoñecer que a comezos do século XX o réxime de propiedade industrial non estaba protexido cun sistema de patentes tan férreo coma o de hoxe, o que facilitaba enormemente o proceso de asimilación tecnolóxica moito máis ca hoxe. A antiga Unión Soviética, malia contar co maior número de científicos e enxeñeiros, e de destinar unha alta porcentaxe do PIB a I+D, superior ó de calquera país do mundo, non é capaz de superar en rendibilidade a potente maquinaria tecnolóxica norteamericana.

Queda claro que a actividade investigadora do planeta está concentrada nos países da OCDE. Especialmente nos EE.UU., Xapón, Francia, Alemaña e o Reino Unido, dispoñen de complexos e prestixiosos sistemas de investigación, tanto a nivel estatal coma no propio seo das empresas privadas. Os centros de investigación máis prestixiosos do mundo están localizados precisamente neses países. Como exemplo hai que cita-la NASA e a Universidade de Harvard en USA, o Instituto Pasteur en Francia, o Instituto Max Planck na República Federal de Alemaña, a Academia de Ciencias de Moscú en Rusia e algunhas Universidades do Reino Unido.

Numerosas empresas multinacionais de alto poder monopolístico situadas nestes países dispoñen de sofisticados laboratorios de investigación capaces de acaparar, por tanto, a maior parte das innovacións que se producen no mundo.



### *5.1.3. A venda de tecnoloxía*

Durante bastante tempo as empresas privadas non tiveron como obxectivo básico vender tecnoloxía senón bens e servicios que elas mesmas producían. Sen embargo, hoxe en día a tecnoloxía converteuse nun ben económico moi cotizado, do que a venda pode encaixar e de feito encaixa perfectamente na estratexia de crecemento de moitas empresas, nomeadamente cando o labor de investigación se converteu nunha actividade de producción que está moi ben pagada. Na actualidade, a venda de tecnoloxía constitúe unha importante fonte de ingresos dun bo número de empresas. Xa en 1971, segundo un estudio da Comisión Arancelaria de USA, as empresas transnacionais conseguían grandes ingresos mediante a transferencia de tecnoloxía. Concretamente, o 90 por cento da totalidade dos dereitos pagados a EE.UU. en concepto de axuda e venda de tecnoloxía efectuados por este país foi parar ás empresas multinacionais (Reiffers, J.L. 1982, p.271).

A venda de tecnoloxía está practicamente controlada na súa totalidade polas grandes empresas multinacionais. As súas principais protagonistas son as empresas filiais ou satélites das transnacionais que comercializan os seus coñecementos técnicos no marco da venda de licencias, de *know-how* ou de *show-how* e do subministo de bens de producción (fábricas xa instaladas cos productos xa rematados). As grandes empresas dispoñen de filiais dedicadas exclusivamente á venda de tecnoloxía, especialmente as empresas de enxeñería e de asesoramento tecnolóxico.

Nembargante, as filiais ou satélites máis activas das empresas transnacionais en materia de ciencia e tecnoloxía son as chamadas Oficinas de Concepción Tecnolóxica. A concepción tecnolóxica consiste "no conxunto de métodos e de estructuras de organización que permite domina-las informacións científicas, técnicas e económicas que se precisan para a concepción e a realización óptima do capital nun conxunto productivo coherente" (Perrin, J. 1978, p.58). Estas circunstancias, sumadas ó volume de medios financeiros cos que contan converten as empresas multinacionais nas máximas ofertadoras de tecnoloxía na actualidade. A dependencia tecnolóxica destas grandes entidades económicas é total. Así, a construcción dos grandes complexos petroquímicos depende sempre das grandes empresas internacionais: *Lummus, Kellog, Power-Gas, Snam Projetti e Technip*, que garanten a producción da tecnoloxía das empresas multinacionais. No sector do aluminio, hoxe en día todo país que desexe producilo ten que aceptar necesariamente as condicións dos cinco grandes colosos mundiais

do sector: *Alcan, Alcoa, Kaiser, Reynolds e Pechiney* (Judet, P. 1978, pp.50-52).

En canto ás características dos mercados tecnolóxicos, hai que salientar que o excesivo monopolio que exercen as empresas multinacionais na venda de tecnoloxía, unido ás características do ben que se intercambia, dificulta a existencia dun auténtico mercado tecnolóxico no sentido tradicional do termo. En opinión dos expertos da OCDE, a fixación do prezo da tecnoloxía non obedece ás leis da oferta e da demanda (OCDE 1981, p.9). Isto débese en gran parte a que os mercados tecnolóxicos adoitan ser fortemente imperfectos, debido ós seguintes factores relacionados coas peculiaridades da tecnoloxía:

1) A tecnoloxía é un ben económico que, polo xeral, non se produce para ser vendido.

2) A inadaptación da tecnoloxía importada ás necesidades do comprador. En efecto, adoita ser máis barato utilizar e transferi-lo que xa se ten, é dicir, unha tecnoloxía concibida para os países de alta renda e escasez relativa de traballo, ca utilizar recursos para desenvolver técnicas máis axeitadas para os países menos desenvolvidos (Vaitsos, C. 1975, p.155).

3) A abundancia de coñecementos non patentados conduce a unha ausencia de transparencia nos mercados, orixinando grandes imperfeccións. O comprador a miúdo non sabe exactamente o que compra, non coñece as técnicas dispoñibles a nivel mundial e ten dificultades para selecciona-las máis axeitadas para a empresa e para o país. Neste sentido, os prezos altos, as tecnoloxías inapropiadas ou a aceptación de condicións onerosas será a regra no canto da excepción.

4) A inexistencia dun prezo de equilibrio. O prezo vai depender da capacidade negociadora de ámbalas partes. Normalmente existen distintos prezos para distintos mercados, en función de quen sexa o comprador e das condicións da cesión. O custo da transacción para o vendedor é cero, posto que xa realizou previamente o investimento, aínda que a cantidade que obteña polo producto lle deberá permitir financia-la renovación da mesma.

5) A introducción nos contratos de cláusulas abusivas por parte do país ou da empresa que cede a tecnoloxía.

6) A falta de criterios e de procedementos uniformes entre os distintos países á hora de vender ou comprar tecnoloxía.



7) As prácticas restrictivas realizadas polas empresas á hora de transferi-los seus coñecementos tecnolóxicos.

Todos estes factores, unidos ás peculiares características da tecnoloxía, contribúen a que os mercados tecnolóxicos sexan moi imperfectos, ó non axustárense estrictamente ó mecanismo da oferta e da demanda. Xa que logo, as empresas venderán tecnoloxía non en función da situación do mercado senón máis ben obedecendo a outros intereses e cando realmente lles conveña vendela. As empresas xeradoras de tecnoloxía procuran mante-lo seu liderato, o que os leva moitas veces a non ceder tecnoloxía ós seus competidores.

## 5.2. Control do investimento

A empresa multinacional é sen lugar a dúbidas o axente dinamizador por excelencia do investimento estranxeiro que se realiza a nivel internacional (Michalet, C.A. 1985). Sirva como dato o feito de que en 1980 un total de 500 empresas multinacionais eran titulares do 80% do investimento estranxeiro directo total rexistrado a nivel mundial (Durán Herrera 1989, p.6).

C.14-R. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO DIRECTO NO EXTERIOR. 1975-1985**
(Porcentaxes)

| | 1975 | 1980 | 1981 | 1982 | 1983 | 1984 | 1985 | 1975-80 | 1981-85 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| – *Países menos desenvolvidos* | 1,1 | 1,8 | 0,6 | 3,5 | 2,7 | 1,5 | 2,0 | 1,3 | 2,0 |
| – *Economías de mercado desenvolvidas* | 98,9 | 98,2 | 99,4 | 96,5 | 97,3 | 98,5 | 98,0 | 98,7 | 98,0 |
| Europa | 38,5 | 49,2 | 54,2 | 59,8 | 61,8 | 58,8 | 55,1 | 45,8 | 58,0 |
| Francia | 4,7 | 5,2 | 8,3 | 8,5 | 4,5 | 5,1 | 3,8 | 4,4 | 5,9 |
| Alemaña, R.F. | 10,0 | 10,5 | 9,5 | 10,4 | 12,2 | 12,8 | 9,7 | 11,0 | 10,8 |
| Italia | 1,2 | 1,2 | 2,5 | 3,1 | 5,6 | 4,7 | 3,1 | 1,0 | 3,7 |
| Holanda | 8,1 | 10,1 | 8,6 | 9,9 | 9,9 | 6,2 | 6,0 | 9,3 | 7,9 |
| Reino Unido | 10,5 | 19,0 | 21,9 | 21,4 | 21,4 | 19,3 | 18,9 | 16,9 | 20,6 |
| Xapón | 6,2 | 4,0 | 8,9 | 13,5 | 9,5 | 14,5 | 10,9 | 5,5 | 1,5 |
| Estados Unidos | 50,0 | 36,5 | 22,9 | 18,8 | 9,2 | 11,7 | 22,1 | 41,5 | 16,9 |
| Outros países desenvolvidos | 4,2 | 8,5 | 13,5 | 4,3 | 16,8 | 13,5 | 10,0 | 6,0 | 11,6 |
| – MUNDO | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 |
| **Promemoria:** (Miles de millóns de dólares) | | | | | | | | | |
| – MUNDO | 28,4 | 59,3 | 55,4 | 33,4 | 38,0 | 40,9 | 59,0 | 41,4 | 45,3 |
| *España* | 0,1 | 0,3 | 0,3 | 0,6 | 0,3 | 0,3 | 0,3 | 0,2 | 0,4 |
| % | 0,3 | 0,5 | 0,5 | 1,8 | 0,8 | 0,7 | 0,5 | 0,4 | 0,9 |

Fonte: U.N.C.T.C. (1988). Durán Herrera, J.J. 1989, p. 50.

As grandes posibilidades que lle ofrece o mercado mundial, especialmente ás empresas multinacionais para acumular stocks de investimento, permítelles acomete-la maior parte dos investimentos que se rexistran. Con iso exercen un total dominio e control sobre o conxunto do investimento estranxeiro. Este procede, por tanto, dos países desenvolvidos. En efecto, o 98 por cento dos fluxos de investimento estranxeiro que se realizan no mundo proceden dos países con economías de mercado desenvolvidas. A capacidade de Europa en conxunto mantense e mesmo vese incrementada, mentres que os EE.UU. rexistran un substancial descenso, próximo ó 30%, con respecto á década dos setenta. Individualmente, os países que nos últimos anos están rexistrando un maior volume de investimentos no estranxeiro son o Reino Unido, EE.UU., Xapón e a República Federal de Alemaña. As empresas multinacionais destes catro países controlan e dirixen o 60 por cento do total do investimento estranxeiro directo que se rexistra actualmente no mundo.



# CAPÍTULO III. **A ATRACCIÓN DE CAPITAL ESTRANXEIRO EN ESPAÑA DESDE 1960**

A finais da década dos anos cincuenta a situación da economía española faise practicamente insostible, "a reducida dimensión do mercado interior e o progresivo retraso das empresas españolas (tamaño das plantas industriais, baixa productividade, antigüidade do equipo, niveis e técnicas de producción, métodos de xestión e organización, etc.)" (Muñoz, J.; Roldán, S. e Serrano, A. 1972, p.17). Esta situación, unida ós graves problemas existentes na balanza de pagamentos, cada vez máis deficitaria, precipitaron definitivamente a crise do *modelo autárquico* (Muñoz, J. e outros 1972, pp.18-19), dando paso en 1959 a unha etapa de reordenamento económico, adoptando medidas de clara tendencia á liberalización dos intercambios interiores e exteriores da economía, ó tempo que se programaba o seu saneamento coa posta en marcha do denominado *Plano de Estabilización Económica* (Ros Hombravella, J. e outros 1978, pp.309-390).

Con este plano, España comezaba unha nova etapa, marcada pola liberalización da economía, creando unha lexislación cada vez máis permisiva coa entrada de capitais estranxeiros. Precisamente a lexislación sobre capitais foráneos constituíu, xunto con outras medidas, un dos piares máis importantes da nova política económica asociada ó citado Plano (Gamir, L. 1980, pp.60-69). Deste xeito, o Goberno comprometíase nas limitacións impostas á participación de capital estranxeiro en empresas españolas, eliminando progresivamente as restriccións á repatriación de capital e beneficios. Estes criterios xerais quedaron reflectidos no Decreto Lei do 6 de xullo de 1959, que recolle no seu preámbulo expresamente a seguinte ralación de motivos:

a) Fomenta-la entrada de capital estranxeiro e o grao de competencia entre as empresas.

b) A necesidade de complementa-los recursos internos cos externos co fin de impulsa-lo desenvolvemento.

c) O desexo de aumenta-la eficacia das empresas españolas e de eleva-la productividade das mesmas.

d) Equilibra-la balanza de pagamentos e a incorporación acelerada de tecnoloxía que "aínda que non está explicitada, pode supoñerse que era a vía principal por onde se agardaba obte-la maior gañancia e productividade" (González González, M.J. 1979, p.219).

Por tanto, a atracción de capital estranxeiro en España faise efectiva a partir de 1959. Desde ese momento o Estado irá progresivamente liberalizando xa non só os investimentos estranxeiros senón tamén a contratación de tecnoloxía foránea, tal e como imos comprobar a seguir.

## 1. A CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA

Na década dos anos corenta, como é abondo coñecido, acométese unha política de industrialización baseada na substitución de importacións, forzada, en certa medida, polo illamento español e polas consecuencias da segunda guerra mundial (García Delgado e outros 1970, pp.274-276). Establécense férreos controles á penetración de tecnoloxía estranxeira mediante os denominados *Certificados de Excepción*. Pero o máis significativo a salientar é que o illamento que sofre España neste período se traduce nunha practicamente nula competencia estranxeira. En consecuencia, as empresas españolas poden vender calquera cousa que produzan, case con total independencia da súa calidade e nivel técnico.

Coa liberalización e apertura ó exterior que se inicia nos primeiros anos cincuenta e que se consolida a partir do 27 de xullo de 1959 coa promulgación do Decreto Lei da Xefatura do Estado, a economía española principia unha nova etapa, gracias ó cambio de mentalidade imposto por algún dos nosos antigos gobernantes. Nesta etapa desaténdese totalmente a producción de tecnoloxía propia e prodúcese, segundo os expertos, unha desconexión entre a marcha xeral da economía e a investigación oficial. Os bens, as técnicas estranxeiras e posteriormente o capital convértense en achegas ben recibidas pola nosa industria. Esta situación responde, obviamente, ó clima xeral que reinaba en todas partes durante aquel período de crecemento da economía española. O recurso á tecnoloxía estranxeira constituíu, desde comezos dos anos corenta, un dos soportes básicos do nacemento de novas actividades productivas.

En opinión de Molero y Buesa, o recurso á tecnoloxía foránea non é algo que xorde espontaneamente no decorrer do proceso industrial, senón que constituíu un dos obxectivos explícitos da política industrial do franquismo (Buesa, M. e Molero, J. 1989). As autoridades económicas adoptaron, e hoxe séguenо mantendo aínda, unha posición activa neste eido, aceptando a incorporación de tecnoloxía estranxeira nos procesos industriais nacionais.

O escaso interese que espertaba a investigación propia quedaba reflectido nas seguintes palabras de Antonio Róbert, antigo Director Xeral de Industria. Para el era necesario "botar man da colaboración técnica estranxeira, porque a técnica doutros países leva moitos anos de adianto á nosa, por circunstancias políticas e económicas derivadas do devir histórico (...). Por iso parece ociosa perda de tempo e de esforzo atentatoria ós intereses da economía nacional tratar de reinventar, dispoñendo de moitos menos recursos, o que xa inventaron outros, cando esoutros nos ofrecen o froito de longos anos de esforzo, a cambio dunha remuneración razoable (...). Cando asimilemos integramente a técnica estranxeira daquela poderemos dedicarnos a mellorala". Do mesmo xeito se expresaba o presidente do INI, para quen "(...) as achegas de técnica ou capital estranxeiro para potencia-la nosa industria ou a nosa economía en xeral son e serán, en consecuencia, non só perfectamente recibidas senón estimuladas e desexadas" (Buesa, M. e Molero, J. 1986, p.290). Con este tipo de medidas fomentábase claramente a importación de tecnoloxía estranxeira.

Na actualidade, o Goberno Español segue potenciando a entrada de tecnoloxía estranxeira, especialmente naqueles sectores e proxectos industriais onde a capacidade tecnolóxica española é deficitaria ou non está abondo desenvolvida. Preténdese con iso aproveita-las achegas tecnolóxicas procedentes do exterior, coidando que a súa entrada é beneficiosa para o progreso e o desenvolvemento tecnolóxico e industrial do noso país.

### 1.1. Marco legal

#### *1.1.1. Antecedentes*

No noso país non existe unha regulación legal propiamente dita sobre a contratación de tecnoloxía estranxeira ata 1973. Co decreto 2343/1973 do 21

de setembro e maila Orde do 5 de decembro do mesmo ano sobre inscrición dos contratos de transferencia de tecnoloxía no Rexistro do Ministerio de Industria, o Goberno Español establece por primeira vez un mecanismo de control que regulará a entrada de tecnoloxía estranxeira no noso país. Ata o de agora os pagamentos por tecnoloxía estranxeira estaban dispostos ás disposicións sobre control de cambios (Muro de la Vega 1972, p.59), coma calquera outro pagamento ó exterior, pero sen existir un control especial sobre os contratos de tecnoloxía estranxeira. Entre os antecedentes normativos máis importantes están:

a) Decreto do 5 de xuño de 1940 e Orde do 17 de decembro do mesmo ano. O decreto esixía que os contratos de licencias sobre especialidades farmacéuticas estranxeiras se instrumentasen en escrituras públicas. A Orde obrigaba a presentar na Dirección Xeral do Ministerio de Industria os contratos de licencia co estranxeiro que estivesen daquela en vigor.

b) A Resolución do desaparecido Instituto Español de Moneda Estranjera do 17 de marzo de 1961. Esta resolución incorporou á nosa normativa o *Código de Operacións Invisibles Correntes* da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico. Con esta resolución liberalizábanse os pagamentos por unha serie de operacións ou conceptos (asistencia técnica, dereitos de autor, patentes e marcas).

c) A circular 249 do 10 de agosto de 1968 dictada polo IEME. Esta circular, respectando o Código de Liberalización da OCDE, impoñía a obriga de presenta-los contratos tecnolóxicos ó IEME antes da súa entrada en vigor co fin de poder realiza-la comprobación e verificación da súa autenticidade e regulación.

d) A decisión número 24 da Comisión do Acordo de Cartagena do 30 de decembro de 1970 sobre o réxime común de tratamento ós capitais exteriores e sobre marcas, patentes, deseños e regalías. O contido desta decisión afectou ós países do Grupo Andino pero, segundo Paloma Sánchez, serviu de inspiración á lexislación española e á de numerosos países hispanoamericanos (Sánchez Muñoz, P. 1984, p.155).

### *1.1.2. Período 1960-1988*

Tendo como un dos nosos obxectivos prioritarios analiza-la entrada de tecnoloxía en Galicia, resulta sumamente imprescindible coñece-la lexislación que afecta a esta vía de entrada de capital estranxeiro no noso país durante os últimos trinta anos.



Como indicabamos ó comezo deste capítulo, recorrer á tecnoloxía estranxeira constituíu, desde comezos dos anos sesenta, un dos obxectivos básicos propostos polas autoridades económicas para reduci-la importación de productos foráneos e incrementa-la producción nacional. O Estado favoreceu a importación masiva de tecnoloxía estranxeira case sen ningún tipo de restricción ata 1973. A partir dese ano, coa entrada en vigor do decreto 2343, a importación de tecnoloxía sométese por fin a un control máis rigoroso para evitar cláusulas abusivas por parte das empresas cesoras. Resumindo o contido da normativa vixente durante o período 1965-1988 diremos que:

a) Ata 1973, ó non existir un mecanismo perfectamente establecido na normativa legal, os contratos sobre transferencia de tecnoloxía estranxeira estaban suxeitos ó control e, dalgunha maneira, á aprobación do Ministerio de Industria, como requisito previo á toma do contrato polo IEME.

b) O Decreto 2343/1973 do 21 de setembro polo que se regula a transferencia de tecnoloxía, a Orde do 5 de setembro de 1973 do Ministerio de Industria pola que se regula a inscrición de contratos de transferencia de tecnoloxía no Rexistro creado polo Decreto Anterior e a Orde do 30 de xullo de 1981 pola que se modifica a regulación da inscrición de contratos tecnolóxicos constituirán o marco legal máis efectivo que regulará os contratos de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía estranxeira ata 1988, ano en que entrou en vigor a nova normativa sobre esa mateira (BOE 13-01-1988).

c) Segundo este paquete de normas dictadas a partir de 1973, o adquiridor da tecnoloxía estaba obrigado a solicita-la inscrición do contrato no Rexistro creado na Dirección General de Promoción Industrial y Tecnología do Ministerio de Industia e Enerxía. Neste rexistro deberíanse inscribir, agás os suscritos pola Administración do Estado, tódolos contratos sobre transferencia de tecnoloxía estranxeira. Esta inscrición debía contar coa autorización do Ministerio de Industria, a través da Dirección General de Transacciones Exteriores, para que puidese efectuarse o pagamento que fose de regra pola tecnoloxía adquirida. No contrato detállanse datos sobre a empresa ou entidade adquiridora e cesora da tecnoloxía, así como unha breve descrición do contido tecnolóxico que se transfire.

d) A normativa legal vixente desde 1973 ata 1988 dotaba a Administración Central de capacidade para aceptar ou rexeitar un contrato de transferencia de tecnoloxía. As competencias estaban divididas entre dous organismos. Por unha banda, a *Dirección General de Innovación Industrial y Tec-*

*nología* e por outra a *Dirección General de Transacciones Exteriores* do actual Ministerio de Economía e Facenda. Para a inscrición do contrato no rexistro de transferencia de tecnoloxía necesitábase a aprobación do mesmo polo Ministeiro de Industria. A intervención estatal tiña como fin mirar polos intereses do empresariado español e evitar cláusulas abusivas nos contratos que puidesen ser desfavorables para as empresas españolas.

e) A Orde Ministerial do 14 de setembro de 1974 posibilitaba a transacción de tecnoloxía sen necesidade de autorización previa do contrato, cando se trataba de servicios de escasa importancia cuantitativa, polo que, de feito, na inmensa maioría dos casos, cando se daba esta circunstancia non se producía, segundo Sánchez Muñoz, a inscrición de contratos no rexistro (Sánchez Muñoz, P. 1984, p.159).

f) Segundo o establecido no decreto 3099 do 26 de novembro de 1976, as empresas con maioría de capital estranxeiro non podían pagar tecnoloxía á súa matriz ou asociadas, salvo que se tratase de servicios de asistencia técnica concretos e claramente xustificados. Desgraciadamente, esta Lei non se cumpriu na práctica ó existiren numerosos contratos entre filiais e casa matriz efectuados por empresas participadas por capital estranxeiro, tal e como se verá en posteriores capítulos.

g) Co Real Decreto 1750/1987 do 18 de decembro (BOE 13-01-1988) liberalízase definitivamente a prestación de asistencia técnica estranxeira a empresas españolas. Este Real Decreto facilita, como veremos máis adiante, a entrada acelerada de tecnoloxía foránea no conxunto do territorio español. O citado Decreto, que deroga expresamente a normativa ata daquela vixente, ten como finalidade exclusiva dispoñer dun coñecemento cualitativo detallado sobre o tipo de tecnoloxía e asistencia técnica importada polas empresas españolas. Elimínanse as barreiras existentes para a importación de tecnoloxía estranxeira e establécese un sistema de simple verificación administrativa. Só o art. 2 no seu apartado 6 pon énfase en que a verificación favorable só poderá ser denegada cando o valor das contraprestacións pactadas supere claramente o valor real da tecnoloxía transferida ou da asistencia técnica prestada.

### *1.1.3. Elementos do contrato tecnolóxico español*

Seguindo a terminoloxía técnico-xurídica propia do Dereito Administrativo, Muro de la Vega distingue no contrato de transferencia de tecnoloxía estranxeira tres elementos básicos (Muro de la Vega 1972, p.61):

1) Elementos persoais. Os elementos persoais que interveñen no contrato serán o transmisor e o adquiridor. O primeiro será a persoa física ou xurídica residente, domiciliada ou legalmente establecida no estranxeiro ou en España, se a tecnoloxía que se transmite foi orixinalmente adquirida orixinariamente no estranxeiro ou se procede dunha empresa española controlada por un investidor estranxeiro. O adquiridor será a persoa física ou xurídica domiciliada, residente ou legalmente establecida en España que adquira tecnoloxía. Os contratos nos que sexa parte adquirinte a Administración do Estado non estarán suxeitos á intervención pública, segundo establece a regulación sobre transferencia de tecnoloxía existente en España.

2) Elementos reais. Estarán constituídos polas prestacións das partes. É dicir, pola tecnoloxía estranxeira transmitida e pola contraprestación económica que o transmisor recibe do adquiridor.

3) Elementos formais. Refírese á forma de especifica-las condicións da transmisión de tecnoloxía. Os contratos deben realizarse por escrito en español cubrindo un impreso oficial existente con tal fin, e inscribilos no rexistro de contratos existente na Dirección General de Promoción Industrial y Tecnología do Ministerio de Industria e Enerxía.

## 1.2. A importación de tecnoloxía estranxeira

Diversos traballos, especialmente os realizados por autores como Braña, J., Buesa, M., Sánchez Muñoz, P. e Molero Zayas, analizan a compra de tecnoloxía estranxeira efectuada polas empresas españolas no seu conxunto. En todos eles ponse de manifesto a debilidade innovadora e tecnolóxica española (Buesa, M. e Moreno Zayas, J. 1989), así como a acusada dependencia da tecnoloxía estranxeira por parte das empresas españolas (Sánchez Muñoz, P. 1984).

Gracias ás medidas de liberalización que puxo en funcionamento o goberno, as empresas españolas están adquirindo tecnoloxía estranxeira cada ano en maior proporción. Así, a balanza tecnolóxica de España tivo no exercicio de 1990 un déficit de 181.600 millóns de pesetas. En xeral, tal como se pode apreciar no cadro 15, os pagamentos que as empresas españolas realizan en concepto de compra de tecnoloxía estranxeira concéntranse nun 89 por cento en asistencia técnica (47%) e adquisición de patentes, marcas, modelos e inventos (40%). Os pagamentos da balanza tecnolóxica (Puech Fernández Pacheco, R. 1990, pp.1326-1334), segundo datos da Administra-

ción, experimentaron un fortísimo crecemento no último trienio e actualmente quintuplican os ingresos.

De maneira xeral e tomando como referencia o traballo de Sánchez Muñoz sobre a contratación de tecnoloxía estranxeira en España, pódese afirmar que o escaso desenvolvemento tecnolóxico español se manifesta en:

a) Reducido porcentaxe do PIB dedicado a I+D. En 1988 era só o 0,7 por cento, por debaixo do promedio dos países da OCDE, que ese mesmo ano superaban o 1,6.

b) Escaso número de investigadores. Doce por cada dez mil persoas activas, fronte a unha media do 34,5 na OCDE.

c) Só o 20 por cento do financiamento e o 25 por cento dos investigadores corresponden á iniciativa privada, por unha media do 50 e o 60 por cento respectivamente nos países desenvolvidos (Velasco, M. 1988, p.3).

d) En termos relativos, España é o primeiro país importador de tecnoloxía do mundo desenvolvido (Sánchez Muñoz, P. 1984, p.123). Segundo a OCDE, en 1987 o noso país foi o que máis gastou na compra de tecnoloxía estranxeira e o que menos investiu en innovacións propias dentro do conxunto dos países desenvolvidos.


**C.15. A IMPORTACIÓN DE TECNOLOXÍA EN ESPAÑA**
**DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA IMPORTACIÓN DE TECNOLOXÍA: 1989**

| | Saídas por AT — (1) (B) | porcentaxe | Saídas por royalties — (2) (D) | porcentaxe | saídas AT + R (B+D) | Porcentaxe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Francia | 24.009,57 | 20,08 | 15.347,96 | 20,99 | 39.357,53 | 20,42 |
| Bélxica-Luxemburgo | 3.781,27 | 3,16 | 838,43 | 1,15 | 4.619,70 | 2,40 |
| Países Baixos | 4.798,62 | 4,01 | 4.398,99 | 6,02 | 9.197,61 | 4,77 |
| RFA | 24.382,09 | 20,39 | 12.512,55 | 17,11 | 36.894,63 | 19,14 |
| Italia | 3.787,58 | 3,17 | 3,436,63 | 4,70 | 7.224,22 | 3,75 |
| Reino Unido | 15.688,66 | 13,12 | 3.588,51 | 4,91 | 19.277,17 | 10,00 |
| Irlanda | 103,59 | 0,09 | 22,33 | 0,03 | 125,92 | 0,07 |
| Dinamarca | 579,52 | 0,48 | 123,09 | 0,17 | 702,61 | 0,36 |
| Grecia | 37,22 | 0,03 | 5,13 | 0,01 | 42,35 | 0,02 |
| Portugal | 749,99 | 0,63 | 40,28 | 0,06 | 790,27 | 0,41 |
| Total CEE | 77.918,11 | 65,15 | 40.313,90 | 55,13 | 118.232,00 | 61,35 |
| OCDE | 117.417,35 | 98,18 | 71.382,27 | 97,61 | 188.799,63 | 97,97 |
| Suíza - Liechtenstein | 9.288,22 | 7,77 | 10.073,52 | 13,77 | 19.361,74 | 1,05 |
| USA | 23.766,96 | 19,87 | 17.879,07 | 24,45 | 41.646,04 | 21,61 |
| Xapón | 1.778,65 | ,03 | 1.991,70 | 2,72 | 3.770,35 | 1,96 |
| Total países | 119.588,85 | 100,00 | 73.129,06 | 100,00 | 192.717,91 | 100,00 |

(1) Inclúe Asistencia Técnica en sentido estricto, formación de persoal, participación en I + D e programas de ordenador para usos industriais.
(2) Inclúe patentes, marcas, modelos de investimento e gastos de rexistro de patentes e marcas.

Fonte: PUECH FERNANDEZ PACHECO, R. "La balanza de pagos tecnológica". En: Boletín de Información Comercial Española. Semana do 2 ó 8 de abril de 1990. M.E.H. Madrid, p. 1328.

**G.1. PAGAMENTOS EFECTUADOS EN ESPAÑA POLA COMPRA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA**
(miles de millóns de pesetas)




FONTE: Dirección General de Transacciones Exteriores 1991.

f) Na actualidade, USA, Francia, Alemaña, Reino Unido e Suíza seguen sendo os principais provedores de tecnoloxía estranxeira do noso país (ver cadro 15).

g) O sector químico, a automoción, a maquinaria, o caucho e a metalurxia constitúen os principais sectores adquiridores de tecnoloxía foránea.

A debilidade financeira e tecnolóxica das empresas españolas, unida ó conxunto de factores que acabamos de apuntar, colocan a España nunha clara situación de forte dependencia tecnolóxica do exterior, dependencia que se estende, como veremos, ás grandes empresas galegas.

En canto ós factores que favoreceron o escaso desenvolvemento tecnolóxico que afecta a boa parte do conxunto das empresas españolas, obedece, en certa medida, segundo se tira da análise de diferentes traballos, ós seguintes factores:

a) A reducida dimensión media da empresa española. As PEMES non adoitan estar en condicións de acometer fortes investimentos en I+D, ó non contaren con medios abondo (recursos humanos, financeiros, etc.), resultándolles menos arriscada e máis barata e rendosa a curto prazo a adquisición externa de tecnoloxía (Braña, J. e Buesa, M. 1980, p.329).

b) A ausencia dun nivel de autofinanciamento nas empresas, equiparable ó doutros países de maior desenvolvemento.

c) Falta de traballo en equipo. En España está aínda moi estendido o chamado *Síndrome do Premio Nóbel* (Nuño de Olaiz, J. 1979, p.26).

d) A constante fuga de cerebros. Como exemplo, apuntar que dos 2372 físicos licenciados na Universidade española nas doce promocións anteriores a 1969, 1.610, é dicir, o 75 por cento, traballan no estranxeiro (La Vanguardia Española, 16-05-1969). Actualmente o goberno español está adoptando todo tipo de medidas (bolsas especiais que permitan a incorporación e a volta dos científicos que se encontran traballando en laboratorios e centros de investigación estranxeiros).

e) A desconexión existente entre organismos públicos de I+D e os distintos centros operativos. Investígase en poucos sitios e de xeito inconexo, o que dá lugar á duplicidade de recursos e a un desaproveitamento dos resultados.

f) Escasas e ás veces incoherentes políticas de estímulo á investigación, ó investimento científico e á protección dos posibles resultados. Escasa achega de recursos estatais á investigación.

g) Carencia de mecanismos legais axeitados de control e seguimento da compra de tecnoloxía estranxeira ata 1973, ano en que se regula por primeira vez a transferencia de tecnoloxía estranxeira.

Resumindo o contido destes factores, podemos afirmar que a causa principal que produciu o atraso tecnolóxico que aínda padece España en relación con outros países do seu entorno xeográfico baséase na ausencia dunha política estatal de investigación científica e técnica ata mediados os anos oitenta, aínda que esta só exista sobre o papel. A escasez de persoal cualificado e a falta de tradición para asumi-los riscos da investigación propia inclina a moitas empresas españolas a importar tecnoloxía estranxeira de forma incontrolada.

Ante estas deficiencias, o actual Plano Nacional de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico, aprobado polo Consello de Ministros o pasado 19 de febreiro de 1988 intenta mingüar, cun presuposto de 634.171 millóns de pesetas para investir no próximo cuatrienio, a debilidade tecnolóxica que padece o noso país. Para iso están primándose certas liñas e campos de investigación, concedendo axudas a institucións públicas e privadas destinadas á formación de investigadores e centros de investigación. Aínda que estas medidas son novidosas e transcendentes na historia do desenvolvemento tecnolóxico español, haberá que esperar ós resultados para comprobar se se cumpriron os obxectivos previstos.

## 2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO

A adopción de medidas lexislativas, claramente aperturistas e liberalizadoras, co fin de colaborar decididamente co capital estranxeiro favoreceu enormemente a entrada de investimentos estranxeiros. A quebra do modelo autárquico (Muñoz, J., Roldán, S. e Serrano, A. 1979, pp. 18-19), deu paso en 1959 a un sistema manifestamente liberal e especialmente xeneroso cos capitais foráneos. Con normas aperturistas, as autoridades políticas favoreceron a entrada de empresas multinacionais (Cabello, A. 1980, pp.304-312), establecendo para iso unha normativa de control sobre investimentos estranxeiros que se foi modificando pouco e pouco, ata rematar coa práctica liberalización en 1986. Pode afirmarse rotundamente que desde 1959 e ata os nosos días as autoridades españolas adoptaron unha política claramente favorable á entrada de investidores estranxeiros, co propósito de "uni-la sorte do país e das empresas españolas á dos grandes monopolios internacionais" (Puelles, J.A. 1980, p.141).

### 2.1. Marco legal

A normativa reguladora dos investimentos estranxeiros sufriu unha clara evolución liberalizadora desde 1959. Por iso, aténdonos á duración e o período en que se desenvolven, cómpre establecer dous períodos ou etapas para o seu estudio.

### *2.1.1. Período 1960-1973*

Este período caracterízase pola posta en marcha da nova política económica xurdida ó abeiro do Plano de Estabilización Económica de 1959. Durante esa etapa, o investimento estranxeiro aparece regulado baixo o Decreto Lei 16 do 27 de xullo de 1959. Este decreto, que deroga anteriores restriccións que aínda se contemplan nas normativas vixentes, ten un claro signo aperturista, concedendo amplas facilidades e incentivos á entrada de capitais foráneos consistentes en:

a) Autorización para controlar ata o 50 por cento do capital social das empresas, sen que exista limitación de porcentaxe ningunha, segundo o posterior decreto 701/1963 do 18 de abril, cando se trataba de investimentos de capital efectuados en sociedades productivas que estivesen comprendidas nos dezanove sectores de preferente interese económico e social, recollidos no artigo 1 do citado decreto. Para investimentos superiores ó 50 por cento requiríase a autorización do Consello de Ministros. En principio, ficaron excluídas para investidores estranxeiros as empresas relacionadas coa defensa nacional, información e servicios públicos.

b) Decreto de transferencia ó exterior dos beneficios en divisas obtidos e dos capitais investidos, practicamente sen ningunha clase de limitacións (Garcés, V. 1975, p.9).

c) Posibilidade de obtención de créditos por parte das empresas con participación estranxeira no seu capital social, ó especificarse que "as empresas con participación de capital estranxeiro poderán recorrer ó crédito nacional e estranxeiro nas condicións que regulamentariamente se sinalen" (art. 9, Decreto Lei 27-07-1959).

Non hai dúbida de que a adopción destas medidas e a existencia de poderosos estímulos redundou nun forte incremento do volume dos investimentos estranxeiros en España. Así, no período que vai desde 1960 ata 1973, os investimentos estranxeiros en España, nas súas tres modalidades básicas, acadaron os 290.753 millóns de pesetas, pasando dun investimento de pouco máis de 2.957 millóns en 1960 ata os 65.000 millóns en 1973.

### *2.1.2. Período 1974-1990*

Durante este período prodúcense diversas modificacións que atinxen ó regulamento dos investimentos estranxeiros. Con elas danse pasos decisivos cara á total liberalización do capital previstas para o 1 de xaneiro de 1993. Desde



1974 acometéronse diversas modificacións tendentes a controla-la entrada de capital estranxeiro. Estas modificacións e sucesivos cambios aparecen recollidos nas seguintes normativas:

a) Decreto 3021/1974 do 31 de outubro. Con el aprobouse o texto refundido da Lei sobre Investimentos Estranxeiros, do que o regulamento ficou promulgado polo decreto 3022/1974 da mesma data. De acordo con estas disposicións, o investimento estranxeiro pasou a ser posible en tódolos casos e en tódalas formas para calquera investidor. Posteriormente, o decreto 3023/1974 do 31 de outubro eximía de autorización previa para os investimentos maioritarios en empresas dedicadas en España á fabricación de bens de equipo comprendidas na lista (Apéndice do Arancel de Aduanas regulado polo decreto 2790/1965 do 20 de setembro).

Os citados decretos nas súas liñas básicas de actuación consideran como posibles suxeitos activos dos investimentos de capital investidor en España a tódolos estranxeiros sen distinción ningunha. Como norma xeral, a porcentaxe máxima de participación estranxeira era do 50 por cento do capital social da empresa española, sen máis requisito que a simple comunicación ó Rexistro de Investimentos Estranxeiros (Hervás Cuartero, E. 1979, pp.47-67), para a súa inscrición e control, sendo imprescindible a previa autorización administrativa cando a porcentaxe fose superior.

b) Real Decreto 623/1981. Este Decreto supuxo un novo paso no proceso de liberalización empezado en 1959, ó substituí-la autorización administrativa prevista pola Lei pola denominada verificación administrativa para determinados supostos de investimento.

c) Real Decreto 1042/1985 do 29 de maio. Este Decreto produciu cambios importantes. En efecto, aproveitando a necesaria modificación que había que introducir para adapta-lo ordenamento xurídico á normativa da CEE abríronse as portas do país, practicamente sen límites, ó capital estranxeiro, estendéndose o procedemento de simple verificación administrativa establecido no RD 623/ 1981 á totalidade dos investimentos calquera que fose a súa contía. As únicas excepcións son as actividades consideradas de interese nacional (Defensa, información e servicios públicos).

d) As normas básicas actualmente vixentes sobre investimentos estranxeiros en España están recollidos no Decreto Lexislativo 1.265/1986 do 27 de xuño (BOE 27-07-1986) e no Regulamento de Investimentos Estran-

xeiros en España aprobado co Real Decreto 2.077/1986 do 25 de setembro (BOE 7-10-1986). Este conxunto normativo, unido á recente Orde do 4 de febreiro de 1990 sobre investimentos estranxeiros en España (BOE 6-03-1990) significou, de feito, un paso máis cara á total liberalización dos investimentos no noso país. Con esta normativa os investimentos estranxeiros son totalmente libres cando, como consecuencia dos mesmos, a participación estranxeira non supere o 50% do capital social, esixíndose a verificación administrativa a tódolos proxectos nos que a participación estranxeira exceda o 50 por cento. Ademais, quedan totalmente libres os investimentos non superiores ós 25 millóns de pesetas. A verificación administrativa ten unha mera finalidade de control estatístico e informático e un desexo "de coñecer debidamente os investidores estranxeiros que desexan adquirir activos empresariais ou inmobiliarios en España" (Fernández Méndez De Andes, J. 1990, p.1319).

Así e todo, á espera da total liberalización dos movementos de capital (Roldán Jiménez, A. 1990), e á entrada en vigor da nova Lei sobre Investimentos Estranxeiros en España prevista para finais de marzo de 1992, a normativa española vixente mantén a autorización administrativa previa para os investimentos estranxeiros que se pretenden realizar nos xa tradicionais sectores específicos (xogo, actividades relacionadas coa Defensa Nacional, televisión, radio e transporte aéreo). Nestes sectores a participación estranxeira non poderá superar en todo caso o 25 por cento do capital social (art. 26 do Regulamento sobre Investimentos Estranxeiros).

A aplicación da Directiva Comunitaria 88/361 sobre liberalización total de capital na CEE, adiada en España para o 1 de xaneiro de 1993, supoñerá a eliminación de pequenas restriccións, aínda existentes, sobre a libre circulación de capitais en tódolos países da Comunidade Europea. Actualmente a liberalización xa é efectiva en oito países. A entrada en vigor da normativa comunitaria supoñerá, por tanto, a total eliminación de barreiras á entrada de capitais estranxeiros, favorecendo a constitución dun auténtico mercado único no marco dos países da Comunidade Económica Europea.

## 2.2. A penetración de investidores estranxeiros

Desde un punto de vista global, o coñecemento do grao de penetración do capital estranxeiro nas empresas industriais españolas foi levado a cabo por primeira vez en 1972 polo Ministeiro de Industria e Enerxía. Os resultados referíanse ás trescentas maiores empresas industriais de España, resultando que en setenta e seis había participación exterior do 50 por cento máis, o que supoñía un 25,3 por cento do total, mentres as participacións minoritarias representaban o 20,6 por cento, o que supoñía un total de sesenta e dúas empresas. En resumo, resultaba que o 46 por cento das trescentas maiores sociedades industiais españolas contaban con presencia estranxeira no seu capital social.

Os posteriores estudios realizados por diversos autores puxeron de manifesto un claro ascenso en canto á presencia de capitais estranxeiros no noso

C.16. **INVESTIMENTOS ESTRANXEIROS NA ECONOMÍA ESPAÑOLA** (millóns ptas.)

| ANOS | Entradas efectivas segundo Balanza de pagamentos | | | Total | Investimento directo maior do 50% |
|---|---|---|---|---|---|
| | Inv. Directos | Inv. Carteira | Inv. Inmobles | | |
| 1960 | 2.175 | 763 | 19 | 2.957 | 134 |
| 1961-65 (1) | 3.698 | 3.362 | 1.688 | 8.748 | 3.640 |
| 1966-70 (1) | 11.915 | 2.273 | 6.041 | 19.875 | 7.118 |
| 1971 | 14.096 | 1.783 | 18.277 | 34.157 | 8.914 |
| 1972 | 17.761 | 2.242 | 25.459 | 45.463 | 8.962 |
| 1973 | 23.504 | 7.387 | 34.170 | 65.061 | 31.389 |
| 1974 | 20.653 | –3.441 | 26.987 | 44.199 | 11.656 |
| 1975 | 17.627 | –4.031 | 15.670 | 29.266 | 27.911 |
| 1976 | 14.673 | –5.768 | 12.114 | 21.019 | 13.492 |
| 1977 | 23.083 | 701 | 17.244 | 41.030 | 28.042 |
| 1978 | 46.465 | 3.323 | 33.012 | 82.800 | 56.887 |
| 1979 | 54.384 | 6.655 | 36.803 | 97.843 | 80.803 |
| 1980 | 66.398 | 1.225 | 41.955 | 109.579 | 85.415 |
| 1981 | 84.686 | 10.610 | 56.929 | 152.216 | 78.604 |
| 1982 | 106.449 | 1.158 | 72.809 | 180.417 | 182.842 |
| 1983 | 116.882 | 6.882 | 113.793 | 237.558 | 158.179 |
| 1984 | 147.654 | 30.295 | 138.037 | 315.987 | 267.007 |
| 1985 | 193.700 | 120.100 | 163.100 | 529.700 | 280.084 |
| 1986 | 321.300 | 507.400 | 194.900 | 1.350.000 | 400.903 |
| 1987 | 443.600 | 1.482.900 | 227.900 | 2.224.000 | 727.279 |
| 1988 | 691.300 | 1.211.200 | 274.700 | 2.248.600 | 849.500 |
| 1989 | 806.100 | 1.774.000 | 311.300 | 2.993.500 | 1.247.283 |

(1) Medias anuais.

Fonte: Balanza de Pagamentos, D.G.T.E. e elaboración propia.

C.17. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO**

| Países e territorios | 1988 | | 1989 | |
|---|---|---|---|---|
| | Millóns de pesetas | % | Millóns de pesetas | % |
| 1. España | 197.179,2 | 23,38 | 343.738,9 | 17,64 |
| 2. Holanda | 186.505,0 | 22,12 | 190.424,7 | 15,31 |
| 3. Francia | 64.763,3 | 7,68 | 160.472,6 | 12,90 |
| 4. Reino Unido | 110.568,9 | 13,11 | 142.701,3 | 11,47 |
| 5. Suíza-Liechtenstein | 52.019,8 | 6,17 | 90.798,1 | 7,30 |
| 6. R.F.A. | 62.841,9 | 7,45 | 83.673,8 | 6,73 |
| 7. EE.UU. | 33.669,2 | 3,99 | 50.873,3 | 4,09 |
| 8. Italia | 9.115,7 | 1,08 | 38.469,5 | 3,09 |
| 9. Suecia | 10.148,1 | 1,20 | 33.619,3 | 2,70 |
| 10. Xapón | 13.201,4 | 1,57 | 23.475,0 | 1,89 |
| 11. Bélxica-Luxemburgo | 25.270,5 | 3,00 | 22.432,3 | 1,80 |
| 12. Panamá | 10.068,9 | 1,19 | 13.234,8 | 1,06 |
| 13. Xibraltar | 5.549,9 | 0,66 | 8.992,3 | 0,72 |
| 14. Illas Virxes (RU) | 0,0 | 0,00 | 6.612,4 | 0,53 |
| 15. Portugal | 1.314,0 | 0,16 | 5.143,5 | 0,41 |
| 16. Finlandia | 923,1 | 0,11 | 4.158,6 | 0,33 |
| 17. Dinamarca | 3.642,1 | 0,43 | 3.479,1 | 0,28 |
| 18. Noruega | 2.247,0 | 0,27 | 2.996,5 | 0,24 |
| 19. Bermudas | 2.655 | 0,31 | 2.830,6 | 0,23 |
| 20. Andorra | 882,0 | 0,10 | 2.485,3 | 0,20 |
| 20 primeiros países | 793.683,4 | 94,12 | 1.230.611,9 | 98,94 |
| Outros 81 países | 49.570,6 | 5,88 | 13.161,8 | 1,06 |
| Total | 843.254,0 | 100,00 | 1.243.773,7 | 100,00 |

Fonte: Dirección Xeral de Transacións Exteriores.

país. As medidas e liberalizacións antes comentadas tradúcense na práctica nun considerable aumento, case constante, dos investimentos estranxeiros, tal como podemos apreciar no cadro 16. Xunto a esta continua entrada de capital, as empresas multinacionais consolidan a súa posición no noso territorio, tal como puxo de manifesto, xa en 1973, o estudio elaborado por J.M. Castañé sobre a presencia das empresas multinacionais na industria española. O citado autor distinguiu un total de 173 empresas multinacionais con unidades productivas e trinta e seis con unidades de marketing e distribución en España (Castañé, J.M. 1973, pp.10-15). Un estudio relativamente posterior realizado por J.A. Puelles demostra a presencia en España das 500 maiores empresas multinacionais con matriz en USA e das 500 con matriz en Europa (Puelles, J.A. 1980, pp.141-181). As achegas de ámbolos autores e doutros (Cabello, A. 1980, pp.305-312) quedaron máis ca confirmadas co censo de investimentos estranxeiros realizado en 1980. Este puxo de manifesto a existencia en España dun total de 6.232 sociedades con capital estranxeiro (Puig Rojas, E. 1980, pp.7-14).

Nos últimos anos, especialmente desde 1986 coa entrada en vigor da nova Lei sobre Investimentos Estranxeiros, eminentemente liberalizadora, centos de empresas españolas foron adquiridas por investidores estranxeiros (Gómez, C. 1987, pp.2-5) e (Velasco, J., Sanz, E. 1988, pp.58-64). Empresas españolas moi coñecidas, especialmente aquelas vencelladas ó sector alimenticio (*Chorizos Revilla, Cervezas el Aguila, La Cruz del Campo, Koipe, Campofrío, Oscar Mayer, Bodegas Terry, La Menorquina*, etc.) pertencen agora a grupos multinacionais estranxeiros. Só en 1987, segundo datos recollidos no Informe Anual de *Alimarket*, 431 empresas españolas do sector alimenticio tiñan participación estranxeira no seu capital social. Este número de empresas tende a incrementarse anualmente nun 14 por cento (Alimarket 1988, pp.18-29), polo que actualmente pode estimarse en máis de 500 as empresas controladas por multinacionais estranxeiras (Alimarket, 1990).

Polo seu alto rendemento, productividade e acelerado crecemento, os investimentos estranxeiros tenden a concentrarse maioritariamente (80%) na química, metalmecánica, maquinaria eléctrica e vehículos automóbiles. É de salientar que a partir de 1986 o investimento estranxeiro en carteira concentra case o 60 por cento do total dos investimentos estranxeiros rexistrados no noso país. Ata este ano, tal e como se pode apreciar no cadro 16, o investimento exterior optaba maioritariamente pola modalidade directa. Esta situación cambiou coa liberalización dos investimentos que se realizan en carteira, o que explica o fortísimo incremento experimentado nos catro últimos anos nesta modalidade de investimento.



# SEGUNDA PARTE

# A CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA EN GALICIA

# CAPÍTULO IV. **PRINCIPAIS VÍAS DE ENTRADA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA EN GALICIA**

Á marxe da tecnoloxía que directa ou indirectamente se introduce na nosa Comunidade Autónoma mediante o establecemento de convenios de cooperación técnica entre gobernos ou entre organismos internacionais e gobernos, así como a transmisión que se produce a través de publicacións de tipo científico, interésanos neste capítulo comenta-las tres principais vías a través das que a tecnoloxía estranxeira entra nas empresas galegas. De acordo con este posicionamento distinguiremos tres sistemas fundamentais de transmisión e adquisición de tecnoloxía estranxeira:

1. A importación de productos.
2. O investimento estranxeiro directo.
3. A realización de contratos de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía estranxeira.

## 1. A IMPORTACIÓN DE PRODUCTOS ESTRANXEIROS

A compra de bens de equipo, de consumo ou de plantas *chave en man* supón un intercambio de tecnoloxía na medida en que esta se atopa incorporada ós bens que se adquiren, polo que constitúe unha entrada indirecta de tecnoloxía. Así e todo, só existirá transferencia de tecnoloxía cando a empresa adquiridora teña capacidade abondo e medios humanos e técnicos para reproduci-los bens que adquiriu.

Sen embargo, non toda importación de productos se traduce sistematicamente en penetración de tecnoloxía estranxeira. Isto só acontecerá, segundo Huguel, cando se trata de productos ou de bens "con forte contido tecno-

lóxico. Deste xeito, os bens importados terán un alto valor tecnolóxico cando a súa fabricación requira fortes investimentos en investigación e desenvolvemento. Neste sentido, para coñece-lo contido tecnolóxico das nosas importacións débense establecer medidas valorativas a priori de cada partida arancelaria e coñecer ademais o baremo similar establecido no país de orixe (Haguel, C. 1981, pp.924-929).

A adquisición de plantas chave en man é frecuente que leve consigo simultaneamente asistencia técnica para a súa posta en marcha. É dicir, coa importación ou compra de maquinaria, plantas industriais e bens recíbese normalmente axuda e asesoramento técnico estranxeiros; e algo semellante ocorre, en xeral, cando o comprador non é quen por si mesmo de poñer en funcionamento a planta ou maquinaria que comprou.

En Galicia temos numerosos exemplos que cumpren perfectamente o que acabamos de sinalar. Concretamente, a empresa *Lignitos de Meirama, S.A.* tivo que comprar boa parte da maquinaria que utiliza, precisando para a súa instalación e posta en funcionamento asesoramento de técnicos alemáns. O mesmo lle aconteceu a FENOSA e a moitas outras, como se verá máis adiante.

A internacionalización global dos procesos productivos tende a favorece-las importacións. Numerosas empresas galegas non poden subsistir sen a tecnoloxía, a maquinaria e as materias primas procedentes do exterior. ALUGASA e o complexo industrial de *Alúmina Aluminio* de Cervo non poden subsistir sen bauxita africana. O mesmo lle acontece á industria metalúrxica, automóbil, construccións metálicas, etc., e mesmo á propia alimentación: parte dos polos que se comen en Madrid están alimentados en Galicia con pensos de fabricación galega pero a partir de materias primas USA. Por se non abondase, os polos que crían as empresas galegas proceden de avoas xeradas nos EE.UU, das que os laboratorios galegos descoñecen a fórmula de elaboración xenética (Sequeiros Tizón, J.G. 1986, p.196).

Estudios parciais realizados en Galicia revelan que un elevado número de empresas galegas utilizan maquinaria importada, especialmente as grandes compañías. Así, o 28 por cento das empresas instaladas no polígono industrial ourensán de San Cibrao das Viñas posúe unha tecnoloxía de producción allea, procedente do estranxeiro, especialmente as de maiores magnitudes do polígono (Doval Adán, A. 1988). Neste sentido, a importación de bens e de maquinaria estranxeira é unha realidade. Son ben poucas as empresas que non dispoñen de bens de producción ou de productos tecnolóxicos fabricados ou adquiridos no estranxeiro. Unha análise das táboas Input-Output elaboradas polo profesor Quintás para Galicia revela que o 98,4 por cento dos inputs intermedios procedentes do estranxeiro van parar á industria, mentres que os servicios e o sector agrícola forestal e pesqueiro absorben só o 0,8 e o 0,5 por cento respectivamente (TIOGA, 1980).

Finalmente, hai que salienta-la forte conexión existente entre a presencia de capital estranxeiro e comercio exterior. Segundo os datos publicados pola Dirección General de Transacciones Exteriores, as empresas que realizan un maior volume de importacións están participadas por firmas estranxeiras. A nivel nacional, o 71% das principais empresas importadoras durante 1987 estaban integradas por capital foráneo.

En Galicia acontece algo semellante, xa que as dúas primeiras empresas galegas importadoras de bens estranxeiros están participadas por investidores estranxeiros: *Citröen Hispania, S.A.*, vencellada á multinacional francesa *Automóbiles Citroën, S.A.*, hoxe integrada no grupo *P.S.A.*, que controla o 100% do capital social da empresa viguesa, e *Pescanova*, participada nun 22,5 por cento pola sudafricana *Imperial Gold Storage*.

A importancia do volume total das importacións realizadas polas empresas galegas pode comprobarse no cadro 18 que se xunta. En efecto, as empresas galegas importaron productos e maquinaria por un valor superior ós 283.000 millóns de pesetas no exercicio correspondente ó ano 1988. Aínda que é certo que máis da metade das importacións se refiren a productos minerais e agropecuarios (52,5%) destaca, sobre todo, a alta porcentaxe correspondente ós productos que adoitan levar incorporada unha alta tecnoloxía, especialmente toda a gamma de máquinas, aparellos eléctricos e material de transporte. Como dato significativo, hai que salientar que as importacións deste tipo de productos que levan incorporada alta tecnoloxía supoñen anualmente o 23% do total contabilizado. Deste xeito, a adquisición de maquinaria, aparellos eléctricos e doutras mercadorías de carácter tecnolóxico supoñen para as empresas galegas un desembolso anual próximo ós 70.000 millóns de pesetas. A importación de maquinaria destinada ás unidades productivas constitúe, por tanto, outra das vías a través das que as empresas galegas conseguen habitualmente tecnoloxía estranxeira.

Non hai dúbida de que en moitas ocasións é inevitable o recurso á importación de maquinaria e bens fabricados no estranxeiro. Pero noutras a elección baséase na confianza e seguridade que xera a tecnoloxía estranxeira.

C.18. **IMPORTACIÓNS REALIZADAS POLAS EMPRESAS GALEGAS DURANTE 1988**

| PROVINCIAS | IMPORTE (millóns) | PORCENTAXE |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 138.080 | 49,0 |
| LUGO | 17.821 | 6,2 |
| OURENSE | 6.316 | 2,2 |
| PONTEVEDRA | 121.737 | 42,6 |
| TOTAL | 283.954 | 100,0 |

Fonte: Galicia en Cifras. Anuario 1989.

**DISTRIBUCIÓN SECTORIAL E PROVINCIAL DAS IMPORTACIÓNS (%)**

| Sectores Económicos (Mercadorías) | CO | LU | OUR | PO | GALICIA |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. Materias primas agropecuarias | 20,6 | 7,3 | 3,4 | 33,7 | 25,0 |
| 1.1. Pescados e mariscos | 13,8 | 0,2 | 0,1 | 30,6 | 19,8 |
| 2. Alimentos transformados | 5,8 | 0,1 | 0,7 | 3,9 | 4,5 |
| 3. Productos minerais | 49,8 | 33,7 | 23,1 | 1,4 | 27,5 |
| 3.2. Combustibles | 49,6 | 3,0 | 22,3 | 0,9 | 25,2 |
| 4. Productos químicos, plásticos | 2,8 | 6,5 | 9,0 | 6,7 | 4,9 |
| 5. Téxtil, confección, calzado | 3,0 | 1,0 | 11,6 | 2,9 | 3,0 |
| 6. Cerámica, vidro, cemento | 0,3 | 0,2 | 2,7 | 1,0 | 0,7 |
| 7. Madera, cortiza, papel, artes gráficas | 22,0 | 2,8 | 1,6 | 4,0 | 3,0 |
| 8. Metais e manufacturas | 4,2 | 36,0 | 10,4 | 5,2 | 6,8 |
| 8.1. Aluminio e manufacturas | 0,6 | 35,1 | 0,6 | 1,4 | 3,1 |
| 9. Maquinaria e aparellos mecánicos | 7,2 | 9,2 | 27,4 | 16,3 | 11,7 |
| 10. Maquinaria e aparellos eléctricos | 1,5 | 1,1 | 0,7 | 1,9 | 1,6 |
| 11. Material de transporte | 1,4 | 2,0 | 6,2 | 22,0 | 10,4 |
| 11.1 Vehículos terrestres | 0,8 | 2,0 | 6,2 | 21,8 | 10,0 |
| 12. Outras mercadorías | 1,1 | 0,2 | 3,3 | 1,0 | 1,0 |
| TOTAL | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 |

Fonte: Galicia en Cifras. Anuario 1989.

Sirvan como mostra as declaracións dun empresario galego, recollidas en *La Voz de Galicia*, ó se referir á maquinaria que utiliza a cotío na súa empresa: "...A pesar de que sexan máis caras, nós preferimos, pola súa calidade, compra-las nosas máquinas a empresas estranxeiras. Cremos que dan mellor resultado" (La Voz de Galicia, 15-6-1989).

## 2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO

O investimento estranxeiro directo que se realiza en Galicia, nomeadamente o que efectúan as empresas multinacionais, constitúe, sen lugar a dúbidas, outro mecanismo a través do que penetra indirecta ou directamente tecnoloxía estranxeira no territorio galego. Isto é posible gracias a que esta modalidade de investimento permite ó investidor estranxeiro participar na xestión e control dunha empresa galega.

Os camiños a través dos cales se introduce tecnoloxía en Galicia, como consecuencia da entrada de investimentos directos, son os seguintes:

a) O investimento directo induce transaccións comerciais, potenciando a importación e exportación de bens e en consecuencia, de forma indirecta, favorece a adquisición de tecnoloxía foránea. Dous claros exemplos que se axustan a este procedemento están representados polas empresas galegas *Citröen Hispania* e *Pescanova*.

b) A tecnoloxía pode acompaña-lo investimento directo que se efectúa, tal e como se recolle na actual Lei de Investimentos Estranxeiros (art. 2, apartado 1). Deste xeito, a tecnoloxía pasa a formar parte do capital da sociedade, normalmente, neste caso, baixo a forma de patentes ou marcas. Esta forma de investimento estranxeiro aparece recollida nas normas que rexen o investimento estranxeiro en España. Mediante este procedemento, as sociedades galegas corren o risco de pasaren a mans estranxeiras cunha contribución económica mínima ou nula, sobre todo se se sobrevalora a tecnoloxía que se entrega. Cando isto acontece, a investidora ve remunerada a tecnoloxía achegada a través dos dividendos que reciba. Este procedemento foi o que seguiu a multinacional *K.H.Deutz* para montar e facerse co control absoluto da súa factoría no Porriño.

c) A presencia de directivos estranxeiros en empresas filiais. Nestes casos prodúcense cesións de tecnoloxía de xeito non expreso e sen o abeiro de ningún título ou documento legal. Estes directivos, moi numerosos en empresas participadas por investidores estranxeiros que traballan en Galicia (Fernández Leiceaga, X. 1991, pp.610-650), acostuman transmitir técnicas de organización, producción ou xestión que recaban con facilidade da empresa matriz. Este tipo de cesión gratuíta é moi difícil de medir e cuantificar, ó non existir ningún documento oficial que reflicta a suposta transferencia de tecnoloxía. Sen embargo, coñecémo-la existencia de numerosos técnicos e directivos estranxeiros á fronte de empresas establecidas na nosa Comunidade Autónoma, co que o recurso á man de obra cara e altamente especializada procedente do estranxeiro é unha constante en Galicia (Sylvie Oliver, 1988a, p.56).

Por riba da importancia que este mecanismo agachado da transmisión de tecnoloxía poida ter en Galicia, interésanos salientar que as empresas mul-

tinacionais estranxeiras non ceden gratuitamente tecnoloxía ás súas filiais establecidas en Galicia. De feito, as empresas galegas filiais de firmas multinacionais estranxeiras realizaron desde a súa constitución un volume considerable de contratos de transferencia de tecnoloxía coas súas respectivas casas matrices. Estes contratos tecnolóxicos implican un forte desembolso económico que desde logo corre a cargo das filiais.

Esta situación, tremendamente irregular, supuxo en certa medida o incumprimento da filosofía que inspiraba o decreto número 3099 do 26 de novembro de 1976 sobre investimentos estranxeiros en España. Este decreto impoñía como condición "que a sociedade española non realice pagamentos por transferencia de tecnoloxía ó investidor estranxeiro, as súas filiais ou empresas asociadas, en ningún caso efectúe pagamentos de contía constante ou relacionados co nivel de actividade da empresa española". A idea que subxace a este parágrafo, coñecida como a *cláusula de non pagamento de royalties*, consiste en que unha empresa estranxeira que participa maioritariamente noutra española debía ceder gratuitamente a tecnoloxía que precisase a filial no seu proceso de producción, sen que puidese cobrar cantidade ningunha pola cesión de patentes, marcas e *know-how* en xeral. Só se admitía, segundo o citado Decreto, a contraprestación cando a matriz presta uns servicios de asistencia técnica directamente en beneficio da filial e non haxa ánimo de lucro neles. É dicir, que, segundo este Decreto, unha empresa galega con maioría de capital estranxeiro non podía pagar tecnoloxía á súa matriz ou asociada, salvo que se tratase de servicios de asistencia técnica concretos e debidamente xustificados.

O mantemento deste criterio durante bastantes anos deu lugar en Galicia, como veremos máis adiante, igual ca no resto de España, non a uns menores pagamentos de tecnoloxía entre compañías vencelladas entre si, senón a unha desviación dos pagamentos por patentes ós pagamentos por asistencia técnica, ó admitir esta unha certa contraprestación económica.

## 3. OS CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA

Esta modalidade de transmisión de tecnoloxía constitúe, sen lugar a dúbidas, o mecanismo máis claro e preciso mediante o que entra tecnoloxía estranxeira en Galicia. Iso realízase mediante o establecemento dun contrato legal entre comprador e vendedor. Nese documento oficial especifícanse polo miúdo as condicións de cesión ou compra de tecnoloxía e as partes implicadas.

As prestacións tecnolóxicas que as empresas galegas demandan do estranxeiro mediante o establecemento de contratos consisten fundamentalmente en tres tipos:

a) Adquisición de tecnoloxía. A compra de coñecementos técnicos a xeito de patentes, marcas e modelos industriais diversos.

b) Cesión de uso de tecnoloxía. Este tipo de prestación non implica un cambio de titularidade, senón a posibilidade de explotala temporalmente, podendo referirse a calquera dos exemplos anteriores.

c) Asistencia técnica. Esta pode obterse mediante adquisición ou cesión de uso temporal. Este tipo de tecnoloxía adoita incluír translado de expertos ás empresas galegas, realización de estudios previos, formación de persoal, mantemento de equipos, etc.

Os pagamentos pola compra de tecnoloxía mediante contratos realízanse en moeda convertible, polo que a adquisición de tecnoloxía estranxeira supón unha importante vía de saída de divisas. A cantidade a pagar adoita ser fixa ou variable:

a) Fixa. Cando o prezo é fixo págase cunha cantidade única.

b) Variable. Se o prezo é variable. Naste caso págase en forma de canon ou *royalties* (Sánchez Muñoz, P. 1984, p.37).

Esta vía de adquisición de tecnoloxía é a que vai ser obxecto de análise e atención preferente nos seguintes capítulos, por se-la de máis importancia das tres que apuntamos.

# CAPÍTULO V. **CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS ENTRE 1965 E 1987**

O estudio dos contratos de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía realizados polas empresas galegas durante o período 1965-1987 resulta sumamente interesante para:

1. Estima-la importancia que adquiriu nas empresas galegas esta modalidade de entrada do capital estranxeiro neste período de tempo.
2. Coñece-lo volume de contratación de tecnoloxía estranxeira realizada polas empresas galegas.
3. Identifica-lo tipo de tecnoloxía que se adquire en Galicia.
4. Sabe-la procedencia xeográfica e destino sectorial da tecnoloxía importada e, en suma, contribuír ó coñecemento do grao de dependencia tecnolóxica das empresas galegas propiamente ditas.

## 1. VOLUME DE CONTRATOS TECNOLÓXICOS REXISTRADOS

A partir de 1965 as empresas galegas comezan a realizar contratos de tecnoloxía con empresas estranxeiras. Este fenómeno, que xa viñan realizando con certa frecuencia as empresas españolas en xeral desde 1940, adquire unha considerable importancia en Galicia a partir de 1974. Ata esta data, o volume de contratación de tecnoloxía foránea polas empresas galegas era moi escaso, debido moi probablemente á debilidade industrial e empresarial que presentaba a rexión galega.

Durante o período obxecto de estudio, 66 empresas galegas realizan un total de 194 contratos de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía, o que

## C.19. CONTRATOS DE ADQUISICIÓN DE TECNOLOXÍA EXTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS DURANTE O PERÍODO 1960-1987

| Ano | Empresa Galega | Empresa Estranxeira | País | Obxecto do Contrato |
|---|---|---|---|---|
| 1965 | ASTANO | M.A.N. | ALE | Construcción de motores diésel mariños |
| | FENSA | Has Still A.G. | ALE | Construcción de alternadores para buques. |
| 1966 | BARREIROS | Bendix Lockhed | FRA | Fción de material eléctrico para vehículos automóbiles |
| 1967 | CENSA | Seaway containers | RUN | Fción. de motores diésel mariños. |
| | H.J. BARRERAS | Klockner H. Deutz | ALE | Fción. de motores diésel mariños. |
| 1968 | CITROËN | S.A. André Citroën | FRA | Fción. de vehículos e pezas. |
| | ENCE | Sanesell paperconsult, S.A. | | Asistencia técnica. Marcha técnica e económica da fábrica |
| 1969 | MAFRIESA | J. Edelman et Cie. | FRA | Asistencia técnica |
| 1970 | ARTISCAR | Camaud Forges | FRA | Asistencia técnica en materia de impresión sobre metal. |
| | | Camaud & Forges | FRA | Enxeñería para a posta en marcha dunha imprenta. |
| | CENSA | Sunds A.B. | SUE | Asistencia técnica na construcción de equipos, instalacións de xestores e plantas de bloqueo e lavado. |
| | FENYA | A. Van Kaick Werke | ALE | Fción. de xeradores trifásicos autorreguladores en execución sen vasoiriñas para uso mariño e terrestre. |
| | PLAST. GALICIA | Somepla S.A. | SUI | Fción. de cápsulas (tapóns) inviolables de plástico. |
| 1971 | ASTANO | Flume S. Systems | USA | Asistencia de enxeñería. |
| | | Josco Trading C. | HOL | Dereitos de construcción e planos de tres tanques de estabilización. |
| | | Flume S. Systems | USA | Planos, información e probas de canal de tres sistemas de estabilización flume, para tres buques de tipo containers. |
| | CERÁMICA DOMINGUEZ | Vitrería di Montorio | ITAL | Fción de gacetas refractarias. |
| | CERÁMICA LOURO | Centre D'Etudes et de Realisations et Commerciales Industr. | FRA | Entrega de planos, prestacións de persoal técnico e enxeñería para a construcción mixta de fornos, túnel e secadoiro acelerado para a fción. de productos cerámicos. |
| 1972 | CENSA | Kockums Mekaniska V | SUE | Fción. de maquinaria de cuberta. |
| | H.J. BARRERAS | Klockner H. Deutz | ALE | Construcción de novos tipos de motores diésel. |
| 1973 | ALUGASA | C.O.M.E.C. | FRA | Estudio e construcción de fábrica. |
| | AYCASA | Blohm & Voss A.G. | ALE | Fción. de sistemas normalizados adecuados para buques. |
| | BARREIROS | Carl Dan Paddinghaus | ALE | Fción. pezas forxadas con estampa. |
| | CARBONOIL IBERICA | Continental Oil | USA | Desprazamento de técnicos para deseño de planta de Coke calcinado de petróleo. |
| | CENSA | Rheinstahl. Wagner | ALE | Prestación de servicio na posta a punto dun torno ó aire. |
| | CITROÈN | Automóviles Citroën | FRA | Fción. de vehículos automóbiles. |
| | COOPER ZELTIA | Cooper Mc. Dougall R. Calmic, Ltd. | RUN | Fción. vacinas e outros productos. |
| | | | RUN | Fción. desodorantes e desinfectantes para retretes. |
| | FACTORIAS | The Wellcome Foundat | RUN | Fción. de vacinas para animais. |
| | VULCANO | Societé Financiere et Industrielle des ateliers et Chantiers de Bretagne | FRA | Fción. de evaporadoras xeradores de auga doce para a instalación en buques mercantes ou de pesca e artefactos flotantes. |
| | H.J. BARRERAS | Karlstads Mekaniska W | SUE | Asistencia técnica na construcción de tres turbinas reversibles. |
| 1974 | AYCASA | Blohm & Voss Aktieng | ALE | Fción. e venda de sistemas de instalación para buques. |
| | DALPHI METAL | Dalphi-Metal Bron | FRA | Técnica de espumado de poliuretano para o mercado do automóbil. |
| | INDUGASA | Automóviles Citroën | FRA | Asistencia técnica para a fción. de xuntas homocinéticas. |
| 1975 | ALUGASA | Aluminium Pechiney | FRA | Formación de persoal e explotación de fábrica de aluminios |
| | ASTANO | V.O. Licensintorg | URS | Fción. de procesos de buques en forma de bulbo |
| | CITROËN | Automóviles Citroén | FRA | Fción. de vehículos automóviles |
| | CENSA | Kockums Mekaniska V. | SUE | Fción. de maquinaria de cuberta accionada por vapor. |
| | | Rheinische Stabl. Werke | ALE | Fción. prensas para construccións navais. |
| | COOPER ZELTIA | Welcome Foundation | RUN | Fción. de vacinas contra a enfermidade de Marek. |



## C.19.(Continuación) CONTRATOS DE ADQUISICIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS DURANTE O PERÍODO 1960-1987

| Ano | Empresa Galega | Empresa Estranxeira | País | Obxecto do Contrato |
|---|---|---|---|---|
| | | Cooper Nutrition Pro. | RUN | Licencia para a fabricación de productos alimenticios para animais. |
| | | Welcome Foundation | RUN | Fción. de maquinaria para desinfección automática de retretes. |
| | ENVASE CARNAUD | Aluminium of America | USA | Fción. de tapas de fácil apertura. |
| | | Inited Shoe Machinery | USA | Fción. dispositivos para envases |
| | FENOSA | Appolonia Consulting | USA | Estudio sísmico-tectónico para localización dunha central nuclear. |
| | FORESA | Perstorp. A.B. | SUE | Obtención de formol por oxidación catalítica de metanol. |
| | GENOSA | Societé des Electrodes et Refractaires Sovois | FRA | Licencia e asistencia para a construcción e posta en marcha dunha fábrica de granitos. |
| | H.J. BARRERAS | Bruselle Marine Ind. | BEL | Fción. de maquinillas de pesca. |
| | NUCLEAR REGODELA | Gibbs Hill Inc. | USA | Enxeñería para a Central Nuclear de Regodela. |
| | VULCANO | Ste. Financiere et Ind. des Ateleliers Bretagne | FRA | Construcción de vaporadores xeradores de auga doce. |
| | | Ste. Financiere et Ind. Ateliers Bretagne | FRA | Licencia e asistencia para a fabricación de hélices de paso regulable. |
| | VAPOR Y COMBUSTIÓN | | | |
| | ALUGASA | Orr & Sembower | ALE | Fción. de xeradores de vapor. |
| | ALUGASA | Aluminium Pechiney | FRA | Licencia para o tratamento de gases de electrolise e productos fluorados. |
| | | Cedegur Pechiney | FRA | Explotación e desenvolvemento de talleres de laminación, fundición e extrusión. |
| | | Ste. Conditionnements en Aluminium | FRA | Licencia e asistencia técnica para a fabricación folla fina aluminio |
| | ARISCAR | Camaud Etablissement | FRA | Licencia e asistencia para a impresión e vernizado sobre metais. |
| | NUCLEAR REGODELA | Appolonia Consulting | USA | Establecimiento de criterios sísmicos deseño central nuclear. |
| 1976 | ASTANO | Ste. Gaz Transport | FRA | Fción de buques para transporte de gas licuado. |
| | | M.A.N. | ALE | Fción. de motores marinos diésel. |
| | | Toyo Menka Kaisha Ltd | XAP | Fción. de mecanismos de armadura de buques. |
| | ARTISCAR | Camaud & Forges | FRA | Impresión e vernizado sobre metal. |
| | CELULOSA Y PAPEL de Galicia | Pollution Control Co. | SUE | Técnicas de descontaminación dunha fábrica de pasta de papel. |
| | CARZUH | Plantol Werk Hessel M. | ALE | Fción de adhesivos para encadernación. |
| | CITROÈN | Informatics, S.A. | SUI | Mantemento e actualización do proceso de datos. |
| | | Informatics, S.A. | SUI | Mantemento do sistema de proceso de datos. |
| | COOPER ZELTIA | Cooper Mc. Dougall Rob. | RUN | Fción. de mecanismos de dosificación para descarga de aerosoles. |
| | FENSA | A. Van Kaick | ALE | Fción de xeradores autorregulables sen vasoiriñas. |
| | FORESA | Perstorp A.B. | SUE | Obtención de formol por oxidación catalítica de metanol. |
| | INDUSTRIA E COMERCIALIZACIÓN AGRARIA | Vilafría, S.A. | POR | Obtención de novas variedades de árbores frutais. |
| | ICI FARMA | Imperial Chemical I. | RUN | Fción. especialidades farmacéuticas |
| | PLASTICOS DIK | Avri, S.A. | FRA | Fción. de equipos electromagnéticos e mecánicos lavacristais. |
| | | Clear Plastique Metal | FRA | Fción. de aireadores chrysler para automóviles. |
| | SOLINDUS | Solupro | LUX | Fción. de solas industriais. |
| | ZELTIA AGRARIA | Plant Protection Ltd. | RUN | Fción. de productos para agricultura e horticultura. |
| 1977 | ENVAS. CARNAUD | Carnaud | FRA | Fción. de envases metálicos de chapa e aluminio. |

C.19.(Continuación) **CONTRATOS DE ADQUISICIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS DURANTE O PERÍODO 1960-1987**

| Ano | Empresa Galega | Empresa Estranxeira | País | Obxecto do Contrato |
|---|---|---|---|---|
| | | Continental Group Inc. | USA | Fción. de envases metálicos para usos comerciais e tapóns de coroa |
| | | Continental Group Inc. | USA | Fción. de tapas de peche hermético en baleiro. |
| | FENOSA | Gibbs & Hill, Inc. | USA | Asistencia técnica para unha central térmica. |
| | LIGNITOS MEIRAMA | Fried Krup Gmbh | ALE | Montaxe e posta en marcha de instalación de apilado de estéril |
| | | Orenstein Koppel | ALE | Instalación, arrinque e homoxeneidade de lignitos. |
| | | Buckau Wolf | ALE | Montaxe e posta en marcha de dúas excavadoras de rodaxes |
| | | Salzgitter Maschinen | ALE | Fción. de instalacións e almacenamento de lignito ó pé da central térmica. |
| | | Siemens, A.G. | ALE | Enxeñería básica eléctrica para equipos mineiros. |
| | | Fried Krupp Gmbh | ALE | Fción. de machacadora móbil |
| | NUCLEAR REGODELA | Appolonia Consulting | USA | Estudio capacidade de fallas xeolóxicas en Central Nuclear. |
| | TABLICIA | Siempelkamp | ALE | Montaxe e posta en marcha de catro espaciadoras e dunha instalación de prensado |
| | TALLERES NUÑEZ | Establissement Rousseau | FRA | Fción. de gastos elevadores para automóviles. |
| 1978 | ANGEL HERMIDA | Gunter Gebhard | ALE | Planificación dunha fábrica de mobles. |
| | ASTANO | Netherlands Ship | HOL | Realizar ensaios con modelos de buques. |
| | CAUCHO ATLÁNTICA | Standar Products Fran | FRA | Fción. de perfís para autos. |
| | CARZUH | Tivoli Werke A.G. | ALE | Fabricación de adhesivos. |
| | CITROÈN | Informatics, S.A. | SUI | Mantemento proceso de datos |
| | | Automobiles Citroën | FRA | Fción. de vehículos automóbiles. |
| | | Informatics, S.A. | SUI | Mantemento e actualización de sistema de proceso de datos. |
| | GENOSA | Societé des Electrodes | FRA | Fción. de electrodos siderúrxicos |
| | GRENCO IBERICA | Greco Internacional | ALE | Fción. de maquinaria e utillaxe para a industria de carbón. |
| | H.J. BARRERAS | Klockner H. Deutz A.G. | ALE | Fción. de motores mariños diésel e estacionarios (P.V.) |
| | NUCLEAR REGODELA | Kaftwerk Unión | ALE | Estudio preliminar de seguridade dunha Central Nuclear |
| | | Westinghouse Nuclear Europe Inc. | BEL | Información do equipo principal para incluída no PSAR dunha Central Nuclear. |
| | INTERNACIONAL DE TRANSMISIÓNS | Ste. Industrielle D'applications Nouvelle | FRA | Fción. de dispositivos de acoplamento elástico |
| | SAPROGAL | Conagra Europe Inc. | FRA | Selección xenética gando vacún. |
| | SIDEGASA | Mannesmann aktienges | ALE | Utilización dun proceso de colada contínua de aceiro. |
| | VASAM | Luchaire, S.A. | FRA | Fabricación e montaxe de silenciadores para vehículos. |
| | VULCANO | Clarke Chapman Thomp. | RUN | Fción. de pirotubuladores de tres pasos. |
| 1979 | ASTANO | M.A.N. | ALE | Fción. de motores diésel mariños |
| | CARZUH | Macpherson Ind. Coating | RUN | Fción. de vernices e lacas |
| | CITROËN | Informatics, S.A. | SUI | Mantemento proceso de datos. |
| | EVATSA | Cebal | FRA | Fabricación de envases metálicos. |
| | FENOSA | Combustión Engineering Supertheater Ltd. GEC | | |
| | | Machines Limited | RUN | Supervisión e enxeñería en central hidráulica. |
| | | GEC Machines Limited | RUN | Supervisión e enxeñería en central hidráulica. |
| | | GEC Machines Limited | RUN | Inspección de rodamentos en varias centrais hidráulicas. |
| | | GEC Machines Limited | RUN | Supervisión e control. |
| | | Boving Co. Ltd. | RUN | Revisión de turbinas das centrais hidráulicas. |
| | INDUSGASA | Automóbiles Citroën | FRA | Fabricación xuntas homocinéticas. |
| | PRETENSADOS LOURO | Bwe-Bau Betonwerk | ALE | Construcción de paneis prefabricados de formigón. |



C.19.(Continuación) **CONTRATOS DE ADQUISICIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS DURANTE O PERÍODO 1960-1987**

| Ano | Empresa Galega | Empresa Estranxeira | País | Obxecto do Contrato |
|---|---|---|---|---|
| | SAPROGAL | Conagra Inc. | USA | Fción. de pensos compostos destinados ós animais domésticos |
| | SIDEGASA | Engineers Consultants | USA | Formación de persoal e posta en marcha de instalación de aceiría e laminación. |
| 1980 | LOUSEIRAS DE MURAS | Bureau de Recherches Geologiques Minieres | FRA | Investigación xeolóxica para localizar depósitos de pizarra. |
| | PLANO | Alibert Explotation | FRA | Fción. de pezas plásticas con destino á industria motriz. |
| | PLASTICOS DIK | Avri, S.A. | FRA | Fción. de equipos electromagnéticos e mecanismos lavacristais. |
| | VULCANO | Fredfriksslad M. Verk | NOR | Fción. de plantas sépticas, tratamento de augas residuais e incineradores residuais, lodos e lixos. |
| 1981 | ARTISCAR | Camaud Emballage, S.A. | FRA | Impresión e vernizado sobre metal. |
| | FENOSA | GEC Large Machines Ltd | RUN | Supervisión do rebobinado do alternador de centrais hidráulicas |
| | FORESA GALICIA, S.A. | Perstorp A.B. | SUE | Producción de formol (P.V.) |
| | SEGUR. GOMY M. | Coopers Lybrand Assoc. | RUN | Mecanización de sistemas administrativos. |
| | DEL CAUCHO | Gumasol Werke | ALE | Fabricación de rodas macizas de goma para lamias de neumático |
| | H.M. BARRERAS | Klocner H. Deutz A.G. | ALE | Instalación de equipos e automatización do tren de chapa grosa. |
| | FACIT IBÉRICA MARPY | Red Fox Industries | USA | Fción. de plantas de tratamento de augas fecais. |
| | CONFECCIONES METALURGICA R. | Billy Bonny | FRA | Fción. de artigos de vestir de señora. |
| | BAJAS | Energie Verfahrenst. | ALE | Fción. de equipos de combustión. |
| | TALLERES VIZA | Cicles Peugeot, S.A. | FRA | Fción. armadura de asentos para vehículos. |
| | TELEVES | S.I.C.A.R.T. | FRA | Fción. de antenas de teito para autoradio. |
| | VULCANO | Miura Co. Ltd. | XAP | Fción. de caldeiras acutublares |
| 1982 | SIDEGASA | Ste. Aciers Montereau | FRA | Fción. de aceiro en forno eléctrico de arco e colada continua. |
| 1983 | ASTANO | Ste. Gaz Transport | FRA | Licencia e asistencia para fabricar buques de transporte de gas licuado |
| | | Nils Weibull A.B. | SUE | Construír pórticos de laboreo de carbón para buques. |
| | | Fried Goldman Intem | USA | Construcción de plataforma petrolífera de perforación semisumerxible. |
| | BALIÑO E HIJOS | A.E. Internacional | RUN | Licencia para fabricación de peches herméticos. |
| | | Kamewa, A.B. | SUE | Fción. de hélices propulsoras e de manobra para buques |
| | BANCO PASTOR | Arbat I.K. Ltd | RUN | Licencia de programa de ordenador para a mecanización do Departamento interno do Banco. |
| | CARZUH | Tívoli Werke A.G. | ALE | Fabricación de adhesivos (P.V.) |
| | CITROÈN | Automóviles Citroën | FRA | Fción. de vehículos, pezas e elementos dos mesmos. |
| | CUEVAS Y CIA | Food And Frozen | ITA | Fción. de confeitado e baño de castañas. |
| | EMPRESAS ALVAREZ | Porzellanfabrik Sch. | ALE | Fabricación de porcelanas. |
| | | S.R.I. Internacional | USA | Estudio de factibilidade en área de novas cerámicas estructurais. |
| | FENOSA | Westinghouse electric | BEL | Asistencia técnica na Central T. |
| | | Turbolufttechnik Gmbh | ALE | Revisión dun ventilador de tipo inducido nunha central térmica. |
| | | Sulzer Freres, S.A. | SUI | Revisión de válvulas e o by-pas dunha central térmica. |
| | GENOSA | Ste. Electrodes Refra. | FRA | Fción. electrodos siderúrxicos. |
| | | Syprim, s.a. | FRA | Enxeñería e asistencia técnica para a construcción de dous equipos de manutención automática. |
| | PLANO | Nobel Bozel, S.A. | FRA | Licencia e asistencia técnica para fción. de perfís por extrusión de termoplásticos para o sector do automóbil |

C.19.(Continuación) **CONTRATOS DE ADQUISICIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS DURANTE O PERÍODO 1960-1987**

| Ano | Empresa Galega | Empresa Estranxeira | País | Obxecto do Contrato |
|---|---|---|---|---|
| | PREBETONG GALICIA | Bettor, S.A. | FRA | Producción de morteiro húmido con efectos retardados. |
| | SIDEGASA | Metalform Konsult A.G. | SUE | Asistencia técnica de calibrado do tren de laminado. |
| | | Thomas Karden | SUE | Asistencia técnica en posta en marcha de calibrado do tren de laminación. |
| | TALLERES NUÑEZ | Establissemente Roussea | FRA | Licencia para fabricar gatos elevadores para autos (P.V.) |
| | VASAM | Luchaire, S.A. | FRA | Licencia para fabricar montar dispositivos silenciosos para automóbiles (P.V.) |
| | VECINO | Luccio Costa | ITA | Deseño de pezas de vestir |
| | | Collection Stile S.A. | ITA | Asistencia técnica para o deseño de pezas de vestir de señora. |
| 1984 | GENOSA | Toni Cautt | SUI | Fabricación de bandexas de cartón |
| 1985 | ARTISCAR | Camaud Emballage | FRA | Licencia e asistencia técnica para impresión e vernizado sobre metais. |
| | DERMOFARMAN | Roc International S.A. | LUX | Licencia para fabricar productos cosméticos e dermofarmacéuticos. |
| | EMPRESAS ALVAREZ | Porzellanfabrik Schir. | ALE | Asistencia técnica para a fabricación de artigos de porcelana. |
| | CUEVAS Y CIA | Food And Frozen | ITA | Fción. de confeitado e baño de castañas. |
| | FORESA | Perstorp A.B. | SUE | Licencia e asistencia técnica para producción de formol. |
| | H.J. BARRERAS | Klockner H. Deutz. A.G. | ALE | Lcencia e asistencia técnica para fabricar motores diésel mariños e estacionarios (P.V.) |
| | ICI-FARMA | Imperial Chemical Ind. | RUN | Asistencia técnica para a construcción dun plano dunha planta de producción. |
| | INDUGASA | Automóviles Citroën | FRA | Fabricación de laminado especial |
| | MARPY | | | |
| | CONFECCIONES | Billy Bonny S.A. | FRA | Licencia para fabricar artigos de vestir de señora (P.V.) |
| | PLASTICOS DIK | Avri, S.A. | FRA | Licencia para a fabricación de equipos electromagnéticos e mecánicos lavacristais. |
| | SIDEGASA | Hamburg Consultig | ALE | Asistencia no proceso de afino de aceiro con fornos culler |
| | THUNE EUREKA | Engineering Gnbh. | | |
| | ESP. | Imo Industri A.B. | SUE | Licencia e asistencia técnica para fabricación bombas de fuso IMO. |
| | XYLAZEL | Desowag Bayer Holzsc | ALE | Licencia e asistencia para fabricar productos protectores para a madeira (P.V.) |
| 1986 | BANCO PASTOR | Computadora Internacional Copr. | USA | Asistencia na implantación e desenvolvemento dunha nova metodoloxía en sistemas PDM-80 e BSP (Plus). |
| | GENOSA | Auburtín, S.A. | FRA | Asistencia técnica para a construcción dun forno para recocción de electrodos de grafito. |
| | UNICAR E IBECAR | Drogmoller Karosser | ALE | Licencia e asistencia técnica para fabricar bombas mecánicas para alimentación de gasolina e motores de automóbiles. |
| 1987 | ASTANO | Friede Goldman Ltd. | USA | Licencia de patente e comunicación de know-how para a construcción dunha unidade semisumerxible de deseño Frie Golman dos (2-1033). |
| | | Gotayerken Arendal AB | SUE | Comunicación de know-how e asistencia técnica para o deseño e construcción de plataformas petrolíferas tipo GUA. Enxeñería de detalle. |
| | | Gotaverken Arendal Uk Ltd. | RUN | Licencia de uso de patente, comunicación de know-how e asistencia técnica para o deseño e cosntrucción de plataformas petrolíferas tipo GUA. (Enxeñería básica). |
| | | Friede & Goldman | USA | Licencia de patente e comunicación de know-how para a cosntrucción dunha unidade sumerxible de diseño 7 Goldman L-1033. |
| | BALIÑO | Kanewa A.B. | SUE | Licencia de patentes, uso de marca, comunicación de know-how e asistencia técnica para fabricar equipos de propulsión e manobra mediante élices de paso variable. |



C.19.(Continuación) **CONTRATOS DE ADQUISICIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS DURANTE O PERÍODO 1960-1987**

| Ano | Empresa Galega | Empresa Estranxeira | País | Obxecto do Contrato |
|---|---|---|---|---|
| | BANCO PASTOR | Instant Data Ltd. | RUN | Servicios de asistencia técnica no desenvolvemento de normas de programación e de mellor tratamento dos erros nas aplicacións do teleproceso. |
| | CARZUH | Tívoli Werke A.G. | ALE | Comunicación de Know-how e asistencia técnica para fabricar adhesivos. |
| | CITROEN HISPANIA | Beri, S.A. | FRA | Comunicación de know-how e asistencia técnica para a utilización do woftware denominado Ligicial Aive. |
| | | Automóviles Citroën | FRA | Licencia de uso e marca, comunicación know-how e asistencia para a fabricación de vehículos automóbiles, pezas e elementos dos mesmos. |
| | EVATSA | Ceval Ind. | FRA | Licencia de uso de patente e marca, comunicación de know-how e asistencia técnica para a fabricación de envases de aluminio para conservas alimenticias esterilizadas. |
| 1987 | FENOSA | Dresser France, S.A. | FRA | Asistencia técnica para a revisión das bombas de circulación da central térmica de Meirama. |
| | INDUGASA | G.K.N. Transmisiones | RUN | Sublicencia de uso de patente e marca, comunicación de know-how e asistencia técnica para fabricar xuntas trípodes deslizantes e baixas, así como os árbores de transmisións que comprenden esas xuntas. |
| | NORAFISH | Aquare A/S | NOR | Comunicación de know-how e asistencia técnica para a cosntrucción dunha piscifactoría dedicada a cría de salmónidos. |
| | PLANO | Novel Bozel, S.A. | FRA | Licencia e asistencia técnica para fabricar perfís por extrusión de termoplásticos con asociación ou non de metais para o sector do automóbil. |
| | TALLERES VIZA | Cycles Peugeot, S.A. | FRA | Licencia de uso de patentes, comunicación de know-how e prestación de asistencia técnica para fción. armaduras de asentos para vehículos automóbiles. |

Fonte: Elaboración propia segundo os datos contidos na revista "Economía Industrial". Contratos de transferencia de tecnoloxía estranxeira. Números 0 ó 267. Ministerio de Industria e Enerxía. Madrid.

equivale a unha media de 2,9 contratos por empresa e de 8,8 por ano. Esta cifra de contratos é practicamente insignificante en relación co total realizado polo conxunto das empresas españolas. Segundo datos do Ministerio de Industria, entre 1966 e 1982, excluíndo os datos referentes ós anos 1973 e 1974, o número de contratos suscritos polas empresas españolas chegou a 10.126. Durante ese mesmo período de tempo, as empresas galegas realizaron só 140 contratos, o que representa o 1,3 por cento do total nacional.

Dun xeito moi xeral, esta porcentaxe bruta indica que a penetración de tecnoloxía estranxeira en Galicia vía contratos segue os mesmos pasos e acada proporcións semellantes ás do investimento directo en Galicia. Lembremos que Galicia absorbe menos do 1% do total do investimento estranxeiro directo en España. O mesmo acontece tamén cos contratos de transferen-

**G.2. EVOLUCIÓN DO VOLUME DE CONTRATOS DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS (1964-1988)**





cia tecnolóxica. Durante o período que estamos estudiando, o 1,4% do total de contratos rexistrados en España destináronse a Galicia. Este idéntico nivel de penetración fai pensar que ámbalas dúas están moi interrelacionadas. De feito, comprobamos que a penetración de tecnoloxía estranxeira tende a incrementarse a medida que o investimento estranxeiro directo aumenta. Así, boa parte das empresas con maior volume de contratos están participadas por capital estranxeiro. Ademais, notamos como a partir da instalación dalgunhas empresas con capital foráneo a contratación de tecnoloxía se disparou substancialmente debido sobre todo ós contratos realizados por este tipo de empresas.

Para un mellor coñecemento da evolución dos contratos ó longo dos anos podemos establecer, partindo dos datos reflectidos no cadro 19, dous períodos claramente diferenciados en función do volume de contratación e da media de contratos por ano e empresa:

1. Período 1965-1974. Durante este espacio de tempo as empresas galegas rexistraron un total de 35 contratos, o que supón só o 18 por cento do



**G.3. VOLUME DE CONTRATOS TECNOLÓXICOS POR PERÍODOS**




total efectuado (ver gráfico 3). O escaso número de contratos inscritos durante este período de tempo débese, entre outras causas, a que ata finais de 1973 non se dispoñía dun rexistro obrigado no que houbese que inscribir este tipo de transaccións tecnolóxicas. A partir da lexislación de 1973 pódese dispoñer dunha información xeral sobre tódolos contratos que se efectúen, xa que é obrigado desde ese ano inscribilos nun rexistro creado con tal fin no Ministerio de Industria. A escasa contratación media por empresa (1,7), e o reducido número de contratos por ano (3,8), son unha consecuencia directa da débil contratación de tecnoloxía estranxeira que durante este curto período de tempo só afectou a vinte empresas.

2. Período 1975-1987. A situación cambia radicalmente a partir de 1975. Desde ese ano a subscrición de contratos de transferencia de tecnoloxía experimentaron un notable incremento, rexistrándose só nese ano un total de 26 contratos, cifra case similar ós rexistrados durante o anterior período analizado. Durante estes doce anos, moito máis dinámicos cós anteriores, realízase o 82 por cento dos contratos contabilizados durante o período obxecto de estudio. A contratación media por empresa e ano

experimenta un fortísimo incremento, pasando dunha media de 3,8 contatos anuais no período 1965-1974 a máis de 13 durante a etapa 1975-1987. Do mesmo xeito, a contratación media por empresa dispárase durante este mesmo período, duplicando o valor acadado no decorrer dos anos 1965-1974.

Este incremento substancial do volume de contratos tecnolóxicos, especialmente a partir de 1975, cremos que está intimamente relacionado con tres factores externos e internos:

a) A crise económica mundial, que comeza en 1973 coa subida do prezo da enerxía e das materias primas. Esta crise, que incide na economía española en 1974, con agravamento salientable a partir de 1975, pon fin ó longo e sostido auxe económico inaugurado na postguerra. A consecuencia desta convulsión económica mundial, algunhas empresas galegas desaparecen e outras vense obrigadas a reestructura-los seus planos de producción, e facerse máis competitivas, para o que van necesitar tecnoloxía estranxeira.

b) A creación de novas empresas e industrias ó abeiro da política dos polígonos industriais, que experimentan durante este período unha forte expansión.

c) A reconversión industrial. Numerosas empresas galegas non resisten o cambio económico que se estaba producindo na economía española e mundial durante estes anos. En Galicia a reconversión industrial afectou e está aínda afectando sobre todo ó sector naval. Para adaptarse ás novas esixencias do mercado actual tivo que importar tecnoloxía estranxeira en enormes cantidades. O número de contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía realizados por este sector sitúase por riba de tódolos demais, incrementándose, obviamente, durante os anos da reconversión. Os últimos contratos de tecnoloxía realizados por *ASTANO* durante o ano 1987 confirman o noso comentario. Esta empresa, para poder construír plataformas petrolíferas tivo que realizar dous contratos de tecnoloxía estranxeira coa multinacional sueca do sector naval *Gotaverken Arendal Uk Ltd.* Estes contratos incluían licencias de uso, comunicación de know-how, enxeñería básica e de detalle, así como asistencia técnica para o deseño e construcción das citadas plataformas.

Por tanto, a reconversión industrial foi un factor que obrigou a numerosas empresas galegas, especialmente as navais, a formalizar contratos de tecnoloxía estranxeira para adapta-la súa producción ás esixencias do mercado actual.

d) O aumento das necesidades tecnolóxicas das empresas galegas. O mercado cada vez máis competitivo esixe unha mellora na calidade dos productos fabricados. Para iso as empresas teñen que recorrer ós mercados tecnolóxicos internacionais, onde se adquire a tecnoloxía axeitada para producir bens de alta calidade. Por último, hai que indicar que este aumento significativo na contratación de tecnoloxía foránea obedece tamén á debilidade innovadora.

e) A debilidade innovadora das empresas galegas. Constitúe, sen lugar a dúbidas, outro dos factores que impulsou nos últimos anos a contratación de tecnoloxía estranxeira. A maioría das empresas, agás algúns casos como Televés, Pescanova e FIMSA, contan cunha tecnoloxía caduca e obsoleta, incapaz de responder ás esixencias das empresas modernas. Esta insuficiencia tecnolóxica interna debe subsanarse mediante a importación de coñecementos técnicos foráneos encamiñados a renova-lo parque tecnolóxico das empresas galegas.

Resumindo, o maior volume de contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía realízase durante o período 1975-1987, coincidindo coa renovación industrial que afectou, sobre todo, ás empresas do sector naval. Esta evolución denota, por tanto, unha crecente propensión das empresas galegas cara ó emprego de recursos tecnolóxicos foráneos.

### 1.1. Distribución sectorial


Como se aprecia no gráfico 4, hai unha forte concentración dos contratos en seis sectores: naval, químico, construcción de maquinaria non eléctrica, siderometalúrxico, automóbil e enerxético. Este reducido grupo de sectores económicos realiza máis do 76 por cento de tódolos contratos.

Moi por riba de tódolos demais, salientan o sector naval e o químico. Estes dous sectores son os que demandan un maior volume de tecnoloxía estranxeira. Por si sós realizaron un total de 76 contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía, o que supón case o 40 por cento do total.

Individualmente, o sector da construcción naval, que é un dos piares industriais básicos de Galicia, resulta se-lo máis dependente da tecnoloxía foránea, principalmente desde que se acometeu a reconversión naval. A

**G.4. DISTRIBUCIÓN DOS CONTRATOS POR SECTORES DE APLICACIÓN (período 1965-1987)**

1. EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS E FORESTAIS, GANDEIRAS E PESQUEIRAS.
2. MINERIA.
3. ALIMENTACIÓN.
4. TÉXTIL E CONFECCIÓN.
5. MADEIRA.
6. PAPEL E ARTES GRÁFICAS.
7. CAUCHO E DERIVADOS.
8. QUÍMICA E PETROQUÍMICA.
9. SIDEROMETALURXIA.
10. CONSTRUCCIÓN NAVAL
11. FABRICACIÓN DE PRODUCTOS MINERAIS METÁLICOS.
12. FABRICACIÓN DE PRODUCTOS CERÁMICOS.
13. CONSTRUCCIÓN DE APARELLOS ELÉCTRICOS.
14. CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA NON ELÉCTRICA.
15. CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS.
16. INDUSTRIAS DA CONSTRUCCIÓN.
17. ENERXÍA E AUGA.
18. SERVICIOS.




demanda de tecnoloxía estranxeira neste sector é alta non só para a construcción de barcos especiais ou de plataformas petrolíferas senón tamén, xa desde 1966, para a construcción de motores mariños.

O outro sector da economía galega que presenta tamén unha forte dependencia dos coñecementos tecnolóxicos foráneos é o químico. Este sector depende case totalmente xa non só da tecnoloxía foránea senón tamén do capital estranxeiro. O complexo químico do Porriño, participado por capital inglés e alemán, elabora tódolos seus productos farmacéuticos, vacinas, desinfectantes, desodorantes, insecticidas e diversas substancias a partir das licencias de fabricación que lle conceden maioritariamente as multinacionais *The Wellcome Fundation Ltd.* e *Imperial Chemical Industries*. En xeral, a excesiva complexidade deste sector e o escaso nivel de investigación existente en Galicia contribúen a incrementa-la dependencia tecnolóxica do sector.

**C.20. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA E DESTINO SECTORIAL DOS CONTRATOS TECNOLÓXICOS**

| P \ S | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.F. ALEMAÑA | | 2 | | | | | 1 | 5 | 3 | 14 | | 3 | | 3 | 3 | | 2 | 1 |
| FRANCIA | 1 | 1 | 1 | 2 | | | 1 | 12 | 11 | 5 | 5 | 1 | 1 | 8 | 11 | | 1 | |
| BÉLXICA | | | | | | | | 1 | 1 | 1 | | | | | | | 3 | |
| SUÍZA | | | | | | 2 | | 1 | | | | | | | 4 | | | |
| ESTADOS UNIDOS | 1 | | | | | | | 1 | 1 | 4 | 4 | 1 | | 2 | | | 6 | 1 |
| REINO UNIDO | | | | | | | | 11 | | 3 | | | | 1 | | | 5 | 3 |
| URSS | | | | | | | | | | 1 | | | | | | | | |
| PORTUGAL | 1 | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| ESPAÑA | | | | | | | | | | | | | | 1 | | 1 | | |
| HOLANDA | | | | | | | | | | 2 | | | 1 | | | | | |
| LUXEMBURGO | | | | | | | | 1 | | | | | | | | | | |
| NORUEGA | 1 | | | | | | | | | 1 | | | | | | | | |
| XAPÓN | | | | | | | | | | 2 | | | | | | | | |
| ITALIA | | | 1 | 2 | | | | | | | | 1 | | | | | | |
| **TOTAL** | 4 | 7 | 2 | 4 | 1 | 3 | 2 | 36 | 18 | 38 | 9 | 6 | 1 | 20 | 18 | 2 | 18 | 5 |

P: países. S: sectores.

O sector que aparece cunha participación salientable é o da construcción de maquinaria non eléctrica, que en Galicia dá vida a algunhas empresas que se dedican a producir xuntas homocinéticas e diversos tipos de bens de equipo, polo xeral relacionados coa maquinaria pesada.

O sector que aparece tamén cunha participación nada desbotable é o enerxético. Isto está en parte relacionado co intento de construír unha planta nuclear en Galicia, sendo este aspecto da tecnoloxía contratada un dos temas menos coñecidos da política enerxética galega.

A siderurxia e a metalurxia galega, nomeadamente a relacionada co aluminio, é un bo cliente da tecnoloxía foránea, principalmente da francesa.

Para rematar, aínda que cun reducido número de contratos, encóntrase o sector da fabricación de productos metálicos. Polo xeral, realízanse contratos de tecnoloxía con empresas estranxeiras para poder fabricar envases de folla de lata para o subsector conserveiro. Concretamente a construcción deste tipo de envases en Galicia está practicamente controlada na súa totalidade pola multinacional francesa *Carnaud Metal Box*.

O resto dos contratos tecnolóxicos repártense, case a partes iguais, entre os demais sectores de actividade. En todos eles existe algunha empresa que realizou algún contrato de tecnoloxía, aínda que nalgúns o nivel de contratación é moi baixo. Isto acontece naqueles sectores onde existen empresas galegas con capacidade de xeración de tecnoloxía propia e de escasa dependencia tecnolóxica. É o caso, por exemplo, do sector da construcción de aparellos eléctricos e o da madeira, que só realizaron no período obxecto de estudio dous contratos, ó contar con dúas empresas, *Televés e Fimsa*, capaces de innovar.


### 1.2. Procedencia xeográfica

Polo que se refire á procedencia xeográfica dos contratos que formalizaron as empresas galegas durante o período 1965-1987, no cadro 20 expóñense os datos que corresponden a cada país.

En efecto, son cinco os países que destacan cumpridamente como principais provedores de tecnoloxía das empresas galegas: Francia, República Federal de Alemaña, Reino Unido, Estados Unidos e Suecia, países que no seu conxunto ofertan algo máis do 84 por cento do total de contratos rexistrados polas empresas galegas. De xeito especial destacan Francia, República Federal de Alemaña, Reino Unido e Estados Unidos. Deste cuarteto de países procede o 75,7 por cento dos contratos, pero moi por riba de todos eles destacan Francia e a República Federal de Alemaña. Estes dous países ofertan máis do 53 por cento da tecnoloxía que contratan as empresas galegas (ver gráfico 5). O comportamento é practicamente o mesmo para o conxunto das empresas españolas que optan maioritariamente pola tecnoloxía francesa e alemana, tal e como tivemos ocasión de comprobar no cadro 15.

Posiblemente sorprenda a posición ocupada por Francia como primeiro país subministrador de tecnoloxía durante estes anos, por diante mesmo de países tecnoloxicamente moito máis avanzados como Estados Unidos ou a RFA. A verdade é que non resulta doado ofrecer unha explicación plenamente satisfactoria deste feito, pero inclinámonos a pensar que, ademais de razóns meramente culturais e de proximidade xeográfica, habería que acudir á importancia cualitativa dos contratos, cuestión que trataremos máis adiante, e a outros factores tales como os numerosos intereses financeiros e empresariais que os franceses teñen en Galicia. Non esquezamos que, como se precia no cadro 39, Francia é hoxe por hoxe un dos países que rexistran un maior volume de investimento estranxeiro directo en Galicia. Por outra banda, a tecnoloxía francesa non se dirixe exclusivamente ó sector do automóbil, como nun principio podería supoñerse, senón que se difunde por numerosos sectores, concentrándose sobre todo en catro, tal como se reflicte no gráfico 6.

**G.5. PAÍSES DE PROCEDENCIA DOS CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS (1960-1987)**




Os datos que aparecen no gráfico confirman o predominio dos países da CEE. Estes fornecen preto do 75 por cento da tecnoloxía que importan as principais empresas galegas. O resto procede a partes iguais dos países nórdicos, Suíza e Estados Unidos. En liñas xerais, estes resultados coinciden co caso español, xa que Francia, USA, RFA, Reino Unido, Italia e Suíza adoitan se-los países preferidos para o conxunto das empresas españolas para abastecerse de tecnoloxía estranxeira (ver cadro 15).

## 2. PRINCIPAIS PAÍSES QUE SUBMINISTRAN TECNOLOXÍA

Para un coñecemento máis detallado sobre o destino sectorial da tecnoloxía que procede de cada país, cómpre estudiar individualmente cada un dos principais países que subministran tecnoloxía ás empresas galegas mediante contratos.

## 2.1. Francia

Francia é o principal provedor de tecnoloxía das empresas galegas, ó proceder deste país un total de 61 contratos, o que supón o 31,4 por cento dos rexistrados por empresas domiciliadas en Galicia. Se observámo-lo gráfico 6, o destino sectorial dos contratos que se realizan con empresas multinacionais francesas, descubrimos que o sector químico, o siderometalúrxico, a construcción de vehículos e o sector de contrucción de maquinaria non eléctrica son os principais clientes da tecnoloxía francesa, ó acaparar estes case o 69% dos contratos. A construcción naval e a fabricación de productos minerais metálicos absorben só o 16,3 por cento.

O destino da tecnoloxía francesa cara a eses sectores non é aleatoria, senónque obedece a múltiples conexións existentes entre as empresas galegas demandantes de tecnoloxía e os intereses empresariais franceses. Neste sentido debemos apuntar que boa parte das empresas galegas que contratan tecnoloxía francesa están participadas por capital galo. Esta situación determina a existencia de numerosos vínculos de dependencia tecnolóxica das filiais galegas coas súas casas matrices.


No sector químico, o capital francés controla as empresas *La Artística de Vigo* e *Plano S.A.* Estas empresas efectuaron un bo número de contratos tecnolóxicos co país veciño.

No sector siderometalúrxico, a multinacional francesa *Pechiney Ugine Kuhlmann-Bale*, unha das líderes mundiais no sector do aluminio, controla máis do 38% do capital social da empresa coruñesa *Grafitos Eléctricos del NW*. A citada multinacional encargouse sobre todo do asesoramento tecnolóxico e do abastecemento de maquinaria axeitada para a fabricación de electrodos de grafito para fornos eléctricos, así como da formación técnica do persoal. Esta empresa transnacional participou tamén cun 66,7 por cento do capital social no nacemento da empresa *Alúmino de Galicia, S.A.*, empresa que efectuou numerosos contratos de tecnoloxía co grupo PUK. O asesoramento tecnolóxico deste xigante francés do aluminio chegou tamén ó complexo industrial de San Cibrao, no concello lucense de Cervo, coa instalación de *Alúmina Española, S.A.*, que recibiu apoio tecnolóxico e científico do mencionado grupo francés.

Para rematar, quédanos referirnos á presencia do capital francés no sector do automóbil. O grupo multinacional francés *Automóbiles Citröen, S.A.*, agora filial do grupo *Peugeot S.A.*, controla o 100 por cen do capital da



**G.6. CONTRATOS TECNOLÓXICOS PROCEDENTES DE FRANCIA. DESTINO SECTORIAL.**




empresa viguesa *Citröen Hispania, S.A.*, que contaba ademais cunha factoría de producción en Ourense, dando emprego no seu conxunto a 8.785 traballadores. Na provincia de Ourense comezou a funcionar recentemente unha factoría de *Sommer Allibert S.A.* e *Labauto Ibérica, S.A.*, dedicadas á fabricación de productos auxiliares para a industria do automóbil, de capital totalmente francés.

No sector dedicado á construcción de productos minerais metálicos tamén atopamos capital francés. Así, a multinacional *Carnaud, S.A.* dedicada á fabricación de envases metálicos para conservas, ademais de manter unha factoría de producción en Vigo, participa no capital social de *Envases del Atlántico, S.A.*, agora *Cebal Ibérica*, integrada na estructura de filiais do grupo *Pechiney*.

Pero as sociedades con capital francés implantadas na Comunidade Autónoma Galega non se dedican exclusivamente a actividades industriais, senón tamén ás bancarias e comerciais. Os bancos *Banque National de Paris* e a *Societé General de Banque en Espagne* teñen axencias na Coruña e Vigo.

No terreo dos grandes almacéns, o dominio do capital francés é abafante. Os hipermercados *Alcampo*, propiedade da cadea francesa *Samu-Auchan*, conta con un no centro da Coruña, outro en Ferrol e dous en Vigo, agardando instalar proximamente outros dous en Lugo e Ourense. Entrementres,

o grupo francés *Promodes* explota *Continente*, outra das grandes superficies industriais instaladas na Coruña. A construcción deste hipermercado realizouna a empresa *Aceroid, S.A.E.*, con delegación propia na Coruña desde 1988 e propiedade da francesa *Smac Aceroid.*

Aínda que son escasos os contratos de procedencia francesa que van parar ó sector alimenticio, a multinacional francesa *Besnier*, dedicada á elaboración de productos lácteos, mantén unha factoría de producción en Vilalba e unha planta de recollida e refrixeración en Sigüeiro. Do mesmo xeito, *Union Laitaire Normande* controla actualmente o grupo Larsa, integrado por cinco empresas do sector. A presencia francesa é tamén significativa na elaboración de pensos e productos comerciais diversos. Así, o grupo galo *Stablissementns Guyomarch* participa na empresa coruñesa *Unión Técnica Ganadera*. O mesmo acontece coa multinacional *AVIP, S.A.*, que controla o 70% da empresa viguesa *Cedal* e co grupo transnacional parisino *Lesieur*, presente na empresa *Kelsa* de Culleredo durante bastante tempo, ata a súa adquisición pola multinacional italiana *Ferruzzi.*

No sector mineiro, o capital francés controla algunhas empresas dedicadas á explotación da pizarra, caso de *Pizarras Galicera, S.A.* e *Pizarras e materiais*, así como a *Sociedade Mineira e Metalúrxica de Peñarroya España*, na que o 98% do capital pertence á multinacional francesa *Societé Miniére et Metallurgique de Peñarroya*, que conxuntamente con *Río Tinto Patiño* explotan os recursos cupríferos existentes en galicia. Finalmente, no eido da construcción o grupo *Citröen Peugeot Talbot* é propietario da empresa ourensá *Beccosa, S.A.*

Con todo o que acabamos de expoñer, non debe sorprendernos que Francia constitúa o principal país de procedencia dos contratos de tecnoloxía, ó existir en Galicia numerosas empresas que están participadas ou son filiais de multinacionais galas (Sylvie Oliver, 1988b). En case tódolos sectores da economía galega existe investimento estranxeiro directo francés, tal e como teremos ocasión de comprobar na cuarta parte desta investigación.


## 2.2. República Federal de Alemaña

Como pode verse no gráfico 7, a tecnoloxía alemana diríxese fundamentalmente ó sector naval. Este sector absorbe por si só case o 34 por cento dos contratos procedentes da República Federal de Alemaña. De xeito conxunto, o sector naval, o químico e mailo mineiro son o destino preferente dos contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía procedentes do país xermano, ó xuntar estes case o 60 por cento da tecnoloxía importada de Alemaña.

Entre as razóns que poden xustifica-lo destino sectorial dos contratos tecnolóxicos procedentes da República Federal de Alemaña inclinámonos a pensar en:

1. O coñecido prestixio internacional do nivel tecnolóxico acadado pola industria alemana. Este país conta cun prestixio tecnolóxico envexable, xa non só no sector naval, químico e automobilístico, senón tamén nas distintas actividades da industria pesada, así como en case tódolos sectores punteiros das actividades industriais.
2. A existencia de empresas galegas filiais de multinacionais alemanas. Esta circunstancia, que se daba claramente en Francia, encontrámola tamén nalgunhas empresas galegas participadas polo investimento estranxeiro directo alemán. Os intereses xermanos en Galicia están presentes no sector mineiro a través da empresa *Rathscheck Pizarras, S.A.* Á parte desta participación directa no sector mineiro, a RFA achega, como veremos, boa parte da tecnoloxía que utilizan algunhas empresas mineiras galegas.

**G.7. CONTRATOS TECNOLÓXICOS PROCEDENTES DA R.F.A. DESTINO SECTORIAL.**



No sector químico a presencia alemana é moi significativa. Dúas multinacionais deste sector están presentes no Porriño. O 50% do capital de *Xilazel, S.A.*, dedicada á fabricación de pinturas e embelecedores para a madeira, está en poder da firma xermana *Desowag Bayer Holzschutz*, e a alemana *Lignotock Gmbh* posúe case a totalidade das accións da empresa *Lignotock Galicia, S.A.* Mentres tanto outra multinacional alemana, *Feldmühle-Nobel*, unha das principais subministradoras de tecnoloxía que utilizan varias empresas galegas dedicadas á producción de pasta de papel, proxecta instalarse proximamente no concello coruñés das Pontes (La Voz de Galicia, 16-4-1988, p.61). O consorcio alemán, integrado por once empresas, constitúe o maior grupo papeleiro de Europa, e un dos principais do mundo.

No sector naval, a RFA é o principal país provedor de tecnoloxía deste sector. Actualmente o grupo multinacional *Klöckner-Humboldt-Deutz* (K.H.D.), con sede central en Colonia, ten desde 1988 unha factoría de producción de motores mariños. Sen embargo, esta potente empresa multinacional, que non se instala en Galicia ata 1988, xa viña establecendo desde 1966 acordos de carácter tecnolóxico coa empresa galega da construcción naval *Hijos de J. Barreras*; acordos mediante os cales a empresa galega chegou a fabricar motores diésel baixo licencia de K.H.D. (La Voz de Galicia, 30-6-1988, p.61).

Como consecuencia destes feitos, hai que dicir que a contribución tecnolóxica alemana é moi importante, especialmente no sector naval e o químico.


## 2.3. Reino Unido

Os contratos precedentes do Reino Unido concéntranse fundamentalmente en dous sectores: no químico e no enerxético. Estes absorben máis do 65 por cento do total de contratos realizados con ese país. O resto diríxese case exclusivamente ó sector naval e ó dos servicios, que supoñen conxuntamente o 26% (ver gráfico 8).

Individualmente, o sector químico é o que recibe a maioría dos contratos tecnolóxicos procedentes do R.U., case o 50 por cento. O forte volume de contratos tecnolóxicos que proceden do Reino Unido e que van parar ó sector químico obedece, sen lugar a dúbidas, á presencia en Galicia de dúas potentes multinacionais químicas inglesas: *The Wellcome Fundation Limited* e *Imperial Chemical Industries- Fharmaceuticals Division* (ICI-Farma). Estas dúas poderosas multinacionais do sector controlan practicamente o



**G.8. CONTRATOS TECNOLÓXICOS PROCEDENTES DO REINO UNIDO. DESTINO SECTORIAL.**




complexo químico de *Zeltia, S.A.*, localizado no Porriño desde 1964. A participación destas dúas multinacionais da farmacia veterinaria, humana e agrícola dentro de *Cooper-Zeltia, Zeltia Agraria* e de *ICI-Farma* acada máis da metade dos seus respectivos capitais (Fomento de la Producción 1988).

No sector dos servicios, o grupo financeiro *Barclays Bank, S.A.E.* do Reino Unido conta con sucursais bancarias na Coruña, Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra, converténdose, con seis sucursais, nun dos grupos bancarios estranxeiros máis estendido de Galicia, o que facilita os intercambios comerciais, ademais de afianza-los intereses ingleses na Comunidade Galega.

## 2.4. Estados Unidos


A tecnoloxía importada de Estados Unidos diríxese fundamentalmente ó sector enerxético, ó naval e mais á fabricación de productos metálicos, que unidos absorben máis do 66 por cento da tecnoloxía procedente dese país norteamericano (ver gráfico 9).

Individualmente, o sector que recibe o maior número de contratos norteamericanos é o enerxético, ó que destina preto do 30 por cento da tecnoloxía importada de USA a través dos 21 contratos que as empresas galegas, fun-

damentalmente FENOSA, efectuaron con grupos empresariais de EE.UU. Con iso USA convértese nun dos principais países provedores de tecnoloxía das empresas galegas, e débese tamén, en grande parte, ós numerosos intereses que as empresas norteamericanas teñen na nosa Comunidade Autónoma. Non esquezamos que Estados Unidos foi un dos países que nos últimos anos realizou máis investimentos directos na comunidade galega, especialmente no sector agroalimentario.

Varios grupos multinacionais norteamericanos están presentes en Galicia desde hai bastante tempo. A multinacional petroleira estadounidense *Marathon International Oil Company* chegou a posuí-lo 28% do capital social da refinería coruñesa de petróleos *Petrolíber*, agora fusionada con *Empetrol*. Outra multinacional norteamericana, *Conagra, Inc.*, con filiais na Coruña, dedicada á elaboración de pensos compostos e principal grupo cárnico de Estados Unidos, ó fusionarse co grupo *Holly Farms*, controla en Galicia varias empresas: *Saprogal, Aldea, S.A., Frigsa*, o 50% de *Bioter*, e é propietaria desde xaneiro de 1987 das fábricas de pensos do grupo francés *Sanders International*, situadas en Lugo e en Valencia (La Voz de Galicia, 10-4-1987). O capital norteamericano está presente ademais en *Kraff Leonesas*, que ten instalada unha planta en Ribadeo. O 100% desta empresa está en mans da multinacional *Kraft Incorporated* do grupo Rockefeller. *La Toja*

**G.9. CONTRATOS TECNOLÓXICOS PROCEDENTES DE ESTADOS UNIDOS. DESTINO SECTORIAL.**






*Cosméticos, S.A.*, con factorías na Coruña e no Grove, chegou a pertencer na súa totalidade á multinacional estadounidense *Guillet*. En 1990 optou por vendela á multinacional sueca *Nobel Industrier*. Ó mesmo tempo, as fábricas que *Mantequerías Arias, S.A.* e *Industrias Lácteas Leonesas, S.A.* tiñan en Galicia estaban controladas desde 1967 polo capital norteamericano. Así mesmo, os investidores de Estados Unidos participaron tamén no control da empresa papeleira *Cartonajes Vigueses*, agora *Carto España*, propiedade do grupo multinacional irlandés *Smurfit Jefferson*.

En Santiago de Compostela a firma transnacional norteamericana *D.C.A. Food I.N.D.* (G. Allied-Lyons Co) ten como filial a *Donuts Corporation del Norte*. Na Coruña *Begano* e no Porriño *Embotelladora Celta* son empresas concesionarias de *Coca-Cola* e *Pepsi-Cola* respectivamente.

No terreo da acuicultura, aínda que son poucos os contratos formalizados, a empresa norteamericana *Foster Wheeler* participa maioritariamente no capital social de *Agrofish, S.A.*, situada no concello coruñés de Cee. No campo dos servicios, *Hertz*, empresa multinacional de aluguer de coches e propiedade de *Ford*, mantén varias delegacións nas principais cidades galegas.

Todo isto demostra que os intereses dos Estados Unidos en Galicia son numerosos, o que determina que os asuntos de carácter financeiro das empresas galegas participadas polo capital norteamericano sexan xestionados, sobre todo, polo *City Bank España*, pertencente ó *First National City Bank*, do grupo monopolístico Rockefeller. Este poderoso grupo bancario internacional conta con sucursais nas catro provincias galegas, e é moi utilizado polos emigrantes galegos en Latinoamérica para transferi-los seus aforros a Galicia.

Pero o interese das empresas norteamericanas por seguiren instalánsose en Galicia non fica aí. Varias empresas dos Estados Unidos proxectan realizar, nos próximos anos, investimentos por valor superior a 7.000 millóns de pesetas. Unha delas, a multinacional *Biomédica*, prevé instalar en Galicia un laboratorio farmacéutico para producir antibióticos, productos anticancerígenos e unha fábrica de motores eléctricos de alta tecnoloxía (Integrated Motors Technologist) (La Voz de Galicia 15-4-1989, p.45).

Ante estas perspectivas, non hai dúbida de que, a medida que vaia incrementándose o investimento estranxeiro directo dese país na nosa Comunidade Autónoma, a tecnoloxía norteamericana irá penetrando de forma máis efectiva no tecido industrial galego.


## 2.5. Suecia

A tecnoloxía sueca destínase principalmente ó sector naval, ó químico e á construcción de maquinaria de precisión non eléctrica. Estes tres sectores acaparan máis do 81 por cento dos contratos procedentes do país sueco.

No sector naval, a tecnoloxía do país nórdico está moi avanzada. Especialmente destaca na construcción de plataformas petrolíferas, o que influe á hora de subscribir contratos desta natureza con empresas dese país, para que transfiran tecnoloxía ós estaleiros galegos. É o que aconteceu con ASTANO, empresa naval galega que se estreou na construcción deste tipo de plataformas utilizando tecnoloxía sueca.

No sector químico o investimento estranxeiro directo sueco limítase unicamente a participar en TAFISA (*Tableros y Fibras, S.A.*). Sen embargo, a contribución tecnolóxica é importante, especialmente no que se refire á producción de substancias químicas que interveñen nos procesos de elaboración de productos derivados da madeira. A presencia sueca foi significativa na factoría de INTELSA da Coruña, onde a multinacional *L.M. Ericson* participaba no 51% do capital social, ata que a factoría foi adquirida a mediados dos anos 80 polo grupo italiano *Telletra s.p.a.*, agora asociada á francesa *Alcatel*.

**G.10. CONTRATOS TECNOLÓXICOS PROCEDENTES DE SUECIA. DESTINO SECTORIAL.**




O resto dos contratos de procedencia sueca van parar sobre todo, como se ve no gráfico 10, ó sector da maquinaria non eléctrica e, en menor medida, á siderurxia.

Por tanto, Suecia é un país que, ata o de agora, realizou escasos investimentos directos en Galicia. Sen embargo, achega tecnoloxía a algunhas empresas galegas, converténdose, con dezaseis contratos, no quinto país provedor de tecnoloxía da industria galega.

# CAPÍTULO VI. **ANÁLISE DOS PRINCIPAIS SECTORES ADQUIRIDORES DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA**

Neste capítulo imos analizar por separado cada un dos principais sectores adquiridores de tecnoloxía estranxeira en Galicia a través dos contratos. Mediante esta análise sectorial individualizada poderemos coñece-la orixe xeográfica da tecnoloxía que se importa.


## 1. O SECTOR NAVAL

Este foi e é, xunto co eléctrico, un dos sectores fundamentais da actividade industrial galega. A construcción naval en Galicia, moi participada polo INI, remóntase ó século XVIII, cando se instalaron en Ferrol os arsenais militares, factoría que impactou fortemente na demografía da cidade que, segundo Meijide Pardo, pasa "de pouco máis das 1.500 almas nos albores do primeiro tercio daquel século a uns 30.000 en 1778" (Meijide Pardo 1972, p.43). Máis tarde, en 1818, fúndanse os *Astilleros Barreras* baixo o nome de *Casa de José Barreras de Faust*, familia moi relacionada coa extracción de peixe e herdeira da penetración catalana neste último sector.

En 1908 recomponse esta casa, adquirindo o actual nome de *Hijos de J. Barreras, S.A.* Igual có conxunto da construcción naval galega, estes estaleiros sofren un forte acelerón durante a primeira guerra mundial e a súa postguerra, ata o punto de que "en 1919 os antigos estaleiros e talleres mecánicos de *Hijos de J Barreras* se expansionan fortemente constituíndo unha S.A. para construír barcos de ferro de máis de 2.000 Tm. e solicitando acollerse á nova lei de marzo de 1917, de protección de novas industrias e desenvolvemento das existentes (Roldán, Delgado e Muñoz 1974, p. 184).

O resto dos estaleiros galegos son xa de orixe recente, aínda que sempre baseados en antigos estaleiros de ribeira, dedicados á elaboración de madeiras para a construcción de buques. Así xorde en 1940 a *Factoría Vulcano*, *ASTANO* en 1944, converténdose este último nun dos maiores estaleiros de España e por suposto o maior de Galicia.

G.11. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR NAVAL. PAÍSES DE PROCEDENCIA.**




O que aquí nos interesa sinalar é o grao de dependencia tecnolóxica que este sector presenta, mediante a análise dos contratos de tecnoloxía que realizaron co exterior. Se observamos de vagar o gráfico 11, vemos que a RFA é o principal país subministrador de coñecementos tecnolóxicos preferido polas empresas galegas do sector naval, debido ós vínculos tecnolóxicos e de capital establecidos entre empresas alemanas e galegas do sector. Do país xermano procede case o 37 por cento da tecnoloxía que importa o sector naval.

Dun xeito máis amplo, a RFA, Suecia, Francia e Estados Undos son os principais países subministradores de tecnoloxía do sector naval, achegando conxuntamente case o 74 por cento do total da tecnoloxía estranxeira que precisa o sector. A preferencia pola tecnoloxía destes países está no alto nivel tecnolóxico existente. Como puidemos comprobar nos capítulos anteriores, estes países destinan fortes cantidades de diñeiro a I+D.

A inexistencia de capital estranxeiro neste sector, de quitado os intentos frustrados da corporación xaponesa *C.I.Toh* para adquiri-los estaleiros *Santodomingo* (La Voz de Galicia, 7-9-1988, p.39), fai posible que a elección de tecnoloxía sexa totalmente obxectiva, evitando así a mediatización propia dos investimentos estranxeiros.

En canto ó contido da tecnoloxía que este sector demanda, hai que dicir que se trata fundamentalmente, nun 61%, de licencias de fabricación de productos finais completos e de compoñentes de procesos. A asistencia técnica, o know-how e os coñecementos técnicos acadan tamén niveis moi importantes, nomeadamente nos últimos anos, para a construcción de plataformas de prospección petrolífera (Doval Adán, A. 1992, pp.90-99). Con esta finalidade, ASTANO realizou en 1987 tres importantes contratos tecnolóxicos para a adquisición de tecnoloxía punta destinada á construcción de varios modelos de plataformas petrolíferas. O primeiro deles foi suscrito coa multinacional norteamericana *Friede Goldman Ltd.*, que forneceu á empresa galega licencia de patente e comunicación de know-how para a construcción dunha unidade semimergullable de deseño Frie Goldman dous (2-1033). O segundo e terceiro contratos foron establecidos coa multinacional sueca *Gotayerken Arendal AB*, que cedeu comunicación de *know-how*, licencia de uso de patente e asistencia técnica para o deseño e construcción de plataformas petrolíferas tipo GUA, así como enxeñería básica e de detalle.

A empresa *Nacional Bazán de Construcciones Navales Militares*, que conta cunha factoría situada na ría de Ferrol, é outra das empresas do sector naval que realizou numerosos contratos de adquisición de tecnoloxía estranxeira. Concretamente, entre 1974 e 1981 realizouse un total de 46 contratos tecnolóxicos destinados ás distintas factorías que a empresa española ten en distintos puntos da xeografía española. A tecnoloxía adquirida por esta empresa procede fundamentalmente de multinacionais norteamericanas e alemanas. A factoría ferrolá de *Bazán* desenvolveu unha grande actividade, chegando a contar en 1975 con algo máis de 7.000 traballadores. A reconversión industrial do sector naval provocou unha drástica reducción de postos de traballo, manténdose actualmente nunha cifra non superior ós 2.500 traballadores.

No que atinxe ó volume de contratación das empresas do sector, hai que sinalar que durante o período 1965-1987 realizaron contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía un total de oito empresas instaladas en Galicia. Só catro, *Astano, Bazán, Barreras* e *Vulcano*, realizaron máis do 71% de tódolos contratos do sector. O acceso á tecnoloxía foránea permitiulles a estas catro empresas colocarse na vangarda de construcción naval galega, e mesmo española.

*Hijos de Barreras* recorreu en 1967 á tecnoloxía da empresa multinacional alemana *Klöckner-Humboldt Deutz, A.G.*, para fabricar motores diésel mariños. Este fabuloso contrato tecnolóxico converteu a empresa *Barreras* no principal fabricante de motores mariños de Galicia por un período de cinco anos, que posteriormente se renovaría a medida que a citada compañía multinacional se ía introducindo en Galicia, chegando a participar en 1982 no capital social de Barreras e máis recentemente, en 1988, instalando unha factoría de producción de *Motores Deutz MWM* no Porriño.

Este constitúe un bo exemplo de como a concesión de contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía é unha das vías usadas polas grandes empresas multinacionais para se introduciren en áreas, sectores e mercados estratéxicos que eles consideran axeitados para maximiza-los seus beneficios e controla-lo mercado internacional.

A realización deste tipo de contratos tecnolóxicos permite ás firmas transnacionais coñecer a fondo a realidade estructural das empresas galegas ás que subministran tecnoloxía. O envío de técnicos mediante os contratos que demandan asistencia técnica directa posibilita acceder nalgúns casos a informacións que as nosas empresas manteñen baixo segredo.

Mediante os contratos de asistencia técnica, as empresas multinacionais estranxeiras coñecen a fondo cada unha das peculiaridades da empresa galega que lle compra tecnoloxía, as súas debilidades e problemas, aspectos que terán en conta á hora de estudia-las estratexias de penetración programadas pola multinacional para acceder ó control directo da empresa galega.


ASTANO, como puidemos comprobar, é a empresa galega do sector que máis contratos de tecnoloxía realizou. Boa parte deles tiñan como finalidade a cesión de licencias de fabricación para construír buques especiais, plataformas mariñas e motores diésel. Concretamente, desde 1965 vén fabricando ese tipo de motores con licencia da multinacional alemana *Maschinenfabrik Augsburg Nürnberg* (MAN). Por tanto, as empresas do INI son as que efectuaron un maior número de contratos neste sector, máis do 52%, por diante das empresas privadas.

O alto nivel de contratación de tecnoloxía estranxeira rexistrado neste sector, especialmente nas empresas controladas polo INI, hai que buscalo na necesaria actualización de coñecementos e nas tecnoloxías do mercado, que cada vez demanda buques que leven incorporada unha máis alta tecnoloxía. Esta, ante o escaso rendemento das innovacións internas, ten necesariamente que adquirirse no estranxeiro para poder seguir competindo nos mercados internacionais.

## 2. O SECTOR QUÍMICO

Este sector experimentou unha forte penetración do investimento estranxeiro directo, o que facilita, como xa se demostrou, o xurdimento de contratos tecnolóxicos entre as filiais e maila casa matriz.

**G.12. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR QUÍMICO. PAÍSES DE PROCEDENCIA.**



Analizando o gráfico 12, descúbrese que os principais países subministradores de tecnoloxía estranxeira deste sector son Francia e mailo Reino Unido, de onde procede nada menos có 64 por cento dos contratos tecnolóxicos. O resto vén fundamentalmente de Alemaña e de Suecia.

A relevancia de Francia e do Reino Unido como principais países provedores de tecnoloxía do sector químico galego está relacionada co importante investimento estranxeiro directo que ámbolos países manteñen con Galicia.

O capital francés está presente nas empresas químicas viguesas *Plano, S.A.* e ARTISCAR. Mentres que os intereses investidores do Reino Unido se concentran no complexo químico do Porriño, onde as multinacionais inglesas *Chemical Industries* e a firma *Wellcome Fundation*, ademais de controlar boa parte do capital social de *Zeltia Agraria, Cooper Zeltia e Ici-Farma*, fornecen a estas empresas toda a tecnoloxía punta que desenvolven os laboratorios ingleses para que estes centros de producción fabriquen vacinas e outro tipo de productos farmacéuticos. A multinacional *Bayer*, presente en Galicia a través de *Xilazel*, tamén facilita boa parte da tecnoloxía que precisa este sector.

Descendendo a nivel empresarial, a empresa *Cooper-Zeltia*, situada no polígono industral do Porriño desde 1964, é a que realizou un maior número de contratos tecnolóxicos co exterior. Especialmente desde que se levou adiante a fusión da empresa *Zeltia, S.A.*, na que participaba tamén *Pescanova* e *Cementos del NW*, coa británica *Cooper Macduogal and Robertson*.

O grupo químico do Porriño, que realizou en conxunto o 34 por cento dos contratos do sector, converteuse, gracias ás contribucións tecnolóxicas e innovadoras desenvolvidas nos laboratorios ingleses, nun dos máis dinámicos do sector químico español.

A empresa *Zeltia*, fundada en 1939 con capital galego co obxecto de fabricar e comercializar insecticidas e productos veterinarios, ademais de praguicidas e productos de medicina humana, é hoxe o principal grupo químico galego.

A través da investigación, o desenvolvemento e os acordos de licencias con varias empresas e alemanas, o grupo *Zeltia* fabrica, distribúe e exporta unha ampla gamma de productos mediante unha ampla rede de distribución.

*Cooper-Zeltia* colabora co goberno español nas campañas oficiais contra a febre aftosa, dado que é a empresa con maior capacidade de producción desta vacina en España e unha das maiores de Europa. Coa participación da



Universidade de Santiago, esta empresa recibiu do goberno a través da Comisión Asesora de Investigación Científica e Técnica do *Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial* diversas axudas para a investigación en campos que van da inmunoloxía ó desenvolvemento gandeiro. Esta empresa dispón dunha estructura científico-técnica que mereceu a confianza de varios grupos do sector farmacéutico e veterinario da industria química en xeral.

Por tanto, o alto nivel tecnolóxico acadado por este grupo de empresas químicas débese, en grande medida, ás achegas tecnolóxicas esóxenas, procedentes das multinacionais inglesas *The Wellcome Fundation, Coopers, Animal Health, Imperial Chemical Industries* e da alemana *Desowag Bayer Holzschutz*. Este importante grupo de multinacionais europeas desenvolven practicamente a totalidade dos seus investimentos nos laboratorios que estas empresas teñen nos seus respectivos países de orixe.

Outra das empresas que importaron abundantes coñecementos tecnolóxicos é ARTISCAR. Esta empresa viguesa importa, sobre todo en Francia, asistencia técnica en materia de impresión sobre metais. FORESA, situada en Caldas de Reis e dedicada a producir a base de urea importada de Huelva colas e productos químicos especiais para a industria dos aglomerados de madeira e principal subministrador de colas das industrias que fabrican en Galicia tableiros aglomerados, traballa fundamentalmente coa tecnoloxía da empresa sueca *Skaanska Attikfabriken A.B.*, agora *Perstorp A.B.*

O resto das empresas do sector que se dedican á producción de materiais plásticos optan pola tecnoloxía francesa, dado o entretecido que está o capital galo neste sector.

En xeral, como é de supoñer e dadas as conexións deste sector co capital estranxeiro, as empresas participadas polo capital foráneo contratan máis do 60% do total. Isto quere dicir que as empresas do sector químico que realizan máis contratos de tecnoloxía co exterior son aquelas que están controladas polos investidores estranxeiros.


## 3. A CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA NON ELÉCTRICA

Neste sector agrupamos todas aquelas empresas dedicadas á construcción de calquera clase de maquinaria, agás eléctrica.

Os vinte contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía efectuados por este sector sitúanse no terceiro posto, detrás do químico, pola importancia cualitativa da tecnoloxía importada, cun 10 por cento do total. No gráfico 12 aparece polo miúdo a procedencia xeográfica da tecnoloxía importada. Francia e Suecia, de onde procede o 60 por cento dos contratos tecnolóxicos, constitúen os principais países que subministran tecnoloxía a este sector, dedicado en grande medida a fabricar complementos para automóbil e unha variada gamma para a industria pesqueira. Da RFA e de USA procede só o 20 por cento.

A nivel empresarial, como se pode comprobar no cadro 18, as empresas que realizaron un maior número de contratos son aquelas relacionadas e auxiliares da construcción naval ou da industria do automóbil. Concretamente, a empresa *Construcción de Elementos Normalizados*, creada en 1940 polos estaleiros de Vigo (principalmente por Barreras e Ascón) para a producción de caldeirería, maquinaria naval e liñas de cuberta, etc., é a que realizou un maior número de contratos (30%). Séguea, cun volume considerable de tecnoloxía importada (20%), a empresa viguesa *Industrias Mecánicas de*

**G.13. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DA MAQUINARIA NON ELÉCTRICA. PAÍSES DE PROCEDENCIA**






*Galicia*, propiedade da empresa *Financiación e Desenvolvemento, S.A.*, filial do grunpo multinacional británico GKN. A empresa INDUGASA, dedicada á fabricación de xuntas homocinéticas para automóbiles, foi construída en 1973, a partes iguais entre *Citröen* e SEAT. Desde ese momento, a súa actividade industrial foi desenvolvéndose fundamentalmente gracias ás contribucións tecnolóxicas da multinacional francesa *Automobiles Citröen*.

Dentro deste sector atopamos, ademais de INDUGASA, outras empresas participadas tamén polo capital estranxeiro; é o caso de *Grenco Ibérica, Fácet Ibérica* e a empresa *Thurne Eureka*, situada en Vilagarcía de Arousa.

O conxunto das empresas do sector controladas por capital estranxeiro contratan o 40 por cento do total. A intervención do capital foráneo brinda a estas empresas a oportunidade de acceder ás innovacións tecnolóxicas do país investidor, polo xeral moito máis desenvolvidas cás existentes en Galicia. Así, a multinacional holandesa *Grenco* N.V. subministra desde 1975 case toda a tecnoloxía que utiliza a súa filial en Galicia, *Grenco Ibérica*, mentres que *Fácet Ibérica*, situada no concello coruñés de Arteixo, traballa basicamente con tecnoloxía norteamericana, procedente do seu socio maioritario, a firma supranacional *Facet Enterprises, Inc*, que controla o 80 por cento do capital social da empresa coruñesa dedicada á fabricación de filtros e de equipos depuradores de fluídos, así como á comercialización de sistemas de baleirado e ventiladores.

Outra das empresas galegas máis dinámicas neste sector, participada igualmente polo capital multinacional, é a sociedade anónima *Thurne Eureka Española*, propiedade do holding noruegués *Kvaerner Eureka*, resultado da fusión de *Thurne Eureka, Myrens Versted* e *Kvaerner Kulde* nunha soa compañía (La Voz de Galicia, 16-10-1988, p.61). A empresa de Vilagarcía fabrica os seus bens industriais con tecnoloxía procedente da empresa *Myrens*, pertencente ó mesmo grupo multinacional. Con esta tecnoloxía *Thurne Eureka*, na súa factoría de Bamio, fabrica equipos mariños con sistemas de autocebado, prensas de parafuso sen fin para polpa de celulosa e pasta de papel, ademais de prensas de dobre parafuso para fariña de peixe e cortadoras de papel.

É evidente que gracias á tecnoloxía de vangarda que controla o grupo multinacional noruegués *Kvaerner*, *Thune Eureka España* ten a posibilidade efectiva de fabricar unha gamma de productos practicamente ilimitada, xa que o abano de sectores industriais onde o grupo noruegués é líder mundial

pasa por estaleiros, alimentación, madeira, papel, transportes, hidroelectricidade e mesmo tecnoloxía militar (La Voz de Galicia, 6-10-1987).

Queda clara, xa que logo, a importante penetración de tecnoloxía neste sector, principalmente procedente de grandes empresas multinacionais de Francia e Noruega, Estados Unidos e Holanda.


## 4. A CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS

A construcción de vehículos en Galicia está concentrada, practicamente na súa totalidade, na empresa *Citröen Hispania*, pertencente nun 65 por cento á francesa *Automobiles Citröen*, agora integrada no grupo PSA.

Como se ve no gráfico 14, Francia subministra máis do 61 por cento da tecnoloxía que importa o sector automobilístico. O resto procede de Suíza e da República Federal de Alemaña.

Individualmente, a empresa *Citröen Hispania, S.A.* realiza máis do 66 por cento de tódolos contratos do sector, o cal indica unha forte concentración dos contratos nunha soa empresa. Esta excesiva concentración dá lugar a unha media de contratos por empresa de 4,5, moi superior á media xeral. Para o conxunto das empresas galegas do sector participadas por capital estranxeiro ese valor adquire aínda maiores proporcións, situándose nunha media de 7,5 contratos por empresa, cota moi alta se temos en conta que a media de Galicia para o conxunto deste tipo de empresas é de 3,1. *Citröen Hispania, S.A.* utiliza no seu sistema productivo a tecnoloxía da súa casa matriz francesa. De Francia procede todo o aparello productivo: os deseños, o know-how necesario para fabricar pezas e elementos das mesmas, a asistencia técnica e ata o mantemento. É dicir, todo de quitado a enerxía e a man de obra barata e non cualificada que procede de Galicia. Para o mantemento e a actualización dos procesos de datos a firma viguesa recorre á tecnoloxía dunha das filiais do grupo multinacional francés situada en Suíza, *Informatics, S.A.* Esta empresa suíza nalgunhas ocasións pode actuar de ponte na transferencia de beneficios que a empresa viguesa efectúa mediante a realización de contratos tecnolóxicos co exterior. Para iso a firma viguesa solicita asistencia técnica para o mantemento, polo que deberá pagar unha cantidade de divisas excesiva, moi por riba do seu valor real, o que supón para a empresa galega un importante desembolso económico que naturalmente deducirá como gastos á hora de cumprir coa súa obriga fiscal. Sen embargo, a realidade é que esa cantidade de diñeiro vai parar a unha empresa do grupo multinacional situada nun paraíso fiscal que o computará como ingreso, co cal este mecanismo de evasión fiscal, propio dos grandes consorcios empresariais supranacionais, é todo un feito tamén en Galicia.

**G.14. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS. PAÍSES DE PROCEDENCIA**




A realización de contratos de carácter tecnolóxico ou de asistencia técnica entre empresas filiais do mesmo grupo tende a utilizarse nalgúns casos como mecanismo axeitado para transferir beneficios ás agachadas.


A empresa ourensá *Barreiros*, agora transformada en *Forjas de Galicia*, para perfecciona-los seus motores e antes de ser adquirida pola multinacional norteamericana *Chrysler*, tivo que recorrer á alta tecnoloxía dalgunhas empresas alemanas e francesas para mellora-la calidade e envergadura dos seus motores, que se chegaron a producir en Ourense e Madrid respectivamente.

## 5. O SECTOR SIDEROMETALÚRXICO

O panorama que presenta este sector é máis semellante ó precedente. Obsérvase unha forte concentración dos contratos en Francia. Deste país procede máis do 61% de tódolos que se rexistraron no sector.

Trátase dun sector que remonta a súa presencia en Galicia ó século XVIII. En 1791 D. Antonio Raimundo Ibáñez, astrónomo e vencellado ó mundo da Coroa Borbónica, funda en Sargadelos o primeiro forno siderúrxico de España para a producción de ferro e martelos mecánicos. Par iso recorre á

G.15. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR SIDEROMETALÚRXICO. PAÍSES DE PROCEDENCIA**




colaboración técnica do alemán F. Richter, que lle axudará a organizar tanto a planificación e a producción da fábrica como a posta a punto na tecnoloxía e financiamento. A asistencia técnica para levar adiante o proxecto complementouse á súa vez co francés M. Richard, que dirixiu a empresa entre 1835 e 1842, e co inglés Mister Edwih Forester, responsable do complexo industrial desde 1845 a 1862 (Sequeiros Tizón, J. 1986, pp.50-52).

Máis recentemente, xorde a colaboración técnica estranxeira neste sector gracias ós fortes investimentos directos realizados por algunhas empresas, fundamentalmente de Francia e Estados Unidos. Así, a multinacional francesa do alumninio *Pechiney U.K.B.* controla *Grafitos Eléctricos do NW* e participou en *Aluminio de Galicia*, S.A. Da citada firma francesa procede case toda a tecnoloxía que utilizan estas tres empresas galegas. Mentres tanto, SIDEGASA, outra das empresas siderúrxicas contratantes de tecnoloxía foránea, optaba polos coñecementos técnicos alemáns ou suecos, recorrendo, sobre todo, á tecnica da firma *Metalfurm Consult A.G.*

A industria do aluminio, que conta en Galicia con tres factorías do grupo INESPAL, constitúe, sen lugar a dúbidas, unha das ramas industriais con maior dependencia tecnolóxica do exterior, principalmente da tecnoloxía que procede da multinacional PUK. En relación con isto, cómpre lembrar que para a instalación das factorías que actualmente están traballando en Galicia (*Alúmino Galicia, Aluminio Español* e *Alúmina Española*) se contou co capital e a tecnoloxía de varias empresas multinacionais estranxeiras (*Alcán, Alcoa* e *Pechiney*). Concretamente, a contribución tecnolóxica e financeira estranxeira foi especialmente decisiva na construcción do complexo alumínico de San Cibrao, no concello lucense de Cervo. Para a realización do xigantesco proxecto puxéronse de acordo tódalas grandes empresas multinacionais estranxeiras do sector. Neste sentido, , Sequeiros Tizón, no seu traballo sobre "El desarrollo económico en Galicia", resume moi ben o contido da participación estranxeira na execución do citado complexo industrial, ó afirmar que "o *City Corp International* (group City Bank) finanza a longo prazo a construcción do peirao; *Alcán* e *Daiser Aluminiun* levan adiante o proxecto de dixestión de bauxitas, *Alcoa* o filtrado e a calcinación; *Giuline Traus* o tratamento das lamas vermellas; *Pechiney U.K.B.* a enxeñería básica do proxecto; a *Bayer* o procesamento das bauxitas; *La compagnie des bauxites de Guinee*, propietaria dos depósitos de bauxita en Bolle (Guinea), sociedade participada por *Alcán* e *Pachiney* garanten o abastecemento continuado á factoría, etc." (Sequeiros Tizón, 1986, p.55). É dicir, que as grandes multinacionais do aluminio se puxeron de acordo, vista a grande confluencia de intereses, para dar bo remate ó proxecto, dando lugar en San Cibrao á terceira factoría máis grande do mundo en canto á producción de aluminio se refire.

## 6. O SECTOR ENERXÉTICO

O sector enerxético, xunto co naval, son os dous únicos que non están participados polo investimento estranxeiro. O capital autóctono contribuíu a desenvolver estes dous sectores industriais básicos da economía galega.

A participación estranxeira directa neste sector é practicamente nula, de quitado o caso do grupo noruegués *Kvaerner Industrier*, que participa maioritariamente na empresa *Hidrohispano S.A.*, dedicada á explotación, mantemento e remodelación de centrais hidroeléctricas, o resto das empresas enerxéticas galegas están controladas por capital endóxeno. Así e todo, o número de contratos tecnolóxicos realizados polas empresas do sector é nomeadamente alto.


A realización de contratos concéntrase practicamente nunha soa empresa, FENOSA, que ata 1982 tiña o seu domicilio social na Coruña. Pero a partir da fusión, nese mesmo ano, con *Unión Eléctrica*, transladou a súa sede central a Madrid. Esta empresa efectuou en por ela máis do 72 por cento do total dos contratos suscritos polo conxunto das empresas do sector. O resto corre a cargo da empresa *Asociación Central Nuclear de Regordela, S.A.*

Esta excesiva concentración dos contratos nunha soa empresa xera unha media de 9 contratos por empresa, cota tres veces superior á media xeral rexistrada polo conxunto das empresas galegas durante o período obxecto de estudio.

En canto á procedencia xeográfica dos contratos, obsérvase no gráfico 16 que de Estados Unidos e do Reino Unido procede o 61 por cento da tecnoloxía que importa este sector tan dinámico en Galicia. Analizando polo miúdo cada un dos contratos suscritos pola totalidade das empresas galegas detectamos que FENOSA é a empresa galega con maior volume de contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía. Realiza con certa frecuencia contratos de asistencia técnica coa multinacional inglesa *GEC Machines Limited* e coas estadounidenses *Gibbs Hill Inc* e *Appolonia Consulting Engineers Inc.* para control, mantemento, supervisión e deseño das centrais hidroeléctricas e térmicas que a devandita empresa ten en Galicia.

Para a construcción dunha central nuclear no concello lucense de Xove, proxecto que non chegou a executarse, varias empresas, entre as que se encontraba FENOSA, crearon a *Asociación Central Nuclear de regordela, S.A.* Esta empresa, que tivo unha duración cativa ó fracasa-lo proxecto de construcción da citada central nuclear, realizou un total de cinco contratos tecnolóxicos con varias empresas norteamericanas para principiar estudios xeolóxicos e de enxeñería nuclear de carácter preliminar, dirixidos a construí-la central nuclear de Xove. A realización de estudios previos correron a cargo fundamentalmente das empresas supranacionais *Gibbs Hill Inc., Appolonia Consulting Engineers Inc.* e de *Westinghouse Nuclear.*

**G.16. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR ENERXÉTICO. PAÍSES DE PROCEDENCIA**




Para remata-lo comentario referente a este sector, queremos deixar constancia de que o elevado número de contratos de carácter tecnolóxico realizados pon de manifesto a debilidade tecnolóxica e innovadora que padece a empresa enerxética *Fuerzas Eléctricas del Noroeste, S.A.*, agora *Unión-Fenosa.* A empresa galega tivo que recorrer ós técnicos estranxeiros, tanto para instalar boa parte das turbinas das 19 centrais hidráulicas que na actualidade mantén en funcionamento nas catro provincias galegas como para limpa-las chemineas das dúas centrais térmicas que ten en Sabón e Meirama.


Nestes casos, a tecnoloxía e a man de obra altamente cualificada, enxeñeiros fundamentalmente, proceden das grandes empresas multinacionais norteamericanas e inglesas mencionadas anteriormente.

## 7. A FABRICACIÓN DE PRODUCTOS METÁLICOS

Neste sector incluímos sobre todo as empresas auxiliares da actividade conserveira dedicadas á fabricación de envases de folla de lata.

En total rexistráronse durante o período obxecto de estudio nove contratos tecnolóxicos, procedentes exclusivamente de Francia e Estados Unidos. Destes dous países, maiormente de Francia, procede a totalidade da tecnoloxía estranxeira importada polas empresas galegas dedicadas á fabricación de envases metálicos de folla de lata para conservas de peixe e outros productos alimenticios.

G.17. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DA FABRICACIÓN DE PRODUCTOS METÁLICOS. PAÍSES DE PROCEDENCIA**




Este sector económico está totalmente controlado en Galicia pola multinacional parisina *Carnaud Metal Box* ó fusionarse coa inglesa *Metal Box*. A empresa francesa, agora un dos grupos de embalaxe máis importantes de Europa e terceiro do mundo (La Voz de Galicia, 3-3-1989, p.59), ostenta a maioría do capital social das tres empresas galegas do sector que realizaron contratos de tecnoloxía estranxeira: *Carnaud Galicia, Envases del Atlántico* e *Dalphi-Metal España, S.A.* Obviamente, a citada multinacional, xunto coas norteamericanas *Aluminiún Company of América* e *Continental Grupp Inc.* fornecen case toda a tecnoloxía que necesitan os envases metálicos. Trátase, por tanto, dun sector dominado totalmente polo capital e a tecnoloxía francesa.

## 8. O SECTOR MINEIRO

Case o 86 por cento da tecnoloxía importada a través de contratos tecnolóxicos polas empresas galegas procede exclusivamente da República Federal de Alemaña.

Os intereses alemáns no sector mineiro galego remóntanse ós últimos anos do século XIX. A finais dese século, segundo un informe do Consulado Británico sobre os recursos mineiros de Galicia, a empresa alemana *The Vivero Iron Ore Co.* adquire varios filóns no norte de Lugo (sequeiros Tizón, J. 1986, p.13). Na actualidade introducíronse mesmo nas pizarras galegas a través da firma *Rathsheck Pizarras, S.A.*, de capital totalmente alemán.

Os franceses instálanse definitivamente en Galicia para explota-lo cobre galego, fundando a empresa *Sociedad Minera y Metalúrgica de Peñarroya, S.A.*, na cal o 98 por cento do capital pertence á multinacional francesa *Societé Miniere et Metalurgique de Peñarroya.*

A minería galega, explotada practicamente toda ela polas grandes empresas multinacionais estranxeiras, sufriu varias oscilacións ó longo da súa historia. Ó remata-la segunda guerra mundial abandónanse moitas explotacións de ferro e volframio, debido sobre todo, segundo Sequeiros, á introducción do mineral asiático e africano no mercado mundial. Durante a guerra civil española e a segunda guerra mundial, a minería galega vólvese de novo dinámica. Pero haberá que agardar á década dos sesenta e mediados dos setenta para que se realicen investigacións xeolóxicas e mineiras, nas que interveñen sobre todo as grandes entidades empresariais estranxeiras e a Administración Central a través dos seus propios centros de investigación xeolóxicos.


Na investigación mineira so subsolo e da plataforma marítimo-continental de Galicia participaron e participan aínda, ademais do *Instituto Geológico*

*y Minero de España*, o *Instituto Oceanográfico* e a *Empresa Nacional Adaro*, diversas empresas privadas e monopolios internacionais. Tal é o caso de *Río Tinto Patiño*, participada pola inglesa *RTZ Corporation*, as inglesas *Phelps and Dodge Corporation* e *Gold Fields Española*, *Peñarroya España, S.A.* e *Charter Exploraciones S.A.*, de capital francés; a canadense *Corrinco Ltd.* e a siderúrxica *Union Corporation*, que controlan maioritariamente o capital social de *Exploración Minera Internacional* (EXMINESA), empresa que en Galicia explota desde 1969 os depósitos de zinc e chumbo situados en Pedrafita do Cebreiro, na provincia de Lugo.

O goberno español autorizou recentemente a tres empresas estranxeiras para realizaren sondaxes petrolíferas na costa de Vigo. As tres empresas concesionarias dos permisos -*Largus Explorations España, Salenia España* e *Oilexplo España*- son filiais españolas de compañías estranxeiras especializadas nesta materia (La Voz de Galicia, 12-1-1989, p.46).

Como vemos, o recurso á tecnoloxía e asistencia técnica estranxeira é considerable no sector mineiro galego. A investigación e as sondaxes de prospección, así como a explotación de numerosas minas situadas en subsolo galego corre a cargo de empresas participadas polos grandes grupos multinacionais estranxeiros, principalmente ingleses, franceses, alemáns ou norteamericanos que contolan a explotación do chumbo e zinc galego.

**G.18. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR MINEIRO. PAÍSES DE PROCEDENCIA**




A inexistencia de auténticos laboratorios de investigación xeolóxicos e mineiros determina a dependencia das investigacións realizadas polas grandes empresas multinacionais estranxeiras. Como dato que confirma o noso comentario, hai que sinalar que en setembro de 1988 se enviaron a laboratorios canadenses da multinacional *Comico Ltd.* oitocentas mostras xeolóxicas do subsolo galego (La Voz de galicia, 13-7-1988, p.24).

Entre as empresas propiamente galegas que realizan un maior número de contratos tecnolóxicos co estranxeiro aparece *Lignitos de Meirama, S.A.* Esta empresa pertencente ó grupo *Banco Pastor* créase en 1974 para explota-los depósitos de lignito existentes no val das Encrobas, no concello de Cerceda. Para acomete-la súa explotación realizou seis contratos tecnolóxicos con varias empresas alemanas, principalmente co grupo multinacional *Fried Krupp Gmbh.*, para instala-la maquinaria e poñer en funcionamento o complexo mineiro que alimenta a central térmica de Meirama.


## 9. AS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, FORESTAIS, GANDEIRAS E PESQUEIRAS

O sector agroindustrial galego caracterízase por estar tutelado e dirixido por capitais estranxeiros, principalmente europeos e norteamericanos.

En canto á procedencia xeográfica dos contratos realizados polas empresas deste sector, detéctase unha gran diversificación. De Francia procede o 25 por cento dos contratos. Sen embargo, os intereses galos deste sector son importantes. Os franceses participan directamente no capital social de varias empresas galegas, destacando neste sector a multinacional *Besnier*, instalada no concello lucense de Vilalba, o grupo *Lesieur, S.A.*, presente en *Kelsa* ata 1989, e *Stablissements Guyomarch'H.* copropietaria de *Unión Técnico Ganadera, S.A.*

A presencia de Estados Undos neste sector é moi potente. A través de *Saprogal* a multinacional *Conagra* controla, como estudiaremos máis adiante, numerosas empresas galegas dedicadas á elaboración de pensos compostos e á comercialización de productos agrícolas e gandeiros. O grupo

**G.19. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, FORESTAIS, GANDEIRAS E PESQUEIRAS. PAÍSES DE PROCEDENCIA**




*Foster Wheeler*, tamén estadounidense, participa en *Agrofish, S.A.*, empresa situada en Cee dedicada á acuicultura. Coa finalidade de cultivar soxa en Galicia creouse a empresa SOIJASA, *Soja de Galicia, S.A.*, con capital totalmente norteamericano.

Os noruegueses, de onde procede o 25 por cento da tecnoloxía que importa este sector a través de contratos tecnolóxicos, están máis introducidos na acuicultura galega. Boa parte da tecnoloxía que están utilizando as empresas galegas que se dedican a esa actividade procede de Noruega. Isto explica que as empresas máis dinámicas en cultivos mariños estean participadas por investidores dese país. Concretamente, as multinacionais norueguesas *Aquacare A.s* (NORATEC) e OYE HAUBRUCK, A.S. participan no capital social de *Norafish, S.A.* e de *Marfish, S.A.* (Alimarket 1988).

Finalmente, aínda que durante o período obxecto de estudio non se detectou ningún contrato tecnolóxico procedente de Holanda, cómpre sinalar que este país subministra abundante tecnoloxía a diversas empresas galegas neste sector. Así, a *Sociedad Gallega de Nutrición Animal, S.A.* (SOGANA) traballa con tecnoloxía do grupo *Nanta, S.A.*, filial ó 50% da multinacional holandesa *Haendrix Beleggingen International*, pertencente ó grupo británico *B.P.* A empresa coruñesa *Hypor Ibérica, S.A.*, participada nun 87 por cento pola firma holandesa *Euribrid B.V.*, tamén se beneficia dos coñecementos tecnolóxicos procedentes de Holanda.

O mesmo pode dicirse de Xapón. A súa tecnoloxía está presente en *Troitas Galegas, S.A.*, participada nun 15% por *Iberia Taiyo, S.A.*, filial da multinacional nipona *Taiyo Fishery Co Ltd.* Outra empresa galega, *Nihon ODD Ibérica, S.A.*, controlada nun 60% por capital xaponés, traballa tamén con coñecementos tecnolóxicos procedentes do Xapón. Esta empresa cultiva nun monte do concello lucense de Abadín cogomelos de oriente, non existentes en España. Para iso importa do país nipón micelio que posteriormente inxecta en troncos de frondosas, mantendo en secreto a técnica de cultivo utilizada (La Voz de Galicia, 19-3-1989).

Do mesmo xeito, a instalación de granxas de cría de visóns, que adquiriu en Galicia un enorme éxito, están sendo asesoradas por técnicos de empresas danesas e finlandesas (Precedo Ledo, A. e outros 1985, p.92).

## 10. OUTROS SECTORES DE INTERESE


Para remata-la análise sectorial dos contratos de tecnoloxía efectuados polas empresas galegas só nos queda facer unha breve referencia a aqueles sectores que realizaron unha débil contratación de tecnoloxía estranxeira:

**1. O sector da confección**, que realizou un total de catro contratos, recorre ós coñecementos técnicos franceses e italianos líderes mundiais neste sector. De empresas destes países proceden abundantes coñecementos secretos imprescindibles para deseñar novos modelos que sexan competitivos e innovadores no mundo da moda.

A empresa de Verín *Confecciones Marphy, S.A.*, propiedade de Roberto Verino, recorre ó deseño e á técnica da firma francesa *Billy Bonny* para fabricar artigos de señora. Mentres, a coruñesa *Vecino S.A.* mantén intensos contactos con dúas firmas italianas: *Luccio Costa* e *Collection Style, S.A.* para solicitar asistencia técnica no deseño de prendas de vestir.

Isto quere dicir que nalgúns casos a moda galega recorre ás técnicas e deseños estranxeiros para impacta-lo consumidor con modelos aparentemente novidosos e atractivos que non son nin máis nin menos que refinadas copias

G.20. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR TÉXTIL E CONFECCIÓN. PAÍSES DE PROCEDENCIA**




de deseñadores estranxeiros, fundamentalmente italianos e franceses. Iso non anula, sen embargo, o predominio do deseño propio na maioría dos modelos que fabrican adoito as empresas galegas do sector.


**2. A fabricación de productos cerámicos e de vidro** rexistrou tamén unha alta porcentaxe de contratos co exterior. A técnica neste caso procede en gran medida da República Federal de Alemaña, principal país subministrador de coñecementos tecnolóxicos dese sector.

Como se aprecia no cadro 21, unha soa empresa, pertencente ó INI, *Grupo de Empresas Alvarez, S.A.*, realiza o 50 por cento dos contratos do sector. Esta empresa viguesa recorre con frecuencia á asistencia técnica norteamericana e alemana para fabricar artigos de porcelana. A crise financeira e estructural que vén padecendo esta empresa acelerou nos últimos anos o ritmo de contratación de tecnoloxía estranxeira.

A tecnoloxía italiana introdúcese neste sector a través da empresa galega CENDOSA, que en 1971 realizou un contrato tecnolóxico coa firma italiana *Vetreria Di Montoria, S.P.A.* para fabricar gacetas refractarias.




G.21. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DE FABRICACIÓN DE PRODUCTOS CERÁMICOS. PAÍSES DE PROCEDENCIA**





**3. No sector da alimentación** só se rexistraron dous contratos de tecnoloxía, un realizado pola empresa ourensá *Cuevas y Cia* coa italiana *Food and Frozen* para a elaboración de confeituras e baño de castañas e outro suscrito por uns matadoiros coruñeses. É evidente que non se pode desprecia-la tecnoloxía que indirectamente entra na nosa Comunidade Autónoma a través de empresas multinacionais estranxeiras que invisten neste sector. Con isto queremos salienta-las importantes achegas tecnolóxicas realizadas no sector lácteo pola multinacional suíza *Nestlé*, instalada en Pontecesures a finais da Guerra Civil e renovada en 1973. Esta multinacionais participa á súa vez en varias empresas galegas, mantendo ademais un centro de refrixeración en Vilalba e subcentros en Lalín, Silleda e Allariz.

**4.** Fica para rematar facer unha breve referencia ó **Sector dos Servicios**. As empresas galegas incluídas neste sector da economía realizan un total de cinco contratos tecnolóxicos, o que supón só o 2,5 por cento do total. O asesoramento técnico estranxeiro utilizado polas empresas deste sector procede sobre todo do Reino Unido nun 60 por cento, e en menor medida dos Esta-

**G.22. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR ALIMENTACIÓN. PAÍSES DE PROCEDENCIA**





**G.23. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR SERVICIOS. PAÍSES DE PROCEDENCIA**







dos Unidos e da República Federal de Alemaña, tal como se pode apreciar no gráfico 23. A penetración crecente de tecnoloxía alemana neste importante sector é cada vez maior, e proba diso é a instalación na Coruña dunha delegación da multinacional *Nixdorf Computer*. Esta firma alemana conta con clientes do sector bancario na nosa Comunidade Autónoma, entre eles o propio Banco Pastor, Caixa Ourense, Banco de Galicia e Banco Atlántico (La Voz de Galicia, 5-12-1987).

**G.24. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DO PAPEL E ARTES GRÁFICAS. PAÍSES DE PROCEDENCIA**





O Banco Pastor realizou o 60 por cento de tódolos contratos do sector servicios. Para iso recorreu sobre todo a empresas inglesas e norteamericanas que lle forneceron licencias de programas de ordenador para a mecanización do departamento interior do banco e asistencia técnica para desenvolver novas tecnoloxías de sistemas contables. Os contratos realizados con outras empresas contribuíron a que recentemente o Banco Pastor crease unha xestora de fondos de pensións coa multinacional neoiorquina *Alliance Capital Management* que se chama *Pastor Alliance* (La Voz de Galicia, 15-2-1989).

**G.25. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DO CAUCHO. PAÍSES DE PROCEDENCIA**





**G.26. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN. PAÍSES DE PROCEDENCIA**







**G.27. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DA MADEIRA. PAÍSES DE PROCEDENCIA**




**G.28. CONTRATOS TECNOLÓXICOS DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN DE APARELLOS ELÉCTRICOS. PAÍSES DE PROCEDENCIA**



Outras empresas galegas dedicadas ós servicios están controladas totalmente por investidoras belgas e luxemburguesas. É o caso de *Galicia, S.A.*, de seguros e reaseguros, filial do grupo *Aegón*. Esta entidade coruñesa realizou un contrato tecnolóxico coa multinacional inglesa *Coopers Lybrand Asociates Limited* para mecaniza-los sitemas administrativos.

De tódolos xeitos, e malia que o número de contratos suscritos por este tipo de empresas son poucos, os coñecementos tecnolóxicos que entran no sector son de alto nivel, debido sobre todo ó contido específico dos mesmos.



# CAPÍTULO VII. ANÁLISE DO CONTIDO DOS CONTRATOS DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS

Neste apartado estudiarémo-los contratos de tecnoloxía tendo en conta fundamentalmente o diferente contido daqueles. Resulta evidente que as repercusións que leva consigo a contratación, por exemplo, do uso dunha marca non son as mesmas cás derivadas da contratación *chave en man* dunha planta de producción. Polo tanto, é necesario coñece-la entidade que poden te-los diferentes tipos de contratos.

Unha vez máis encontrámonos coa limitación que supón a carencia dunha información detallada e axeitada. Deste xeito limitámonos ó estudio dos obxectos dos contratos, tal e como aparecen na revista *Economía Industrial,* coa esperanza de que tal información responda ó verdadeiro obxectivo dos mesmos, xa que con frecuencia as empresas omiten datos importantes nos contratos que realizan. Ó non podermos consulta-los documentos orixinais como sería o noso desexo, temos que conformarnos coa información publicada ó respecto. Debemos advertir que os datos que a seguir expoñemos se refiren ó conxunto dos contratos inscritos polas empresas domiciliadas en Galicia durante o período estudiado (1965-1987).

## 1. ELEMENTOS QUE APARECEN NOS CONTRATOS

Co fin de ter un maior coñecemento do contido dos contratos tecnolóxicos suscritos polas empresas galegas durante o período obxecto de estudio, cremos conveniente comentar algúns aspectos de interese sobre os elementos que se inclúen nos mesmos.

Como se aprecia nos cadros 21 e 22, os contratos de transferencia de tecnoloxía incorporan unha variadísima gamma de elementos que van desde a asistencia técnica e as licencias de explotación de patentes ata a venda de bens.

O elemento que máis se repite nos contratos é o que se refire á fabricación de productos. Este elemento aparece en 88 contratos. É dicir, que no 46 por cento dos contratos rexistrados polas empresas galegas se fai referencia expresa á fabricación de productos, mentres que a asistencia técnica directa se inclúe só en 54 contratos.

Pero o que queremos subliñar fundamentalmente é a presencia de varios elementos nun mesmo contrato. En efecto, con frecuencia dentro dun mesmo contrato encontramos máis dun elemento. Este é o caso, por exemplo, dun contrato suscrito por *Envases del Atlántico, S.A.* solicitando licencia de uso de patente, marca, comunicación de *know-how* e asistencia técnica. Neste caso o contido do contrato componse de catro elementos. Isto xera, como veremos, moitas dificultades á hora de establecer unha clasificación dos contratos por categorías, en función do contido dos mesmos.

C.21. **ELEMENTOS QUE APARECEN NOS CONTRATOS DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA**

| ELEMENTOS QUE APARECEN NO CONTRATO | NUMERO DE CONTRATOS NOS QUE APARECE |
|---|---|
| Asistencia Técnica | 54 |
| Capacitación do persoal | 2 |
| Cesión de coñecementos técnicos | 24 |
| Estudios de viabilidade | 12 |
| Fabricación de productos | 88 |
| Licencias de explotación de patentes | 32 |
| Mantemento e supervisión de instalacións e maquinaria | 11 |
| Montaxe e posta en marcha de instalacións industriais | 8 |
| Uso de marca | 4 |
| Servicios de enxeñería | 6 |
| Venda de bens | 1 |

Fonte: Elaboración propia.

C.22. **DISTRIBUCIÓN DOS CONTRATOS SEGUNDO NÚMERO DE ELEMENTOS CONTIDOS**

| CONTRATOS NÚMERO | % | Nº DE ELEMENTOS CONTIDOS EN CADA CONTRATO |
|---|---|---|
| 146 | 75,2 | 1 |
| 37 | 19,0 | 2 |
| 7 | 3,6 | 3 |
| 4 | 2,0 | 4 |

Fonte: Elaboración propia.



Malia existiren numerosos casos en que se axustan ó que acabamos de comentar, a maioría dos contratos suscritos inclúen un só elemento. Así, o 75,2 por cento dos realizados polas empresas galegas compóñense dun só elemento tecnolóxico, o que supón un claro predominio dos contratos deste tipo.

Debemos advertir, sen embargo, que os datos que se recollen nos cadros 28 e 29 a que facemos referencia minusvaloran a verdadeira situación xa que, como é sabido, segundo un informe da UNCTAD (Braña, J.; Buesa, M. e Molero, J. 1981, p.347), hai casos en que as cláusulas restrictivas ou de control non figuran expresamente nos contratos -ás veces para evitar posibles problemas co goberno español- senón que son acordos xeralmente verbais entre a empresa cesora e a adquiridora. A existencia destas restriccións limita enormemente as posibilidades de estudiar en profundidade o contido específico dos contratos.

## 2. CLASIFICACIÓN DOS CONTRATOS

Co fin de sintetiza-la información que se recolle nos contratos establecemos, tomando como referencia os criterios de Molero Zayas, cinco categorías básicas de contratos en función da finalidade dos mesmos:

**1. Asistencia técnica e mantemento do equipo en xeral.**

Incluímos nesta categoría todos aqueles contratos nos que dalgún xeito está presente a asistencia técnica directa ou cando esta vaia parella con outro tipo de prestacións. Dado que os contratos de mantemento do equipo, a formación do persoal e os estudios de viabilidade implican o desprazamento de persoal técnico cualificado, incluirémolos tamén dentro desta categoría de contratos.

**2. Fabricación de productos finais completos.** Esta categoría agrupa todos aqueles contratos que teñen como finalidade a fabricación dun producto final completo.

**3. Fabricación de compoñentes de procesos.** Nesta incluímos só aqueles contratos en que se desexa fabricar compoñentes dun proceso productivo.

**4. Contrucción de plantas e montaxe de instalacións.**

**5. Uso de licencias, patentes, marcas e demais coñecementos técnicos (*know-how*).**

A elección destas categorías débese a que na nosa opinión cada unha delas xera unha problemática diferente. En efecto, semella bastante claro que non é o mesmo un contrato que faga referencia á fabricación dun producto na súa totalidade ca outro que conceda un uso de marca, patente, etc. Sen embargo, non podemos ignora-las dificultades de incluír un contrato dentro dunha ou outra categoría. Moitas veces encontramos casos en que dentro dun mesmo contrato se fai referencia a varios elementos. É dicir, que dentro dun mesmo contrato aparecen con frecuencia elementos distintos, formación do persoal, licencias, marcas, etc.

Outras veces resulta difícil deducir do obxecto declarado dun contrato cal é o seu auténtico contido, ó non especificarse claramente do uso. Xa que logo, e dadas as dificultades existentes para clasificar correctamente nunha categoría ou outra os contratos tecnolóxicos en que aparecen varios elementos, temos que recorrer ó contido e ó elemento que en xeral consideramos predominante.


Ollando o da gráfica 29 comprobamos que os contratos máis frecuentes foron os que fan referencia á asistencia técnica estranxeira, que en total afecta a case o 40 por cento dos contratos suscritos polas empresas galegas. En segundo lugar están aqueles que se refiren á fabricación dun producto final completo que representa practicamente o 31%. A unha boa distancia aparece a fabricación de compoñentes de procesos, as licencias e a construcción e montaxe de instalacións con 15,4, 8,2 e 5,6 por cento respectivamente. Por tanto, a asistencia técnica e a fabricación de productos finais completos constitúen, no 71 por cento dos casos, o obxecto básico declarado polos contratos tecnolóxicos rexistrados polas empresas domiciliadas en Galicia.

Pero o máis significativo a salientar no comentario que nos ocupa baséase no volume de asistencia técnica estranxeira. O feito de que practicamente o 40 por cento dos contratos tecnolóxicos suscritos fagan referencia á asistencia técnica demostra o baixo nivel tecnolóxico das empresas galegas.

Na maioría dos casos comprobamos que se recorre á asistencia técnica como mecanismo de axuda para a correcta interpretación e aplicación da información que se transmite no contrato. Requírese con frecuencia a presencia de técnicos estranxeiros que axuden a interpretar e manexa-la tecnoloxía que se transfire.



**G.29. DISTRIBUCIÓN DOS CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA POR CATEGORÍAS**




**AT:** asistencia técnica, mantemento de equipos e estudios de viabilidade
**CM:** construcción e montaxe de instalacións
**FCP:** fabricación de compoñentes de proceso
**LPM:** licencias, patentes, marcas e cesión de coñecementos técnicos
**FPFC:** fabricación de productos finais completos

A asistencia técnica estranxeira diríxese fundamentalmente ó sector enerxético, ó químico, ó siderometalúrxico e á construcción de automóbiles. Neste sentido, segundo un estudio do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, tanto en Galicia coma noutras Comunidades españolas nótase cada vez máis a presencia de profesionais, técnicos e expertos en dirección de empresas procedentes dos países da Comunidade Económica Europea. Isto supón o acceso dos estranxeiros ós postos claves da industria española en xeral (La Voz de Galicia, 5-7-1988, p.56).

A elevada porcentaxe de asistencia técnica rexistrada polas empresas galegas sitúase nas coordenadas propias dos países do Terceiro Mundo. Quere isto dicir que urxe acelera-la investigación propia nas empresas para:

**1. Potencia-la capacidade de asimilación da tecnoloxía que se importa.** Se o receptor non está en condicións de aplicar ou rendibiliza-la tecnoloxía ou os coñecementos que lle foron subministrados, non ten sentido realiza-lo contrato de transferencia de tecnoloxía.

**2. Eleva-lo nivel científico das empresas galegas** e reduci-la dependencia dos coñecementos técnicos foráneos.


## 3. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DE CADA CATEGORÍA DE CONTRATOS

No cadro 31 ofrécese unha clasificación sectorial dos 194 contratos analizados nas diferentes categorías e inclúese asemade unha distribución segundo os sectores que establecemos para o estudio. Deste xeito poden verse as relacións existentes entre categorías e sectores productivos, descubrindo a natureza e mailo tipo de tecnoloxía que importa cada sector, así como o destino sectorial da tecnoloxía incluída en cada categoría. Para cumprir con este último obxectivo iremos analizando por separado cada unha delas.

### 3.1. A asistencia técnica, o mantemento de equipos e os estudios de viabilidade

Aquí, sen dúbida, o máis salientable é a importancia que adquire o sector enerxético. A xa repetida dependencia tecnolóxica deste sector acentuouse co proxecto de instalación dunha central nuclear en Xove, á parte doutros

G.30. **CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, MANTEMENTO DE EQUIPO E ESTUDIOS DE VIABILIDADE. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL.**







feitos xa comentados, e en especial a crecente necesidade do *know-how* exterior e de formación de persoal. Unha das empresas que maior volume de contratos realiza neste sentido foi FENOSA. Outros sectores que reciben tamén asistencia técnica estranxeira son, como se aprecia no gráfico 30, o sector automobilístico, o químico, o siderometalúrxico, o naval e a construcción de maquinaria non eléctrica. Estes sectores, xunto co enerxético, acaparan o 81% do total de contratos incluídos na categoría que estamos analizando.

En xeral, case tódolos sectores agás catro (madeira, cortiza, construcción de aparellos eléctricos e industria da construcción) recorren á asistencia técnica estranxeira.

### 3.2. Construcción e montaxe de instalacións

Na distribución sectorial desta categoría de contratos, que podemos ver no gráfico 31, destaca a concentración dos contratos no sector mineiro e naval. Estes sectores, co 82 por cento, ocupan os primeiros lugares, o que nos indica a importante dependencia tecnolóxica das empresas mineiras e dos estaleiros galegos á hora de montar e botar a anda-las factorías de producción.

G.31. **CONTRATOS DE CONSTRUCCIÓN E MONTAXE DE INSTALACIÓNS. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL.**




### 3.3. Fabricación de compoñentes dun proceso productivo

O 47 por cento dos contratos incluídos nesta categoría van parar sobre todo ó sector químico e ó naval, adquirindo en menor medida unha certa importancia o sector automobilístico e a construcción de maquinaria non eléctrica, que en conxunto acapararon o 30 por cento dos contratos (gráfico 32).

En canto á construcción naval é abondo coñecido que as empresas galegas dedicadas a estas actividades están máis que capacitadas para a construcción final de buques. Pero estes datos revelan que son deficitarias no que fai a partes determinadas dos mesmos, especialmente naquelas que requiren unha tecnoloxía máis complexa. Estas partes en moitas ocasións impórtanse, pero outras fabrícanse con contratos de tecnoloxía estranxeira, como se acaba de demostrar.

**G.32. CONTRATOS DE FABRICACIÓN DE COMPOÑENTES DE PROCESOS. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL.**





### 3.4. Licencias, patentes, marcas e *know-how*

Os contratos que conteñen este tipo de información concéntranse en tres sectores: químico, naval e na construcción de maquinaria non eléctrica (gráfico 33). Estes concentran o 56 por cento dos contratos. No sector químico recórrese sobre todo á importación de licencias para fabricar productos químicos diversos.

En xeral, esta categoría de contratos, a pesar de concentrarse maiormente nos catro sectores antes comentados, aparece bastante estendida sectorialmente ó constituír unha vía clave para fabricar e comercializar productos.

**G.33. CONTRATOS DE LICENCIAS, MARCAS E CESIÓN DE COÑECEMENTOS TÉCNICOS. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL.**




### 3.5. Fabricación de productos finais completos


Os contratos incluídos nesta categoría fan referencia, como xa se dixo, á fabricación dun producto na súa totalidade con tecnoloxía estranxeira. Como se pode apreciar no gráfico 29, o volume de contratos desta natureza acada a cifra de 60, o que supón case o 31 por cento do total de contratos suscritos polas empresas galegas.

O predominio desta categoría de contratos xunto cos de asistencia técnica revela o escaso nivel tecnolóxico das empresas galegas. Canto maior sexa a demanda deste tipo de contratos maior retraso tecnolóxico se demostra.

Como pode apreciarse no gráfico 34, a maior parte dos contratos incluídos na categoría que estamos estudiando van parar ó sector naval e ó químico.

Estes dous sectores absorben case o 52 por cento do total de contratos inscritos nesta categoría. Isto reflicte unha forte dependencia dos coñecementos tecnolóxicos foráneos, nomeadamente no sector químico, dada a forte vinculación deste tipo de empresas galegas co capital e os laboratorios de investigación estranxeiros. Para fabricar vacinas ou productos insecticidas teñen que recorrer ós coñecementos tecnolóxicos que se desenvolven nos laboratorios estranxeiros. Así poden fabricar, ademais de substabcias farmacéuticas, productos plásticos de complementos para a industria do automóbil.

**G.34. CONTRATOS DE FABRICACIÓN DE PRODUCTOS FINAIS COMPLETOS. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL.**






# CAPÍTULO VIII. **ANÁLISE ESPACIAL DOS CONTRATOS TECNOLÓXICOS SUSCRITOS POLAS EMPRESAS GALEGAS**


O estudio espacial dos contratos de transferencia de tecnoloxía estranxeira suscritos polas empresas galegas ofréceno-la posibilidade de coñece-lo grao de penetración da tecnoloxía estranxeira en cada unha das provincias e áreas territoriais de Galicia. Para iso en primeiro lugar localizaremos xeograficamente cada unha das empresas que realizaron contratos. Isto serviranos de base para coñecer con detalle o número de contratos que corresponde a cada provincia ou a cada espacio urbano considerado. Deste xeito estaremos en condicións de trata-la análise dos contratos de áreas metropolitanas, áreas urbanas e vilas.

## 1. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DOS CONTRATOS

O número de empresas domiciliadas en Galicia que durante o período 1965-1987 realizaron algún tipo de contrato de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía estranxeira suma 66. Este número vese substancialmente incrementado en dez empresas, se se teñen en conta os contratos efectuados por aquelas empresas domiciliadas fóra de Galicia e que contan con instalacións industriais na Comunidade galega.

O predominio da provincia de Pontevedra débese sobre todo ó volume de empresas domiciliadas en Vigo. Só neste concello localízanse un total de 21 empresas, o que supón case o 32 por cento, acadando o mesmo nivel que lle corresponde a toda a provincia da Coruña. A alta porcentaxe de empresas con contratos rexistrados na provincia de Pontevedra está conectado en certa maneira co maior volume de empresas industriais existentes no sur de Gali-

G.35. **DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DOS CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA.**





cia. Das 1736 maiores empresas galegas, publicadas por Fomento de la Producción, que en 1990 facturaron como mínimo 200 millóns de pesetas algo máis do 50% aparecen domiciliadas no sur de Galicia. Por provincias, en Pontevedra localizábase o 40,3 por cento das empresas, e na Coruña o 40,2% do total. Isto confirma a acentuada concentración das empresas nas provincias de Pontevedra e A Coruña, que de forma conxunta acaparan o 80% das maiores empresas de Galicia.

Como se aprecia no gráfico 35 que se xunta, o 56,7 por cento dos contratos concéntranse na provincia de Pontevedra, ó recadar por si soa un total de 110 contratos tecnolóxicos, mentres que as empresas da provincia da Coruña absorben só o 38,1 por cento do total de contratos rexistrados na Comunidade Autónoma Galega.


Sen embargo, a pesar de que a provincia de Pontevedra supera o resto das provincias galegas no número de empresas e de contratos, a contratación media por empresa é superior na provincia da Coruña. Isto quere dicir que as empresas situadas na Coruña rexistran un nivel de contratación de tecnoloxía estranxeira moito máis alto cás situadas en Pontevedra e Vigo. En efecto, mentres na Coruña o número de contratos por empresa acada unha



G.36. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS REALIZADOS POLAS EMPRESAS DA PROVINCIA DA CORUÑA. DESTINO SECTORIAL**




G.37. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS REALIZADOS POLAS EMPRESAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. DESTINO SECTORIAL**




media de 3,5, na provincia de Pontevedra sitúase en 2,8, preto dun punto por baixo da media coruñesa.

Se analizámo-lo destino sectorial dos contratos de cada provincia, detectamos substanciais diferencias e contrastes que reflicten as profundas desigualdades territoriais existentes en Galicia, especialmente entre as provincias litorais e as do interior. Os escasos contratos tecnolóxicos que realizan as empresas ourensás, como se aprecia no gráfico 38, concéntranse nun 57 por cento no sector do automóbil, dirixíndose o resto ó sector téxtil e alimenticio.

A situación é diferente para a provincia da Coruña. Os contratos realizados polas empresas coruñesas repártense por case tódolos sectores, pero fundamentalmente concéntranse en catro, enerxético, siderometalúrxico, naval e químico, que por si sós absorben case o 80 por cento do total de contratos suscritos polas empresas coruñesas. Xa en menor medida, a minería e servicios reciben o 13,5 por cento.


As empresas da provincia de Pontevedra son as principais receptoras de tecnoloxía estranxeira que se dirixe a Galicia mediante a suscrición de contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía. Nesta provin-

**G.38. CONTRATOS TECNOLÓXICOS REALIZADOS POLAS EMPRESAS DA PROVINCIA DE OURENSE. DESTINO SECTORIAL**






**G.39. CONTRATOS TECNOLÓXICOS REALIZADOS POLAS EMPRESAS DA PROVINCIA DE LUGO. DESTINO SECTORIAL**




cia, os contratos diríxense sobre todo ó sector químico, ó naval, á construcción de maquinaria non eléctrica e á fabricación de metais de folla de lata para o sector conserveiro. Estes por xunto absorben case o 82 por cento do total provincial.

## 2. DISTRIBUCIÓN DOS CONTRATOS POR ÁREAS TERRITORIAIS

Seguindo os criterios de ordenamento territorial de Galicia establecidos polo Catedrático de Xeografía Humana A. Precedo Ledo, efectuouse unha distribución dos contratos por áreas metropolitanas, áreas urbanas e vilas. Deste xeito, no territorio galego Precedo Ledo distingue dúas áreas metropolitanas, a da Coruña e a de Vigo, e catro áreas urbanas, Ferrol, Pontevedra, Santiago, Lugo e Ourense.

Segundo este ordenamento territorial, os contratos tecnolóxicos concéntranse case na súa totalidade nas dúas grandes áreas metropolitnas existentes en Galicia. As áreas metropolitanas da Coruña e Vigo reciben máis do 70 por cento do total de contratos rexistrados polas empresas galegas. Men-

C.24. **DISTRIBUCIÓN DOS CONTRATOS POR ÁREAS METROPOLITANAS, ÁREAS URBANAS E VILAS**

| ESPACIO TERRITORIAL | Nº E | % | Nº C | % | MEDIA DE C/E |
|---|---|---|---|---|---|
| Área M. de Vigo | 27 | 40,9 | 92 | 47,4 | 3,4 |
| Área M. da Coruña | 15 | 22,7 | 44 | 22,6 | 2,9 |
| Área Urbana de Ferrol | 3 | 4,5 | 17 | 8,7 | 5,6 |
| Área Urbana de Pontevedra | 5 | 7,5 | 9 | 4,6 | 1,8 |
| Área Urbana de Lugo | 3 | 4,5 | 3 | 1,5 | 1,0 |
| Área Urbana de Ourense | 3 | 4,5 | 5 | 2,5 | 1,6 |
| Área Urbana de Santiago | 1 | 1,5 | 1 | 0,5 | 1,0 |
| Vilas e capitais municipais | 9 | 13,6 | 23 | 11,8 | 2,5 |
| TOTAL A. Metropolitanas | 42 | 63,6 | 136 | 70,1 | 3,2 |
| TOTAL Áreas Urbanas | 15 | 22,7 | 35 | 18,0 | 2,3 |
| TOTAL Vilas e Cap. M. | 9 | 13,6 | 23 | 11,8 | 2,5 |
| TOTAL Xeral | 66 | 100,0 | 194 | 100,0 | 2,9 |

Fonte: Elaboración propia.

Nº E: número de empresas
Nº C: número de contratos

| | |
|---|---|
| *Área Metropolitana de Vigo:* | Gondomar, Nigrán Baiona, O Porriño, Mos, Redondela, Soutomaior, Cangas, Moaña, Vigo e Vilaboa. |
| *Área Metropolitana da Coruña:* | A Coruña, Oleiros, Cambre, Abegondo, Arteixo, Sada, Culleredo, Cambre, Bergondo e Carral. |
| *Área Urbana de Pontevedra:* | Pontevedra, Marín e Poio |
| *Área Urbana de Ourense:* | Ourense, San Cibrao das Viñas, Toén, Pereiro de Aguiar. |
| *Área Urbana de Lugo:* | Lugo |
| *Área Urbana de Santiago:* | Santiago, Ames e Teo. |
| *Área Urbana de Ferrol:* | Ferrol, Narón, Neda, Fene, Mugardos, San Sadurniño. |
| *Vilas e Cap. Municipais:* | Vilagarcía de Arousa, Verín, Tui, Meis, Cuntis, Caldas de Reis. |


Fonte: Precedo Ledo, A.

tres tanto, as áreas urbanas no seu conxunto reciben só o 18 por cento e as vilas o 11,8 por cento que queda. Estes datos veñen corrobora-lo dinamismo empresarial existente nas áreas metropolitanas. Estas constitúen o principal foco de atracción, xa non só de investimentos senón tamén de tecnoloxía. Neste sentido a investigación que nos ocupa revela claramente que máis do 86 por cento das empresas galegas que manteñen vínculos tecnolóxicos con empresas estranxeiras están situadas en áreas metropolitanas ou urbanas.

É a área metropolitana de Vigo a que conta cun maior número de empresas que realizan contratos tecnolóxicos co estranxeiro e a que á súa vez presenta unha media de contratos por empresa superior á que rexistran as demais áreas territoriais establecidas. O predominio das áreas metropolitanas e urbanas é absoluto. As empresas galegas situadas nestes espacios recibiron máis do 88,6 por cento do total de tecnoloxía importada por Galicia mediante o sistema de contratos.

Xa que logo, a tecnoloxía estranxeira que entra en Galicia a través dos contratos de asistencia e transferencia de tecnoloxía diríxese, case na súa totalidade, cara ás áreas metropolitanas e urbanas de Galicia, mentres que as vilas e capitais municipais reciben só o 11,8 por cento do total.

G.40. **DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS CONTRATOS TECNOLÓXICOS REALIZADOS POLAS EMPRESAS GALEGAS (período 1965-1987)**





**A.M.V.:** Área Metropolitana de Vigo
**A.M.C.:** Área Metropolitana da Coruña
**A.U.F.:** Área Urbana de Ferrol
**A.U.P.:** Área Urbana de Pontevedra
**A.U.L.:** Área Urbana de Lugo
**A.U.O.:** Área Urbana de Ourense
**A.U.S.:** Área Urbana de Santiago

## 2.1. A área metropolitana de Vigo

A área metropolitana de Vigo, que abarca segundo Precedo Ledo os concellos de Vigo, Gondomar, Nigrán, Baiona, O Porriño, Mos, Redondela, Soutomaior, Cangas, Moaña e Vilaboa (Precedo Ledo, A. 1989, pp.44-45) recibe máis do 47 por cento da tecnoloxía estranxeira que entra en Galicia. A nivel sectorial, a tecnoloxía foránea vai parar nun 84 por cento ás empresas do sector químico, naval, de construcción do automóbil e ás dedicadas

G.41. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO. DESTINO SECTORIAL**





á construcción de maquinaria non eléctrica. O resto dos contratos tecnolóxicos benefician a un pequeno grupo de empresas cerámicas e auxiliares do sector conserveiro, principalmente a aquelas que se ocupan da fabricación de envases metálicos de folla de lata.

## 2.2. A área metropolitana da Coruña

A área metropolitana da Coruña comprende os concellos de: A Coruña, Arteixo, Culleredo, Oleiros, Sada, Bergondo, Betanzos, Carral, Abegondo e Cambre (Precedo Ledo, A. 1990, pp.48-49), concellos que abarcan a case totalidade da superficie costeira coruñesa.

Se a área metropolitana de Vigo se caracteriza, igual cá área urbana de Ferrol, pola utilización de abundante man de obra, a área metropolitana da Coruña a nivel industrial caracterízase polo predominio dunha orientación claramente enerxética no sostemento das súas producción industriais. Isto xustifica en certa medida que sexa o sector enerxético e o siderometalúrxico os que absorban case o 66 por cento da tecnoloxía estranxeira que entra nesta área metropolitana. En menor medida, unha parte significativa, arredor dun catorce por cento, destínase ó sector dos servicios, especialmente bancos, e ó sector primario, sobre todo á acuicultura e ás explotacións forestais.

G.42. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA. DESTINO SECTORIAL**





## 2.3. As áreas urbanas e vilas

No seu conxunto, as empresas localizadas en áreas urbanas e vilas só reciben o 26,7 por cento dos contratos tecnolóxicos.


Dun xeito xeral, os contratos que realizan as empresas situadas nestes espacios están concentrados en poucos sectores. Así, practicamente a totalidade da tecnoloxía estranxeira contratada polas empresas galegas da área urbana de Ferrol destínanse ó sector naval. O sector da construcción naval acapara o 94 por cento do total de contratos tecnolóxicos rexistrados na área urbana ferrolá. Algo parecido acontece coa área urbana de Ourense, que concentra o 80 por cento dos contratos no sector da construcción do automóbil. A área urbana de Pontevedra presenta unha diversificación sectorial máis ampla, destinándose maiormente ó sector naval e á construcción de maquinaria non eléctrica, que absorben o 55 por cento dos contratos.

En canto á distribución sectorial dos contratos tecnolóxicos rexistrados polas empresas localizadas nas vilas e capitais municipais, constátase que case o 70 por cento da tecnoloxía importada se destina ó sector mineiro, ó siderometalúrxico e ó químico.


G.43. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DE VILAS E CAPITAIS MUNICIPAIS. DESTINO SECTORIAL**





G.44. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DA ÁREA URBANA DE FERROL. DESTINO SECTORIAL**




G.45. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DA ÁREA URBANA DE SANTIAGO. DESTINO SECTORIAL**





G.46. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DA ÁREA URBANA DE LUGO. DESTINO SECTORIAL**



G.47. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DA ÁREA URBANA DE OURENSE. DESTINO SECTORIAL**




G.48. **CONTRATOS TECNOLÓXICOS DA ÁREA URBANA DE PONTEVEDRA. DESTINO SECTORIAL**






# CAPÍTULO IX. **EMPRESAS GALEGAS ADQUIRIDORAS DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA**

Dada a finalidade eminentemente práctica deste traballo, resulta especialmente interesante analiza-la importancia que ten o capital estranxeiro e o INI na contratación de tecnoloxía.

Unha análise polo miúdo neste sentido revélanos un comportamento distinto entre as empresas participadas por capital estranxeiro e aquelas pertencentes ó INI. Incidir neste tema e valora-lo peso das empresas multinacionais na transmisión de tecnoloxía estranxeira a Galicia constitúe o obxectivo básico que se pretende abordar neste capítulo.

## 1. IMPORTANCIA DO CAPITAL ESTRANXEIRO E DO INI NA CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA

No cadro 25 móstrase unha cuantificación total e desmiuzada dos contratos efectuados por empresas domiciliadas en Galicia nas que participa o INI e nas que hai participación estranxeira, sen diferenciar entre participación maioritaria ou minoritaria.

Comezando pola importancia que poden te-la empresas do INI, ó noso entender deben salientarse os seguintes feitos:


1. En xeral, as empresas con algunha participación do INI teñen unha importancia reducida en canto ó volume de contratos, pois contratan só o 12,3 por cento do total. Sen embargo, a importancia é moi desigual duns sectores a outros, destacando de xeito especial dous deles polo seu maior volume cuantitativo: construcción naval e productos minerais non metáli-

cos, e en menor medida o papel e as artes gráficas. En contraste co anterior, hai 11 sectores nos que a influencia do INI é nula ó quedaren excluídos deste capítulo as empresas domiciliadas fóra de Galicia.

2. No que atinxe ó capital estranxeiro, o gráfico 49 pon de manifesto a importancia significativa que este ten na contratación de tecnoloxía estranxeira. En efecto, as empresas en que participa o investimento estranxeiro directo contratan máis dun tercio do total de contratos (36,1%). Pero, igual ca no caso anterior, as diferencias entre sectores son moi pronunciadas (ver cadro 25), polo que poden facerse tres grupos:

a) Aqueles sectores nos que a porcentaxe de contratos realizados polas empresas que teñen participación do capital estranxeiro representan as dúas terceiras partes ou máis do total. Neste caso encóntranse tres: a fabricación de productos metálicos, a construcción de automóbiles e as explotacións agrícolas, gandeiras e pesqueiras. Nos dous primeiros, cunha enorme penetración do investimento estranxeiro francés, as empresas con capital estranxeiro contratan o 100 e o 83 por cento respectivamente do total de contratos rexistrados en cada sector.

**G.49. INCIDENCIA DO I.N.I. E DO CAPITAL ESTRANXEIRO NA CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA FORÁNEA.**




**E.C.E.:** Empresas participadas polo investimento estranxeiro directo
**E. INI.:** Empresas do I.N.I.
**O. EMP.:** Empresas con capital nacional privado



C.25. **IMPORTANCIA DO INI E DO CAPITAL ESTRANXEIRO NA CONTRATACIÓN DE DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA. ANÁLISE SECTORIAL**

| Sector | Número de contratos en cada sector | Porcentaxe total segundo tipo de empresa (en%) | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Contratación efectuada polas empresas galegas participadas por capital estranxeiro | Contratos realizados polas empresas galegas controladas polo I.N.I. | Contratación realizada polo resto das empresas galegas |
| 1 | 4 | 75,0 | | 25,0 |
| 2 | 7 | | | 100,0 |
| 3 | 2 | | | 100,0 |
| 4 | 4 | | | 100,0 |
| 5 | 1 | | | 100,0 |
| 6 | 3 | | 33,3 | 66,6 |
| 7 | 2 | | | 100,0 |
| 8 | 36 | 61,1 | | 38,8 |
| 9 | 18 | 61,1 | | 38,8 |
| 10 | 38 | | 52,6 | 47,3 |
| 11 | 9 | 100,0 | | |
| 12 | 6 | | 50,0 | 50,0 |
| 13 | | | | 100,0 |
| 14 | 20 | 40,0 | | 60,0 |
| 15 | 18 | 83,3 | | 16,6 |
| 16 | 2 | 50,0 | | 50,0 |
| 17 | 18 | | | 100,0 |
| 18 | 5 | 20,0 | | 80,0 |

Fonte: Elaboración propia.

b) Sectores nos que as empresas que teñen capital estranxeiro contratan entre o 50 e o 66 por cento do total de contratos. É o caso do sector químico, o siderometalúrxico e a industria da construcción, o primeiro dos cales presenta unha forte penetración do investimento estranxeiro directo, como xa se demostrou.

c) Sectores nos que a contratación de tecnoloxía estranxeira realizada por empresas participadas por capital foráneo non supera o 40 por cento. Aquí temos basicamente dúas: os servicios e a construcción de maquinaria non eléctrica.

En conxunto, pode dicirse que o capital estranxeiro ten unha grande importancia na contratación tecnolóxica, especialmente nos sectores máis modernos da industria: acuicultura, química, automóbil, fabricación de envases metálicos para conservas e na fabricación de aleacións especiais.

3. A contratación por parte das empresas con participación exclusiva de capital privado galego ou español é de moita maior transcendencia cá que

efectúan aquelas empresas nas que hai algunha participación de capital estranxeiro. A contratación das empresas con capital nacional é, polo xeral, maioritaria naqueles sectores nos que a penetración de capital estranxeiro é case ou practicamente nula.

## 2. CONTRATACIÓN MEDIA POR EMPRESA

Para introducirnos un pouco máis na importancia do INI e do capital estranxeiro na contratación de tecnoloxía cómpre elimina-lo risco que pode introduci-lo feito de que estamos considerando só o número total de contratos por sectores, e iso pode vir directamente influído polo número de empresas que realizan contratos en cada sector. Así, elaborouse o cadro 26 no que se fan comparacións sobre a base da media de contratos que efectúan as empresas de cada sector e ver así en que medida a presencia do INI e do capital estranxeiro supón afastarse do comportamento medio.

C.26. **INCIDENCIA DO INI E DO CAPITAL ESTRANXEIRO NA CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA FORÁNEA, TENDO EN CONTA A CONTRATACIÓN MEDIA POR EMPRESA**

| Sector | Número de contratos en cada sector | Número de contratos | Media de contratos por empresa | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Empresas con capital estranxeiro | Empresas do I.N.I. | Resto de empresas galegas | Total das empresas |
| 1 | 3 | 4 | 1,5 | | 1,0 | 1,3 |
| 2 | 2 | 7 | | | 3,5 | 3,5 |
| 3 | 2 | 2 | | | 1,0 | 1,0 |
| 4 | 2 | 4 | | | 2,0 | 2,0 |
| 5 | 1 | 1 | | | 1,0 | 1,0 |
| 6 | 3 | 3 | | 1,0 | 1,0 | 1,0 |
| 7 | 2 | 2 | | | 1,0 | 1,0 |
| 8 | 12 | 36 | 2,7 | | 3,5 | 3,0 |
| 9 | 4 | 18 | 5,5 | | 3,5 | 4,5 |
| 10 | 7 | 38 | | 10,0 | 3,6 | 5,4 |
| 11 | 3 | 9 | 3,0 | | | 3,0 |
| 12 | 4 | 6 | | 3,0 | 1,0 | 1,5 |
| 13 | 1 | 1 | | 2,4 | 1,0 | 1,0 |
| 14 | 9 | 20 | 2,0 | | 2,4 | 2,2 |
| 15 | 4 | 18 | 7,5 | | 1,5 | 4,5 |
| 16 | 2 | 2 | 1,0 | | 1,0 | 1,0 |
| 17 | 2 | 18 | | | 9,0 | 9,0 |
| 18 | 3 | 5 | 1,0 | | 2,0 | 1,6 |

Fonte: Elaboración propia.



En primeiro lugar, pode dicirse que hai uns sectores que se destacan en canto ó número medio de contratos por empresa. Son o sector naval (5,4), a construcción do automóbil (4,5), o siderometalúrxico (4,5), o mineiro (3,5) e o químico con 3. Todos eles, como se ve, con valores por riba da media do total de empresas, que se sitúa en 2,9 contratos por empresa nos anos estudiados. É difícil en xeral ofrecer unha explicación que sirva para entende-lo comportamento destes sectores, quizais o único que os une é a existencia de bastantes grandes empresas, o que pode explica-lo volume superior de contratos. De tódolos xeitos, para coñece-las causas do alto número de contratación media experimentado polas empresas destes sectores cómpre estudiar cada caso illadamente.

A forte contratación de tecnoloxía estranxeira realizada polo sector enerxético galego débese en parte ó proxecto de construcción dunha central nuclear en Xove. A construcción naval recorre á tecnoloxía estranxeira con frecuencia pola escasa capacidade das empresas galegas para produci-los elementos complexos dos buques modernos, que requiren unha alta tecnoloxía, e o sector automobilístico e o químico, pola súa enorme dependencia directa das grandes empresas multinacionais para poderen fabrica-los productos que venden.

En canto á incidencia do INI e do capital estranxeiro na contratación media por empresa atopámo-los seguintes feitos:

1. Constátase que as empresas nas que participa o INI contratan máis de dúas veces por riba da media, 6 contratos por empresa fronte a 2,9. Por sectores, a situación é moi clara na construcción naval e na fabricación de productos cerámicos, nos que as cifras de contratos por empresa son moi superiores considerando só as que teñen participación do INI. De maneira especial hai que subliñar que as empresas galegas do sector naval controladas polo INI rexistran unha media de 10 contratos por empresa, cifra non acadada por ningún tipo de empresas.

2. As empresas galegas participadas polo investimento estranxeiro directo rexistran unha contratación por empresa superior á media xeral (3,1 fronte a 2,9). Sen embargo, a situación varía duns sectores ós outros. En efecto, entre os sectores en que as empresas con capital estranxeiro teñen unha media de contratos superior á do conxunto destacan construcción de automóbiles e siderometalúrxica, sectores nos que a penetración do capital estranxeiro é moi forte.

**C.27. INFLUENCIA DO INI E DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NA CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA**

| TIPO DE EMPRESA | Nº E | % | Nº C | % | MEDIA DE C/E |
|---|---|---|---|---|---|
| Empresas con capital estranxeiro | 23 | 34,8 | 70 | 36 | 3,1 |
| Empresas do I.N.I. | 4 | 6 | 24 | 12,3 | 6,0 |
| Resto de empresas | 39 | 59 | 100 | 51,5 | 2,5 |
| TOTAL | 66 | 100 | 194 | 100 | 2,9 |

Fonte: Elaboración propia
Nº E: número de empresas
Nº C: número de contratos
C/E: media de contratos por empresa

**GRAO DE CONTRATACIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA SEGUNDO O TAMAÑO DAS EMPRESAS**

| TAMAÑO DAS EMPRESAS SEGUNDO O NÚMERO DE TRABALLADORES | CONTRATOS | | EMPRESAS | | MEDIA DE C/E CONTRATOS POR EMPRESA |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | N% | % | |
| De 0-100 | 57 | 29,38 | 37 | 56,06 | 1,54 |
| De 100-500 | 57 | 29,38 | 18 | 27,27 | 3,16 |
| + 500 | 80 | 41,23 | 11 | 16,66 | 7,27 |
| TOTAL | 194 | 100,00 | 66 | 100,00 | 2,94 |

Fonte: Elaboración propia.

3. En consecuencia, as empresas do INI manteñen un nivel de contratación media de tecnoloxía estranxeira por empresa moi superior á media rexistrada por aquelas que están participadas por capital estranxeiro (6 contratos de media as empresas do INI, fronte a só 3,1 as controladas polo capital estranxeiro).

## 3. PRINCIPAIS EMPRESAS ADQUIRIDORAS DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA

Un dossier elaborado pola Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) confirma que o 70% das empresas galegas que desenvolven algún tipo de investigación en Galicia non contaban en 1989 con servicios informáticos (Balseiro, M. e outros, 1990). Do mesmo xeito, o estudio pon de manifesto que as 78 empresas innovadoras existentes carecen basicamente de infraestructura tecnolóxica abondo propiamente dita. A carencia de departamentos de investigación e formación técnico-empresarial, unida á ausencia practicamente xeralizada de departamentos de persoal, son as deficiencias máis salientables que impiden o desenvolvemento de innovacións propias. A inexistencia de centros de investigación nas propias empresas constitúe un dos factores que favorecen a dependencia tecnolóxica do exterior. En efecto, en Galicia o número de empresas que contan con centros de investigación propiamente ditos dedicados a I+D redúcese practicamente a seis, tal e como se ve no cadro 28, concentrándose especialmente nas grandes empresas industriais. O resto da investigación que se realiza en Galicia corre a cargo de 22 centros de investigación dependentes da Xunta e do Goberno Central.

Detectouse que a existencia de Centros de Investigación nalgunhas empresas, especialmente naquelas dependentes do INI, non evitou a compra masiva de tecnoloxía estranxeira, caso de ASTANO, H.J. Barreras e de

**C.28. EMPRESAS GALEGAS CON CENTROS DE INVESTIGACIÓN PROPIOS**

| TIPO DE EMPRESA | ACTIVIDADES INVESTIGADORAS | DEPENDENCIA |
|---|---|---|
| ASTANO, S.A. | Áreas tecnolóxicas I + D naval | INI |
| COOPER-ZELTIA,S.A. | Vacinas e mellora gandeira | Privada |
| GEASA (G.E. Alvarez) | Tecnoloxía vidro e cerámica | INI |
| HERMASA | I + D maquinaria e proces. met. | Privada |
| PESCANOVA, S.A. | Tec. pesca, elab., cultivos mariños | Privada |
| TELEVES, S.A. | Electrónica e telecomunicación | Privada |

Fonte: Consellería de Industria. Xunta de Galicia.

**A INVESTIGACIÓN NAS EMPRESAS GALEGAS**
**Proxecto de investigación de empresas galegas financiadas polo CDTI.**
**De xaneiro de 1988 a febreiro de 1990**

| EMPRESA | PROVINCIA | OBXECTIVO DO PROXECTO |
|---|---|---|
| Televés | A Coruña | Desenvolvemento de equipos para cable e fibra óptica |
| Bonsai-Flora | A Coruña | Microprogramación por cultivo "in vitro" de especies ornamentais e forestais |
| Salmón Atlántico de Galicia | A Coruña | Cultivo integral de salmón |
| Carburos Metálicos | A Coruña | Obtención de novas calidades de silicio de alta pureza |
| Televés | A Coruña | I+D para célula flexible de montaxe robotizado de compoñentes electrónicos |
| Televés | A Coruña | Equipos para sistemas de recepción de televisión vía satélite |
| Gairesa | A Coruña | Obtención de resinas expoxialifática de alta reactividade e baixa toxicidade |
| Cerámica de Sargadelos | Lugo | Procesos para obtención de derivados de N4S13 |
| Ranassas | Ourense | Investigacións sobre o cultivo da ra |
| Copo Ibérica | Pontevedra | Investigación sobre procedencias e familias de eucalipto no Norte de España |
| Fariñas e Sémolas do Noroeste | Pontevedra | Liña continua para fabricación de fariñas odificadas. |
| Cultivos Mariños Arosa | Pontevedra | Nutrición e mellora xenética para o cultivo industrial de moluscos bivalvos |
| Insuiña | Pontevedra | Optimización na obtención dos ovos de larvas e viables do rodaballo |
| José A. Lomba Camiña | Pontevedra | Novos materiais de circón para aplicación en rodetes cerámicos |
| José A. Lomba Camiña | Pontevedra | Planta para desenvolvemento e producción de rodetes cerámicos en circón-hullita |
| Pili Carrera | Pontevedra | Fabricación asistida por ordenador de convección de xénero de punto |

Fonte: Fundación Empresa-Universidad Gallega.

GEASA. As empresas galegas controladas polo INI, malia contratar só o 12,3 por cento do total, rexistran unha media de 6 contratos por empresa, cifra superior á acadada polo conxunto das empresas galegas. Sen embargo, hai que recoñecer que as empresas que non teñen capital estranxeiro nin pertencen ó INI realizan en conxunto o maior número de contratos tecnolóxicos co exterior, o que supón o 51,5 por cento do total dos contratos suscritos polas empresas galegas (ver gráfico 48).

A seguir e co fin de ter un coñecemento máis preciso e detallado sobre a penetración da tecnoloxía estranxeira nas empresas galegas ofrecemos ó lector unha lista que contén as 25 primeiras empresas galegas adquiridoras de tecnoloxía estranxeira durante o período 1965-1987 (ver cadros 29 e 30). Obviamente, para a elaboración da citada lista tívose en conta exclusivamente o número de contratos de transferencia de tecnoloxía estranxeira realizados por cada empresa durante o período obxecto de estudio.

Da lista que se xunta tíranse dúas ideas interesantes en relación co destino da tecnoloxía importada:

1. O 74 por cento do total da tecnoloxía estranxeira que entra en Galicia mediante o establecemento de contratos tecnolóxicos é absorbida por un reducido grupo de só 25 empresas.

2. As grandes empresas industriais son as que realizan o maior número de contratos tecnolóxicos co exterior. Mentres que as pequenas e medianas empresas (PEMES) con menos de 100 empregados contratan unha pequena porcentaxe do total non superior ó 30 por cento.

3. Boa parte das empresas que individualmente realizan un maior volume de contratos tecnolóxicos co exterior están participadas por capital estranxeiro. Entre elas destacan, como se pode observar na lista que se xunta, Citröen, Cooper Zeltia, Envases Carnaud, Grafitos Eléctricos del Noroeste e a Artística de Vigo. Este mesmo fenómeno dáse tamén para o conxuto das empresas españolas. En efecto, segundo os datos de que dispoñemos, correspondentes ás 100 primeiras empresas españolas importadoras de tecnoloxía estranxeira, das que non incluímo-lo listado neste apartado, 70 sociedades están vencelladas a grupos multinacionais estranxeiros. Isto confirma unha vez máis que as empresas participadas por capital estranxeiro realizan un maior volume de importacións tecnolóxicas, gracias ós seus contactos internacionais e ás propias estratexias financeiras internas. Xunto a isto, a importancia do investimento estranxeiro en España aparece ligada ó aumento dos pagos por asistencia técnica e *royalties*. A entrada de capital estranxeiro, ademais dun aumento das rendas de investimento, xera pagamentos por patentes, marcas e *know-how* estranxeiro, así como para a asistencia técnica ligada á tecnoloxía importada, necesaria para o desenvolvemento da actividade económica. O groso dos investimentos estranxeiros en Galicia e España proceden dos países da OCDE e é neste conxunto de países no que se centra tamén a maior parte das nosas importacións de tecnoloxía. Apréciase, xa que logo, que grande parte dos pagamentos realizados ó exterior por distintos conceptos tecnolóxicos corresponden a empresas españolas con participación de capital estranxeiro.

Pero o que nos sorprendeu máis especialmente ó estudia-la penetración de tecnoloxía estranxeira en Galicia foi comprobar que tres das máis importantes empresas galegas, PESCANOVA, COREN E FIMSA, non realizan ningún contrato tecnolóxico co estranxeiro.

Pescanova, constituída en 1960, converteuse na maior empresa pesqueira europea gracias á súa dimensión e á diversificación de actividades. Pioneira na técnica de ultraconxelación a bordo, a empresa viguesa conta hoxe cun importante centro de investigación propio e cunha auténtica estructura multinacional con filiais en Mozambique, Sudáfrica, Uruguai, Mauritania, Chile, Arxentina, Reino Unido, Francia, Italia, etc., que lle permite xerar tecnoloxía propia dentro do seu campo sen ter que recorrer á realización de contratos tecnolóxicos con outras empresas estranxeiras. Sen embargo, ó estar asociada coa multinacional sudafricana *The Imperial Cold Storage and Suply* (PTY) pode acceder ós coñecementos tecnolóxicos desta firma estranxeira mediante acordos bilaterais de compensación que benefician a ámbalas dúas empresas.

FIMSA constitúe outro exemplo que se libra da dependencia tecnolóxica. Creada en 1931 na parroquia de Ames, hoxe conta cunha fábrica en Irlanda e outra coparticipada en Portugal. Constitúe unha empresa solidamente coparticipada no mercado español, ó contar cunha avanzada tecnoloxía que lle permite competir nos mercados internacionais. Así e todo, malia non realizar contratos de asistencia técnica a maquinaria que utiliza no sistema productivo, o mesmo que acontece en PESCANOVA, procede case na súa totalidade do estranxeiro, fundamentalmente da República Federal Alemana e de Suecia.

TELEVÉS é outro caso insólito e ó mesmo tempo estraño no eido industrial galego. Esta empresa, fundada en 1958, realizou durante o período obxecto

de estudio só un contrato tecnolóxico no ano 1981, coa multinacional francesa SICART para fabricar antenas de teito para autorradio. Contando con medios propios e un centro de investigación en Santiago de Compostela, pouco e pouco foise convertendo na primeira empresa española en fabricación de antenas parabólicas e doutros sistemas de telecomunicacións. Para mante-lo seu liderato destina anualmente o 50 por cento dos seus investimentos a investigación e desenvolvemento (La Voz de Galicia, 26-11-1988), o que lle permite adquirir unha autonomía tecnolóxica envexable, capaz de desenvolver innovacións propias e competitivas no seu departamento de I+D.

COREN constitúe outra das empresas galegas, punteira no sector agropecuario español, que mantén independencia tecnolóxica. Desde a súa creación en 1959, a empresa ourensá pasou por sucesivas fases de ampliación e posta en marcha de novos elos do proceso productivo. Para a montaxe e explotación de granxas avícolas na provincia ourensá, o empresario Eulogio Gómez Franqueira estableceu contactos de cooperación técnica coa firma *Swiff Española*, filial da multinacional estadounidense *Swiff Corporation* (Escudero, E. 1988). Desde ese momento o poderoso grupo ourensán, creando múltiples unidades de producción independentes asociadas polo vínculo da corporación, mantivo unha envexable independencia financeira e tecnolóxica do exterior.

De tódolos xeitos, a independencia tecnolóxica destas empresas que acabamos de comentar non é absoluta. O feito de que non realicen contratos tecnolóxicos de xeito oficial con empresas estranxeiras non quita de que utilicen tecnoloxía ou coñecementos técnicos adquiridos a través doutros procedementos. De feito, estas empresas galegas envían ó estranxeiro con certa regularidade parte do seu persoal para que adquiran unha formación técnica e investigadora a través de cursiños de espcialización que sirvan ás necesidades da empresa. Estas viaxes de formación que realizan con frecuencia os técnicos das empresas galegas serven en moitas ocasións para conseguir, mediante a espionaxe industial informacións ou coñecementos técnicos que as empresas estranxeiras gardan en secreto.

Como consecuencia da escasez de centros de investigación nas propias empresas galegas, a innovación desenvolvida por estas é aínda moi débil e escasa con respecto á que se desenvolve noutras rexións europeas ou españolas. Galicia compórtase como unha auténtica rexión periférica, cun tecido industrial caracterizado por empresas netamente familiares, que non favo-



C.29. **PRINCIPAIS EMPRESAS GALEGAS ADQUIRIDORAS DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA MEDIANTE CONTRATOS DURANTE O PERÍODO 1965-1987**

| EMPRESA GALEGA | LOCALIZACIÓN | EMPREGADOS | N.C. | %S.T. |
|---|---|---|---|---|
| 1. FENOSA | A Coruña | 6.757 | 13 | 6,70 |
| 2. ASTANO | Fene | 2.240 | 13 | 6,70 |
| 3. CITROËN | Vigo | 8.437 | 12 | 6,18 |
| 4. COOPER ZELTIA | Porriño | 241 | 7 | 3,60 |
| 5. FACTORÍAS VULCANO | Vigo | 569 | 7 | 3,60 |
| 6. BARRERAS | Vigo | 975 | 7 | 3,60 |
| 7. C.E. NORMALIZADOS | Vigo | 350 | 6 | 3,09 |
| 8. CARNAUD GALICIA | Vigo | 1.481 | 6 | 3,09 |
| 9. GRAFITOS ELECTRICOS DO NW | A Coruña | 345 | 6 | 3,09 |
| 10. SIDEGASA | A Coruña | 520 | 6 | 3,09 |
| 11. ARTISCAR | Vigo | 60 | 6 | 3,09 |
| 12. LIGNITOS DE MEIRAMA | A Coruña | 464 | 6 | 3,09 |
| 13. CARZUH | Mos | 45 | 5 | 2,57 |
| 14. ALUMINIO DE GALICIA | A Coruña | 547 | 5 | 2,57 |
| 15. A.C.N. DE REGODELA | A Coruña | — | 5 | 2,57 |
| 16. FORESA | Caldas de Reis | 59 | 4 | 2,06 |
| 17. PLASTICOS DIK | Vigo | 62 | 4 | 2,06 |
| 18. INDUGASA | Vigo | 320 | 4 | 2,06 |
| 19. BANCO PASTOR | A Coruña | — | 3 | 1,54 |
| 20. PLANO | Vigo | 54 | 3 | 1,54 |
| 21. ASTILL. Y CONSTRUCCIONES | Vigo | 55 | 3 | 1,54 |
| 22. BALIÑOS E HIJOS | Pontevedra | 55 | 3 | 1,54 |
| 23. F.E. NAVALES Y ARTILLERAS | Ferrol | 66 | 3 | 1,54 |
| 24. G. DE EMPRESAS ALVAREZ | Vigo | 1.710 | 3 | 1,54 |
| 25. BARREIROS | San Cibrao | 270 | 3 | 1,54 |
| RESTO DAS EMPRESAS | | | 51 | 26,28 |
| TOTAL | | | 194 | 100,00 |

N.C.: número de contratos tecnolóxicos.
% S.T.: porcentaxe sobre total.

recen nin posibilitan a creación de centros de investigación nin o establecemento de relacións con outras empresas. A iso contribúe a escasa porcentaxe de investimentos (entre 600 e 800 millóns de pesetas anuais) destinadas a I+D, cifra que representa en Galicia o 1,5 por cento do total español, mentres que Cataluña e Madrid absorben o 65 por cento dos investimentos totais destinados a I+D en España.

No caso de Galicia, segundo datos da Xunta, están dedicados a investigación e ó desenvolvemento tecnolóxico unhas trescentas persoas, das que preto de setenta son investigadores e o resto técnicos e auxiliares. A investigación aplicada á producción é unha das carencias máis salientables da tecedeira industrial galega, especialmente nas pequenas e medianas empresas, nomeadamente cando carecen de medios económicos e de infraestructura. Por iso a investigación que desenvolven este tipo de empresas é finan-

**C.30. LISTA DAS CEN PRIMEIRAS EMPRESAS IMPORTADORAS DE TECNOLOXÍA (Ano 1989)**

| Núm. de orde | EMPRESAS | Millóns de pesetas | Porcentaxe sobre total | Porcentaxe acumulada |
|---|---|---|---|---|
| 1 | International Business Machiness S.A.E. | 18.754,31 | 6,87 | 9,87 |
| 2 | Ford España, S.A. | 16.104,95 | 8,47 | 18,34 |
| 3 | Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial M. | 11.925,33 | 6,27 | 24,61 |
| 4 | General Motros España, S.A. | 7.330,10 | 3,86 | 28,47 |
| 5 | Fabricación de Automóviles Renault de España, S.A. | 6.751,18 | 3,55 | 32,02 |
| 6 | S.A. para la Fabricación en España de Neumáticos NIC | 4.353,24 | 2,61 | 34,63 |
| 7 | Sociedad Española Automóviles Turismo | 4.792,06 | 2,52 | 37,15 |
| 8 | Hispano Francesa de Energía Nuclear, S.A. | 2.878,46 | 1,51 | 38,66 |
| 9 | Arthur Andersen y Compañía S.R.C. | 2.650,70 | 1,39 | 40,05 |
| 10 | Alcatel Standard Eléctrica, S.A. | 2.569,98 | 1,35 | 41,41 |
| 11 | Empresa Nacional Siderúrxica, S.A. | 2.195,48 | 1,15 | 42,56 |
| 12 | Industrias de Telecomunicación, S.A. | 2.078,02 | 1,09 | 43,65 |
| 13 | Neweltt Packard Española, S.A. | 2.019,46 | 1,06 | 44,72 |
| 14 | Sociedad Nestlé, A.E.P.A. | 1.962,99 | 1,03 | 45,75 |
| 15 | Asoc. UE Endesa Central Trillo 1 | 1.837,72 | 0,97 | 46,72 |
| 16 | Philips Ibérica, S.A.E. | 1.741,41 | 0,92 | 47,63 |
| 17 | Iberia Líneas Aéreas de España, S.A. | 1.741,39 | 0,92 | 48,55 |
| 18 | Citroën Hispania, S.A. | 1.584,13 | 0,83 | 49,38 |
| 19 | Peugeot Talbo España, S.A. | 1.569,65 | 0,83 | 50,21 |
| 20 | Tabacalera, S.A. | 1.196,55 | 0,63 | 50,84 |
| 21 | Levi Strauss de España, S.A. | 1.145,04 | 0,60 | 51,44 |
| 22 | IBM España, S.A. | 984,73 | 0,52 | 51,96 |
| 23 | Unicables, S.A. | 961,20 | 0,51 | 52,46 |
| 24 | Astilleros Españoles, S.A. | 891,58 | 0,47 | 52,93 |
| 25 | 3M España, S.A. | 889,67 | 0,47 | 53,40 |
| 26 | Firestone Hispania, S.A. | 879,49 | 0,46 | 53,86 |
| 27 | Construcciones Aeronáuticas, S.A. | 858,67 | 0,45 | 54,31 |
| 28 | Telefónica España, S.A. | 845,72 | 0,44 | 54,76 |
| 29 | Procter Aud Camble España, S.A. | 817,36 | 0,43 | 55,19 |
| 30 | Coopers Lybrand, S.A. | 750,39 | 0,39 | 55,58 |
| 31 | Telettra España, S.A. | 699,27 | 0,37 | 55,95 |
| 32 | AT y T Microelectrónica de España, S.A. | 654,59 | 0,34 | 56,30 |
| 33 | Schwepps, S.A. | 650,33 | 0,34 | 56,64 |
| 34 | Land Rover Santana, S.A. | 618,72 | 0,33 | 56,96 |
| 35 | Altos Hornos de Vizcaya, S.A. | 600,60 | 0,32 | 57,28 |
| 36 | Tioxide España, S.A. | 584,99 | 0,31 | 57,59 |
| 37 | Siemens, S.A. | 562,22 | 0,30 | 57,88 |
| 38 | NCR España, S.A. | 562,22 | 0,30 | 57,88 |
| 39 | Cristalería Española, S.A. | 549,45 | 0,29 | 58,47 |
| 40 | Repsol Petróleo, S.A. | 547,05 | 0,29 | 58,76 |
| 41 | Empresa Nacional Bazón de Cosntrucciones Navales M | 534,19 | 0,28 | 59,04 |
| 42 | Gallina Blanca Purina, S.A. | 493,31 | 0,26 | 59,30 |
| 43 | Henkel Ibérica, S.A. | 487,14 | 0,26 | 59,55 |
| 44 | Software AG España, S.A. | 483,40 | 0,25 | 59,81 |
| 45 | Tarragona Química, S.A. | 474,37 | 0,25 | 60,06 |
| 46 | Empresa Nacional de Electrónica y Sistemas, S.A. | 474,35 | 0,25 | 60,31 |
| 47 | Petróleos de Mediterráneo, S.A. | 460,69 | 0,24 | 60,55 |
| 48 | Hidroeléctrica Española, S.A. | 456,24 | 0,24 | 60,79 |
| 49 | Compañía Española de Petróleos. S.A. | 452,28 | 0,24 | 61,03 |
| 50 | Repsol Química, S.A. | 442,25 | 0,23 | 61,26 |
| 51 | Empresa Nacional de Electricidad, S.A. | 439,12 | 0,23 | 61,49 |
| 52 | Red Nacional de los Ferrocarriles Españoles | 434,32 | 0,23 | 61,49 |
| 53 | Nissan Motor Ibérica, S.A. | 429,43 | 0,23 | 61,72 |
| 54 | Faepsa, S.A. | 419,76 | 0,22 | 62,17 |
| 55 | Industrial de Perfumería, S.A. | 411,51 | 0,22 | 62,38 |



**C.30.(Cont.) LISTA DAS CEN PRIMEIRAS EMPRESAS IMPORTADORAS DE TECNOLOXÍA (Ano 1989)**

| Núm. de orde | EMPRESAS | Millóns de pesetas | Porcentaxe sobre total | Porcentaxe acumulada |
|---|---|---|---|---|
| 56 | Laboratorios Beecman, S.A. | 408,64 | 0,21 | 62,60 |
| 57 | Instituto Nacional de Hidrocarburos | 372,65 | 0,20 | 62,79 |
| 58 | Industrial Española de Aluminio, S.A. | 360,74 | 0,19 | 62,98 |
| 59 | Sociedad Española de Oxígeno, S.A. | 356,75 | 0,19 | 62,98 |
| 60 | Cerestar Ibérica, S.A. | 351,34 | 0,18 | 63,54 |
| 61 | Empresa Nacional de Fertilizantes, S.A. | 350,69 | 0,18 | 63,54 |
| 62 | Arbora Corporación, S.A. | 349,92 | 0,18 | 63,72 |
| 63 | MC Kinsey And Company S.L. | 347,14 | 0,18 | 63,91 |
| 64 | Mattel España, S.A. | 341,89 | 0,18 | 64,09 |
| 65 | Colgate Palmolive, S.A. Española | 341,16 | 0,18 | 64,27 |
| 66 | UP John Farmoquimica, S.A. | 340,63 | 0,18 | 64,44 |
| 67 | La Seda de Barcelona, S.A. | 338,05 | 0,18 | 64,62 |
| 68 | Pirelli Neumáticos, S.A. | 334,54 | 0,18 | 64,80 |
| 69 | Lurgi Española, S.A. | 333,83 | 0,18 | 64,97 |
| 70 | Banco de Bilbao, S.A. | 329,28 | 0,17 | 65,15 |
| 71 | Valeo Térmico, S.A. | 318,59 | 0,17 | 65,32 |
| 72 | Cabot, S.A. | 313,61 | 0,16 | 65,48 |
| 73 | Ebro Compañía de Azucares y Alcoholes, S.A. | 307,45 | 0,16 | 65,64 |
| 74 | Cables Pirelli, S.A. | 301,54 | 0,16 | 65,80 |
| 75 | Hipermercados Pryca, S.A. | 299,15 | 0,16 | 65,96 |
| 76 | Unión Eléctrica Fenosa, S.A. | 296,54 | 0,16 | 66,11 |
| 77 | Puerto Autónomo de Barcelona MOP | 289,41 | 0,15 | 66,27 |
| 78 | Bendiz España, S.A. | 286,93 | 0,15 | 66,42 |
| 79 | Sociedad de Dermo Farmacia de Vichi, S.A. | 284,36 | 0,15 | 66,57 |
| 80 | Basi, S.A. | 277,87 | 0,15 | 66,71 |
| 81 | Fujitsu España, S.A. | 277,31 | 0,15 | 66,86 |
| 82 | Aplicaciones Técnicas Industriales, S.A. | 271,21 | 0,14 | 67,00 |
| 83 | Bof Nivea, S.A. | 270,40 | 0,14 | 67,14 |
| `84 | Framatome Ibérica, S.A. | 266,49 | 0,14 | 67,28 |
| 85 | Dow Chemica Ibérica, S.A. | 260,12 | 0,14 | 67,42 |
| 86 | Central Nuclear de Almaraz | 259,25 | 0,14 | 67,56 |
| 87 | Polysius, S.A. | 258,88 | 0,14 | 67,69 |
| 88 | Industrias del Ubierma, S.A. | 257,90 | 0,14 | 67,83 |
| 89 | Cables de Comunicaciones, S.A. | 256,23 | 0,13 | 67,96 |
| 90 | Hispano Olivetti, S.A. | 256,12 | 0,13 | 68,10 |
| 91 | Johwson & Wax Española, S.A. | 253,50 | 0,13 | 68,23 |
| 92 | Renault Vehículos Industriales, S.A. | 253,28 | 0,13 | 68,37 |
| 93 | Burberrys Spain S.A.E. | 252,00 | 0,13 | 68,50 |
| 94 | Banco Español de Crédito, S.A. | 246,70 | 0,13 | 68,63 |
| 95 | Derivados Lácteos y Alimenticios, S.A. | 246,67 | 0,13 | 68,76 |
| 96 | Laboratorios Seromo, S.A. | 246,44 | 0,13 | 68,89 |
| 97 | Inter Grunding Comercial, S.A. | 242,42 | 0,13 | 69,01 |
| 98 | Moto Vespa, S.A. | 241,74 | 0,13 | 69,14 |
| 99 | Empresa Nacional del Uranio, S.A. | 235,49 | 0,12 | 69,27 |
| 100 | Electrónic Data Systems España, S.A. | 234,18 | 0,12 | 69,39 |

Fonte: PUECH FERNANDEZ PACHECO, R. "La balanza de pagos tecnológica". En: Boletín de Información Comercial Española. Semana do 2 ó 8 de abril de 1990. P. 1334.

ciada maioritariamente polo Estado e por organismos dependentes da Xunta de Galicia. Nesta situación, unha presa de PEMES radicadas en Galicia protagonizan a vangarda investigadora, a través de diversos proxectos que son

apoiados en termos financeiros polo CDTI. Este organismo, pertencente ó Ministerio de Industria e Enerxía, ten como función axuda-las empresas en proxectos innovadores e xestiona-la participación empresarial española en programas internacionais de I+D. Como se aprecia no cadro 28, os proxectos financiados por CDTI presentan unha ampla gamma de frontes de investigación, concentrándose nas provincias da Coruña e Pontevedra, xa que nas de Ourense e Lugo só presentan un proxecto en cada caso.

Ante este panorama, semella evidente a necesidade de dota-las empresas con centros ou unidades de investigación propias, encargadas de innovar, supervisar e de asimila-la tecnoloxía que se adquire no estranxeiro, co fin de frea-la importación masiva e incontrolada de tecnoloxía foránea.

## 4. O PESO DAS MULTINACIONAIS NA TRANSMISIÓN DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA A GALICIA

Ó longo deste traballo foise expoñendo o peso considerable que as empresas multinacionais estranxeiras teñen na xeración e transmisión de tecnoloxía. Este comentario que faciamos a nivel xeral cúmprese ó pé da letra en Galicia. En efecto, ó estudiar polo miúdo a procedencia de cada un dos contratos de asistencia técnica e de transferencia de tecnoloxía comprobamos que máis do 86 por cento dos mesmos proceden de empresas multinacionais europeas ou ben de filiais de grandes consorcios supranacionais. Concretamente, das 121 empresas estranxeiras que subministran tecnoloxía ás empresas galegas, durante o período obxecto de estudio 105 son empresas consideradas internacionalmente como transnacionais.

A relevancia destas empresas en Galicia como principais provedores de tecnoloxía estranxeira non debe sorprendernos por dúas razóns:

1. Pola propia dimensión das empresas multinacionais.
2. Pola presencia directa en Galicia de numerosas empresas multinacionais estranxeiras.

En primeiro lugar, como diciamos en capítulos anteriores, as empresas multinacionais exercen un control case absoluto sobre a tecnoloxía. Esta situación explícase polo feito de que a maioría das patentes, entre o 80 e o 90 por cento, están en mans de grandes empresas transnacionais, o cal se debe, a priori, ó predominio destas no labor de investigación e desenvolvemento.



Ademais de vantaxes cuantitativas en canto á xeración de tecnoloxía, a empresa multinacional conta cunha estructura empresarial diferente, que lle permite dispoñer de empresas satélites encargadas de comercializa-los seus coñecementos técnicos no marco da venda de licencias ou no subministro de bens de producción. Ante este panorama non é de estrañar que a maior parte da tecnoloxía estranxeira que entra en Galicia proceda de empresas multinacionais, ó xerarse nestas a maioría das innovacións tecnolóxicas que se producen actualmente no mundo.

En segundo lugar, a presencia en Galicia de empresas multinacionais que participan actualmente no control directo de 619 empresas favorece, indubidablemente, a penetración de tecnoloxía estranxeira procedente de empresas multinacionais.

Por causa desta presencia estranxeira establécense vínculos de dependencia tecnolóxica que se manifesta tamén a través da realización de numerosos contratos tecnolóxicos entre as filiais galegas e as súas respectivas casas matrices. De feito, máis da metade das importacións tecnolóxicas que realizan as empresas galegas participadas por capital estranxeiro proceden das casas matrices ou doutras filiais no exterior. Esta dependencia da tecnoloxía foránea manterase mentres as empresas multinacionais non instalen laboratorios e centros de investigación na nosa Comunidade Autónoma. Ata o de agora, este tipo de realizacións non se levaron adiante, limitándose en todo caso a controla-lo capital social das empresas, e a aproveita-las posibilidades de crecemento que lles ofrece o mercado e a man de obra barata existente en Galicia.

### 4.1. Principais multinacionais estranxeiras que envían tecnoloxía ás empresas galegas

Como proba do protagonismo acadado polas empresas multinacionais no subministro de tecnoloxía estranxeira, incluímos a seguir a relación das 26 principais empresas multinacionais estranxeiras que envían tecnoloxía a Galicia mediante a transferencia legal resgardada por contratos.

Como dato significativo, hai que sinalar que deste reducido grupo de empresas multinacionais procede máis do 43 por cento da tecnoloxía estranxeira que entra en Galicia a través de contratos, notándose que boa parte das empresas que aparecen nesta relación participan directamente no capital social de moitas empresas galegas incluídas entre as principais importado-

ras de tecnoloxía. Isto confirma, unha vez máis, a estreita relación existente en Galicia, igual ca no resto do Estado Español, entre investimento estranxeiro directo e importación de tecnoloxía.

C.31. **PRINCIPAIS MULTINACIONAIS ESTRANXEIRAS QUE ENVIARON TECNOLOXÍA ÁS EMPRESAS GALEGAS A TRAVÉS DE CONTRATOS TECNOLÓXICOS DURANTE O PERÍODO 1965-1987**

| MULTINACIONAL ESTRANXEIRA | PAÍS | N.C. |
|---|---|---|
| 1. Citroën | Francia | 9 |
| 2. Carnaud et Forges | Francia | 7 |
| 3. Appolonia Consulting Engineers | Estados Unidos | 5 |
| 4. Klocker Humboldt Deutz | R.F. de Alemaña | 5 |
| 5. Informatics, S.A. | Suiza-Francia | 5 |
| 6. Cooper MC. Dougall Robertson | Rino Unido | 4 |
| 7. Gec Morge Machines Ltd. | Reino Unido | 4 |
| 8. Perstorp AB | Sueica | 4 |
| 9. The Welcome Fundation | Reino Unido | 4 |
| 10. Tivole Werke AG | R.F. de Alemaña | 4 |
| 11. Maschinenfabrick Augsburg Nurnberg. (MA.N.) | R.F. de Alemaña | 4 |
| 12. Societe des Electrodes et Refractaires Savoi Sers C.E.M. | Francia | 3 |
| 13. Societe Financiere et Industriale des Ateliers et Chantiers | Francia | 3 |
| 14. Pechiney Ugine Kuhlman | Francia | 3 |
| 15. Gonagra | Estados Unidos | 2 |
| 16. Fried Krupp GMBH | R.F. de Alemaña | 2 |
| 17. Friede and Goldman International | Estados Unidos | 2 |
| 18. Westinghouse | Estados Unidos | 2 |
| 19. Billy Bonny | Francia | 2 |
| 20. Flume Etablissements Systems | Estados Unidos | 2 |
| 21. Peugeot, S.A. | Francia | 2 |
| 22. Nobel Bozel, S.A. | Suecia | 2 |
| 23. Kamewa. A.B. | Suecia | 2 |
| 24. Porzellan Fabric Schirnding, A.G. | R.F. de Alemaña | 2 |
| 25. Gibbs Hill, Inc. | Estados Unidos | 2 |
| 26. Imperial Chemical Industries | Reino Unido | 2 |

N.C.: Número de contratos de transferencia de tecnoloxía.



# TERCEIRA PARTE

# O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN GALICIA

# CAPÍTULO X. **O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO**

## 1. IMPORTANCIA

A situación periférica de Galicia, á marxe dos principais eixes de desenvolvemento tanto españois coma europeos e maila inexistencia de corredores e vías rápidas de comunicación que faciliten as relacións comerciais coas súas comunidades veciñas contribuíron a manter nesta Comunidade Autónoma unha estructura productiva e nivel tenolóxico moi por baixo da media das grandes rexións europeas. A existencia de tecnoloxías productivas atrasadas, xa amplamente superadas na maior parte dos países desenvolvidos, segue predominando na maioría das pequenas e medianas empresas galegas. Esta situación tende a agudizarse, nomeadamente cando a innovación en Galicia, como puidemos comprobar, é aínda moi frouxa, sexa pública ou privada (Balseiro, M. 1990, pp.7-13).

Dentro deste conxunto, numerosos expertos consideran que o investimento estranxeiro directo pode axudar a remediar en parte o atraso tecnolóxico que afecta ás empresas galegas (Pisón Fernández, J., Buch Gómez, E.J. 1990, pp.809-813), e permiti-lo crecemento e a modernización da nosa economía, así como poñe-las bases que faciliten a inserción de Galicia nos eixes de desenvolvemento europeos. En efecto, esta modalidade de investimento constitúe un mecanismo claro a través do cal pode penetrar directa ou indirectamente tecnoloxía punta no territorio galego, especialmente cando se crea unha nova sociedade.

Antes de entrar de cheo na análise de cada unha das vías a través das cales entran investimentos estranxeiros en Galicia cómpre sinalar, tal e como se deduce do cadro 32, que as dúas modalidades maioritarias preferidas polos investidores estranxeiros para investir en Galicia están representadas polos investimentos directos en primeiro lugar, e en segundo polos investimentos en carteira. Estas dúas modalidades supoñen en conxunto o 77,1 por cento

C.32. **O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN GALICIA (1981-1987) (en millóns de dólares)**

| ANO | INVESTIMENTO DIRECTO | | INVESTIMENTO EN CARTEIRA | | INVESTIMENTO EN INMOBLES | | OUTROS INVESTIMENTOS | | TOTAL | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Bruto | Neto | Bruto | Neto | Bruto | Neto | Bruto | Neto | Bruto | Neto |
| 1981 | 20,61 | 10,79 | 3,42 | 3,21 | 2,07 | 2,07 | 1,96 | -0,16 | 28,05 | 15,91 |
| 1982 | 10,21 | 3,04 | 3,11 | 2,8 | 7,56 | 7,56 | 10,27 | -9,75 | 31,14 | 22,95 |
| 1983 | 9,34 | 93,41 | 0,37 | -0,05 | 5,36 | 5,36 | 7,64 | 7,05 | 22,71 | 21,7 |
| 1984 | 68,01 | 67,63 | 11,05 | 10,82 | 5,6 | 5,84 | 8,43 | -13,14 | 93,46 | 71,15 |
| 1985 | 10,68 | 10,61 | 1,83 | 1,38 | 2,67 | 2,66 | 9,17 | 8,55 | 24,33 | 23,2 |
| 1986 | 84,2 | 83,87 | 34,9 | 16,15 | 8,49 | 8,31 | 19,39 | 18,42 | 146,98 | 126,75 |
| 1987 | 23,24 | 23,2 | 131,34 | 13 | 8,42 | 8,42 | 24,52 | 19,7 | 187,51 | 64,32 |
| Total | 226,3 | 208,49 | 186,01 | 47,3 | 40,5 | 40,19 | 81,37 | 49,99 | 534,17 | 345,97 |

Fonte: Rexistro de Caixa do Banco de España, 1988. Elaboración propia.

do total dos movementos de investimento estranxeiro rexistrados nas empresas galegas entre 1981 e 1987. Estes datos, tomados no seu estricto valor cuantitativo, non adoitan coincidir coas cifras que acostuma publica-la DGTE. A razón, tal e como xa se indicou nas consideracións metodolóxicas, radica nos distintos criterios que se seguen á hora de contabiliza-los investimentos estranxeiros que se rexistran en España.

De tódolos xeitos, aténdonos ó volume dos investimentos, os datos tomados como mostra, procedentes do rexistro de caixa do Banco de España, reflicten o dominio do investimento estranxeiro directo como forma máis común (43 por cento do total) á hora de realizarse un investiemento procedente do exterior.

Pero, dadas as peculiaridades que presentan cada unha das formas de investimento contempladas pola Lei, cómpre estudialas por separado. Deste xeito é posible coñece-lo comportamento provincial e pescuda-la súa procedencia xeográfica e distribución sectorial segundo a modalidade de que se trate.

## 2. VOLUME DO INVESTIMENTO

### 2.1. O investimento directo en España e en Galicia

As estatísticas oficiais demostran que España, desde hai uns anos, está a converterse no punto de mira dos investidores estranxeiros. Desde 1960 o investimento estranxeiro foi medrando de xeito progresivo, ata que en 1984 se produce un auténtico *boom*. A nova Lei aprobada polo Consello de Ministros español a finais de setembro de 1986 tende a liberaliza-los investimentos estranxeiros e a favorecer aínda máis a penetración masiva de capital foráneo. Unido a estes factores internos está o grao de internacionalización da economía acadado actualmente, salientado nos primeiros capítulos, debido en gran medida á supremacía económica das grandes empresas multinacionais e á constitución de organizacións de carácter supranacional que tenden, cada vez máis, a incrementa-los fluxos de investimento estranxeiro e a formar un único bloque económico mundial. Estas circunstancias, sobre todo coa integración de España na CEE, a liberalización dos investimentos estranxeiros e a próxima posta en funcionamento do mercado único europeo, favoreceron enormemente a entrada masiva, nos últimos anos, de capital exterior en todo o territorio nacional.

Isto explica, en parte, que durante o período 1985-1990 se acadase unha cifra superior ós 5 billóns trescentos catorce mil millóns de pesetas. Así e todo, esta avalancha investidora non chega con tanta forza a Galicia, que só absorbeu neste período o 0,9 por cento do total nacional.

C.33. **INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ACUMULADO NO PERÍODO 1985-1990 DISTRIBUCIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS (en millóns de pesetas)**

| COMUNIDADE AUTÓNOMA | CIFRA AUTORIZADA | |
|---|---|---|
| ANDALUCIA | 410.076 | 7,7 |
| ARAGÓN | 90.678 | 1,6 |
| ASTURIAS | 15.391 | 0,2 |
| BALEARES | 88.103 | 1,6 |
| CANARIAS | 88.112 | 1,6 |
| CANTABRIA | 19.100 | 0,3 |
| CASTELA | 31.650 | 0,5 |
| LEÓN | 59.301 | 1,1 |
| CATALUÑA | 1.411.361 | 26,5 |
| EXTREMADURA | 10.550 | 0,1 |
| GALICIA | 48.950 | 0,9 |
| RIOXA | 31.561 | 0,5 |
| MADRID | 2.176.378 | 40,9 |
| MURCIA | 19.782 | 0,3 |
| NAVARRA | 71.244 | 1,3 |
| PAÍS VASCO | 161.049 | 3,0 |
| VALENCIA | 118.818 | 2,2 |
| VARIOS | 462.753 | 8,6 |
| TOTAL | 5.314.857 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia a partires dos datos publicados no "Boletín de Información Comercial Española", nº 2126 e 2227. Ministerio de Industria e Enerxía. Madrid.

O cadro 33 é bastante expresivo. As comunidades de Madrid e Cataluña seguen concentrando a maior parte dos investimentos estranxeiros maioritarios, ó recada-lo 67,4 por cento do total acumulado nos últimos seis anos. A excesiva concentración espacial dos investimentos non é nada favorable, xa que tende a incrementar aínda máis as diferencias interrexionais de desenvolvemento en España. De manterse esta dinámica, estase contribuíndo a establecer unha nova orde xerárquica, acentuando cada vez máis os desequilibrios existentes. A preferencia por esa localización obecece á existencia de maiores externalidades e por tratarse de Comunidades nas que están situados maioritariamente os sectores preferidos polos investidores estranxeiros. Esta concentración espacial vai unida necesariamente á presencia de numersas empresas con capital estranxeiro domiciliadas nesas áreas xeográficas. Concretamente, algúns estudios confirman que entre o 80 e o 85 por cento das sociedades con maioría de capital estranxeiro teñen a súa sede social en Madrid e Cataluña (Rúiz González, M., Fernández, J. 1986, pp.121-140).

C.34. **INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ACUMULADO EN GALICIA POR PERÍODOS (en millóns de pesetas)**

| PERÍODO | 1960-1972 | 1973-1984 | 1985-1990 | 1960-1990 |
|---|---|---|---|---|
| Investimento | 2.140 | 11.098 | 48.950 | 62.180 |
| % do Total Español | 2,9 | 1,0 | 0,9 | 0,9 |

Fonte: Múñoz, J; Roldán, S. e Serrano, A. (1978). "La internacionalización del capital en España". Edicusa. Madrid, p. 132. "Boletín de Información Comercial Española", nº 2.126 e 2.227. Elaboración propia.

**EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ACUMULADO EN GALICIA POR ANOS (en millóns de pesetas)**

| ANO | 1985 | 1986 | 1987 | 1988 | 1989 | 1990 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Importe | 2.530 | 7.397 | 4.701 | 8.768 | 15.736 | 9.817 |
| % sobre total español | 0,9 | 1,8 | 0,6 | 1,0 | 1,2 | 0,5 |

Fonte: Boletín de Información Comercial Española, nº 2.126, 2.227 e 2.270.

Malia a escasa porcentaxe dos investimentos que chegan a Galicia en relación coa media que recibe o conxunto do Estado Español, o investimento estranxeiro directo rexistrado en Galicia pasou dun volume de pouco máis de 2.140 millóns acumulados no período 1960-1972 a unha contía global superior ós 48.950 millóns de pesetas contabilizados entre 1985 e 1990, o que supón un considerable aumento se temos en conta a debilidade industrial galega. Durante ese último período contabilizado, os investimentos estranxeiros directos en Galicia experimentaron un claro síntoma de inestabilidade, xa que pasaron de supoñe-lo 0,9 por cento do total investido en España en 1985 ó 1,8 en 1986, ó 0,6 en 1987 e ó 0,5 en 1990. Por mor desta enorme variabilidade, Galicia só acumulou en seis anos o 0,9 por cento do total do investimento directo rexistrado en España. Esta porcentaxe é notablemente inferior, como se pode apreciar no gráfico 34, á rexistrada no período 1960-1972. Nestes doce anos Galicia recibiu o 2,9 por cento dos investimentos directos maioritarios que chegaron a España. Iso débese a que durante estes anos, coincidindo coa expansión do capitalidsmo internacional e cunha fase de intenso "crecemento concordante" (Fernández Leiceaga, X. 1991, p.314), introdúcense en Galicia a maioría das empresas industriais estranxeiras que traballan actualmente en Galicia (Ruíz González, M. e Fernández López, F. 1989, p.17).


Esta acentuada penetración de empresas estranxeiras, que coincide cunha fase de intenso crecemento da economía española, tradúcese nun incremento substancial dos investimentos directos, que contribúen decisivamente á formación do tecido industrial galego, tecido que comezou a se desenvolver durante os anos da expansión económica. Deste xeito, os investimentos directos e o capital multinacional desempeñaron un papel moi importante na posta en funcionamento de importantes proxectos industriais (Citroën, Carnaud, Nestlé, Alúmina Aluminio, etc.) (Fernández Leiceaga, X. 1991, pp.310-374). O capital multinacional, seguindo a Sequeiros Tizón, "foi un dos piares sobre os que se baseou o desenvolvemento industrial de Galicia" (Sequeiros Tizón, J.G. 1986, p.259), tal e como se verá máis adiante; sobre todo se temos en conta que a comezos da década dos anos sesenta a industria en Galicia era practicamente inexistente (Beiras Torrado, X.M. 1975).

Aínda que o capital estranxeiro desempeñou un importante papel no despegue industrial de Galicia, a súa presencia foise reducindo considerablemente nos distintos períodos con porcentaxes cada vez máis baixas en relación co conxunto español. O funcionamento de Galicia como área pouco atractiva para os investidores estranxeiros, a falta de infraestructuras básicas e especialmente a deficiente rede de comunicacións, tanto por estrada como por ferrocarril, e a tardía execución do Plano de Accesos a Galicia explican, en certa medida, que Galicia absorbese nos últimos trinta anos só o 0,9 por cento do total dos investimentos estranxeiros directos maioritarios rexistrados en España.

De tódolos xeitos, e malia a cativa porcentaxe de investimentos que chegan a Galicia en relación coa que recibe o conxunto do Estado Español, o inves-

timento directo destinado a Galicia experimentou un fortísimo incremento desde 1985. Tal e como pode apreciarse no gráfico 51, durante 1989 o investimento directo foi case sete veces máis elevado có producido en 1985, o que representa un aumento do 521 por cento. Con todo, aínda con este forte crecemento, o investimento en Galicia deu mostras, como xa se indicou anteriormente, de clara inestabilidade. Sen embargo, a partir de 1987 o crecemento é continuo ata 1989, acadando unha taxa media de crecemento interanual do 83 por cento. En efecto, durante os anos 1988 e 1989 Galicia recibe unha entrada significativa de capital estranxeiro no seu territorio, superior ó obtido no bienio 1986-87, e tamén máis alto có resultado do ano 1990, correspondéndose cos anos en que a economía galega medra a ritmos superiores e similares ós promedios da economía española. Isto coincide cos anos en que o emprego aumenta e o paro diminúe. Deste xeito, o bienio 1988-89 foi o de maior crecemento en tódalas magnitudes económicas. Non cabe dúbida, por tanto, da estreita relación entre boa conxuntura económica e incremento dos investimentos estranxeiros. En efecto, a maioría dos estudios realizados en Galicia sobre algunhas empresas multinacionais que traballan na industria galega (Fernández Leiceaga, X. 1991) confirman que a boas etapas económicas corresponden fortes entradas de capital estranxeiro multinacional e en peores conxunturas e expectativas maniféstanse reduccións de capital foráneo. Sábese que o capital estranxeiro multinacional se

**G.51. EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1985-1992 (En millóns de pesetas)**




FONTE: Dirección General de Transacciones Exteriores e elaboración propia.



presenta cando as perspectivas para o investimento son óptimas e rendosas, e cando o peso e centro de gravidade económica se sitúa xeograficamente nunha zona concreta.

No contexto actual non deben perderse de vista as recomendacións económicas para a captación de capital estranxeiro. Dunha banda polo seu valor cuantitativo á hora de reflectirse maiores cotas de investimento e, xa que logo, das súas novas empresas e postos de traballo. Por outra banda, polo seu valor cualitativo, polo significado que posúe dentro dos espacios económicos coma o do Arco Atlántico. Se a distribución rexional española está desequilibrada en favor da área mediterránea e en contra do Eixe Atlántico, conviría presentar a Galicia como *enclave de futuro* aberto a novas consideracións e novas oportunidades investidoras para non reduci-las posibilidades que posúe de cara a evitar perder protagonismo e recepción de capitais exteriores.

Non resultou favorable o último exercicio. O 76,8 por cento do capital estranxeiro foi instalarse en Madrid e Cataluña, fronte ó 63,5 do ano 1989. Tampouco é prometedor que as firmas multinacionais concentren en Madrid 77 veces o investido en Galicia, ou en Cataluña 54 veces o investido en Galicia, ou en Andalucía case 9 veces máis có rexistrado en Galicia.

Xa que logo, a forte concentración espacial dos investimentos estranxeiros que se rexistran en España (Madrid e Cataluña) tende a acentuar aínda máis as diferencias interrexionais e marxina-la cornixa cantábrica e o noroeste da Península Ibérica, que no seu conxunto só recibiron o 4,8 por cento do total do investimento maioritario que entrou no noso país. Por todo iso, tendo en conta o influxo que pode exerce-lo capital estranxeiro na dinamización económica, ó introducir transaccións internacionais e transmisión de tecnoloxía, resulta especialmente interesante potenciar un Eixe Atlántico de desenvolvemento que sexa capaz de aproveita-las externalidades e potencialidades que este ofrece en conxunto. Esta vía pode constituír unha saída que facilite a corrección dos desequilibrios territoriais existentes actualmente.

## 2.2. Factores que atraen ós investidores estranxeiros

Indubidablemente, o aumento producido nestes últimos anos supón en certa medida unha decidida aposta polo capitalismo internacional e das empresas multinacionais pola economía galega. Ante esta situación, non resulta difícil comprende-las causas polas que o investimento aumenta cada ano, xa non só na nosa Comunidade, senón temén en toda a Península Ibérica.

A solvencia e confianza internacional á que accedeu o noso país nos últimos anos (Fortune, 8-12-1986, p.82), así como as vantaxes e facilidades concedidas ós capitais foráneos e as novas perspectivas que se abren co mercado único europeo influíron decisivamente na entrada de capital estranxeiro. Dalgún xeito, a política que está desenvolvendo o Estado Español e o propio Executivo Económico en particuar, dirixida a captar investimentos estranxeiros contribúe a iso. Desta maneira, un dos factores fundamentais que poden influír nun futuro próximo nos empresarios estranxeiros para investir en Galicia radica na posibilidade de acollerse ós beneficios que concede a Lei de Incentivos Económicos Rexionais (Lei 50/1985 do 27 de decembro, Real Decreto 1535/1987 do 11 de decembro e a orde do 17 de xaneiro de 1989, pola que se dictan normas complementarias para a súa tramitación e xestión). Neste sentido, a Xunta de Galicia, aínda que carece de competencias para verificar ou autorizar investimentos estranxeiros no seu territorio, adoptou varias medidas para favorecelos, consistentes en:

a) Conceder subvencións a todas aquelas empresas que decidan investir en Galicia. Estas subvencións poden acada-lo 50 por cento cando o investimento se realice nas Zonas de Promoción Económica de Galicia (Real Decreto 568/1988 do 6 maio), e ata o 75 por cento cando a mesma se localice na Zona Industrial en Declive de Ferrol (Real Decreto 21/1988 do 21 de xaneiro). Aínda que a finalidade destes incentivos é atraer investimentos, hai que sinalar que algunhas multinacionais poñen en dúbida a eficacia das catro subvencións ó investimento. Lars Christian Eriksson, directivo de *Volvo*, calificaba nun congreso celebrado en 1990 en Dublín de contraproducentes as subvencións ó investimento, porque atraen a empresarios oportunistas (Méndez, E. 1990, p.1), suxerindo que en vez disto os incentivos e contribucións económicas se dediquen ós recursos e obras de infraestructura e telecomunicacións. Estas consideracións foron tamén asumidas polas multinacionais IBM, Panasonic e Eriksson, e mesmo polo propio presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (El Correo Gallego, 19-05-1991).

b) Creación de infraestructuras de transportes e comunicacións. Neste sentido, hai que apuntar que a deficiente dotación infraesructural que afecta a Galicia inflúe negativamente na atracción de capital estranxeiro. Esta deficiencia constitúe un auténtico hándicap para os investidores estranxeiros, e xa foi posto de manifesto publicamente por diversos empresarios galegos e estranxeiros. A necesidade de potencia-la creación de infraestructuras



púxose tamén de manifesto tamén na citada reunión de Dublín entre destacados membros da comunidade mundial dos negocios. Como indicamos anteriormente, os voceiros das empresas multinacionais asistentes ó recente encontro celebrado na capital irlandesa deixaron patente a necesidade que teñen, especialmente as zonas desfavorecidas, de contar cun nivel de infraestructuras que as fagan abondo atractivas para a localización industrial. De aí a necesidade de que a Xunta de Galicia se esforce na creación de modernos polígonos e parques tecnolóxicos, así como no desenvolvemento de redes viarias que faciliten as comunicacións e os intercambios comerciais (PDR de Galicia 1989-1993).

c) Difundir no estranxeiro as posibilidades de investimento económico de Galicia. A urxencia de medidas tendentes a promocionar Galicia é irrenunciable e enormemente necesaria para realizar un traballo fructífero. Por iso deben levarse adiante medidas consistentes en: creación de organismos de fomento ó investimento, creación de oficinas de representación comercial nos centros de gravidade económica internacional e alí onde existen posibilidades reais de captación de stocks financeiros. Ademais destas medidas, deben corrixirse as actuacións das entidades financeiras para lograr unha maior interrelación cos operadores empresariais galegos e desenvolver campañas de fomento e promoción dos nosos productos e recursos nos mercados internacionais.

d) Captar e fomenta-los contactos con empresas e empresarios estranxeiros interesados en investir en Galicia. As numerosas viaxes realizadas polos distintos presidentes da nosa Comunidade Autónoma perseguen dalgunha maneira este fin, especialmente as viaxes dirixidas cara a países hispanoamericanos (México, Arxentina, Brasil e Venezuela), onde se encontra asentada unha importante colonia empresarial de emigrantes galegos (Holding Empresarial da familia Vázquez Raña, en México; Florencio Aldrey, en Arxentina).

Aínda que se pensa que a existencia de elevados incentivos e a concesión de fortes subvencións poden constituír, en principio, un poderoso factor de atracción para que unha sociedade estranxeira se instale en Galicia, existen outros elementos que condicionan e determinan en última instancia a elección definitiva para a súa localización en Galicia. Así, tomando como referencia as respostas efectuadas por distintos directivos de empresas participadas por investidores estranxeiros, a preferencia destes por Galicia obedece fundamentalmente ós seguintes factores:

1. A existencia de materias primas específicas. No caso de proxectos industriais relacionados coa producción de aluminio (enerxía abundante), papel ou a transformación da madeira constitúe un factor determinante. Ademais deste factor, teñen un peso considerable a existencia de excelentes condicións portuarias que faciliten o aprovisionamento de materias primas importadas.
2. Os baixos custos salariais e de producción. En Galicia os salarios seguen sendo máis reducidos e os custos productivos seguen sendo máis baixos ca noutras Comunidades e países industrializados.
3. A estabilidade política e o apoio decidido do Goberno Nacional e Rexional á realización de investimentos estranxeiros.
4. A existencia de aeroporto. Neste sentido, Frank Wilbourn, responsable do holding norteamericano *Biomédica* confirmou que a existencia do aeroporto internacional de Lavacolla foi o factor determinante e definitivo para localizar nun futuro próximo a súa empresa en Galicia (La Voz de Galicia, 15-04-1989).
5. A calidade de vida. É boa abondo como para servir de engado para o cadro directivo das empresas.
6. A presencia de Universidades. Especialmente cando se trata de proxectos e de empresas que requiren certo nivel técnico, como é o caso dos laboratorios farmacéuticos e químicos.
7. O potencial de crecemento. Algunhas empresas estranxeiras consideran que Galicia ten grandes posibilidades de modernización e crecemento económico (La Voz de Galicia, 15-07-1988), xa que se trata dunha comunidade na que os niveis medios de consumo revelan un certo nivel adquisitivo nada desbotable, especialmente nas áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, inmersas nun constante proceso de terciarización da súa economía (Precedo Ledo, A. 1989 e 1990).

Como resultado de todos estes procesos que se acaban de enumerar, están aparecendo en Galicia importantes proxectos promovidos por empresas estranxeiras que se agarda que exerzan un impulso importante no proceso industrializador da Comunidade Galega.

Debemos advertir que as cifras que comentamos e aparecen nos cadros só reflicten os investimentos directos maioritarios verificados ou autorizados polo Goberno Central, cando a participación estranxeira supera o 50 por cento do capital social. Quedan excluídos, por tanto, aqueles investimentos libres que non precisan verificaicón ou autorización administrativa ningunha. Por iso, estas cifras indican soamente os investimentos aprobados na maioría dos casos pola DGTE, pero non o total dos efectivamente realizados, ó non contabilizárense aqueles investimentos con participación estranxeira inferior ó 50 por cento do capital social da empresa participada. As autorizacións e verificacións gozan dun período de validez de 6 meses. Por iso, algúns investimentos non chegan a facerse efectivos. Estas circunstancias fan que as estatísticas facilitadas pola DGTE tendan a subestima-lo grao de penetración do investimento estranxeiro realmente materializado na nosa Comunidade Autónoma. Para corrixir estas lagoas estatísticas recorremos nalgúns casos á información fornecida polo Rexistro de Caixa do Banco de España.

## 3. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL

O groso do investimento estranxeiro directo rexistrado en Galicia concentrouse historicamente na minería e na industria manufactureira e, dentro dela, nun reducido número de sectores como a química, a siderometalurxia e o material de transporte. Estes sectores máis participados polo capital estranxeiro teñen en común que foron os máis dinámicos de toda a industria, desenvolvendo un maior nivel tecnolóxico e mantendo a máis alta taxa de crecemento e rendibilidade. En efecto, tal como se aprecia nos cadros 35 e 36, sectores como a química, transformación de metais e a construcción de vehículos absorben case o 62 por cento do investimento acumulado nos últimos seis anos. Estes sectores son, precisamente, os que compran máis tecnoloxía estranxeira e os que presentan as taxas máis altas de rendibilidade, productividade e de crecemento. Integradas na estratexia mundial das empresas multinacionais, as empresas galegas participadas por capital foráneo desempeñan un papel complementario e subsidiario das empresas multinacionais funcionando como auténticas filiais de producción e montaxe (Citroën, Allibert, Labauto Ibérica, Cablinal, etc.). Isto implica obviamente unha forte dependencia das decisións esóxenas, contrarias ás veces ós intereses da economía local.

Por outra banda, referente ós investimentos directos hai que salientar tamén a terciarización cada vez maior da economía galega, o que fai que durante o último período contabilizado, 1985-1990, case a cuarta parte dos investimentos se dirixisen ás institucións financeiras e ós seguros, así como ó comercio, os restaurantes e a hostelería en xeral. A finalidade destes inves-

timentos concentrouse así na compra de diversas empresas galegas de seguros e na instalación de unidades comerciais e de servicios.

Dentro dos investimentos acumulados no sector primario son moi significativos, pola estratéxica penetración nunha actividade de clara expansión e pola tecnoloxía punteira que incorporan, aqueles investimentos que se dirixen á acuicultura. Esta actividade está moi controlada polo capital procedente de empresas norueguesas. A súa presencia reflíctese na participación e xestión das súas principais empresas dedicadas á cría e engorde do rodaballo, salmón e outras especies relacionadas cos cultivos mariños. A presencia de capital estranxeiro nestas actividades será obxecto de estudio na cuarta parte desta investigación que nos ocupa.

**C.35. INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ACUMULADO EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1985-1990 DISTRIBUCIÓN POR RAMAS DE ACTIVIDADE**

| RAMAS DE ACTIVIDADE | IMPORTE | PORCENTAXE |
|---|---|---|
| 0. Agricultura, gandería, caza, selvicultura e pesca | 6.831,2 | 13,90 |
| 1. Enerxía e auga | 355,0 | 0,70 |
| 2. Extracción e transformación de minerais non enerxéticos. Industria química | 5.591,4 | 11,40 |
| 3. Industrias transformadoras dos metais. Mecánica de precisión | 14.839,3 | 30,50 |
| 4. Outras industrias manufactureiras | 9.755,4 | 19,90 |
| 5. Construcción | 271,9 | 0,50 |
| 6. Comercio, restaurante e hostelería. Reparacións | 3.904,3 | 7,90 |
| 7. Transportes e comunicacións | 11,9 | 0,02 |
| 8. Institucións financeiras, seguros, servicios a empresas e alugueres | 7.354,8 | 15,02 |
| 9. Outros servicios | 34,8 | 0,06 |
| TOTAL | 48.950,5 | 100,00 |

**C.36. INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ACUMULADO EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1985-1990. DISTRIBUCIÓN POR GRANDES BLOQUES DE SECTORES DE ACTIVIDADE. (En millóns de pesetas)**

| SECTOR | IMPORTE | PORCENTAXE |
|---|---|---|
| Primario | 7.186,2 | 14,64 |
| Secundario | 30.458,0 | 62,23 |
| Terciario | 11.305,9 | 23,01 |
| TOTAL | 48.950,1 | 100,00 |

Fonte: Elaboración propia a partires das fontes anteriormente citadas.

Ademais dunha concentración sectorial do investimento, apréciase tamén unha concentración empresarial. De feito, a maior parte do investimento estudiado tende a se concentrar nunhas poucas empresas de gran tamaño.



Proba diso é que en 1987 as empresas Citroën Hispania e Saprogal acapararon por si soas máis do 40 por cento do investimento estranxeiro directo totalizado en Galicia durante ese ano. Este comportamento mantívose ó longo dos últimos seis anos. Xa que logo, son as grandes empresas as que absorben a maior parte do investimento estranxeiro. Así en 1992, o grupo cementeiro portugués "*cimpor*" fíxose co control da empresa galega "Corporación Noroeste", mediante unha operación que supuxo o desembolso de 32.266 millóns de pesetas, o que representa o 76 % do investimento estranxeiro directo rexistrado en Galicia nese ano.

A elaboración dun exhaustivo censo que inclúe un total de 619 empresas participadas por investidores estranxeiros serviunos para coñecer con detalle a rede empresarial e a súa distribución sectorial, creada entre 1960 e 1990 polo investimento estranxeiro directo materializado na nosa Comunidade Autónoma. Ó longo dese período fóronse instalando en Galicia un total de 619 empresas participadas por investidores estranxeiros. A maior parte das mesmas desenvolven unicamente actividades comerciais ou de servicios. En efecto, as empresas deste tipo supoñen o 71 por cento do total de sociedades censadas, mentres que aquelas que traballan a nivel industrial e contan con unidades productivas establecidas en Galicia supoñen só o 29 por cento do total.

**C.37. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DAS EMPRESAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS EN GALICIA. ANO 1991**

| | EMPRESAS | | EMPREGO | | FACTURACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | IMPORTE | % |
| INDUSTRIA | 179 | 28,92 | 30430 | 69,58 | 766192 | 55,29 |
| COMERCIO | 255 | 41,14 | 6620 | 15,14 | 360192 | 25,99 |
| SERVICIOS | 185 | 29,84 | 6682 | 15,28 | 259423 | 18,72 |
| TOTAL | 619 | 100,00 | 43732 | 100,00 | 1385807 | 100,00 |

Fonte: Elaboración propia.

Deste xeito, as empresas optan maioritariamente por unha implantación comercial baseada na creación de delegacións e unidades comerciais e de servicios propias destinadas a controlaren directamente o mercado galego e a organiza-la rede de concesionarios, distribuidores e axentes oficiais. Deste xeito teñen un coñecemento máis próximo sobre o mercado e a área específica na que traballan.

En canto á distribución sectorial do emprego directo dependente de empresas vencelladas a investidores estranxeiros, apréciase unha forte concentración dos 43.732 traballadores nas empresas de carácter industrial. Estas acaparan practicamente o 70 por cento do emprego total dependente de empresas participadas por investidores estranxeiros na nosa Comunidade. En conxunto, as empresas con participación estranxeira dan emprego ó 8,4 por cento da poboación asalariada galega, sen ter en conta as 11.000 persoas que traballan en empresas que funcionan como concesionarios e distribuidores oficiais de firmas multinacionais, caso no que a porcentaxe se eleva ó 10,6 por cento. Así e todo, distínguense caracteres diferenciadores segundo se trate do sector industrial ou dos servicios. Así, no sector industrial trece de cada cen traballadores asalariados dependen de empresas estranxeiras, mentres que no sector terciario esa porcentaxe non supera o 9 por cento aínda que se inclúan as 11.000 persoas que traballan actualmente na rede de concesionarios e distribuidores oficiais de empresas estranxeiras que traballan comercialmente sen contaren con establecementos ou delegacións propias en Galicia.

## 4. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL


Pescuda-la distribución territorial do investimento estranxeiro esixe un exhaustivo seguimento individual dos investimentos realizados por cada empresa. Deste xeito, pódese realizar unha estimación sobre a distribución provincial dos investimentos directos realizados desde 1960 ata hoxe.

Segundo os nosos datos, o investimento directo directo maioritario rexistrado en Galicia entre 1960 e 1990 concentrouse nun 90 por cento nas áreas industriais das provincias da Coruña e Pontevedra. Estas dúas provincias funcionaron como principais áreas de atracción do capital estranxeiro. Dun xeito xeral, a concentración do investimento nas principais cidades foi a pauta dominante no investimento estranxeiro en Galicia.

As áreas metropolitanas de Vigo e A coruña, coas súas compoñentes urbanas e de dotación de servicios, absorberon o 86 por cento do investimento estranxeiro. As vantaxes da localización urbana para os investidores son múltiples: diversidade de cualificación profesional da man de obra, proximidade a empresas provedoras ou demandantes deses productos, a accesibilidade ós medios de comunicación e de transmisión de informacións, a dispoñibilidade de capital físico e cultural e a aptitude respecto ós sistemas e medios de transporte.

As cidades e enclaves galegos do litoral, por tanto, tiveron nas súas condicións portuarias naturais un apoio decisivo para a industrialización nacente e especialmente para a viabilidade e execución de importantes proxectos industriais promovidos por investidores estranxeiros. Como casos máis significativos hai que salienta-la instalación de Citroën Hispania na zona franca de Vigo, a refinería de petróleo de Petroliber na Coruña e o multimillonario proxecto de Alúmina Aluminio situado en San Cibrao, no concello lucense de Cervo. Estes enclaves litorais reúnen excelentes condicións para o aprovisionamento de materias primas e a exportación de productos manufacturados pesados.

**G.52. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO BRUTO REXISTRADO NAS EMPRESAS GALEGAS (Período 1960-1990)**




FONTE: Elaboración propia.

Descendendo a nivel provincial, notamos que o investimento industrial dirixido á provincia de Pontevedra localizouse sobre todo no eixe de Vigo, O Porriño e Vilagarcía de Arousa. É de salientar o elevado número de empresas industriais participadas polo investimento estranxeiro directo situadas no Porriño, algunhas delas moi dinámicas, especialmente no sector químico. O investimento destinado á provincia da Coruña concéntranse maioritaiamente na súa área metropolitana e en menor medida na área de influencia de Ferrol.

O resto do investimento concentrouse, como se pode ver no gráfico 38, nas áreas urbanas de Ourense (polígono industrial de San Cibrao das Viñas) e Lugo, coa excepción do citado complexo industrial do aluminio situado en Xove, promovido e financiado en parte por diversos consorcios multinacionais (Alcán e Pechiney). Deste xeito, os investidores estranxeiros que se instalan en Galicia optan por localizar maioritariamente os seus investimentos nas áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, onde as externalidades don maiores e as posibilidades de crecemento e desenvolvemento son óptimas.

C.38. **DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DAS PLANTAS INDUSTRIAIS, ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E DE SERVICIOS VINCULADOS A EMPRESAS ESTRANXEIRAS QUE OPERAN EN GALICIA (1991)**

| | PLANTAS INDUSTRIAIS | | E. COMERCIAIS | | U. SERVICIOS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % |
| Área M. A Coruña | 42 | 19,72 | 202 | 36,73 | 223 | 20,07 |
| Área M. Vigo | 60 | 28,17 | 175 | 31,82 | 218 | 19,62 |
| Área U. Pontevedra | 8 | 3,76 | 25 | 4,54 | 46 | 4,14 |
| Área U. Ourense | 10 | 4,69 | 31 | 5,64 | 90 | 8,1 |
| Área U. Lugo | 8 | 3,75 | 26 | 4,73 | 57 | 5,13 |
| Área U. Santiago | 5 | 2,35 | 38 | 6,91 | 79 | 7,11 |
| Área U. Ferrol | 3 | 1,41 | 14 | 2,54 | 32 | 2,88 |
| Vilas e Áreas rurais | 77 | 36,15 | 39 | 7,09 | 3,66 | 32,94 |
| TOTAL | 213 | 100,00 | 550 | 100,00 | 1111 | 100,00 |

Fonte: Elaboración propia.

En efecto, ó estudia-la localización do conxunto das plantas industriais e dos establecementos comerciais e de servicios participados por investidores estranxeiros ponse de manifesto unha vez máis a supremacía exercida polas áreas metropolitanas e urbanas de Galicia. Nestas áreas localízase o 63,8 por cento das plantas industriais, o 93 por cento das delegacións e establecementos comerciais e o 68 por cento das sucursais e unidades de servicios dependentes de empresas participadas por investidores estranxeiros. O peso que exercen os espacios urbanos, especialmente as áreas metropolitanas, é decisivo na localización dos investimentos e das empresas estranxeiras. Concretamente, nas dúas áreas metropolitanas sitúase o 49 por cento do total de establecementos detectados para a nosa investigación. Así e todo, e de acordo co comportamento seguido, cómpre facer algunhas precisións ó referírmonos a cada un dos sectores:



a) As plantas industriais, a pesar de manteren unha localización basicamente urbana (64 por cento das plantas), presentan un alto nivel de diversificación que se manifesta no feito de que un total de 77 plantas productivas (36% do total) están situadas en capitais e vilas do interior de Galicia.

b) Os establecementos comerciais concéntranse en maior medida nas áreas metropolitanas, onde se instalou o 69 por cento das delegacións e establecementos comerciais censados. Iso débese ó feito de tratarse de actividades orientadas ó consumo e á necesidade de situa-los centros de distribución nos principais nós urbanos e demográficos, ó seren estes os principais núcleos consumidores. Sen embargo, a flexibilidade e o carácter expansivo na súa localización que adoita presenta-lo comercio fai posible que nos encontremos cunha certa descentralización dos establecementos comerciais que afecta ó resto das principais cidades galegas.

c) Comportamento semellante ó que se daba no comercio prodúcese tamén nos establecementos de servicios. Estes presentan unha menor concentración nas áreas metropolitanas (aínda que seguen constituíndo os principais focos de atracción e localización dos investimentos estranxeiros destinados ós servicios), por causa sobre todo do papel desempeñado polas sucursais dos Bancos participados por grupos estranxeiros, que aparecen moi espalexidos polos distintos concellos galegos. A pesar destas circunstancias, as áreas metropolitanas xuntan o 40 por cento, mentres as áreas urbanas e metropolitanas consideradas no seu conxunto agrupan o 68 por cento das sucursais e unidades de servicios dependentes de empresas participadas por investidores estranxeiros.


Resumindo, e a xeito de conclusión, podemos dicir que a análise anterior mostra unha acentuada concentración dos establecementos vencellados a investidores estranxeiros nas áreas metropolitanas e urbanas, nas que se localiza o 74 por cento dos 1874 establecementos (industria, comercio e servicios) detectados con participación estranxeira na nosa Comunidade Autónoma en 1991.

## 5. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA

Tomando como referencia o investimento directo rexistrado nos últimos cinco anos, confírmase de xeito rotundo o predominio dos investidores europeos. Trátase da consolidación dunha constante que se vén producindo xa desde 1960 e desde o primeiro momento en que comezaron a se insta-

lar en Galicia as empresas multinacionais. En efecto, son os países da área da CEE os que maior peso específico teñen no volume de investimento directo rexistrado en Galicia. O 77 por cento do investimento procede deste bloque de países, mentres que o 11 por cento é orixinario de Estados Unidos.

**G.53. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ACUMULADO EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1985-1990**




Individualmente, son as multinacionais francesas as que máis investiron en Galicia (35%), xa non só nestes últimos anos senón tamén ó longo dos 30 anos transcorridos entre 1960 e 1990. Para o caso deste país, detéctase unha estreita relación entre investimento estranxeiro e entrada de tecnoloxía foránea. En efecto, o país galo converteuse tamén no principal provedor de tecnoloxía das empresas galegas. Deste país procede, como vimos en capítulos anteriores, o 31,3 por cento da tecnoloxía estranxeira adquirida polas empresas galegas. Este feito confirma a supremacía do capital francés e a súa influencia, cada vez maior, no desenvolvemento económico de moitas empresas situadas en Galicia. Pola contra, estase notando que co paso do tempo a porcentaxe do investimento procedente de EE.UU. decaeu de xeito importante, apreciándose unha forte variabilidade en canto ó volume dos



investimentos procedentes deste país. Entrementres, aumentan a súa presencia absoluta e relativa os países da Comunidade Europea, especialmente trala adhesión do noso país a esa organización supranacional. En calquera caso, son os países máis industrializados os que invisten e depositan a súa confianza na economía galega, sexa de forma indirecta ou a través de sociedades instrumentais situadas en paraísos fiscais como Liechtenstein, Luxemburgo ou Panamá.

Debemos subliñar como dato novidoso e importante que case o 23 por cento do investimento contabilizado nos últimos anos procede de empresas españolas participadas ou controladas por investidores estranxeiros. Cando se dá esta circunstancia, os investimentos acometidos en territorio nacional por este tipo de empresas, o investimento contabilízase oficialmente como estranxeiro. Este fenómeno é moi importante porque pon de manifesto os reinvestimentos que as sociedades estranxeiras efectúan no noso territorio. Este compromiso resulta enormemente beneficioso para a economía galega, xa que supón un reinvestimento dos beneficios, en parte porque se frea a saída de capital cara ó exterior e se favorece o despegue de novas actividades. Entre as empresas que maiores reinvestimentos acometeron desde que se instalaron en Galicia encóntranse Citroën Hispania, Pechiney U.K., Saprogal, ICI e Envases Carnaud.

Os países iberoamericanos achegan só o sete por cento do total do investimento contabilizado, destinándoo case exclusivamente ó sector terciario, con especial preferencia polo comercio exterior, os restaurantes e a hostelería en xeral. Os principais titulares destes investimentos son sobre todo emigrantes galegos non residentes en Galicia. Estes ás veces arríscanse e teñen éxito nalgúns proxectos industriais de considerable envergadura. É o caso do empresario Florencio Aldrey, impulsor de *Polipropileno de Galicia*, que ten a súa planta industrial na comarca de Ferrol, así como o promotor de *American Plast de Galicia*, con plantas na Coruña e Madrid. Aínda que o peso que realiza o capital hispanoamericano na economía galega non é comparable ó dos países europeos, constátase cada vez máis un substancial incremento dos capitais procedentes de Panamá, Venezuela, México e Arxentina. A crise económica e a inseguridade política reinante en boa parte destes países favorece a volta de emigrantes e con iso a fuga de capitais, encontrando en Europa unha maior seguridade para os seus aforros. O notable aumento dos investimentos procedentes de países latinoamericanos é facilmente perceptible se analizámo-la evolución anual dos investi-

mentos rexistrados procedentes destes países. Así, detéctase unha taxa media de crecemento interanual superior ó 152% entre 1985 e 1989.

Outro grupo de países que mantén unha clara fase de expansión en Galicia está representado polos países nórdicos e Suíza. Os investidores nórdicos, especialmente os noruegueses, de onde procede o 3,3 do total do investimento estudiado, tenden a concentra-las súas actividades na acuicultura.

**C.39. PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO EN GALICIA (1986-1990)**

| | IMPORTE ANUAL (millóns de pesetas) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PAÍS | 1986 | 1987 | 1988 | 1989 | 1990 | 1986-90 | % |
| Francia | 1423 | 1383,1 | 3782,4 | 7593,8 | 2090,3 | 16272,6 | 35 |
| U.S.A. | 1982 | 1593,3 | 275 | 1300 | | 5150,3 | 11 |
| Alemaña | 1200 | 5,1 | | 33,8 | 1619,9 | 2858,8 | 6,1 |
| España | 40 | 56 | 1997,5 | 4517,3 | 4019,4 | 10630,2 | 22,8 |
| R. Unido | 1100 | 200,5 | 778 | 179,4 | 300 | 2557,9 | 5,5 |
| Bel/Lux | 1532 | | | 6,3 | 34 | 1572,3 | 3,3 |
| Holanda | | 688,2 | 518 | 278,6 | | 1484,8 | 3,1 |
| Noruega | 4 | 108 | 261 | 388,7 | 798,5 | 1560,2 | 3,3 |
| Suiza/Lich | | 44,7 | 391 | 203,8 | 107,4 | 746,9 | 1,6 |
| Panamá | | 204,4 | 76 | 663,2 | 318 | 1261,6 | 2,7 |
| México | | 111,2 | 81,5 | 71,2 | 17,5 | 281,4 | 0,6 |
| Venezuela | 96,5 | 50,2 | 141 | 259,1 | 395,5 | 942,3 | 2 |
| Arxentina | 5,5 | 63,5 | 93,4 | 140 | 0,5 | 302,9 | 0,6 |
| Brasil | | | 60 | | | 60 | 0,1 |
| Colombia | | | 43 | 13,3 | 30 | 86,3 | 0,1 |
| Portugal | 5,9 | 166,6 | 50 | 67,9 | 82,2 | 372,6 | 0,8 |
| Italia | | 10,7 | | | 1,8 | 12,5 | 0,02 |
| Xapón | | 15 | 111 | | | 126 | 0,2 |
| Outros P. | 8,5 | 1,8 | 110 | 19,2 | 2 | 141,5 | 0,3 |
| TOTAL | 7397,4 | 4702 | 8768 | 15736 | 9817,3 | 46420 | 100 |
| C.E.E. | 5300,9 | 2510,2 | 7125,9 | 12677,1 | 8147,6 | 35761,7 | 77 |
| P. Nórdicos e Suiza | 4 | 152,7 | 652 | 592,5 | 905,9 | 2307,1 | 4,9 |
| U.S.A. | 1982 | 1593,3 | 275 | 1300 | | 5150,3 | 11 |
| P. Latinos | 102 | 429,3 | 494,9 | 1146,8 | 761,5 | 2934,5 | 6,3 |
| Outros P. | 8,5 | 16,8 | 221 | 19,2 | 2 | 267,5 | 0,5 |
| TOTAL | 7397,4 | 4702 | 8768 | 15736 | 9817,3 | 46420 | 100 |

Fonte: Dirección General de Transacciones Exteriores e elaboración propia.



Os demais países presentan en xeral un investimento moi concentrado no sector secundario, de quitado Bélxica, Luxemburgo e Holanda, que dirixen a maior parte dos seus investimentos cara ás institucións financeiras e os seguros.

Resumindo, podemos afirmar que os principais axentes investidores en Galicia son compañías multinacionais francesas e norteamericanas, así como empresas españolas controladas por investidores estranxeiros. Este conxunto de empresas achegan case o 70% do volume total de investimento estranxeiro directo acumulado en Galicia nos últimos cinco anos.

**C.40. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS PARTICIPADAS POR PAÍSES (1991)**

| PAÍSES | EMPRESAS | | EMPREGO | |
|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % |
| Alemaña | 69 | 11,5 | 3479 | 7,95 |
| Bélxica | 15 | 2,42 | 477 | 1,09 |
| Canadá | 5 | 0,81 | 1363 | 3,12 |
| Francia | 132 | 21,32 | 20435 | 46,73 |
| Holanda | 20 | 3,23 | 515 | 1,18 |
| Italia | 30 | 4,85 | 1297 | 2,97 |
| Xapón | 12 | 1,94 | 593 | 1,36 |
| Noruega | 14 | 2,26 | 410 | 0,94 |
| Portugal | 25 | 4,04 | 395 | 0,9 |
| R. Unido | 53 | 8,56 | 3718 | 8,5 |
| Suecia | 19 | 3,07 | 1302 | 2,98 |
| Suíza | 43 | 6,95 | 803 | 1,84 |
| Sudáfrica | 6 | 0,97 | 1643 | 3,76 |
| U.S.A. | 89 | 14,33 | 5336 | 12,2 |
| A. Latina | 63 | 10,18 | 1121 | 2,56 |
| Outros p. | 24 | 3,88 | 845 | 1,93 |
| Total | 619 | 100,00 | 43732 | 100,00 |

Fonte: Elaboración propia.

Deste xeito, o investimento realizado polos distintos países en Galicia ó longo dos últimos 30 anos serviu para crear unha tupida rede empresarial formada por un total de 619 empresas participadas e implantadas fisicamente, ben sexa a nivel industrial, comercial ou de servicios. Entre os países que contan co maior número de empresas establecidas en Galicia destaca Francia con 312, un 21,3 do total e Estados Unidos con 89, cifra que

representa o 14,3% sobre o conxunto de empresas participadas. Apréciase, por tanto, unha estreita relación entre volume de investimento e número de empresas participadas, tal como tivemos ocasión de comprobar.

Ademais da forte implantación empresarial de Francia e EE.UU. destaca tamén Alemaña con 69 empresas e Reino Unido, que participa no control de 53 sociedades establecidas en Galicia. En consecuencia, os catro países citados anteriormente participan de xeito directo en 343 empresas, o que supón algo máis do 55% do total de sociedades censadas.

A concentración, sen embargo, acentúase moito máis ó estudia-la distribución do emprego por países. En efecto, como se aprecia no cadro 40, só as empresas francesas fornecían emprego directo en 1990 a 20.435 traballadores, o que supón case o 47% do emprego total. Se a iso lle engadímo-los 12.533 postos de traballo dependentes de empresas participadas por USA, Alemaña e Reino Unido, resulta que algo máis do 75% do emprego se concentra nas empresas dos catro países anteriormente citados.

Esta salientable penetración empresarial, considerada no seu conxunto, tende a incrementarse a medida que as medidas de liberalización económica e de investimentos estranxeiros, impostas pola Comunidade Europea, comecen a exercitarse de xeito real e efectivo a partir de 1993. A constitución do mercado único europeo, a debilidade empresarial interna de Galicia e a propia fortaleza financeira e empresarial das empresas multinacionais constitúen tres factores decisivos que favorecen a penetración de empresas estranxeiras nos distintos sectores da economía galega, tal como se verá nos seguintes capítulos desta investigación.

## 6. TIPOS E MODALIDADES DE INVESTIMENTO

Desde a entrada en vigor do R.D. 2077/1986 do 25 de setembro existen tres grandes modalidades de investimento estranxeiro directo en España: o investimento en sociedades, en sucursais e establecementos comerciais e os préstamos asimilados ó investimento directo (cando se produzan da empresa matriz á filial).

Tomando como referencia o caso español apréciase un predominio notorio do investimento directo en sociedades con predominio absoluto dos investimentos destinados á ampliación de capital de sociedades en funcio-



C.41. **EXPEDIENTES DE INVESTIMENTOS ESTRANXEIROS SEGUNDO TIPO DE OPERACIÓNS** (PORCENTAXE)

| | 1989 | 1990 |
|---|---|---|
| CONSTITUCIÓN DE SOCIEDADES | 9,3 | 6,9 |
| AMPLIACIÓNS DE CAPITAL | 51,2 | 39,3 |
| ADQUISICIÓNS | 26,9 | 30,2 |
| PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO | 12,3 | 23,3 |
| TOTAL | 100,0 | 100,0 |

Fonte: B.I.C.E. Nº 2269, do 25 de febreiro ó 3 de marzo 1991.

namento. Isto é unha constante que se corrobora cada ano. Detectamos nos últimos anos xa non só en España senón tamén en Galicia un incremento das operacións de adquisición de sociedades, especialmente no sector dos servicios (seguros e actividades relacionadas coa hostelería). Este comportamento entra dentro da lóxica que se está producindo en España. Así, en Galicia numerosas empresas industriais foron adquiridas nos últimos seis anos por investidores estranxeiros, especialmente aquelas empresas relacionadas coa alimentación.

C.42. **TIPOS DE INVESTIMENTO ESTRANXEIRO NA INDUSTRIA GALEGA (1975-1988)**

| | Nº | % |
|---|---|---|
| AMPLIACIÓNS | 44 | 73,3 |
| CONSTITUCIÓN DE NOVAS SOCIEDADES | 16 | 26,6 |
| TOTAL | 60 | 100,0 |

Fonte:Fernández Leiceaga, X. 1991, P. 456.

Os datos dispoñibles, con todo, confirman para o caso de Galicia o predominio absoluto nos investimentos directos que teñen como finalidade a ampliación de capital das sociedades implicadas. En efecto, segundo se pode apreciar no cadro 42, as ampliacións de capital realizadas entre 1975 e 1988 constitúen case o 74% do total das operacións de investimentos estranxeiros directos contabilizados na industria galega durante ese período. Deste xeito, os investimentos directos destinados á creación de novas socie-

dades xuntan só o 26,6 por cento. O predominio das operacións de ampliación de sociedades xa existentes ten moita importancia, especialmente ó comprobar como o crecemento industrial de Galicia se foi apoiando preferentemente en ampliacións de capital dos establecementos instalados a mediados dos cincuenta e ó longo dos anos sesenta e setenta. Os novos proxectos industriais dos setenta e oitenta foron verdadeiramente limitados, especialmente en canto a iniciativas foráneas, en proporción á base de proxectos industriais de partida.

Admitindo que a maior parte das empresas estranxeiras que contan en Galicia con plantas industriais de producción se instalaron na súa maioría antes da década dos oitenta e boa parte delas entre 1960 e 1974, resulta evidente que a maior parte dos investimentos directos que se están efectuando en Galicia, especialmente nestes últimos seis anos, consisten basicamente en meras ampliacións de capital de empresas xa existentes. Son moi significativos neste sentido os investimentos que proceden de Citroën, Conagra, Carnaud e Pescanova. Deste conxunto de empresas procede boa parte do investimento directo estranxeiro que se contabiliza oficialmente en Galicia.

Dalgunha maneira, este feito resulta un tanto preocupante, especialmente nunha época de alta reconversión e reestructuración e nova orientación do sector industrial. Nos recentes estudios sobre os modelos de desenvolvemento industrial comparados no mundo insístese no carácter catalizador das novas empresas e proxectos. A creación de novas empresas son indicadores da captación de novos mercados, da xeración de novos productos e da aplicación sen trabas das innovacións tecnolóxicas. As novas plantas denotan ademais capacidade de diversificación industrial, a cobertura de carencias no tecido industrial e a xeración de novos empregos, esenciais nunha fase de paro crónico coma a que atravesa actualmente España. Pola contra, os investimentos destinados a ampliacións de capital xeran, polo xeral, moi pouco emprego.

En canto á finalidade concreta, cómpre apuntar que unha parte moi importante dos investimentos se dirixiron á substitución de emprego por maquinaria, nomeadamente a partir da segunda metade dos setenta, cando o desprazamento do emprego polas ampliacións de capacidade tecnolóxica é moi caro. De todas maneiras, independentemente do tipo de investimento directo que se rexistra e malia a dependencia externa que poden xera-los investimentos estranxeiros directos e a situación de empresas multinacionais no territorio galego, a súa presencia tamén nos debe beneficiar, sobre todo



cando se establecen os mecanismos axeitados que permitan aproveitar e asimila-la tecnoloxía que as empresas estranxeiras traen consigo.

A importancia dos investimentos directos foráneos, ademais da entrada de divisas que supoñen, radica, ante todo, na tecnoloxía que normalmente incorporan, e a que nalgunhas ocasións é punteira. Pero o máis significativo é que aquelas poden provocar unha dinamización da economía, tanto polos efectos directos como polos indirectos, actuando sobre outras actividades ata provocar un arrastre xeral sobre estas. Noutras ocasións, o investimento estranxeiro ocupa lagoas que requiren fortísimos investimentos incapaces de ser asumidos polo capital autóctono. Por todo iso a rendibilización dos investimentos estranxeiros directos debe constituír un dos obxectivos prioritarios básicos a desenvolver de contado en Galicia mediante a creación de centros especializados na transferencia de tecnoloxía e na canalización de investimentos estranxeiros.

# CAPÍTULO XI. **O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN INMOBLES**

## 1. IMPORTANCIA

O investimento estranxeiro en bens inmobles constitúe tamén outra das vías de entrada do investimento estranxeiro en Galicia. Esta modalidade de entrada de capital exterior adquiriu unha forte expansión a partir de 1962, como resultado da política que se puxo en marcha, ó suprimírense os últimos obstáculos que freaban esta clase de activos financeiros (Carrascosa Morales, A. 1988). Despois dun longo letargo, este tipo de investimento veu medrando de xeito significativo, especialmente desde principios dos anos oitenta a un ritmo moi regular, entre o quince e o vinte por cento anual, ata acadar en 1989 a nada desbotable cifra de 275.000 millóns de pesetas. A partir deste ano constátase un lixeiro descenso.

Antes de entrar na súa análise, hai que ter en conta que a Dirección General de Transacciones Exteriores non reflicte o total dos investimentos realizados, ó quedaren excluídas da mesma as adquisicións por persoas físicas de menos de tres vivendas nun mesmo inmoble. Por iso os datos constitúen unha mostra sesgada en favor das adquisicións de persoas xurídicas. Con todo, para analiza-la distribución por comunidades os datos son bastante indicativos. A título ilustrativo, en 1989 os proxectos verificados pola DGTE representaban un 70 por cento dos investimentos contabilizados polo Rexistro de Caixa do Banco de España. Neste capítulo utilizaranse ámbalas fontes para analiza-la distribución deste tipo de investimento.

Como se pode apreciar no cadro 43, tomando como referencia os investimentos contabilizados para o conxunto español o investimento en inmobles tende a se concentrar sobre todo en Andalucía e Canarias. Estas dúas comu-

C.43. **DESTINO XEOGRÁFICO DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN INMOBLES REXISTRADO EN ESPAÑA. DISTRIBUCIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**
(Millóns de pesetas)

| | 1988 | % | 1989 | % | 1990 | % | TOTAL | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 64903 | 51,34 | 104381 | 49,09 | 68304 | 37,39 | 237588 | 45,54 |
| Aragón | 27 | 0,02 | 111 | 0,05 | 119 | 0,07 | 257 | 0,05 |
| Asturias | 204 | 0,16 | 65 | 0,03 | 99 | 0,05 | 368 | 0,07 |
| Baleares | 10870 | 8,6 | 18618 | 8,76 | 14292 | 7,82 | 43780 | 8,39 |
| Canarias | 19199 | 15,19 | 27186 | 12,78 | 21539 | 11,79 | 67924 | 13,02 |
| Castela-León | 59 | 0,05 | 216 | 0,1 | 275 | 0,15 | 550 | 0,11 |
| Castela-A Mancha | 80 | 0,06 | 50 | 0,02 | 149 | 0,08 | 279 | 0,05 |
| Cataluña | 7660 | 60,06 | 18740 | 8,81 | 24405 | 13,36 | 50805 | 9,74 |
| Euskadi | 94 | 0,07 | 187 | 0,09 | 126 | 0,07 | 407 | 0,08 |
| Extremadura | 230 | 0,18 | 46 | 0,02 | 79 | 0,04 | 355 | 0,07 |
| Galicia | 177 | 0,14 | 371 | 0,17 | 715 | 0,39 | 1263 | 0,24 |
| Madrid | 6375 | 5,04 | 23843 | 11,21 | 35593 | 19,49 | 65881 | 12,61 |
| Murcia | 3738 | 2,96 | 2920 | 1,37 | 3252 | 1,78 | 9910 | 1,9 |
| Navarra | 163 | 0,13 | 1052 | 0,49 | 23 | 0,01 | 1238 | 0,24 |
| Rioxa | 102 | 0,08 | 64 | 0,03 | 21 | 0,01 | 138 | 0,04 |
| Cantabria | 82 | 0,06 | 283 | 0,13 | 332 | 0,18 | 697 | 0,13 |
| Valencia | 12462 | 9,86 | 14517 | 6,83 | 13337 | 7,3 | 40316 | 7,73 |
| TOTAL | 126425 | 100 | 212650 | 100 | 182660 | 100 | 521735 | 100 |

Fonte:DGTE e elaboración propia.


nidades absorben o 62 por cento do investimento. Destaca pois a preferencia polos espacios turísticos, de quitado as áreas metropolitanas de Madrid e Barcelona, que no seu conxunto xuntan o 90 por cento do investimento que se contabiliza en España, alomenos desde 1988 (Fernández Méndez De Andes, J. e Mira Macwilliams, J. 1989, pp.4903-4917). Concretamente, cincuenta concellos maioritariamente turísticos concentran en 1989 case o 85 por cento do total dos investimentos estranxeiros en inmobles rexistrados en España (BICE 1990, p.1791).

## 2. EVOLUCIÓN CUANTITATIVA

As análises estatísticas realizadas confirman unha vez máis que Galicia funciona como unha rexión pouco atractiva para o investimento en bens inmo-



G.54. **EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN INMOBLES REXISTRADO EN GALICIA (1981-1990) (millones de pesetas)**




FONTE: Rexistro de Caixa do Banco de España D.G.T.E. e elaboración propia.

bles, ó absorber unha escasa porcentaxe do total, que non acada en liñas xerais o 1 por cento do conxunto español. Se nos investimentos directos denunciabámo-la marxinación a que estaba sometida Galicia en relación co resto das Comunidades do Estado Español, nos investimentos en inmobles mantense un comportamento idéntico. Así e todo, se nos fixamos na evolución anual destes investimentos desde 1981, apréciase un notable incremento das mesmas durante os anos 84, 85 e 86 (ver gráfico 54). Ó longo destes anos rexistrouse máis do 53 por cento do total do investimento acometido durante a década dos oitenta. A lixeira diminución que en xeral se percibe desde 1988 débese en parte ó feito de tomar como referencia as cifras da DGTE, que non reflicten o total dos investimentos realmente efectuados, e por outra banda á tonica xeral que reina no conxunto do Estado Español, onde nos últimos tres anos se produciu un lixeiro descenso deste tipo de investimentos.


Durante o trienio 1988-1990, tal como se aprecia no cadro 43, tanto no número de inmobles como polo seu importe, e mesmo tomando como criterio o número de metros cadrados edificados, ou construídos ou edificados,

os investimentos estranxeiros en inmobles en Galicia son practicamente insignificantes en relación co que se rexistra no resto de España. As razóns son obvias: Galicia é unha rexión pouco atractiva para promover proxectos inmobiliarios de grande envergadura, reservados para as grandes áreas turísticas onde a rendibilidade e as perspectivas de negocio e revalorización rápidas garanten as adquisicións inmobiliarias. Por outra banda, o crecente *boom* inmobiliario en que están inmersas cidades como Sevilla (Exposición Universal) e Barcelona (Xogos Olímpicos) xustifican a crecente concentración dos investimentos nestas cidades e especialmente en todas aquelas vencelladas co turismo. Noutros casos a compra de predios con outras finalidades aumenta a concentración do volume dos investimentos nestes concellos.

## 3. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL E DESTINO

Como se aprecia no gráfico 55 que se xunta, existe unha clara concentración dos investimentos na área metropolitana da Coruña. Esta individualmente

**G.55. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN INMOBLES REXISTRADO EN GALICIA (1981-1990)**





FONTE: Rexistro de Caixa do Banco de España e elaboración propia.



absorbe case o 55% do total do investimento rexistrado en Galicia. O outro conxunto importante localízase na provincia de Pontevedra que, considerando en conxunto o investimento acumulado na área metropolitana de Vigo e o efectuado no concello de Pontevedra, xunta case o 23 por cento.

Naturalmente, a especial predilección polos espacios metropolitanos e urbanos máis dinámicos non resulta aleatoria á hora de acomete-los investimentos de carácter inmobiliario. Na súa elección interveñen factores moi determinantes e concretos. Así, a notable concentración de investimentos na Coruña vai moi ligado ó intenso crecemento e dinamismo urbano que presenta a cidade da Coruña, tal como se constata no estudio realizado polo profesor A. Precedo Ledo. En efecto, A Coruña, seguindo ó citado autor, é hoxe o "principal centro terciario de Galicia" (Precedo Ledo, A. 1990, p.314), e é a cidade galega que experimentou nos últimos anos un maior crecemento urbano. En 1986, segundo os datos achegados no seu estudio, A Coruña ocupaba xa o primeiro lugar de Galicia, segundo o valor do catastro inmobiliario urbano. Estes datos constitúen unha mostra evidente e obxectiva, en opinión do autor, do "espectacular despegue coruñés na fase postindustrial" (Precedo Ledo, A. 1990, p.317).

**G.56. INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN INMOBLES. CLASIFICACIÓN POR TIPOS DE IINVESTIMENTO (1989)**




FONTE: D.G.T.E. e elaboración propia.

Indubidablemente, estes factores internos de intenso crecemento urbano e progresiva tercialización da economía das grandes cidades galegas (A Coruña e Vigo), así como o aumento de instalacións de oficinas de empresas multinacionais e de locais comerciais procedentes de emigrantes galegos, explican tamén a especial predilección destes investimentos polos grandes centros urbanos de Galicia. As variedades de inmobles que se adoitan adquirir concrétanse na adquisición de vivendas, predios, edificios, fincas rústicas, garaxes e locais doutro tipo sen especificar, principalmente postos de atraque en portos. Na lexislación española, só están exentas do trámite de verificación as vivendas e os garaxes.

En canto ó destino ou finalidade dos investimentos considerados, son polo xeral cinco: uso propio, construcción, aluguer, *Time Sharing* e venda. O *Time Sharing*, en palabras de Antonio Carrascosa Morales, consiste no "dereito de uso dun inmoble, normalmente un apartamento ou vivenda de recreo, durante un período definido de tempo ó ano, por exemplo a primeira semana do mes de agosto. Este dereito de uso polo xeral é perpetuo, aínda que pode limitarse a unha serie dada de anos" (Carrascosa Morales, A. 1989, p.199). Tomando como mostra os datos facilitados pola DGTE nos anos 1989 e 1990, o investimento en inmobles concrétase nun 86 por cento na adquisición de vivendas, edificios e predios. O predominio na adquisición de vivendas (48%) explica que a finalidade maioritaria declarada sexa no 87 por cento, segundo se observa no gráfico 56, o uso propio así como o aluguer e a construcción de edificios.


## 4. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA

A análise do gráfico 57 que se acompaña, tomando como mostra indicativa o investimento acumulado en Galicia desde 1988, destaca o enorme peso relativo que teñen os países latinoamericanos. O 45 por cento do investimento verificado durante os últimos tres anos procede deste conxunto de países (México, Arxentina, Venezuela e Colombia sobre todo). Do mesmo xeito, resulta evidente o volume de investimento que procede dos chamados paraísos fiscais (Xibraltar, Panamá, Suíza e Illa do Canal).

Como se sabe, a explicación destes feitos é de tipo fiscal. As persoas físicas que desexan adquirir un inmoble en Galicia coidan conveniente interpoñer unha persoa xurídica (empresa) para realizaren este investimento. Isto per-



**G.57. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN INMOBLES REXISTRADO EN GALICIA (1988-1990)**





FONTE: D.G.T.E. e elaboración propia.

mite dalgún xeito "a elusión do pagamento do Imposto Extraordinario sobre o Patrimonio, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, tanto pola imputación do dous por cento do inmoble como polo eventual incremento do patrimonio derivado da transmisión do inmoble, do Imposto de Sucesións e do Imposto de Transaccións Patrimoniais (xa que con esta modalidade xa non se vende o inmoble, senón as accións da sociedade estranxeira propietaria do mesmo). Así mesmo, evítanse os demais custos non tributarios derivados da transmisión de inmobles en España (escritura pública, rexistro da propiedade, etc.) e pódese obter un financiamento no estranxeiro sen o recurso á sempre molesta garantía hipotecaria, a través da simple prenda das accións da sociedade, interposta a favor da sociedade crediticia estranxeira (Fernández Méndez, J. e Mira Macwilliams, J. 1989, p.4906).

Por tanto, a creación de sociedades estranxeiras interpostas en paraísos fiscais coa finalidade de canalizar e acometer investimentos estranxeiros en inmobles foi perpetuándose como práctica bastante habitual, auspiciada por numerosos asesores fiscais que fornecen asesoramento ós seus clientes co fin de reduci-la presión fiscal. De aí que, ó abeiro da liberalización da lexislación sobre investimentos estranxeiros no exterior, estase producindo unha

**MAPA 3. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DOS PARAÍSOS FISCAIS NO MUNDO**



**EN AMÉRICA**
1. Anguilla
2. Antigua e Barbuda
3. As Bahamas
4. Barbados
5. Bermudas
6. Illas Caimanes
7. Antillas Holandesas
8. Aruba
9. República Dominicana
10. Granada
11. Xamaica
12. Monserrat
13. San Vicente e as Granadinas
14. Santa Lucía
15. Trinidad Tobago
16. Virxes británicas
17. Virxes de EEUU
18. Panamá
19. Illas Turks e Caicos
20. Illas Malvinas

**EN EUROPA**
21. Illa de Man
22. Illas de Guernesey e de Jersey
23. Principado de Andorra
24. Xibraltar
25. Gran Ducado de Luxemburgo
26. Principado de Liechtenstein
27. Principado de Mónaco
28. República de San Marino
29. República de Malta
30. República de Chipre

**EN ÁFRICA**
31. República de Liberia
32. República de Seychelles
33. Mauricio

**EN ASIA**
34. República Libanesa
35. Reino hachemí de Xordania
36. Emirato do Estado de Bahrein
37. Emiratos Árabes Unidos
38. Sultanato de Omán
39. Macao
40. Hong Kong
41. República de Singapur
42. Sultanato de Brunei
43. Illas Marianas

**EN OCEANÍA**
44. República de Narú
45. Illas Salomón
46. República de Vanuatu
47. Fiji
48. Illas Cook

Fonte: El País, 8 de xuño de 1991, p. 47



exportación e saída de capital procedente de Galicia para a constitución de sociedades no estranxeiro, que terán como actividade real a realización de investimentos en inmobles galegos. Este procedemento está sendo posto en práctica polos narcotraficantes galegos, tal como se demostrou a raíz das investigacións realizadas polo xuíz Baltasar Garzón en relación coa rede empresarial que os capos galegos (Laureano Oubiña, Sito Miñanco e outros) tiñan establecido en diversos países latinoamericanos (Panamá, Venezuela, Colombia), Xibraltar e Países Baixos para blanquear diñeiro do narcotráfico (Grimaldos, A. 1991, pp.7-11).

En ocasións concretas, o blanqueo de diñeiro canalízase cara á compra de locais que posteriormente terán unha finalidade comercial, garaxes e na adquisición de aparcadeiros municipais e privados, tal como se demostrou recentemente na Coruña. Estes investimentos de blanqueo contabilízanse como estranxeiros ó seren instrumentados por sociedades establecidas oficialmente no estranxeiro, con promotores galegos e ás veces persoas vencelladas ó narcotráfico, tal como demostran as investigacións realizadas pola fiscalía antidroga (Cambio 16, 25-02-1991). A constitución de sociedades ponte en paraísos fiscais constitúe unha vía excelente para a realización de investimentos e especialmente para blanquear diñeiro negro (El Correo Gallego, 24-05-1991, pp. 54-55).

Por outra banda, de quitado o caso de Panamá por tratarse dun paraíso fiscal, a elevada porcentaxe de investimentos en bens inmobles procedentes dos países latinoamericanos, especialmente Venezuela e México, de onde procede máis do 43 por cento do investimento que se rexistra en Galicia, hai que relacionalo cos emigrantes galegos establecidos en terras hispanas e coas operacións de blanqueo de diñeiro promovidas por sociedades con base en Colombia, Panamá e outros países latinoamericanos ligadas ós capos do narcotráfico galego.

Á marxe destas circunstancias, hai que dicir que os emigrantes galegos en hispanoamérica gozan con frecuencia de dobre nacionalidade, o que lles permite actuar con gran liberdade empresarial ó xogaren coas dúas nacionalidades. A volta destes emigrantes e os investimentos que normalmente realizan plásmanse sobre todo na adquisición de locais, inmobles e na compra de terreos con fins especulativos. Estas operacións son contabilizadas como investimentos estranxeiros ó seren realizadas por españois residentes no estranxeiro. Tal condición aparece claramente especificada na Lei sobre Investimentos Estranxeiros.

# CAPÍTULO XII. **O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN CARTEIRA**

## 1. NATUREZA

Encontrámonos agora ante outra das vías a través das cales entran investimentos estranxeiros en Galicia. En efecto, esta modalidade de entrada, con frecuencia pouco analizada polos expertos en economía, agás escasísimos estudios realizados por S. Iranzo Gutiérrez, técnico comercial da Dirección General de Transacciones Exteriores, constitúe unha vía de investimento consistente na compra de valores en Bolsa. Desta maneira, teñen tal consideración os investimentos que pretenden realizarse mediante a adquisición de accións, admitidas ou non a cotización oficial en Bolsa, sempre que non constitúan investimentos directos. Do mesmo xeito, estes investimentos poden materializarse na adquisición de fondos públicos (Letras do Tesouro, Bonos, Obrigas de Pagamento, etc.), títulos privados de renda fixa ou participacións en fondos de investimento mobiliario.

## 2. EVOLUCIÓN CUANTITATIVA

Esta modalidade de investimento ten bastante importancia se temos en conta que constitúe unha segunda vía principal en importancia, por detrás dos investimentos directos, en función do volume de entrada do capital foráneo. Concretamente, segundo se indicaba ó comezo da terceira parte desta investigación, case o 35 por cento dos investimentos estranxeiros que se rexistran en Galicia entre 1981 e 1987 materializáronse na compra de valores emitidos por sociedades galegas que cotizan en Bolsa. Na actualidade, coti-

C.44. **EMPRESAS GALEGAS QUE COTIZAN EN BOLSA EN 1990**

| EMPRESA | SECTOR | BOLSA | % CAPITAL |
|---|---|---|---|
| UNIÓN FENOSA | Enerxía e auga | MA-BAR-BIL | 34 |
| MEGASA | Metalurxia | Bilbao | 15 |
| CEMENTOS COSMOS | Mat. Construcción | Madrid | 11 |
| CORP. NOROESTE | Mat. Construcción | Madrid | 17 |
| ZELTIA | Química | Madrid | 2 |
| CITROËN | Automóbil | MA-BAR-BIL | 6 |
| FORJAS DE GALICIA | Metalurxia | Valencia | 2 |
| PESCANOVA | Alimentación | Valencia | 3 |
| FRIGORÍFICOS DE VIGO | Alimentación | Valencia | 2 |
| BANCO SIMEÓN | Banca | Valencia | 6 |
| GALICIA INDUSTRIAL | Varios | Valencia | 1 |
| BANCO GALLEGO | Banca | MA-BA-BI-VA | 7 |
| BANCO DE GALICIA | Banca | MA-BA-BI-VA | 4 |
| BANCO PASTOR | Banca | MA-BA-BI-VA | 15 |
| PEBSA | Alimentación | Madrid | 1 |
| TAFISA | Madeira | Madrid | 4 |
| CAPITALIZACIÓN TOTAL EN 1990 — 382595 millóns | | | |


Fonte:C.N.M.V. Anuario "El País", 1991 e elaboración propia.

zan en Bolsa de forma oficial un total de 16 empresas galegas (ver cadro 44). Entre elas figuran catro entidades bancarias e unha inmobiliaria.

Como pode observarse no gráfico 58, os investimentos en carteira manteñen un escaso volume durante a primeira metade dos anos oitenta, adquirindo un fortísimo incremento, igual ca no resto de España, a partir de 1986, ano en que entra en vigor a liberalización practicamente total deste tipo de investimentos coa aprobación da nova Lei sobre Investimentos Estranxeiros. Entre 1986 e 1987 prodúcese un incremento interanual superior ó 266 por cen. Este fortísimo incremento débese tamén en parte á entrada de novas empresas galegas no novo mercado de valores, que poñen á venda accións coa finalidade de complementa-lo seu financiamento. A emisión de valores por parte das empresas ofrece ós investidores estranxeiros a posibilidade de adquirir nas bolsas españolas ou estranxeiras (actualmente non existe ningunha empresa galega que cotice en Bolsas estranxeiras) participacións mediante a compra de accións que cotizan en Bolsa.



G.58. **EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN CARTEIRA REXISTRADO EN EMPRESAS GALEGAS (1981-1987) (miles de millóns de pesetas)**




FONTE: Rexistro de Caixa do Banco de España D.G.T.E. e elaboración propia.

A cotización en Bolsa constitúe, por tanto, unha vía de financiamento na que as empresas galegas realizan emisións de obrigas convertibles e de accións. Esta forma de financiamento por vías externas resulta polo xeral moi viable en empresas de grande prestixio, amplamente consolidadas nos medios financeiros, como é o caso do Banco Pastor, Banco de Galicia, Citroën, Pescanova e en xeral empresas e bancos de elevada rendibilidade que garanten solvencia e seguridade ós investidores estranxeiros. O aumento da porcentaxe sobre o total español, en claro ascenso nos últimos anos, reflicte, en certa medida, a confianza que os investidores estranxeiros depositan cada vez máis nas empresas galegas que cotizan en Bolsa.


## 3. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL

A distribución territorial do investimento estranxeiro en carteira está intimamente relacionada coa situación ou sede das empresas galegas que cotizan en Bolsa. O feito de que preto do 59 por cento do investimento en carteira se dirixise a Vigo obedece a que o maior número de empresas galegas

que traballan nas Bolsas españolas son de Vigo ou Pontevedra. Concretamente, en 1990 das 16 empresas que cotizaban en Bolsa oito eran de Vigo, é dicir, o 50%, e o resto da Coruña e Ourense. Por iso, non debe sorprendérno-lo feito de que as cidades da Coruña e Vigo acaparen case o 94 por cento do investimento estranxeiro en carteira contabilizado nas empresas galegas. Nestas dúas áreas metropolitanas traballan as principais empresas industriais e bancarias de Galicia que cotizan nas catro bolsas españolas.

Polo tanto, os investimentos en carteira realizados por investidores estranxeiros en empresas galegas concéntranse sobre todo nas empresas Citroën Hispania, Cementos Cosmos, Grupo Zeltia, e nos Bancos Pastor, Gallego e de Galicia, e fundamentalmente na empresa eléctrica Unión Fenosa. Esta compañía eléctrica, resultante da fusión de Unión Eléctrica e Fenosa en 1982, presenta un accionariado moi diversificado, convivindo entidades financeiras estranxeiras diversas con empresas nacionais. As compañías estranxeiras controlaban a finais de 1991 o 20% das accións de Unión Fenosa, S.A., adquiridas nas tres bolsas españolas en que cotiza directamente (Madrid, Barcelona e Bilbo). A citada empresa española dá emprego en Galicia a 2709 traballadores, e é propietaria do cen por cen de *Lignitos de Meirama*.

**G.59. DISTRUBUCIÓN TERRITORAL DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN CARTEIRA (1981-1987)**




FONTE: Rexistro de Caixa do Banco de España D.G.T.E. e elaboración propia.



Hai que sinalar que recentemente algunhas das empresas que se acaban de mencionar transladaron o seu domicilio social a Madrid. Tal é o caso de Citroën e Unión Fenosa. Xa que logo, a partir de agora os investimentos estranxeiros nestas empresas contabilizaranse alí onde estean domiciliadas. Pero o importante é salientar que constitúe unha fonte de financiamento que as empresas galegas utilizan para facilita-lo desenvolvemento de novos investimentos e amplia-lo potencial de recursos financeiros á súa disposición.

## 4. PROCEDENCIA XEOGRÁFICA

Dada a limitación da información subministrada polas fontes consultadas para coñece-la procedencia xeográfica deste tipo de investimentos destinados a Galicia, tomamos como mostra significativa o caso dunha empresa de gran dimensión financeira e cunha forte presencia no territorio galego: Unión Fenosa, empresa que como todos sabemos controla boa parte da enerxía eléctrica que se orixina en Galicia. Así, observando de vagar a procedencia do capital estranxeiro investido na compra de accións de Unión-Fenosa durante 1989, resulta que case o 43 por cento procede de investi-

C.45. **INVESTIMENTO ESTRANXEIRO BRUTO DE CARTEIRA EN ACCIÓNS EMITIDAS POR "UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA" DURANTE 1989. DISTRIBUCIÓN POR PAÍSES DE ORIXE**
(Millóns de pesetas)

| PAÍS | IMPORTE | % |
|---|---|---|
| Francia | 582 | 4,2 |
| BEL/LUX | 1196 | 8,7 |
| Países Baixos | 130 | 0,9 |
| Alemaña | 1453 | 10,6 |
| Reino Unido | 5839 | 42,9 |
| Dinamarca | 89 | 0,6 |
| Suíza | 1982 | 14,5 |
| Estados Unidos | 947 | 6,9 |
| Xapón | 316 | 2,3 |
| Outros países | 1071 | 7,8 |
| TOTAL | 13605 | 100,0 |


Fonte: Iranzo Gutiérrez, S. 1990, P. 1547 e elaboración propia.

dores ou sociedades do Reino Unido. Este país é tamén o principal investior estranxeiro a nivel nacional en canto á compra de accións de empresas que cotizan nas catro bolsas españolas actualmente en funcionamento (Madrid, Barcelona, Bilbo e Valencia). Outra alta porcentaxe do investimento procede de Suíza, Alemaña e de Bélxica e Luxemburgo, países que no seu conxunto invisten o 44 por cento do total. Por tanto, destes catro países europeos procede case o 87 por cento do total. Xa que logo, o investimento en carteira procede basicamente do continente europeo e de países cun alto nivel de vida e elevada capacidade competitiva na orde financeira internacional.

## 5. OUTRAS FORMAS DE INVESTIMENTO

Para rematar, quédanos por comenta-lo investimento que entra en Galicia segundo a modalidade, ou mediante a forma contemplada de *outras formas de investimento estranxeiro*. Este conxunto de investimentos agrupa todas aquelas de procedencia exterior nas que se utiliza outra forma ou modalidade non prevista nos anteriores casos comentados.


**G.60. OUTRAS FORMAS DE INVESTIMENTO ESTRANXEIRO. EVOLUCIÓN ANUAL (1981-1987)**
**(millóns de pesetas)**




FONTE: Rexistro de Caixa do Banco de España. D.G.T.E. e elaboración propia.



**G.61. OUTRAS FORMAS DE INVESTIMENTO ESTRANXEIRO. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO INVESTIMENTO (1981-1987)**




FONTE: Rexistro de Caixa do Banco de España. D.G.T.E. e elaboración propia.

Os datos tirados do Rexistro de Caixa do Banco de España confirman a supremacía da provincia da Coruña como principal centro urbano que atrae este tipo de investimentos estranxeiros. Esta área urbana absorbe o 61 por cento do investimento que se materializa nas empresas galegas mediante a categoría de *outras formas de investimento*. De maneira xeral, as empresas situadas nas áreas metropolitanas de Galicia concentran o 89 por cento do total deste tipo de investimentos mixtos pouco precisos a nivel documental. Este tipo de investimentos teñen certa importancia en tanto que cuantitativamente dobran polo xeral os que se rexistran en bens inmobles, absorbendo con frecuencia preto do 16 por cento do total dos investimentos estranxeiros que se rexistran en Galicia nas catro modalidades (directos, inmobles, carteira e outras formas).

Hai que sinala-la escasez de estudios dispoñibles sobre esta modalidade de investimento, moi pouco analizada e mesmo pouco regulada a nivel oficial. É por iso que cómpre que nun futuro próximo, e dada a súa importancia cuantitativa, se acometan estudios específicos que sirvan para clarexar e fornecer unha maior información sobre o destino, procedencia xeográfica e características específicas deste tipo de investimentos.



## CUARTA PARTE

# A PENETRACIÓN DE EMPRESAS MULTINACIONAIS EN GALICIA

# CAPÍTULO XIII. **A PENETRACIÓN DE EMPRESAS MULTINACIONAIS NA INDUSTRIA**

A terceira parte desta investigación serviunos para coñecer, dun xeito xeral, a situación do investimento estranxeiro rexistrado en Galicia nas súas distintas modalidades. A última parte que agora comeza pretende coñecer detalladamente cada unha das empresas estranxeiras que traballan na industria, o comercio e os servicios de Galicia. Para iso descenderemos a nivel empresarial, o que nos vai permitir ter un coñecemento máis preciso sobre as empresas que traballan en cada sector, a súa localización e procedencia e as estratexias de penetración adoptadas en cada caso. Así, neste capítulo analizarémo-las empresas industriais con plantas ou unidades productivas en Galicia, vencelladas ó capital estranxeiro entre 1960 e 1991.

## 1. MODALIDADES E FORMAS DE PENETRACIÓN

Tomando como referencia básica de análise as dúas principais vías de entrada de capital estranxeiro comunmente aceptadas, resulta que dun total de 239 empresas estudiadas nas que entra o capital estranxeiro entre 1960 e 1991, a modalidade maioritaria de penetración adoptada polas empresas estranxeiras na industria galega é o investimento directo. Esta modalidade de penetración predomina no 68 por cento das empresas, o que representa un total de 163 empresas nas que o referido capital penetra unicamente a xeito de investimento estranxeiro directo. Sen embargo, a entrada de capital que se realiza unicamente a través de contratos de tecnoloxía estranxeira concéntrase en corenta e tres empresas, especialmente naquelas dedicadas, como xa se viu na segunda parte desta investigación, á construcción naval,

**C.46. A PENETRACIÓN DE CAPITAL ESTRANXEIRO NA INDUSTRIA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1991**

| SECTORES ACTIVIDADE | MODALIDADES DE PENETRACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO | | | | | | TOTAL EMPRESAS CON CAPITAL ESTRANXEIRO | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MEDIANTE INVESTIMENTO DIRECTO | | MEDIANTE CONTRATOS DE TECNOLOXÍA ESTRANXEIRA | | INVESTIMENTO DIRECTO + CONTRATOS | | | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| Enerxía, auga, electricidade | 2 | 28,5 | 4 | 57,1 | 1 | 14,2 | 7 | 100 |
| Alimentación e bebidas e Tabaco | 75 | 91,4 | 4 | 4,8 | 3 | 3,6 | 82 | 100 |
| Textil, coiro e confección | 4 | 66,6 | 2 | 33,3 | | | 6 | 100 |
| Transformación de madeira e productos derivados | 10 | 83,3 | 2 | 16,6 | | | 12 | 100 |
| Fabricación de substancias e productos químicos. Transformación do caucho e do plástico | 17 | 50,4 | 7 | 20,5 | 10 | 29,4 | 34 | 100 |
| Materiais de construcción. Construcción e auxiliares | 19 | 73 | 4 | 15,3 | 3 | 11,5 | 26 | 100 |
| Industrias metálicas básicas, artículos metálicos e bens de equipo | 15 | 33,3 | 18 | 40 | 12 | 26,6 | 45 | 100 |
| Industrias extractivas e minería | 21 | 77,7 | 2 | 7,4 | 4 | 14,8 | 27 | 100 |
| TOTAL | 163 | 68 | 43 | 18 | 33 | 13 | 239 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

siderurxia, industrias metálicas e bens de equipo. Esta modalidade de entrada das empresas multinacionais, que permite controla-lo mercado sen investir, representa o 18 por cento do total de empresas industriais nas que penetra o capital estranxeiro. No resto dos casos estudiados, a forma de penetración adoptada realízase mediante a combinación de ámbalas dúas vías (investimento directo máis contratos tecnolóxicos).

En definitiva, en 196 empresas detéctase a presencia de investimento estranxeiro directo e en 43 a existencia dos contratos de tecnoloxía, de onde se deduce un claro predominio da primeira das formas de penetración de capital estranxeiro sobre a segunda nas empresas industriais que traballan en Galicia durante o período obxecto de estudio (1960-1991), tal e como se recolle no cadro 46 que revela a existencia dun elevado control efectivo por parte das unidades productivas estranxeiras nas 239 sociedades censadas, control maioritariamente exercido polo investimento directo.




A pesar do claro predominio desta modalidade en case tódolos sectores, só en dous deles, enerxía e bens de equipo, a modalidade de penetración preferida se leva adiante mediante contratos tecnolóxicos. Con iso preténdese controla-lo mercado, cedendo asistencia técnica ou establecendo contratos de xestión sen realizar investimento directo ningún nas empresas demandantes de tecnoloxía foránea. Este mecanismo foi utilizado, como se verá máis adiante, por diversas multinacionais para se introduciren na industria galega.

En canto á forma de implantación seguida polas empresas estranxeiras nas 196 empresas con unidades productivas en Galicia participadas polo investimento estranxeiro directo cómpre salientar dous feitos importantes:

a) A adquisición total ou parcial de unidades productivas en funcionamento constitúe nun 54 por cento a forma preferente de implantación seguida polas empresas estranxeiras que traballan na industria galega. Dentro desta forma, a adquisición parcial representa o 70 por cento dos casos analizados, concretándose o resto na adquisición total ou *take over*. Isto confirma que as empresas estranxeiras prefiren rendibiliza-los seus investimentos adquirindo empresas que contan con unidades productivas e canles de comercialización e distribución perfectamente asentados na nosa Comunidade Autónoma,

**G.62. FORMA DE IMPLANTACIÓN DAS EMPRESAS ESTRANXEIRAS NA INDUSTRIA GALEGA A TRAVÉS DO INVESTIMENTO DIRECTO (1960-1991)**



apostando polo método máis rápido e proveitoso a curto prazo para se introduciren en Galicia. En moitos casos comprobouse que a adquisición parcial, consistente na adquisición de accións a cambio de contribucións de capital físico serve para refrotar algunhas empresas en precaria situación financeira. Un caso salientable neste sentido constitúeo a entrada do grupo leiteiro francés *Union Laitaire Normande* no grupo *Larsa* mediante a achega dun aval bancario por valor de máis de 1.500 millóns de pesetas, o que lle permitiu acceder nunha primeira fase ó 40 por cento do seu capital social.

A adquisición total, aínda que máis reducida, non deixa de ser máis importante cá anterior. En efecto, en Galicia contamos con numerosos casos moi significativos nos que as empresas estranxeiras se inclinaron claramente polo *take over*. Esta modalidade seguírona as empresas estranxeiras que tiñan moito interese por se introduciren rapidamente no mercado galego. É o caso da multinacional norteamericana *Conagra* que, tras adquiri-la totalidade das accións de Saprogal, instalou recentemente a súa sede social na Coruña. Deste xeito converteuse na única empresa multinacional estranxeira que traballa en España con unidades productivas e domicilio social en Galicia. O interese por controla-la producción e distribución de pensos, así como as súas aspiracións a ocupar un posto destacado no mercado cárnico galego, semellan claro obxectivo a curto prazo. Outros casos significativos, non menos relevantes, son *Cosméticos La Toja* e *Kelsa*, empresas adquiridas na súa totalidade polo grupo sueco *Nobel* e o italiano *Ferruzi* respectivamente, así como outros que veremos máis adiante.

b) A segunda forma de implantación afecta a 91 empresas do total analizado. Isto quere dicir que a constitución de sociedades de nova creación, for achegando capital totalmente estranxeiro for a través da creación dunha *Joint Venture*, constitúe nun 46 por cento a forma de implantación dos investidores estranxeiros na industria galega, oito puntos por baixo da opción directa maioritaria preferente. Este procedemento de creación de novas sociedades permite ás empresas implicadas obter rapidamente asistencia técnica, patentes e acceder con maior facilidade ós procesos de producción e deseño das empresas multinacionais. Estas pasan a se-los seus socios mediante a constitución de sociedades mixtas de nova creación nas que o capital multinacional adoita ser maioritario.

Dentro deste grupo de empresas, os proxectos industriais de nova creación desenvolvidos en Galicia con capital totalmente estranxeiro representan un 42 por cento, mentres que os promovidos con capital mixto supoñen o 58 por cento. Xa que logo, a *Joint Venture* é o sistema de implatación preferido á hora de optar por unha vía lenta de penetración que lle permite ás empresas estranxeiras coñecer con detalle o funcionamento do mercado e do sector no que se desenvolve a empresa.

Resumindo, tal como se observa no gráfico 62 de xeito individual, a adquisición parcial e a constitución de sociedades mixtas son as dúas formas básicas de implantación preferidas polas empresas estranxeiras que participan directamente na industria galega.

## 2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO

Tendo en conta o volume de empresas participadas polo investimento directo e asumindo a magnitude desta forma de penetración de capital foráneo na industria galega, cómpre analiza-la estructura, control, procedencia e distribución sectorial das empresas industriais vencelladas ó investimento estranxeiro directo con unidades productivas en Galicia.

### 2.1. Estructura do investimento

Un aspecto interesante polas súas implicacións no control externo da xestión empresarial é o referente ó grao en que o capital estranxeiro participa dentro do capital social das empresas galegas participadas. Na estructura do investimento directo rexistrado na industria galega cómpre sinalar que as firmas investidoras se combinan co capital interior ó longo do período estudiado (Capa Eiriz, S. 1980, pp.25-45) nos diversos graos que se aprecian no cadro adxunto. Se nunha primeira distinción separámo-las participacións estranxeiras nas dúas categorías xeralmente aceptadas, maioritarias (superiores ó 50%) e minoritarias (inferiores ó 50% do capital social da empresa), resulta que en algo máis da metade (o 59%) das 196 empresas nas que penetra o capital foráneo na súa forma directa ó longo do período 1960-1991 predominan as participacións maioritarias.

Os resultados poñen en evidencia unha maior participación estranxeira maioritaria nas empresas que traballan en Galicia ca no resto de España dado que, segundo o censo de investimentos estranxeiros elaborado pola DGTE, en España o 26,04 por cento das empresas (unhas 1623 do total

incluído no censo) tiñan máis do 50 por cento do capital en mans estranxeiras (DGTE 1980). En efecto, o censo de investimentos de 1980 mostra a este respecto que a maioría das empresas de capital foráneo teñen niveis de penetración inferiores ó 50%, e unha chea de casos inferiores ó 25%. Non ocorre o mesmo, como se aprecia no cadro 47, nas empresas partici-

**C.47. ESTRUCTURA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NA INDUSTRIA GALEGA. DATOS CRUZADOS POR SECTORES E GRAO DE PARTICIPACIÓN ESTRANXEIRA**

| SECTORES | GRAO DE PARTICIPACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | < 25% | | 25–50% | | 51–99% | | 100% | | TOTAL | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| 01. Auga e enerxía | | | 1 | 33,3 | 1 | 33,3 | 1 | 33,3 | 3 | 100 |
| 02. Industrias extractivas | 4 | 16 | 3 | 12 | 12 | 48 | 6 | 24 | 25 | 100 |
| 03. Metalurxia e industria do aluminio | 2 | 22,2 | 3 | 33,3 | 2 | 22,2 | 2 | 22,2 | 9 | 100 |
| 04. Construccións mecánicas e metálicas | | | | | 5 | 55,5 | 4 | 44,5 | 9 | 100 |
| 05. Construccións de automóbiles e motores | | | | | | | 3 | 100 | 3 | 100 |
| 06. Construcción aparellos eléctricos | 2 | 33,3 | | | | | 4 | 66,7 | 6 | 100 |
| 07. Ind. química e productos plásticos | 3 | 10,7 | 11 | 39,2 | 6 | 21,4 | 8 | 28,5 | 28 | 100 |
| 08. Alimentación e bebidas | 16 | 20,5 | 19 | 24,3 | 15 | 19,2 | 28 | 35,8 | 78 | 100 |
| 09. Construcción e inmobiliarias | 4 | 33,3 | 1 | 8,3 | 2 | 16,6 | 5 | 41,6 | 12 | 100 |
| 10. Vidro, cemento e formigón | | | 5 | 50 | 3 | 30 | 2 | 20 | 10 | 100 |
| 11. Transformación e tratamento da madeira | 2 | 25 | 1 | 12,5 | 1 | 12,5 | 4 | 50 | 8 | 100 |
| 12. Artes gráficas e edición | | | | | 1 | 100 | | | 1 | 100 |
| 13. Pel, coiro e confección | | | 3 | 75 | 1 | 25 | | | 4 | 100 |
| TOTAL | 33 | 16,8 | 47 | 24 | 49 | 25 | 67 | 34,2 | 196 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

padas que traballan en Galicia, xa que máis de dúas cuartas partes delas teñen máis dun 50 por cento do seu capital social en mans estranxeiras. Quere isto dicir que os investidores estranxeiros rexistran unha forte propensión ó control maioritario das súas filiais na industria galega, o que constitúe un trazo diferencial da súa estratexia transnacional respecto do conxunto dos investidores estranxeiros en España.



Sen embargo, esa estructura, para o caso das empresas galegas, non foi sempre a mesma, xa que sufriu lixeiros cambios segundo os momentos de crise e etapas económicas vividas. Así, durante o período 1960-1974 chegou a equilibrarse a situación, apreciándose un lixeiro predominio das sociedades con participación inferior ou igual a un 50 por cento. Sen dúbida, as trabas legais daquel tempo ó investimento directo (Michalet, C. e Charles, A. 1983) influíron á hora de optar polo control minoritrario das empresas establecidas en Galicia.

Feita esta precisión, cómpre sinala-la importancia que para o caso da industria galega representa a existencia dun total de 67 empresas participadas ó cen por cen entre 1960-1991. A confianza e seguridade depositada polas empresas multinacionais na economía galega é cada vez máis patente, a medida que a estabilidade política se consolida e o mercado único acelera a integración da economía galega nos mercados internacionais. Este fenómeno vénse constatando desde mediados dos anos 80. As firmas estranxeiras instaladas en Galicia tenden cada vez máis, especialmente desde os últimos anos, a incrementar poco e pouco o control efectivo sobre as sociedades e empresas en que participan, co afán de consolida-la súa posición no mercado galego e portugués.

De quitado a siderometalurxia e a industria do aluminio, así como o coiro e a confección, a maioría dos sectores presentan unha estructura do investimento directo claramente en favor das participacións maioritarias do capital estranxeiro nas empresas industriais que traballan en Galicia, especialmente nos sectores máis dinámicos e rendosos da economía galega (alimentación, química, construccións mecánicas e industria do automóbil). Malia que en case tódolos sectores existen empresas con diferentes graos de participación estranxeira, cómpre salienta-lo caso das empresas dedicadas á construcción de automóbiles e motores mariños, nos que o control do capital social das mesmas está todo en mans de investidores estranxeiros. O control é tamén case total nas empresas estranxeiras dedicadas á fabricación de aparellos eléctricos. Este control maioritario nas empresas permite ás multinacionais, na práctica, exercer un monopolio case absoluto nos sectores que lle son propios.

Analizando individualmente a estructura do investimento directo realizado por cada país na industria galega apreciamos que países como Francia, Alemaña, Holanda, Italia, e en menor medida Reino Unido e EE.UU., prefiren controlar maioritariamente o capital social das empresas participadas.

C.47–A. **ESTRUCTURA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NA INDUSTRIA GALEGA. DATOS CRUZADOS POR PAÍSES E GRAO DE PARTICIPACIÓN NAS EMPRESAS**

| PAÍS | GRAO DE PARTICIPACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | < 25% | | 25–50% | | 51–99% | | 100% | | TOTAL | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| Alemaña | 3 | 27,2 | 1 | 9 | 2 | 18,1 | 5 | 45,4 | 11 | 100 |
| Bel/Lux | | | 2 | 33,3 | 3 | 50 | 1 | 16,6 | 6 | 100 |
| Canadá | 3 | 75 | | | 1 | 25 | | | 4 | 100 |
| Francia | 6 | 11,1 | 11 | 20,3 | 14 | 25,9 | 23 | 42,6 | 54 | 100 |
| Holanda | | | | | 1 | 33,3 | 2 | 66,7 | 3 | 100 |
| Italia | 2 | 20 | 2 | 20 | 2 | 20 | 4 | 40 | 10 | 100 |
| Xapón | 3 | 60 | 1 | 20 | | | 1 | 20 | 5 | 100 |
| Noruega | 3 | 21,4 | 5 | 35,7 | 4 | 28,6 | 2 | 14,3 | 14 | 100 |
| Portugal | | | 4 | 40 | 3 | 30 | 3 | 30 | 10 | 100 |
| R. Unido | 4 | 22,2 | 5 | 27,8 | 7 | 38,9 | 2 | 11,1 | 18 | 100 |
| Sudáfrica | 5 | 100 | | | | | | | 5 | 100 |
| Suecia | 2 | 40 | | | 1 | 20 | 2 | 40 | 5 | 100 |
| Suíza | 2 | 22,2 | 2 | 22,2 | 1 | 11,1 | 4 | 44,4 | 9 | 100 |
| U.S.A. | 8 | 29,6 | 7 | 25,9 | 3 | 11,1 | 9 | 33,3 | 27 | 100 |
| América Latina | | | 2 | 16,7 | 4 | 33,3 | 6 | 50 | 12 | 100 |
| Irlanda | | | | | | | 1 | 100 | 1 | 100 |
| Dinamarca | | | | | 1 | 100 | | | 1 | 100 |
| Kuwait | | | | | 1 | 50 | 1 | 50 | 2 | 100 |
| Leichestain | 1 | 50 | 1 | 50 | | | | | 2 | 100 |
| Australia | | | | | | | 1 | 100 | 1 | 100 |
| Arabia Saudí | | | 1 | 100 | | | | | 1 | 100 |
| TOTAL | 42 | 20,9 | 44 | 21,9 | 48 | 23,9 | 67 | 33,3 | 201 | 100 |

Individualmente, os investidores franceses exercen un control maioritario no 69 por cento das empresas en que participan, cun notable volume en canto ó número de empresas participadas ó cen por cen. Concretamente, un total de 23 empresas durante o período obxecto de estudio. Isto representa case o 43 por cento do conxunto de empresas industriais vencelladas a investidores franceses e o 12 por cento do total de empresas industriais que traballan en Galicia vencelladas a grupos estranxeiros. Estes datos confirman unha vez máis a forte penetración do capital francés na actividade económica e industrial de Galicia, tal como iremos comprobando. Por outra banda, EE.UU. e Reino Unido manteñen, sen embargo, unha estructura máis equilibrada, notándose na década dos oitenta un forte incremento na toma de control maioritario dun bo número de empresas.

Outros países como Canadá, Noruega, Sudáfrica e Xapón manteñen posturas e posicións totalmente opostas ós anteriores. En efecto, este reducido grupo de países, cun escaso volume de investimentos realizados e poucas empresas participadas, traballan en sociedades e sectores moi prometedores, adquirindo sobre todo pequenas participacións non superiores ó 50% do capital social de distintas empresas participadas.

En canto ás empresas de orixe hispanoamericana, hai que salienta-la preferencia polas participacións superiores ó 50% do capital social. Estes investidores, polo xeral emigrantes galegos establecidos en latinoamérica ou ben emigrantes que volveron (Arxentina, México e Venezuela, fundamentalmente), poñen en funcionamento pequenas empresas, tratando de se introduciren e adaptaren a un novo mercado que aínda non coñecen abondo.

## 2.2. Tamaño das empresas participadas

Unha das características tipolóxicas básicas da empresa é o seu tamaño, xa que nel se expresa o seu potencial económico e de mercado. De aí que o coñecemento do tamaño constitúa un aspecto de interese para valorar axeitadamente o tamaño das empresas obxecto de estudio. Así e todo, a medición do tamaño, á marxe dos problemas de información estatística que poidan existir, non é tarefa doada xa que, aínda que o concepto de referencia é claro, a elección da unidade de medida presenta problemas derivados da complexidade da realidade empresarial. Neste sentido, o tamaño tería que medirse en función de múltiples variables que recollesen os elementos técnicos, organizativos, económicos e financeiros, tal como apuntan diversos especialistas (Bueno, E., Lamothe, P. e Villalba, D. 1981). Sen embargo, unha análise multivariante do tamaño implica contar con abundante información específica da que carecemos para o noso estudio, polo que nos veremos obrigados a recorrer a criterios de medición convencionais que nos acheguen abondo ó tema de investigación. Máis concretamente, as variables que empregaremos son o emprego e maila facturación. A combinación de ámbalas variables teremos ocasión de comprobala ó estudia-la distribución do emprego.

No cadro 49 que se xunta recóllese a distribución das empresas industriais con participación estranxeira por intervalos de emprego. Como pode apre-

C.49. **TAMAÑO DAS EMPRESAS INDUSTRIAIS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO EN GALICIA ENTRE 1960–1991**

| SECTORES | GRAO DE PARTICIPACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 0–100 | | 101–500 | | +500 | | TOTAL | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| 1 | 2 | 66,7 | | | 1 | 33,3 | 3 | 100 |
| 2 | 19 | 76 | 6 | 24 | | | 25 | 100 |
| 3 | 2 | 22,2 | 4 | 44,4 | 3 | 33,1 | 9 | 100 |
| 4 | 4 | 44,4 | 4 | 44,4 | 1 | 11,1 | 9 | 100 |
| 5 | | | 2 | 66,7 | 1 | 33,3 | 3 | 100 |
| 6 | 1 | 16,7 | 4 | 66,7 | 1 | 16,6 | 6 | 100 |
| 7 | 19 | 69,7 | 8 | 28,6 | 1 | 3,5 | 28 | 100 |
| 8 | 55 | 70,5 | 19 | 24,3 | 4 | 5,1 | 78 | 100 |
| 9 | 6 | 50 | 6 | 50 | | | 12 | 100 |
| 10 | 6 | 60 | 4 | 40 | | | 10 | 100 |
| 11 | 4 | 50 | 4 | 50 | | | 8 | 100 |
| 12 | | | 1 | 100 | | | 1 | 100 |
| 13 | 3 | 75 | 1 | 25 | | | 4 | 100 |
| TOTAL | 121 | 61,7 | 63 | 32,1 | 12 | 6,1 | 196 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

ciarse, un 62 por cento das empresas participadas teñen menos de cen traballadores, cifra límite que adoita tomarse convencionalmente como límite superior para a pequena empresa. Por outra banda, as empresas de tamaño mediano, comprendidas entre 100 e 500 traballadores, límite máximo establecido para as PEMES (Braña, J. 1978) supón o 32 por cento do total das empresa recollidas no noso censo. Entrementres, as grandes empresas industriais con máis de 500 traballadores representan só o 6 por cento do total. Esta distribución é, a grandes liñas, semellante á que se obtén para o conxunto das empresas españolas e galegas en particular, na medida en que predomina a pequena empresa, aínda que resulta evidente que a importancia relativa das empresas medianas e grandes no noso caso é moi superior á de tal conxunto.

En resumo, por tanto, podemos afirmar que os investidores estranxeiros que traballan na industria galega tenden a situarse maioritariamente nas PEMES. Iso implica un comportamento semellante ó observado para o conxunto dos



C.50. **CONTROL ESTRANXEIRO DAS EMPRESAS INDUSTRIAIS OPERANTES EN GALICIA ENTRE 1960–1991**

| Control estranxeiro das empresas | TAMAÑO DAS EMPRESAS | | | | | | TOTAL | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 0–100 | | 101–500 | | +500 | | | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| < 25% | 16 | 13,2 | 16 | 23,5 | 2 | 16,7 | 33 | 16,8 |
| 25–50% | 36 | 29,7 | 6 | 9,5 | 5 | 41,6 | 47 | 24 |
| 51–99% | 31 | 25,6 | 16 | 25,4 | 2 | 16,7 | 49 | 25 |
| 100% | 38 | 31,4 | 26 | 41,2 | 3 | 25 | 67 | 34,2 |
| TOTAL | 121 | 100 | 63 | 100 | 12 | 100 | 196 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

investimentos estranxeiros, e denota o interese de contar cunha presencia relevante no mercado interior galego. Con todo, cómpre destacar que un apreciable número de empresas estudiadas ten un tamaño mediano comprendido entre 100 e 500 traballadores.

A nivel sectorial, existen grandes variacións con respecto ó tamaño do conxunto das empresas. Así, o predominio de empresas medianas e grandes é evidente na metalurxia e industria do aluminio, construcción de vehículos e motores e na fabricación de aparellos e material eléctrico. Isto explícase polo tipo de actividade que desenvolven, que precisa de abundante man de obra co fin de acelerar ó máximo a producción destinada maioritariamente á exportación, caso de Citroën, Telletra, Labauto Ibérica e Motores Deutz entre outras.

Con respecto ó control que exercen os investidores estranxeiros sobre o capital social das empresas en función do seu tamaño, hai que salienta-lo seguinte:

a) O 58 por cento das grandes empresas industriais con máis de 500 empregados teñen participación estranxeira no seu capital social con porcentaxes inferiores ó 50 por cento. Trátase por tanto de participacións minoritarias, aínda que o control é absoluto no 25 por cento das empresas daquela dimensión.

b) As pequenas empresas, e en xeral aquelas con menos de 100 traballadores, presentan un control máis equilibrado, aínda que en favor de participacións maioritarias no capital social das mesmas.


Resumindo, debemos afirmar que os investimentos directos de capital estranxeiro realizados na industria galega durante os últimos 30 anos concretáronse en participacións maioritarias (superior ó 50% do capital social das empresas participadas) nas PEMES e en participacións minoritarias nas grandes empresas industriais con máis de 500 traballadores.

## 2.3. Procedencia e distribución sectorial

A análise da procedencia do investimento estranxeiro directo destinado á industria galega permite salienta-los países da OCDE como o único significativo, de onde procede case o 94 por cento. Dentro del os países comunitarios constitúen o principal punto de procedencia dos investidores estranxeiros que traballan na industria galega. Dos países da Comunidade Europea procede o 60 por cento dos investidores.


Individualmente, os países con maior número de empresas filiais na industria galega son, con diferencia sobre o resto, Francia e Estados Unidos. Estes dous países tiveron un enorme protagonismo na industria galega, participando no control dun total de 81 empresas, o que representa practicamente

G.63. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á INDUSTRIA GALEGA ENTRE 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

G.64. **DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DAS EMPRESAS PARTICIPADAS POLO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NA INDUSTRIA GALEGA ENTRE 1960 E 1991**




FONTE: Elaboración propia.

o 40 por cento do total de empresas industriais vencelladas a investidores estranxeiros entre 1960 e 1991. Sen lugar a dúbidas, Francia, con 56 filiais, é o país estranxeiro cunha maior presencia empresarial na industria galega ó participar no 27 por cento das empresas vencelladas a multinacionais estranxeiras. Mentres tanto USA ocupa o segundo lugar actuando en 27 empresas, o que representa o 13,4 por cento.

O predominio de Francia, USA e Reino Unido é máis ca salientable. Estes tres países realizaron investimentos directos na industria galega durante os últimos 30 anos nun total de 99 empresas. Se a este número lle engadímolas 35 sociedades participadas por investidores noruegueses, alemáns ou italianos, resulta que máis do 66 por cento do total de empresas vencelladas a grupos estranxeiros están en mans de seis países, que participan en 134 sociedades durante o período obxecto de estudio.

Sectorialmente, as empresas participadas concentran a súa actividade na alimentación, a química, a extracción mineira e na fabricación de artigos metálicos e bens de equipo. Este reducido conxunto de actividades xuntan o 76 por cento do total das empresas con participación estranxeira. A aná-

C.51. **INVESTIMENTO DIRECTO NA INDUSTRIA GALEGA. EMPRESAS PARTICIPADAS POR CADA PAÍS ENTRE 1960–1991. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL**

| | ALEM. | | BÉLX. | | CAN. | | SUDÁF. | | FRAN. | | ITA. | | IRLAN. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SECTORES | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % |
| 1 | | | | | | | | | | | | | | |
| 2 | 2 | 18,1 | | | 1 | 25 | | | 9 | 16 | 5 | 50 | | |
| 3 | | | | | 3 | 75 | | | 6 | 10,7 | | | | |
| 4 | 1 | 9,1 | | | | | | | 4 | 7,1 | | | | |
| 5 | 1 | 9,1 | | | | | | | 1 | 1,8 | | | | |
| 6 | | | | | | | | | 4 | 7,1 | 1 | 10 | | |
| 7 | 5 | 45,5 | | | | | | | 5 | 8,9 | 1 | 10 | | |
| 8 | | | 3 | 75 | | | 5 | 100 | 21 | 37,5 | 1 | 10 | | |
| 9 | 1 | 9,1 | | | | | | | 2 | 3,5 | 2 | 20 | | |
| 10 | | | | | | | | | 4 | 7,1 | | | | |
| 11 | 1 | 9,1 | 1 | 25 | | | | | | | | | 1 | 100 |
| 12 | | | | | | | | | | | | | | |
| 13 | | | | | | | | | | | | | | |
| TOTAL | 11 | 100 | 4 | 100 | 4 | 100 | 5 | 100 | 56 | 100 | 10 | 100 | 1 | 100 |

C.51. (Continuación) **INVESTIMENTO DIRECTO NA INDUSTRIA GALEGA. EMPRESAS PARTICIPADAS POR CADA PAÍS ENTRE 1960–1991. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL**

| | HOL. | | XAP. | | KUW. | | LUXE. | | MÉX. | | SUÍZA | | SUE. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SECTORES | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % |
| 1 | | | | | | | | | | | | | | |
| 2 | | | | | | | | | | | 1 | 11,1 | | |
| 3 | | | 1 | 20 | | | | | | | | | | |
| 4 | | | | | | | | | | | | | | |
| 5 | | | | | | | | | | | | | | |
| 6 | 1 | 33,3 | | | | | | | | | | | | |
| 7 | | | | | 2 | 100 | | | | | | | 2 | 40 |
| 8 | 2 | 66,7 | 2 | 40 | | | 2 | 100 | | | 3 | 33,3 | | |
| 9 | | | 1 | 20 | | | | | 1 | 100 | 3 | 33,3 | | |
| 10 | | | 1 | 20 | | | | | | | 2 | 22,2 | | |
| 11 | | | | | | | | | | | | | 3 | 60 |
| 12 | | | | | | | | | | | | | | |
| 13 | | | | | | | | | | | | | | |
| TOTAL | 3 | 100 | 5 | 100 | 2 | 100 | 2 | 100 | 1 | 100 | 9 | 100 | 5 | 100 |



C.51. (Continuación) **INVESTIMENTO DIRECTO NA INDUSTRIA GALEGA. EMPRESAS PARTICIPADAS POR CADA PAÍS ENTRE 1960–1991. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL**

| | NOR. | | USA | | R. UNI. | | ARX. | | URU. | | DIN. | | VEN. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SECTORES | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % |
| 1 | 1 | 7,1 | 1 | 3,7 | | | | | | | | | | |
| 2 | 1 | 7,1 | 1 | 3,7 | 5 | 27,8 | | | | | | | | |
| 3 | | | 1 | 3,7 | | | | | | | | | 1 | 25 |
| 4 | 1 | 7,1 | 2 | 7,4 | 1 | 5,6 | | | | | | | | |
| 5 | | | 1 | 3,7 | | | | | | | | | | |
| 6 | | | | | | | | | | | | | | |
| 7 | | | 4 | 14,8 | 4 | 22,2 | 1 | 50 | | | | | 1 | 25 |
| 8 | 10 | 71,4 | 16 | 59,2 | 4 | 22,2 | | | | | 1 | 100 | 2 | 50 |
| 9 | | | | | 2 | 11,1 | | | | | | | | |
| 10 | | | | | 2 | 11,1 | | | | | | | | |
| 11 | | | 1 | 3,7 | | | 2 | 50 | | | | | | |
| 12 | | | | | | | 1 | 25 | | | | | | |
| 13 | 1 | 7,1 | | | | | | | 1 | 100 | | | | |
| TOTAL | 14 | 100 | 27 | 100 | 18 | 100 | 4 | 100 | 1 | 100 | 1 | 100 | 4 | 100 |

C.51. (Continuación) **INVESTIMENTO DIRECTO NA INDUSTRIA GALEGA. EMPRESAS PARTICIPADAS POR CADA PAÍS ENTRE 1960–1991. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL**

| | PORT. | | PANAM. | | AUSTRALIA | | LIECH | | ARABIA SAUDÍ | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SECTORES | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % | NºE | % |
| 1 | 1 | 9,1 | | | | | | | | |
| 2 | | | | | | | 1 | 50 | | |
| 3 | 1 | 9,1 | | | | | | | | |
| 4 | | | | | | | | | | |
| 5 | | | | | | | | | | |
| 6 | | | | | | | | | | |
| 7 | 3 | 27,3 | | | | | | | | |
| 8 | 4 | 36,4 | 2 | 100 | | | 1 | 50 | | |
| 9 | | | | | | | | | 1 | 100 |
| 10 | | | | | 1 | 100 | | | | |
| 11 | | | | | | | | | | |
| 12 | | | | | | | | | | |
| 13 | 2 | 18,1 | | | | | | | | |
| TOTAL | 11 | 100 | 2 | 100 | 1 | 100 | 2 | 100 | 1 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

lise da penetración sectorial reforza o que xa viñamos comentando na terceira parte desta investigación. Notamos un elevado grao de selectividade á hora de realizarse o investimento nas distintas actividades industriais. Os investidores estranxeiros dirixen os seus tentáculos cara a aquelas actividades económicas e sectoriais que tradicionalmente se comportaron como os máis expansivos e dinámicos da industria galega, é dicir, os de maior nivel tecnolóxico e máis alta taxa de crecemento, rendibilidade e productividade. Estes catro sectores xuntan o 67 por cento das empresas con maior número de traballadores. Ademais, predominan neles a participación directa superior ó 50 por cento, salientando o feito de que nas empresas dedicadas á fabricación de certos productos metálicos e bens de equipo o capital social é totalmente estranxeiro na maioría das empresas participadas. Esta circunstancia dáse na construcción de vehículos, fabricación de aparellos eléctricos e construccións mecánicas, nos que o control exercido polo capital estranxeiro é total no 44,4 por cento das empresas participadas.

O cruzamento de datos entre países e sectores permítenos facer unha análise polo miúdo sobre a distribución sectorial das empresas participadas por cada país. Unha análise completa sobre este aspecto pode verse no cadro 51 que elaboramos. Nel pode apreciarse como as empresas participadas por grupos multinacionais franceses se concentran principalmente na alimentación, construccións mecánicas, metalurxia e minería. Estes catro sectores xuntan o 75 por cento das empresas con intereses franceses na industria galega.

Outro dos países con forte implantación industrial en Galicia, de acordo co número de empresas en que participa, é Estados Unidos. As empresas participadas por este país dedícanse case exclusivamente á elaboración de productos alimenticios e químicos. Soamente a alimentación, concentra o 60 por cento das filiais norteamericanas establecidas na industria galega.

Minería, química e alimentación son as actividades preferidas polos investidores do Reino Unido. Estes tres sectores recadan o 72 por cento dos investimentos británicos realizados na industria galega durante os últimos 30 anos.

Merece destacarse o caso recente de Noruega como un dos novos investidores que apostaron decididamente por se introducir na industria alimentaria galega, instalando na década dos 80 numerosas empresas de capital mixto dedicadas á acuicultura e moi espalladas por todo o litoral galego. De feito, preto do 72 por cento das empresas participadas por este país que traballan en Galicia concéntranse neste subsector económico que presenta un futuro moi prometedor na nosa Comunidade.

Alemaña é outro dos países que ten tamén unha forte implantación na industria galega, aínda que en menor medida ca Francia, EE.UU. ou o Reino Unido. A participación xermana concéntrase, como se ve no cadro 51, na industria química (45,4%), controlando o 19 por cento do total das empresas estranxeiras que traballan neste sector.


En canto á presencia do capital portugués na industria galega hai que sinalala aínda escasa participación do capital luso nas empresas galegas. A finais de 1991 traballaban directamente en Galicia un total de 23 empresas participadas por investidores portugueses: 10 empresas dedicábanse a actividades industriais, nove ó comercio e o resto ós servicios. Mentres tanto, segundo se recolle nun estudio realizado por Carlos Fernández Bermúdez para a Cámara de Comercio da Coruña, o capital galego participa no control de 300 empresas portuguesas (Aguirre Blas 1991, pp.4-5). Isto supón unha clara supremacía do capital galego fronte á penetración empresarial portuguesa en Galicia, que é aínda moi cativa en comparanza coa galega en Portugal. Esta situación vese favorecida en numerosos casos ó seren utilizadas as empresas galegas por parte dos investidores estranxeiros como plataforma de lanzamento para se introduciren no mercado portugués.

### 2.4. Localización de plantas industriais

Ó estudia-la localización das empresas industriais con participación estranxeira, cremos conveniente adoptar como unidade de análise o concepto de planta ou establecemento e non o de empresa. Iso débese á existencia dun bo número de empresas que traballan simultameamente desde varias localizacións (empresas multiplanta). Concretamente, as empresas con varios centros productivos en Galicia representan o 8 por cento do total, predominando, xa que logo, as empresas que teñen unicamente un centro productivo na nosa Comunidade.

Na súa maioría, trátase de empresas con sede social en Galicia, case o 71 por cento do total de empresas participadas, fronte ó 29 por cento restante que o teñen establecido fóra, sobre todo en Madrid e en menor medida en Barcelona. Sen embargo, hai que dicir que as medianas e grandes empresas teñen localizado o seu domicilio social maioritariamente fóra de Galicia, especialmente as empresas multiplanta ou aquelas que, tendo os seus centros

G.65. **DOMICILIO SOCIAL DAS EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS CON CENTROS PRODUCTIVOS EN GALICIA EN 1991**




FONTE: Fomento da Producción, Alimarket, elaboración propia.

productivos especificamente en Galicia, están integradas nun grupo multinacional con sede en Madrid ou Barcelona. É o caso das firmas Citroën, integrada no grupo PSA e Labauto Ibérica. Por tanto, son as pequenas e en menor medida algunhas medianas empresas as que teñen o seu domicilio e centro direccional localizado en Galicia. Iso permítelles gozar dunha forte descentralización administrativa e organizativa cara á planificación regular e estratexias que deben adopta-las empresas fronte ás oscilacións do mercado.

Merece destacarse pola súa importancia a existencia dunha multinacional que traballa en España desde hai bastantes anos e que recentemente, no ano 1989, estableceu o seu domicilio social e dirección xeral para toda España na Coruña. Trátase da multinacional americana *Conagra*. Constitúe, como xa dixemos, un caso único ó ser actualmente a única multinacional que mantén a súa sede social en Galicia, desde onde traballa e dirixe as súas operacións para o conxunto do territorio nacional.

Con todo, e a pesar desta certa descentralización que afecta á maioría das empresas participadas que teñen a súa sede social en Galicia, iso non garante en absoluto que as decisións de envergadura se tomen desde Galicia. Máis ben, as empresas participadas tenden a cumpri-las directrices marcadas polo grupo multinacional ó que pertencen. O contrario só sería posible cando a participación do investidor estranxeiro é minoritaria. Ademais, dado que as empresas multiplanta, especialmente aquelas con operacións dispersas xeograficamente, tenden a estar menos constrinxidas por condicións económicas, políticas e sociais de carácter local (Hamilton, FEI 1986, p.61), pode afirmarse que a economía de Galicia está, neste sentido, aberta a notables influxos adicionais, influxos transmitidos a través das plantas que, estando situadas nela, pertecen a empresas productivas multiplanta controladas desde o exterior.

Por outra banda, a análise da distribución territorial das 233 plantas industriais localizadas na Comunidade Autónoma durante o período obxecto de estudio constitúe un novo indicador da forte concentración industrial do capital estranxeiro na estrctura espacial rexional, tanto provincial coma comarcal. No ámbito municipal, segundo se pode apreciar no cadro 52 que se xunta, detéctase un claro predominio pola localización de plantas industriais nos núcleos máis urbanizados (100.001-500.000 habitantes), e nos concellos medianos con poboacións comprendidas entre 10.001 e 20.000 habitantes. Estes dous grupos de agregación considerados concentran o 61 por cento do conxunto de plantas industriais vencelladas ó investimento estranxeiro directo entre 1960 e 1991 en Galicia. Observamos neste sentido comportamentos semellantes ás estratexias locacionais seguidas polas empresas estranxeiras na industria de Castela e León (Pedrosa Sanz, R. e Fernández Arufe, J.E. 1989, pp.4075-4088).

C.52. **LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DAS PLANTAS INDUSTRIAIS DAS EMPRESAS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991 EN GALICIA**

| | NÚMERO DE PLANTAS INDUSTRIAIS SEGUNDO TAMAÑO DA POBOACIÓN DOS MUNICIPIOS DE GALICIA | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PROVINCIA | 1501 5000 | 5001 10000 | 10001 20000 | 20001 30000 | 30001 50000 | 50001 100000 | 100001 500000 | TOTAL | % |
| A Coruña | 1 | 23 | 24 | 6 | 2 | 2 | 29 | 87 | 37,34 |
| Lugo | 7 | 8 | 7 | | | 9 | | 31 | 13,3 |
| Ourense | 13 | 1 | 7 | | | | 3 | 24 | 10,3 |
| Pontevedra | 2 | 3 | 31 | 1 | 5 | 7 | 42 | 91 | 39,06 |
| TOTAL | 23 | 35 | 69 | 7 | 7 | 18 | 74 | 233 | 100,0 |

Fonte: elaboración propia. Censo de poboación de 1986.

C.53. **DISTRIBUCIÓN DAS PLANTAS INDUSTRIAIS POR ÁREAS TERRITORIAIS E SECTORES DE ACTIVIDADE (1960–1991)**

| SECTORES | ÁREAS TERRITORIAIS | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MC | MV | UP | UO | UL | US | UF | VI | Total |
| 01. Auga e enerxía | 1 | | | | | | | 6 | 7 |
| 02. Industrias Extractivas | | 7 | | | | 3 | | 22 | 32 |
| 03. Metalurxia e Industria Aluminio | 4 | | | 3 | | | | 2 | 9 |
| 04. Construccións mecánicas | 1 | 7 | | | | | | 2 | 10 |
| 05. Const. automóbiles e motores | | 2 | | 2 | | | | | 4 |
| 06. Const. Aparellos Eléctricos | 2 | 3 | | 1 | | | | | 6 |
| 07. Química e productos plásticos | 8 | 14 | | 4 | | 1 | 1 | 7 | 34 |
| 08. Alimentación e bebidas | 16 | 21 | 6 | 2 | 8 | 1 | 1 | 29 | 84 |
| 09. Construcción e inmobiliarias | 6 | 5 | | 1 | | | | | 12 |
| 10. Materiais construcción | 3 | 4 | 1 | | 1 | 1 | 1 | 11 | 22 |
| 11. Transformación da madeira | 2 | 3 | 1 | | | | | 2 | 8 |
| 12. Artes gráficas | 1 | | | | | | | | 1 |
| 13. Pel, coiro e confección | 1 | 2 | | | | 1 | | | 4 |
| TOTAL | 45 | 68 | 8 | 13 | 9 | 6 | 3 | 81 | 233 |

MC: Metrópole de A Coruña; MV: Metrópole de Vigo; UP: Urbana de Pontevedra; UO: Urbana de Ourense; UL: Urbana de Lugo; US: Urbana de Santiago; UF: Urbana de Ferrol; VI: Vilas e áreas rurais.


Fonte: elaboración propia.

Considerable importancia ten o feito de que só o 26,8 por cento das plantas analizadas se localicen nos polígonos industriais, un dos factores tradicionais prioritarios de localización das empresas españolas, segundo se tira de diversos estudios realizados ó respecto (Instituto del Territorio y Urbanismo 1987, p.122). Estes datos confirman que as filiais de empresas multinacionais que traballan en Galicia foxen dos polígonos industriais, sendo estes especialmente utilizados para situar almacéns comerciais máis ca centros productivos. Así se recolle tamén nun informe elaborado recentemente pola zona franca de Vigo (Diario 16 de Galicia, 28-04-1991, p.72). Xa que logo, fica patente que as empresas estranxeiras tenden a localizar preferentemnte as súas plantas industriais fóra dos polígonos industriais.

Aténdonos á localización das plantas en áreas territoriais, resulta evidente que as dúas áreas metropolitanas existentes en Galicia (Vigo e A Coruña) recadan conxuntamente algo máis do 48 por cento do total de unidades productivas existentes. Individualmente, na metrópole de Vigo instaláronse



G.66. **LOCALIZACIÓN DAS PLANTAS INDUSTRIAIS DAS EMPRESAS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO EN GALICIA (PER. 1960-1991)**




FONTE: Elaboración propia.

entre 1960-1991 o 30 por cento das plantas vencelladas a empresas participadas directamente por socios estranxeiros. Sen embargo, e malia a forte atracción que exercen as áreas metropolitanas para a localización industrial recente (Precedo Ledo, A. 1988), notamos un elevado número de plantas industriais situadas en vilas, capitais municipais e áreas rurais. O conxunto de plantas que aparecen localizadas en espacios urbanos representan pouco máis do 35 por cento do total de plantas estudiadas. Isto favorece a concentración nas áreas metropolitanas e urbanas que xuntan case o 65 por cento do total. Deste xeito, nas provincias de Pontevedra e A Coruña, consideradas no seu conxunto, instalouse o 77 por cento das plantas con participación estranxeira, sendo Pontevedra a máis favorecida, seguida da Coruña e Lugo, que superan amplamente a Ourense en número de plantas industriais con participación estranxeira.

Non debemos esquecer que se trata en boa parte de empresas creadas maioritariamente na etapa de desenvolvemento económico (1950-1974), na que se realiza unha intensa penetración de multinacionais e grupos estranxeiros. O cambio de orientación da política económica de capitais foráneos producida en España a finais de 1974 e maila a incidencia da crise na economía de Galicia que favorece a compra de tecnoloxía estranxeira e a depen-

dencia do exterior, coincidindo coa elevación dos custos de amortización da maquinaria empregada, deron lugar a varios feitos de suma importancia:

a) A desaparición dalgunhas empresas industriais vencelladas a investidores estranxeiros, situación debida ó peche dos seus establecementos, ó tratarse, nalgúns casos, de proxectos pouco viables, ou polo translado dos mesmos a outras comunidades ante a imposibilidade de manter en Galicia unhas instalacións minimamente rendosas. O peche de establecementos industriais verase favorecido pola crise económica de mediados dos anos 70. Como consecuencia, entre 1960 e 1991 un total de 17 empresas e 20 plantas industriais dependentes de capital estranxeiro desapareceron en Galicia.

b) A venda de empresas e posterior adquisición por outras sociedades vencelladas ó capital estranxeiro ou nacional. Empresas como Kelsa ou La Toja cambiaron de titularidade, sendo adquiridas e vendidas varias veces por poderosos grupos multinacionais estranxeiros. Estes cambios de titularidade durante o período obxecto de estudio enmárcanse dentro das estratexias planificadas polas empresas multinacionais destinadas a equilibra-las súas balanzas financeiras, perseguindo en moitos casos a consecución de beneficios e plusvalías rápidas producto de meras intencións especulativas.

c) Realizáronse varias fusións e absorcións co fin de conseguir fundamentalmente unha maior dimensión empresarial, unha maior competitividade e para acadar sobre todo unha maior cota de mercado.

A pesar da desaparición de 20 plantas industriais, actualmente están en funcionamento un total de 213, localizadas en máis do 63 por cento nas sete comarcas urbanas máis importantes de Galicia. Estas absorben como consecuencia o 80,4 por cento do emprego industrial xerado polas empresas vencelladas ó investimento estranxeiro directo operativas na Comunidade galega a finais de 1990 (ver cadro 57).

Merece salientarse que Ferrol se comportou como unha comarca moi pouco atractiva para o investimento estranxeiro directo. En efecto, esta comarca conta actualmente con só tres plantas industriais participadas por investidores foráneos, o que supón o 1,4 por cento do total que funciona actualmente en Galicia, e só o 0,9 por cento do emprego total xerado polo conxunto das empresas con participación estranxeira. Ademais, nos últimos anos, e a pesar da posta en marcha de numerosas medidas encamiñadas a favorece-los investimentos nacionais e estranxeiros, subvencionando os proxectos ata nun 75 por cento, o número de empresas con capital estranxeiro



que se instalaron ata o de agora na comarca ferrolá son dúas. *Tilestone* foi un dos proxectos de maior envergadura instalados, acolléndose ás vantaxes facilitadas pola ZID. A factoría, instalada en Narón, comezou a súa actividade productiva no mes de setembro de 1991, xerando un total de 120 postos de traballo directos. *Polipropileno de Galicia*, promovida por empresarios de orixe galega residentes en Arxentina e Venezuela, é outro dos proxectos que se fixo realidade ó abeiro das subvencións acollidas á Zona Industrial en Declive de Ferrol. A fábrica, situada tamén en Narón, comezou as súas actividades dando emprego a 84 traballadores. Tralo fracaso do proxecto da Sociedade Italiana do Vidro, queda a esperanza de que a firma arxentina *Maffezini* se instale definitivamente en San Sadurniño, ocupando unha superficie de 16.000 metros cadrados. A empresa investirá para iso douscentos millóns de pesetas, orixinando 96 empregos para a elaboración de productos químicos.

Á vista de todos estes datos resulta evidente que a ZID de Ferrol foi un fracaso, alomenos en canto á atracción de investidores estranxeiros. Segundo datos facilitados pola Dirección Xeral de Incentivos Económicos da Xunta de Galicia, nos últimos tres anos se se realizan tódolos proxectos probados crearanse só 1.592 postos de traballo. As razóns achegadas polos empresarios para non intervir na comarca ferrolá son as seguintes:

a) O clima laboral reinante. Detéctase unha alta conflictividade social, con organizacións sindicais moi reinvindicativas e fortemente arraigadas en toda a comarca (El Correo Gallego, 23-05-1991). Esta situación non favorece en nada a atracción de capital estranxeiro que busca, como é normal, comarcas estables e de escasa conflictividade laboral.

b) Insuficiencia de comunicacións, escasez de servicios e insuficiente infraestructura portuaria. En efecto, os empresarios coidan que as instalacións de ferrocarril son moi antigas e con grandes limitacións para o transporte pesado. Por outra banda, o porto carece de almacéns cubertos e dun tráfico regular de mercadorías (Eco 1991, nº 1, p.69).

Coa vista nos resultados expostos podemos afirma-lo seguinte:

1) A concentración do investimento estranxeiro directo nas comarcas urbanas máis desenvolvidas foi a pauta rexistrada na industria galega. As sete comarcas urbanas máis importantes de Galicia recadan o 65 por cento das plantas industriais vencelladas a investidores estranxeiros entre 1960 e 1991.

2) As áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña constitúen o principal foco de atracción dos investimentos estranxeiros rexistrados na industria galega durante o período obxecto de estudio. As vantaxes do emprazamento maiormente metropolitano e urbano preferidos polos investidores estranxeiros son múltiples e variadas: diversidade de cualificacións profesionais e de man de obra, proximidade a empresas provedoras ou demandantes dos seus productos, a accesibilidade ós medios de comunicación e transmisión de informacións, a dispoñibilidade de capital físico e cultural e a aptitude respecto ós sistemas de transportes.

As cidades galegas do litoral, como ben sinala Pedro Arias, "tiveron nas súas condicións portuarias naturais un apoio decisivo para a súa industrialización nacente (Arias Vera, P. 1988, p.76). Esta mesma aptitude favoreceu a súa urbanización e consecuentemente a formación de dúas áreas metropolitanas con gran capacidade para atraer investimentos estranxeiros directos, investimentos que por outra banda tenden a localizarse nas periferias metropolitanas e urbanas dentro dunha área de accesibilidade. Neste sentido, o eixe Vigo-O Porriño preséntase como un dos máis dinámicos e atractivos para os investidores estranxeiros que traballan na industria galega.

En definitiva, as áreas con maior grao e nivel de desenvolvemento económico primaron cumpridamente na elección da localización das plantas industriais vencelladas ó capital estranxeiro, feito este que confirma a tese sostida por algúns autores (Cantwell, J. 1988, p.19), de que se unha zona xeográfica se chega a constituír nun lugar crecentemente atractivo para a producción favorecerá non só a producción doméstica senón tamén a producción internacional de outras.

3) O investimento industrial promovido polos investidores estranxeiros nos concellos non urbanos está orientado basicamente cara á explotación de recursos naturais. Loxicamente, e de xeito preferente, nas vilas e áreas rurais localízanse as plantas relacionadas coa enerxía, a extracción de minerais e rochas e en boa medida as plantas dedicadas á elaboración de productos alimenticios, fundamentalmente as de productos lácteos; ramas estas moi propias de espacios rurais onde radican materias primas utilizadas nos procesos de fabricación. Neste sentido, o modelo espacial do despregue do investimento industrial estranxeiro na Galicia rural axústase amplamente ás previsións contempladas nas teorías clásicas da localización industrial (Precedo Ledo, A. 1988). As análises de especialistas como Weber, Isard ou Hamilton (Hamilton, FEI 1985, pp.41-67) encaixan perfectamente nos feitos concretos que estamos a comentar. En efecto, as actividades industriais participadas por investidores estranxeiros, nos que o custo do transporte das materias primas é moi elevado en relación co valor das mercadorías transladadas, tenden a localizarse nos lugares onde están as materias primas. Alí se transforman, alomenos nas súas fases iniciais, o que dá lugar a incipientes elementos de industrialización. O producto así transformado é moito máis barato de transportar ós mercados de consumo. Non cabe dúbida de que se outros factores foron favorables –a tecnoloxía, a calidade empresarial, as institucións públicas, a non excesiva competencia doutros aprovisionamentos alternativos e a relativa proximidade a mercados urbanos importantes– esta incipiente industrialización podería ampliarse a outras fases productivas máis complexas e completas.

Xa que logo, a maioría das plantas industriais participadas por investidores estranxeiros que traballan en Galicia están localizadas preferentemente en áreas urbanas. Tal prioridade canalízase na liña suxirida por algúns autores para o conxunto do Estado Español (Gémez Muñoz, R. 1988, pp.92-95). As plantas industriais vencelladas a investidores estranxeiros aparecen así repartidas entre as categorías funcionais mencionadas (urbana e rural). Conxúganse sen dúbida as vantaxes derivadas da proximidade dos inputs primarios cos da proximidade dos grandes centros de consumo, aproveitando oportunamente as posibilidades que ofrecen as economías de aglomeración.

## 2.5. Distribución do emprego

A creación de postos de traballo constitúe unha das achegas máis valiosas que traen consigo os investimentos estranxeiros. Para avalia-lo emprego industrial dependente das empresas con investimento estranxeiro tivéronse en conta unicamente as empresas actualmente en funcionamento vencelladas ó capital estranxeiro entre 1960 e 1991.

Da análise do cadro 54 que se xunta tírase que tres sectores económicos con moito pulo na conxuntura económica actual (construcción de vehículos, alimentación e industria química) recadan o 60 por cento do emprego total acumulado nas empresas con participación estranxeira. O resto do emprego distribúese equitativamente entre os distintos sectores que se recollen no cadro 54. Como dato significativo hai que salientar, segundo se especifica no cadro 56, que as grandes empresas, como é natural, concentran a maior

**C.54. EMPRESAS INDUSTRIAIS CON PLANTAS EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO OPERATIVAS EN 1991**

| SECTORES | Número de Empresas | % | Número de Traballadores | % | Tamaño T/E | Facturación (millóns de pesetas en 1990) | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 01. Auga e enerxía | 3 | 1,6 | 638 | 2 | 212,6 | 78180 | 10,2 |
| 02. Industrias Extractivas | 21 | 11,7 | 1775 | 5,8 | 85 | 16730 | 2,18 |
| 03. Metalurxia e Industria Aluminio | 8 | 4,4 | 3144 | 10,3 | 393 | 118300 | 15,44 |
| 04. Construccións mecánicas | 9 | 5 | 1820 | 5,9 | 202,2 | 23028 | 3 |
| 05. Const. automóbiles e motores | 2 | 1,1 | 7732 | 25,4 | 3866 | 227339 | 29,67 |
| 06. Const. Aparellos Eléctricos | 6 | 3,3 | 1516 | 4,9 | 252,6 | 14878 | 1,94 |
| 07. Química e productos plásticos | 23 | 12,8 | 2901 | 9,5 | 126,1 | 54846 | 7,16 |
| 08. Alimentación e bebidas | 73 | 40,7 | 7586 | 24,9 | 103,9 | 168210 | 21,95 |
| 09. Construcción e inmobiliarias | 12 | 6,7 | 1335 | 4,3 | 111,2 | 33754 | 4,4 |
| 10. Materiais construcción | 10 | 5,5 | 712 | 2,3 | 71,2 | 12617 | 1,65 |
| 11. Transformación da madeira | 8 | 4,4 | 1083 | 3,5 | 135,3 | 17074 | 2,23 |
| 12. Artes gráficas | 1 | 0,5 | 108 | 0,3 | 108 | 331 | 0,04 |
| 13. Pel, coiro e confección | 3 | 1,6 | 80 | 0,2 | 26,6 | 905 | 0,12 |
| TOTAL | 179 | 100 | 30430 | 100 | 170 | 766192 | 100 |

Fonte: Fomento da Producción; Alimarket; 500 primeiras empresas de Galicia e elaboración propia.

parte do investimento e do emprego. Concretamente, as doce grandes empresas industriais con máis de 500 traballadores vencelladas co investimento estranxeiro directo dan emprego a máis de 16.000 persoas en Galicia, o que supón case o 53 por cento do emprego total ligado a empresas industriais con participación estranxeira. Esta situación débese en parte ó papel desempeñado en Vigo pola multinacional francesa Citroën Hispania, que en por ela dá emprego a 7.500 persoas, é dicir, case un 25% do emprego total xerado polo investimento estranxeiro directo na industria galega. As outras empresas industriais con máis de 500 empregados vencelladas ó investimento estranxeiro directo poden verse no cadro 56 que se xunta.

En conxunto, as medianas e grandes empresas, que representan algo máis dun tercio do conxunto de sociedades participadas ocupaban en 1990 a máis de 26.000 traballadores na industria galega. Con iso este tipo de sociedades aglutinan arredor do 87% do emprego total creado polas empresas industriais relacionadas co investimento estranxeiro directo.

Se analizámo-la distribución do emprego por comarcas e tomamos como referencia a división comarcal deseñada por Andrés Precedo Ledo, obser-



**C.55. EMPRESAS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO. DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO SEGUNDO TAMAÑO DAS EMPRESAS EN 1990**

| TAMAÑO | Nº DE EMPRESAS | % | EMPREGO | % | FACTURACIÓN | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 0–100 | 114 | 63,69 | 4049 | 13,31 | 63778 | 8,33 |
| 101–500 | 53 | 29,61 | 10368 | 34,07 | 199680 | 26,06 |
| > 500 | 12 | 6,7 | 16013 | 52,62 | 502724 | 65,61 |
| TOTAL | 179 | 100 | 30430 | 100 | 766192 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

vamos que as comarcas de Vigo e A Coruña absorben máis do 70 por cento do total. Individualmente, a comarca de Vigo concentra máis de 15.000 empregos, o que supón o 50% do emprego industrial total xerado en Galicia por empresas participadas por investidores estranxeiros. A relevancia destas en canto ó volume de postos de traballo é evidente. Segundo o estudio dirixido polo profesor Precedo Ledo, o emprego industrial da Área Metropolitana de Vigo acada a cifra de 43.399 traballadores (precedo Ledo, A. 1988, pp.78-185). Isto permítenos afirmar que as empresas con capital

**C.56. EMPRESAS INDUSTRIAIS CON MAIS DE 500 TRABALLADORES EN GALICIA VINCULADAS CO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO OPERATIVAS EN 1991**

| EMPRESA | EMPREGO 1990 | | FACTURACIÓN 1990 | |
|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | IMPORTE | % |
| PETROLÍBER (REPSOL) | 590 | 1,93 | 78000 | 10,18 |
| ALUMINIO ESPAÑOL | 1060 | 3,48 | 50000 | 6,53 |
| ALÚMINA ESPAÑOLA | 725 | 2,38 | 26105 | 3,41 |
| ALUMINIO DE GALICIA | 579 | 1,9 | 22290 | 2,91 |
| IND. MECÁNICAS DE GALICIA | 714 | 2,34 | 10817 | 1,41 |
| CITROËN HISPANIA | 7500 | 24,64 | 224639 | 29,32 |
| LABAUTO IBÉRICA | 520 | 1,7 | 3000 | 0,39 |
| S.E. CARBUROS METÁLICOS | 705 | 2,31 | 17500 | 2,28 |
| SAPROGAL | 570 | 1,87 | 21450 | 2,8 |
| LARSA | 900 | 2,95 | 14000 | 1,83 |
| PESCANOVA | 1300 | 4,47 | 30867 | 4,03 |
| PESQ. ESP. BACALAO | 850 | 2,79 | 4056 | 0,53 |
| DOCE EMPRESAS | 16013 | 52,62 | 502724 | 65,62 |
| RESTO DE EMPRESAS | 14417 | 47,38 | 263468 | 34,38 |
| TOTAL | 30430 | 100 | 766192 | 100 |

Fonte: Fomento da Producción, 1991 e elaboración propia.

C.57. **DISTRIBUCIÓN COMARCAL DAS PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991. PLANTAS OPERATIVAS EN 1991.**

| COMARCAS | PLANTAS INDUSTRIAIS | | EMPREGADOS | | EMPREGO/PLANTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | |
| FISTERRA | 8 | 3,75 | 661 | 2,17 | 82,6 |
| BERGANTIÑOS | 3 | 1,41 | 17 | 0,05 | 5,6 |
| A CORUÑA | 39 | 18,39 | 6.298 | 20,69 | 161,4 |
| BETANZOS | 3 | 1,41 | 313 | 1,02 | 104,3 |
| EUME | 1 | 0,47 | 6 | 0,01 | 6,0 |
| FERROL | 3 | 1,41 | 273 | 0,89 | 91,0 |
| T. ORTIGUEIRA | 2 | 0,94 | 83 | 0,27 | 41,5 |
| SANTIAGO | 5 | 2,35 | 210 | 0,69 | 42,0 |
| ORDES | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0,0 |
| ARZUA E MELIDE | 1 | 0,47 | 14 | 0,04 | 14,0 |
| VEIGA DO SAR | 3 | 1,41 | 267 | 0,87 | 89,0 |
| TERRA DE NOIA | 7 | 3,30 | 97 | 0,31 | 13,8 |
| AROUSA NORTE | 5 | 2,35 | 136 | 0,44 | 27,2 |
| AROUSA/SALNÉS | 6 | 2,83 | 378 | 1,24 | 63,0 |
| PONTEVEDRA | 11 | 5,18 | 826 | 2,71 | 75,0 |
| REDONDELA | 1 | 0,47 | 46 | 0,15 | 46,0 |
| VIGO | 59 | 27,70 | 15.020 | 49,35 | 254,5 |
| O ROSAL | 1 | 0,47 | 15 | 0,04 | 15,0 |
| O CONDADO | 2 | 0,94 | 92 | 0,30 | 46,0 |
| DEZA | 1 | 0,47 | 11 | 0,03 | 11,0 |
| TABEIROS | 1 | 0,47 | 10 | 0,03 | 10,0 |
| VIVEIRO | 3 | 1,41 | 1.859 | 6,10 | 619,6 |
| VAL DO MASMA | 1 | 0,47 | 4 | 0,01 | 4,0 |
| VAL DO EO | 2 | 0,94 | 67 | 0,22 | 33,5 |
| LUGO | 8 | 3,77 | 588 | 1,93 | 73,5 |
| SARRIA | 2 | 0,94 | 88 | 0,28 | 44,0 |
| TERRA CHA | 7 | 3,30 | 359 | 1,17 | 51,2 |
| MONTERROSO | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0,0 |
| MIÑOUTO | 3 | 1,41 | 110 | 0,36 | 36,6 |
| VAL DE LEMOS | 1 | 0,47 | 30 | 0,09 | 30,0 |
| O CAUREL | 1 | 0,47 | 71 | 0,23 | 71,0 |
| FONSAGRADA | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0,0 |
| OS ANCARES | 1 | 0,47 | 452 | 1,48 | 452,0 |
| OURENSE | 10 | 4,69 | 1.272 | 4,18 | 127,2 |
| ARENTEIRO | 2 | 0,94 | 73 | 0,23 | 36,5 |
| RIBEIRO | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0,0 |



C.57. (Continuación) **DISTRIBUCIÓN COMARCAL DAS PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991. PLANTAS OPERATIVAS EN 1991.**

| COMARCAS | PLANTAS INDUSTRIAIS | | EMPREGADOS | | EMPREGO/PLANTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | |
| CELANOVA | 1 | 0,47 | 45 | 0,14 | 45,0 |
| LIMIA | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0,0 |
| LIMIA BAIXA | 1 | 0,47 | 22 | 0,07 | 22,0 |
| TRIVES | 1 | 0,47 | 26 | 0,08 | 26,0 |
| VALDEORRAS | 5 | 2,35 | 345 | 1,13 | 69,0 |
| BOLO | 1 | 0,47 | 212 | 0,69 | 212,0 |
| VAL MONTERREI | 1 | 0,47 | 34 | 0,11 | 34,0 |
| TOTAL | 213 | 100,00 | 30.430 | 100,00 | 142,8 |

División comarcal de Andrés Precedo Ledo.
Fonte: elaboración propia.

estranxeiro achegan o 35% do emprego industrial existente no conxunto metropolitano. Semellante comportamento dáse na metrópole coruñesa, onde o citado profesor contempla no seu estudio a existencia de case 25.000 empregos na industria (Precedo Ledo, A. 1990, p.140), co que o 25% destes traballadores, segundo os nosos datos, traballan en empresas participadas por investidores estranxeiros.

A comarca da Coruña ocupa o 20,6% dos traballadores empregados en empresas con participación estranxeira. Esta porcentaxe sitúase 29 puntos por baixo do nivel de emprego acadado pola comarca viguesa. Esta exce-

C.58. **DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO POR PROVINCIAS EN 1990. EMPRESAS CON PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO EN GALICIA**

| PROVINCIAS | PLANTAS INDUSTRIAIS | | EMPREGO | | % SOBRE TOTAL PROVINCIAL DA POBOACIÓN ASALARIADA NA INDUSTRIA |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | |
| A CORUÑA | 80 | 37,6 | 8375 | 27,52 | 9,83 |
| LUGO | 29 | 13,6 | 3628 | 11,92 | 14,71 |
| OURENSE | 22 | 10,3 | 2029 | 6,68 | 4,59 |
| PONTEVEDRA | 82 | 38,5 | 16398 | 53,88 | 17,45 |
| TOTAL | 213 | 100 | 30430 | 100 | 12,51 |

Fonte: elaboración propia.

siva concentración do emprego na comarca de Vigo resulta moi perigosa no caso de se produci-lo peche de Citroën. En Vigo, o papel desta empresa foi decisivo na dinamización económica e urbana da cidade. Chegou a representar arredor da metade do movemento investidor e do emprego da área urbana (Arias Vera, P. 1988, p.68). O liderato industrial de Vigo está, por tanto, estreitamente relacionado coa supremacía industrial de Citroën. O empuxe investidor máis forte da empresa tivo lugar no segundo quinquenio dos setenta, acadando en 1979 os 10.540 traballadores (Fernández Leiceaga, X. 1991, p.817). A comezos dos 80 a empresa francesa principiou un certo esvaecemento, reducindo progresivamente o seu cadro de persoal en máis de 3.000 empregados entre 1979 e 1990, afectando sensiblemente ó conxunto da comarca. Á dimensión de Citroën temos que engadi-la doutras dúas empresas participadas por investidores estranxeiros: Pescanova e Industrias Mecánicas de Galicia. No seu conxunto, as tres empresas citadas concentran o 63 por cento do emprego total xerado na comarca por empresas con capital foráneo.

En canto á distribución do emprego por países, hai que sinalar que as empresas participadas por Francia, EE.UU. e Reino Unido ocupan ó 71% do total de traballadores empregados en unidades productivas industriais instaladas en Galicia con participación de investidores estranxeiros. As empresas con capital francés colócanse á cabeza, moi por riba do resto, ó dar emprego ó 52% do total, equivalente a case 15.500 traballadores. Estes datos resultan reveladores en por eles da importancia do capital estranxeiro na participación de proxectos industriais de gran envergadura, especialmente naqueles promovidos por capital francés.

Mentres tanto, o capital procedente de Latinoamérica gobernado por emigrantes galegos instalouse nun total de 12 empresas que dan traballo a 533 persoas, un 1,7% do total; cifras reducidas que poñen de manifesto o temor e o descoñecemento para promover proxectos industriais viables na nosa Comunidade. Aínda que este tipo de investimentos contan con abundantes recursos financeiros, prefiren investir noutras Comunidades do Estado Español e non precisamente na industria, senón máis ben na hostelería e o comercio co fin de garanti-la rendibilidade dos investimentos que se realizan.

En definitiva, as empresas vencelladas a capital estranxeiro teñen unha destacada importancia na actividade industrial que se desenvolve en Galicia, tendo en conta que concentran o 12,5% da poboación total asalariada na industria galega en 1990.

C.59. **DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO INDUSTRIAL POR PAÍSES. EMPRESAS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO OPERATIVAS EN GALICIA EN 1991**

| PAÍS | PLANTAS PARTICIPADAS | | EMPREGO 1990 | | TAMAÑO MEDIO DAS EMPRESAS T/E |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | |
| Alemaña | 10 | 5,59 | 1115 | 3,66 | 111,5 |
| Bélxica | 5 | 2,79 | 295 | 0,97 | 59 |
| Canadá | 3 | 1,67 | 1342 | 4,41 | 447,3 |
| Francia | 52 | 29,05 | 15478 | 50,86 | 297,6 |
| Holanda | 3 | 1,67 | 205 | 0,67 | 68,3 |
| Italia | 9 | 5,03 | 832 | 2,73 | 92,4 |
| Xapón | 5 | 2,79 | 330 | 1,08 | 66 |
| Noruega | 14 | 7,82 | 410 | 1,35 | 29,2 |
| Portugal | 8 | 4,47 | 234 | 0,77 | 29,2 |
| R. Unido | 17 | 9,5 | 2677 | 8,8 | 157,4 |
| Sudáfrica | 6 | 3,35 | 1643 | 5,4 | 273,8 |
| Suecia | 5 | 2,79 | 1099 | 3,61 | 157 |
| Suíza | 4 | 2,23 | 334 | 1,1 | 83,5 |
| U.S.A. | 21 | 11,73 | 3533 | 11,61 | 168,2 |
| A. Latina | 12 | 6,7 | 533 | 1,75 | 44,4 |
| O. Países | 5 | 2,79 | 370 | 1,22 | 74 |
| TOTAL | 179 | 100 | 30430 | 100 | 170 |

Fonte: elaboración propia.

## 3. PENETRACIÓN SECTORIAL

Pretendemos neste apartado coñecer cada unha das empresas estranxeiras que traballan nos distintos sectores económicos, así como descubri-las estratexias seguidas por diferentes grupos empresariais estranxeiros establecidos en Galicia. Isto hanos permitir analizar cales son as pautas xerais que caracterizan o capital estranxeiro na industria e, ó mesmo tempo, estudia-las implantacións máis importantes ocorridas en cada sector.

### 3.1. Industrias extractivas

Baixo esta clasificación xeral estudiamos non só as empresas dedicadas á extracción mineira senón ademais aquelas dedicadas á extracción e trata-

mento de minerais e materiais para a construcción. Xa que logo, neste apartado ofrecemos ó lector unha análise detallada das empresas extractivas que traballan en Galicia participadas por investidores estranxeiros.

### *3.1.1. Antecedentes históricos*

A explotación dalgúns depósitos de minerais existentes en Galicia era xa perfectamente coñecida polos distintos pobos que chegaron a Galicia ó longo da historia. Os diversos testemuños históricos existentes acreditan que a explotación de recursos minerais de Galicia se remonta xa a antes da chegada dos romanos. Polo visto, segundo as investigacións dalgúns autores (Parrilla, F. 1974, p.7), os fenicios coñecían xa os depósitos de estaño, os cartaxineses o chumbo, cobre, ouro e estaño. Sen dúbida ningunha, e os romanos explotaron intensamente a riqueza aurífera dos ríos máis importantes de Galicia, encontrándose numerosas pegadas das súas excavacións en diversos puntos de Galicia, así como abundantes referencias das súas actividades nos escritos de Plinio, Tito Livio e Estrabón.

Pero o grande desenvolvemento das explotacións mineiras en Galicia por parte de empresas estranxeiras produciuse a finais do século XIX e comezos do XX, ó abeiro da Lei de Minas de 1869. Esta Lei, extremadamente liberal, estableceu o principio da concesión das minas a perpetuidade tanto a nacionais coma a estranxeiros coa única condición de paga-lo correspondente canon ó Estado (Vicens Vives, J. e Nadal Oller, J. 1959, p.590). A aplicación desta lei puxo en mans do capital estranxeiro os mellores e máis rendosos depósitos mineiros existentes en Galicia. Estas circunstancias explican que a principios do século XX as principais empresas mineiras que traballaban en Galicia eran estranxeiras, segundo se tira do estudio realizado por F. Parrilla. Durante ese período os depósitos de ferro máis importantes existentes en Galicia eran explotados polas sociedades *The Vivero Iron Ore Co. Ltd.*, de Inglaterra, e pola *Sociedad Franco Española de Minas*, con capital maioritariamente francés. Ademais, a inglesa *Monte Oro Co.* controlaba os depósitos auríferos. As importantes minas de estaño situadas en Silleda, Lousame e Arnoia eran explotadas pola gala *Societé Française d'Etain*, e polas inglesas *The San Finx Tin Mines Ltd.* e *The Arnoya Mines*. Do mesmo xeito, as piritas arsenicais existentes en Castro de Rei eran tamén extraídas por ingleses. No terreo do cobre, os depósitos de Cerdedo correspondían á compañía inglesa *Morris Hull Co.*, mentres que numerosas empresas francesas e inglesas investigaban extensas zonas das provincias galegas (Parrilla, F. 1974, pp.74-77).



A finais do século XIX aceléranse por tanto as explotacións recorrendo xa a máquinas excavadoras para a extracción do mineral. Así, segundo comenta Villar Granjel nas súas cartas sobre Galicia, "a sociedade inglesa *The Santa Cruz Sulphur and Copper Company* adquire unha mina en Santa Cruz de Moeche e fai uso dunha máquina perforadora, arrincando en oito meses 1.200 toneladas de pirita ferrocobriza que, en carretas do país, se leva a Neda, para a súa exportación a Newcastle e Glasgow. Da mina María del Carmen, de Conxo, sácanse 150 toneladas de pirita de ferrocobriza para practicar ensaios industriais en Inglaterra" (Villar Granjel 1914, p.251).

Abundante información sobre a presencia de empresas estranxeiras na minería galega aparece recollida nun informe sobre a estructura da minería en Galicia, elaborado polo Consulado Británico na Coruña. A citada fonte afirma que a compañía alemana *The Vivero Iron Ore Co.*, con 400 empregados, explotaba varios filóns de ferro próximos á localidade de Viveiro. Comezou a exportar mineral a Rotterdam en 1899, estimando que a cantidade extraída anualmente era superior ás 125.000 toneladas. Referíndose a outras minerías existentes, o informe sinala que a empresa belga *Colonial Industrial Co.* de Bruxelas contaba con minas en Parga Baamonde e en Ponte do Porco, localidade próxima a Betanzos. As minas de estaño e volframio situadas principalmente na zona centro oeste de Galicia, especialmente no distrito de Noia, eran xa explotadas daquela polas compañías británicas *San Finx Tin Times* e *Siden Tin and Wolfran Mines*, cun capital social, segundo o informe, de 71.000 libras esterlinas en participacións de a unha. Todo o mineral que se extraía destas minas exportábase integramente a Alemaña e a Inglaterra. Xa rematado o século XIX, unha compañía belga adquire varias concesións en Ferrol para explotar unhas minas de Piritas auroarsénicas. Referíndose ós depósitos auríferos, o informe que estamos seguindo sinala que "ademais do traballo da área aurífera das beiras do Sil, minas xa beneficiadas polos romanos, continuaron estes labores en Carballo, Fisterra e A Coruña unha compañía inglesa, a *English Sagasta Mining Co.*, aínda que a producción non é moi abundante" (Diplomatic and Consular Repports, 1900, p.10).

Outra das fontes escritas con abundante documentación sobre a minería galega e onde se poden encontrar datos moi interesantes sobre a actividade desenvolvida polas empresas estranxeiras son as *Cartas sobre Galicia* de Villar Granjel. Este autor sinala que a sociedade alemana *The Vivero Iron*

*Ore Co.* explotaba principalmente as minas situadas no monte Silvarosa e no termo de Choupin. Esta empresa, sinala Granjel, "comezou os seus traballos en 1902, cunha producción de 108.000 toneladas de mineral (...). En Ourense a compañía *The Arnoia Mines* explota as minas (...) en Arnoia, concello de Gomesende e Eirás. Esta sociedade construíu unha estación xeradora, unha canle de desagüe e unha canle de admisión, coas comportas correspondentes". En Pontevedra, segue describindo o autor, "existen en explotación dúas minas de volframio (...). As primeiras, á beira do río Deza, pertencen á sociedade inglesa *The San Finx Tin Mines*; atópanse algo abandonadas. A mina angelita, en cambio, pertencente á mesma familia, é obxecto de explotación activa" (Villar Granjel 1914, pp.254-257).

Ademais das empresas que acabamos de enumerar, traballaban en Galicia a comezos de século outras de menor tamaño constituídas tamén con capital estranxeiro e moi distribuídas por toda a xeografía galega. Así, varias minas de estaño e volframio situadas nos montes de Avión, Beariz, O Irixo e Boborás foron explotadas por algún tempo polas compañías *The Carballino Gold and Arsenio N.L.* de Londres e a francesa *Societé de Leiro S.A.* Desde o ano 1909 e ata 1914, estas dúas compañías estiveron realizando, ademais, intensas investigacións en diversos concellos da provincia de Ourense, especialmente no Carballiño, Avión, Ribadavia e Maside. A investigación foi orientada principalmente seguindo as pegadas deixadas polos antigos traballos mineiros realizados na época dos romanos. Os vestixios das antigas explotacións aínda se poden contemplar agora nas zonas de Lago (Maside), Rivas (O Irixo), Larouco e Madarnás (O Carballiño). Tratábase con estes estudios de encontrar depósitos abondo rendosos cun contido interesante en ouro e prata (CESSCC 1976, p.103).


Como puidemos comprobar, a minería galega ata acada-lo primeiro tercio do século XX caracterízase por "unha producción orientada cara ó mercado extrarrexional" (Sequeiros Tizón, J. 1986, p.14), producción que estaba controlada por empresas nas que o capital francés, inglés e o alemán era o dominante. Concretamente, tal como xa se foi indicando, os depósitos galegos de volframio e outros minerais foron intensamente explotados desde o século XVIII por ingleses e franceses sucesivamente. Neste período podemos dicir que as incursións realizadas polas empresas galegas durante este período tiñan máis ben un carácter de rapina conxuntural e esporádica que de explotación sistemática e permanente dos recursos mineiros existentes na rexión. En efecto, haberá que agardar ós anos setenta para que entren definitivamente grandes multinacionais na minería do cobre, chumbo, zinc e estaño para que se estabilice a producción mineira na nosa Comunidade.

En definitiva, a penetración de empresas estranxeiras na minería galega non é un feito recente senón máis ben antigo, que se remonta ó século XVIII, acelerándose a mesma no último tercio do século XIX ó entrar en vigor a Lei de Minas de 1869.

### *3.1.2. Situación actual: visión de conxunto*

Como puidemos comprobar, a presencia de empresas estranxeiras na minería galega foi unha constante desde o século XVIII ata os nosos días. Sen embargo, a entrada masiva das grandes compañías multinacionais que coñecemos hoxe en día efectúase entre 1960 e 1975. Durante este último ano, segundo datos facilitados polo Ministerio de Industria, un total de 11 compañías estranxeiras participaban na investigación mineira do subsolo galego, de tal xeito que este labor, enormemente custoso e aínda incompleto, se materializou coa entrada de grandes grupos ó longo de toda a década dos

G.67. **DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NAS EMPRESAS EXTRACTIVAS QUE OPERAN EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**





M.M.: Minería Metálica; M.N.: Minería non Metálica
E.G.: Explotación de Granitos; E.P.: Explotación Pizarras
C.H.: Cemento e Formigón; VI.: Vidro

FONTE: Elaboración propia.

setenta, adquirindo os depósitos máis dinámicos e rendosos existentes en Galicia. Moitos xa foron abandonados, especialmente os depósitos de minerais metálicos, debido á súa escasa rendibilidade e á baixa cotización que experimentan certos metais nos mercados internacionais. Con todo, a penetración de grupos estranxeiros continúa durante os anos 80, dirixíndose sobre todo cara á explotación de pizarras e granitos, nos que irrompe con forza o capital francés e italiano, así como a adquisición de canteiras para fabricar cemento e formigón.

A evolución seguida polo capital estranxeiro na minería galega desde 1960 ata os nosos días está marcada, como se aprecia no gráfico, pola clara supremacía do capital francés. Este participa durante este período nun total de 17 empresas que desenvolven actividades variadas relacionadas coa extracción de diversos metais, pizarras, granitos e explotación de canteiras para producir cemento e formigón. Deste xeito, preto do 40 por cento das empresas estranxeiras con centros productivos en Galicia durante o período obxecto de estudio estaban participadas por capital francés. O resto das empresas estranxeiras, arredor do 35%, están participadas maioritariamente por ingleses e italianos. Estes últimos concentran practicamente a totalidade dos seus investimentos na extracción e transformación de granito e pizarras,

G.68. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á EXTRACCIÓN E TRATAMENTO DE MINERAIS E ROCAS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.



mentres que os ingleses dirixen os seus investimentos cara a aquelas empresas dedicadas á extracción de minerais metálicos e á fabricación de cemento e formigón.

En canto á distribución do investimento estranxeiro directo rexistrado durante o período 1960-1990, cómpre sinalar que máis das dúas terceiras partes do investimento destináronse á extracción e transformación de minerais e rochas ornamentais, absorbendo o 74% do investimento. O resto diríxese practicamente na súa totalidade á adquisición de canteiras para producir cemento e formigón.

Os datos de que dispoñemos confirman que en 1991 un total de 31 empresas extractivas participadas por grupos estranxeiros contaban con unidades productivas na Comunidade galega. O conxunto destas empresas daban emprego en 1990 a 2.487 traballadores, acadando unha facturación global superior ós 33.800 millóns de pesetas. A maior parte do emprego (54%) concéntrase nas empresas con capital francés e canadense. O resto aparece moi repartido entre as distintas empresas, tal como veremos máis adiante. Unha característica común que sinalar neste sentido é o reducido número de traballadores empregados en cada unidade productiva. De quitado o caso de Exminesa, que daba emprego en 1990 a máis de 450 traballadores, o resto das empresas teñen cadros de persoas moi reducidos, superando raras veces os cen traballadores. Unha relación completa do emprego e facturación de cada unha das empresas con capital estranxeiro que traballan en Galicia pode verse nos apartados seguintes.

### *3.1.3. Extracción de minerais*

Indicabamos ó comezo deste capítulo que a entrada dos grandes grupos multinacionais na minería galega se producía especialmente na década dos setenta. En efecto, en 1975 a multinacional británica *Rossenthal* tiña xa unha presencia realmente enorme, controlando gran parte dos depósitos de caolín. A través da súa filial *Caolines de Lage S.A.* explotaba os depósitos existentes en Laxe e Burela. A empresa Río Tinto Minera, que inicialmente se denominaba Río Tinto Patiño é unha das compañías mineiras máis importantes das que traballan en España. As súas actividades en Galicia comezan a partir de 1975 coa explotación dunha mina de cobre situada nos concellos do Pino e Touro. Posteriormente irá ampliando a súa presencia en Galicia creando unha empresa filial, Caolines de Vimianzo, coa finalidade de explota-los depósitos de caolín existentes na zona.

Durante once anos os filóns de cobre situados nos concellos de Touro e O Pino foron explotados intensamente. A forte crise que afecta a este metal provocou o peche das minas e a paralización da producción. A explotación contaba en 1985, un ano antes do seu peche, con 264 traballadores, acadando unha producción bruta de 39.996 toneladas e un valor equivalente a 2.260 millóns de pesetas. Sen embargo, esta mina conta cunhas reservas próximas ós 18 millóns de toneladas brutas (IDEGA 1990, p.52), o que representa unha interesante potencialidade ante as novas perspectivas que semella toma-lo mercado.

A situación é moito máis favorable na extracción de caolín. Este mineral está sendo extraído actualmente por Caolines de Vimianzo, participada maioritariamente por Río Tinto Zinc. No último exercicio, a empresa cifrou o valor da súa producción en 1.000 millóns de pesetas, dando traballo a 83 traballadores nunha zona económica moi deprimida.

*Richard Costain Hold* é outra das multinacionais británicas que traballan na minería galega. Esta empresa participa no capital social de *Magnesitas de Rubián*, que ten activo un centro de producción subterráneo no concello lucense de Sarria. Esta mina dedícase a extraer magnesita para a obtención de óxido de magnesio, producto moi utilizado na fabricación de compoñentes refractarios e fertilizantes, así como na elaboración de certos alimentos para animais domésticos. Por todo iso trátase dun mineral con grandes posibilidades de comercialización.

Outra empresa británica, Rossenthal, conta con instalacións mineiras no norte de Lugo, a través da súa filial Explotaciones Cerámicas Españolas. Esta empresa extrae caolín na localidade lucense de Bóveda (Cervo). Ademais, conta con varios centros operativos en distintas rexións españolas, ó tratarse dunha empresa domiciliada en Madrid e de ámbito operativo en todo o territorio nacional.

Como pode apreciarse, a presencia de capital inglés na minería galega é notable. Menor importancia ten a presencia de capital francés na explotación de depósitos minerais metálicos. Sen embargo, durante a década dos setenta e ata mediados os oitenta, unha compañía francesa, Coparex Minera, explotou os mellores depósitos de estaño e volframio existentes en Galicia. Así, a firma Coparex Minera, filial da multinacional francesa do mesmo nome, encargouse de explota-la minas situadas en Viana do Bolo e en Santa Comba. Pero a crise do estaño en outubro de 1985 provocou o peche de



varias minas propiedade desta empresa en Santa Comba e Monte Neme, en Carballo e Malpica. A pesar destas dificultades, aínda subsisten as minas de San Finx, en Lousame, tamén propiedade da firma Coparex. Estas minas, explotadas por capital estranxeiro xa desde o século XIX, están a pasar actualmente por grandes dificultades.

Unha das explotacións mineiras de maior envergadura promovida por empresas estranxeiras en Galicia localízase en Rubiais, no concello lucense de Pedrafita do Cebreiro. Alí se encontra o principal depósito de chumbo e zinc existente en Galicia. Actualmente está sendo explotado pola empresa *Exploración Minera Internacional de España*, filial da multinacional canadense *Cominco Ltd.* Exminesa constituíuse no ano 1964 co fin de explotar varias concesións de chumbo e zinc existentes en España. As actividades do centro de traballo de Rubiais (Lugo) comezaron en 1969, e ata 1976 non funcionou a pleno rendemento. Nese ano a empresa tiña un cadro de persoal de 495 traballadores. O mineral extraído, logo de ser lavado e tratado no mesmo centro productivo, envíase a Asturias e logo a Cartagena. A importancia deste depósito radica non só nas dimensións das súas instalacións senón tamén no número de traballadores que ocupa (452 en 1990), e polo volume da súa producción. Concretamente, en 1990 a producción de chumbo na mina de Rubiais supuxo case o 10% do total nacional (ANP 1991). Esta porcentaxe mantívose case constante ó longo de toda a década dos oitenta.

O esgotamento do filón e das reservas actualmente en explotación fan temer pola continuidade da mina. Segundo fontes da propia empresa, é moi probable que a comezos de 1992 se paralice a explotación, por agotamento do mineral (La Voz de Galicia, 31-10-1991). Neste sentido, cómpre sinalar que no momento de principia-la explotación da mina a empresa tiña previsto extraer entre 18 e 20 millóns de toneladas de mineral. As cantidades extraídas entre 1969 e 1990 non superan os 12 millóns de toneladas, polo que aínda fican por explotar preto de oito millóns de toneladas, segundo se recolle nun informe interno da propia empresa (La Voz de Galicia, 31-10-1991).

As intensas exploracións que actualmente está realizando Exminesa teñen como finalidade encontrar ouro e diversifica-lo campo de extraccións para chegar mesmo a pizarras, calizas e diversos metais. Os traballos de investigación que está a realiza-la empresa canadense (presupostados en 150 millóns de pesetas) concéntranse agora na busca de ouro na Serra do Caurel, tomando como referencia as explotacións abandonadas polos romanos.

Malia concentra-la súa actividade en Lugo, Exminesa traballa tamén en Sada, onde conta cunha pequena explotación cedida en réxime de concesión á súa filial *Exploraciones Mineras del Cantábrico*.

C.60. **EXTRACCIÓN DE MINERAIS. EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE TRABALLAN EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960–1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Caolines de Lage, S.A. | COR | Laxe | C | Rossenthal T.Z. | R. Unido | 79 | 32 | 380 |
| Caolines de Vimianzo | COR | Vimianzo | C | R.T.Z. Corporation | R. Unido | 80 | 83 | 1000 |
| Coparex Minera, SA (**) | MAD | VIANA B. | O | Coparex Corp. | Francia | 98 | 212 | 2120 |
| Coparex Minera, SA (**) | MAD | Sta. Comba | C | Coparex Corp. | Francia | MAI | 0 | 0 |
| Exminesa | LEO | Pedrafita | L | Cominco L.T.D. | Canadá | 75 | 452 | 4600 |
| Explot. Cerámicas Esp. | MAD | Bure. Cervo | L | Rossenthal T.Z. | R. Unido | MAI | 74 | 860 |
| Explot. Rocas I. Mineras | COR | Dumbría | C | Nor Kuarts Ind. | Noruega | 70 | — | — |
| Explot. Rocas I. Mineras | COR | Vedra | C | Nor Kuarts Ind. | Noruega | 70 | — | — |
| Explot. Rocas I. Mineras | COR | Carballo | C | Nor Kuarts Ind. | Noruega | 70 | 115 | 2000 |
| Magnesitas de Rubian | MAD | Bóveda | L | Richard Costain Hol. | R. Unido | 35 | — | — |
| Magnesitas de Rubian | MAD | Sarria | L | Richard Costain Hol. | R. Unido | 35 | 76 | 811 |
| Minas de San Finx, SA | COR | Lousame | C | Coparex | Francia | 82 | 68 | 200 |
| M.S. de Ponferrada (**) | MAD | Redondela | P | Makine Wesfalia | Alemaña | 17 | 1 | 0 |
| Omniminas, SA | COR | Sta. Comba | C | Sogedip | Francia | 100 | 6 | 150 |
| Pasek España, SA | MAD | Cariño | C | pasek | Bélxica | 72 | 60 | 580 |
| Riotinto Minera, SA (**) | MAD | Touro | C | R.T.Z. Corporation | R. Unido | 49 | 264 | 2260 |
| Riotinto Minera, SA (**) | MAD | O Pino | C | R.T.Z. Corporation | R. Unido | 49 | 0 | 0 |
| S.M.M. de Peñarroya (**) | MAD | Touro | C | S.M.M. de Peñarroya | Francia | 100 | 0 | 0 |
| S.M.M. de Peñarroya (**) | MAD | O Pino | C | S.M.M. de Peñarroya | Francia | 100 | 0 | 0 |

(**): centros productivos inactivos en 1991.

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.

O capital estranxeiro tamén está presente na explotación de cuarzo. Galicia é unha importante productora deste mineral, recadando o 40% da producción española (MIE 1986). Actualmente existe unha empresa con capital estranxeiro que se dedica a extraer en Galicia este tipo de mineral non metálico. Trátase de Explotaciones de Rocas Minerales y Mineras, filial do grupo noruegués Norvakts Ind. A citada empresa conta con depósitos en Carballo, Dumbría e no Pico Sacro (minas Serrabal e El Castillo). Este mineral é un input importante na fabricación de vidro, sendo ademais moi utilizado para obtención de ferrosilicio e silicio metal.

MAPA 4. **EXTRACCIÓN DE MINERAIS. LOCALIZACIÓN DE CENTROS PRODUCTIVOS CONTROLADOS POR COMPAÑÍAS ESTRANXEIRAS DURANTE O PERIODO 1960-1990**




Fonte: elaboración propia.


Finalmente, debemos facer referencia á multinacional belga *Pasek*, que traballa en Galicia a través da súa filial *Pasek España*. A citada multinacional conta cunha mina na Serra da Capelada, no concello coruñés de Cariño. Deste depósito, no que principiou a explotación en 1970, extráense anualmente máis de 300.800 toneladas de dunita, dando emprego a sesenta persoas.

### *3.1.4. Extracción de pizarras e granitos*

A explotación de rochas ornamentais (pizarras e granitos) converteuse nu n dos negocios con máis pulo e rendibilidade dos que se están levando adiante en Galicia. O capital estranxeiro desempeña un papel destacado na explotación e comercialización deste importante recurso endóxeno existente no subsolo galego. Así, o capital italiano predomina na extracción e tratamento de granitos, onde conta cunha importante empresa participada. Pola contra, a pizarra aparece maioritariamente participada por empresas francesas, a onde se dirixe a maior parte da producción.

En efecto, considerando o conxunto das empresas participadas, resulta que o capital italiano intervén nun total de cinco empresas, o que representa case o 46 por cento do total de empresas participadas, mentres que Francia participa en catro, é dicir, no 37 por cento. Desta maneira, a explotación de

G.69. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á EXTRACCIÓN E TRATAMENTO DE PIZARRAS E GRANITOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.



pizarra e granitos aparecen maioritariamente participadas por sociedades italianas e francesas, que controlan o 83 por cento do total de empresas con participación estranxeira neste subsector.

A relevancia do capital italiano na producción de granito maniféstase claramente ó estudia-lo destino das exportacións. Desde 1969 e ata os nosos días, o 82 por cento do granito exportado desde Galicia dirixiuse a Italia. Este comportamento débese en parte ó control que as empresas italianas exercen sobre a producción, transformación e comercialización do granito galego. Actualmente, a multinacional italiana *Euromarble* explota, transforma e comercializa os depósitos de *granito rosa* existentes no Porriño, moi apreciado nos mercados nacionais e internacionais como material de excelentes condicións para a construcción. Esta multinacional italiana, xunto con outros investidores privados, participa directamente no control das empresas galegas *Blockdegal* e *Mármoles y Granitos de España*, dúas das empresas máis importantes do sector en Galicia. Outra multinacional, neste caso francesa, de grande tradición na minería galega é a *Societé Minere et Metalurgique de Peñarroya España*. Este grupo francés extrae granito a través da súa filial *Granitos Ibéricos Grayco*, empresa participada nun 60 por cento.


C.61. **EXTRACCIÓN DE PIZARRAS E GRANITOS. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DURANTE O PERÍODO 1960–1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Blockdegal, SA | PON | O Porriño | P | Inv. Privados | Italia | 15 | 54 | 535 |
| Canteras Gallegas, SA | PON | Mos | P. | Inv. Priv. Fran/Ita | Fran/Ita | 60 | 27 | 200 |
| Granitos Ibéricos, SA. | PON | Mos | P | S.M.M. de peñarroya | Francia | 60 | 118 | 1110 |
| Iberoitaliana Pizarras | OUR | O Barco V. | O | Inv. Privados | Italia | 20 | 102 | 484 |
| Int. Marbles Co. SA | MAD | O Porriño | P | International Marbles | Italia | 100 | 24 | 340 |
| Mármoles y Gra. España | PON | O Porriño | P | Euromarble/Adia Baltze | Ita/Lich | 77 | 35 | 277 |
| Orensana de Granitos | OUR | Cortegada | O | Inv. privado | U.S.A. | MIN | 60 | 198 |
| Orensana de Granitos | OUR | Pontеareas | O | Inv. privado | U.S.A. | MIN | — | — |
| Pizarras de Quiroga | LUG | Quiroga | L | C.G.I.P./Armat | Francia | 64 | 71 | 280 |
| Pizarras Galicera, SA | OUR | O Barco V. | D | S.M.M. de Peñarroya | Francia | 100 | 47 | 195 |
| Pizarras y Materiales | OUR | O Barco V. | D | S.M.M. de Peñarroya | Francia | 100 | 31 | 210 |
| Rothschech Pizarras SA | OUR | O Barco V. | O | Rathscheck H. | Alemaña | 100 | 27 | 200 |
| Rubipiedra (**) | PON | Porriño | P | W. Grisel Company | Suiza | 40 | 0 | 0 |

(**): plantas inactivas en 1991.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

MAPA 5. **EXTRACCIÓN DE PIZARRAS E GRANITOS. LOCALIZACIÓN DE CENTROS PRODUCTIVOS VINCULADOS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1990**




Fonte: elaboración propia.

Segundo os datos dispoñibles (IDEGA 1990, p.60), contra un 80 por cento do granito expórtase en bloques de 3 a 7 metros cúbicos, sen ningún tipo de transformación previa, polo que o valor engadido marcha para Italia. A producción está practicamente localizada en Pontevedra, aínda que existen empresas nas catro provincias que se dedican a esta actividade.

Como consecuencia deste programa, resulta que en 1990 o 43 por cento dos establecementos industriais existentes en Galicia dedicados a serrar e pulir granito están controlados por investidores estranxeiros, sobre todo italianos e franceses.

En canto á explotación de pizarras, cómpre sinalar que o capital francés, no que a participación estranxeira se refire, é maioritario. As multinacioanis galas SMM de Peñarroya España e CGIP son as principais expoñentes do capital francés na minería da pizarra galega. Estes grupos transnacionais controlan o cen por cen do capital social das empresas galegas *Pizarras Galicera*, *Pizarras y Materiales* e *Pizarras de Quiroga* respectivamente.

A producción desta rocha concéntrase especialmente nos concellos de Valdeorras e Quiroga, onde traballan a maioría das oitenta empresas que en 1990 se dedicaban a esa actividade (Cristobo, L. 1991, p.1). Aínda que o capital estranxeiro controlaba só o 6,2 por cento do total de empresas pizarreiras existentes na nosa Comunidade, a súa penetración é moi significativa, xa que canalizan case a totalidade das exportacións deste tipo de rocha. De feito, a producción de pizarras expórtase maioritariamente a Francia, polo que estas empresas dependen en grande medida do sector da construcción.


### *3.1.5. Fabricación de cemento, vidro e formigón*

Tendo en conta que as empresas que se dedican á elaboración deste tipo de productos traballan con materias primas extraídas do subsolo, consideramos oportuno incluílas dentro do grupo das industrias extractivas e de transformación de minerais.

A presencia de grupos estranxeiros na fabricación deste tipo de materiais é bastante recente, se se ten en conta que a maior parte dos mesmos se encontran traballando en Galicia desde finais dos anos 80. O forte medre que nos últimos anos está a experimenta-lo sector da construcción favorece dalgunha maneira a entrada de grupos multinacionais.

Un dos grupos estranxeiros que conta en Galicia cunha ampla rede empresarial é o francés *Ciments Français*, un dos líderes mundiais na producción

G.70. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á FABRICACIÓN DE CEMENTO, VIDRO E FORMIGÓN EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

de cemento. Esta poderosa multinacional francesa desembarca por primeira vez en España en abril de 1987 ó compra-lo 25% da empresa catalana *Ciments Molins*. A cementeira catalana convertíase así na cabeza de ponte para a introducción da compañía francesa en América Latina, xa que Molins posuía o 45% da sociedade arxentina *Calera* (Martí Saballs 1991a, p.95). En 1988, a sociedade gala, formando unha *joint-venture* con Cementos Molins, crea o grupo Promsa para atende-las actividades de áridos, formigón e prefabricados. *Promsa* estendeuse rapidamente por toda España, adquirindo sociedades en Cataluña, Aragón, Madrid, Castela, Andalucía e en Galicia. En efecto, en 1989 *Promsa*, filial española de Ciments Français, establécese en Galicia adquirindo a totalidade das accións de tres empresas galegas: Geogalaica, Hormigones Miño e Hormigones Marín. Deste xeito, Ciments Français está presente en tres das catro provincias da xeografía galega. A multinacional conta con canteiras propias situadas na Coruña e en Tomiño.

Outra multinacional, líder mundial na fabricación de cemento, é o grupo australiano *Pioneer Concrete*, que adquiriu en 1987 unha canteira na Coruña para fabricar formigóns e premesturados. Do mesmo xeito e coa mesma finalidade instalouse recentemente o grupo británico *RMC Group*, a través da súa filial española *Readymix Asland*, principal grupo cementeiro en España, onde conta cun cadro de persoal superior ós 2.620 empregados, facturando no exercicio contable de 1990 máis de 55.700 millóns de pesetas.


En setembro de 1992, a compañía portuguesa "Cimentos de Portugal" (Cimpor) entra no mercado galego, coa compra da empresa galega "Corporación Noroeste", mediante un investimento que superou os 32.000 millóns de pesetas. Deste xeito, o citado grupo portugués, fíxose co control de 39 empresas que operan en distintos sectores económicos, especialmente na fabricación de cemento e formigón e na industria alimentaria (ver cuadro 62-A).

C.62. **FABRICACIÓN DE CEMENTO, VIDRO E FORMIGÓN. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Elbatainer Ibérica SA | PON | Pontevedra | P | Elbatainer Group | R. unido | 90 | 24 | 680 |
| Geogalaica, SA | COR | A Estrada | P | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | Melide | C | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | Tomiño | P | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | Vigo | P | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | Dumbría | C | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | As Pontes | C | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | A Coruña | C | Ciments Francais | Francia | 50 | 140 | 1700 |
| Geogalaica, SA | COR | Carballo | C | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | Lalín | P | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | Pontecesu | P | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Geogalaica, SA | COR | Santiago | C | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Hormigones Marín, SL | LUG | Chantada | L | Ciments Francais | Francia | 50 | 5 | 60 |
| Hormigones Miño, SL | LUG | Chantada | L | Ciments Francais | Francia | 50 | — | — |
| Hormigones Miño, SL | LUG | Lugo | L | Ciments Francais | Francia | 50 | 22 | 450 |
| Pioneer Concrete Hisp. | MAD | A Coruña | C | Pioneer Concrete Serv. | Australia | 100 | 32 | 200 |
| Promsa Grupo (Galicia) | VAL | Pontevedra | P | Ciments Francais | Francia | 50 | 167 | 2200 |
| Readymix Asland, SA | MAD | Arteixo | C | RMC Group | R. Unido | 50 | 48 | 780 |
| Readymix Asland, SA | MAD | Mos | P | RMC Group | R. Unido | 50 | — | — |
| Rubiera Lugo, SA | LUG | Cospeito | L | Stalton | Suíza | 75 | 38 | 200 |
| Rubiera Stalton Gal. | PON | O Porriño | P | Stalton | Suíza | 100 | 121 | 200 |
| Tilestone, SA | COR | Narón | C | Daiwal Securities | Xapón | 27 | 142 | 6747 |
| Unión Cristalera, SA | PON | Vigo | P | Saint Gobain Goupe | Francia | 67 | 140 | 1600 |

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.

C.62-A. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL DE CORPORACIÓN NOROESTE**




Fonte: El Correo Gallego (1993): 2.500 empresas gallegas y 200 del norte de Portugal, p. 37.


Mentres tanto, a multinacional suíza *Stalon* está presente en Galicia desde 1964, ano en que se creou a súa filial *Rubiera Stanton Galicia*. Esta empresa contaba cunha planta de producción no Porriño e outra no concello lucense de Cospeito, propiedade da súa filial *Rubiera Lugo*.

Dentro do grupo de empresas que se dedican á fabricación de materiais para a construcción debemos cita-la empresa ferrolá *Tile-Stone*. Esta sociedade constitúe, xunto ó caso xa comentado de Polipropileno de Galicia, un dos proxectos de maior envergadura instalados en Ferrolterra, nacidos gracias ós incentivos achegados pola ZID de Ferrol. A factoría, auspiciada pola tecnoloxía xaponesa *Daiwal Securities,* comezou a finais de 1991 a producir ligados de pedra: aglomerados de granito e cuarzo con resina e silicio. Constitúe a primeira fábrica do mundo dedicada á elaboración de pedra artificial, a partir de granito en vez de mármore. O mercado dos aglomerados ornamentais galegos que se fabrican en Narón repártese entre Xapón, EE.UU, a CEE e a Península Ibérica en porcentaxes semellantes, de acordo coas informacións facilitadas pola propia empresa.

Na producción de vidro, o capital estranxeiro tamén está presente na nosa Comunidade Autónoma. O grupo multinacional francés *Saint Gobain* traballa en Galicia a través de Cristalería Española, propietaria da empresa viguesa Unión Cristalera. A firma francesa, fundada en 1665 por homes de negocios dentro dun proxecto de expansión económica deseñado por Luís XIV e o seu ministro Colbert, foi pioneira da nova empresa industrial que rompía coa actividade artesanal e o sistema de gremios. A súa expansión comezou xa no século XIX. Instalouse en Alemaña en 1857, en Italia en 1889 e en España en 1904 (Martí Saballs 1991b, pp.78-82). Saint Gobain controla actualmente máis do 70 por cento do capital social de Cristalería Española, a través da cal participa á súa vez na *Veneciana, Industria del Cuarzo, Vicasa, Funditubo* e *Celulosas del Nervión,* entre outras. Trátase, por tanto, dun grupo multinacional cunha forte implantación empresarial na economía española, que se traduce no liderato da fabricación de vidro plano para a industria da construcción e do automóbil.

As iniciativas que se levaron adiante para instalar en Ferrol unha fábrica de vidro resultaron definitivamente infructuosas. O proxecto, presentado en 1987 pola Sociedade Italiana do Vidro, pretendía realizar un investimento multimillonario superior ós 20.000 millóns de pesetas e orixinar uns 380 postos de traballo directos. A multinacional, integrada no ente público italiano EFIM despois de efectuar diversos cambios na súa cúpula directiva,

MAPA 6. **FABRICACIÓN DE CEMENTO, VIDRO, FORMIGÓN E AGLOMERADOS DE PEDRA NATURAL. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS E CANTEIRAS DE EXTRACCIÓN VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1990**




Fonte: elaboración propia.


optou en 1991 por situa-la nova empresa na localidade italiana de Calabria. Esta decisión supuxo un forte golpe para o rexurdimento industrial da comarca ferrolá, que puxera en principio grandes esperanzas na viabilidade do proxecto.

Como consecuencia do panorama descrito, resulta que o capital francés domina este subsector, no que se detecta a presencia dos grupos multinacionais máis importantes existentes a nivel internacional. As empresas con capital galo representan o 40 por cento do total. O resto aparece moi repartido entre Suíza, Reino Unido, Australia e Xapón, tal como se pode apreciar na gráfica 70.

### 3.2. Industria alimentaria

A penetración do capital estranxeiro na industria alimentaria galega adquiriu, especialmente a partir da década dos 80, un fortísimo incremento, que tende a aumentar aceleradamente a medida que pasan os anos. De feito, o sector agroalimentario caracterízase por estar xa tutelado e dirixido en boa medida por empresas multinacionais francesas e norteamericanas, que están contribuíndo decisivamente á transformación do campo galego. A lenta pero

G.71. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á INDUSTRIA ALIMENTARIA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1991**





FONTE: Elaboración propia.

progresiva especialización na producción láctea, e subsidiariamente na cárnica, está directamente relacionada e influenciada pola localización de novas empresas multinacionais. Estas instalaron as súas plantas en Galicia e comezaron a trata-los productos dunha agricultura destinada cada vez máis cara ó mercado nacional.

G.72. **DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á INDUSTRIA ALIMENTARIA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1991**

BE: Bebidas; IC: Indust. Conserveira; OI: Outras Emp. Aliment.
PC: Pensos e Carnes; PL: Productos Lácteos; AC: Acuicultura




FONTE: Elaboración propia.

A entrada dos grandes grupos estranxeiros comeza xa na década dos sesenta e mesmo antes. Tal é o caso da multinacional Nestlé, que en 1940 decide instalar unha factoría no concello de Pontecesures para fabricar leite condensado e en po, que posteriormente sería distribuído nas escolas durante os anos de postguerra. A planta foi refeita en 1973, converténdose nunha das máis importantes en España no seu xénero. O grupo suízo a partir dese momento foi aumentando a súa presencia en Galicia creando e adquirindo novas empresas lácteas. Así, en 1972 faise co control da empresa catalana *Massanés e Grau*, que contaba cunha planta en Vilalba, e en 1973 pon en funcionamento *Derivados Lácteos y alimenticios*, que instala unha fábrica en Vigo, posteriormente pechada.



Outra das multinacionais con maior antigüidade na industria alimentaria galega é a francesa *Sanders*. Esta empresa contaba xa nos anos 70 con dúas factorías en Lugo, unha fábrica de pensos e un matadeiro industrial. Así, en 1974 absorbe *Gallega de Piensos* e en 1979 integra no seu grupo a empresa *Mercados Agropecuarios de Galicia*. Posteriormente, o grupo francés, que traballa en Galicia a través de *Unión alimentaria Sanders*, irase desfacendo progresivamente das súas plantas en Galicia ó seren adquiridas pola multinacional norteamericana *Conagra* a través da súa filial *Saprogal*.

Considerando o conxunto do investimento estranxeiro directo rexistrado na industria alimentaria galega entre 1960 e 1991 sinalaremos dous feitos moi importantes:

a) Case a metade dos investimentos estranxeiros acometidos neste sector dirixíronse ás unidades empresariais dedicadas á producción de pensos, carnes e elaboración de productos lácteos. Esta actividade recada o 47% do total dos investimentos realizados. O resto concéntrase sobre todo na industria conserveira e na acuicultura. A entrada de investidores estranxeiros nestas dúas últimas pólas é moi recente e tende cada vez máis a incrementarse.

b) Destaca o predominio dos investidores franceses, norteamericanos e noruegueses. Deste trío de países proceden máis do 60% do investimento directo detectado nas empresas alimentarias galegas. Individualmente, o capital francés participa durante o período obxecto de estudio en 21 empresas, o que representa case o 30% do total de empresas participadas por investidores estranxeiros. Séguea en importancia o capital procedente de EE.UU, que se introduce directamente en 16 empresas, co que recada o 20% do total. Unha característica común que afecta ó capital procedente de ámbolos países baséase na estratexia de penetración seguida. En efecto, o interese por controlar rapidamente o mercado galego e nacional inclina estas empresas a seguir técnicas baseadas na adquisición total (take over) ou parcial de sociedades en pleno funcionamento, sendo moi limitados os casos de creación de novas sociedades.

O comportamento do capital procedente de Noruega é abondo distinto. Os investimentos procedentes deste país nórdico incrementáronse notablemente nos anos 80, converténdose no terceiro país con maior número de empresas participadas (12,8%), nas que a súa contribución tecnolóxica é moi significativa. Iso débese á estratexia que seguen os investidores noruegueses. Estes tenden maioritariamente a se introduciren en Galicia creando novas empresas en estreita colaboración co capital rexional. Froito da *joint ven-*

*ture* co capital galego e español xorden novos proxectos industriais encamiñados a desenvolve-lo eido dos cultivos mariños creando empresas mixtas. Este tipo de colaboración e de estratexia pon a disposición das unidades productivas establecidas en Galicia a tecnoloxía de vangarda que procede das multinacionais norueguesas. Os investidores nórdicos pasan deste xeito a ter polo xeral pequenas participacións non superiores ó 50% do capital social da nova empresa, sendo excepcións os casos en que o capital noruegués participa ó cen por cen.

O resto do investimento realizado ó longo dos últimos 30 anos distribúese entre doce países, destacando sobre todo o procedente de Sudáfrica, Reino Unido, Bélxica/Luxemburgo e Portugal. Destes países procede o 22 por cento do investimento, que se traduce no control de 17 empresas.

### *3.2.1. Industrias lácteas*

A industria láctea é unha das pólas industriais que nos últimos anos está experimentando unha maior penetración do capital estranxeiro, fundamentalmente o francés. A multinacional suíza Nestlé foi, como xa se dixo, a primeira en introducirse na industria láctea galega a finais da guerra civil, instalando unha planta en Pontecesures. Nestlé, que nun principio chegou a contar con instalacións tamén en Vigo e Vilalba, decide sanea-las empresas do grupo. Froito desta remodelación pecha a planta de Vigo e vende as instalacións de Vilalba e subcentros en Lalín e Allariz.

Nestlé comezou en España as súas actividades en 1905 coa fabricación de fariña láctea en La Penilla (Santander). En 1910 lanza o famoso leite condensado *La Lechera* e dez anos máis tarde constitúese a actual denominación. A traxectoria seguida por este grupo desde a súa implantación en España estivo marcada por un constante crecemento e diversificación dos seus productos. Actualmente conta en España con 12 factorías propias, espalladas por Cantabria, Asturias, Girona, Barcelona, Valladolid, Cáceres, Guadalajara e Sevilla, acadando unha facturación conxunta superior ós 140.000 millóns de pesetas e dando emprego no noso país a 7000 persoas.

A multinacional suíza (Francesc Cabana, 1986, pp.87-92), creada en Vevey en 1866, posúe na actualidade máis de 150 centros administrativos espallados por todo o mundo, máis de 700 oficinas nos cinco continentes e máis de 300 fábricas especializadas en productos lácteos, dietéticos, bebidas, chocolates e sopas. En España chegou a ter 14 factorías propias. En 1983 o



grupo Nestlé tiña xa plantas productivas en 56 países. A súa presencia esténdese a actividades tales como a fabricación de bebidas solubles, derivados lácteos, alimentos conxelados, repostería, restaurantes, hoteis e productos farmacéuticos e cosméticos; estas últimas, a través da participación en *L'Oreal*, da que é accionista sen intervir na súa xestión. O grupo ten compañías destinadas especialmete a investigación e desenvolvemento, nomeadas co sufixo -reco (research Co.). En España esta actividade investigadora desenvólvea *Hispareco* en Badajoz, e as súas actividades dependen directamente da central suíza (Martínez Vázquez, J. 1984a, p.72).

A concesión de certos incentivos económicos ós agricultores e gandeiros para que ampliasen as súas explotacións, así como o desenvolvemento de pequenos cursos de formación en granxas agrícolas modelo, son algunhas das contribucións prácticas promovidas e realizadas por Nestlé en Galicia (Iturra, R. 1988, p.39).

Posteriormente, será a multinacional norteamericana Kraft Incorp. a que, a través de Kraft Leonesas, instale unha factoría en Reme (Ribadeo). Actualmente, esta empresa funciona como un centro de recollida e exportación de leite, que envía a outras plantas que a multinacional ten en León e Hospital de Orbigo. Kraft Leonesas terá entre 1972 e 1979 un moderado crecemento tanto en producción como en número de traballadores. En decembro de 1989 *Comercial Saimaza* pasou a chamarse *Kraft General Foods*, absorbendo a actividade de *Kraft Leonesas*. Deste xeito a multinacional norteamericana, que controla máis de 24 empresas en todo o mundo, pasa a desempeñar un papel destacado na alimentación española, ó se converter nun potente grupo que factura máis de 28.000 millóns en España.


Nos anos 80 e comezos dos 90 irrompen con forza dous potentes grupos lácteos franceses, que mediante adquisicións rápidas e moi estratéxicas se fan co control de case un tercio da producción láctea galega. O primeiro en chegar será a multinacional Besnier, que en 1983 adquire as antigas instalacións de *Massanés y Grau*, situadas en Vilalba. Aquí fabrica varios tipos de queixos e manteiga. Trátase dos queixos de tipo pasta dura coñecidos coa marca de *President* e *Don Camilo*, así como outros de pasta branda baixo a marca *President-Presibrie-Cremantana* e *Techa Cha*. A manteiga leva tamén a marca *President*.

A firma francesa, que en 1990 facturou máis de 5.100 millóns de pesetas, puxo recentemente en funcionamento dúas novas empresas coa finalidade

de amplia-la súa producción e aumenta-la súa cota de mercado en Galicia. Así, o 17 de outubro de 1990 constituíuse a empresa *Leche de Galicia*, cun capital social de 300 millóns de pesetas. Con esta nova planta ponse en funcionamento unha unidade moderna de procesado de leite U.H.T. Dous meses máis tarde e cun capital social de 380 millóns créase *Queserías de Villalba*, encamiñada á producción de derivados lácteos: queixos e manteigas. O investimento total realizado superou amplamente os 1.000 millóns de pesetas. Estes investimentos na creación de novas plantas ofrecen a posibilidade de industrializa-la materia prima galega na propia Comunidade, contribuíndo decisivamente á modernización dos centros productivos instalados en Galicia.

A multinacional, que ten a súa sede social en Madrid, está dirixida totalmente por técnicos e directivos franceses. Indubidablemente, a súa presencia productiva en Galicia compleméntase coa comercialización de productos elaborados en Francia, e que son distribuídos por todo o territorio nacional. Para abastece-los seus centros productivos situados en Vilalba, a multinacional gala recorre ás veces á importación de leite procedente de Francia, ben mediante camións cisterna ben a través do ferrocarril e en contentores especiais.

G.73. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á INDUSTRIA LÁCTEA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1991**





FONTE: Elaboración propia.



Besnier é un dos grupos lácteos franceses máis potentes de Europa. Trala recente adquisición dunha participación maioritaria no capital social da sociedade *Comerep*, holding do grupo *Bridel*, Besnier confírmase como o xigante da producción láctea no país ultrapirenaico, cunha recollida de 4.000 millóns de litros de leite, equivalente á producción total española e máis do dobre da recollida en Galicia, cunha facturación anual que anda polos 330.000 millóns de pesetas. A multinacional francesa convértese así no segundo productor europeo, detrás da multinacional Nestlé, que ten arredor de 835.000 millóns de pesetas de facturación anual (Anuario El País 1991). O enlace entre *Besnier-Brides* representa, segundo cálculos da propia empresa gala referidos a Francia, o 16% da recollida de leite, igual porcentaxe na fabricación de queixos, o 24% da producción de manteiga e o 24% das vendas de leite fresco para o consumo diario. O grupo francés convértese así no primeiro grupo exportador de productos lácteos franceses (La Voz de Galicia 27-04-1991).

C.64. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL EN ESPAÑA DO GRUPO FRANCÉS UNION LAITAIRE NORMANDE**




Fonte: Alimarket, 1991 e elaboración propia.

A entrada do outro xigante francés do sector lácteo *Union Laitaire Normande* prodúcese en setembro de 1990. Mediante a introducción de 1.250 millóns de pesetas, a firma francesa fíxose inicialmente co 40% do capital social do grupo Larsa, aproveitando as graves dificultades financeiras que viña atravesando o grupo lácteo galego. Un ano máis tarde, setembro de 1991, o grupo francés incrementará a súa participación ata controla-lo 100 por cen, tras adquiri-lo resto das accións á familia Rodríguez. A operación permite ó grupo francés participar directamente en seis empresas integradas no grupo Larsa. Tamén en 1991, mediante acordo con Tabacalera, faise co 51% de *La Lactárea Española*, propietaria do *Complejo de Industrias Lácteas de Lugo*, situada en Nadela (Lugo). Do mesmo xeito, dous meses máis tarde, logo de establecer negociacións con *Clas*, faise co 30% das accións de *Quesos de Galicia*, situada en Narón.

Este conxunto de operacións converten axiña a ULN no principal investidor estranxeiro cunha presencia realmente enorme na producción láctea galega, ó participar no control e producción de máis de 205 millóns de litros anuais de leite en Galicia. Isto supón máis do 10% da producción láctea galega.

C.63. **INDUSTRIA LÁCTEA. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Besnier España, SA | MAD | Vilalba | L | Besnier International | Francia | 100 | 111 | 5100 |
| C. Lechera Pontevedresa | PON | Pontevedra | P | U. Laitaire Normande | Francia | 100 | 45 | 800 |
| Derivados Lácteos (**) | BAR | Vigo | P | Nestlé SA. | Suíza | 100 | 0 | 0 |
| Granja Arjeriz, SA | COR | Outero Rei | L | U. Laitaire Normande | Francia | 100 | 60 | 4135 |
| Kraft Leonesas, SA | MAD | Ribadeo | L | Kraft Incorp. (G. Foods) | U.S.A. | 100 | 57 | 3250 |
| LA Lactarea Española | MAD | Nadela (Lu) | L | U. Laitaire Normande | Francia | MAI | 130 | 5850 |
| Larsa | PON | Chantada | L | U. Laitaire Normande | Francia | 100 | — | — |
| Larsa | PON | Vilagarcía | P | U. Laitaire Normande | Francia | 100 | — | — |
| Larsa | PON | Vigo | P | U. Laitaire Normande | Francia | 100 | 900 | 14000 |
| Leche de Galicia, SA | LUG | Vilalba | L | Besnier | Francia | 100 | 26 | 580 |
| Mantequerías Arias (**) | MAD | Lugo | L | Bongrain | Francia | 100 | 0 | 0 |
| Queserías de Villalba | LUG | Vilalba | L | Besnier | Francia | 100 | 24 | 620 |
| Quesos de Galicia, SA | COR | Narón | C | U. Laitaire Normande | Francia | 30 | 47 | 550 |
| S. Nestlé A.E.P.A. | BAR | Pontecesu | P | Nestlé | Suiza | 100 | 234 | 9800 |
| Vega de Oro, SA | LUG | Meira | L | U. Laitaire Normande | Francia | 100 | 68 | 1850 |

(**): plantas inactivas en 1991.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.



O seu liderato a nivel nacional consolídase coa compra do 40% do grupo *Celbasa Ato*, que ten en Lugo un centro de recollida de leite denominado *Lechera Lucense S.A.* O grupo ATO, segundo datos de Alimarket, factura anualmente preto dos 30.000 millóns de pesetas. Estas cifras, sumadas ó volume de negocio do grupo *Larsa* (21.000 millóns) e á facturación acadada polo grupo *Lesa* (31.559 millóns), converten a Union Laitaire Normande no primeiro grupo leiteiro español, que controla case o 20% da producción total española rexistrada no sector.


Union Laitaire Normande agrupa en Francia nove cooperativas nas que se integran 19.000 productores. Segundo datos da *Revista Española de Lechería*, o grupo francés, que conta cun forte apoio financeiro do Goberno galo para financia-los seus investimentos no exterior, emprega no seu país máis de 6.000 persoas en 19 fábricas. Dispón de recursos propios superiores a 900 millóns de francos (17.000 millóns de pesetas) (R.E. de Lechería 1990). Nembargantes, e a pesares dos activos industriais con que conta, a citada empresa francesa, coincidindo cunha etapa de graves problemas financeiros, foi absorbida en 1992 pola tamén multinacional gala *Bongrain*, actual propietaria do grupo *Larsa*.

Os novos responsables do grupo galego teñen previsto cerra-las plantas de Pontevedra, Vigo, Meira, Madrid e as delegacións que non sexan rentables.

A presencia francesa no sector lácteo galego complétase ademais, cun centro de refrixeración e recollida de leite que a empresa *Danone, S.A.*, participada nun 35% pola multinacional francesa *B.S.N.*, ten no polígono industrial de Monforte de Lemos. As instalacións do citado centro proporcionan emprego a 12 traballadores. O grupo *B.S.N.*, é actualmente o primeiro fabricante de botellas do mundo e a terceira empresa de alimentación máis importante despois de *Nestlé* e *Unilever*.

Deste xeito, non é de estrañar que o capital estranxeiro predominante na industria láctea galega sexa nun 76% de orixe francesa. O resto procede de Suíza e Estados Unidos. O conxunto da producción das empresas participadas por investidores estranxeiros representa un 28% do total do sector. En efecto, segundo datos fornecidos pola Xunta, Galicia produce anualmente 523 millóns de litros de leite (La Voz de Galicia, 11-08-1991). Admitindo como válida esa cifra, as empresas vencelladas a multinacionais estranxeiras recollen anualmente 523 millóns de litros. A partir desta materia prima, os grupos do sector con participación estranxeira facturaban en 1990 máis de 46.500 millóns de pesetas, dando emprego a 1657 traballadores na industria láctea.

MAPA 7. **INDUSTRIAS LÁCTEAS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

Asistimos pois a unha incesante penetración de capital estranxeiro en sectores tradicionais da economía galega, utilizando como estratexia básica de penetración nun 90% a adquisición parcial ou total (take over). O seu efecto na transformación do campo maniféstase claramente a medida que pasan os anos. Sen embargo, o terror por parte dos gandeiros e organizacións sindicais do sector á entrada de multinacionais é cada vez máis preocupante, na medida que provocan un descenso xeralizado dos prezos do leite, o que favorece a desaparición de moitas explotacións incapaces de rendibiliza-los seus investimentos. Aparece pois como única alternativa para facer fronte á entrada de empresas multinacionais a constitución e creación dun poderoso grupo galego que sexa capaz de competir coas empresas lácteas foráneas, evitando con iso a caída dos prezos e a ruína dos gandeiros. O peso ascendente das firmas estranxeiras obriga ós gandeiros e ás propias empresas a realizar unha mecanización e transformación máis rápida das súas estructuras organizativas e comerciais para poder atende-las necesidades dun mercado único tremendamente competitivo.

### *3.2.2. Fabricación de pensos*

A elaboración de pensos ten en Galicia unha enorme importancia. O seu desenvolvemento foi francamente extraordinario ó longo da década dos anos 80. A crecente demanda de productos alimenticios destinados ó engorde da cabana gandeira galega fixo xudir nos últimos quince anos numerosas empresas e complexos agroindustriais encamiñados a producir todo tipo de pensos compostos e productos altamente concentrados.

Unha das primeiras empresas multinacionais relacionadas con esta actividade que se establece ne Galicia é a xa comentada Sanders. Esta empresa, que se establece en España en 1953, instala axiña varias fábricas en Lugo: en Begonte (1978), en Lugo (1979) e unha máis antiga en Tolda de Castela (Lugo). Así mesmo, esta empresa pon en funcionamento un matadeiro de aves en Pobra de San Xulián (Lugo) e unha explotación avícola en Rábade (Lugo) (Fomento de la Producción 1980). Posteriormente, como xa se indicou ó comezo do capítulo, U.A. Sanders tende a vender varias instalacións. Así, a comezos dos oitenta vende *Megapsa* ó capital galego, limitando temporalmente a súa actividade en Galicia á fábrica de Begonte e á súa filial *Granja Ramil*, adquiridas en 1987 pola multinacional norteamericana *Conagra*. En 1988 a firma francesa concentraba definitivamente a producción de pensos compostos nas súas fábricas de Granada, Zaragoza e

Pinto, mantendo a totalidade do capital en mans de accionistas franceses (Fomento de la Producción 1990).

A entrada da multinacional norteamericana Conagra Inc. en Saprogal, adquirindo a totalidade das accións da compañía galega, converten o grupo norteamericano no líder do sector en Galicia. A compañías norteamericana efectúa a súa entrada en Galicia a través da súa filial *Bioter Biona*, que en 1982 adquire o 50% das accións que *Molinos de Puerto Rico* posuía en *Saprogal*. A súa participación irase incrementando ata controla-lo 100 por cen do capital social da sociedade galega. Deste xeito Saprogal convértese nunha das sociedades filiais da multinacional norteamericana. A través da súa filial galega, a multinacional norteamericana acomete durante os anos 80 varios investimentos coa finalidade de aumenta-la súa rede empresarial en Galicia. Así, faise co control do matadeiro de Frigsa, compra a totalidade das instalacións de Bioter en Galicia e a fábrica de productos cárnicos propiedade de Aldea, situadas na Coruña.


A estratexia seguida pola multinacional norteamericana, baseada nunha expansión rápida mediante adquisicións totais que lle permiten controlar rapidamente o mercado galego e gran parte do nacional, ó se converter no segundo sector, propiciou a formación dun poderoso grupo caracterizado pola diversificación da súa producción. O grupo Conagra é ata o momento a única multinacional que ten a súa sede social en Galicia. Actualmente conta na nosa Comunidade con tres fábricas de pensos, dous matadeiros, un en Lamabranca (Lugo) e outro en Castro Ribeiras (Lugo), e unha fábrica de elaboración de productos cárnicos (Aldea) na Coruña, así como unha planta de Conagra Avicultura, S.A., situada no concello lucense de Castro de Rei. En España, posúe ademais Bioter (pensos compostos), Intra (matadeiro avícola), Ewos (pensos para acuicultura) e Conagra Internacional, dedicada á comercialización de cereais (Alimarket 1990). A producción das súas filiais está respaldada coa existencia dun laboratorio de productos zosanitarios situado en Alcalá de Henares e outros dous de control de calidade de materias primas e productos acabados.

Outro dos grupos estranxeiros de considerable importancia que se dedica a fabricar pensos en Galicia é o belga *Inve Group*, que actúa en Galicia a través da súa filial *Calidad Inve Galicia*. Actualmente conta con fábricas en Begonte (Lugo) e en Vigo. Á empresa, que modificou varias veces o seu nome, vén producindo pensos en Galicia desde 1968. A parte da ramificación galega, o grupo *Inve* ten centros productivos en Madrid e Toledo. As iniciativas internacionais desta casa estenden os seus brazos ata áreas tan afastadas do Oriente centro Europeo como Taiwán, China e Filipinas, onde dispón de centros productivos (La Voz de Galicia, 2-02-1991).

O grupo holandés *Hendrix*, hoxe propiedade da multinacional británica *Brithish Petroleun* tamén traballa en Galicia. A través do brazo holandés, a compañía británica controla *Pensos do Sil*, que conta cunha fábrica de pensos en Arteixo e *Hypor Ibérica*, dedicada á producción de porcino.

En 1990 o grupo italiano Ferruzzi faise co control da factoría *Kelsa*, situada na Coruña. Esta empresa estivo participada polo grupo francés *Lesieur*, que a través da súa filial Koipe participaba no 50% do capital social da empresa coruñesa. Ferruzzi Ibérica instálase en España en 1985, dedicándose basicamente ó comercio internacional de cereais. Forma grupo con Gufersa, Ferruzzi España e Guadalco Ferruzzi. Como vemos, trátase doutra potente multinacional. A empresa coruñesa dedícase actualmente á elaboración de aceite e penso a partir de sementes de soxa importadas maioritariamente de Brasil e Canadá.

G.74. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO EN GALICIA Á ELABORACIÓN DE PENSOS DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Máis recente é a entrada da multinacional norteamericana *Ralson Purina*, que adquire unha fábrica de pensos en Arteixo a través da súa filial Gallina Blanca Purina.

Outro proxecto máis interesante que se está levando adiante en Galicia promovido por accionistas de orixe norteamericana, está relacionado coa soxa. Para promove-lo seu cultivo e comercialización, tres accionistas norteamericanos crearon en 1986 unha empresa baixo o nome de *Soja de Galicia*. O proxecto consolidábase definitivamente en 1987, ano en que a empresa pasa a denominarse *Projet Galicia, S.A*. O cultivo de soxa, nunha primeira etapa de carácter experimental, púxose en marcha en varios montes comunais de Galicia. En colaboración coa Xunta e a empresa Kelsa, comezaron os traballos de roturación de montes comunais para adaptar 50.000 hectáreas para a plantación de soxa. Así se acondicionaron terreos na comarca de Bergantiños, varios concellos da provincia de Pontevedra (Fornelos de Montes, Forcarei) e en varios puntos do concello ourensán de Avión. Polo momento, os resultados das explotacións foron cativos, polo que boa parte da súa facturación procede da comercialización de faba de soxa importada de Estados Unidos.

**C.66. FABRICACIÓN DE PENSOS. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Al. Compuestos Galicia | PON | Pontevedra | P | Doux | Francia | 100 | 7 | 120 |
| Calidad Inve Galicia | PON | Vigo | P | Inve Groupe | Bélxica | 70 | 45 | 1700 |
| Calidad Inve Galicia | COR | Begonte | L | Inve Groupe | Bélxica | 70 | — | — |
| Cereol Kelsa, SA | COR | A Coruña | C | Ferruzzi Groupe | Italia | 100 | 102 | 9500 |
| Conagra Grupo | COR | A Coruña | C | Conagra | U.S.A. | 100 | 875 | 30052 |
| Gallina Blanca Purina | BAR | Arteixo | C | Ralston Purina | U.S.A. | 50 | 48 | 1916 |
| Harinas y Sémolas NW. | PON | O Porriño | P | Imperial Cold Storage | Sudáfrica | MIN | 20 | 650 |
| Pascual Galicia, SA | PON | Padrón | C | United Bronds | U.S.A. | 30 | 23 | 200 |
| Piensos del Sil, SA | COR | Arteixo | C | Euribrid BV (Hendrix) | Holanda | 100 | 58 | 200 |
| Projet Galicia, SA | PON | Pontevedra | P | Inv. Privado | U.S.A. | 100 | 12 | 200 |
| Saprogal, SA | COR | Begonte | I | Conagra Inc. | U.S.A. | 100 | 570 | 21450 |
| Saprogal, SA | COR | S. Pedro Nós | I | Conagra Inc. | U.S.A. | 100 | — | — |
| Saprogal, SA | COR | O Porriño | I | Conagra Inc. | U.S.A. | 100 | — | — |
| Unión Técnico Ganadero | COR | Bergondo | C | Stabl. Guyomar'Ch | Francia | 67 | 25 | 1300 |
| U. A. Sanders | MAD | Lugo | L | Sanders SA. | Francia | 100 | 102 | 1340 |

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.




Para rematar, debemos facer referencia ó grupo francés *Guyomarc'h*. Esta multinacional, a través da súa filial española *Guyomarc'h Ibérica*, participa maioritariamente en Unión Técnico Ganadera, empresa dedicada á fabricación de pensos compostos no concello coruñés de Bergondo. Actualmente participa tamén en *Procugasa*, especializada na producción e comercialización de carne de coello.

**C.67. GRUPO CONAGRA EN ESPAÑA EN 1990**





Fonte: elaboración propia.

**C.68. GRUPO DOUX FRANCE EN ESPAÑA EN 1990**




Fonte: elaboración propia.

MAPA 8. **FABRICACIÓN DE PENSOS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS A GRUPOS ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.


A fabricación de pensos a gran escala está practicamente controlada na súa totalidade polo capital estranxeiro.Un total de once empresas con participación estranxeira relacionadas con esta actividade traballan en Galicia, acadando no seu conxunto unha facturación anual próxima ós 40.000 millóns de pesetas con só 1.012 traballadores. Estas cifras poñen de manifesto a alta rendibiidade que caracteriza as empresas participadas, superando mesmo ós grandes da alimentación galega: Coren e Pescanova.

O capital procedente de EE.UU conta en Galicia con seis unidades productivas dedicadas á fabricación de pensos, o que representa un 43% do total con participación estranxeira. Francia recada o 21,4% e Bélxica/Luxemburgo o 14%, mentres que o resto se distribúe entre varios países. En definitiva, os investimentos realizados en Galicia por investidores estranxeiros neste sector da alimentación durante os últimos 30 anos procede en máis dun 64% de EE.UU. e Francia.

### *3.2.3. Industrias cárnicas*

As empresas multinacionais que traballan en Galicia nesta rama son practicamente as mesmas que atopamos na fabricación de pensos. A complementariedade existente entre estas dúas actividades -fabricación de pensos e producción de carne- é evidente. Os grandes grupos agroindustriais como

G.75. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NA INDUSTRIA CÁRNICA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Conagra, Sanders e Doux controlan a totalidade do proceso productivo, sendo practicamente autónomas en canto a provisión de materias primas e procesos productivos. As compañías multinacionais que se dedican en Galicia á elaboración de productos cárnicos contan á súa vez con fábricas de pensos, granxas de engorde e matadeiros propios. A posta en funcionamento desta estratexia fornece ás multinacionais unha total autonomía e independencia, fronte ós seus competidores máis inmediatos.

Os complexos agroindustriais promovidos polo capital francés e americano son a tónica dominante durante o perído 1960-1991. Durante esta etapa, caracterizada por unha forte expansión das industrias cárnicas, o capital procedente de Francia e EE.UU. representa o 80% do investimento estranxeiro directo rexistrado nesta actividade.

C.69. **INDUSTRIA CÁRNICA. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Aldea, SA | COR | A Coruña | C | Conagra | U.S.A. | 100 | 67 | 198 |
| Avícola de Galicia, SA | PON | Barro | P | Doux | Francia | 100 | 150 | 2600 |
| Frigsa | LUG | Lugo | L | Conagra | U.S.A. | 100 | 131 | 4800 |
| Granja Ramil, SA | LUG | Lugo | L | Conagra Inc. | U.S.A. | 100 | 61 | 850 |
| Hypor Ibérica, SA | COR | Muras | L | Euribrid BV (Hendrix) | Holanda | 87 | 16 | 329 |
| Indus. Abella, SA (**) | LUG | Lugo | L | Beatrice Foods | U.S.A. | 100 | 0 | 0 |
| Matadero de Campaño | PON | Campaña | P | Doux | Francia | 100 | — | — |
| Mataderos de Galicia | LUG | Lugo | L | Sanders | Luxemb. | 100 | 14 | 200 |
| Megapsa (*) | LUG | Láncara | L | Sanders | Francia | 100 | 42 | 1450 |
| Procuga, SA | COR | Soñeiro | C | Guyomarc'H | Francia | 23 | 12 | 145 |


(**): plantas inactivas en 1991.
(*): empresas que en 1991 carecían dunha participación estranxeira directa.

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.

A multinacional norteamericana Conagra, primeiro grupo cárnico de EE.UU ó fusionarse con Holly Farms (La Voz de Galicia, 24-05-1989) concentrou os seus investimentos na compra de importantes empresas dedicadas á elaboración de productos cárnicos. Durante a década dos 80 faise co control de *Frigoríficos Industriales de Galicia* e de *Aldea. Frigsa*, creada en Lugo en 1991, é unha das empresas máis importantes do sector existentes en Galicia. O labor desta empresa durante anos limitouse a promover unha demanda que para a gandería vacuna, porcina e tamén no seu



MAPA 9. **ELABORACIÓN DE PRODUCTOS CÁRNICOS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

momento de aves, tivo unha certa importancia. Sen embargo, o proceso productivo industrial posterior da carne non se realizou. De aí que, como ben se indica nun informe da Xunta, "o valor engadido, derivado desta actividade que nunca existiu, transferiuse a outras áreas españolas" (Consellería de Enerxía, Industria e Comercio, 1979, p.77). Despois de atravesar por momentos moi delicados, a empresa galega, plenamente integrada na estructura multinacional norteamericana, acadou certa estabilización, reorientando as súas actividades cara a unha maior diversificación e elaborando productos totalmente acabados e listos para seren comercializados.

En 1983, outra multinacional norteamericana, *Beatrice Foods*, adquire o 50% do capital social de Industrias Abella, a través da súa filial española Interaliment. A empresa galega, que chegou a contar a comezos dos anos 80 con máis de 200 traballadores, acabou por desaparecer e pecha-las súas instalacións productivas.

Entre os grandes grupos de orixe francesa, ademais do xa analizado Sanders, cómpre salienta-la multinacional *Doux*. En 1990 a firma gala, a través da súa filial española *Doux Ibérica*, comprou a totalidade das accións de *Avícola de Galicia*. A empresa pontevedresa, principal productor de carne de aves desa provincia, conta con 30 granxas de producción e multiplicación en distintas áreas da provincia de Pontevedra e mesmo en Portugal. A fábrica de pensos está localizada en San Caetano de Alba (Pontevedra), o matadeiro en Campañó (Pontevedra) e a incubadora en Valença do Minho (Portugal). A multinacional francesa ten previsto moderniza-las instalacións actualmente existentes e construír outras naves, ata un cento, nun prazo de catro anos.

Actualmente, Doux é o productor máis imortante de polos de Francia. Os seus principais centros de producción están na rexión de Bretaña. Un importante mercado desta multinacional está nos países árabes, onde o consumo de carne de polo aumenta constantemente. Neste sentido, os plans de Doux para Avícola de Galicia son de clara expansión e de plena integración, pensando na exportación dos seus productos cara ós países árabes, segundo recoñecen os propios directivos da empresa (La Voz de Galicia, 19-09-1990).

### *3.2.4. Elaboración e embotellado de bebidas*


Entre as multinacionais máis significativas que se instalaron en Galicia entre 1960 e 1991 encontrámo-las norteamericanas Coca-Cola e Pepsico. A primeira ten unha participación minoritaria na empresa coruñesa Begano, S.A., que como concesionario exclusivo encárgase de embotellar e distribuí-las



distintas marcas que comercializa en Galicia a firma norteamericana (Coca Cola, Fanta, Finley, Sprite e Tab).

A segunda, pola contra, introdúcese en Galicia a través do seu concesionario oficial para Galicia, Embotelladora Celta, empresa que a finais de 1990, seguindo as instruccións da multinacional Pepsico, paralizou definitivamente as súas actividades. Sen embargo, a finais de 1988 o grupo Kas, que conta cunha planta de envasado en Vigo, asinou un acordo coa citada multinacional mediante o cal a firma norteamericana se convertía en accionista de *Knorr Elorza*, propietaria de *Sabeca*, participando no 30% do seu capital social. Na planta viguesa envásase toda a gamma de bebidas Kas e as propias do grupo Pepsico (Pepsi e Mirinda). A entrada de Pepsico en Sabeca supuxo, por tanto, o peche de Embotelladora Celta.

G.76. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á ELABORACIÓN E EMBOTELLADO DE BEBIDAS DURANTE O PERÍODO 1960-1990**





FONTE: Elaboración propia.

Outra das grandes multinacionais, neste caso de orixe británica, que traballa en Galicia é *Cadbury Schweppes*, que ten unha fábrica de envasado na Coruña. A penetración desta firma na industria galega de bebidas prodúcese en 1975, adquirindo o 50% do capital social de Unión Cervecera, vendendo posteriormente a súa participación nesta empresa a *United Breweries*. Máis tarde, en 1982, convértese no accionista principal de A. Rioblanco, ó adquiri-lo 66% desta sociedade. Esta participación incrementarase progresivamente ata chegar a con-

trola-lo 100 por cen da fábrica coruñesa. Deste xeito, actualmente, despois de cambia-la súa denominación pola actual, envasa e comercializa desde A Coruña as marcas Schweppes, La Casera e Seven Up. Trátase por tanto dunha estratexia de penetración rápida baseada na adquisición total de empresas galegas.

C.70. **ESTRUCTURA DO GRUPO KESA EN 1991**




Fonte: Grupo KAS

C.71. **ELABORACIÓN E EMBOTELLADO DE BEBIDAS. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidad | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Agua de Fontenova SA | MAD | Verín | O | Vidago | Portugal | 100 | 34 | 180 |
| Aguas de Mondariz F.D. Val | PON | Mondariz | P | Varios Socios | U.S.A. | MIN | 62 | 940 |
| Albariño Bayón, SA | PON | Vilagarcía | P | Fashion Earring, SA | Panamá | 100 | 14 | 190 |
| Begano, SA | COR | A Coruña | C | Coca Cola | U.S.A. | MIN | 278 | 6100 |
| Cervezas San Martín, SA | OUR | San Cibrao | O | Kronenbourg (B.S.N.) | Francia | 33 | 19 | 180 |
| Embotelladora Celta (**) | PON | O Porriño | P | Pepsico Corp. | U.S.A. | MIN | 110 | 813 |
| Sabeca, SA | VIT | Vigo | P | Pepsico Corp. | U.S.A. | 30 | 109 | 3102 |
| Schweppes, SA | MAD | A Coruña | C | Cadbury Schweppes | R. Unido | 66 | 168 | 2600 |
| Unión Cervecera, SA (**) | MAD | Vigo | P | United Breweries Ltd. | Dinamar. | 60 | 140 | 1200 |

(**): plantas industriais inactivas a finais de 1991.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.



MAPA 10. **ELABORACIÓN E EMBOTELLADO DE BEBIDAS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

En 1985 o grupo danés *United Beweries* adquire o 60% do capital social de Unión Cervecera. Os malos resultados acumulados por esta empresa nos últimos anos e a necesidade de rendibiliza-la súa producción provocou o peche da planta instalada en Vigo. A actividade que desenvolve agora en Galicia é unicamente comercial, funcionando como delegación do grupo británico *Guinness*, que en 1991 lanzou unha oferta pública de adquisición de accións (OPA) sobre a totalidade do capital de Unión Cervecera. Deste xeito o grupo inglés, logo de adquiri-la empresa *Cruzcampo*, afianza o seu liderato no mercado español de cervexa cunha cota do 28 por cento (El País 26-06-1991).

Investimentos de menor contía son os realizados polo grupo francés *Kronenbourg*, que a través da súa participación en Cervezas Mahou adquiriu a antiga fábrica de Cervezas San Martín, situada en Ourense, agora dedicada á fabricación de malte.

No eido das augas minerais, cómpre sinala-la entrada do grupo portugués Vidago, que adquire ademais Fontenova e a empresa Distribuidora de Aguas, que comercializa a marca Fonsana. Tamén en Aguas de Mondariz, despois dunha profunda reestructuración, prodúcese a entrada de dous accionistas norteamericanos que manteñen unha participación minoritaria na empresa galega.

Por último, hai que sinala-lo caso da empresa Albariño Bayón, participada por unha firma panameña denominada Fashion Earring, S.A. Esta sociedade ponte, vencellada a narcotraficantes galegos, desempeñou un papel destacado no blanqueo de diñeiro procedente do narcotráfico que se realiza nas costas galegas.


Resumindo, entre 1960 e 1991 o 44% do capital rexistrado neste subsector procede de EE.UU. e un 20% do Reino Unido. O resto aparece moi repartido entre tres países europeos e un caribeño. As empresas actualmente participadas por investidores estranxeiros nesta actividade dan emprego directo a 684 persoas e acadan unha facturación conxunta superior ós 13.290 millóns de pesetas. O predominio do capital de orixe USA na fabricación e venda de bebidas refrescantes tradúcese no dominio absoluto do mercado galego. As multinacionais norteamericanas, apoiándose en fortes campañas publicitarias e coa súa ampla gamma de bebidas e productos, recadan máis do 61% do mercado galego. Se ademais incorporámo-los productos da gamma Kas, participada nun 30% pola multinacional Pepsico Inc., a cota de mercado acada o 78 por cento. En definitiva, as empresas con capital estranxeiro controlan case o 98% do mercado galego de bebidas refrescantes (Economía Gallega 1988a, p.38).



### *3.2.5. Industria conserveira*


A penetración de capital estranxeiro na industria conserveira galega é moi recente. Practicamente a totalidade do investimento directo rexistrado efectuouse ó longo dos anos 80, aproveitando as ampliacións de capital realizadas por algunhas empresas. O grupo estranxeiro máis significativo que traballa en Galicia é o sudafricano Imperial Cold Storage, que desde hai anos controla o 23 por cento da empresa viguesa Pescanova. Esa pequena porcentaxe permítelle participar indirectamente en catro sociedades máis, co que se converte no grupo estranxeiro con maior ramificación empresarial neste subsector da economía galega. A cambio da participación minoritaria do accionista sudafricano, Pescanova participa á súa vez en numerosas sociedades mixtas instaladas na República Sudafricana e noutros países do mundo, tal como se pode comprobar no mapa 10-R que se xunta. Sen embargo, cómpre indicar que a presencia da compañía sudafricana no accionariado de Pescanova non cuestiona o dominio dos socios fundadores no Consello de Administración da sociedade galega.

G.77. **PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NA INDUSTRIA CONSERVEIRA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Distinto é o caso do grupo inglés Hillsdown, que recentemente, en 1989, se fixo co control maioritario da empresa pontevedresa Conservas Carballo. A






Través da súa filial Hillsdown Ibérica, o dinámico grupo británico comezou nos últimos anos a compra de varias empresas alimentarias en España, onde conta ademais co setenta por cento das firmas de elaborados cárnicos *J. Curos Bataller, S.A.* e *Andro Food, S.A.* Trátase por tanto dun potente grupo multinacional que irrompre con forza na industria conserveira galega, tradicionalmente en mans do capital catalán (Massó García, G. 1967).

C.72. **INDUSTRIA CONSERVEIRA. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Aliko, SA | COR | Arteixo | C | James Milnes | R. Unido | MIN | 160 | 6000 |
| Boapesca, SA | COR | A Coruña | C | Imperial Cold Storage | Sudáfrica | MIN | 62 | 180 |
| Conservas Carballo | PON | Pontevedra | P | Hillsdown BV | R. Unido | 70 | 125 | 1150 |
| Conservas y Ahumados | PON | Vigo | P | Nogueira (Familia) | Venezuela | 42 | 36 | 400 |
| Conserv. de Alimentos | COR | A Coruña | C | James Milnes | R. Unido | MIN | 160 | 3000 |
| Fisvigo, SA | PON | Vigo | P | Inv. Privados | Portugal | 66 | 29 | 200 |
| Frigoríficos de Galicia | PON | Vigo | P | hanfag Finanz. Akteeg. | Liechest | 50 | 55 | 170 |
| Frinova, SA | PON | O Porriño | P | Imperial Cold Storage | Sudáfrica | MIN | 208 | 3416 |
| Ibérica de Tunidos, SA | PON | Vigo | P | Inv. Privado | Panamá | 100 | 27 | 110 |
| Iberpeixe, SA | PON | Vigo | P | Varios Socios | Portugal | 100 | 26 | 196 |
| Pescafresca, SA | PON | Vigo | P | Imperial Cold Storage | Sudáfrica | MIN | 21 | 850 |
| Pescanova, SA | PON | Vigo | P | Imperial Cold Storage | Sudáfrica | 23 | 1300 | 30867 |
| Pesq. Esp. del Bacalao | COR | A Coruña | C | Grupo Francés | Francia | 4 | 850 | 4056 |
| Thenaisie Provote, SA | PON | O Grove | P | Elena Thenaisie | Bélxica | 35 | 130 | 1680 |

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.

A multinacional belga *Elena Thenaisie* constitúe o outro grupo estranxeiro con significativa presencia na industria conserveira galega. A introducción deste grupo nas conservas de peixe é froito dunha *joint venture* con varios socios galegos para poñer en marcha *Thenaisse Provote*, empresa de conservas en principio con dúas factorías: unha en Vigo e outra no Grove. En 1985, despois de pecha-la factoría de Vigo, que queda transformada en almacén, amplíanse as instalacións situadas no Grove.

Por último, quédanos por facer referencia á posta en funcionamento dunha nova empresa. Trátase de *Conservas y ahumados*, empresa promovida maioritariamente pola familia Nogueira, de nacionalidade venezolana aínda que de orixe galega. A empresa comezou as súas actividades en xullo de 1990 e agarda empregar directamente a máis de 50 persoas a partir de 1992.

MAPA 11. **INDUSTRIA CONSERVEIRA. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

Xa que logo, a penetración de capital estranxeiro nas empresas galegas dedicadas ás conservas de peixe é moi recente e aínda cativa. En canto á súa orixe, hai que sinalar que algo máis do 28 por cento procede da República Sudafricana, un 21,4 por cento do Reino Unido e en menor medida de Portugal, país que instalou en Vigo dúas empresas de pequena dimensión cunha finalidade máis ben comercial ca industrial.


### *3.2.6. Acuicultura industrial*

A implantación definitiva desta actividade en Galicia prodúcese en 1946. Neste ano instálase unha batea na ría de Vigo co fin de cultivar mexillón. Os precedentes máis inmediatos desta exitosa experiencia remóntanse a 1902, cando Mariano Paz Graells realizou o cultivo suspendido deste molusco mediante bateas no porto de Barcelona. Desde ese momento, a producción de mexillón incrementouse fortisimamente ata os nosos días, instalándose numerosas bateas e creándose empresas participadas totalmente por capital nacional.

Sen embargo, o resto dos cultivos mariños (salmón, rodaballo e outras especies) non adquiren importancia significativa ata a década actual. As novas instalacións que se poñen en funcionamento, especialmente durante os anos 80, lévanse adiante cunha importante contribución de capital e tecnoloxía estranxeira, fundamentalmente procedente de Noruega. A estratexia de implantación utilizada baséase na creación de sociedades mixtas (joint ventures), dada a dependencia tecnolóxica existente nesta actividade. Para iso case a totalidade do capital estranxeiro que penetra na acuicultura se concreta na creación de novas empresas, compartindo o capital social con socios galegos. Xa que logo, a estratexia seguida neste subsector é diferente á rexistrada no resto das actividades, nas que predomina a adquisición total ou parcial (pensos, leite, carne e conservas).

En efecto, actualmente traballan en Galicia seis importantes empresas multinacionais que participan directamente no capital social de dez empresas galegas dedicadas ós cultivos mariños. Polo número de empresas participadas destaca o poderoso grupo noruegués *Tinfos Aqua S.A.*, que a través das súas filiais *Oye Havbruck, Aquacare A.S.* e *Noraqua A.S.* participa en *Galfish, Granja Alántica de Couso, Marfish, Neptuno acuicultura, Norafish, S.A.* e *Noruacua, S.A.* Outra das empresas líderes mundiais en tecnoloxía aplicada á acuicultura con presencia física significativa en Galicia son os grupos norteamericanos *Foster Wheeler* e *Continental Grain*, os noruegueses *Norsk Hydro Holding* e *Marine Farm*, o suízo *Abier Consultants G.*

G.78. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NA ACUICULTURA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

e o xaponés *tayo Fishery Co.Ltd.* Deste conxunto de empresas, especialmente das norueguesas, procede case a totalidade da tecnoloxía que se emprega nas empresas acuícolas actualmente en funcionamento en Galicia. O prestixio da súa tecnoloxía, a longa traxectoria investigadora seguida polas empresas do país nórdico, constitúe unha garantía para os empresarios que desexan poñer en funcionamento unha empresa desta natureza.

Entre os grupos estranxeiros que desenvolveron unha intensa actividade investidora na acuicultura galega destaca, moi por riba do resto, o grupo multinacional noruegués *Tinfos Aqua A.S.* Este foi o precursor das actividades acuícolas relacionadas co engorde de rodaballo en Galicia. A firma norueguesa controla considerables recursos de enerxía e ten investimentos con intereses maioritarios na industria electrometalúrxica e no cultivo de peixes. Foi constituída no ano 1873, especializándose na actualidade na investigación, desenvolvemento, cultivo e venda de peixe. A citada compañía norueguesa creou a primeira granxa comercial de cultivo de rodaballo a gran escala no norte de Europa, gracias ó aproveitamento da auga quente que producía a refrixeración da turbina da fundición *Tinfos Jernverk A.S.* (La Voz de Galicia, 21-02-1992). A sección do grupo *Tinfos*, especializada exclusivamente en acuicultura, conta con departamentos propios dotados da máis avanzada tecnoloxía para o desenvolvemento de tarefas de



investigación, *hatchery* -planta de alevíns- e granxas de cultivo. As súas primeiras actividades en España datan de 1986, momento en que adquiriu o 50% de *Marfish, S.A.*, empresa que ten a súa base no lugar ribeirense de Palmeira. O segundo gran investimento en Galicia promovido pola multinacional norueguesa Tinfos realizouse na *Granja Atlántica de Couso*, e tivo como promotores a Blanca Ricoy de Borbón e o seu home Daniel Gerbaud (La Voz de Galicia, 21-02-1992). Posteriormente, en 1987, a multinacional norueguesa entrou a formar parte do accionarado da empresa acuícola galega, adquirindo o 51% do seu capital social. Esta última factoría conta con modernas instalacións e ten unha capacidade productiva de 250 toneladas de rodaballo ó ano. Os alevíns de rodaballo veñen de Noruega, onde se encontran os criadeiros. Desde alí son transladados a Galicia e incorporados a máis de trescentas piscinas de engorde que o grupo Tinfos ten na nosa Comunidade. Deste xeito, a multinacional do país nórdico ten actualmente as seus principais plantas de producción de rodaballo en Galicia, onde as condicións de temperatura da auga do mar son ideais.

Cultimar, outra das empresas participadas por investidores estranxeiros, comezou a comercialización de bivalvos nipóns nas principais cidades españolas, fundamentalmente en Madrid, Sevilla, Barcelona e Castela León. Esta empresa acuícola, que ten os centros de producción situados ás dúas beiras do río Eo, en Rinlo (Ribadeo) e Castropol (Asturias) principia as súas actividades productivas en 1990. As áreas de cultivo na ría do Eo abarcan dúas concesións que suman 402.000 metros cadrados. Pola súa banda, a planta dedicada ó preengorde das crías de ostra e ameixa están na parroquia de Rinlo, ocupando unha superficie de 1.800 metros cadrados. Con estas instalacións, Cultimar, S.A. ten previsto sacar ó mercado tres millóns de bivalvos xaponeses, para o cal asinou contratos con varias multinacionais da distribución alimentaria (La Voz de Galicia, 25-04-1992, p.37).

A entrada de capital estranxeiro procedente sobre todo de Noruega é moi numerosa e significativa, ó estar xa presente nas empresas de maior tamaño e importancia dedicadas ó cultivo de rodaballo e salmón. Así, unha das sociedades participadas, Prodemar, tiña previsto poñer á venda en 1991 un total de 570 toneladas de rodaballo (La Voz de Galicia, 12-09-1989). Se temos en conta que para ese ano a producción galega foi de 1.900 toneladas, *La Granja Acuícola* de Muxía controla ela soa o 30% da producción total de rodaballo criado en piscifactorías. Podemar, participada por *Norsk Hydro Holding*, ten prevista a apertura doutra planta en Carnota, onde pro-

xecta producir a medio prazo 400 toneladas cada ano. A planta de Muxía, que consegue os seus propios alevíns, conta con dous tipos de instalacións, unha na que se manteñen os alevíns desde os dous gramos ata os 100 na fase de preengorde e outra parte ó aire libre en tanques de formigón, na que se manteñen os peixes ata os dous quilos. Neste tipo de instalación é posible unha densidade de 50 quilos de peixe por cada metro cúbico de auga no período anterior á comercialización. Unha das dificultades existentes para o cultivo de rodaballo está na producción e subministro de alevíns, derivada de que os ovos desta especie son moi pequenos. Unha larva de rodaballo dun día non supera os 10 ou 20 mm. ás 24 horas de nacer. A unha troita dun día xa se lle pode subministrar penso, mentres que a un rodaballo non. Neste segundo caso hai que conseguir alimento vivo, a partir de citoplancton e zooplancton. Os oito días é necesario conseguir rotíferos e a seguir larvas de crustáceos e artemias. Con este tipo de alimentación só acada os 2 cm. en 30 días. A partir deste tamaño pódeselle dar penso. De tódolos xeitos, só un 5% é capaz de sobrevivir (La Voz de Galicia, 12-09-1989).

C.72-1. **ACUICULTURA INDUSTRIAL. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Agrofish, SA | PON | Cee | C | Foster Wheeler | U.S.A. | 51 | 6 | 180 |
| Aquazul, SA | COR | Carnota | C | Norsk Hydro Holding | Noruega | 65 | 18 | 190 |
| Celtimar | MAD | Arteixo | C | Abier Consultants G. | Suíza | 50 | 61 | 450 |
| Culmarex, SA | COR | Carnota | C | Marine Farm | Noruega | 30 | 11 | 126 |
| Galfish, SA | COR | Ribeira | C | Oye Haubruck A.S | Noruega | 50 | 70 | 325 |
| Granja Atlántica Couso | COR | Ribeira | C | Oye Haubruck A.S | Noruega | 51 | 11 | 195 |
| Marcultura, SA | COR | Ortigueira | C | Continental Grain | U.S.A. | 90 | 23 | 190 |
| Marfish, SA | COR | Palmeira | C | Oye Haubruck A.S | Noruega | 50 | 7 | 90 |
| Neptuno Acuicultura, SA | COR | Ribeira | C | Oye Habruck | Noruega | 100 | 21 | 160 |
| Norafish, SA | PON | Vigo | P | Aquacare A. S. (Noratec) | Noruega | 25 | 11 | 350 |
| Noruacua, SA | PON | Pontevedra | P | Aquacare | Noruega | 30 | 13 | 160 |
| Prodemar, SA | COR | Muxía | C | Norsk Hydro Holding | Noruega | 75 | 14 | 185 |
| Salmón Atlántico Gali. | COR | Camariñas | C | Noraqua, A.S | Noruega | 8 | 10 | 336 |
| Troigasa | PON | Vigo | P | Taiyo Fishery Co. Ltd | Xapón | 15 | 8 | 112 |

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

Como vemos, o cultivo intensivo de rodaballo é bastante complexo, xa que require abundantes e custosas investigacións. En 1960, segundo Jonat Han Spherd, comezaron a instalarse as primeiras granxas experimentais no Reino Unido, utilizando alevíns de mar. O desenvolvemento resultou doado, alimentándoo con peixe tallado procedente do medio natural. Pero a primeira granxa comercial foi a *Golden Sea Produce* de Escocia, que foi instalada á beira dunha central nuclear, utilizando a auga da refrixeración da mesma.


Para 1991 a producción mundial de rodaballo en cativerio acadará as 2.200 toneladas, procedendo de Galicia máis do 86 por cento. En 1990, segundo datos da Xunta de Galicia, existían 20 granxas de rodaballo, cinco de salmón e catro doutras especies (Consellería de Pesca 1991, p.12). Tomando como referencia eses datos, as empresas participadas por capital estranxeiro representan para ese ano o 30% do total, concentrando máis do 70% da producción galega.

O investimento estranxeiro directo rexistrado nesta actividade procede pois nun 72% de Noruega e algo máis do 14% de EE.UU. O resto procede de Xapón, copropietario dunha piscifactoría dedicada á cría e engorde de troitas, e de Suíza. Como vemos, o capital procedente de países non europeos (USA e Xapón) representa algo máis do 21% do total. Deste xeito o capital e a tecnoloxía norueguesa asumen o liderato nas explotacións acuícolas participadas por investidores estranxeiros. Este liderato dificulta a supervivencia das pequenas e medianas empresas productoras de rodaballo (Fariñas, J.A. 1991, p.41).

A competencia exercida polas multinacionais norueguesas, que a través das súas filiais en Galicia e empresas participadas recadan máis do 70% da producción de rodaballo galego en cativerio, está provocando a ruína dalgunhas pequenas empresas incapaces de cubri-los custos de producción. A estratexia das multinacionais norueguesas que traballan en Galicia, que contan con redes propias de comercialización, consiste en lanzar ó mercado productos a prezos moi competitivos. Por outra banda, traballan en solitario, sen integrárense en ningún tipo de asociación que poida impoñerlle algún tipo de limitacións ás súas estratexias de control do mercado galego. A supremacía das empresas con capital noruegués, respaldadas financeiramente por importantes grupos multinacionais, é absoluta na producción de rodaballo e na cría de salmón. En efecto, segundo datos facilitados por Aroga, dúas empresas norueguesas controlan máis do 50% da producción galega de rodaballo.

Nestas circunstancias, as empresas galegas non só compiten coas estranxeiras establecidas en Galicia en inferioridade de condicións no terreo das finanzas. Esta inferioridade de partida refírese tamén ó soporte tecnolóxico. Mentres os investidores e empresarios norueguesas teñen detrás máis de vinte anos de investigación na producción de alevíns, circunstancia que lles

MAPA 12. **ACUICULTURA INDUSTRIAL. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS E UNIDADES PRODUCTIVAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**





Fonte: elaboración propia.

permite abastecer as súas plantas de engorde, as empresas galegas máis avanzadas teñen pouco máis de catro anos de experiencia neste campo e aínda non conseguiron normaliza-la súa producción. Por todo o anterior, os excedentes que ata agora destinaban á investigación corren o risco de seren absorbidos polo proceso productivo. Este suposto pode significa-lo peche ou a venda máis ou menos inmedita de moitas plantas de producción de alevíns a empresas multinacionais. Isto supoñería como consecuencia a consolidación, se cadra de forma definitiva, da dependencia do exterior para realizar este tipo de cultivos acuícolas moi intensivos.

### *3.2.7. Aceites, graxas, e pastelería industrial*

Dentro do grupo de empresas dedicadas á elaboración de productos alimenticios diversos cómpre salienta-la presencia da multinacional norteamericana *G. Allied-Lyons*, que desde Inglaterra traballa en diversos países europeos.

C.73. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO DONUT EN ESPAÑA EN 1990**




Fonte: Alimarket 1991 e elaboración propia.

A matriz do grupo encóntrase situada en EE.UU. A multinacional norteamericana instalouse a comezos dos anos 60 no Reino Unido. Desde este país, e a través da súa filial inglesa *J. Lyons Corp.*, creou en España varias filiais localizadas en Barcelona, Asturias, Sevilla, Tenerife, Victoria, Zaragoza e Santiago de Compostela, e noutras localidades españolas. O grupo participa ó 50% en 21 sociedades establecidas en España, e dedícase á fabricación de pan e bolería industrial, sendo moi coñecidos os seus productos, difundidos a través de medios publicitarios. Entre eles destacan os productos que se venden baixo a marca *Donuts*. A empresa norteamericana instalada no Polígono do Tambre (Santiago de Compostela) traballa en Galicia desde 1976.

Tamén dedicadas á elaboración de pan, debemos mencionar dúas pequenas empresas de carácter netamente familiar rexentadas por investidores portugueses establecidos en Galicia. Trátase de *Panadería Besada*, situada no concello pontevedrés do Grove, adquirida polo portugués Castro Silva Vale. De semellantes características é a *Panadería Galaico Portuguesa* establecida en Sanxenxo, promovida pola familia Correia Rodrigues.

C.74. **ACEITES, GRAXAS E PASTELERÍA INDUSTRIAL. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Aceites Rías Baixas | PON | Vigo | P | Francaise Alimentaire | Francia | 60 | 5 | 125 |
| Agroeuro, SA | COR | A Coruña | C | Inv. Privado | Bel/Lux | 90 | 17 | 125 |
| Comasucar | OUR | Ourense | O | Inv. Privado | Portugal | 45 | 8 | 160 |
| Donut Corp. del Norte | ZAR | Santiago | C | G. Allied-Lyoins Corp. | U.S.A. | 50 | 120 | 2500 |
| Galvosa | PON | Vigo | P | Inv. Privado | Venezuela | 100 | 8 | 110 |
| Nihon Ibérica, SA | COR | Mondoñedo | L | Kimura Group | Xapón | 100 | 4 | 80 |
| S.C.O.V.E., SA (**) | LUG | Lugo | L | Larroche Freres | Francia | MAI | 0 | 0 |

(**): plantas industriais inactivas en 1991.
Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.

Outra empresa con capital estranxeiro, neste caso de orixe xaponesa, dedícase en Galicia ó cultivo de cogomelos. A empresa *Nihon Odd Ibérica*, participada ó cen por cen por un accionista xaponés, conta cunha finca de 200 hectáreas, situada no límite dos concellos lucenses de Abadín e Mondoñedo, no lugar denominado *A Fraga Vella*. O cultivo de cogomelos realízase en troncos de 90 cm. de alto e de 6 a 40 cm. de diámetro, apoiado en estacas verticais chantadas a unha distancia de 4 m. e en liña recta, cun aramio que vai facendo de soporte. O micelio medra no interior do tronco e os cogo-



MAPA 13. **ACEITES, GRASAS E PASTELERIA INDUSTRIAL. LOCALIZACIÓN DE UNIDADES PRODUCTIVAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

melos vanse producindo no exterior. A plantación actualmente ocupa un total de 10 hectáreas, das que 1.000 metros cadrados están en invernadoiro. Os micelios tráenos directamente desde Xapón e inxéctanos nuns trinta e cinco mil troncos de frondosas (carballo, chopo, castiñeiro, bidueiro e ameneiro) (Cotelo, M.C. 1988a, p.31). O seu cultivo realízase mediante unha sofisticada técnica de producción que o seu propietario nunca revelou. En 1985 comezou o cultivo industrial do cogomelo, e desde 1987 obtén unha producción aceptable, calculada en dous quilos por cada tronco en tres anos de proceso productivo. Esta producción canalízase maioritariamente cara ó estranxeiro, agás pequenas cantidades que se destinan a algúns restaurantes situados na Coruña. Esta empresa posúe tamén plantacións deste tipo de cogomelo en Navarra e Portugal. A especie que se cultiva en Galicia é orixinaria de Asia Oriental, onde se dá espontaneamente, sobre todo en Australia, India, Sri Lanka e Nova Zelanda. En Xapón, onde o seu cultivo está totalmente industrializado, calcúlase que unhas 300.000 persoas se dedican á producción deste tipo de fungo, conseguindo unha producción anual superior ós 300 millóns de quilos (La Voz de Galicia, 19-03-1988).

Por último, hai que destacar que o grupo francés *Laroche Freres*, dedicado á recollida e preparación de champiñón en España, adquire nos anos 70 unha participación na empresa lucense *Socovesa* (Soto Baño, L. 1980, p.229), desfacéndose máis tarde do paquete de accións que posuía esta cooperativa situada en Lugo.


En definitiva, podemos dicir que a entrada de capital estranxeiro neste grupo de empresas está sendo moi repartida entre franceses, americanos e xaponeses.

### 3.3. Industria química

A instalación de empresas químicas en Galicia é un feito relativamente recente que comeza nos anos 60. Entre 1960 e 1974 póñense en funcionamento os proxectos químicos industriais de maior envergadura, aproveitando "o desenvolvemento da producción eléctrica" e doutros factores existentes en Galicia (Sequeiros Tizón, J. 1988, p.120). Algúns destes proxectos xorden co apoio do capital estranxeiro. Así, o financiamento e a tecnoloxía estranxeira foron imprescindibles para a creación do complexo petroquímico asociado á refinería coruñesa, inaugurada o 11 de setembro de 1964. Sen embargo, a maior parte dos proxectos que se puxeron inicialmente en funcionamento entre 1960 e 1974 eran promovidos sobre todo polo INI.



G.79. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NA INDUSTRIA QUÍMICA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**





FONTE: Elaboración propia.

A achega de capital e tecnoloxía estranxeira foi decisiva para a creación e posta en funcionamento de novas plantas industriais relacionadas coa fabricación de productos químicos e plásticos.

A estratexia de penetración seguida polas empresas multinacionais na industria química galega caracterízase, entre 1960 e 1991, pola creación de novas sociedades mixtas nas que o capital social aparece repartido entre socios estranxeiros e nacionais. Mentres tanto, a adquisición parcial ou total representa só o 30%, fronte ó 70% dos casos en que a entrada de investimentos se concreta na constitución dunha *joint venture*. Esta estratexia parece inevitable, dada a dependencia da tecnoloxía estranxeira para levar adiante proxectos desta natureza. Aínda que os socios galegos ou nacionais dispoñan de recursos financeiros para promover un determinado proxecto, necesitan da tecnoloxía e patentes de fabricación en mans de multinacionais. Esta circunstancia, marcada pola dependencia da tecnoloxía foránea, favorece a entrada de grupos estranxeiros no capital social das novas sociedades que se poñen en funcionamento en Galicia, achegando tecnoloxía e os procesos productivos imprescindibles para facer viable o proxecto. O que acabamos de comentar ponse de manifesto sobre todo nas empresas dedicadas á fabricación de productos plásticos e de pinturas.

Case o 100 por cen do investimento dirixido a estas actividades se concretou na creación de novas sociedades productivas, con capital mixto ou totalmente

G.80. **DISTRIBUCIÓN DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NA INDUSTRIA QUÍMICA GALEGA DURANTE O PERÍODO 1960-1990 POR RAMAS DE ACTIVIDADE**




FONTE: Elaboración propia.

con capital estranxeiro. Analizando o conxunto do investimento estranxeiro directo rexistrado na industria química galega entre 1960 e 1991 resulta que:

a) Preto do 50% do investimento destinouse ás empresas dedicadas á fabricación de artigos e productos plásticos. O resto dos investimentos repártese proporcionalmente entre as empresas relacionadas coa fabricación de productos farmacéuticos, pinturas e química básica, que recadan elas soas o 27% do total.


b) O investimento procede nun 50% de Alemaña, Reino Unido e Francia. Estes son os países que máis investiron na industria química galega, promovendo o desenvolvemento de importantes empresas do sector. En menor medida, son tamén importantes os investimentos realizados por EE.UU. As multinacionais deste país limitáronse polo xeral a adquirir pequenas participacións en empresas xa establecidas en Galicia, evitando a creación de novas sociedades en solitario ou en combinación con capital autóctono. Sen embargo, o capital de orixe francesa e inglesa actuou máis decididamente en favor da creación de novas sociedades con capital mixto. Isto supón poñer unha maior confianza na capacidade da economía galega para facer viables novos proxectos industriais.

A finais de 1990 o sector químico contaba cun total de 23 sociedades empresariais productivas que creaban pouco máis de 3.000 empregos. O conxunto destas sociedades participadas por capital estranxeiro na industria química acadou no ano 1990 unha producción cun valor de máis de 52.700 millóns de pesetas.

### *3.3.1. Química básica*

Actualmente, a participación de capital estranxeiro na industria química básica galega non é numerosa, pero si moi significativa, ó participar no capital social dunha das empresas máis importantes do ramo. Concretamente, a multinacional norteamericana *Air Products* é propietaria do 30% do capital social da *Sociedade Española de Carburos Metálicos*, empresa con numerosas plantas industriais en Galicia.

G.81. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NA INDUSTRIA QUÍMICA BÁSICA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Carburos Metálicos, fundada en Barcelona en 1867, ten efectivamente unha complexa estructura empresarial en Galicia, clasificada por divisións: gases industriais, soldadura, gases carbónicos, gases medicinais e ferroaleacións e producción de enerxía. Conta coun total de 7 plantas productivas establecidas en Galicia: tres de ferroaleacións, unha de gas carbónico e outras tres de gases industriais diversos. As súas actividades en Galicia fóronse ampliando progresivamente, adquirindo outras sociedades. Así, en 1986 adquire á multinacional francesa *Pechiney* a empresa *Silicio de Carbón*,

situada en Arteixo. Á parte desta rede industrial, Carburos tamén ten outros intereses en Galicia, onde posúe participacións na Compañía Española de Industrias Electroquímicas, localizada no concello ourensán do Barco. Participa tamén no capital social de Explotación de Rocas Industriales y Mineras, e en Facosa de Ourense.

En conxunto, o grupo Carburos Metálicos componse dunhas vinte sociedades filiais e participadas. En 1989 a participación estranxeira desta importante compañía catalana viuse incrementada coa entrada do financeiro francés Jacques Hachuel, que en estreita colaboración con Banesto domina agora máis dun 35% do capital social da empresa española (Diario 16, 18-11-1989).

Outra compañía, neste caso a Sociedad Española del Oxígeno, participada pola multinacional francesa L'air Liquide, contaba en 1973 con plantas productivas en Ferrol e Vigo. Actualmente non desenvolve actividades productivas en Galicia, limitándose a súa presencia á comercialización de productos químicos, para o que conta exclusivamente con depósitos de enchido e baleiro situados no Porriño e en Ferrol.

A presencia do grupo británico Brithish Petroleum, propietario do 50% da Compañía Española de Algas Marinas, constitúe o outro expoñente relativo do capital estranxeiro nesta actividade económica. A citada compañía española constitúese en 1966, con contribución de capital procedente de

C.75. **INDUSTRIA QUÍMICA BÁSICA. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cia. de Algas Marinas | PON | O Porriño | P | Brithis Petroleum | R. Unido | 20 | 50 | 800 |
| Cros, SA | BAR | A Coruña | C | K.I.O. | Kuwait | 100 | 360 | 2400 |
| C.E.D.I.E, SA | MAD | O Barco | O | Air Products | U.S.A. | MIN | 102 | 2000 |
| Enfersa (**) | MAD | As Pontes | C | K.I.O | Kuwait | 70 | 286 | 1200 |
| Fertiberia, SA (**) | MAD | A Coruña | C | Gulf Oil Company | U.S.A. | 50 | 00 | — |
| Foresa | PON | Caldas | P | | Suecia | MAI | 50 | 2395 |
| F.A.C.O., SA | MAD | Ourense | O | Air Products | U.S.A. | MIN | 80 | 1010 |
| S.E. de Carburos Metal. | BAR | Arcade | P | Air Products | U.S.A. | 30 | — | — |
| S.E. de Carburos Metal. | BAR | A Coruña | C | Air Products | U.S.A. | 30 | — | — |
| S.E. de Carburos Metal. | BAR | Arteixo | C | Air Products | U.S.A. | 30 | 705 | 17500 |
| S.E. de Carburos Metal. | BAR | Dumbria | C | Air Products | U.S.A. | 30 | — | — |
| S.E. de Carburos Metal. | BAR | Cee | C | Air Products | U.S.A. | 30 | — | — |

(**): plantas industriais inactivas en 1991.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.



MAPA 14. **INDUSTRIA QUÍMICA BÁSICA. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

EE.UU., Italia e Xapón. Máis tarde, os accionistas estranxeiros cederon as súas participacións ó grupo multinacional británico antes sinalado. A empresa, cunha planta de producción en Galicia, dedícase á producción de alxinatos, carraxenatos e outras substancias a partir da utilización de algas mariñas presentes nas costas galegas e españolas.

Para rematar, hai que facer referencia á entrada do grupo kuwaití KIO no grupo Ercros, propietario das plantas que as empresas Cros e Enfersa tiñan en Galicia. O plano de reconversión promovido polo grupo químico español aconsellou o peche definitivo das súas plantas en Galicia. Así, en 1986 pecha a planta de Enfersa, situada nas Pontes, e máis tarde, en 1989, a fábrica de Cros, instalada na Coruña. Desaparece así unha factoría que daba emprego en 1987 a 127 traballadores, cunha capacidade de producción de 120.000 toneladas de fertilizantes granulados e 150.000 de superfosfatos, cada vez máis mingüada pola obsolescencia da planta.

Por último, hai que destacar a Foresa e Fertiberia. A primeira, filial de Tafisa, empresa vencellada a capital sueco, está situada en Caldas de Reis. Esta firma dedícase a producir substancias e materias primas, especialmente colas para a industria dos aglomerados da madeira. A segunda, Fertiberia, que contou cunha planta de fertilizantes na Coruña, e chegou a dar emprego a 260 persoas, púxose en funcionamento en 1964 mediante a contribución financeira e tecnolóxica da multinacional norteamericana *Gulf Oil Corp.*

Antes de rematar, cómpre facer referencia a un interesante proxecto, próximo ós 4.000 millóns de pesetas (IDEGA 1990, p.257), presentado en 1987 pola multinacional francesa *Rhone Poulenc* para a obtención de arseniuro de galio, aproveitando as impurezas de alúmina procedentes da factoría de San Cibrao. Esta substancia ten unha gran importancia cara ó futuro, como semiconductor para a fabricación de chips. Para levar adiante este proxecto a multinacional francesa creou *Galitec* en colaboración con *Sodiga* e *Inespal.* A fábrica, que se situará no complexo industrial de San Cibrao (Cervo), está previsto que entre en funcionamento en 1993.

A pesar destes novos proxectos promovidos por grupos europeos, o capital estranxeiro dirixido á industria química básica procede maioritariamente de EE.UU., recada o 43% do total realizado en Galicia.


### *3.3.2. Productos farmacéuticos e veterinarios*

A participación de capital estranxeiro liderado polas multinacionais británicas *Imperial Chemical Industries* e *Wellcome Foundation Ltd.* é moi importante nas empresas dedicadas á producción de productos farmacéuticos. En efecto, o 75% do capital estranxeiro rexistrado nestas actividades procede do Reino Unido. A penetración do capital inglés nesta rama da economía galega prodúcese en 1952, ano en que o grupo *Zeltia S.A.* principia relacións técnicas e comerciais coas firmas británicas *Zeltia* e *Cooper McDougall Robertson.* Establécense os primeiros contratos de transferencia de tecnoloxía para a cesión de patentes, marcas e asistencia técnica para a fabricación de productos químicos e veterinarios.

1964 será un ano decisivo para a definitiva implantación dos grupos multinacionais británicos en Galicia. En efecto, ese ano, coa participación de ICI, constitúese *Zeltia Agraria*, futura *Izi Zeltia*, coparticipada por *Cooper McDougall Robertson*, hoxe *Wellcome Foundation Ltd.* Deste xeito, as multinacionais británicas participan directamente na fabricación de productos farmacéuticos.


O grupo británico *Imperial Chemical Industries*, creado en 1926 por catro fabricantes agroquímicos ingleses, ten actividade en España desde a década dos 50 e traballa en Galicia a partir de 1964, cando entra en asociación con *Zeltia* para crear *Ici Zeltia* e *Ici Farma.* A súa presencia en España foise

G.82. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO EN GALICIA Á FABRICACIÓN DE PRODUCTOS FARMACÉUTICOS E VETERINARIOS DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

C.76. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO ICI EN ESPAÑA EN 1990**




Fonte: La Voz de Galicia, 25-02-1991, P.61

potenciando ó adquirir novas empresas para incrementa-las liñas de actividade. Actualmente o grupo británico participa no control de nove sociedades a través da súa filial española *Ici España*, como se observa no cadro 76. Este aglomerado empresarial desenvolve actividades moi variadas, con presencia nos sectores do petróleo, petroquímica, plástico, química en xeral, agricultura, agroquímica, farmacia, pinturas, fibras e explosivos. Son moi importantes as súas contribucións á investigación e ó desenvolvemento de novos productos farmacéuticos, que se están elaborando nas plantas industriais que o grupo ten no complexo químico do Porriño. Esta multinacional británica contribuíu notablemente ó desenvolvemento investigador realizado polo grupo Zeltia. Proba diso son os numerosos contratos de transferencia de tecnoloxía estranxeira establecidos coa multinacional británica desde 1962 ata os nosos días. A relación e o contido dos mesmos foron exhaustivamente analizados na segunda parte desta investigación.

A outra multinacional británica que traballa en Galicia, Wellcome Foundation Ltd., reduciu considerablemente a súa participación directa no capital social de Cooper Zeltia. Esta empresa, situada no Porriño, desenvolve, en colaboración coa citada multinacional británica e con Coopers Animal Health, un intenso labor investigador en Galicia (Alvarez, M.A. 1989, p.75).



Utilizando as tecnoloxías máis avanzadas, e con requisitos de calidade adaptados ás normas europeas e norteamericanas, a compañía desenvolve cultivos celulares monocapa para a exportación ó mercado xaponés, cultivos en suspensión para a elaboración de vacinas antiaftosa, antirrábica e outras, así como formulación e envasado de especies farmacolóxicas veterinarias, domésticas e industriais (Grupo Zeltia, 1989).


C.77. **ELABORACIÓN DE PRODUCTOS FARMACEUTICOS, COSMÉTICOS E VETERINARIOS. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cooper Zeltia, SA | PON | O Porriño | P | Wellcome Fondation | R. Unido | 50 | 216 | 2678 |
| ICI Farma, SA | PON | O Porriño | P | Imperial Chemical Ind. | R. Unido | 100 | 250 | 3400 |
| ICI-Zeltia, SA | PON | O Porriño | P | Imperial Chemical Ind. | R. Unido | 100 | 241 | 6450 |
| La Toja cosméticos, SA | COR | O Grove | P | Nobel Industries | Suecia | 100 | — | — |
| La Toja cosméticos, SA | COR | Cambre | P | Nobel Industries | Suecia | 100 | 300 | 6710 |

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.

Ademais destes vínculos tecnolóxicos e financeiros coas multinacionais británicas, Cooper Zeltia está desenvolvendo actualmente unha intensa colaboración coa multinacional norteamericana *Pitman Moore Inc.* Esta firma estadounidense adquiriu a comezos de 1992 a división comercial de Cooper Zeltia Veterinaria para constituír coa súa estructura comercial unha nova sociedade en España denominada *Pitman Moore España.* A nova sociedade distribuirá no noso país tanto os productos da sociedade instalada no Porriño como os que compoñen a gamma da multinacional norteamericana, un dos líderes mundiais na sanidade animal. Mediante esta recente operación, o novo socio do Grupo Zeltia proporcionará á súa filial máis de 4.000 millóns de pesetas para a investigación de novos productos que melloren a saúde e a productividade animal. O novo proxecto é froito da escisión de Cooper Zeltia en dúas sociedades: Cooper Zeltia Veterinaria S.A. e Consumo Zeltia, S.A., agora coñecida co nome comercial de *Zelnova.* A primeira asume a división de producción de veterinaria, que fabrica productos antiparasitarios, antibacterianos, hormonais, vacinas e outros moitos que destacan polo seu alto nivel científico. A segunda reuniu as divisións de productos químicos domésticos e hixiene ambiental, que producen insecticidas, raticidas, ambientadores, productos de limpeza, desinfectantes e equipos de

MAPA 15. **ELABORACIÓN DE PRODUCTOS FARMACÉUTICOS, COSMÉTICOS E VETERINARIOS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS PRODUCTIVAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.



aplicación, con destino nun caso ós fogares e noutro ás empresas en xeral e ás firmas de limpeza industrial.

A multinacional estadounidense *Pitman Moore*, con sede social en Illinois, traballa e desenvolve actividades en 120 países. A súa facturación anual supera os 64.000 millóns de pesetas, acadando no último exercicio uns beneficios de 7.650 millóns de pesetas (La Voz de Galicia, 4-03-1992, p.48).


Por último, hai que apunta-la recente entrada do grupo multinacional sueco *Nobel Industrier*, que en 1990 se fai co control de *La Toja Cosméticos*. Esta importante empresa do subsector da perfumería e cosméticos, con plantas en Cambre e O Grove, é a segunda productora de xabóns de España, acadando unha cota do 25% do mercado nacional e o 20% de xeles de baño, debido sobre todo á penetración na hostelería (Fernández Leiceaga, X. 1991, p.425). As súas actividades concéntranse na elaboración de cremas de afeitar e na fabricación de instrumentos de aseo persoal. Estivo integrada no grupo Pastor ata 1986, momento en que a totalidade do seu capital é adquirido pola multinacional americana *Gillette*. A difícil conxuntura internacional do grupo transnacional norteamericano, que acomete fortes desinvestimentos en establecementos europeos explica, segundo Fernández Leiceaga, o inmobilismo da súa filial española e a posterior venda da sociedade galega ó poderoso grupo químico sueco *Nobel Industrier*. A multinacional sueca é actualmente a segunda empresa química máis importante do país nórdico e dá emprego a unhas 18.100 persoas. Conta ademais con empresas filiais en Portugal, Italia e Grecia.

### *3.3.3. Fabricación de productos plásticos*

Entre 1960 e 1991 as empresas dedicadas á fabricación de productos plásticos absorberon o 46% do investimento estranxeiro rexistrado na industria química galega. Actualmente traballan en Galicia once sociedades participadas por investidores estranxeiros, principalmente de orixe francesa. En efecto, o 75% do investimento estranxeiro destinado á fabricación de productos plásticos procede de tres países: Francia, Portugal e Alemaña. Individualmente, de Francia procede o 33,3%, de Portugal o 25 e de Alemaña preto do 17 por cento.

Entre os proxectos máis significativos postos recentemente en funcionamento cómpre salienta-lo promovido pola multinacional francesa *Sommer Allibert*, que en 1990 se instalou no polígono industrial de San Cibrao das

G.83. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO EN GALICIA Á FABRICACIÓN DE PRODUCTOS PLÁSTICOS DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Viñas, na provincia de Ourense, aproveitando os terreos e a man de obra procedente da factoría que a multinacional Citroën tiña na provincia ourensá. A factoría situada en Ourense, dedicada á fabricación de tableiros de plástico para automóbiles, ten previsto investir entre 1988 e 1993 un total de 1.600 millóns de pesetas.

A sociedade Allibert Industrias, que ten o seu domicilio social en Madrid e conta en España con dúas fábricas, unha localizada en Navarra e outra en Ourense, está integrada dentro do grupo multinacional francés Sommert Allibert. O grupo dedícase á fabricación de material plástico para catro sectores industriais: revestimento de chans e paredes, contentores e caixas, elementos para a casa o xardín e especialmente para o sector do automóbil. Durante 1986, a cifra de negocios da multinacional francesa superou os 114.000 millóns de pesetas, sendo as vendas no mercado exterior de 46.000 millóns de pesetas, mentres que os investimentos realizados superan os 10.000 millóns (La Región, 2-7-1988, p.3).

O citado grupo multinacional posúe fábricas en tódolos países de Europa occidental, así como en EE.UU. e Canadá. Unha das características máis salientables deste poderoso grupo é a súa alta tecnoloxía, controlada a base



de microordenadores. Neste sentido, na fábrica de Ourense instalouse unha máquina de termoconformar para revestimento de tableiro que é a máis avanzada e rápida do mercado, funcionando por microprocesador. A multinacional francesa estudia a posibilidade de instalar unha nova fábrica en Vigo, dadas as posibilidades que ofrece o sector de contentores e caixas para embalaxes de pesca.

Menos recente é a entrada das multinacionais tamén de orixe francesa *Bertrand Faure Automóviles* e *Dourdin*. A primeira participa no capital social de Copo Ibérica, dedicada á fabricación de asentos e diversos compoñentes plásticos para automóbiles. Esta empresa, situada en Mos, conta cun centro de I+D en Vigo, no que traballa un equipo composto por unha ducia de técnicos e axudantes, que ás veces colaboran en liñas de investigación concertadas coa Administración Española. Anualmente inviste en I+D arredor de 100 millóns de pesetas. O centro de investigación inaugúrase no mes de outubro de 1989. A entrada do grupo Bertrand no capital social de Copo Ibérica prodúcese no ano 1988, coincidindo coa adquisición de *Complasa* e a creación de *Copo do Atlántico* no Porto e *Tecfoam* en Vigo. A multinacional Bertrand Faure é líder do seu sector en Europa e tamén traballa a nivel industrial en EE.UU. Mentres tanto, Dourdin conta cunha filial en Vigo, participada ó 50% e dedicada á promoción de diversos productos plásticos.

A presencia do grupo alemán *Plate Vorrster* remóntase a 1965, ano en que a firma xermana decide crear *Ferroplast S.L.*, instalándose na zona franca de Vigo coa finalidade de producir plástico técnico para a industria do automóbil. Actualmente, a totalidade do capital está en mans da citada multinacional alemana.

En 1971 varios socios portugueses crean no Porriño *Caucho Atlántica*. A empresa, dedicada á fabricación de toda clase de productos derivados do caucho, ocupaba en 1976 a 118 traballadores. Pero en 1981 a factoría pechará e os seus bens serán poxados en 1982, tralo embargo realizado pola Caixa de Aforros de Vigo, por mor do impago dun crédito hipotecario.

Para rematar, temos que facer referencia ó éxito dos proxectos promovidos por emigrantes galegos residentes en países hispanoamericanos. Trátase de dúas iniciativas empresariais acollidas ambas a subvencións estatais. Así nace en 1978 *American Plast de Galicia* cun capital social de 24 millóns de pesetas, do que un 40% procede de *American Plast de Venezuela*. Actualmente, esta última controla a totalidade do capital social da empresa coru-

ñesa, dedicada á producción de polietileno e bolsas de plástico para uso comercial.

O outro proxecto, Polipropileno de Galicia, promovido tamén por empresarios galegos establecidos no exterior, neste caso residentes en Arxentina e Venezuela (Florencio Aldrey e Benito Blanco), instalouse en Ferrol en 1989. A instalación da planta, acollida á Lei de Incentivos Económicos Rexionais, supuxo un investimento de 2.800 millóns de pesetas. As instalacións ocupan unha extensión de 24.000 metros cadrados. O proxecto foi auspiciado financeiramente, ademais, por varios empresarios cataláns e de Taiwán. A producción anual da planta anda polas 8.000 toneladas anuais, o que a converten na primeira empresa española do sector, por diante da que actualmente existe en Cataluña, cunha capacidade productiva cifrada en 7.000 toneladas ó ano (El Correo Gallego, 17-03-1989, p.15). As instalacións dedícanse á transformación de polipropileno para a obtención de bolsas ou láminas destinadas ó envasado automático de productos que requiren tanto un envase de gran brillo e transformación como unha boa barreira de conservación. Este material emprégase, entre outras funcións, para o envasado de productos alimenticios, téxtiles, flores, tabaco, papelería, editoriais e envasado de productos químicos e farmacéuticos.

C.78. **FABRICACIÓN DE PRODUCTOS PLÁSTICOS. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Allibert Industria, SA | MAD | S. Cibrao | O | Sommer Allibert Groupe | Francia | 100 | 158 | 1360 |
| American Plast Galicia | COR | A Coruña | C | American Plast. Venez | Venezuela | 100 | 78 | 340 |
| Caucho Atlántica (**) | PON | O Porriño | P | Inv. Privados | Portugal | 42 | 00 | — |
| Copo Ibérica, SA | PON | Mos | P | Bertrand Faure Autom. | Francia | 70 | 200 | 3000 |
| Dourdin española, SA | PON | Vigo | p | Dourdin | Francia | 50 | 39 | 540 |
| Ferroplast, SL | PON | O Porriño | P | Plate Vorrster | Alemaña | 100 | 40 | 350 |
| Hispamoldes, SA | OUR | San Cibrao | O | M. da costa Rodríguez | Portugal | 60 | 50 | 600 |
| Kurotec Española, SA | PON | Vilagarcía | P | Kurotec GMB. | Alemaña | 100 | 14 | 120 |
| La Luso Española, SA | PON | Vigo | P | Inv. Privado | Portugal | 50 | 38 | 200 |
| Oremplast, SA | OUR | San Ciprian | O | Inv. privados | Italia | 30 | 21 | 215 |
| Plásticos DIK, SA | PON | Vigo | P | Inv. privado | Francia | MIN | 60 | 558 |
| Polipropileno Galicia | COR | Fene | C | Aldrey, F. | Arxentima | MAI | 84 | 2920 |

(**): plantas industriais inactivas en 1991.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.



MAPA 16. **FABRICACIÓN DE PRODUCTOS PLÁSTICOS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

Florencio Aldrey, un dos promotores máis importantes do proxecto, é propietario de tres hoteis en Arxentina: City Hotel de Bos Aires, Hotel Sol de Bariloche e Hermitage Hotel de Mar da Prata. Ademais, controla a totalidade do capital social do diario portense La Capital (Cotelo, M.C. 1988b) e é o actual propietario de diario El Ideal Gallego, con sede na Coruña.

O resto do capital de orixe estranxeira que está presente en empresas galegas dedicadas á fabricación de productos plásticos procede de empresarios individuais ou de pequenos grupos estranxeiros.

### *3.3.4. Elaboración de pinturas e vernices*

O predominio do capital alemán neste subsector é absoluto. As tres empresas participadas por investidores estranxeiros dedicadas á fabricación de pinturas na nosa Comunidade Autónoma están participadas directamente por capital xermano.

Xylazel, S.A., creada en 1976 por iniciativa do grupo Zeltia, é unha das máis importantes en canto ó volume da súa producción e o número de traballadores que ocupa. O dinamismo desta empresa vese reforzado ese mesmo ano coa entrada da multinacional alemana *Desowag Bayer Habeschutz Gmbh.* no capital social da recén creada sociedade galega. A súa participación elévase en 1978, aproveitando unha ampliación de capital que se realiza coa axuda financeira do grupo alemán.

C.79. **ELABORACIÓN DE PINTURAS E VERNICES. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Eurolack Española, SA | COR | A Coruña | C | Investidor Privado | Alemaña | MIN | 21 | 300 |
| La Artística de Vigo | PON | Vigo | P | Carnaud Metal Box | Francia | 30 | 60 | 1000 |
| Pinturas A. meldorf. | COR | A Coruña | C | Tiessen Martens | Alemaña | 60 | 39 | 450 |
| Xylacel, SA | PON | Porriño | P | Desowag Bayer | Alemaña | 35 | 65 | 950 |

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

Outra das sociedades controladas maioritariamente por accionistas alemáns é Pinturas Alemanas Meldorf, que ten como accionista principal a familia Tiessen Martens. Esta empresa está especializada na fabricación de pinturas para a industria naval.



MAPA 17. **ELABORACIÓN DE PINTURAS E VERNICES. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.


### 3.4. Metalurxia e industria do aluminio

A introducción de empresas multinacionais estranxeiras neste sector da economía galega foi unha constante desde 1950. En efecto, en 1957 créase en Madrid Aluminio de Galicia, empresa dedicada á producción de aluminio na que participan os principais bancos españois (Banesto, Central, Vizcaya, Santander e Pastor) e unha multinacional francesa implantada en España desde 1928, Pechiney Ugine Kuhlman Bale, que achega o 66,7% do capital da empresa en constante ampliación.

Esta empresa instala na Coruña unha fábrica de aluminio en primeira fusión que comeza a súa producción en 1961. A situación desta factoría na Coruña débese, como acertadamente sinala Meijide Pardo, a que "ademais da súa proximidade ó porto coruñés, o seu emprazamento na Grela foi dictado pola concorrencia *in situ* dunha contiosa contribución enerxética, a cargo da subestación de *Fenosa*, xa que é sabido que este tipo de metalurxia se encontra intimamente vencellada a unha superabundante producción de electricidade e baixo prezo" (Meijide Pardo, A. 1972, p.25).

Máis tarde constitúese un consorcio integrado por Endasa (o INI posúe o 54% do capital en mans PUK) e diversas entidades financeiras, co obxecto

G.84. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NA METALURXIA E INDUSTRIA DO ALUMINIO DE GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.



de investir en 1978 case 100.000 millóns no complexo Alúmina Aluminio de San Cibrao. O proxecto faise realidade contando ademais con amplos préstamos obtidos no mercado internacional de capitais. Así, en 1979 póñense en funcionamento Aluminio Español e Alúmina Española, con apoio financeiro, tecnolóxico e científico-técnico de Alcan e PUK, os dous grandes monopolios transnacionais do sector do aluminio.

A contribución tecnolóxica estranxeira tradúcese na realización dun total de 16 contratos de transferencia de tecnoloxía realizados polas tres empresas do aluminio establecidas en Galicia. Aluminio de Galicia realizou un total de 11, consistentes na concesión de licencias, patentes e sistemas de fabricación, e especialmente na contratación de asistencia técnica. A tecnoloxía procede nun 80% da multinacional francesa Pechiney Ugine Kulman e o resto de multinacionais de USA e Canadá.


Os inputs desta industria explícannos máis a fondo a localización destas factorías en Galicia. Como é sabido, a bauxita, que é case inexistente no subsolo peninsular, é unha materia prima imprescindible na fabricación de Alúmina e impórtase de Guinea, Xamaica, Francia e doutros países por vía marítima. A outra materia prima importante no proceso productivo é a enerxía eléctrica, producción excedentaria en Galicia. De aí as razóns desta localización na costa galega: electricidade abundante, subministro seguro e baixo prezo, e por outra banda a existencia de portos e a proximidade ás rutas atlánticas.

A rápida instalación deste complexo industrial na costa lucense non foi acompañada do necesario ordenamento do territorio, nin siquera da infraestructura necesaria para comunica-lo complexo co resto do territorio rexional. A comarca circundante aínda carece, en maior ou menor medida, de infraestructuras e servicios básicos.

Actualmente, as catro factorías do aluminio existentes en Galicia están integradas no grupo Inespal, no que o accionista maioritario é o INI, que controla o 96,5% do capital social. Inespal constitúese como grupo en 1985 como consecuencia da fusión por absorción da Empresa Nacional del Aluminio e Aluminio de Galicia, sociedade á que pertencía a fábrica situada no polígono da Grela. Desta maneira, o grupo Inespal produce en Galicia o 70% do aluminio español, o que o converte nun dos principais productores europeos do aluminio (IDEGA 1990, pp.39-41).

Aínda que o capital e a tecnoloxía estranxeira foron medios imprescindibles para poñer en funcionamento as distintas factorías dedicadas á producción de

C.80. **COMPLEXO ALÚMINA-ALUMINIO: COMPOSICIÓN DE CAPITAL EN 1980**




Fonte: INESPAL.

aluminio en Galicia, a súa presencia foise reducindo considerablemente a medida que pasaron os anos. As grandes multinacionais do aluminio, Alcan e Pechiney, acaban por se desfacer das súas participacións nas empresas españolas do aluminio, coincidindo co fortalecemento do grupo Inespal, promovido polo INI. As tensións e rivalidades de intereses aceleran este proceso.

Pechiney (Beadud, M. 1986), primeiro productor europeo de aluminio e un dos integrantes do oligopolio mundial (Dafsa 1987) chegou a ter unha considerable presencia en Galicia, participando activamente nun total de oito importantes sociedades: Silicio de Sabón, adquirida por Carburos Metálicos; Fundaciones del Aluminio, situada en Ourense; Perfialsa, integrada agora no grupo Inespal; Envases del Atlántico, e ultimamente Cebal Ibérica, Grafitos Eléctricos del Noroeste e as tres factorías do aluminio situadas en Galicia, agora pertencentes ó grupo Inespal. Como vemos, o labor desenvolvido pola multinacional gala foi enorme, concentrada na producción metalúrxica e metalomecánica. Actualmente, o grupo PUK mantén a súa participación en Grafitos Eléctricos del Noroesnte e en Cebal Ibérica, controlada pola francesa Cebal, integrada no grupo PUK.



Xa que logo, a multinacional francesa reduciu considerablemente a súa presencia en Galicia. As causas que provocaron este progresivo desinvestimento analízaas polo miúdo o profesor Fernández Leiceaga ó estudia-las actividades desenvolvidas polo grupo PUK en Galicia (Fernández Leiceaga, X. 1991, pp.716-724). Segundo este autor, "a recesión mundial do aluminio, o estancamento dos procesos, sumado ás diferencias de interpretación dos contratos de vendas de aluminio ós seus socios" (Fernández Leiceaga, X. 1991, p.722) fan a situación insostible, o que acelera o proceso de desinvestimento, a medida que Inespal toma o control da producción de aluminio.

A pesar de todo este proceso, PUK está aínda presente, como dixemos, en Grafitos Eléctricos del Noroeste, que ten a súa fábrica na Coruña. Esta empresa dedícase á fabricación de electrodos de grafito para fornos eléctricos. A multinacional francesa proporcina tecnoloxía, asesoría técnica, maquinaria e ademais encárgse de forma-lo persoal. A factoría coruñesa comezou a funcionar en 1961. A estructura productiva desta empresa está en función tamén das importacións de materias primas: o coque de petróleo procede do complexo industrial de Niágara Falls (USA), entidade controlada pola transnacional Great Lakes Carbón Co., firma abastecedora de Unión Fenosa. O outro input, labrea de hulla, procede case totalmente de Alemaña, segundo informacións facilitadas pola propia empresa.

Alcan, outro dos líderes mundiais no sector, aguantará a súa participación en Inespal ata mediados de 1990, ano en que vende a totalidade das súas accións (24%) ó INI.

No terreo dos aceiros, cómpre salienta-la presencia de dúas compañías niponas: Nissho I. e Nishin S., que recadan o 20% do capital social de Acerinox. Esta empresa conta cunha fábrica en Betanzos, onde se cortan pezas producidas na fábrica de Algeciras. Acerinox converteuse nun dos grandes fabricantes europeos na producción de aceiro especial. Ten unha fábrica no campo de Xibraltar (Alxeciras) e dispón dunha rede de empresas filiais en Alemaña, Francia, Chile, Portugal, Suíza, Hong Kong, USA e Arxentina.

No que respecta ó campo da fundición industrial, constatamos tamén a penetración do investimento estranxeiro directo en dúas empresas situadas no polígono industrial de San Cibrao das Viñas (Ourense), participadas por investidores estranxeiros. Trátase de Cupers Fundiciones S.A. e de Forjas de Galicia, S.A. A historia da primeira comeza en 1942, cando o industrial portugués Pereira dos Santos (Gente de Mundo 1990, pp.126-129) funda a

empresa Orensana de Fundiciones. Finado o mencionado industrial, a empresa cambia de propietario ó ser adquirida pola sociedade Proavia, vencellada a accionistas venezolanos de orixe galega. Como consecuencia do cambio de titularidade, a empresa pasa a denominarse Cupers Fundiciones. Trátase por tanto dunha empresa de fundición con máis de 50 anos de actividade en Ourense, especializada en tres campos fundamentais: artesanía, obras públicas e o campo da automoción e a maquinaria. Na actualidade, está levando adiante un intenso proceso de modernización das instalacións e maquinaria coa finalidade de adaptarse ó Mercado Único Europeo.

A entrada de capital estranxeiro en Forjas de Galicia, S.A. é máis recente. Esta empresa, situada no polígono industrial de San Cibrao das Viñas na provincia de Ourense, pasa a mans da multinacional norteamericana Chrysler Corporation en 1971, coincidindo coa adquisición da totalidade das accións do grupo industrial de Barreiros, S.A. pola transnacional americana. A venda do grupo industrial español á firma automobilística estadounidense posibilitou que esta se fixese co control da empresa ourensá. Pouco máis tarde, e logo dunhas curtas negociacións coa multinacional americana, a empresa ourensá é adquirida pola Caixa de Aforros Provincial de Ourense, que a transpasou definitivamente ó Grupo Barreiros, actual accionista maioritario, mediante unha operación a crédito. Actualmente, a empresa ourensá pasa por grandes dificultades financeiras que fan temer pola súa continuidade.


C.81. **SIDEROMETALURXIA E INDUSTRIA DO ALUMINIO. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Acerinox, SA | MAD | Betanzos | C | Nisshin Steel/Nissho I | Xapón | 20 | 30 | 1700 |
| Alumina Española (*) | MAD | Cervo | L | Alcan/Pechiney | Can/Fran | 27 | 725 | 26105 |
| Aluminio Español (*) | MAD | Cervo | L | Alcan/Pechiney | Can/Fran | 27 | 1060 | 50000 |
| Alumin. de Galicia (*) | MAD | A Coruña | C | Pechiney Ugine Kulman | Francia | 67 | 579 | 22290 |
| Cupers Fundiciones SA | OUR | San Cibrao | O | Proavia | Venezuela | 62 | 60 | 315 |
| Forjas de Galicia (*) | OUR | San Cibrao | O | Chrysler Corp. | U.S.A. | 100 | 310 | 1690 |
| Fund. del Alumino (**) | OUR | San Cibrao | O | Pechiney U.K./Alcan | Fran/Can | MIN | 0 | 0 |
| Grafitos Elec. del NW | COR | A Coruña | C | Pechiney Ugine Kulman | Francia | 100 | 260 | 5200 |
| Perfialsa (*) | COR | Arteixo | C | Pechiney/Alcan | Fran/Can | 25 | 120 | 11000 |

(*): empresas que en 1991 carecían dunha participación estranxeira directa.
(**): plantas industriais inactivas en 1991.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

MAPA 18. **SIDEROMETALURXIA E INDUSTRIA DO ALUMINIO. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

En resumo, as empresas deste sector vencelladas a investidores estranxeiros teñen unha considerable importancia se temos en conta que dan emprego actualmente a 3.144 traballadores, o que supón algo máis do 10% do total xerado polas empresas con participación estranxeira. O capital estranxeiro investido neste sector entre 1960 e 1990 é maioritariamente de orixe francesa e en menor medida canadense.

### 3.5. Construccións metálicas e mecánicas


A penetración do capital estranxeiro neste sector nace tamén na década dos anos sesenta. En 1961 un total de 13 fabricantes de conservas de peixe en colaboración coa multinacional francesa Carnaud constituían a firma Envases Carnaud, que establece unha factoría en Vigo. Esta sociedade proxecta con éxito a fabricación de envases metálicos para a industria conserveira. A multinacional francesa, agora Carnaud Metal Box, que en 1964 controlaba o 80% do capital social da empresa viguesa, foi realizando sucesivos reinvestimentos desde a súa implantación inicial. A súa localización en Vigo obedece á necesidade de situarse preto dos clientes, xa que as mercadorías presentan un elevado volume en relación co seu valor, o que encarece enormemente o seu transporte. Por outra banda, o groso da súa producción destínase ás fábricas de conservas instaladas en Galicia. As materias primas utilizadas proceden en boa medida de Inespal, especialmente a folla de lata de aluminio.

En 1970 a citada multinacional francesa participa na constitución de Artiscar, dedicada á litografía sobre metais. Deste xeito, boa parte do negocio relacionado coa fabricación e litografiado de envases metálicos para conservas está controlado pola multinacional francesa Carnaud Metal Box, un dos grupos de embalaxe máis importantes de Europa e terceiro do mundo (La Voz de Galicia, 3-03-1989).

Tamén de capital francés é a empresa Dalphi Metal España, con centros productivos en Vigo e Mos. Esta empresa, vencellada á multinacional francesa Dalphi Metal dedícase tamén á fabricación de envases metálicos para a industria conserveira, consolidándose como un dos máis importantes do sector xunto con Envases Carnaud. Ligada a estas actividades encontramos tamén a multinacional americana Armstrong Woldr Industr., actual propietario de Estampaciones del Noroeste, que conta cunha factoría en Vigo. Ademais destas empresas, hai que citar a Cebal Ibérica, integrada no grupo francés PUK.



G.85. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO ÁS CONSTRUCCIÓNS MECÁNICAS E METÁLICAS DE GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

A estratexia de penetración seguida polos grupos estranxeiros que traballan na fabricación de envases metálicos é sobre todo de tipo mixta. De quitado o caso de Carnaud, que se instala en Galicia mediante a creación dunha *joint venture* con empresarios locais, as restantes multinacionais optan en boa medida pola penetración rápida, adquirindo parcial ou totalmente sociedades establecidas en Galicia con centros productivos. Con todo, encontramos algúns casos en que se produce unha implantación directa mediante a instalación dunha fábrica con capital totalmente estranxeiro. Este é o caso da traxectoria seguida pola multinacional francesa Dalphi Metal.

A prematura e continua presencia de capital estranxeiro na fabricación de envases metálicos para a industria conserveira tradúcese hoxe en día no control practicamente total desta actividade en Galicia. Estas empresas son as principais provedoras da industria conserveira galega, recadando, segundo estimacións das propias empresas, máis do 80% do mercado galego.

Se o capital francés controla a fabricación de envases metálicos, non acontece o mesmo coas empresas que se dedican á fabricación de pezas auxiliares para a industria naval, automóbil e outras ramas industriais. Dedicadas a esta actividade atopamos catro sociedades, nas que o capital estranxeiro é moi variado en canto á súa procedencia.

Destacamos dentro deste grupo de sociedades Industrias Mecánicas de Galicia. Constituída en 1973 a partes iguais entre Citroën e Seat, pertence hoxe ó grupo inglés GKN, que desde 1987 controla o 67% do seu capital social. A producción desta empresa, especialmente xuntas homocinéticas para a industria do automóbil, destínanse maiormente á exportación, sendo os seus principais clientes Citroën, Seat e Ford. A pesar das dificultades polas que pasa este tipo de empresas, o grupo inglés parece decidido a mante-la súa participación na sociedade galega. A forte implantación da multinacional en diversos países e a propia capacidade para desvia-la súa producción ata novas áreas e mercados industriais parece fornecer certas garantías e estabilidade á firma viguesa.

Outro dos grupos estranxeiros implantados en Galicia desde 1974 é o noruegués Kvaerner Industrier. A multinacional norueguesa establecida no polígono industrial de Bamio, no concello de Vilagarcía de Arousa, está especializada na fabricación de compoñentes auxiliares para a industria naval (armarios conxeladores, bombas de refrixeración e diversos equipos mariños). Aínda que a factoría galega da multinacional norueguesa data de 1972, a súa presencia no mercado español remóntase a tres décadas. Segundo informacións facilitadas pola dirección da empresa, no ano 1958 asinou un acordo de licencia coa Empresa Nacional Elcano para facer conxuntamente bombas alternativas de descarga de cru. Durante os anos 60, o grupo noruegués seguiu colaborando coa industria da construcción naval española, que daquela rexistraba os seus mellores momentos. Coincidindo co declive do sector naval español na década dos setenta, a firma norueguesa decide en 1972 construí-la fábrica de Bamio, inaugurada oficialmente en 1975, logo de inicia-la producción do ano anterior.

A empresa norueguesa foi medrando progresivamente, pasando dun cadro de persoal de 22 persoas en 1975 a 60 en 1990. A boa marcha da filial galega e as perspectivas ofrecidas nos últimos anos pola economía española coa integración na CEE fixeron posible a ampliación da fábrica situada en Vilagarcía en 1988 (La Voz de Galicia, 16-10-1988, p.71). O consorcio noruegués conta con 26 empresas repartidas por todo o mundo. A súa implantación vai medrando progresivamente en nacións como o Reino Unido, onde o grupo Kvaerner Industrier ten dúas empresas, así como en Irlanda e Alemaña. En España conta só con Kvaerner Eureka Española, situada en Vilagarcía. As actividades do grupo noruegués esténdense tamén ó eido da enerxía eléctrica mediante a creación das empresas Hidrohispano S.A. (La Voz de Galicia, 6-10-1987), na que ten unha importante participación e que orienta a súa actividade á instalación de pequenas turbinas hidroeléctricas nas diferentes minicentrais situadas en Galicia.

As razóns da implantación e posterior ampliación de Kvaerner Eureka en Galicia, que supuxo un investimento superior ós catrocentos millóns de pesetas, débese ás expectativas que ofrece o mercado español e á integración de España na CEE, o que ofrece á multinacional norueguesa a posibilidade de competir en mellores condicións fronte ós seus adversarios integrados na Comunidade Europea. O feito de que Noruega non forme parte da CEE constitúe un obstáculo para algunhas empresas dese país á hora de se introduciren e crearen filiais na Comunidade Económica Europea.


En 1978 instálase en Sabón Facet Ibérica, filial da multinacional norteamericana Facet Enterprises, dedicada á fabricación de diversos compoñentes da industria aeronáutica e de sistemas filtrantes para diversos usos. Constitúe unha compañía de características singulares no tecido industrial galego, dado que os seus procesos de fabricación e o producto final se enmarcan na vangarda das altas tecnoloxías, e os seus mercados son sectores aparentemente alleos a esta Comunidade Autónoma, especialmente os productos destinados á aviación e á industria petroquímica. Deste xeito, o seu mercado non é só español, senón que exporta unha alta porcentaxe da súa producción a países como EE.UU., Alemaña, Holanda, Francia e Reino Unido.

C.82. **CONSTRUCCIÓNS MECÁNICAS E METÁLICAS. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cebal Ibérica | PON | Meis | P | Cebal (Grupo P.U.K.) | Francia | 100 | 40 | 615 |
| Dalphi Metal España | MAD | Vigo | P | Dalphi Metal | Francia | MAI | 108 | 1200 |
| Dalphi Metal España SA | MAD | Mos | P | Dalphi Metal | Francia | MAI | — | — |
| Envases Carnaud, SA | MAD | Vigo | P | Carnaud Metal Box | Francia | 70 | 481 | 6380 |
| Estampaciones del NW. | PON | Vigo | P | Armstrong Wolrd Ind. | U.S.A. | 100 | 120 | 990 |
| Facet Ibérica, SA | COR | Arteixo | C | Facet Enterprises Inc. | U.S.A. | 96 | 49 | 656 |
| Incipresa | PON | Mos | P | Pefriptsa | Alemaña | 80 | 58 | 220 |
| I. Mecánicas de Galicia | PON | Vigo | P | G.K.N. Group | R. Unido | 67 | 714 | 10817 |
| Kvaerner Eureka Esp. | PON | Vilagarcía | P | Kvaerner Industries | Noruega | 100 | 60 | 880 |
| Silenciadores PCG, SA | MAD | Vigo | P | P.S.A. Groupe | Francia | 100 | 190 | 1270 |

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

MAPA 19. **CONSTRUCCIÓNS MECÁNICAS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

Dentro do grupo de empresas auxiliares do automóbil debemos facer referencia a Silenciadores PCG, empresa vencellada financeira e tecnoloxicamente ó grupo francés PSA. Esta empresa principia as súas actividades en 1978, participando maioritariamente Cycles Peugeot no seu capital social. Con tecnoloxía totalmente francesa, a firma fabrica silenciadores destinados a Citroën. A fabricación dos seus productos realízase baixo licencia de Peugeot. Esta multinacional subministra a asistencia técnica e as licencias e patentes de fabricación. Con tal fin establecéronse diversas vías consistentes na estancia de técnicos franceses na fábrica de Vigo, así como a realización de cursos de formación nas fábricas francesas.


Para remata-la nosa referencia ás empresas que traballan neste sector, hai que sinala-la recente implantación en Galicia do grupo británico Elbatainer, que en 1987 se instala en Vigo creando a empresa Elbatainer Ibérica, S.A., na que a multinacional inglesa contribúe co 90% do capital social da nova sociedade. A empresa viguesa, que principiou as súas actividades productivas en 1990 creando 18 postos de traballo e facturando uns 350 millóns de pesetas, dedícase basicamente á fabricación de depósitos combustibles.

### 3.6. Construcción de automóbiles e motores

A empresa máis significativa e importante que existe hoxe en día en Galicia é sen dúbida Citroën Hispania. Integrada no grupo multinacional francés P.S.A., constituído por Peugeot, Talbot e Citroën, instálase na zona franca de Vigo en 1957. Esta empresa é a máis importante de Galicia, tanto no relativo ó volume de ingresos (224.639 millóns de pesetas en 1990) como respecto do persoal contratado (7.500 traballadores en 1990), o que representa un 25% do conxunto de traballadores vencellados a empresas participadas por investidores estranxeiros.

Desde a súa instalación en Vigo, a multinacional francesa non deixou de acometer novos reinvestimentos co fin de moderniza-las súas instalacións e mesmo para crear novas plantas productivas. Así, en 1978 inaugura unha nova factoría en Ourense, destinada á montaxe de motores e á fabricación de diversas pezas. A instalación desta nova planta posibilitou a creación de 2.500 novos postos de traballo, co que a empresa francesa acadou o seu máximo esplendor en Galicia. A iso contribuíu o decidido apoio prestado pola Administración Central, que chegou a subvencionar fortemente os proxectos presentados pola multinacional francesa a través dos concursos de

G.86. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO EN GALICIA Á CONSTRUCCIÓN DE AUTOMÓBILES E MOTORES DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

beneficios da Gran Area de Expansión Industrial de Galicia e o Polo de Desenvolvemento Industrial de Vigo.

Segundo fontes da propia empresa, a crise mundial que afecta ó sector do automóbil reduciu considerablemente os investimentos de Citroën en Galicia, comezando a finais de 1988 un progresivo desmantelamento da factoría situada en Ourense. Os traballadores procedentes desta planta son absorbidos por dúas novas empresas instaladas recentemente no polígono industrial de San Cibrao das Viñas: Allibert Industrias e Labauto Ibérica.

Máis do 50% das súas compras proceden da casa matriz, transladándose a Vigo por vía marítima. O resto procede das distintas empresas españolas. A empresa Citroën Hispania é actualmente unha das dúas ramas do automóbil en que está dividido o grupo PSA. En 1974 perde a súa independencia como tal integrándose no citado grupo. Deste xeito constitúese un dos maiores grupos franceses do sector do automóbil, detrás de Renault.

A totalidade das filiais do grupo PSA (ver cadro 83) concéntranse en Europa, notándose nos últimos anos unha lixeira tendencia á reducción das súas actividades no estranxeiro (Fernández Leiceaga, X. 1990, p.16). Actualmente o 20% da producción total do grupo procede do estranxeiro,



tal como se recolle nun estudio analítico elaborado sobre esta empresa polo profesor Fernández Leiceaga. Segundo os datos contidos no seu traballo, a factoría viguesa achega o 10% do valor da producción total que anualmente rexistra o citado grupo francés. Este mantén en Francia o 83% das factorías, onde concentra sen embargo o 80% da producción total que rexistra anualmente o grupo galo. Con todo, a factoría viguesa concentraba en 1987 o 52% da producción internacional xerada pola multinacional francesa nos centros productivos situados no estranxeiro (Fernández Leiceaga, X. 1990, p.27).

Deste xeito, a filial española do grupo PSA constitúe o principal centro productivo que a multinacional francesa mantén actualmente no estranxeiro, tanto polo número de traballadores como polo valor da producción rexistrada. A finais de 1990, unha vez pechadas as factorías de Levallois en Francia e de Ryton en Gran Bretaña, o grupo multinacional contaba cun total de 28 centros productivos repartidos entre Francia (24), España (2), Portugal (1) e Inglaterra (1).

A debilidade da factoría viguesa, que só supón o 3,4% do emprego total do grupo PSA, fronte a unha estructura poderosamente multinacional, con diversidade de centros productivos, fai temer polo futuro da empresa viguesa, sobre todo se se ten en conta a crise que nos últimos anos está afectando ó sector automobilístico como consecuencia do empuxe competitivo que están exercendo as multinacionais xaponesas do sector. Neste sentido, o previsible peche da factoría viguesa en función dos resultados que nun futuro próximo poida obte-lo grupo francés supoñería un duro golpe que sumiría a comarca viguesa nunha profunda crise laboral e económica, mentres que para o grupo multinacional un suposto peche non levaría consigo grandes dificultades, sobre todo se temos en conta a debilidade da filial fronte á estructura e dimensión global do grupo do que forma parte.

En canto ó volume e á distribución dos investimentos realizados polo citado grupo francés, cómpre sinalar, seguindo o traballo de Fernández Leiceaga, que Francia recibe case o 90% dos investimentos totais realizados polo grupo, fronte ó 2,7% correspondente a Gran Bretaña e o 5,5% dirixido ás factorías establecidas en España, Vigo e Villaverde (Madrid) onde o grupo fabrica os vehículos marca Peugeot.

Tomando como referencia o volume dos investimentos realizados polo grupo en Citroën Hispania, converten a esta empresa no principal foco de

atracción do investimento estranxeiro ó longo dos últimos 30 anos en Galicia. Só esta empresa absorbe máis do 22% do total do investimento estranxeiro rexistrado anualmente en Galicia. As propias e específicas características de Citroën obrígana, por imperativos sectoriais, a acometer de forma

C.83. **CENTROS PRODUCTIVOS DO GRUPO PSA EN 1990**

| CITROËN | | | |
|---|---|---|---|
| LOCALIZACIÓN | PAÍS | ACTIVIDADE | EMPREGO 1990 |
| RENNES | FRA | AX, BX | 12360 |
| AULNAY | FRA | AX, CX | 4950 |
| METZ | FRA | Caixas velocidades | 5100 |
| TREMERY | FRA | Motores | 2142 |
| CAEN | FRA | Eixes | 2250 |
| CHARLEVILLE | FRA | Fundición ferro e aluminio | 2350 |
| ASNIERES | FRA | Fabricación de pezas | 1300 |
| S. QUEN | FRA | Moldeado de chapas | 900 |
| MEUDON | FRA | Utillaxe | 750 |
| MELUN-SENART | FRA | Pezas de recambio | 750 |
| REIMS | FRA | Caixas de velocidade | 650 |
| VIGO | ESP | AX, Visa, BX, C15, Acadiane | 7500 |
| PEUGEOT | | | |
| SOCHAUX | FRA | 205, 305, 405, 505, P4 | 24400 |
| MULHOUSE | FRA | 205 | 12900 |
| POISSY | FRA | 205, 309 | 10350 |
| VESOUL | FRA | Pezas de recambio | 2900 |
| VALENCIENNES | FRA | Caixas de velocidades | 1942 |
| LILLE | FRA | Motores diesel | 1400 |
| VIEX-CONDE | FRA | Gravado en frío, fabricación pezas | 1250 |
| LA ROCHELLE | FRA | Eixes, órganos mecánicos | 850 |
| SEPT-FONS | FRA | Fundición de ferro | 950 |
| DIJON | FRA | Dirección e transmisións | 850 |
| CREY-PONTOISE | FRA | Pezas de recambio | 550 |
| S. ETIENNE | FRA | Órganos mecánicos | 350 |
| VILLERS-LALM | FRA | Fund. aluminio, embragues, pezas, caixas de velocidade e motores | 341 |
| RYTON | GBR | 309, 405 | 2150 |
| VILLAVERDE | ESP | 205, 309 | 6699 |

Fonte: Memorias GRUPO PSA. 1991.



practicamente permanente fortes investimentos de racionalización, ampliación e innovación para desenvolver novos modelos. Esta situación explica este comportamento e o liderato como principal recadador de investimento estranxeiro directo rexistrado en Galicia durante o período 1960-1991. Así, a fábrica viguesa de Citroën rematou en 1988 un programa plurianual pactado coa Administración Central por un importe de 11.400 millóns de pesetas investidos en sucesivos prazos, centrado na robotización da producción e na renovación tecnolóxica das instalacións (IDEGA 1989, p.159). A empresa intensificou os seus investimentos desde ese ano en 6.000 millóns anuais, con fortes investimentos estatais que está previsto que manteñan ata 1992. Con iso preténdese aumenta-la capacidade e a calidade no proceso de fabricación ata conseguir unha producción de 1.000 vehículos diarios nos dous turnos.

En 1964 a empresa Barreiros, S.A., dedicada desde 1954 á construcción de camións pesados e lixeiros, autobuses, microbuses, furgonetas, tractores diésel e grupos electrónicos, asóciase coa firma francesa Simca e a norteamericana Chrysler Corporation. Mediante este acordo, os socios estranxeiros adquiren un tercio do capital social da empresa fundada polo empresario ourensán Eduardo Barreiros. Posteriormente, en 1971, a citada multinacional norteamericana faise coa totalidade das accións, asumindo o control do grupo empresarial liderado polo empresario galego, que contaba con centros productivos en Ourense (Barreiros Orense, S.A. e Forjas de Galicia, S.A.) e en Madrid, principal núcleo industrial da súa empresa Barreiros, S.A. A fábrica de Barreiros chegou a colocar anualmente no mercado máis de 100.000 motores de explosión e fabricaba arredor de 3.000 camións cada ano.

Coa adquisición desta importante empresa española especializada na construcción de camións, a multinacional norteamericana Chrysler conseguiu controlar boa parte do mercado español e abortar un dos proxectos de maior envergadura promovidos por capital español.

Unha das empresas de recente instalación en Galicia, dedicada á construcción de motores mariños, é Motores Deutz MWM, situada no Porriño. Esta sociedade foi creada en 1987 cun capital social de 1.000 millóns de pesetas, do que o 78% estaba controlado polos alemáns e un 22% suscrito nun principio por Sodiga, que en cinco anos debía transferi-la súa cota de participación á multinacional xermana. Os recursos propios e tecnolóxicos achegados pola multinacional alemana suman un total de 1.287 millóns de pesetas,

mentres que as subvencións e créditos procedentes de instituicións oficiais españolas acadan a cifra de 2.700 millóns de pesetas (La Voz de Galicia, 30-06-1988, p.61). Deste xeito, o proxecto promovido pola multinacional alemana Klöckner Humboldt Deutz foi subvencionado nun 66,8 por cento.

O primeiro contacto desta multinacional con empresas galegas comeza en 1966, cando os estaleiros de Hijos de J. Barreras comezou a montar, baixo licencia da citada multinacional xermana, motores mariños refrixerados por auga e grupos electróxenos. En outubro de 1982 créase Motores Barreras Deutz, con participación do INI, que asume o 60% do capital social e a KHD, que suscribe o 40% das accións restantes. Posteriormente, o INI liquidou a súa participación directa nunha operación sumamente criticada e especialmente gravosa para os intereses públicos, ó peñora-la súa parte na sociedade á KHD a unha peseta por acción, ademais de facerse cargo doutros gastos derivados do translado de maquinaria á nova planta do Porriño.

C.84. **CONSTRUCCIÓN DE AUTOMÓBILES E MOTORES. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Citroën Hispania (**) | MAD | San Cibrao | O | P.S.A. Groupe | Francia | 100 | 0 | 0 |
| Citroën Hispania, SA | MAD | Vigo | P | P.S.A. Groupe | Francia | 100 | 7500 | 224639 |
| Motores Barreiros (**) | MAD | San Cibrao | O | Chrysler | U.S.A. | 100 | 0 | 0 |
| Motores Deutz Mwm, SA | PON | O Porriño | P | Klockner Hubolt Deutz | Alemaña | 100 | 232 | 2700 |

(**): plantas industriais inactivas en 1991.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

En definitiva, toda unha serie de circunstancias moi favorables para a multinacional alemana que fixeron posible a viabilidade do proxecto gracias ó forte apoio institucional recibido. A localización do proxecto no Porriño débese a tres razóns:

a) Existencia de man de obra especializada. Os traballadores procedentes da antiga fábrica de Barreras gozan de boa experiencia e preparación para desenvolver satisfactoriamente o seu traballo na nova factoría.

b) Baixo custo salarial. Os traballadores reciben retribucións inferiores ás que se pagan en Alemaña. O prezo da hora por traballador en España é netamente inferior ó dun operario coa mesma cualificación na propia Alemaña. Neste sentido, son reveladoras as consideracións do presidente da sociedade ó afirmar que "este país ten evidentes vantaxes no custo de producción fronte a outras nacións" (La Voz de Galicia, 30-06-1988).


c) A existencia dun mercado potencial moi interesante. A necesaria reconversión da flota española e o incremento da demanda en varios países limítrofes favorecen de xeito decisivo a súa localización no Porriño. Neste sentido, cómpre sinalar que a multinacional alemana considera España a plataforma ideal de lanzamento para acada-los mercados iberoamericanos, de Orinete Medio e Norte de Africa (La Voz de Galicia, 26-01-1989, p.57).

A multinacional alemana ten a súa sede central en Colonia e conta con plantas filiais en todo o mundo, distribuídas ó longo de 24 países. Cun cadro de persoal de 20.000 persoas, a súa cifra de negocios supera os 4,4 millóns de marcos anuais. O 50% da actividade da empresa oriéntase cara á producción de motores e grupos electróxenos diésel, ámbito no que é un dos primeiros fabricantes do mundo. O resto do grupo dedícase á fabricación de tractores, maquinaria agrícola e plantas industriais.

Klöckner Humboldt Deutz está presente en España desde hai máis de medio século. A súa cifra de negocios en España supera os 20.000 millóns, contando cun cadro de persoal de 1.100 traballadores. Ademais do centro productivo situado no Porriño, posúe a maioría do capital de Deutz Diter, situada en Zafra (Badaxoz), onde fabrica tamén motores diésel refrixerados por auga. A organización do grupo en España complétase coa súa filial Deutz Fahr, dedicada á comercialización dos seus productos mediante unha rede de vendas distribuídas por todo o territorio nacional.

A pesar das espectativas creadas, a empresa xermana que comezou as súas actividades productivas en 1988 pechou definitivamente as súas instalacións en decembro de 1991. A traxectoria seguida pola multinacional alemana ó longo dos seus catro escasos anos de existencia estivo marcada por unha rexeitable política comercial promovida pola dirección da fábrica, consistente en vender á comercializadora de KHD os motores fabricados no Porriño a prezo inferior ó do seu custo real, ata provoca-la quebra da empresa. A documentación intervida ó respecto (El Correo Gallego, 30-05-1991, p.41) demostra os proxectos deliberados da multinacional xermana de provoca-la quebra mediante unha serie de accións premeditadas, baseadas na subfacturación das exportacións e na sobrefacturación das importacións realizadas ás súas filiais, mecanismo frecuentemente utilizado polas compañías multinacionais co fin de acabar de produci-lo colapso económico e a descapitalización da empresa galega.

MAPA 20. **CONSTRUCCIÓN DE AUTOMÓBILES E MOTORES MARINOS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.



Tras producirse o peche definitivo da factoría situada no Porriño, a multinacional xermana procedeu a vender en poxa pública os seus bens. Diso encargouse a multinacional holandesa *Troostwijk*, a través da súa filial española Intervalor Roux. Esta multinacional é unha das poucas firmas poxadoras que garante un prezo mínimo de partida ós seus clientes.

Nunha primeira fase, os postores de varios países pagaron máis de 1.000 millóns de pesetas na poxa de bens de Motores Deutz (Diario 16 de Galicia, 10-04-1992, p.49). Os 40.000 metros cadrados de terreo libre e os 19.300 metros cadrados de naves industriais e edificios administrativos non foron aínda incluídos na poxa celebrada no mes de abril. Así e todo, a filial francesa de *Troostwijk*, *Auguste Thouar*, realizou contactos con varios grupos industriais estranxeiros para vender nun paquete á parte estas instalacións valoradas en case 1.500 millóns de pesetas.

Como consecuencia deste conxunto de operacións claramente especulativas, a multinacional alemana conseguiu en Galicia, en só catro anos, máis de 5.200 millóns de pesetas, dos que 2.700 corresponden a subvencións da Xunta de Galicia e da Administración Central; resto, algo máis de 2.500 millóns, proceden da poxa de bens, mentres que as contribucións propias do grupo alemán non chegaron a supera-los 1.300 millóns de pesetas. Para evitar actuacións deste tipo, resulta imprescindible que a Administración artelle os mecanismos para garanti-lo éxito dos proxectos industriais promovidos por grupos estranxeiros na nosa Comunidade.

### 3.7. Construcción de aparellos eléctricos e electrónicos

A presencia de capital estranxeiro neste sector é moi importante se temos en conta que esta actividade non abunda no tecido industrial galego. Sen embargo, actualmente traballan en Galicia seis importantes empresas que dan emprego a 1.516 persoas, o que supón un 5% do emprego total das empresas estranxeiras instaladas en Galicia.


Trátase de empresas moi modernas e con gran capacidade tecnolóxica, imprescindible para desenvolver productos que sexan competitivos. A irrupción do capital estranxeiro neste sector da industria galega prodúcese en 1973, ano en que Intelsa (Industrias de Telecomunicación, S.A.) instala unha factoría na Coruña, satélite da situada en Madrid. Con ela comeza a producción en Galicia de centraliñas telefónicas e de télex para enlaces e extensións. O capital de orixe estranxeira fai acto de presencia a través da

multinacional sueca L.M. Ericsson, que participa no 51% do capital, subscribindo o resto a Compañía Telefónica Nacional de España. L.M. Ericcson é unha das sociedades pertencentes ó poderoso grupo sueco Wallengerg. Este grupo monopolístico, integrado por un total de 23 compañías de carácter multinacional (ver cadro 85), con amplas ramificacións internacionais, controla actualmente o 40% da compañía sueca e dá emprego a medio millón de traballadores (Moreno, R. 1991, p.12).

A fábrica galega será adquirida en 1982 e posteriormente renovada pola multinacional italiana Tellettra, S.P.A., integrada no poderoso grupo FIAT, reducíndose a participación de Telefónica ó 10%. Na factoría de Arteixo prodúcense terminais para autorización e transferencia electrónica de fondos, de recollida de datos e de negocios, así como sistemas para videotex e diversos aparellos electrónicos.

A multinacional italiana instálase en España a mediados dos anos sesenta para ocupar un espacio no desenvolvemento das telecomunicacións. En 1970 establece un acordo con Telefónica para desenvolver equipos de transmisión e radio. Froito desta colaboración, en 1972 Telefónica adquire o 51% do capital social de Telettra España, quedando o 49% restante en mans

C.85. **CONGLOMERADO INDUSTRIAL DO GRUPO SUECO WALLENBERG EN 1990**




Fonte: El País, 31-03-1991, P. 13.



italianas. En 1988 Telefónica, en plena etapa de expansión internacional, efectúa un cambio do 41% das accións de Telettra España, por un 10% do grupo Telettra S.P.A. Deste xeito, Telefónica conserva un 10% das accións de Telettra España, coa posibilidade de poder amplia-la súa participación no grupo italiano.


Actualmente, o grupo Telettra ten arredor de 9.000 empregados en todo o mundo, un 26,3% en España, traballando en 18 polos industriais. Telettra España constitúe a maior realidade empresarial do grupo fóra de Italia. En efecto, ademais da factoría de Arteixo, conta con outras dúas localizadas en Torrejón de Ardoz (Madrid), e San Roque (Cádiz). En conxunto, as tres factorías dan emprego a 2.372 traballadores. A estes hai que engadir un novo centro de investigación e desenvolvemento tecnolóxico situado en Barajas (Madrid). Telettra, ademais da casa matriz en Italia e as tres plantas montadas en España, ten sociedades industriais en Noruega, México, Arxentina e EE.UU. (Economía Gallega, xullo de 1990, p.44).

A pesar desta distribución, segundo declaracións da propia empresa, preto do 90% da súa facturación xérase en Europa, mentres que do mercado español procede un 34 por cento. Recentemente, a casa matriz de Telettra asinou un acordo de gran alcance coa multinacional francesa Alcatel, co obxectivo de fusionar ámbalas compañías (Velasco, J. 1991, pp.35-36). A autorización da fusión por parte da Comisión Europea convertirá este grupo nun dos principais líderes mundiais no campo das telecomunicacións.

A fabricación de compoñentes e accesorios eléctricos para a industria naval constitúe outro foco de atracción para os investidores estranxeiros. Aquí atopamos dúas multinacionais de gran importancia que traballan en Galicia activamente. Unha delas é a Cie Generale des Eaux, que en 1988 adquiriu a Banesto o 51% do capital social da empresa galega Isolux Naval.

Isolux Galicia ten unha presencia antiga en Galicia. Constitúese en 1961, experimentando cambios continuos no seu capital social. Estivo integrada en Isodel-Sprecher, empresa participada tamén pola multinacional francesa CGE e pola suíza Sprecher Schuch. Máis tarde, en 1976, participa no seu capital social a firma francesa CGE Alsthom co 45 por cento, Bandesco co 12% e Isodel Sprecher co 4 por cento. En 1977 a multinacional francesa eleva a súa participación, chegando a controla-lo 70% da compañía galega. En 1978 presenta suspensión de pagamentos, sendo posteriormente adquirida por Banesto, que cederá en 1988 o 50% do seu capital á francesa *Cie General des Eaux* (Fomento de la Producción 1989, p.652).

G.87. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO EN GALICIA Á FABRICACIÓN DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

A empresa galega, establecida na Coruña, está especializada na fabricación e montaxe de aparellos eléctricos de baixa, media e alta tensión, así como na instalación de celas, cabinas e cadros de mando. *Isolux Galicia* construíu a práctica totalidade das centrais térmicas e hidráulicas e as subestacións eléctricas da nosa Comunidade Autónoma, nas que un dos seus principais clientes é Unión Fenosa. Os seus servicios integrais de medio ambiente nos seus equipos e instalacións para a industria naval constitúe outra das especialidades da compañía, que concentra as súas actividades a filial *Isolux Naval*, situada en Vigo.

O grupo Isolux está formado por seis empresas, delas unha en Marrocos e outra en Colonia, e dúas máis en Ecuador e Nicaragua.

Outra multinacional, neste caso holandesa, traballa neste tipo de actividades relacionadas coa fabricación e montaxe de aparellos eléctricos con destino ó sector naval. Trátase da multinacional *Grasso's Koninklijke Machine Fabrieken NV*. Esta multinacional controla a totalidade das accións da súa filial galega Grenco Ibérica, situada en Vigo. A empresa, dirixida por dous estranxeiros, conta ademais con cinco delegacións repartidas entre A Coruña, Madrid, Baleares, Barcelona e Huelva.



En canto á fabricación de equipos e compoñentes eléctricos para a industria auxiliar do automóbil, cómpre subliña-la presencia dunha multinacional francesa, Precisión Mecanique Labinal. Esta transnacional francesa adquire o control de Cablinal, situada en Vigo. Recentemente, en 1989, absorbendo

C.86. **ESTRUCTURA DO GRUPO LABINAL EN 1991**

| TURBINAS DE GAS | | EQUIPOS DE AERONÁUTICA | | |
|---|---|---|---|---|
| DIVISIÓN TURBOMECA<br><br>TURBOMECA<br>Bordes (64)<br>Tardos (40)<br>Mezires-sur Seine (78)<br>París (75)<br><br>SUBSIDIAIRES<br>G.G.T.M.<br>(50% TURBOMECA)<br>Pau-Uzein (64) | DIVISIÓN MICROTURBO<br><br>MICROTURBO<br>Tolosa (31)<br><br>ELECTROMECANISMES RBF<br>París (75) | DIVISIÓN SISTEMAS AERONÁUTICOS<br><br>LABINAL<br>Montigny-leBretonneux (78)<br>Saint-Quen (93)<br>Vire (14)<br><br>CABLAUTO SGE<br>Villemur-sur-Tarm (31)<br><br>GELBON<br>Montpelier (34)<br>SOFRANCE<br>Nexon (87) | DIVISIÓN CONECTORES CINCH | DIVISIÓN MOTORES GLOBE |
| TURBOMECA ENGINE CORPORATION Inc.<br>Gran Prairie<br>"Dallas" (Texas) | MICROTURBO Inc.<br>Gran Prairie<br>"Dallas" (Texas) | LABINAL AEREO & DEFENSE SYSTEMS Inc.<br>Dayton (Ohio)<br>Hayward (California) | LABINAL COMPONENTS & SYSTEMS Inc.<br>Elk Grove (Illinois)<br>New Hope (Minnesota)<br>Vinita (Oklahoma) | LABINAL COMPONENTS & SYSTEMS Inc.<br>Dayton (Ohio)<br>Dothan (Alabama)<br>Pocahontas (Arkansas) |
| MTU TURBOMECA ROLLS ROYCE GmbH | | LABINAL COMPONENTS & SYSTEMS GmbH<br>Munich | LABINAL COMPONENTS & SYSTEMS GmbH<br>Munich | LABINAL COMPONENTS<br>Munich |
| TURBOMECA DO BRASIL<br>Rio de Janeiro | | | | |
| TURBOMECA Ltd.<br>London<br>ROLLS ROYCE TURBOMECA Ltd.<br>London | MICROTURBO Ltd.<br>Faereham | LABINAL AERO & DEFENSE SYSTEMS Ltd. | CINCH<br>Wolksop<br>Faerenham | |
| | LABINAL KK<br>Tokio | LABINAL KK | | |
| | | | LABINAL ELECTRÓNICA DE REYNOSA SA de CV<br>Reynosa | |
| | | Singapur | CINCH MICROFITS Ptas. Ltd.<br>Singapur | |
| Turbinas de gas mediante potencia para diversas aplicacións aeronáuticas e industriais | Turbinas de baixa potencia para diversas aplicacións aeronáuticas e de armamento terrestre | Cableados eléctricos, equipos, filtros para aplicacións aeronáuticas, armamento e telecomunicacións | Conectores para aplicacións aeronáuticas, armamento, telecomunicacións e industria | Motores eléctricos e equipos diversos microminiatura para aplicacións aeronáuticas, armamento e industriais |

C.86. (Continuación). **ESTRUCTURA DO GRUPO LABINAL EN 1991**

| EQUIPOS AUTOMÓBILES | | |
|---|---|---|
| DIVISIÓN CABLEADO AUTOMÓBIL<br>LABINAL<br>Montigny-le-Brotonneux (78)<br>Saint-Quen (93) Vire (14)<br>CABLAUTO SGE<br>Bellegarde-u-Loiret (45) Cahors (46)<br>Labstide-Saint-Pierre (82) Villemur-sur-Tarn (31)<br>RKG<br>Saint. Ereme (02) Sissone (2) Villers-en Prayères (02) | DIVISIÓN FILTROS<br>PARFLUX<br><br>LABINAL<br>Montigny-le-Bretonneux (78)<br>Marcillac Vallon (12) Vire (14)<br><br>GIJIROT<br>Sains-Richaumont (02) | DIVISIÓN FREOS<br>ELÉCTRICOS TELMA<br><br>TELMA<br>Saint Quen-l' Autóme (95) |
| LABAUTO Inc. Elk Grove (Illinois) | | TELMA RETARDER Inc. Hayward (California) |
| | PARFLUX FILTER GmbH<br>(Stutgard) | TELMA RETARDER DEUTSCHLAND GmbH<br>Stutgar |
| CABLINAL (Vigo)<br>LABAUTO IBÉRICA (Ourense) | SIFASA (Oyarzun) | MATELI (Madrid e Zaragoza) |
| | CROSLAND<br>Nothingham-Birmingham | |
| | CROSLAND FILTERS BV (Eindoven) | |
| | CROSLAND FILTERS LTD (Dublín) | |
| | FILTRI PURFLUX SRL (Milán) | |
| LABINAL KK (Tokio) | LABINAL KK (Tokio) | LABINAL KK (Tokio) |
| CABELEC (Casablanca) | | |
| Cableados eléctricos, caixas de intercambio e conéctica do automóbil e vehículos industriais | Filtros de aceite, aire e combustible para vehículos | Freos eléctricos para vehículos utilitarios e aplicacións industriais automóbiles e industriais |

Fonte: Labauto Ibérica. 1990.

C.87. **FABRICACIÓN DE APARELLOS ELEÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cablinal, SA | PON | Vigo | P | Labinal Groupe | Francia | 100 | 174 | 1800 |
| Grenco Ibérica, SA | PON | Vigo | P | Grasso's K.M.F. | Holanda | 100 | 131 | 2000 |
| Isolux Galicia, SA | COR | A Coruña | C | Cie General des Eaux | Francia | 25 | 415 | 2931 |
| Isolux Naval, SA | PON | Vigo | P | Cie General des Eaux | Francia | 25 | 42 | 350 |
| Labauto Ibérica, SA | MAD | San Cibrao | O | Labinal Groupe | Francia | 100 | 520 | 3000 |
| Telletra SA | MAD | Arteixo | C | Fiat Group | Italia | 100 | 234 | 4797 |

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

parte dos activos industriais da antiga planta de Citroën, crea en Ourense Labauto Ibérica.

As filiais galegas do grupo Labinal están especializadas na fabricación de cableados eléctricos para as factorías de Citroën e Peugeot. Para a posta en

MAPA 21. **FABRICACIÓN DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

funcionamento da factoría situada en Ourense investíronse 400 millóns na adquisición de maquinaria e na modificación dos edificios adquiridos a Citroën.

O grupo Labinal está formado por un total de 53 empresas, con centros productivos en numerosos países do mundo (Ruíz Rojo, J. 1990, pp.171-174). Actualmente dispón de fábricas en Xapón, USA, Brasil, Marrocos, Singapur e diversos países europeos. A estructura global do grupo pode verse no cadro 86 que se xunta.

Como consecuencia da penetración estranxeira realizada ata o momento neste sector, resulta evidente que actualmente traballan nesta actividade da economía galega catro multinacionais europeas que participan directamente no control de seis empresas industriais con centros productivos na nosa Comunidade Autónoma. Analizando a procedencia do capital francés, de onde procede o 67% do investimento estranxeiro rexistrado neste sector. O resto, como pode verse no gráfico 87, procede de Italia, Holanda e Suecia.


Para rematar, cómpre sinala-la probable construcción dunha empresa promovida por diversos empresarios galegos residentes no exterior integrados na Fegaex en colaboración co capital norteamericano para fabricar diversos productos de tecnoloxía punta, especialmente software. O investimento previsto acada os 100 millóns de pesetas (El Correo Gallego, 28-11-1991, p.65).

### 3.8. Transformación e tratamento da madeira

A riqueza forestal de Galicia constitúe un factor moi atractivo como materia prima para a instalación de novos proxectos industriais promovidos por capital estranxeiro neste sector. Aínda que a presencia de capital foráneo é aínda cativa en relación co número de empresas existentes, agárdase que nun futuro próximo a participación estranxeira aumente considerablemente.

De momento, traballan en Galicia oito empresas. Entre as máis importantes do sector con instalacións productivas en Galicia encóntrase Tableros y Fibras (TAFISA). Esta empresa, participada minoritariamente pola multinacional sueca *Stora*, comeza as súas actividades en Galicia en 1958, ano en que se establece en Pontevedra. Máis tarde créase Transformados de la Madera, S.A. (TRADEMA), que se sitúa en Betanzos. Tafisa foi evolucionando ata se converter en cabeza dun importante grupo industrial dos sectores madeireiro, forestal e químico. En 1990 o grupo Tafisa ocupaba o segundo lugar entre as empresas españolas do sector, cunha facturación conxunta de máis de 14.000 millóns de pesetas ó ano. Participa directamente en 16 empresas, tal e como se aprecia no cadro 87-1. Recentemente fundou Madiberia para instalar en Nelas (Portugal) unha factoría de tableiros de media densidade. Os mercados internacionais constitúen o principal obxectivo de Tableros y Fibras, S.A. Así, entre 1990 e 1994 a firma española destinará máis de 4.000 millóns de pesetas para construír en sociedade con outras empresas estranxeiras unha fábrica de tableiros aglomerados en Canadá. Esta non é a única incursión nos mercados internacionais. De feito, en 1989 comprou un 25% da compañía francesa Torsyl, tendo previstas outras formas de participación e de acordos de cooperación con empresas de distintos países (La Voz de Galicia, 10-11-1990, p.63). En maio de 1993

C.87-1. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO TAFISA**




Fonte: La Voz de Galicia, 10-11-1990, p. 63 e elaboración propia.

o grupo "Sonae", principal holding industrial privado de Portugal comprou o 8,35% de "Tafisa". Desta maneira o grupo portugués entrou tamén na xestión de empresa española.

"Sonae" é o maior grupo privado portugués, con intereses nos sectores da distribución, industrias da madeira, inmobiliarias e medios de comunicación. En 1992, o grupo luso facturou máis de 170.000 millóns de pesetas, sendo líder en Portugal na industria da transformación da madeira. A entrada en "Tafisa" foi o primeiro investimento financieiro que acometeu no mercado español (Expansión, 05-05-1993, p.7), tendo previsto ampliar a súa participación na empresa española ata controlar un 20% do seu capital social.

En 1974, ó fusionárense Cartonajes Onubenses, Cartonajes Burgaleses e Cartonajes Vigueses (creada en 1965) xorde Carto España, que manterá unha factoría no Porriño dedicada a fabricar embalaxes de cartón ondulado. Ademais da fábrica do Porriño, o grupo español, propiedade da multinacional irlandesa Jefferson Smurfit, conta tamén con fábricas en Valladolid e Burgos. Desde 1974 e ata finais da década dos 80, o grupo español estivo participado na súa totalidade pola multinacional norteamericana Container Corporation of América. Posteriormente, a firma norteamericana termina por cede-la totalidade das súas accións á citada multinacional irlandesa.

Máis recente é a entrada da compañía alemana *Lignotock Wefahren Stechinidke*, que en 1985, co apoio de Sodiga e acolléndose ós beneficios da GAEIG, instala no Porriño unha moderna factoría dedicada á fabricación de mantas de fibras celulósicas e diversas pezas destinadas ó revestimento do interior de automóbiles.

O grupo Lignotock ten a súa sede matriz en Alemaña, onde concentra tódolos activos relacionados coa investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. En España conta ademais cunha factoría en Valencia dedicada á fabricación de productos plásticos. A estructura do grupo ramifícase con outras sociedades filiais establecidas na propia Alemaña. Así, pertencen ó citado grupo alemán Lignotock Technische Formetelle, Lignotock Fasertechnick Gmbh. e Lignotock Fasetechnick Gmbh Co Production KGA. O cadro de persoal do grupo, incluíndo as súas filiais, situábase en 1990 en 3.700 traballadores. Coincidindo co profesor Fernández Leiceaga, a situación da multinacional alemana en Galicia obedece ás seguintes razóns (Fernández Leiceaga, X. 1991, p.433):



a) Concesión de fortes subvencións por parte da Administración Central (GAEIG) e Autonómica, coa colaboración de Sodiga.

b) Existencia de materias primas abundantes e baratas para acomete-lo proceso productivo, que utiliza fundamentalmente madeira, segundo se indica na memoria presentada ós Organismos públicos correspondentes.

c) A proximidade da fábrica de Citroën e a proximidade e boas comunicacións co porto de Vigo.

Estas circunstancias diminúen considerablemente os custos derivados do transporte, o que constitúe un importante factor de localización industrial a ter en conta.

d) Baixo custo da man de obra con respecto ó que existe en Alemaña e noutras factorías do grupo. Segundo consta na memoria presentada pola multinacional alemana, o investimento realizado superou os 2.820 millóns de pesetas, incluíndo as subvencións concedidas polos Organismos Públicos dependentes da Administración Autonómica. Do mesmo xeito, para a posta en funcionamento da factoría procedeuse á contratación de persoal técnico procedente doutra factoría do grupo, especialmente de Alemaña.

Segundo estimacións da propia empresa, o 15% da producción véndese en Galicia, outro 15% no resto de España e o 70% restante destínase á exportación. Xa que logo, trátase dunha empresa netamente exportadora que aproveita as vantaxes de localización para favorece-los baixos custos productivos e garanti-la exportación das súas mercadorías por vía marítima.

Entre as empresas de recente creación en Galicia vencelladas ó capital estranxeiro e acollidas á Lei de Incentivos Económicos Rexionais hai que sinala-lo caso de Lamcol Orense (Sánchez Mazaira, A. 1990, pp.148-149). Esta empresa, participada pola multinacional belga Sud Charpenter Lamcol, está situada no polígono industrial de Uceira, concello do Carballiño. A súa actividade concéntrase na fabricación de modernas estructuras de madeira laminada colada, utilizando como materia básica no seu proceso productivo todo tipo de madeira resinosa (piñeiro roxo, abeto, piñeiro bravo, etc.). Precisamente a necesidade desta materia prima explica, en certa medida, a súa localización nun espacio do interior da provincia de Ourense, caracterizado pola abundancia de recursos forestais.

No que se refire á fabricación de mobles, hai que sinala-la nacente penetración de capital procedente de Hispanoamérica, fundamentalmente de emigrantes galegos establecidos sobre todo en Arxentina. Desta natureza son as

empresas de carácter familiar Maderas Nahuel, situada no Porriño, e de Muebles Santa Eugenia, establecida en Ribeira.

A finais dos anos oitenta varias empresas privadas, en colaboración coas principais multinacionais do sector, presentan varios proxectos (IDEGA

C.88. **PRINCIPAIS INVESTIMENTOS DO GRUPO KUWAITI KIO EN ESPAÑA EN 1988**

| EMPRESAS | PORCENTAXES | ACTIVIDADES | VENDEDORES |
|---|---|---|---|
| Las lomas | 50% | Finca Agrícola | Familia Mora Figueroa |
| Hotasa | 30% (con diñeiro público de Kuwait) | Hostelería | Estado |
| Impacsa (propietaria ó 100% de Industrial Cartonera) | 100% (Posteriormente o 50% pasa a Torrás Hostench e o resto da Bolsa) | Papeleira | Familia Porcioles |
| Torrás Hostench | 37% | Papeleira | Varios e Bolsa |
| Prima Inmobiliaria | 40% | Inmobiliaria Madrid | Fecsa |
| Banco Central | 4,5% | Banca | Banco Central |
| Amaya | 100% | Seguros | Bolsa |
| Grupo Zelta | 15% | Prensa | Editorial Zeta |

**PRINCIPAIS INVESTIMENTOS DE TORRAS HOSTENCH**

| EMPRESAS | PORCENTAXES | ACTIVIDADES | VENDEDORES |
|---|---|---|---|
| Explosivos Rio Tinto (ERT) | 15% | Química | Bolsa |
| Cros | 15% | Química | Banco Santander e outros |
| Banco Central | 2% | Banca | Banco Central |
| Banco de Vizcaya | 5,1% | Banca | Bolsa |
| Ebro | 20% | Azucres | I. Tejedor |
| Ence | 5% | Celulosa | |
| MIR | 50% (o outro 50% pertence a KIO) | Finanzas | Nova creación |
| Beta Capital | (3.000) millóns | Xestión de patrimonios | Bolsa |
| Erpo | 100% | Enxeñería | |

**INVESTIMENTOS DE KIA**

| EMPRESAS | PORCENTAXES | ACTIVIDADES | VENDEDORES |
|---|---|---|---|
| Banco de Bilbao | 2% | Banco | Bolsa |
| Banco Popular | 1% | Banca | Bolsa |

Fonte: La Voz de Galicia, 18-03-1988, P.3



1990, pp.279-283) de gran envergadura, encamiñados á fabricación de pasta celulósica a partir dos recursos forestais existentes en Galicia.

Eurogalicia Forestal constitúe, sen dúbida, o máis importante e de maiores dimensións, coa participación en principio das grandes empresas do sector (Torras Papel, Sarrió, Ence, Papelera Española, Salvadora, Papelera Astorgana, Familia Tojeiro e a multinacional alemana Feldmühle. Máis tarde esta última, ó ser adquirida en 1990 pola transnacional sueca Stora Kopparbergs, decide retirarse do proxecto, cedendo a súa participación ó grupo Torras Papel, controlada polo grupo kuwaití KIO. Deste xeito o grupo kuwaití, que controla numerosas empresas en España como pode verse no cadro 88, asume a maior parte da operación industrial prevista.


O proxecto, á espera de ser autorizado pola Administración Central, contempla un investimento de 100.000 millóns de pesetas. Con el preténdese acomete-la construcción dunha fábrica de celulosa e 150.000 de papel por ano. A factoría, que se situará nas Pontes, supoñerá preto de 1.200 postos de traballo directos.

Outro importante proxecto, cun investimento próximo ós 50.000 millóns de pesetas, é o presentado por Papel de Galicia (El Correo Gallego, 3-12-1988), no que participan diversas empresas españolas e a multinacional finlandesa Tampella, que achegaría o 50% do capital social. O proxecto pretende a construcción dunha fábrica na comarca ferrolá coa finalidade de fabricar 200.000 toneladas de papel LWC, moi apropiado para e edición de revistas.

A instalación destas futuras plantas vai acompañada de senllos proxectos de intensa repoboación forestal, capaces de abastece-las necesidades de materia prima que precisan ámbalas empresas. O interese por repoboa-los montes galegos con especies aptas para seren aproveitadas na fábrica de papel incrementaríase notablemente no caso de darse o visto e prace ós citados proxectos.

Tomando a iniciativa, a multinacional sueca Stora Kopparsbergs, a través da súa filial portuguesa Celulose da Beira Industrial (Celbi), está levando adiante un ambicioso proxecto de plantación de eucaliptos (El Correo Gallego, 18-11-1990). A través de Celbi, a multinacional sueca ten previsto investir entre 1990 e 1995 un total de 2.500 millóns de pesetas na nosa Comunidade Autónoma. Con iso, tenta levar adiante un amplo proxecto de repoboación forestal que lle asegure o subministro de materias primas á fábrica que a multinacional xermana ten na localidade portuguesa de Figueira da Foz. A filial portuguesa, que xa conta cunha delegación comer-

G.88. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO EN GALICIA Á TRANSFORMACIÓN E TRATAMENTO DA MADEIRA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.


C.89. **TRANSFORMACIÓN E TRATAMENTO DA MADEIRA. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cartoespaña, SA | MAD | O Porriño | P | Jefferson Smurfit Grp. | Irlanda | 100 | 112 | 2740 |
| Celbi SA | PON | Galicia | | Stora | Suecia | 100 | 30 | — |
| Lamcol Orense, SA | OUR | O Carballiño | O | Sud Charpenter Lamcol | Bélxica | 40 | 43 | 1200 |
| Lignotock Galicia | PON | O Porriño | P | Lignotock GMBH | Alemaña | 100 | 293 | 1240 |
| Maderas Nahuel, SA | PON | O Porriño | P | Inv. Privado | Arxentina | 100 | 18 | 89 |
| Muebles Santa Eugenia | COR | Ribeira | C | Familiar | Arxentina | 73 | 27 | 165 |
| Tafisa, SA | MAD | Pontevedra | P | Stora (G. Wallenberg) | Suecia | MIN | 300 | 6040 |
| Tradema, SA | MAD | Betanzos | C | Stora (G. Wallenberg) | Suecia | MIN | 260 | 5600 |

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

cial en Galicia, ten establecido varios contratos de aluguer con propietarios de montes comunais. Isto permítelle explotar durante 30 anos 700 hectáreas de terreo, das que 400 están sendo dedicadas á plantación de eucaliptos e o resto a outras especies. O prezo contratado cos veciños polo aluguer dos montes comunais acada as 7000 pesetas por hectárea (A Nosa Terra, 19-07-1990, pp.7-8). Con todo, existen varios tipos de contratos, predominando

MAPA 22. **TRANSFORMACIÓN E TRATAMENTO DA MADEIRA. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS INDUSTRIAIS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

aqueles nos que o pagamento se efectuará co que se obteña pola venda dunha parte dos eucaliptos. Este sistema asegura unha maior parevención dos incendios e unha maior facilidade para apagalos no caso de que se produzan, ó implica-los propios veciños no coidado dos montes repoboados.

As plantacións, que actualmente dan emprego directo a máis de trinta persoas en Galicia, están situadas nas provincias de Ourense e Pontevedra, concretamente, nos concellos do Irixo, Avión e Forcarei. Sen embargo, a multinacional sueca, segundo fontes da propia empresa, ten previsto amplia-la superficie de cultivo en Galicia ata cubrir un total de 10.000 hectáreas, o que supón o un por cento da superficie forestal galega dispoñible.

A multinacional Stora Kopparbergs, pertencente ó poderoso grupo monopolístico sueco Wallenberg, é actualmente o primeiro grupo papeleiro de Europa e un dos maiores do mundo trala adquisición en 1990 do consorcio alemán Feldmühle Nobel. Este consorcio está formado por un total de 17 empresas, situadas en 6 países (La Voz de Galicia, 16-04-1988, p.61). Mediante esta importante adquisición o grupo sueco Stora dispón de filiais e centros productivos en 7 países europeos. As plantas industriais, que dan emprego a máis de 65.000 traballadores en Europa, localízanse en Holanda, Italia, Francia, Suecia, Alemaña, Bélxica e Portugal. Dispón de plantacións e viveiros de eucaliptos en Portugal, Suecia, Escocia, Chile (221.000 hectáreas) e en Galicia, como tivemos ocasión de comprobar (A Nosa Terra, 19-07-1990, p.7).

Outro proxecto de considerable importancia cun investimento inicial de 21.000 millóns de pesetas, ten previsto realizarse na localidade coruñesa de Teixeiro, concello de Curtis. O proxecto, promovido pola multinacional Walled Lake a través da súa filial Katy Door, ten previsto crear 712 postos de traballo directos. As expectativas de viabilidade do proxecto baséanse no reducido custo das unidades productivas e na garantía dun mercado estadounidense que absorbería a maior parte da producción. A infraestructura que deixou a metalúrxica Sidegasa, o acceso directo á estrada N-VI e a proximidade á liña de ferrocarril son algunhas das razóns para a elección deste enclave. A iso hai que engadi-la existencia de materias primas (sobre todo madeira) e a posibilidade de comprar parte do material que precisa no seu proxecto productivo a outras empresas galegas do sector (La Voz de Galicia, 4-02-1992, p.48). A multinacional norteamericana pretende con este proxecto montar unha fábrica destinada á fabricación de portas e casas prefabricadas de madeira, coa finalidade de exportar tamén parte da producción a Israel, país que presenta unha elevada demanda deste tipo de productos (El Correo Gallego, 29-11-1991, p.49).




Resumindo a presencia de capital estranxeiro neste sector, e á espera de que se confirmen os novos proxectos anteriormente comentados, podemos afirmar que máis do 50% do investimento estranxeiro neste sector procede de Suecia e Alemaña. O resto vén basicamente de Irlanda, Bélxica e Arxentina.

### 3.9. Empresas da construción

A instalación de empresas multinacionais relacionadas co sector da construcción de obras é en xeral bastante recente, predominando as empresas controladas minoritariamente por investidores estranxeiros.

G.89. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO ÁS EMPRESAS DE CONSTRUCCIÓN E INMOBILIARIAS QUE OPERAN EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Trátase dun sector necesariamente orientado ó mercado interno, tanto no que supón a producción de obras públicas coma na construcción industrial ou de vivendas. A importancia deste sector ponse de manifesto no feito de que é o primeiro no que se detecta a crise ou reactivación dunha activación de economía capitalista. Nos momentos actuais, España, e Galicia en particular, está asistindo a un forte medre en liñas xerais neste sector, por causa da celebración


da Exposición Universal, Olimpiada de Barcelona e a construcción de autoestradas e autovías. Estas circunstancias son moi favorables para a introducción no sector de potentes compañías multinacionais, ben directamente ben a través de subsidiarias participadas. Destes casos temos constancia en Galicia.

O enorme desenvolvemento que experimentou o sector da construcción nos últimos anos en Galicia foise ramificando e diferenciando internamente en dous segmentos claramente definidos. Por unha banda atopámo-las pequenas empresas especializadas na construcción de vivendas e de pequenas infraestructuras. Por outra, están as pequenas empresas do ramo, centradas na construcción e execución de grandes proxectos industriais. Mentres as pequenas empresas caracterízanse polo minifundismo empresarial e pola utilización de man de obra barata, reclutada na agricultura a tempo parcial, as grandes compañías nacionais do sector recadan a maior parte dos contratos. Esta circunstancia provoca unha excesiva centralización da producción sectorial nun pequeno número de empresas, de ámbito multirrexional ou multinacional, capaces de abordar satisfactoriamente os grandes proxectos e contratos formalizados co estado e as grandes empresas industriais.

O desenvolvemento da construcción en Galicia débese en boa medida a aquelas empresas que viñeron á rexión, como acertadamente sinala Sequeiros Tizón, a satisface-las necesidades de capital básico necesario para poñer en producción os principais recursos do país; polo tanto, a súa instalación na rexión data da posta en producción destes recursos (Sequeiros Tizón, J. 1986, p.84). En efecto, Dragados y Construcciones, participada actualmente nun 25% por varios accionistas alemáns e suízos, principia as súas actividades en Galicia en 1941, construíndo os principais encoros de FENOSA e os saltos do Sil pertencentes á compañía eléctrica Iberduero. A constructora española de carácter multinacional, domiciliada en Madrid, é hoxe a principal empresa constructora existente en España que traballa en Galicia, onde factura máis de 11.000 millóns anuais e dá emprego a 305 traballadores.

Ademais desta empresa, tamén traballan en Galicia outras vencelladas ó capital estranxeiro. Estas empresas son: Hasa Huarte e Hispano Alemana de Construcciones, integradas no grupo FIAT, que logo de diversos acordos e negociacións decidiu a fusión de ámbalas compañías nunha soa. A través de Hasa Huarte a multinacional italiana participa á súa vez nun complicado grupo (ver cadro 91), formado por 15 sociedades repartidas por Arxentina, Chile, México, Portugal, Venezuela e outros países. A estructura de Huarte en Galicia componse de dúas direccións rexionais: unha de edificación e outra de obras civís, ámbalas dúas con sede na Coruña. As súas actividades en Galicia concentráronse nos últimos anos na construcción de vivendas, arranxo de estradas, construcción do Hotel Sol na Coruña e a edificación de diversos centros e oficinas na Zona Franca de Vigo.

**C.90. ESTRUCTURA DO GRUPO OCISA**




Fonte: Fomento de la Producción, La Voz de Galicia, 14-4-1991, P. 67

**C.91. ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO HASA HUARTE**

**HASA HUARTE**
Fiat 33,3%
Caprile 20%
Aresbank 13,5%
Osaka 10%

EMPRESAS INTEGRADAS Ó GRUPO

HUSACIFYC - Arxentina
HUARTE DEL PLATA - Arxentina
HUARTE ANDINA - Chile
HUARTE ECUADOR - Ecuador
HUARTECA - México
HUARTYM - México
ETELI - Portugal
H. UR. SA. - Uruguai
HUARVER - Venezuela
H. CONSTRUCCIONES METÁLICAS - España
ENTORNO 2000 S.A. - España
H. CARIBBEAN INVESTIMENTS S.A.H.
CONSTRUCCIONES TELEFÓNICAS - España
HUARTE INTERNACIONAL (España)

Fonte: La Voz de Galicia, 21-02-1991, P. 57

Vencelladas ó capital inglés traballan en Galicia dúas empresas que teñen unha significativa presencia no eido da construcción que se está a realizar na xeografía galega. Trátase de Agromán, participada nun 20% polo grupo B. Carnegie e por Laing, agora Construcciones Laing, empresas vencelladas á multinacional John Laing P.L.C. do Reino Unido.

C.92. **EMPRESAS DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**


| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Acieroid, S.A.E. | BAR | Galicia | G | Smac Acieroid | Francia | 100 | 127 | 1800 |
| Agroman E. Construct. | MAD | Galicia | G | B. Carnegie | R. Unido | 20 | 212 | 3600 |
| Asfaltos Europeos, SA | PON | Vigo | P. | Elbatainer Group | Suíza | 15 | 23 | 420 |
| Beccosa | OUR | Ourense | O | P.S.A. Grupo | Francia | 100 | 110 | 850 |
| Dragados y Construc | MAD | Galicia | G | Varios accionistas | Rfa/Suíza | 25 | 305 | 11444 |
| Hasa Huarte, SA | MAD | Galicia | G | Fiat Group | Italia | 100 | 193 | 5500 |
| Hispano Alemana de C. | MAD | Galicia | G | Fiat/Aresbank/Caprile | Ital/Ara | 65 | 67 | 4200 |
| Inmobiliaria Marli, SL | PON | A Coruña | C | | Suíza | 100 | 16 | 197 |
| Inmob. de Inv. Viguesa | PON | Vigo | P | | | MAI | 46 | 190 |
| Laing, SA | MAD | Galicia | G | John Laing PLC | R. Unido | 45 | 44 | 1513 |
| Obras y Const. Indust. | MAD | Galicia | | Nikkin Koyo | Xapón | 12 | 146 | 3800 |
| Promociones Espa, SA | COR | A Coruña | C | Familiar | México | 100 | 46 | 240 |

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.

Agromán, con dúas direccións rexionais, unha en Vigo e outra na Coruña, establécese en Galicia en 1961, acadando o seu máximo esplendor nos setenta. Durante ese período, realizou obras industriais moi salientables en Galicia, logrando facerse con importantes contratos no sector privado (Astilleros Santo Domingo, Citroën, Aluminio de Galicia, Sidegasa, Lignitos de Meirama, Carburos Metálicos, Caolines de Vimianzo, Cooper Zeltia, Tafisa, etc.). A súa actividade foi tamén intensa na construcción de obras civís (accesos a Galicia, aeroporto de Peinador, portos e liñas férreas) e residenciais, edificando numerosos bloques de vivendas de protección oficial.

En cambio, Construcciones Lain, que se establece en Galicia en 1985 co nome de Construcciones Laing, ten unha presencia máis reducida na xeografía galega. A sociedade inglesa traballa en Galicia a través dunha dirección rexional radicada na Coruña, cidade na que construíu o edificio dos novos xulgados, ata o de agora unha das principais obras realizadas na Comu-

MAPA 23. **EMPRESAS DA CONSTRUCCIÓN PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS. LOCALIZACIÓN DE CENTROS OPERATIVOS EN GALICIA EN 1991**




Fonte: elaboración propia.

nidade Autónoma. Durante os últimos anos esta empresa foi mellorando a súa cota de mercado en Galicia, debido fundamentalmente á adxudicación dun subtramo da autoestrada que aínda se está a construír en Galicia.

Ocisa é outra das grandes empresas da construcción existentes hoxe en día en España. A sociedade española, con sede social en Madrid, está participada actualmente nun 20% pola empresa Collins España, vencellada ó grupo xaponés Nikkin Koyo e Mercapital, cun capital social pertencente nun 25% á Societé General de Belgique. As súas actividades en Galicia comezan en 1962. Desde ese ano realizou numerosas obras na nosa Comunidade (diversos tramos da Autoestrada do Atlántico, paseo marítimo de Santa Cruz en Oleiros e Culleredo e diversos tramos de estradas). Ocisa converteuse nunha das grandes da construcción en España, adquirindo nos últimos anos unha dimensión internacional ó crear filiais na República Dominicana e Portugal. Actualmente participa nun grupo de 15 empresas, tal e como pode verse no cadro 90.

De recente implatación en Galicia son as empresas Acieroid e Asfaltos Europeos. A primeira, filial da multinacional francesa Smac Acieroid, instala en 1988 unha delegación na Coruña. Deste xeito, completa unha cobertura nacional despois de Barcelona, Madrid, Sevilla, Valencia, Zaragoza e San Sebastián. Acieroid é unha das empresas máis importantes no que respecta á concepción e montaxe de peches metálicos existentes hoxe en día en España. Así mesmo, o grupo está fortemente implantado en Francia e en Bélxica. Entre as obras máis importantes realizadas por esta empresa en Galicia encóntranse as instalacións do hipermercado Continente, situado na Coruña, así como a construcción de diversas naves industriais nos polígonos da Coruña.

Deste xeito, as principais obras de gran envergadura que se están realizando en Galicia (Autopistas del Atlántico e plano de estradas), ou que xa se realizaron (encoros, Plano de Accesos a Galicia, complexo industrial de Alúmina Aluminio), son obra dos principais monopolios nacionais e internacionais do sector da construcción. En resumo, as doce empresas do sector da construcción que traballan actualmente en Galicia vencelladas a investidores estranxeiros concentran o 4,4 por cento do emprego total xerado polas sociedades con participación estranxeira na industria galega.


En canto á procedencia do capital estranxeiro, cómpre sinalar que o 76% dos investidores estranxeiros que traballan neste sector da economía galega proceden dun grupo constituído por catro países europeos (Italia, Francia, Reino Unido e Suíza), tal como se pode observar no gráfico 89.



### 3.10. Producción de enerxía

A pesar de que o sector enerxético está practicamente controlado polo capital nacional, hai que salienta-la presencia significativa dalgúns grupos estranxeiros que dalgunha forma contribuíron á formación e desenvolvemento deste importante sector da economía galega.

G.90. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á PRODUCCIÓN DE ENERXÍA EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Entre as primeiras empresas estranxeiras que participan directamente na construcción dun importante complexo petroquímico destinado á fabricación de productos enerxéticos encontrámo-la compañía norteamericana Marathon Oil Co. Esta multinacional chegou a controlar directamente o 37% do capital social da Compañía Ibérica Refinadora de Petróleos (Petroliber), sociedade que se instala na Coruña en 1961. O Estado Español foi o seu principal promotor e propietario, e ó poñe-la maior parte do capital puxo ademais o capital restante, a tecnoloxía e a experiencia necesaria nun sector no que a producción española se responsabilizaba do abastecemento e transporte do cru.

A factoría coruñesa, inaugurada o 11 de setembro de 1964, foi ampliando constantemente ata hoxe a súa capacidade de refinamento. Para a reestructuración posterior e ampliación da factoría acudiuse, como é habitual neste

tipo de empresas, ó mercado mundial de capitais. Este financiou en 1978 un investimento de máis de 100.000 millóns (Sequeiros Tizón, J. 1986, p.122).

A evolución da empresa establecida na Coruña pasou por diversas fases desde a súa entrada en funcionamento a mediados dos anos sesenta. En efecto, en 1985 producese a fusión de Petrolíber con EMP, que pasará a formar parte do Instituto Nacional de Hidrocarburos. Posteriormente, en 1987, como consecuencia da reorganización realizada no mencionado Instituto, créase Repsol, actual propietario do complexo industrial establecido na localidade coruñesa de Nostián e Bens.

O complexo ten actualmente unha capacidade para transformar seis millóns de toneladas de cru ó ano. Ademais da súa actividade industrial na Coruña, o grupo Repsol conta cunha ampla rede de 100 gasolineiras, propiedade das filiais Repsol Petróleo e Campsa (La Voz de Galicia, 22-12-1990).

Co paso dos anos, a multinacional norteamericana Marathon Oil foise desfacendo da súa participación no capital social da empresa establecida na Coruña. Sen embargo, a súa contribución inicial, tanto en tecnoloxía coma en recursos financeiros, foron decisivos para a posta en funcionamento do importante complexo industrial. Así e todo, a compañía mexicana Pemex controla actualmente unha pequena porcentaxe do capital social do holding español, cifrada no 5% do seu capital social, o que a converte no segundo accionista máis importante da compañía española, detrás do INH. Esta situación vese favorecida en parte por que máis dun 30% do capital social de Repsol cotiza nas bolsas de España, EE.UU., Europa e Xapón. Isto permitiu a incorporación de 400.000 accionistas privados que participan no capital social da empresa industrial máis importante de España. Mentres o

C.93. **SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CARBUROS METÁLICOS. POTENCIA INSTALADA E PRODUCCIÓN BRUTA DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN GALICIA EN 1989**

| ENCOROS | PROVINCIA | POTENCIA INSTALADA (KW) (HIDRÁULICA) | PRODUCCIÓN BRUTA (MWH) (HIDRÁULICA) |
|---|---|---|---|
| CARANTOÑA | A CORUÑA | 4400 | 22898 |
| EZARO/CASTRELO | A CORUÑA | 36200 | 241398 |
| PONTE OLIVEIRA | A CORUÑA | 2500 | 18139 |
| FERVENZA | A CORUÑA | 3100 | 16619 |
| TOTAL | GALICIA | 46200 | 299054 |

Fonte: Estadística Energía Eléctrica, 1989. Miner. 1990.



Banco Bilbao Vizcaya controla un 4% do capital, os investidores norteamericanos, a través da bolsa neoiorquina de Wall Street, posúen o 10% das accións da citada compañía española e un 16% está en poder de accionistas españois, europeos e xaponeses. O resto do capital social, arredor do 65,5%, está en mans do Instituto Nacional de Hidrocarburos, accionista maioritario da empresa española (El Correo Gallego, 6-12-1991).

En canto á producción de enerxía hidroeléctrica, debemos sinala-la presencia de tres empresas participadas por investidores estranxeiros que explotan actualmente encoros na nosa Comunidade. Trátase de Carburos Metálicos, Hidroeléctrica de Forcadas e Electricidade de Portugal.

Carburos Metálicos, vencellada á multinacional norteamericana Air Products, propietaria do 30% do capital social da empresa catalana, conta en Galicia con catro centrais eléctricas, situadas nas comarcas coruñesas de Xallas e Soneiro. As centrais son reguladas basicamente polos encoros de Fervenza e Santa Uxía de Ézaro. O conxunto das catro centrais acadan unha producción bruta anual de 299.054 Mwh. Esta cifra converte a Carburos Metálicos na segunda empresa autoxeradora de enerxía eléctrica máis importante de España. Segundo datos facilitados pola propia empresa, as fábricas da citada compañía situadas en Cee e Dumbría abastécense directamente da enerxía eléctrica producida por estas centrais hidroeléctricas, que xeran anualmente en Galicia 330 millóns de quilovatios/ hora.

O aproveitamento das numerosas minicentrais hidroeléctricas situadas en Galicia é o obxectivo dalgunhas empresas norueguesas. Concretamente, o grupo multinacional Kvaerner Industrier, que controla 26 empresas reparti-

C.94. **PRODUCCIÓN DE ENERXÍA. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Electricidade Portugal | OUR | Lobios/Ent | O | Electric. de Portugal | Portugal | 100 | 22 | — |
| Hidro Hispania SA | PON | Chandrexa | O | Kvaerner Eureka | Noruega | 56 | 26 | 180 |
| Petroliber (Repsol) (*) | MAD | A Coruña | C | Marathon Oil Company | U.S.A. | 30 | 590 | 78.000 |
| S.E. Carburos Metálicos | BAR | Carantoña | C | Air Products | U.S.A. | 30 | — | — |
| S.E. Carburos Metálicos | BAR | Fervenza | C | Air Products | U.S.A. | 30 | — | — |
| S.E. Carburos Metálicos | BAR | P. Oliveira | C | Air Products | U.S.A. | 30 | — | — |
| S.E. Carburos Metálicos | BAR | Ezaro/Cast. | C | Air Products | U.S.A. | 30 | — | — |

(*): empresas que no ano 1991 carecían de participación estranxeira directa.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

das por todo o mundo, creou en 1987 unha empresa denominada Hidrohispano, S.A., que orienta a súa actividade á instalación de pequenas turbinas hidroeléctricas nas minicentrais existentes en Galicia. Esta nova sociedade, participada tamén polos noruegueses Elektrisk Bureau e Norendell, explota a Central Hidroeléctrica de Forcadas, situada no concello ourensán de Chandrexa de Queixa. O feito de que Galicia é, xunto con León e Asturias, a zona española onde existen máis minicentrais explica, en certa maneira, a entrada do grupo noruegués neste sector da economía galega, sobre todo se temos en conta o interese que existe por parte da Xunta en levar adiante un intenso plano que contempla o aproveitamento e rehabilitación de numerosas minicentrais existentes en Galicia.


A pesar de que o investimento estranxeiro directo non está presente nas tres principais empresas eléctricas que traballan en Galicia (Unión Eléctrica Fenosa, Iberduero e Endesa), debemos apuntar que estas sociedades acoden adoito ó mercado exterior de capitais. Así, é ben coñecido o caso de Fenosa, que en varias ocasións obtivo créditos en moeda estranxeira procedentes dos principais trusts mundiais que traballan no sector financeiro internacional: Mitsubishi Trust Banking Corporation (Xapón), Chase Manhattan Bank (USA) e diversas entidades financeiras árabes (Sequeiros Tizón, J. 1986, p.45). Estes poderosos grupos bancarios estranxeiros posibilitan a estas empresas os investimentos que realizan anualmente. Concretamente, en 1990 Unión Eléctrica Fenosa formalizou un total de cinco préstamos en divisas por valor de 36.720 millóns de pesetas, a maior parte, o 32,6%, procedente do Banco Europeo de Investimentos (Unión Fenosa. Memoria 1990, p.94).

Por último, en canto á presencia de empresas estranxeiras se refire, debemos sinala-la recente instalación en Galicia de Electricidade de Portugal. En efecto, a compañía eléctrica portuguesa construíu un importante encoro en Lindoso, asulagando terras nos concellos ourensáns de Lobios e Entrimo. A construcción do encoro, situado no curso do río Casal, produciu fortes tensións sociais motivadas, en boa medida, polos criterios de indemnización seguidos. Electricidade de Portugal conta cunha delegación en Ourense, encargadada de coordina-las tarefas de expropiación comezadas en 1988.

Como tivemos ocasión de comprobar, a estratexia de penetración seguida polas empresas estranxeiras que traballan neste sector industrial caracterízase pola construcción de novas plantas industriais, sexa en solitario (investidores noruegueses e portugueses) ou en estreita colaboración co capital nacional e rexional (complexo industrial de Repsol). Deste xeito, resulta que



MAPA 24. **PRODUCCIÓN DE ENERXÍA. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS E UNIDADES PRODUCTIVAS VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.


a maior parte dos proxectos de investimento realizados con capital estranxeiro neste sector proceden de EE.UU. Deste país procede case o 72% do investimento estranxeiro directo rexistrado. O resto do investimento acometido en Galicia corre a cargo de empresas norueguesas e portuguesas.

### 3.11. Pel, coiro e confección

Constitúe hoxe en día un dos sectores económicos máis briosos e prósperos da economía galega. O seu dinamismo queda reflectido coa existencia de importantes empresas (Grupo Inditex, Adolfo Domínguez, etc.), líderes na fabricación de diversos productos téxtiles.

De momento, a producción do sector está dominada por empresas con capital galego ou nacional, quedando un espacio moi reducido para as empresas estranxeiras cunha presencia moi escasa a nivel industrial, pero moi estendida a nivel comercial, como poderemos comprobar máis adiante.

G.91. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO EN GALICIA Á PRODUCCIÓN DE PELES E PRODUCTOS TÉXTILES**




FONTE: Elaboración propia.

A presencia estranxeira é, como diciamos, aínda moi cativa, limitándose actualmente a participar en tres empresas de escasa dimensión empresarial, a dicir polo volume de emprego e de facturación que anualmente rexistran. Entre as empresas propiedade de estranxeiros, destaca a sociedade Sacypieles S.L., situada no concello coruñés de Teo, vencellada ó empresario portugués M. Rosende Salgado, que controla a maioría das accións.

C.95. **PEL, COIRO E CONFECCIÓN. EMPRESAS QUE TRABALLAN EN GALICIA VINCULADAS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO ENTRE 1960 E 1991**

| Empresa | DS | Localidade | P | Investidor | País | Control | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Corfi Española, SA (**) | PON | O Porriño | P | Corfi | Portugal | 60 | 0 | 0 |
| Creaciones León, SL | PON | Moaña | P | Inv. Privados | Uruguai | 35 | 27 | 160 |
| Sacypieles SL | COR | Teo | C | M. Rosende Salgado | Portugal | 50 | 30 | 545 |
| Visones del Noroeste | COR | Abegondo | C | Inv. Privados | Noruega | 30 | 23 | 200 |

(**): empresas inactivas en 1991.


Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

A entrada de capital portugués neste sector da economía galega prodúcese de xeito importante en 1975. Ese ano créase no Porriño Corfi Española, empresa de capital portugués que principia as súas actividades coa finalidade de fabricar redes de fibras téxtiles. A empresa, creada ó abeiro do Polo de Desenvolvemento de Vigo, chegou a contar en 1976 con 421 traballadores, pero terá unha vida efémera ó pecha-las súas instalacións en 1978.

As expectativas creadas en Galicia coa instalación de granxas de visóns destinadas á producción de peles están sendo aproveitadas por diversos empresarios noruegueses e finlandeses para estende-la súa rede empresarial en Galicia. En efecto, diversos investidores noruegueses controlan xa parte do capital social da empresa Visones del Noroeste, dedicada á cría de visóns e curtido das súas peles. Os noruegueses, e noutras ocasións os finlandeses, achegan a tecnoloxía necesaria para a cría de visóns en granxas especializadas. A actividade desenvolvida nos últimos anos por estas empresas está contribuíndo dalgunha maneira á transformación das áreas rurais de Galicia (Precedo Ledo, A. 1987, pp.87-110). A proliferación deste tipo de granxas destinadas á cría de visóns para aproveita-las súas peles foi enorme nos últimos anos. Actualmente existen en Galicia 14 empresas dedicadas á cría de visóns. Sen embargo, boa parte do valor engadido pérdese, debido a que as peles son enviadas a diversas fábricas instaladas en Madrid para seren tratadas e posteriormente devoltas con destino ás fábricas téxtiles situadas na nosa Comunidade Autónoma.

O resto das iniciativas promovidas por investidores estranxeiros corren a cargo de empresarios galegos establecidos en países latinoamericanos. Tal

MAPA 25. **PEL, COIRO E CONFECCIÓN. LOCALIZACIÓN DE PLANTAS E UNIDADES PRODUCTIVAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.

é o caso de Creaciones León, S.L., situada no concello pontevedrés de Moaña. Esta empresa dedícase á fabricación e comercialización de diversos xéneros de punto, destinando a totalidade da súa producción ó mercado rexional.

De idéntica naturaza é o proxecto liderado polo empresario galego radicado en Brasil José Fuentes Pérez, que pretende instalar unha fábrica téxtil no concello pontevedrés de Soutomaior. Para facilita-la execución do proxecto, o concello cedeu ó citado empresario un total de 50.000 metros cadrados ó prezo simbólico dunhas 10 pesetas o metro cadrado. Á espera de recibir novas subvencións por parte da Xunta e da propia Administración Central, o proxecto prevé dar emprego a 600 persoas en toda a comarca (El Correo Gallego, 28-11-1991, p.65).


Por tanto, a presencia estranxeira nesta actividade é moi reducida, participando só en tres empresas relacionadas con este sector económico. En canto á procedencia do investimento estranxeiro directo rexistrado en Galicia desde 1960, notámo-lo predominio do capital portugués. Do país veciño procede o 50% do investimento, mentres que o resto repártese proporcionalmente entre Noruega e América Latina.

### 3.12. Artes gráficas e edición

A penetración do capital estranxeiro neste campo é practicamente insignificante. Só atopamos unha empresa, Editorial Celta, vencellada co investimento estranxeiro directo. A presencia de capital foráneo nesta empresa prodúcese a comezos dos oitenta, coa entrada dunha sociedade vencellada ó francés Alain Charles Ecomard, que exerce como conselleiro delegado da empresa galega ata finais de 1988. Posteriormente, en 1989, a citada editorial, que en 1990 facturou 972 millóns de pesetas e contaba con 133 empregados, será adquirida polo empresario galego Florencio Aldrey, establecido en Arxentina durante bastantes anos. Ademias deste diario, é propietario do diario La Capital, con sede en Arxentina. De quitado este caso illado, o resto das empresas que traballan no sector están controladas por capital rexional.

Por iso, este é un dos sectores industriais con menor presencia de investidores estranxeiros, xunto co sector da enerxía eléctrica e a industria téxtil; sectores, todos eles -como dicimos- escasamente participados por investimento estranxeiro directo.

MAPA 26. **ARTES GRÁFICAS E EDICIÓN. LOCALIZACIÓN DE UNIDADES PRODUCTIVAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS DURANTE O PERIODO 1960-1991**




Fonte: elaboración propia.



# CAPÍTULO XIV. **A PENETRACIÓN DE EMPRESAS MULTINACIONAIS NO COMERCIO**

A implantación comercial das empresas multinacionais en Galicia é un dos temas menos coñecidos e estudiados ata o de agora. En principio non se lle dá a importancia que realmente ten, ó non ir acompañada de grandes investimentos. Sen embargo, o fenómeno é moi importante, xa que supón o acceso directo ó mercado rexional, acometendo un investimento mínimo, destinado na maioría dos casos á creación de delegacións e sucursais comerciais propias. Esta estratexia, previa á implantación industrial, é a máis xeneralizada polas empresas estranxeiras que traballan en Galicia.

Aínda que no capítulo anterior analizamos cada unha das empresas que contan con plantas industriais productivas en Galicia, no presente centrarémola nosa atención naquelas multinacionais que desenvolven en Galicia unha actividade exclusivamente comercial, for directamente con delegacións ou sucursais comerciais propias for a través dunha sociedade participada. Para iso descenderemos a nivel empresarial co fin de ter un coñecemento máis preciso sobre as empresas que traballan nas distintas ramas comerciais.

## 1. MODALIDADE E FORMAS DE PENETRACIÓN


A penetración de empresas multinacionais no comercio galego realízase a través de dúas vías principais, claramente diferenciadas entre si:

a) Mediante a creación de delegacións e centros comerciais propios ou a adquisición de unidades de empresas xa establecidas en Galicia. Para iso, a empresa multinacional ten que realizar un investimento directo destinado

á creación ou adquisición de centros ou unidades comerciais na nosa Comunidade Autónoma.

Esta vía de penetración é a máis frecuente, segundo os datos tirados do censo que elaboramos. En efecto, o 78% do total das empresas estranxeiras que traballan en Galicia exclusivamente a nivel comercial contan con delegacións ou establecementos comerciais propios. Deste conxunto, formado por 255 empresas, o xeito de penetración máis común e xeneralizado no 57% dos casos consiste na creación de novas delegacións e unidades comerciais. Entrementres, a adquisición total de unidades comerciais xa establecidas na nosa Comunidade supón o 25%. Deste xeito, a adquisición parcial ou total de unidades ou delegacións comerciais de empresas xa establecidas en Galicia supón en menor medida (43%) a forma de penetración adoptada.

G. 92. **MODALIDADES DE IMPLANTACIÓN DAS EMPRESAS ESTRANXEIRAS NO COMERCIO GALEGO DURANTE O PERÍODO 1960-1991**




FONTE: Elaboración propia.

b) Mediante a realización de contratos de carácter mercantil con empresas de distribución. Esta modalidade está sendo cada vez máis utilizada polas empresas multinacionais para se introduciren nos mercados internacionais. É a fórmula preferida sobre todo polas empresas multinacionais do automóbil, a informática e a electrónica. Esta modalidade de penetración non require, a diferencia da anterior, a necesidade de acometer ningún tipo de




investimento estranxeiro directo. Este sistema de penetración é, por tanto, sumamente barato para as multinacionais, xa que non supón ningún tipo de gasto, pero permítelle controla-lo mercado sen investir. Para iso, a empresa multinacional establece contratos de concesión e distribución con sociedades instaladas en Galicia. Deste xeito, as multinacionais establecen en Galicia unha rede de concesionarios e distribuidores oficiais que teñen como obxectivo específico a comercialización en exclusiva dos productos elaborados pola transnacional.

Esta modalidade de penetración detectouse no 22% das empresas estranxeiras que traballan a nivel comercial en Galicia. É dicir, dun total de 328 empresas estudiadas 73 carecen de delegacións propias en Galicia, polo que funcionan na xeografía galega unicamente a través de concesionarios e distribuidores oficiais, establecendo contratos mercantís de concesión e distribución. A realización deste tipo de contratos permite ás grandes empresas multinacionais fracciona-lo seu mercado en pequenas zonas asignadas ordenadamente a cada un dos seus concesionarios e distribuidores oficiais.

O concesionario adquire en firme a mercadoría da multinacional representada. Xa que logo, tódolos riscos da viaxe, cobro e saneamento da entrega

G. 93. **FORMAS DE IMPLANTACIÓN SEGUIDAS POLO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NO COMERCIO GALEGO DURANTE O PERÍODO 1960-1991**




AP: adquisición parcial; AT: adquisición total; CN: creación de novas delegacións e establecementos.

FONTE: Elaboración propia.

ó cliente adoita pesar sobre o concesionario ou distribuidor. En definitiva, o concesionario e distribuidor compran para revender por conta propia, obtendo como remuneración o beneficio da revenda (preto do 20%) e non unha comisión. Á súa vez, os propios concesionarios adoitan dispoñer dunha rede de axentes coa finalidade de captar máis clientes.

En definitiva, a modalidade de penetración adoptada polos empresarios estranxeiros que traballan no comercio galego é aquela que se leva adiante coa realización de investimentos directos, mentres que as empresas estranxeiras que traballan exclusivamente en Galicia a través do establecemento de contratos mercantís non acada o 22% do total.

## 2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO

Como se indicaba no apartado anterior, a penetración de empress estranxeiras no comercio galego prodúcese maiormente mediante a realización de investimentos directos. A través deste mecanismo, as empresas estranxeiras e os investidores individuais foráneos adquiren nuns casos empresas comerciais xa establecidas en Galicia, e noutras o investimento dedícase á constitución de delegacións e establecementos propios ou ben á construcción ou adquisición de locais, naves, almacéns, depósitos e diversos centros, cunha finalidade claramente comercial. Estas unidades funcionan como centros de distribución dirixidos e coordinados pola delegación correspondente.

En definitiva, estes investimentos, polo xeral cunha contía cativa, teñen como finalidade a creación dunha rede comercial propia, na que o desenvolvemento e coordinación corresponden ás delegacións provinciais ou rexionais que as empresas estranxeiras establecen en Galicia. A pesar de que os investimentos realizados no comercio son moi cativos en comparanza cos rexistrados na industria -lembremos que as actividades industriais absorben adoito máis do 70% do investimento estranxeiro directo que anualmente vén rexistrando Galicia- o número de empresas con unidades exclusivamente comerciais en Galicia, participadas por investidores estranxeiros, é moi superior ó de empresas con establecementos industriais. En efecto, no capítulo 13 ponse de manifesto a existencia dun total de 179 empresas vencelladas ó capital estranxeiro con unidades productivas en 1991. Sen embargo, para ese mesmo ano o número de empresas vencelladas a investidores estranxeiros que contan en Galicia con unidades ou delegacións comerciais propias acada a cifra de 255, é dicir, un 25% superior ó das empresas con unidades industrais productivas.

Deste xeito, queda claro que as empresas e investidores estranxeiros prefiren a penetración comercial á industrial á hora de se estableceren en Galicia. Esta vía de entrada no mercado galego tende a reducir considerablemente os riscos e gastos que puidesen traer consigo unha implantación industrial pesada. Non é de estrañar, por tanto, que en moitos casos a penetración comercial sexa previa á industrial. Isto permítelle ó empresario estranxeiro coñecer con detalle as características e potencialidades específicas do mercado galego.

Co fin de ter un coñecemento máis preciso sobre os axentes investidores estranxeiros no comercio galego, pasaremos a analiza-la estructura, control, procedencia e destino sectorial das empresas vencelladas a investidores estranxeiros que contan unicamente con delegacións ou unidades comerciais propias en Galicia. Deste xeito, centrarémonos nas empresas que teñen unha presencia exclusivamente comercial, quedando excluídas aquelas que dispoñen de establecementos industriais productivos, xa analizados no capítulo precedente.

### 2.1. Estructura do investimento

O cadro 96 que se xunta revela claramente a existencia dun elevadísimo grao de control efectivo, por parte das multinacionais estranxeiras, nas 255 empresas que desenvolven en Galicia actividades exclusivamente comerciais. Se se separan as participacións relativas ós investidores estranxeiros no capital social das empresas implantadas comercialmente en Galicia, resulta que predominan as participacións maioritarias. En efecto, no 87% das empresas censadas a participación estranxeira é igual ou superior ó 51% do capital social. De xeito especial, o control estranxeiro é total (100% do capital social) en 188 sociedades, o que representa case o 74% das empresas censadas que desenvolven actividades estrictamente comerciais.

As participacións minoritarias son, pola contra, moi cativas, sobre todo aquelas que non acadan o 25% do capital social. En efecto, as empresas con participación estranxeira inferior ó 25% do seu capital social representan só o 4% do total.

Como se aprecia no cadro 96, tódolos sectores comerciais presentan unha estructura do investimento directo en favor das participacións maioritarias do capital estranxeiro nas empresas analizadas.

C.96. **ESTRUCTURA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NO COMERCIO GALEGO EN 1990**

| RAMAS DE ACTIVIDADE COMERCIAL | GRAO DE PARTICIPACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | < 25% | | 25–50% | | 51–99% | | 100% | | TOTAL DE CADA RAMA DE ACTIVO | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| 01. Productos petrolíferos e enerxéticos | | | 1 | 11,11 | 1 | 11,1 | 7 | 77,78 | 9 | 100 |
| 02. Productos siderometalúrxicos | | | 4 | 44,44 | 1 | 11,11 | 4 | 44,44 | 9 | 100 |
| 03. Maquinaria e equipos industriais | 1 | 9,1 | | | 1 | 9,1 | 9 | 81,82 | 11 | 100 |
| 04. Vehículos pesados e lixeiros | | | | | 2 | 33,33 | 4 | 66,67 | 6 | 100 |
| 05. Aparellos eléctricos e mecánicos | 1 | 2,17 | 3 | 6,52 | 6 | 13,04 | 36 | 78,26 | 46 | 100 |
| 06. Aparellos informáticos e eléctricos | | | | | 5 | 14,7 | 29 | 85,29 | 34 | 100 |
| 07. Productos químicos | 2 | 3,7 | 6 | 11,11 | 5 | 9,26 | 41 | 75,92 | 54 | 100 |
| 08. Caucho e neumáticos | | | | | 2 | 40 | 3 | 60 | 5 | 100 |
| 09. Productos cerámicos, vidro e cemento | 1 | 25 | | | 1 | 25 | 2 | 50 | 4 | 100 |
| 10. Productos alimenticios | 4 | 15,38 | 5 | 19,23 | 3 | 11,54 | 14 | 53,85 | 26 | 100 |
| 11. Papel, prensa e artes gráficas | | | 1 | 10 | 1 | 10 | 8 | 80 | 10 | 100 |
| 12. Artículos téxtiles e prendas de vestir | 1 | 7,69 | 2 | 15,38 | | | 10 | 76,92 | 13 | 100 |
| 13. Hipermercados e distribución | | | | | 1 | 20 | 4 | 80 | 5 | 100 |
| 14. Comerciais de productos diversos | | | 1 | 4,35 | 5 | 21,74 | 17 | 73,91 | 23 | 100 |
| TOTAL | 10 | 3,92 | 23 | 9,02 | 34 | 13,33 | 188 | 73,73 | 255 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

A análise da estructura do investimento por países presenta unha situación idéntica. En xeral, case tódolos países controlan mediante participacións maioritarias o capital social das empresas particiapadas.

Existe, por tanto, unha maior propensión ó control maioritario nas empresas comerciais ca naquelas que teñen unha implantación industrial na nosa Comunidade. De tal xeito que só o 34% das empresas industriais con unidades productivas en Galicia están participadas por investidores estranxeiros ó 100%, mentres que nas empresas que traballan unicamente a nivel comercial esa participación afecta case ó 74% das sociedades estudiadas. Detéctase por tanto un maior control efectivo por parte dos investidores estranxeiros e das empresas multinacionais sobre as empresas que traballan no comercio galego.

C.97. **ESTRUCTURA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NO COMERCIO GALEGO. DATOS CRUZADOS POR PAÍSES E GRAO DE PARTICIPACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO EN 1990**

| PAÍSES | GRAO DE PARTICIPACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | < 25% | | 25–50% | | 51–99% | | 100% | | TOTAL DE CADA PAÍS | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| Alemaña | 1 | 2,33 | | | 4 | 9,3 | 38 | 88,37 | 43 | 100 |
| Bélxica | 1 | 25 | | | | | 3 | 75 | 4 | 100 |
| Canadá | | | | | | | 2 | 100 | 2 | 100 |
| Dinamarca | | | | | 1 | 50 | 1 | 50 | 2 | 100 |
| Filipinas | | | 1 | 100 | | | | | 1 | 100 |
| Francia | 4 | 8,33 | 7 | 14,58 | 10 | 20,83 | 27 | 56,25 | 48 | 100 |
| Holanda | 1 | 8,33 | 3 | 25 | 2 | 16,67 | 6 | 50 | 12 | 100 |
| Italia | | | 2 | 13,33 | 1 | 6,67 | 12 | 80 | 15 | 100 |
| Xapón | | | | | 1 | 14,29 | 6 | 85,71 | 7 | 100 |
| Kuwait | 1 | 33,33 | | | 1 | 33,33 | 1 | 33,33 | 3 | 100 |
| Liechestein | | | | | | | 1 | 100 | 1 | 100 |
| Líbano | | | | | | | 1 | 100 | 1 | 100 |
| Noruega | | | | | | | 1 | 100 | 1 | 100 |
| Portugal | | | 1 | 10 | | | 9 | 90 | 10 | 100 |
| Reino Unido | | | 1 | 7,69 | 1 | 7,69 | 11 | 84,62 | 13 | 100 |
| Sudáfrica | 1 | 100 | | | | | | | 1 | 100 |
| Suecia | | | 1 | 7,69 | 1 | 7,69 | 11 | 84,62 | 13 | 100 |
| Suíza | 1 | 5,26 | 2 | 10,53 | 2 | 10,53 | 14 | 73,68 | 19 | 100 |
| Estados Unidos | | | 4 | 10 | 4 | 10 | 32 | 80 | 40 | 100 |
| América Latina | | | 1 | 5,26 | 7 | 36,84 | 11 | 57,89 | 19 | 100 |
| TOTAL | 10 | 3,92 | 23 | 9,02 | 35 | 13,73 | 187 | 73,33 | 255 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

## 2.2. Procedencia e distribución sectorial


Como ben apreciamos no cadro e os gráficos que ilustran o noso comentario, o 51% do investimento directo realizado no comercio galego procede de tres países: Francia, Alemaña e EE.UU. Estes países participan no con-

trol dun total de 131 empresas con unidades comerciais propias, dedicadas única e exclusivamente en Galicia á comercialización e distribución de productos fabricados no estranxeiro ou en factorías instaladas noutras Comunidades do Estado Español.

Individualmente, o país cunha maior rede comercial en Galicia, segundo o número de sociedades participadas e de delegacións e establecementos propios situados na nosa Comunidade, é Francia. As empresas controladas por investidores e sociedades multinacionais francesas representan case o 20% do total. Séguea en importancia verbo do volume de sociedades participadas Alemaña, cun papel notable a nivel comercial en comparanza coa súa reducida presencia no eido industrial, no que só conta con dez empresas filiais que traballan actualmente en Galicia.


Neste sentido, cómpre salienta-lo papel que actualmente desempeña Francia, cunhas actividades moi importantes en Galicia, especialmente na industria, na que conta cun total de 52 empresas filiais operativas en 1991, fronte ás 48 que desenvolven unha actividade exclusivamente comercial. Isto converte o país galo no principal investidor estranxeiro con maiores intereses na economía galega. No resto dos países (Alemaña e EE.UU.) predomina a implantación comercial sobre a indutrial.

G. 94. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO NO COMERCIO GALEGO DURANTE O PERÍODO 1960-1990**





FONTE: Elaboración propia.

G. 95. **DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DAS EMPRESAS COMERCIAIS PARTICIPADAS POLO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO EN GALICIA**




FONTE: Elaboración propia.

G. 96. **DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS EN GALICIA. ESTABLECEMENTOS ACTIVOS EN 1991**




FONTE: Elaboración propia..

En canto á distribución sectorial das empresas participadas por investidores estranxeiros que traballan no comercio galego, hai que salienta-lo predominio das empresas dedicadas á comercialización de productos químicos, aparellos eléctricos e mecánicos, aparellos informáticos e electrónicos e as empresas alimenticias. Estas catro ramas sectoriais concentran o 63% das empresas. Xa que logo, máis da metade do investimento estranxeiro destinado á creación de delegacións e establecementos comerciais, dirixidos a vender e coordina-la distribución dos productos, dirixiuse ós sectores antes sinalados.

Individualmente, as empresas químicas, que representan o 21% do total, son as que contan cunha maior rede comercial en Galicia, ó dispoñer dun total de 82 unidades comerciais propias. Sen embargo, o conxunto de catro tipos de empresas (químicas, mecánicas, informáticas e alimentarias) conta cunha tupida rede de centros, delegacións e unidades comerciais propias que acadan a cifra de 280, o que supón un 51% do total de establecementos comerciais (550), propiedade de investidores estranxeiros.

Coma noutras ocasións, o cruzamento de datos entre países e sectores permítenos coñece-la distribución sectorial do investimento estranxeiro e das empresas participadas por cada país. Así, os investidores alemáns concentran a súa implantación comercial en tres sectores: aparellos eléctricos e mecánicos, aparellos electrónicos e informáticos e productos químicos. A estas tres pólas sectoriais pertence o 63% das empresas alemanas establecidas a nivel comercial na Comunidade galega.

Entrementres, as empresas participadas por investidores franceses presentan unha maior diversificación sectorial. Así e todo, o 43% das mesmas traballan na comercialización e distribución de productos químicos, electrónicos e informáticos e productos alimenticios. Outra porcentaxe importante de empresas francesas, arredor do 20% do total, dedícase en Galicia á comercialización e distribución de aparellos eléctricos e mecánicos a través das súas propias delegacións, así como á explotación de hipermercados e cadeas de distribución. Os investimentos directos realizados neste sentido serviron para construír cinco hipermercados e adquirir unha cadea de distribución de productos alimenticios que conta en Galicia cunha rede de 59 supermercados, tal como teremos ocasión de comprobar máis adiante.

Os investimentos e empresas de EE.UU. distribúense de xeito semellante ás francesas. En efecto, as empresas participadas por investidores america-

**C.98. INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NO COMERCIO GALEGO DURANTE O PERÍODO 1960-1991. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DAS EMPRESAS PARTICIPADAS POR CADA PAÍS**

EMPRESAS PARTICIPADAS POR CADA PAÍS

| Sectores | Alemaña | | Francia | | R. Unido | | Suíza | | Holanda | | EE.UU | | Xapón | | Portugal | | Suecia | | Bélxica | | Italia | | Canadá | | Kuwait | | América Latina | | Outros Países | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % |
| 1 | | | 3 | 6,25 | 1 | 7,69 | | | 1 | 8,33 | | | | | 1 | 10 | | | 1 | 25 | 1 | 6,67 | | | | | 1 | 5,26 | | |
| 2 | 1 | 2,33 | 2 | 4,16 | | | | | 2 | 16,67 | 2 | 5 | | | 2 | 20 | | | | | | | | | | | | | | |
| 3 | 4 | 9,3 | 1 | 2,08 | | | | | | | 2 | 5 | | | | | 2 | 15,38 | | | 1 | 6,67 | | | | | | | 1 | 14,29 |
| 4 | 2 | 4,65 | 2 | 4,16 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | 2 | 10,53 | | |
| 5 | 12 | 27,91 | 4 | 8,33 | | | 7 | 36,84 | 1 | 8,33 | 9 | 22,5 | | | | | 8 | 61,54 | | | 2 | 13,33 | | | | | 2 | 10,53 | 1 | 14,29 |
| 6 | 5 | 11,63 | 7 | 14,58 | 3 | 23,08 | 1 | 5,25 | 1 | 8,33 | 7 | 17,5 | 6 | 85,7 | | | 2 | 15,38 | | | 2 | 13,33 | | | | | | | | |
| 7 | 10 | 23,26 | 7 | 14,58 | 6 | 46,15 | 9 | 43,37 | 2 | 16,67 | 9 | 22,5 | | | 1 | 10 | 1 | 7,69 | 1 | 25 | 3 | 20 | 2 | 100 | 1 | 33,33 | 2 | 10,53 | | |
| 8 | | | 2 | 4,16 | | | | | | | 1 | 2,5 | 1 | 14,3 | | | | | | | 1 | 6,67 | | | | | | | | |
| 9 | 1 | 2,33 | 2 | 4,16 | | | 1 | 5,25 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 10 | 2 | 4,65 | 6 | 12,5 | | | 1 | 5,25 | 3 | 25 | 4 | 10 | | | 1 | 10 | | | 1 | 25 | 1 | 6,67 | | | 1 | 33,33 | 2 | 10,53 | 4 | 57,14 |
| 11 | 3 | 6,98 | 1 | 2,08 | 1 | 7,69 | | | | | 3 | 7,5 | | | 1 | 10 | | | | | | | | | 1 | 33,33 | | | | |
| 12 | | | 4 | 8,33 | | | | | 1 | 8,33 | 2 | 5 | | | 1 | 10 | | | | | 4 | 26,67 | | | | | | | 1 | 14,28 |
| 13 | | | 4 | 8,33 | 1 | 7,69 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 14 | 3 | 6,98 | 3 | 6,25 | 1 | 7,69 | | | 1 | 8,33 | 1 | 2,5 | | | 3 | 30 | | | 1 | 25 | | | | | | | 10 | 52,63 | | |
| TOTAL | 43 | 100 | 48 | 100 | 13 | 100 | 19 | 100 | 12 | 100 | 40 | 100 | 7 | 100 | 10 | 100 | 13 | 100 | 4 | 100 | 15 | 100 | 2 | 100 | 3 | 100 | 19 | 100 | 7 | 100 |

Nº E: número de empresas

Fonte: elaboración propia.

nos tenden a concentrarse de xeito moi especial en tres pólas: aparellos eléctricos e mecánicos, química e aparellos informáticos e electrónicos. Sen embargo, hai que dicir que os investimentos de carácter industrial realizados por investidores e empresas multinacionais norteamericanas en Galicia concentráronse maioritariamente na industria alimenticia. Por tanto, o investimento industrial procedente deste país diríxese á alimentación, mentres que o investimento con fins comerciais esténdese preferentemente a outros sectores económicos nos que a implantación industrial é aínda moi pequena ou inexistente.

O resto dos países presentan unha distribución en xeral bastante diversificada, coa excepción do Reino Unido, Suíza e Xapón, que tenden a concentrar maioritariamente as súas empresas nun só sector. Así, o 46% e o 47% das empresas participadas por investidores do Reino Unido e Suíza respectivamente dedícanse en Galicia á comercialización de productos químicos. Esta concentración sectorial acada maiores proporcións en Xapón, caso no que as empresas participadas se dedican nun 86% á comercialización e distribución en Galicia de productos informáticos e electrónicos, eido no que os xaponeses son líderes mundiais.


Para rematar queremos referirnos ós investimentos realizados en Galicia polos emigrantes galegos establecidos en América Latina. Deste conxunto de países, especialmente de Venezuela, México e Panamá, procede algo máis do 7% do investimento estranxeiro detectado no comercio. O 53% do citado investimento destínase á creación de pequenas empresas comerciais dedicadas á venda de productos moi variados, especialmente tendas de regalos e complementos diversos, lembranzas e outras.

## 2.3. Localización de establecementos comerciais e centros de decisión

Antes de entrar de cheo na análise da distribución espacial dos establecementos comerciais cómpre sinalar que o 79% das empresas censadas con establecementos comerciais propios na nosa Comunidade ten o seu domicilio social fóra de Galicia, especialmente en Madrid e Barcelona, principais centros de decisión das empresas que traballan en España. Concretamente, nestas dúas provincias localízase o 68% das sedes sociais das empresas que desenvolven actividades estrictamente comerciais en Galicia. Madrid constitúe o principal centro de decisión, ó existir un total de 110 empresas que teñen alí establecida a súa sede central para España.



G. 97. **LOCALIZACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DAS EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE OPERAN NO COMERCIO GALEGO EN 1990**




FONTE: Elaboración propia.

Entrementres, nas empresas vencelladas a investidores estranxeiros só teñen o seu domicilio social en Galicia un total de 54 empresas, o que supón pouco menos do 21 por cento. Esta porcentaxe é netamente inferior á que se rexistraba nas empresas con establecementos industriais, nas que a porcentaxe se situaba case nun 71 por cento. Xa que logo, existe aparentemente unha maior descentralización nas actividades industriais ca nas empresas cunha mera implantación comercial.

O feito de que a maioría das empresas censadas conten con varios establecementos e delegacións comerciais na nosa Comunidade Autónoma obrígaas a establecer unha dirección rexional. Esta tende a localizarse preferentemente na Coruña, cidade que se está a converter no principal foco directivo preferido polas empresas multinacionais á hora de estableceren a súa dirección rexional en Galicia.


Un total de 151 empresas vencelladas ós investidores e firmas multinacionais estranxeiras, 60% sobre o total, teñen establecida na Coruña a dirección rexional para toda Galicia. Isto confirma a súa importancia como a principal área metropolitana de Galicia, con capacidade para atrae-las empresas multinacionais. Isto débese sobre todo a que A Coruña, como ben indica o profesor Precedo Ledo, desempeña o papel de metrópole terciaria

rexional, segundo se tira do seu estudio sobre a área metropolitana da Coruña (La Voz de Galicia, 5-12-1990).

No seu traballo, o citado profesor sinala que "a estructura funcional metropolitana e o dimensionamento rexional das súas actividades, centradas no terciario económico, a industria e as actividades pesqueiras contribuíron a consolida-lo principal centro de gravidade do sistema de cidades de Galicia" (Precedo Ledo, A. 1990, p.453). Estas condicións, claramente positivas para a instalación de novas empresas, favorecen o desenvolvemento de funcións económicas de organización. Segundo Precedo, A Coruña é a cidade que ten o maior dinamismo potencial de todo o norte de España, tanto na súa organización económica coma nas súas actuacións urbanísticas. A estructura socioeconómica coruñesa é, segundo se recolle na súa publicación, a máis diversificada das cidades galegas.

No contexto de Galicia, A Coruña defínea como un centro de servicios especializado e cunha base económica diversificada, o que constitúe un soporte para proxectar un plano estratéxico de desenvolvemento urbano. Este conxunto de condicións, eminentemente positivas para a instalación de novas empresas, favorece enormemente o desenvolvemento de funcións

G. 98. **LOCALIZACIÓN DO ENDEREZO REXIONAL DAS EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE DESENVOLVEN UNICAMENTE ACTIVIDADES COMERCIAIS EN GALICIA**




FONTE: Elaboración propia.

económicas de organización, e xustifica a elección da Coruña como principal centro urbano preferido polas empresas multinacionais para situa-la súa sede rexional en Galicia.

O segundo centro importante de decisión preferido polas empresas multinacionais á hora de establecerse en Galicia é Vigo, cidade na que teñen establecida a correspondente dirección rexional para Galicia un total de 79 empresas, o que representa o 31 por cento do total. O seu predominio industrial, o potencial demográfico e a amplitude e dinamismo do mercado interno constitúen importantes factores atractivos.

O terceiro centro de decisión máis importante preferido polas empresas con participación estranxeira que traballan no comercio galego é Santiago de Compostela. Nel teñen establecida a dirección rexional para toda Galicia un total de 17 empresas, o que supón o 6% do total. Esta porcentaxe tende a incrementarse a medida que pasan os anos, debido en parte ó crecemento urbano que está experimentando Santiago, sobre todo desde a instalación dos servicios administrativos da Xunta de Galicia. Por tanto, a dirección rexional das empresas multinacionais tende a establecerse nun 90% nas cidades da Coruña e Vigo.

En canto á localización dos establecementos comerciais, adoptaremos como unidade de análise o concepto de establecemnto e non o de empresa, xa que existen empresas con varios establecementos e unidades comerciais distribuídas polos distintos puntos da nosa Comunidade.

A distribución espacial dos establecementos comerciais vencellados a empresas participadas por investidores estranxeiros presenta unha forte concentración dos establecementos nas dúas áreas metropolitanas galegas (A Coruña e Vigo). Nestas dúas áreas localízase practicamente o 70% dos establecementos de carácter comercial, mentres que pouco máis do 24% dos mesmos se distribúen entre as cinco áreas urbanas de Galicia (Santiago, Pontevedra, Ourense, Lugo e Ferrol). Confírmase por tanto a supremacía absoluta dos núcleos metropolitanos e urbanos, que xuntan o 93% do total das unidades e establecementos comerciais detectados vencellados ós investidores estranxeiros.

A localización destes establecementos comerciais nos principais núcleos urbanos de Galicia non é casual, senón que obedece á necesidade de situárense nas principais aglomeracións demográficas e urbanas para acceder ó maior número posible de clientes. Nesta liña, cómpre lembrar que a poboa-

ción total censada nas dúas áreas metropolitanas e nas cinco áreas urbanas de Galicia acadaba en 1986 1.153.185, que representa un 40,5% da poboación total de Galicia. Esta aglomeración demográfica favorece obviamente a localización de establecementos comerciais.

Individualmente, na metrópole coruñesa localízanse 202 establecementos, o que representa un 10,2% do total de establecementos comerciais existentes no conxunto metropolitano coruñés, e o 37% do total de establecementos comerciais participados por investidores estranxeiros en Galicia no ano 1991.

Vigo conta, segundo os nosos datos, con 165 establecementos, o que representa o 32,4% do total de unidades comerciais detectadas en Galicia con participación de capital estranxeiro. Deste xeito, constitúe o segundo foco de localización comercial preferido polos investidores estranxeiros. A proliferación de naves de almacenaxe, propias de numerosas empresas estranxeiras que traballan en Galicia, vénse acentuando na periferia urbana das áreas metropolitanas, especialmente nos polígonos industriais das principais cidades, onde se sitúan a maioría dos depósitos comerciais e naves de almacenamento das empresas estranxeiras que traballan no comercio galego. Neste sentido, empresas como a multinacional Bimbo teñen os seus centros de distribución e almacenaxe situados nos polígonos industriais dos concellos de Mos e Cambre.


O resto das unidades comerciais aparecen moi repartidas por diversos concellos, situándose preferentemente nas capitais municipais e naqueles núcleos de certa importancia demográfica e urbana.

C.99. **LOCALIZACIÓN DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS. ESTABLECEMENTOS ACTIVOS EN 1991**

| RAMAS DE ACTIVIDADE COMERCIAL | ÁREAS TERRITORIAIS | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MC | MV | UP | UO | UL | US | UF | VI | Total |
| 01. Productos petrolíferos e enerxéticos | 8 | 10 | 3 | 3 | 3 | 2 | 1 | 19 | 48 |
| 02. Productos siderúrxicos | 6 | 5 | | | | | | | 11 |
| 03. Maquinaria e Equipos industriais | 7 | 6 | | | | 1 | | | 14 |
| 04. Vehículos pesados e lixeiros | 2 | 4 | | 1 | | 2 | | | 9 |
| 05. Aparellos eléctricos e mecánicos | 34 | 31 | 4 | 4 | 4 | 4 | 1 | | 82 |
| 06. Aparellos informáticos | 27 | 27 | 2 | 4 | 4 | 4 | 2 | 2 | 72 |
| 07. Productos químicos | 37 | 33 | 2 | 1 | 1 | 1 | 7 | 1 | 82 |
| 08. Caucho e neumáticos | 6 | 3 | 1 | 1 | 1 | 2 | 1 | 4 | 19 |
| 09. Productos cerámicos, cemento e vidro | 3 | 3 | | | | 1 | 1 | | 8 |
| 10. Productos alimenticios | 20 | 13 | 2 | 2 | 2 | 5 | | | 44 |
| 11. Papel, prensa e artes gráficas | 9 | 4 | | | | | | | 13 |
| 12. Artículos téxtiles | 12 | 11 | 6 | 8 | 5 | 7 | 4 | 2 | 55 |
| 13. Hipermercados e cadeas de distribución | 22 | 14 | 3 | 6 | 7 | 3 | 3 | 12 | 70 |
| 14. Comerciais diversas | 9 | 11 | 2 | 1 | | | | | 23 |
| TOTAL | 202 | 175 | 25 | 31 | 26 | 38 | 14 | 39 | 550 |

Fonte: elaboración propia.

G. 99. **LOCALIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS. DISTRIBUCIÓN POR ÁREAS TERRITORIAIS**




FONTE: Elaboración propia.

## 2.4. Distribución do emprego

O emprego directo xerado polo investimento estranxeiro directo destinado a actividades comerciais concéntrase maioritariamente en catro sectores ou ramas da actividade comercial. En efecto, os hipermercados e cadeas de distribución, comerciais de aparellos eléctricos e mecánicos, informática e electrónica e a comercialización de productos químicos absorben conxun-

tamente o 73% do emprego vencellado a empresas participadas por investidores estranxeiros con centros ou establecementos comerciais na nosa Comunidade.

**C.100. EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS CON MÁIS DE 100 TRABALLADORES NO COMERCIO GALEGO EN 1990**

| EMPRESA | PAÍS | TRABALLADORES | | FACTURACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | IMPORTE (millóns) | % |
| ALCAMPO | FRANCIA | 1275 | 19,26 | 28600 | 7,94 |
| CANON ESPAÑA | XAPÓN | 121 | 1,83 | 1400 | 0,39 |
| I.B.M. ESPAÑA | EE.UU | 100 | 1,51 | 19693 | 5,47 |
| CONTINENTE | FRANCIA | 400 | 6,04 | 10000 | 2,78 |
| SIMAGO | R. UNIDO | 399 | 6,03 | 8010 | 2,22 |
| ZARDOYA OTIS | EE.UU | 216 | 3,26 | 1847 | 0,51 |
| DIRSA-DIA | FRANCIA | 170 | 2,57 | 3500 | 0,97 |
| SETE EMPRESAS | — | 2681 | 40,5 | 73050 | 20,28 |
| RESTO EMPRESAS (248) | — | 3939 | 59,5 | 287142 | 79,72 |
| TOTAL | — | 6620 | 100 | 360192 | 100 |

Fonte: Elaboración propia.

De forma individual, cómpre salienta-lo predominio e dimensión dos hipermercados, centros comerciais e cadeas de distribución, dada a súa importancia efectiva na xeración de emprego. O investimento estranxeiro directo acometido neste eido específico do comercio minorista favoreceu a creación de máis de 2.274 postos de traballo en pouco máis de cinco anos. Isto supón case o 35% do emprego total dependente de sociedades con participación estranxeira no seu capital social. O resto do emprego distribúese de xeito máis ou menos equitativo entre as distintas actividades comerciais.

En canto ó tamaño medio destas empresas, segundo o número de traballadores que manteñen actualmente en Galicia, destacan, unha vez máis, as empresas dedicadas á explotación de hipermercados e grandes superficies comerciais. O tamaño medio destas cinco empresas que traballan actualmente en Galicia sitúase nunha media de 454.4 traballadores por empresa, índice non superado por ningunha outra sociedade relacionada coas distintas ramas da actividade comercial analizadas. A específica configuración física dos grandes hipermercados, dotados de amplas superficies comerciais con todo tipo de servicios favorecen a creación de numerosos postos de traballo.

Pero, ademais dunha concentración sectorial do emprego, apréciase tamén unha concentración empresarial do mesmo, xa que o 41% dos traballadores dependen de tan só sete empresas, como ben se pode ver no cadro 100.

En canto á distribución do emprego por países, segundo a empresa estea participada por un ou outro país, cómpre apunta-la supremacía e o liderato exercido polos investidores franceses. Estes controlan boa parte das empre-

**C.101. EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS IMPLANTADAS A NIVEL COMERCIAL EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO POR RAMAS DE ACTIVIDADE COMERCIAL EN 1990**

| Ramas de Actividade Comercial | Nº de Empresas | Nº de Establecementos | Emprego en Galicia | | Tamaño Medio | Facturación en Galicia | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Nº | % | | Importe | % |
| 01. Productos petrolíferos e enerxéticos | 9 | 48 | 186 | 17,92 | 20,66 | 45663 | 12,68 |
| 02. Productos siderometalúrxicos | 9 | 11 | 100 | 1,51 | 11,11 | 9219 | 2,56 |
| 03. Maquinaria e Equipos industriais | 11 | 14 | 149 | 2,25 | 13,54 | 6722 | 1,87 |
| 04. Vehículos pesados e lixeiros | 6 | 9 | 250 | 3,78 | 37,83 | 6452 | 1,79 |
| 05. Aparellos eléctricos e mecánicos | 46 | 82 | 984 | 14,86 | 21,39 | 43205 | 11,99 |
| 06. Aparellos informáticos e electrónicos | 34 | 72 | 841 | 12,7 | 24,73 | 75251 | 20,89 |
| 07. Productos químicos | 54 | 82 | 725 | 10,95 | 13,42 | 59311 | 16,47 |
| 08. Caucho e neumáticos | 5 | 19 | 178 | 2,69 | 35,6 | 12380 | 3,44 |
| 09. Productos cerámicos, vidro e cemento | 4 | 8 | 37 | 0,56 | 9,25 | 4331 | 1,2 |
| 10. Productos alimenticios | 26 | 44 | 396 | 5,98 | 15,23 | 25758 | 7,15 |
| 11. Papel, prensa e artes gráficas | 10 | 13 | 126 | 1,9 | 12,6 | 8068 | 2,24 |
| 12. Artículos téxtiles e prendas de vestir | 13 | 55 | 206 | 3,11 | 15,85 | 9716 | 2,69 |
| 13. Hipermercados e cadeas de distribución | 5 | 70 | 2274 | 34,35 | 454,48 | 51510 | 14,3 |
| 14. Comerciais diversas | 23 | 23 | 168 | 2,54 | 7,3 | 2606 | 0,72 |
| TOTAL | 255 | 550 | 6620 | 100 | 25,96 | 360192 | 100 |

Fonte: Elaboración propia.

sas (48), pero fundamentalmente aquelas que teñen un maior número de traballadores. Se esta circunstancia se daba tamén nas empresas industriais, nas que o capital francés, lembremos, daba en 1990 emprego a máis de 15.000 persoas, no comercio o fenómeno repítese, xa que como ben se pode comprobar no cadro 102 o 42% dos traballadores empregados en empresas comerciais dependen de sociedades participadas por empresas multinacionais francesas. Isto aumenta a influencia e mailo poder efectivo do capital de orixe francesa, tanto no terreo comercial coma no industrial. No nivel estrictamente comercial traballan directamente en Galicia, a través de establecementos ou delegacións propias, un total de 48 empresas nas que o capital social está participado en maior ou menor medida por empresas ou sociedades multinacionais do país galo. Esta presencia vese notablemente incrementada cunha rede de 198 establecementos distribuídos por toda a xeografía galega, sobre todo nas áreas metropolitanas da vertente atlántica.

**C.102. EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS IMPLANTADAS COMERCIALMENTE EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO POR PAÍSES EN 1990**

| | Empresas | | Establecementos | | Emprego | | Tamaño Medio |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | |
| Alemaña | 43 | 16,8 | 72 | 13,09 | 812 | 12,26 | 18,88 |
| Bélxica | 4 | 1,5 | 7 | 1,27 | 62 | 0,94 | 15,5 |
| Canadá | 2 | 0,7 | 2 | 0,36 | 21 | 0,32 | 10,5 |
| Dinamarca | 2 | 0,7 | 3 | 0,55 | 62 | 0,94 | 31 |
| Francia | 48 | 18,8 | 198 | 36 | 2778 | 41,96 | 57,87 |
| Holanda | 12 | 4,7 | 22 | 4 | 184 | 2,78 | 15,33 |
| Italia | 15 | 5,8 | 35 | 6,36 | 263 | 3,97 | 17,53 |
| Xapón | 7 | 2,7 | 15 | 2,73 | 263 | 3,97 | 37,57 |
| Kuwait | 3 | 1,2 | 5 | 0,91 | 34 | 0,51 | 11,33 |
| Portugal | 10 | 3,9 | 14 | 2,54 | 91 | 1,37 | 9,1 |
| Reino Unido | 13 | 5,1 | 28 | 5,09 | 601 | 9,08 | 46,23 |
| Suecia | 13 | 5,1 | 19 | 3,45 | 198 | 2,99 | 15,23 |
| Suíza | 19 | 7,4 | 29 | 5,27 | 196 | 2,96 | 10,31 |
| Estados Unidos | 40 | 15,7 | 72 | 13,09 | 819 | 12,37 | 20,47 |
| América Latina | 19 | 7,4 | 21 | 3,82 | 166 | 2,51 | 8,76 |
| Outros Países | 5 | 1,9 | 8 | 1,45 | 70 | 1,06 | 14 |
| TOTAL | 255 | 100 | 550 | 100 | 6620 | 100 | 25,96 |

Fonte: Elaboración propia.



Outra porcentaxe importante de emprego, arredor do 25% do total, concéntrase en empresas vencelladas ós investidores norteamericanos e alemáns, cunha presencia en Galicia moi significativa, sobre todo no eido comercial, con especial protagonismo das empresas alemanas (43), que dispoñen dunha rede de 69 establecementos repartidos por varios puntos de Galicia. EE.UU. dispón de 40 sociedades participadas, que coordinan un total de 62 establecementos.

Deste xeito, o conxunto dos tres países (Francia, Alemaña e EE.UU.) recadan o 67% do emprego comercial xerado polas empresas estranxeiras. Se a esta porcentaxe se lle engade o número de traballadores ocupados en empresas participadas polo Reino Unido, Italia e Xapón, resulta que practicamente o 84% do emprego concéntrase en empresas de 6 países.

A presencia extraeuropea aumenta considerablemente no comercio, sobre todo a que procede de EE.UU. e Xapón, destinada á creación de redes de distribución. O investimento acometido polos investidores procedentes de países de América Latina concretouse na creación e adquisición dun total de 19 empresas, de pequeno tamaño e que dan emprego a 166 traballadores.

Ademais dos postos de traballo directos que crean actualmente os establecementos participados por investidores estranxeiros, debemos sinalar que nun total de 11.000 persoas traballan en empresas galegas dedicadas á distribución de productos, funcionando como concesionarios e distribuidores oficiais de firmas multinacionais.

## 3. PENETRACIÓN SECTORIAL

Co fin de ter un coñecemento máis preciso sobre as actividades comerciais que actualmente están desenvolvendo diversas empresas multinacionais, cremos oportuno realizar unha análise daqueles sectores nos que a presencia estranxeira ten unha considerable importancia pola súa capacidade para controla-lo mercado. Para ter unha visión máis ampla sobre a penetración das multinacionais, intentamos, nos casos en que nos foi posible, detectar tamén aquelas empresas estranxeiras que, carecendo de delegacións en Galicia, traballan exclusivamente a través de concesionarios ou distribuidores oficiais. Este é o caso das multinacionais do automóbil, que serán obxecto de análise ó estudia-las empresas dedicadas á comercialización de vehículos pesados e lixeiros.

### 3.1. Hipermercados e cadeas de distribución

Segundo a definición elaborada polo Instituto Francés do Libre Servicio, o hipermercado é "aquel establecemento de venda ó detalle que, con máis de 2.500 metros cadrados de superficie de venda, realiza as súas operacións comerciais en réxime de autoservicio e pagamento dunha soa vez nas caixas de saída e dispón, así mesmo, dun grande aparcadoiro a disposición da clientela (Casares, J. 1987, p.209). Estas grandes superficies comerciais tenden a localizarse na periferia urbana das grandes cidades, especialmente en vías de forte intensidade de tráfico, aplicando unha estratexia de prezos agresivos, baseándose en fortes descontos obtidos por compras masivas (Pulido, A. 1976, pp.71-82).

O hipermercado xurdiu como forma comercial na década dos anos 60 en Francia, correspondendo o seu deseño a Marcel Fournier. Posteriormente, foise desenvolvendo en diversos países como Bélxica, Suíza, Reino Unido, España, etc. Así mesmo, fórmulas semellantes de grandes superficies en réxime de autoservicio foron desenvolvidas por outros países, especialmente por Alemaña e Estados Unidos.


C.103. **OS HIPERMERCADOS EN ESPAÑA EN 1990. DISTRIBUCIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

| COMUNIDADE AUTÓNOMA | HIPERMERCADOS | | SUPERFICIE DE VENTA | |
|---|---|---|---|---|
| | Nº E | % | Metros cuadrados | % |
| ANDALUCÍA | 32 | 25,6 | 242015 | 26,5 |
| CATALUÑA | 24 | 19,2 | 158955 | 17,4 |
| MADRID | 14 | 11,2 | 113388 | 12,41 |
| VALENCIA | 13 | 10,4 | 99862 | 10,93 |
| PAÍS VASCO | 8 | 6,4 | 47102 | 5,16 |
| GALICIA | 5 | 4 | 43921 | 4,81 |
| CASTELA E LEÓN | 6 | 4,8 | 43085 | 4,72 |
| ASTURIAS | 4 | 3,2 | 34838 | 3,81 |
| BALEARES | 4 | 3,2 | 24943 | 2,73 |
| CANARIAS | 3 | 2,4 | 14000 | 1,53 |
| MURCIA | 3 | 2,4 | 22577 | 2,47 |
| ARAGÓN | 2 | 1,6 | 20890 | 2,29 |
| CANTABRIA | 2 | 1,6 | 10809 | 1,18 |
| CASTELA-A MANCHA | 2 | 1,6 | 12500 | 1,37 |
| EXTREMADURA | 1 | 0,8 | 9900 | 1,08 |
| A RIOXA | 1 | 0,8 | 10050 | 1,1 |
| MELILLA | 1 | 0,8 | 4500 | 0,49 |
| TOTAL | 125 | 100 | 913335 | 100 |

Fonte: Distribución y Actualidad, novembro de 1991. La Voz de Galicia, 3-12-1991, P. 53 e elaboración propia.

Os primerios hipermercados abriron as súas portas en España en 1973. Desde aquela chegouse en 1990 ós 125, ocupando unha superficie de 913.335 metros cadrados e dando emprego a 40.000 persoas, segundo se recolle nun informe elaborado pola publicación especializada *Distribución y Actualidad* en novembro de 1991. Segundo a citada publicación, os hipermercados chegaron a absorbe-lo 22% das vendas alimentarias ó detalle que se rexistraron en España en 1990.

G.100. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á CONSTRUCCIÓN DE HIPERMERCADOS E ADQUISICIÓN DE CADEAS DE DISTRIBUCIÓN EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Andalucía, Cataluña e Madrid contan co 55,5% das grandes superficies comerciais. Aínda que se dá unha concentración territorial, esta correspóndese cunha concentración empresarial, xa que catro grupos, Alcampo, Continente, Pryca e Hipercor, posúen o 58,7% dos establecementos existentes, o 71,3 por cento da superficie e o 77,5 do emprego total (Distribución y Actualidad, novembro de 1991).

A progresiva expansión deste tipo de centros comerciais, cunha media de 10 aperturas anuais en España, fai prever nos próximos anos a desaparición das tendas tradicionais.

A implantación en Galicia dos hipermercados prodúcese por primeira vez en 1985, ano en que o grupo francés Promodes instala na Coruña unha superficie comercial baixo o nome de Continente. O investimento realizado superou os 2.000 millóns de pesetas, destinados á construcción das instalacións e do aparcadoiro. A área de emprazamento ocupa máis de 8.000 metros cadrados. Promodes conta no noso país cun total de 22 hipermercados distribuídos por varias provincias, acadando unha facturación conxunta superior ós 227.000 millóns de pesetas.

O grupo francés Promodes é líder europeo no terreo dos hipermercados, con máis de 140 centros comerciais, 500 supermercados e unhas 3000 tendas. A súa actividade en Galicia viuse recentemente fortalecida coa adquisición total da empresa de distribución Distribuciones Reus (Dirsa), empresa domiciliada en Zaragoza e con 59 tendas en Galicia. Dirsa conta na nosa Comunidade con 44 supermercados propios: A Coruña (19), Ourense (5), Vigo (8) e Pontevedra (12), e 15 franquiciados: Lugo (1), Ourense (1) e A Coruña (13), claramente identificados co anagrama *% Día* (Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A.), filial do grupo francés Promodes. A través de Dirsa a multinacional francesa ten previsto realizar nos últimos anos un intenso plano para acadar en Galicia un total de 100 tendas e supermercados, que deberán entrar en funcionamento a finais de 1992.

Deste xeito Continente, participado nun 73% por Promodes e nun 25% polo Banco Bilbao Vizcaya, converterase de contado na principal empresa comercial e de distribución que traballa en Galicia, onde daba emprego en 1990 a 570 persoas e facturaba algo máis de 13.500 millóns de pesetas, segundo datos facilitados pola mesma empresa.

O outro xigante francés da distribución comercial cunha importantísima presencia en Galicia é a multinacional Samu Auchan, que traballa en España a través da súa filial Alcampo. A cadea de centros comerciais Alcampo é sen dúbida unha das que contribuíron a revoluciona-lo sector da distribución en Galicia. En pouco máis de 5 anos, instalou en Galicia un total de 4 hipermercados, con especiais repercusións nas áreas de Vigo (2), A Coruña (1) e Ferrol (1), cidades nas que Alcampo ten presencia física salientable. Alcampo conta en España cunha rede de 19 hipermercados, cunha superficie global de 165.000 metros cadrados. Os centros situados en Galicia achegan un 20% dos beneficios xerados polo grupo en España.

O predominio das firmas e do capital francés na implantación de hipermercados en Galicia é absoluto, xa que o 100% do investimento directo destinado a ese fin procede de Francia. O seu dominio esténdese ó resto de España (Navas, J. 1988, p.3). Así, os franceses explotaban xa en 1985 arredor do 70% dos establecementos existentes en España e arredor do 78% da superficie de venda e o 75% do volume total de vendas (Casares, J. 1987, p.213).

Ademais dos citados grupos franceses, traballa tamén en Galicia o holding Dairy Farm International, multinacional de orixe británica, con sede en Hong Kong, actual propietaria da cadea de establecementos comerciais Simago, adquirida en 1990. Esta empresa, vencellada durante bastante tempo ó grupo March, conta en Galicia con 5 establecementos situados en Ferrol, Ourense, Santiago, Lugo e Pontevedra. En conxunto dan emprego a 399 traballadores, acadando unha facturación lixeiramente superior ós 8.000 millóns de pesetas, o que supón un trece por cento da súa facturación total en España.

Simago conta actualmente en España con 10 almacéns rexionais, cento sete establecementos de venda ó detalle e 200.871 metros cadrados de superficie. En Galicia o seu centro comercial máis recente e de maior tamaño (5000 metros cadrados) encóntrase situado en Pontevedra. O grupo Simago chegou a ter baixo o seu control outro centro situado en Vigo cando aínda posuía nos anos 1987 e 1988 a empresa Kanguro, vendida ó seu antigo dono, a Compañía General Promotora de Inversiones.

Dairy Farm, constituído en 1986, adquiriu Simago en 1990 por 13.500 millóns de pesetas. Actualmente, a multinacional con sede en Hong Kong explota máis de 700 tendas, e posúe ademais o 50% de Maxims Caters Ltd., que é a maior cadea de restaurantes e Catering de Hong Kong. Tamén posúe o 25% de Kwik Save Group Plc., sociedade que cotiza na Bolsa de Londres e que traballa a través dunha cadea de 670 tendas en Gran Bretaña. En 1990, seguindo un plano de expansión internacional, decidiu a adquisición de Woolwarths, a cadea máis importante de supermercados en Nova Zelanda, por 162 millóns de dólares (La Voz de Galicia, 16-3-1990). A adquisición de Simago súmase por tanto á intención de Dairy Farm por consolida-la súa posición en Europa e especialmente en España, ante as perspectivas que se abren co Mercado Único Europeo.

A entrada de grupos estranxeiros coa finalidade de explotar grandes superficies comerciais en Galicia non cesou aínda. De feito, en setembro de 1981 constituíuse oficialmente o grupo hispano francés, integrado pola multinacional Weil, Banque de Credit Agricole e diversas entidades financeiras españolas co fin de instalar un hipermercado en Ourense (La Voz de Galicia, 27-09-1991). Cunha superficie global de 35.000 metros cadrados, dos que o hipermercado ocupará 18.000, o proxecto prevé a creación de 500 postos de traballo directos dentro do complexo comercial, realizando un investimento de 3.250 millóns de pesetas. O grupo Weil posúe ademais centros comerciais en París Norte, Marsella, Niza e en diversos puntos de EE.UU. como Cincinatti, Lousille e Denver. Ademais do grupo Weil, Alcampo, S.A. está tamén interesado na construcción dun hipermercado en Ourense, onde adquiriu uns terreos no lugar denominado *As Lagoas*.

C.104. **HIPERMERCADOS, ECONOMATOS E CADEAS DE DISTRIBUCIÓN VINCULADOS Ó INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO OPERATIVOS EN GALICIA EN 1991**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcampo SA | MAD | C | Samu Auchan | Francia | 100 | 4 | 1275 | 28600 |
| Distribuciones Reus SA | ZAR | S | Dia (Grupo Promodes) | Francia | 100 | 59 | 170 | 3500 |
| Economato Citroën, SA | PON | V | Citroën | Francia | 100 | 1 | 30 | 1400 |
| Saudisa (Continente) | MAD | C | Promodes | Francia | 73 | 1 | 400 | 10000 |
| Simago, SA | MAD | S | Dairy Farm Int. Holding | R. Unido | 100 | 5 | 399 | 8010 |

ND: número de establecementos comerciais en Galicia.

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.


Do mesmo xeito, contémplanse proxectos para a futura instalación deste tipo de instalacións comerciais en Lugo (Continente) e en Santiago de Compostela (Cadea Centra). En efecto, nesta última cidade estase a construír unha área comercial que ocupará unha superficie de 25.000 metros cadrados, dos que 7.000 serán ocupados por un hipermercado da Cadea Centra. Esta gran área comercial foi concibida para unha clientela potencial de 10.500 persoas diarias, procedentes dos 270.000 habitantes con que conta a comarca compostelá (Diario 16 de Galicia, 20-04-1992, p.46). Máis de 20 firmas comerciais teñen previsto instalarse no futuro centro comercial de Santiago de Compostela, que prevé abrir en 1993. Entre as firmas estranxeiras que se van instalar neste complexo comercial cabe sinala-las seguintes: Macdonald's, Galeçon Club, Simone Mahler, Pizza Jet, Candy Company, Master Pizbur, Bang Olufsen, Oh Lá Lá, American Pizza Jet, Mister Minit e Essa (Grupo Hasa, filial da multinacional italiana Fiat).

A implantación de grandes superficies de vendas en Galicia, aínda que é un factor competitivo para o comercio local de forte inciedencia nas pequenas tendas tradicionais, especialmente alimenticias, constitúe tamén un dos motores máis importantes da dinamización urbana, por canto amplían consierablemente a área de influencia das cidades onde se instalan. Tales efectos xa se constataron, sobre todo, nas áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña.

## 3.2. Productos químicos

A implantación comercial de empresas químicas estranxeiras en Galicia constitúe un feito moi importante, pola súa grande capacidade para recadalo mercado e exercer unha temible competitividade fronte ós productos internos. Actualmente detectamos un total de 52 empresas vencelladas a investidores estranxeiros que teñen presencia física en Galicia a nivel comercial. Estas 52 sociedades, que representan o 21% do total contabilizado, dispoñen dunha rede comercial de 71 unidades comerciais de venda ó público, e dan emprego a 821 persoas. Estes datos refírense unicamente

G.101. **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS QUÍMICOS. PROCEDENCIA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO REXISTRADO EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

ós centros comerciais e delegacións propias das empresas estranxeiras ou españolas participadas por investidores foráneos.

Os países cunha maior implantación comercial no sector químico galego son Alemaña, Suíza e Estados Unidos. Destes tres países procede o 52% do investimento estranxeiro directo destinado á creación de 80 unidades comerciais dedicadas á venda de productos químicos. O resto do investimento que se rexistra neste campo procede fundamentalmente de Francia e Reino Unido, países que participan conxuntamente nun total de 12 sociedades implantadas comercialmente en Galicia.

Se descendemos a nivel empresarial notamos, tal como pode comprobarse no cadro 105 que se xunta, a presencia dos grupos químicos máis importantes do mundo. De xeito moi especial, hai que sinala-la supremacía exercida polas multinacionais europeas, que en conxunto representan case o 80% do total. O resto das sociedades que traballan exclusivamente a nivel comercial no sector químico galego son multinacionais norteamericanas con matriz en EE.UU.


Entre os países con forte implantación industrial encóntrase Alemaña, tal como indicamos anteriormente. Entre as multinacionais químicas alemanas que desenvolven unha intensa actividade comercial en Galicia destacan as firmas Hoechst, Bayer e o grupo Basf (ver cadros).

O consorcio liderado por Hoechst está representado por un grupo de sociedades que fabrican medicamentos, agroquímicos, plásticos, pigmentos e diversos gases industriais. Esta multinacional traballa en Galicia a través da filial Hoechst Ibérica, que conta cunha delegación en Vigo e outra na Coruña. Ademais, dispón dunha delegación da súa filial Laboratorios Taberner, propiedade da citada multinacional xermana. Esta compañía vén funcionando en España desde 1946, cando vendía os seus productos a través de Laboratorios Activión. En 1960 adquiriu esta firma e creou sobre ela a súa actual filial española, Hoechst Ibérica. Esta sociedade é hoxe cabeceira dun grupo de 8 empresas dedicadas á fabricación de diversos productos químicos.

O outro xigante alemán, Bayer, traballa en Galicia a través dunha delegación instalada en Vigo. Esta empresa é unha das 30 primeiras do mundo. En 1884 xa tiña representación en España, onde creou a súa filial Bayer Hispania, con sede en Barcelona. Actualmente a multinacional xermana conta cunha rede empresarial de 400 sociedades repartidas por todo o mundo, 300 delas en Alemaña e o resto repartidas polos cinco continentes. En España dispón de dúas filiais, Bayer Hispania Comercial e Bayer Hispania Industrial, a través das cales domina 15 empresas no noso país.


Outra potente multinacional alemana é o grupo Basf, tamén implantado en Galicia a través da súa filial Glasurit Pinturas, que conta con dúas delegacións situadas na Coruña e en Vigo. A historia deste poderoso grupo xermano remóntase ó último tercio do século pasado. Contra 1930 ocupaba o liderato do sector en Alemaña. Nesta época converteuse en cabeceira de IG. Farber, a primeria industria química do mundo. O grupo Basf conta actualmente con 8 empresas establecidas en España, con actividades bastente diversificadas que van desde a fabricación de pinturas ou productos farmacéuticos á elaboración de artigos de informática.

**ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO HOECHST EN ESPAÑA EN 1990**





Fonte: La Voz de Galicia, 20-05-1991, P. 57.

**ESTRUCTURA EMPRESARIAL DE BASF EN ESPAÑA EN 1990**




Fonte: La Voz de Galicia, 31-05-1991, P. 57.

**ESTRUCTURA EMPRESARIAL DE BAYER EN ESPAÑA EN 1990**




Fonte: Fomento de la Producción e La Voz de Galicia, 29-04-1991, P. 65.

En 1988 introdúcese en España a multinacional alemana Benckiser, ó adquiri-la totalidade das accións da sociedade Camp, empresa que conta cunha importante delegación comercial en Vigo desde a que distribúe os seus productos en Galicia. Deste xeito, segundo sinala Fomento de la Producción, a multinacional alemana pasa a controla-lo mercado español de deterxentes, cunha participación do 25%, e o de suavizantes, cunha cota que acada o 22% do mercado español.

Outro dos xigantes do sector químico, neste caso de orixe suíza, é a multinacional Ciba Geigy. Esta transnacional, con sede en Basilea, ten unha delegación en Galicia dedicada a xestiona-la distribución dos seus productos na nosa Comunidade. A maior parte das instalacións que posúe en España encóntranse situadas na área de Barcelona. Actualmente posúe sociedades nos cinco continentes, das que Ciba Geigy, Industrias Químicas de Navarra e Laboratorios Padró se atopan en España. A mencionada multinacional suíza é resultado da fusión de Ciba Societé Anonyme e J.R. Geigy. A súa importancia no país helvético baséase en que recada o 7% das exportacións suízas (La Voz de Galicia, 8-7-1988). No último exercicio, a súa facturación en España superou os corentamil millóns de pesetas, froito da actividade diversificada que está realizando dentro do sector químico español. Entre as empresas químicas vencelladas ó capital norteamericano cunha considerable presencia comercial en Galicia debemos cita-la empresa Argón, S.A., participada pola multinacional Unión Carbide. Esta multinacional, xunto coa francesa L'Air Liquide, que participa na Sociedad Española del Oxígeno, fornecen case a totalidade do mercado galego relacionado



C.105. **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS QUÍMICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3M España, SA | MAD | C | Minissota Mining Manuf. | U.S.A. | 100 | 1 | 25 | 1100 |
| Aler. e Inmun. Abello SA | MAD | C | Montedison | Italia | 100 | 1 | 19 | 980 |
| Argon SA | MAD | V | Unión Carbide | U.S.A. | 50 | 2 | 48 | 2800 |
| Barnices Valentine SA | BAR | C | Omnial Inc. | Panamá | 50 | 2 | 42 | 1121 |
| Baxter SA | VAL | V | Varios Socios | U.S.A. | 100 | 1 | 17 | 1050 |
| Bayer Hispania Comer. | BAR | V | Bayer Group | Alemaña | 100 | 1 | 112 | 5300 |
| BDF. Nivea, SA | MAD | V | Beiersdorf AG | Alemaña | 100 | 1 | 14 | 911 |
| Boehringer Mannheim SA | BAR | S | Pharma Investment | Canadá | 100 | 1 | 11 | 810 |
| Cedeira Plastics, SL | COR | C | Plastics | R. Unido | 75 | 2 | 16 | 100 |
| Cia. Esp. de Pinturas | VIT | V | Intern. Point/Colorfina | Run/Suíza | 42 | 1 | 6 | 970 |
| Ciba Geigy, SA | BAR | C | Ciba Geigy | Suíza | 100 | 1 | 24 | 1860 |
| Colgate Palmolive, SA | MAD | C | Colgate Palmolive | U.S.A. | 100 | 1 | 21 | 1010 |
| Doctor Andreu, SA | BAR | C | Hoffmann Laroche | Suíza | 100 | 2 | 17 | 450 |
| Ercros, SA | MAD | C | K.I.O. | Kuwait | 75 | 2 | 22 | 5000 |
| Esab Ibérica, SA | MAD | V | Esab G. | Suecia | 100 | 1 | 5 | 431 |
| Farma Lepori, SA | BAR | C | Fater Sas | Italia | 100 | 1 | 11 | 510 |
| F.P. Quim. F. Abello SA | MAD | C | Merck Sharp Dhonne | U.S.A. | 100 | 2 | 21 | 1040 |
| Gayoso Wellcome SA | MAD | V | Wellcome Fundation | R. Unido | 100 | 2 | 21 | 810 |
| Glasurit Pinturas, SA | GUA | V | Basf | Alemaña | 100 | 2 | 32 | 1500 |
| Henkel Ibérica, SA | BAR | S | Henkel | Alemaña | 100 | 2 | 46 | 2000 |
| Henry Colomer, SA | BAR | C | Revlon Group | U.S.A. | 100 | 2 | 21 | 640 |
| Hispano Química, SA | BAR | V | Special Financing AG | Suíza | 68 | 1 | 15 | 870 |
| Hoechst Ibérica, SA | BAR | V | Hoechst AG | Alemaña | 100 | 2 | 36 | 6300 |
| Industrial Bruguer, SA | BAR | C | Akzo Coatings | Holanda | 100 | 1 | 11 | 790 |
| Ind. Química Lowember | ALI | C | Lowenber AG. | Alemaña | 25 | 1 | 12 | 600 |
| Ind. Química Procolor | VAL | C | Akzo Coatings | Holanda | 100 | 1 | 26 | 670 |
| Inst. Bio. Sueroterapia | MAD | C | Montedison | Italia | 100 | 1 | 11 | 340 |
| Johnsons Wax Española | MAD | V | Johnson and Son | U.S.A. | 100 | 1 | 28 | 1020 |
| Krafft SA | GUI | V | Elf Aquitaine | Francia | 25 | 1 | 6 | 976 |
| Laboratorios Beechan | MAD | C | Beechan Group | R. Unido | 100 | 2 | 18 | 620 |
| Laboratorios Madaus SA | BAR | S | Ato Investiment | Francia | 100 | 1 | 8 | 300 |
| Laboratorios Morrich | MAD | C | Smithkline Beckman Int. | U.S.A. | 100 | 1 | 13 | 530 |
| Laboratorios Taberner | BAR | C | Hoechst | Alemaña | 100 | 2 | 24 | 630 |
| Lacer SA | BAR | C | Sundiona AG | Suíza | 40 | 2 | 21 | 890 |
| Lendan Ibérica, SA | BAR | C | Lendam | Suíza | 100 | 2 | 12 | 510 |
| Pinturas CIN Galicia | PON | P | Pinturas Cin | Portugal | 100 | 4 | 14 | 200 |
| Pinturas Duraval, SA | BAR | S | Bunge | Suíza | 49 | 2 | 16 | 560 |
| Pinturas Hempel, SA | BAR | C | Hempel | Suíza | 100 | 1 | 9 | 480 |
| Productos Fruntost SA | BAR | C | Cyma SA | Suíza | 100 | 1 | 8 | 319 |
| Quimibérica Brooks SA | MAD | S | U.C.B. | Bélxica | 100 | 1 | 14 | 390 |

C.105 (Continuación). **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS QUÍMICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Rhone Poulenc Farma SA | MAD | C | Rhone Poulenc | Francia | 100 | 1 | 14 | 2000 |
| Rio Rodano SA | MAD | V | Rhone Poulenc | Francia | 100 | 1 | 12 | 340 |
| Sandoz S.A.E. | BAR | C | Sandoz y Chemo Textil | Suíza | 100 | 2 | 23 | 1450 |
| Saunier Duval España | BAR | C | Saunier Duval Setri | Francia | 40 | 1 | 19 | 340 |
| Schering España SA | MAD | C | Schering Corp. | Canadá | 100 | 1 | 12 | 820 |
| Soc. Esp. del Oxígeno SA | MAD | V | L'air Liquide | Francia | 30 | 3 | 62 | 2859 |
| Stanhome, SA | BAR | V | Stanhome Inc. | U.S.A. | 100 | 2 | 13 | 854 |
| Suflenor SA | COR | C | Familiar | Panamá | 60 | 1 | 8 | — |
| SA. Camp | BAR | V | Benckiser Hoding | Alemaña | 100 | 1 | 11 | 2200 |
| The Body Shop | MAD | C | Body Shop Internation | R. Unido | 100 | 1 | 2 | — |
| Veka Ibérica, SA | BUR | C | Vekaplast | Alemaña | 100 | 1 | 6 | 230 |
| VT Plastics, SA | MAD | V | V.T. Plastics | R. Unido | 100 | 2 | 13 | 890 |
| Xenin SA | COR | C | Familiar | Alemaña | 100 | 1 | 6 | 140 |
| Yves Rocher España SA | BAR | C | Yves Rocher | Francia | 100 | 6 | 18 | 900 |

DS: domicilio social. DR:dirección rexional. ND: delegacións.

Fonte: elaboración propia a partir das fontes citadas.

con todo tipo de gases industriais e material de soldadura. Argón conta con delegacións na Coruña e Vigo, mentres que a Sociedad Española del Oxígeno dispón de depósitos de enchido en Vigo, O Porriño e Ferrol para abastece-los principais núcleos industriais.

De orixe francesa, destaca a presencia do grupo liderado por Rhone Poulenc, que concreta a súa presencia física en Galicia con dúas delegacións, unha da súa filial Río Ródano, situada en Vigo, e outra de Rhone Poulenc, situada na Coruña. A súa facturación conxunta supera os 2.300 millóns de pesetas en Galicia. O citado grupo francés dispón de cinco fábricas en España, situadas en Guipúscoa, Biscaia, Burgos, Barcelona e Huelva.

Relacionadas coa comercialización de productos cosméticos e de beleza debemos menciona-la presencia de dúas multinacionais británicas que contan con establecementos na nosa Comunidade. Por unha banda, atopámonos coa firma Nectar Beauty Shops Limited, que a través da súa filial Néctar Cosmetics España, S.A. dispón de tendas na Coruña, Vigo e Santiago de Compostela. Por outra, a multinacional The Body Shop International conta cun establecemento en Galicia situado na Coruña.




Ademais do conxunto de empresas que traballan en Galicia a través das súas propias delegacións, existen outras que o fan indirectamente a través dunha mesta rede de concesionarios e distribuidores exclusivos. Este é o caso das firmas vencelladas ó capital norteamericano 3M España, filial da estadounidense Minnesota Minning Manufacturing e de Avon Cosmetics. Esta última mantén en Galicia unha rede de oito representantes, encargados de distribuí-los seus productos en Galicia mediante o sistema de venda directa a domicilio (La Voz de Galicia, 9-9-1988).

### 3.3. Aparellos eléctricos e mecánicos

A introducción de firmas estranxeiras neste campo é moi salientable. Boa parte dos artigos que se comercializan diariamente nas tendas especializadas existentes en Galicia son fabricados por sociedades vencelladas a investidores estranxeiros. A finais de 1990, segundo se recolle no cadro 106, traballaban comercialmente en Galicia 44 empresas especializadas na fabricación de aparellos eléctricos e mecánicos. A súa actividade comercial canalízase a través de 73 delegacións e unidades comerciais distribuídas polas catro provincias, co que dan emprego directo a 973 persoas. Estas

G.101.R. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE APARELLOS ELÉCTRICOS E MECÁNICOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.


dependen directamente das distintas firmas estranxeiras que desenvolven a súa actividade en Galicia. Aínda que o número de empregos é cativo, debido a que as delegacións teñen como traballo fundamental a coordinación e distribución dos productos a través de concesionarios e distribuidores, o seu volume vese incrementado se se ten en conta o emprego que indirectamente se xera mediante a rede de concesionarios, axentes e distribuidores oficiais.

En canto á procedencia do capital e mais dos investidores, destaca a clara preponderancia dos alemáns que traballan en Galicia a través de 12 firmas. Deste país procede o 27% do investimento estranxeiro directo destinado á creación de establecementos e delegacións comerciais especializadas na venda de aparellos eléctricos e mecánicos. Outra porcentaxe importante do investimento procede de Suecia e Estados Unidos. Estes dous países participan no control de 16 empresas que contan con delegacións comerciais na nosa Comunidade. Isto supón algo máis do 35%. O resto do investimento, arredor do 24%, procede basicamente de Francia e Suíza, que conxuntamente participaban no control de 10 sociedades establecidas en Galicia.

A nivel empresarial, hai que sinala-lo predominio e dinamismo das empresas alemanas, que fan patente a súa presencia no control daquelas sociedades especializadas na fabricación de electrodomésticos e aparellos eléctricos diversos. É o caso da multinacional Siemens, que xuntamente co holding sueco Electrolux domina a comercialización da gamma branca de electrodomésticos (Sánchez Escolonilla, A. 1989, pp.37-38). En efecto, en 1984 créase a sociedade Balay-Safel, pertencente ó grupo multinacional Bosch Siemens, que concreta a súa presencia en Galicia en seis delegacións repartidas entre Vigo e A Coruña. A través das delegacións de Balay e Telenorma que o grupo Bosch-Siemens ten en Galicia comercialízanse as marcas Agni, Corcho, Crolls, Superser, Bosch, Siemens, Safel, Junkers e Neckar.

Ademais deste poderoso grupo, traballa tamén en Galicia unha das multinacionais máis importantes integradas no grupo sueco Wallenberg (Moreno, R. 1991, pp.12-13).Trátase de Electrolux Holding. Esta transnacional sueca fíxose recentemente co control da firma italiana Zanussi, así como coas empresas Unidad Hermética e Corberó Domar, todas elas con delegacións comerciais en Galicia, tal como se observa no cadro 106, no que se recollen tódalas sociedades vencelladas a investidores estranxeiros que traballan actualmente de xeito exclusivo a nivel comercial na nosa Comunidade.


MAPA 27. **REDE COMERCIAL E DE SEVICIOS DE ZARDOYA OTIS EN GALICIA. (ano 1991)**




Fonte: La Voz de Galicia, 19-03-1991, p.51.

Cómpre salienta-la briosa actividade que están a desenvolve-las grandes cadeas multinacionais especializadas na distribución e venda de electrodomésticos. En Galicia traballan actualmente tres importantes cadeas multinacionais vencelladas a investidores estranxeiros. Trátase das cadeas Expert, Kapy e Master, que a través dunha ampla rede de distribuidores e tendas concertadas se encargan de comercializa-las distintas marcas de electrodomésticos producidas polos fabricantes. A cadea Expert, líder europeo na comercialización deste tipo de aparellos, conta en Galicia cunha rede de 53 establecementos autorizados (18 na Coruña, 7 en Lugo, 5 en Ourense e 23 na provincia de Pontevedra) e unha central de almacenamento en Vigo. Esta cadea, fundada en Suíza, traballa actualmente en 12 países europeos a través dunha rede de 3.500 tendas. A súa implantación en Galicia prodúcese en 1986, ano en que a sociedade española Fadesa, que xa contaba con establecementos en Galicia, se integra no grupo Expert. Pola súa banda, a Cadea Master de orixe española pero agora integrada no grupo multinacional europeo EDA, controlado pola firma italiana Gre, a holandesa Amco, a alemana Ruefach e a empresa española Gestesa, conta tamén cunha mesta rede de establecementos estendidos polas catro provincias. Así, en 1991 dis-

**MERCADO MUNDIAL DE ASCENSORES E ESCALEIRAS MÓBILES EN 1987**




FONTE: Drexel Burnham Lambert, xaneiro de 1987.
En Economía Gallega, decembro de 1988, P.30



C.106. **COMERCIALIZACIÓN DE APARELLOS ELÉCTRICOS E MECÁNICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ABB Metron, SA | BAR | C | Asea Brown Boveri | Suíza | 100 | 1 | 19 | 850 |
| ABB Motores, SA | MAD | V | Asea Brown Boveri | Suíza | 100 | 1 | 11 | 560 |
| AEG Ibérica de Elect. | BAR | C | AEG Aktiengesellschaft | Alemaña | 100 | 2 | 23 | 2100 |
| Alfa Galicia, SA | PON | V | Alfa Laval A.B. | Suecia | 100 | 1 | 23 | 640 |
| Ascensores Cenit, SA | GUI | V | Thyssen Man Autzuge | Alemaña | 100 | 2 | 32 | 450 |
| Asweld, SA | MAD | C | Asweld | Suecia | 100 | 1 | 9 | 210 |
| Balay, SA | ZAR | C | Siemens Group | Alemaña | 100 | 2 | 26 | 1340 |
| Braun Española, SA | BAR | C | Braun AG | Alemaña | 100 | 2 | 18 | 1200 |
| Casa Eléctrica Ces, SA | COR | C | Familiar | Venezuela | 100 | 7 | 10 | 120 |
| Cerdeval España, SA | PON | V | Cederval | Suecia | 50 | 1 | 8 | 180 |
| Cedosa | MAN | C | Thomson G.P. | Francia | 100 | 1 | 9 | 356 |
| Cia. de Contadores, SA | MAD | C | Schlumberger Indust. | Alemaña | 100 | 2 | 18 | 570 |
| Const. Nac. Maqui. Elect. | MAD | C | Arbobyl | Panamá | 100 | 1 | 40 | 1217 |
| Corbero, SA | BAR | C | Electrolux Holding | Suecia | 70 | 2 | 44 | 1040 |
| Coulter Científica, SA | MAD | C | Coulter Electronic | U.S.A. | 100 | 1 | 11 | 1600 |
| Electrofil Vigo, SA | PON | V | Infisa | Suíza | 24 | 1 | 42 | 180 |
| Electrolux, SA | MAD | C | Electrolux Holding | Suecia | 100 | 2 | 34 | 3760 |
| Elkron Seguridad, SA | MAD | C | Elkron International | Italia | 51 | 1 | 21 | 310 |
| Fichet Sae | BAR | C | Fichet Bouche | Francia | 90 | 2 | 46 | 1120 |
| General Electric CGR E | MAD | V | General Electric CGR | U.S.A. | 100 | 2 | 26 | 1250 |
| Giesa Schindler SA | ZAR | V | Schindler Holding | Alemaña | 95 | 2 | 72 | 879 |
| Gormark SA | BAR | C | Gormark | Alemaña | 100 | 1 | 14 | 560 |
| Gte Sylvania, SA | MAD | C | Gte International Inc. | U.S.A. | 100 | 1 | 5 | 400 |
| Guerin, SA | BAR | C | Pirelli S.P.A. | Italia | 100 | 1 | 13 | 800 |
| Hazemeyer España, SA | BAR | V | Holec International BV | Holanda | 45 | 1 | 18 | 480 |
| Iberconta, SA | MAD | C | Asea Brown Boveri | Suíza | 100 | 1 | 16 | 420 |
| Klockner Moeller SA | MAD | C | Klocner Moeller y Otr. | Alemaña | 100 | 2 | 12 | 950 |
| Legrand Española, SA | MAD | C | Legrand | Francia | 70 | 1 | 24 | 650 |
| Mecalux, SA | BAR | C | Steelcase Strafor | U.S.A. | 100 | 1 | 13 | 1019 |
| Medex, SA | VIT | V | Felten Guilleaume | Francia | 100 | 1 | 23 | 320 |
| Merlin Gerin Gardy SA | BAR | C | Schneider Groupe | Francia | 100 | 2 | 25 | 1200 |
| Miele, SA | MAD | S | Imanto A.G. | Suíza | 100 | 1 | 6 | 425 |
| Polar Ibérica del Frio | PON | V | Sabroe | Dinamarca | 100 | 1 | 20 | 150 |
| P. Frigoríficos E. Lifes | BAR | V | Stal Refrigeration AB | Suecia | 100 | 1 | 5 | 300 |
| Saenger SA | BAR | C | Gk. Tecn y Pennsilvania | U.S.A. | 26 | 1 | 6 | 150 |
| Sandvick Española SA | MAD | V | Sanvik AB | Suecia | 100 | 1 | 19 | 360 |
| Siemens SA | MAD | V | Siemens AG | Alemaña | 100 | 2 | 50 | 2500 |
| Singer SA | MAD | C | Singer | U.S.A. | 100 | 2 | 14 | 1002 |
| Teka Industrial SL | SAN | C | Varios Socios | Suíz/Ale | 100 | 2 | 29 | 987 |
| Thyssen Boetticher | MAD | V | Thyssen Man Autzuge | Alemaña | 100 | 2 | 72 | 650 |

C.106 (Continuación). **COMERCIALIZACIÓN DE APARELLOS ELÉCTRICOS E MECÁNICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Varta Baterias SA | MAD | C | Varta AG. | Alemaña | 100 | 2 | 24 | 1136 |
| Vifeco Galicia, SA | COR | C | Familiar | U.S.A. | 100 | 1 | 17 | 90 |
| Vorwek España, SA | MAD | V | Vorwerk International | Suíza | 100 | 1 | 5 | — |
| Weidmuller SA | BAR | P | Eidmuller GMB | Alemaña | 100 | 1 | 8 | 210 |
| Zanussi Industrial SA | MAD | C | Electrolux Holding | Suecia | 100 | 2 | 11 | 1123 |
| Zardoya Otis, SA | MAD | C | Otis Elevator Company | U.S.A. | 51 | 7 | 216 | 1847 |

DS: domicilio social. DR:enderezo rexional. ND: delegacións.

Fonte: elaboración propia a partires das fontes citadas.

poñía de 28 establecementos na Coruña, 5 en Ourense, 10 en Lugo e 22 en toda a provincia de Pontevedra. A Cadea Master, que principia as súas actividades en Galicia en 1987, recada o 25% do mercado galego na comercialización de electrodomésticos. Por último, a cadea de electrodomésticos Kapy, que conta con 4 tendas concertadas na Coruña e unha en Lugo, así como un almacén no polígono de Pocomaco, pertence á multinacional Granada Group, con sede en Inglaterra.

Xa no eido dos ascensores, destaca unha empresa norteamericana que conta cunha forte implantación comercial en Galicia. Trátase de Zardoya Otis, propiedade da compañía estadounidense Otis Elevator. Esta empresa, dedicada á fabricación e comercialización de ascensores en España, traballa actualmente en 163 países e obtén en Galicia o 6,2% do seu volume de negocio en España. A súa rede comercial e de servicios componse en Galicia de 2 delegacións de zona situadas na Coruña e Vigo e un total de 18 puntos de servicios: un en Ourense, cinco en Lugo, seis en Vigo e seis na Coruña (ver mapa 27). Cunha cota aproximada do 22% do mercado mundial de ascensores, con preto de 50.000 empregados, 29 fábricas en 18 países e uns 635.000 escensores en mantemento, Otis é hoxe a maior empresa de elevadores do mundo, seguida de Shindler, Mitsubishi e Dover (Economía Gallega, decembro de 1988, pp.30-31). Zardoya, que principiou a súa actividade en 1919, fusionouse con Otis en 1972, dando orixe á empresa máis importante de España no seu sector. As súas fábricas encóntranse en San Sebastián, Madrid e Munguía (Biscaia).

Schneider é outro importante grupo, neste caso francés, implantado en Galicia. A súa actividade comercial na nosa Comunidade Autónoma canalízase




a través de dúas delegacións que a súa filial Merlin Gerin ten na Coruña e Vigo. O grupo Merlin Gerin está composto en España por tres sociedades: Merlin Gerin, Manufacturas Eléctricas e Mesa Gatica. Outras sociedades participadas maioritariamente pola multinacional francesa con presencia en España son Himel e France Transfo.

### 3.4. Aparellos electrónicos e informáticos

Este é un dos sectores máis controlados por empresas vencelladas ó capital estranxeiro. A súa presencia en Galicia realízase mediante a instalación de delegacións propias, o que supón a realización dun pequeno investimento destinado ó acondicionamento do local comercial, ou a través do asinamento de pequenos contratos de distribución con empresas galegas. Este último procedemento é menos frecuente a xulgar polas empresas analizadas que prefiren o contacto directo cos seus propios clientes e usuarios.

Dun total de 53 empresas censadas vencelladas a investidores estranxeiros e dedicadas á producción e distribución de aparellos electrónicos e informáticos, resulta que máis do 62% das mesmas conta con delegacións comerciais propias establecidas en Galicia, mentres que aquelas que só traballan

G.102. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE APARELLOS ELECTRÓNICOS E INFORMÁTICOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia..

mediante concesionarios ou distribuidores única e exclusivamente representan o 37,7% do total estudiado. Deste xeito, malia o grande número de axentes e concesionarios de que toda firma dispón, a parte fundamental das vendas, especialmente as realizadas polas grandes compañías, realízanse a través das canles internas e das seccións comerciais das propias compañías estranxeiras establecidas en Galicia. Neste sentido, a identificación co fabricante representa unha garantía de fiabilidade para os grandes clientes, que buscan garantías e un servicio técnico axeitado. Estas calidades e condicións en moitas ocasións non se atopan nos axentes e distribuidores autorizados. Por iso as empresas deste sector teñen especial interese en achegarse persoalmente ó cliente coa finalidade de ofrecerlle un mellor servicio e garantía ó cliente. O papel da delegación comercial adquire por tanto unha tremenda importancia como catalizador do mercado e encargado de elixir e coordinar axeitadamente a rede de distribuidores e axentes comerciais que ten ó seu cargo.

En relación coas empresas que contan con delegacións propias e que, xa que logo, realizaron investimentos directos na nosa Comunidade, resulta que de Estados Unidos, Xapón e Francia procede case o 60% do investimento realizado, co que se instalaron comercialmente en Galicia 7 compañías de capital norteamericano, 7 francesas e 6 con capital xaponés. O resto do investimento realizado procede de países europeos, sobre todo de Alemaña e Reino Unido, de onde procede o 24 por cento. Predominan, con todo, as compañías con capital europeo no 62% das empresas estudiadas que contan con delegacións propias en Galicia.


No seu conxunto, este tipo de empresas dispoñen dunha rede de 72 establecementos comerciais propios distribuídos polas catro provincias, dando emprego directo a través das súas delegacións a 732 traballadores facturando máis de 75.200 millóns de pesetas en 1990. Como nota característica hai que sinalar que as direccións rexionais destas empresas tenden a situarse fundamentalmente na Coruña, principal centro directivo preferido polas empresas multinacionais que traballan en Galicia.

Entre as obras máis importantes realizadas en Galicia por estas empresas debemos salienta-lo contrato asinado por Fujitsu España con varias entidades galegas para a instalación de novas oficians automáticas, nas que os usuarios poden facer todo tipo de operacións, tanto mediante tarxetas de pagamento ou de crédito como a través das libretas da súa conta corrente ou de aforro. Fujitsu España, filial da empresa xaponesa Fujitsu Limited, créase en España en 1973 en colaboración con Telefónica. A empresa xaponesa fortaleceu a súa presencia en España mediante a instalación dunha factoría de producción situada en Málaga e dun centro de investigación e desenvolvemento que se encontra en Barcelona. Na fábrica malagueña a firma produce os novos caixeiros automáticos de pagamento que cobren os servicios en moitas entidades financeiras. A súa expansión no tecido industrial das telecomunicacións prodúcese en 1975. Ese ano fundou, en colaboración co INI, Telefónica e varias entidades financeiras a empresa de servicios de comunicacións e informática *Secoinsa*. Xa en 1991, consolídase definitivamente en España coa incorporación ó grupo Fujitsu da estructura española de Nokia Data e ICL.

Os xaponeses contan ademais en Galicia con outras tres importantes compañías (Sony, Sanyo e Canon), que desenvolven unha grande actividade na venda de aparellos electrónicos e informáticos. Sony establécese comercialmente en Galicia en 1982, montando as súas instalacións na Coruña, cidade na que ten establecida a dirección rexional correspondente á área noroeste. Esta empresa xaponesa exerce un importante liderato na electrónica de consumo a través dunha rede comercial composta en Galicia por 150 distribuidores oficiais: 60 na Coruña, 22 en Lugo, 23 en Ourense e 45 en Pontevedra. Segundo declaracións do responsable da delegación galega "a cota de mercado en Galicia sitúase por riba do promedio nacional, acadando o 56% do mercado de cámaras, o 22% do de televisores, preto do 40% correspondente a aparellos de alta fidelidade, o 20% en vídeo, un 30% en aparellos de baixa frecuencia e o 24% do mercado de cintas de audio e vídeo (La Voz de Galicia, 17-2-1992, p.59). Sony Corporation conta en Europa con 9 plantas de producción, dúas delas en España, situadas en Parets del Vallés e Viladecavals (ámbalas dúas en Cataluña). Nos seus desexos de expansión mundial Sony dividiu o planeta en catro grandes rexións independentes e gastou máis de 5.600 millóns de dólares en comprar numerosas compañías en todo o mundo. Así, recentemente fíxose co control da CBS Record, a maior compañía discográfica do mundo, adquirindo ademais a productora cinematográfica Columbia Pictures Entertainment e os estudios cinematográficos de Hollywood (Echenique, J. 1991b, pp.30-33).

Pola súa banda, Sanyo dispón igualmente dunha dirección rexional situada tamén na Coruña, cidade desde a que coordina unha rede de 12 servicios oficiais distribuídos polos principais centros urbanos de Galicia. Sanyo España constitúese en 1985 coa fusión de Aznárez Industrial Navarra e Electrónica Industrial Aznárez. A compañía xaponesa adquiriu nun princi-

MAPA 28. **REDE COMERCIAL DE "SANYO" EN GALICIA (ANO 1991). LOCALIZACIÓN DA DIRECCIÓN REXIONAL E DISTRIBUCIÓN DE SERVICIOS OFICIAIS.**




Fonte: La Voz de Galicia, 21-07-1991, p. 53 e elaboración propia.

pio o 50% do capital, para facerse máis tarde, en 1988, coa totalidade do capital social. A multinacional xaponesa conta en Europa con dúas factorías, unha en España, situada en Barcelona, e outra no Reino Unido.

Cannon España, filial da multinacional electrónica xaponesa do mesmo nome, está tamén presente en Galicia, onde conta con cinco establecementos comerciais, situados na Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela. Segundo Fomento de la Producción, a multinacional nipona é líder en España na venda de máquinas fotográficas, fax e copiadoras, ocupando o segundo lugar en máquinas de escribir e o terceiro en cámaras de vídeo. A actividade que esta compañía desenvolve en España é meramente comercial, ó carecer de centros productivos.

Entre as firmas norteamericanas con maior peso específico en Galicia debemos menciona-la presencia da multinacional IBM World Trade Corporation. Este xigante norteamericano da informática, líder mundial no seu sector, conta en Galicia con delegacións e oficinas propias na Coruña, Vigo, Ourense, Lugo e Ferrol. A través desta rede comercial propia, a compañía norteamericana exerce un liderato absoluto en Galicia, onde conta con concesionarios de grande fiabilidade e recoñecido prestixio (El Corte Inglés, Gef e Dinsa), con capacidade para a venda, instalación e mantemento de aparellos. A parte fundamental das vendas realízase a través das seccións comerciais propias que a súa filial IBM España ten en Galicia. Deste xeito, preténdese ofrecer ó cliente unha maior garantía e fiabilidade superior á que poden ofrece-los seus concesionarios e distribuidores oficiais. IBM ten en Galicia como principais clientes a boa parte das maiores empresas industriais galegas. Destacan sobre todo Astano, Bazán, Citroën, Fimsa, algunhas caixas de aforros e o propio Banco Pastor, entre outros (La Voz de Galicia, 20-03-1991, p.51). A súa presencia en Galicia fortaleceuse recentemente coa creación dunha nova empresa *S. Cui*, especializada no mantemento de equipos informáticos. A citada empresa, que proporciona emprego a 30 persoas, está participada nun 38% pola multinacional IBM e tamén pola sociedade *Lonisa* (GEF) que aportou un 3% do capital social da nova empresa. A multinacional norteamericana, que se introduce en España en 1941, contaba en 1990 con máis de 383.200 empregados en todo o mundo, dos cales 4.759 traballan en España, onde conta cunha factoría de producción situada en Madrid.

Outra compañía informática con capital norteamericano que traballa no noso país é Unisys España, filial da multinacional estadounidense Unisys Corporation. Esta multinacional principia as súas actividades en España en 1987,


instalando posteriormente, a finais de 1989, unha delegación comercial en Galicia. A citada multinacional norteamericana converteuse no segundo grupo informático do mundo, dando emprego a máis de 70.000 persoas nos catro continentes. Delas algo máis de 700 traballan en España, na súa maioría na factoría de producción situada en Sant Joan D'Esp (Barcelona), posta en funcionamento en 1988. A súa actividade en Galicia tende a incrementarse a medida que pasan os anos, apreciándose unha progresiva introducción no mercado galego, especialmente nos ámbitos da Administración Autonómica e no eido da investigación universitaria. Así, recentemente, a comezos de 1992, a compañía norteamericana conseguiu adxudicarse un importante contrato superior ós 1.000 millóns de pesetas, destinado á informatización dos servicios administrativos da Xunta de Galicia.

Entrementres, a multinacional holandesa N.V. Philips traballa tamén desde Galicia a través dunha delegación comercial da súa filial Philips Informática y Comunicaciones, situada na Coruña, desde onde dirixe e coordina unha mesta rede de concesionarios e distribuidores oficiais distribuídos polas cidades e núcleos urbanos máis importantes de Galicia. A súa actividade nesta Comunidade Autónoma diríxese especialmente á banca, Administración Pública, hostelería e ás grandes compañías de servicios, con dedicación prioritaria ós sistemas de tratamento electrónico de textos e imaxes. Philips é unha das compañías no seu sector con maiores cotas de mercado en Galicia, segundo o volume de negocio que anualmente rexistra na nosa Comunidade. A multinacional holandesa, a través da súa filial española, participa no control de 8 empresas industriais con centros productivos no noso país. A mediados de 1990 Philiphs tiña 300.000 empregados e 400 fábricas en todo o mundo (Echenique, J. 1991a, pp.24-27).

O grupo Bull, participado nun 93% polo propio Estado francés, mentres que o 7% restante está en mans da multinacional xaponesa Nec, situou en España o seu grupo internacional de desenvolvemento de sistemas para a banca. É o primeiro paquete informático creado en España para as institucións de crédito. O sistema de Bull foi implantado no Banco Pastor, Caixa Ourense (dous dos principais clientes galegos) e o Banco Herrero. A delegación galega desta multinacional francesa, situada na Coruña, centra tamén unha parte importante das súas vendas na dotación de sistemas a organismos das Administracións Públicas. Bull adxudicouse en 1990 o concurso da Deputación coruñesa para informatizar 50 concellos coruñeses, cun investimento superior ós 400 millóns de pesetas. Outros grandes contratos




**ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO PHILIPS EN ESPAÑA EN 1990**




Fonte: La Voz de Galicia, 03-07-1991, P. 51

**ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO BULL**




Fonte: La Voz de Galicia, 19-04-1991, P. 51

asináronse coa Consellería de Agricultura, Motores Deutz MWM, Facenda, Garda Civil e coa propia Caja Postal (La Voz de Galicia, 19-04-1991, p.51).

A italiana Olivetti, que traballa en Galicia a través de das súas filiais Hispano Olivetti Office e Olivetti Systems Networks España, ámbalas dúas con delegacións comerciais na Coruña e Vigo e distribuidores oficiais nas principais cidades galegas, ten asinados varios contratos de abastecemento de material de oficina coa Universidade de Santiago de Compostela. A compañía italiana ten o seu mellor mercado exterior en España, onde se converteu nun dos principais subministradores da Administración e do sistema financeiro galego, con predominio absoluto na área particular de impresoras, na que controla un 25% do mercado (La Voz de Galicia, 24-05-1991, p.63).

C.107. **COMERCIALIZACIÓN DE APARELLOS ELECTRÓNICOS E INFORMÁTICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcatel Alsthom SA | MAD | C | Alcatel/Alsthom | Fran/Hol | 100 | 2 | 46 | 4000 |
| Appel Center Galicia | PON | V | Apple Computer | U.S.A. | MAI | 2 | 10 | 540 |
| Bull España, SA | MAD | C | Bull Groupe | Francia | 100 | 3 | 22 | 1200 |
| Canon España, SA | MAD | C | Canon | Xapón | 100 | 6 | 121 | 1400 |
| Chubb Parsi, SA | MAD | C | Racal Electronics | R. Unido | 100 | 1 | 21 | 360 |
| Digital Equipment SA | MAD | C | Digital Equipment | U.S.A. | 100 | 31 | 4 | 1033 |
| Ericsson Informat. Sist. | MAD | C | Ericsson | Suecia | 100 | 2 | 13 | 5500 |
| Fujitsu España, SA | MAD | C | Fujitsu Inc. | Xapón | 60 | 2 | 34 | 2300 |
| Grundig SA | BAR | C | Grundig | Alemaña | 100 | 2 | 16 | 1127 |
| Hispano Olivetti SA | BAR | S | Olivetti Ind. | Italia | 100 | 2 | 48 | 2200 |
| Hispano Radio Marítima | MAD | V | Racal Electronics | R. Unido | 100 | 7 | 21 | 1200 |
| Honeywell Bull SA | MAD | C | Bull Groupe | Francia | 100 | 3 | 11 | 860 |
| ICL España I. Computer | MAD | V | International Computer | Francia | 100 | 1 | 9 | 987 |
| Ind. D. Telecominicación | MAD | C | Ericsson | Suecia | 100 | 2 | 18 | 1400 |
| I.B.M. España, SA | MAD | C | I.B.M. World Trade Cop. | U.S.A. | 100 | 5 | 100 | 19693 |
| I.T.T. Nokia Data SA | MAD | C | I.T.T. | U.S.A. | 100 | 2 | 13 | 1248 |
| Mannesmann Kienzle SA | MAD | V | Mannesmann | Alemaña | 100 | 1 | 13 | 400 |
| National Panasonic Esp. | BAR | V | Matsushita Electric In | Xapón | 100 | 2 | 12 | 1600 |
| NCR España, SA | MAD | C | N.C.R. Corporation | U.S.A. | 100 | 2 | 16 | 1900 |
| Nixdorf Computer SA | MAD | C | Siemens Group | Alemaña | 100 | 4 | 21 | 1400 |
| Nokia Consumer Elect. | MAD | C | I.T.T. | U.S.A. | 100 | 1 | 13 | 946 |
| Oliv. Systems Networks | MAD | C | Olivetti Holding | Italia | 100 | 1 | 27 | 1010 |
| Philips Infor. y Comun. | BAR | C | Philips | Holanda | 100 | 1 | 30 | 7800 |
| Rank Xerox Española | MAD | C | Rank Xerox Limited | R. Unido | 100 | 2 | 65 | 4130 |
| Sanyo España, SA | NAV | C | Sanyo | Xapón | 100 | 1 | 31 | 2200 |
| Seresco Galicia, SA | COR | C | General de Serv. Inform. | Francia | MAI | 2 | 26 | 525 |
| Sika SA | MAD | V | Sika Chemic | Suíza | 96 | 1 | 9 | 450 |
| Software de Galicia SA | PON | V | Software Ag. | Alemaña | MAI | 1 | 13 | 212 |
| Sony España, SA | BAR | C | Sony Corporation | Xapón | 100 | 1 | 20 | 2500 |
| Telefunken SA | MAD | C | Thomson C.S.F. | Francia | 100 | 2 | 12 | 460 |
| Telenorma (G. Bosch) | MAD | C | Robert Bosch | Alemaña | 100 | 1 | 16 | 5500 |
| Thomson Comp. Hectron | BAR | C | Thomson C.S.F. | Francia | 100 | 2 | 12 | 1230 |
| Toshiba Battery SA | MAD | V | Toshiba | Xapón | 100 | 1 | 21 | 1200 |
| Unisys España, SA | MAD | C | Unisys Corp. | U.S.A. | 100 | 1 | 14 | 1900 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas



A multinacional norteamericana NCR, con sucursais na Coruña e Vigo, foi en 1990 a segunda maior subministradora de material informático ós bancos e caixas de aforro, con case un 20% do seu mercado, de acordo cun estudio de Marcon Data publicado en *Actualidad Económica*. Segundo este estudio, o predominio da multinacional estadounidense é absoluto nun sector específico, a saber, o dos caixeiros automáticos: o 55% do parque español destes sistemas de autoservicio financeiro foron subministrados pola citada compañía norteamericana (La Voz de Galicia, 27-05-1991, p.53). Boa parte dos caixeiros automáticos existentes en Galicia proceden desta firma de capital americano, que traballa no noso país a través de NCR España.

Por último, debemos menciona-la considerable penetración no mercado galego realizada pola multinacional alemana Nixdorf Computer, agora pertencente ó grupo Siemens, convertido no primeiro grupo informático de

C.108. **COMERCIALIZACIÓN DE APARELLOS INFORMÁTICOS E ELECTRÓNICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE OPERAN EN GALICIA UNICAMENTE A TRAVÉS DE CONCESIONARIOS E DISTRIBUIDORES (1990)**

| Empresa | DSO | Investidores | País | Control | NCDA | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Amstrad España, SA | MAD | Amstrad PCL | R. Unido | 100 | 6 | 1120 |
| ARC España, SA | MAD | American Research Cor. | U.S.A. | 100 | 4 | 460 |
| Casio | MAD | Casio | Xapón | 100 | 1 | 940 |
| Compaq Computer SA | MAD | Compaq Computer | U.S.A. | 100 | 4 | 890 |
| Computerland de España | MAD | Computerland Europe | U.S.A. | 100 | 2 | 530 |
| Conmodore | MAD | Conmodore Inf. | U.S.A. | 100 | 4 | 960 |
| Data General SA | MAD | Data General Corp. | U.S.A. | 100 | 5 | 630 |
| Epson Sti SA | BAR | Seiko Epson | Xapón | 100 | 4 | 1060 |
| Facit SA | MAD | Facit AB | Suecia | 90 | 4 | 530 |
| Hewlett Packard España | MAD | Hewlett Packard | U.S.A. | 100 | 4 | 2500 |
| Microsoft Ibérica SA | MAD | Microsoft Corp. | U.S.A. | 100 | 2 | 1050 |
| Mita España SA | MAD | Mita Corporation | Xapón | 100 | 2 | 874 |
| Nashua España SA | MAD | Nashua Corp. | Xapón | 100 | 2 | 860 |
| Nec España SA | MAD | Nec Corp. | Xapón | 100 | 4 | 925 |
| Software AG España SA | MAD | Software AG. | Alemaña | 100 | 4 | 575 |
| Tandem Computers Iber. | MAD | Tandem Computers Inc. | U.S.A. | 100 | 6 | 640 |
| Tandon Computer BV. SA | MAD | Tandon Computer | U.S.A. | 100 | 15 | 1090 |
| Texas Instruments Esp. | MAD | Texas Instruments Inc. | U.S.A. | 100 | 4 | 578 |
| Tulip Computers España | MAD | Tulip Computers | Holanda | 100 | 6 | 790 |
| Wang España, SA | MAD | Wang Laboratoires | Francia | 90 | 4 | 620 |

DSO: domicilio social. NCDA: concesionarios e distribuidores.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

Europa (Echenique, J. 1990, pp.24-35). A firma xermana, que abriu en 1987 unha delegación na Coruña, conta actualmente con delegacións propias nas catro provincias galegas. Os seus principais clientes na Comunidade Galega son as PEMES e as institucións locais, con forte implantación no sector bancario, especialmente no Banco Pastor, Caixa Ourense, Banco de Galicia e no Banco Atlántico.

Ademais do grupo de empresas informáticas e electrónicas que traballan en Galicia a través das súas propias delegacións, tamén debemos mencionar un importante conxunto doutras que, non tendo unha presencia física (delegación ou establecemento comercial propio na nosa Comunidade), traballan en Galicia exclusivamente por medio de concesionarios, distribuidores e axentes oficiais autorizados. Esta é a forma de penetración comercial seguida por un total de 20 empresas informáticas vencelladas a investidores estranxeiros. Entre elas predominan as participadas por capital norteamericano (10) e xaponés (5). Isto supón un 75% do total de empresas desta natureza contabilizadas no noso estudio. O resto, como pode verse no cadro 108, repártense entre distintos países europeos. A través dos seus 87 concesionarios, distribuidores e axentes oficiais, este conxunto de empresas informáticas facturan anualmente en Galicia arredor de 17.600 millóns de pesetas, cifra correspondente ó ano 1990.


### 3.5. Productos alimenticios

A penetración dos investidores estranxeiros na industria alimentaria española e galega en particular, como puidemos comprobar, foi medrando considerablemente nos últimos anos (Tizón, A. 1989, p.3). Do mesmo xeito, a penetración consolídase xa non só no ámbito industrial senón tamén no comercial. Ademais das 73 empresas vencelladas a investidores estranxeiros con plantas industriais en Galicia dedicadas á elaboración de productos alimenticios, traballan tamén na nosa Comunidade, aínda que a nivel estrictamente comercial, un total de 26 empresas participadas por investidores e sociedades estranxeiras. Estas 26 empresas dispoñen de almacéns e delegacións comerciais na nosa Comunidade, desenvolvendo unha actividade meramente comercial e non productiva.

A forma de implantación comercial preferida por este tipo de empresas no 89,6% dos casos estudiados consiste na instalación de delegacións propias, mentres que aquelas que traballan en Galicia unicamente a través de distribuidores oficiais supón unha pequena porcentaxe do total inferior ó 11% das empresas censadas. As delegacións ou a creación de unidades comerciais propias constitúe unha forma máis segura e estable de penetración comercial.

En canto á distribución do investimento estranxeiro por países, resulta que predominan as empresas participadas por capital francés e norteamericano, igual que acontecía no ámbito industrial. Destes dous países procede case o 40% do investimento estranxeiro destinado basicamente á creación de sucursais e establecementos comerciais de sociedades dedicadas á elaboración de productos alimenticios. O resto do investimento aparece moi diversificado entre distintos países, sobre todo europeos, tal como se pode apreciar no gráfico 103.

G.103. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

As empresas que se recollen no cadro 109 utilizan, por tanto, as súas delegacións para efectuar unha distribución maiorista dos seus productos, seguindo o sistema de autovenda. As delegacións, e especialmente os almacéns deste tipo de empresas, tenden a situarse nos polígonos industriais das grandes áreas metropolitanas galegas (A Coruña e Vigo). Estes emprazamentos responden ó carácter eminentemente urbano dos seus consumidores.

C.109. **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Avidesa, SA | VAL | C | K.I.O. | Kuwait | 15 | 2 | 23 | 1030 |
| Bimbo, SA | BAR | V | Campbell Taggart | U.S.A. | 100 | 2 | 16 | 1250 |
| Cedal SA | PON | P | Boon Van D. Berg Didier | Francia | 50 | 1 | 12 | 400 |
| Cervezas Cristal, SL | PON | V | Cervezas Cristal | Portugal | 100 | 1 | 3 | — |
| Corp. Alimentaria Iber. | MAD | C | Societe General de B. | Bélxica | MIN | 1 | 26 | 640 |
| CPC España, SA | BAR | V | Knorr Zurich Icpc E. | Suíz/USA | 100 | 2 | 23 | 1490 |
| Cuétara, SA | MAD | S | Familiar | México | MAI | 1 | 16 | 890 |
| Danone SA | BAR | C | B.S.N. | Francia | 35 | 2 | 66 | 3660 |
| Dietisa, SA | BAR | V | Dietetique et Sante | Francia | 100 | 3 | 11 | 1233 |
| Dist. P. Cárnicos del NW | COR | C | Conagra | U.S.A. | 100 | 1 | 21 | 250 |
| El Águila, SA | MAD | C | Heineken | Holanda | 51 | 6 | 29 | 1800 |
| Frigo SA | BAR | V | Unilever | Holanda | 100 | 2 | 14 | 1000 |
| Gallina Blanca, SA | BAR | C | Borden | Panamá | 50 | 1 | 24 | 1064 |
| General Biscuits Esp. | BAR | C | B.S.N. | Francia | 100 | 1 | 14 | 1142 |
| Helados Miko, SA | MAD | C | Safral | Francia | 25 | 2 | 19 | 540 |
| Industrias Commodities | COR | C | Commodities | Noruega | 100 | 1 | 14 | 1100 |
| Industrias Revilla SA | SOR | C | Unilever | Holanda | 100 | 1 | 12 | 1600 |
| La Menorquina SA | BAR | C | Beatrice Companies Inc. | U.S.A. | 100 | 1 | 18 | 379 |
| Leche Pascual SA | BAR | C | United Brands | U.S.A. | 31 | 2 | 34 | 1800 |
| Milupa, SA | MAD | C | Milupa Ag. | Alemaña | 100 | 1 | 8 | 850 |
| Oscar Mayer, SA | VAL | C | Garvey Holding | Alemaña | 100 | 1 | 16 | 1150 |
| P. Mercados Interiores | PON | V | Imperial Cold Storage | Sudáfrica | MIN | 1 | 12 | 120 |
| Rio Productos Aliment. | VAL | S | Barilla G.R. Fille Spa. | Italia | 100 | 1 | 11 | 350 |
| Rivoide y Carret Esp. | MAD | S | R.C.L. | Francia | 100 | 1 | 6 | 220 |
| San Miguel SA | MAD | C | Varios Socios | Filipinas | 30 | 4 | 46 | 1850 |
| Unión Cervecera, SA | MAD | V | United Breweries Ltd. | Dinamarca | 60 | 2 | 80 | 1200 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

C.110. **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE OPERAN EN GALICIA UNICAMENTE A TRAVÉS DE CONCESIONARIOS E DISTRIBUIDORES OFICIAIS EN 1990**

| Empresa | DSO | Investidor | País | Control | NCDA | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Font Vella, SA | BAR | B.S.N. | Francia | 100 | 1 | 21 | 623 |
| Mahou, SA | MAD | Kronembourg (B.S.B.) | Francia | 33 | 4 | 27 | 1720 |
| S.A Damm | BAR | Oetker | Alemaña | 19 | 4 | 24 | 1572 |

DSO: domicilio social. NCDA: distribuidores oficiais en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.



O sistema de venda que utilizan adoito tende a conceder, polo xeral, a máxima autonomía comercial ás delegacións que tamén se encargan de organiza-lo reparto diario ós supermercados e tendas. Sen embargo, os ingresos obtidos intégranse finalmente na facturación conxunta, e as estructuras administrativas de marketing e de xestión adoitan estar xerarquizadas a partir das sedes centrais situadas con frecuencia en Madrid e Barcelona.


Ademais das empresas que traballan en Galicia mediante as súas propias delegacións, atopamos tamén algunhas que o fan exclusivamente a través de distribuidores oficiais. Este é o caso de Font Vella e de Mahou, vencelladas ó poderoso grupo francés BSN.

O mencionado grupo francés é actualmete o primeiro fabricante de botellas do mundo e a terceira empresa de alimentación despois de Nestlé e Unilever. O control de Font Vella, General Biscuits España, Siro, Ardilla, La Familia, Giralt, Laporta e Vidriería Vilella e as súas participacións en Mahou, Danone e Starlux (Francesc Cabana 1986, pp.100-101) tenden a consolida-la súa presencia no mercado español (Villarino, P. 1989, pp.30-37). A través das delegacións de General Biscuits España e de Danone, o grupo BSN actúa comercialmente tamén en Galicia, onde factura en conxunto ben a través das súas propias delegacións ou mediante a rede de distribuidores oficiais, un total de 7.145 millóns de pesetas no execicio correspondente ó ano 1990.

### 3.6. Vehículos pesados e lixeiros

A penetración comercial das grandes compañías estranxeiras relacionadas coa fabricación de vehículos ten unhas características moi peculiares que a diferencian substancialmente da estratexia seguida polas empresas doutros sectores económicos. En efecto, a estratexia de penetración comercial seguida polas multinacionais do automóbil en Galicia baséase maioritariamente no establecemento de contratos de concesión, mediante os cales a firma multinacional establece en Galicia unha poderosa e efectiva rede de concesionarios e axentes comerciais encargados de distribuír e vende-los seus productos en Galicia. Esta modalidade de penetración sen investimento directo, sumamente barata e rendosa economicamente para a firma multinacional, constitúe a vía preferente de implantación comercial no 83% das empresas analizadas.

G.104. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE VEHÍCULOS PESADOS E LIXEIROS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Dun total de 30 empresas do sector do automóbil participadas por capital estranxeiro e que traballan comercialmente na nosa Comunidade Autónoma, só tres multinacionais, Volkswagen, PSA e Renault contan con algunhas unidades comerciais propias en Galicia. En efecto, o grupo Volkwagen, a través de Seat, controla a maioría do capital social dun dos seus principais concesionarios na Coruña, Marineda Motor. Esta empresa coruñesa dedícase á venda e distribución de automóbiles da marca Seat. Do mesmo xeito, o grupo PSA é o actual propietario da empresa El Motor Nacional, con sede en Madrid e unidades comerciais en Galicia dedicadas á venda de vehículos Peugeot e Renault. En Galicia conta con establecementos nas catro provincias.

Máis restrinxido é o ámbito de cobertura da empresa Entretenimiento de Automóviles de Pontevedra, filial da multinacional francesa Renault. A empresa viguesa é un dos principais concesionarios que a transnacional gala ten na provincia de Pontevedra.

O predominio do capital francés e alemán resulta, por tanto, evidente nas empresas con participación de capital estranxeiro neste sector. Destes dous países procede o 66,6% do investimento directo destinado á adquisición e




C.113. **REDE DE CONCESIONARIOS EN GALICIA DE EMPRESAS MULTINACIONAIS DO AUTOMÓBIL EN 1990. DISTRIBUCIÓN POR PAÍSES DE ORIXE**

| PAÍSES | Empresas Multinacionais | | Concesionarios en Galicia | | Emprego | | Facturación Galicia | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Importe (millóns) | % |
| FRANCIA | 5 | 16,6 | 274 | 34,6 | 3479 | 36,2 | 41 | 30,2 |
| ALEMAÑA | 4 | 13,3 | 123 | 15,5 | 1584 | 16,5 | 22474 | 16,5 |
| ITALIA | 6 | 20 | 99 | 12,5 | 1200 | 12,5 | 16475 | 12,1 |
| REINO UNIDO | 2 | 6,6 | 17 | 2,1 | 124 | 1,3 | 2220 | 1,6 |
| XAPÓN | 7 | 23,3 | 90 | 11,4 | 983 | 10,2 | 12910 | 9,5 |
| SUECIA | 2 | 6,6 | 10 | 1,2 | 150 | 1,5 | 2344 | 1,7 |
| HOLANDA | 1 | 3,3 | 8 | 1 | 88 | 0,9 | 1040 | 0,7 |
| ESTADOS UNIDOS | 2 | 6,6 | 163 | 20,6 | 1956 | 20,4 | 37000 | 27,2 |
| UNIÓN SOVIÉTICA | 1 | 3,3 | 7 | 0,8 | 43 | 0,4 | 3450 | 0,3 |
| TOTAL | 30 | 100 | 791 | 100 | 9607 | 100 | 135995 | 100 |

Fonte: Elaboración propia.

G.105. **REDE DE CONCESIONARIOS EN GALICIA DAS EMPRESAS MULTINACIONAIS DO AUTOMÓBIL EN 1990. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL**




FONTE: Elaboración propia.

instalación de comerciais do automóbil en Galicia. O resto das empresas comerciais estudiadas dedicadas á venda de vehículos están participadas por investidores procedentes de Hispanoamérica (México e Panamá), algo máis

do 33%, que na maioría dos casos resultan ser emigrantes galegos residentes en México. Este é o caso do principal concesionario da multinacional alemana BMW en Vigo, Veimsa, na que o propietario, natural do concello ourensán de Avión, conta con diversos negocios hoteleiros e inmobiliarios no Distrito Federal de México.

Pero, como sinalabamos ó comezo deste apartado, a forma habitual de penetración comercial preferida polas grandes multinacionais do automóbil consiste na busca de concesionarios que asuman a responsabilidade de vender e distribuí-los automóbiles. Para iso, establécese un contrato -contrato de concesión ou distribución- entre o concesionario e maila casa representada.

**C.114. CONCESIONARIOS DE MULTINACIONAIS DO AUTOMÓBIL CON FACTURACIÓN SUPERIOR A 200 MILLÓNS DE PESETAS EN GALICIA EN 1990**

| ÁREA TERRITORIAL | Número de Concesionarios | Emprego | | Facturación | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Importe (millóns) | % |
| Área metropolitana de Vigo | 15 | 771 | 19,76 | 25278 | 22,35 |
| Área metropolitana da Coruña | 25 | 1205 | 30,89 | 33156 | 29,32 |
| Área urbana de Pontevedra | 10 | 383 | 9,82 | 10179 | 9 |
| Área urbana de Ourense | 10 | 387 | 9,92 | 11059 | 9,78 |
| Área urbana de Lugo | 9 | 296 | 7,74 | 7945 | 7,02 |
| Área urbana de Santiago | 9 | 361 | 9,25 | 12344 | 10,91 |
| Área urbana de Ferrol | 1 | 117 | 3 | 1565 | 1,38 |
| Vilas e áreas rurais | 17 | 380 | 9,74 | 11535 | 10,2 |
| TOTAL | 96 | 3900 | 100 | 113061 | 100 |

Fonte: 1.000 primeiras empresas galegas (Voz de Galicia, 13-12-1991) e elaboración propia.

**C.115. COMERCIALIZACIÓN DE VEHÍCULOS PESADOS E LIXEIROS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| El Motor Nacional, SA | MAD | O | P.S.A. Grupo | Francia | 100 | 4 | 51 | 1700 |
| Entretenimiento de Au. | PON | V | Renault | Francia | 80 | 1 | 80 | 3600 |
| Fashion Motor's SA | COR | S | Fashion Earring | Panamá | 100 | 1 | 12 | 120 |
| Marineda Motor, SA | COR | C | Volkswagen Grupo | Alemaña | 75 | 1 | 51 | 2400 |
| Mercurio Hans Esser H. | PON | V | Familia Esser | Alemaña | 100 | 1 | 40 | 692 |
| Veimsa | PON | V | Familiar | México | 100 | 1 | 16 | 340 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: establecementos.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.



No contrato, o concesionario de vehículos adquire en firme a mercadoría da multinacional. Xa que logo, tódolos riscos de viaxe, cobro e saneamento da entrega ó cliente corren a cargo do concesionario. Polo demais, a través dunha serie de imposicións ou cargas en canto ó prezo, forma de cobro, servicio postventa, publicidade da marca, etc. o concedente ou a casa repre-

**C.116. COMERCIALIZACIÓN DE VEHÍCULOS PESADOS E LIXEIROS. MULTINACIONAIS DO AUTOMÓBIL QUE OPERAN EN GALICIA A TRAVÉS DE CONCESIONARIOS, AXENTES E SERVICIOS OFICIAIS. DATOS REFERIDOS O ANO 1990**

| Empresa | DSO | Investidor | País | Control | NCDA | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alfa Romeo Española SA | MAD | Fiat Holding | Italia | 100 | 17 | 234 | 2481 |
| Austin Rover España SA | MAD | Austin Rover Overseas | R. Unido | 100 | 16 | 111 | 2100 |
| BMW Ibérica SA | MAD | B.M.W. | Alemaña | 100 | 4 | 87 | 2340 |
| Ciitröen Hispania SA | MAD | P.S.A. Grupo | Francia | 100 | 85 | 1023 | 11000 |
| Daf Hispania SA | MAD | Daf Holding | Holanda | 100 | 8 | 88 | 1040 |
| Fasa Renault SA | MAD | Renault Hold. | Francia | 60 | 113 | 1400 | 17112 |
| Fiat Auto España, SA | MAD | Fiat Auto S.P.A. | Italia | 100 | 43 | 287 | 4200 |
| Ford España SA | MAD | Ford Motor | U.S.A. | 100 | 98 | 1176 | 23000 |
| General Motors España | ZAD | General Motors | U.S.A. | 100 | 65 | 780 | 14000 |
| Iveco España, SA | MAD | Fiat Holding | Italia | 100 | 7 | 86 | 1477 |
| Iveco Pegaso, SA | MAD | Fiat Auto S.P.A. | Italia | 60 | 20 | 468 | 6383 |
| Jaguar España | MAD | Jaguar | R. Unido | 100 | 1 | 13 | 120 |
| Lada España, SA | MAD | Lada Motor | U.R.S.S. | 100 | 7 | 43 | 450 |
| Lancia Concesionarios | MAD | Fiat Holding | Italia | 100 | 6 | 73 | 834 |
| Land Rover Santana, SA | MAD | Suzuki Motor/Rover Gr. | Xapón/Ru | 60 | 27 | 324 | 3650 |
| Man Veh. Indus. España | MAD | M.A.N. | Alemaña | 100 | 8 | 172 | 1103 |
| Mercedes Benz España | MAD | Mercedes Benz | Alemaña | 100 | 24 | 288 | 4126 |
| Mitsubishi Motors Ib. | MAD | Mitshubishi Motors | Xapón | 100 | 4 | 46 | 1060 |
| Montesa Honda, SA | BAR | Honda Motors | Xapón | 88 | 5 | 59 | 785 |
| Moto Vespa SA | MAD | Piaggio Int. Holding | Italia | 66 | 6 | 52 | 1100 |
| Nissan Motor Ibérica | MAD | Nissan Motor Corp. | Xapón | 68 | 34 | 408 | 4527 |
| Peugeot Talbot España | MAD | P.S.A. Grupo | Francia | 100 | 69 | 834 | 9500 |
| Porsche España SA | MAD | Porsche Holding | Alemaña | 100 | 4 | 61 | 560 |
| Renault V. Industriales | MAD | R.V. Industriels | Francia | 100 | 7 | 222 | 3470 |
| Scania Vehículos SA | MAD | Saab Scania | Suecia | 100 | 4 | 56 | 1240 |
| Seat (Grup. Volkswagen) | BAR | Volkswagen Holding | Alemaña | 75 | 83 | 976 | 14345 |
| Suzuki Motor España SA | AST | Suzuki Motor | Xapón | 100 | 8 | 52 | 978 |
| Toyota Motor España SA | BAR | Toyota Motor | Xapón | 100 | 8 | 56 | 1100 |
| Volvo Concesionarios | MAD | Volvo Ab. | Suecia | 100 | 6 | 94 | 1104 |
| Yamaha Motor España SA | BAR | Yamaha Motor | Xapón | 100 | 4 | 38 | 510 |

DSO: domicilio social. NCDA: rede de concesionarios oficiais en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.


sentada asegúrase que a distribución se faga nas condicións que máis prestixien os seus productos.

Normalmente, cada concesionario do automóbil dispón da súa propia rede de axentes, para o cal se realiza un contrato mercantil específico coñecido como *contrato de axente*. Neste tipo de contrato, a diferencia do anterior, as mercadorías viaxan e entréganse por conta e risco da casa representada e esta responde do saneamento fronte á clientela e soporta o risco de falta de pagamento e insolvencias. Xa que logo, a responsabilidade e o risco é moi superior no concesionario que no axente.

As trinta multinacionais do automóbil que traballan actualmente en Galicia a través dunha mesta rede de 791 concesionarios oficiais dan indirectamente emprego a 9607 traballadores, que dependen directamente das empresas concesionarias. Estas empresas desenvolven un traballo auxiliar derivado da implantación comercial das multinacionais do automóbil na nosa Comunidade.


Entre as firmas que contan cunha importante rede de concesionarios en Galicia atopámo-la empresa de capital francés Fasa Renault, que dispón de 113 puntos de venda e asistencia técnica na nosa Comunidade.

C.117. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO FIAT EN ESPAÑA EN 1990**




Fonte: La Voz de Galicia, 1-8-1991, p.45.

MAPA 28-A. **REDE COMERCIAL DE "FASA RENAULT" EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DE CONCESIONARIOS E AXENTES OFICIAIS CORRESPONDENTES O ANO 1991**




Fonte: Fasa Renault. Rede de Concesionarios e elaboración propia.

A nivel comercial, as firmas multinacionais do automóbil dispoñen dunha mesta rede de concesionarios que cobren a práctica totalidade do territorio galego. Algunhas delas, como é o caso da firma Renault, está presente en case tódolos cocellos galegos, tal como se pode comprobar no mapa 28-A que xuntamos. Considerando o conxunto da rede comercial estendida en Galicia polas empresas automobilísticas estranxeiras resulta que o 67% dun total de 791 establecementos comerciais dedicados á venda de automóbiles localízanse nas provincias da Coruña e Pontevedra. Individualmente, a provincia coruñesa concentra un 39,4%, mentres que a pontevedresa fica no 27,6 por cento. Esta pronunciada concentración nas provincias litorais obedece á maior capacidade de consumo e ó maior nivel de desenvolvemento económico e urbano reinante nas provincias do litoral atlántico.

A consecuencia máis inmediata a salientar como froito da penetración comercial das sociedades automobilísticas estranxeiras en Galicia é sobre todo o grande volume de postos de traballo que indirectamente xeraron. En efecto, a súa presencia supón dar emprego en Galicia a máis de 9600 persoas, cifra que, engadida ó número de postos de traballo directos xerados polo conxunto das empresas que desenvolven unha actividade comercial en Galicia, supón máis de 16.000 postos de traballo dependentes en boa medida da actividade comercial desenvolvida polas empresas multinacionais en Galicia.

As recentes adquisicións de Seat polo grupo Volkswagen e de Pegaso por Fiat supuxeron o total dominio do capital estranxeiro, que deste xeito pasa a controla-la totalidade da producción automobilística española. Deste xeito, os concesionarios existentes en Galicia distribúen os automóbiles fabricados polos grupos estranxeiros.

### 3.7. Maquinaria e equipos industriais

Neste eido da actividade comercial tamén traballan en Galicia os grupos multinacionais máis importantes de Europa e Estados Unidos, ben directamente ou a través das súas propias delegacións ben indirectamente a través de concesionarios e distribuidores oficiais.


A vía de penetración comercial adoptada maioritariamente no 54,5% das empresas analizadas é mediante o establecemento de contratos mercantís, creando, igual ca no caso das multinacionais do automóbil, unha estratéxica rede de concesionarios e distribuidores oficiais establecidos nos principais



núcleos industriais de Galicia, co fin de cubri-las necesidades das empresas demandantes.

Entre as empresas multinacionais relacionadas coa fabricación de maquinaria pesada que contan cunha implantación comercial directa na nosa Comunidade detectamos un total de 11 sociedades. Estas instalaron delegacións comerciais propias, polo que tiveron que acometer pequenos investimentos dedicados a aranxa-los locais comerciais. Neste sentido, cada vez faise máis necesaria a presencia directa do propio fabricante, no canto de cede-la súa representación a outra casa allea. Con iso tratan de atender mellor o cliente en tódolos eidos, así como de fornecerlle asistencia técnica e maiores garantías dos productos que se venden.

G.106. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE MAQUINARIA PESADA E EQUIPOS INDUSTRIAIS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

En canto á procedencia do investimento, destaca o claro predominio do capital de orixe alemana (36 por cento), que serviu para que se instalen en Galicia catro multinacionais xermanas. O outro tercio do investimento rexistrado procede de Suecia e Estados Unidos, líderes mundiais, xunto con Alemaña, na fabricación de maquiaria pesada. Pero, como diciamos ó comeza desta sección, a maioría das empresas deste sector traballan en Galicia a través de concesionarios e distribuidores autorizados. Dentro

deste grupo inclúense un total de 12 empresas: tres alemanas, tres suecas, dúas norteamericanas, dúas holandesas, unha xaponesa e outra do Reino Unido. O conxunto das doce empresas, a través dunha rede de 82 puntos de venda, dan emprego a 729 persoas. Deste xeito, e tendo en conta que as empresas con delegacións comerciais dan emprego directo en Galicia a 250

C.118. **COMERCIALIZACIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPOS INDUSTRIAIS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ABS Bombas SA | MAD | V | ABS Pumpem A.G. | Alemaña | 100 | 1 | 13 | 940 |
| Atlas Copco Sae | MAD | C | Atlas Copco | Suecia | 100 | 2 | 25 | 743 |
| Comercial Berkel, SA | MAD | C | Berkel Ind. Ag. | Alemaña | 100 | 1 | 8 | 460 |
| Demag Equipos Indust. | MAD | V | Mannesmann Ag. | Alemaña | 100 | 1 | 6 | 540 |
| Fiatgeotech España SA | MAD | C | Fiat Group | Italia | 100 | 1 | 16 | 930 |
| Hilti Española, SA | MAD | C | Hilti Ag. | Liechest. | 100 | 2 | 13 | 734 |
| Ingersoll Rand SA | MAD | C | Ingersoll Rand Corp. | U.S.A. | 100 | 2 | 21 | 775 |
| Shi Mibsa SA | MAD | V | Shi Mibsa Ab. | Suecia | 100 | 1 | 11 | 320 |
| Terrain Sdp Norte SA | COR | C | Terrain SDP | Francia | MIN | 1 | 18 | 160 |
| Thor Iberia SA | BAR | C | Thor GMB | Alemaña | 100 | 1 | 13 | 540 |
| Worthington SA | MAD | S | Dresser Pump Division | U.S.A. | 80 | 1 | 16 | 580 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións en 1990.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.


C.119. **COMERCIALIZACIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPOS INDUSTRIAIS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE OPERAN EN GALICIA UNICAMENTE A TRAVÉS DE CONCESIONARIOS E DISTRIBUIDORES OFICIAIS. DATOS REFERIDOS O ANO 1990**
(facturación en Galicia en millóns de pesetas)

| Empresa | DSO | Investidor | País | Control | NCDA | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Agri Hispania SA | VIS | Agri Erke | Alemaña | 10 | 6 | 47 | 360 |
| Caterpillar Tractor | MAD | Caterpillar Tractor | U.S.A. | 100 | 7 | 129 | 3600 |
| Ebro Kubota SA | MAD | Kubota Marubent | Xapón | 60 | 8 | 61 | 1123 |
| Hiab Valman, SA | MAD | Hiab Foco | Suecia | 100 | 1 | 21 | 200 |
| Husquarna Bosque Jard. | MAD | Husquarna | Suecia | 100 | 3 | 32 | 346 |
| John Deere Ibérica SA | MAD | Deere Company | U.S.A. | 100 | 18 | 144 | 2200 |
| Johnson Dutboards | MAD | Johson Dutboards | Suecia | 100 | 6 | — | 340 |
| Massey Ferguson | MAD | Massey Ferguson | R. Unido | 100 | 14 | 104 | 1040 |
| Motocultores Pasquali | BAR | Machine Agricole | Italia | 100 | 6 | 54 | 1025 |
| Orenstein & Koppel SA | MAD | Orenstein Koppel | Alemaña | 100 | 4 | 38 | 1103 |
| Same Ibérica SA | MAD | Same Trattori | Italia | 100 | 5 | 61 | 1105 |
| Westfalia Separator I. | BAR | Westfalia Separator | Alemaña | 100 | 4 | 38 | 350 |

DSO: domicilio social. NCDA: rede de concesionarios oficiais en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.



MAPA 29. **REDE COMERCIAL DE "JOHN DEERE IBERICA" EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DE CONCESIONARIOS E AXENTES OFICIAIS**




Fonte: La Voz de Galicia, 2-09-1991, p. 47 e elaboración propia.

traballadores, as multinacionais relacionadas coa venda de maquinaria pesada, a través das súas propias delegacións ou mediante a súa rede de concesionarios e distribuidores oficiais, dan emprego a preto de 1000 traballadores.

Entre as multinacionais deste sector que contan cunha ampla rede de concesionarios e servicios oficiais en Galicia cómpre salientar dúas de orixe norteamericana. Unha delas é a firma transnacional vencellada ó grupo Rockefeller coñecida co nome de Caterpillar Tractor. A actividade comercial desta multinacional en Galicia canalízase a través de 7 delegacións que Finanzauto mantén en tres provincias galegas. Finanzauto, que comezou a actuar en Galicia en 1953, é distribuidor exclusivo dos productos producidos pola multinacional Caterpillar, líder mundial en maquinaria do movemento de terras. A través de Finanzauto, Caterpillar conta con delegacións en Burela, Cedeira, Camariñas, Muros, Boiro, Ribeira, A Couña e Vigo. Con esta rede eminentemente costeira trata tamén de cubri-las necesidades do sector naval.


A outra firma, tamén de orixe norteamericana, é a multinacional Deere Company, especializada na fabricación de maquinaria agrícola. Esta firma, a través da súa filial española John Deere Ibérica, conta en Galicia cunha mesta rede de concesionarios e distribuidores oficiais que cobren a totalidade das principais comarcas agrícolas de Galicia. Os seus 18 concesionarios e axentes repártense entre os concellos das catro provincias galegas, tal como se aprecia no mapa 29, no que se recolle a súa rede comercial en Galicia. A compañía norteamericana instalouse en España en 1953, creando unha factoría de producción en Getafe (Madrid). Desde ese momento foi medrando, acadando unha cota de mercado en España de algo máis do 30 por cento, mentres que en Galicia é líder indiscutible, cunha cota estimada nun tercio do total dos tractores que anualmente se venden na nosa Comunidade (La Voz de Galicia, 2-9-1991, p.47).

### 3.8. Confección e xéneros de punto

A pesar de que Galicia conta con empresas punteiras e moi competitivas neste sector, caso do holding Inditex, que agrupa as distintas empresas do grupo Zara, así como as distintas empresas ligadas ó deseñador ourensán Adolfo Domínguez, S.A., notamos unha importante penetración de empresas estranxeiras que a nivel comercial se van introducindo no mercado



G.107. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE XÉNEROS DE PUNTO E PRENDAS DE VESTIR EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

galego. En efecto, polo de agora constatouse a presencia de trece importantes grupos vencellados a socios estranxeiros que contan no seu conxunto cunha rede de 55 tendas, a maior parte propias e o resto funcionando en réxime de franquía. O conxunto destas tendas dá emprego a 206 traballadores, localizándose practicamente na súa totalidade nas principais áreas metropolitanas e urbanas de Galicia.

O investimento realizado polas empresas estranxeiras neste sector comercial procede maioritariamente de Italia e Francia. Destes dous países procede máis do 61% do total detectado. O resto procede basicamente de Estados Unidos e Portugal. Estes investimentos en canto ó seu volume cuantitativo son escasos, ó ir destinados basicamente á construcción dos locais comerciais.

En canto ás vías de penetración que seguen as firmas estranxeiras deste sector en Galicia, cómpre sinala-lo importante papel que desempeña o sistema de franquía. Este sistema é utilizado cada vez con máis frecuencia polas firmas estranxeiras para introducírense nos novos mercados (Gracia Cardador, 1991, pp.37-38). Os acordos de franquía, tal como se recolle no regulamento número 4087/88 da Comisión das Comunidades Europeas do 30 de novembro de 1988 (DOCE, 28-12-1988) melloran normalmente a distri-

bución de productos e a prestación de servicios, posto que dan ós franquiadores a posibilidade de crear unha rede de distribución uniforme mediante investimentos limitados. Tamén permiten que os comerciantes independentes poidan establecer instalacións máis rápidas e con máis posibilidades de éxito que se tivesen que facelo sen a experiencia e maila axuda do franquiador. Xa que logo, o contrato de franquía baséase nun acordo segundo o cal unha empresa, o franquiador, cede a outra, o franquiado, a cambio dunha contraprestación financeira directa ou indirecta, o dereito á explotación dunha franquía para comercializar determinados tipos de productos que comprenden alomenos;

a) O uso dunha denominación ou rótulo común e unha presentación uniforme dos locais e dos medios de transporte obxecto do contrato.

b) A comunicación polo franquiador ó franquiado dun *know-how*.

c) A prestación continua polo franquiador ó franquiado de asistencia técnica ou comercial durante a vixencia do acordo.

Normalmente, o franquiado está obrigado, unha vez pricipiado o negocio, a pagar ó franquiador un 4% das súas vendas para gastos de publicidade e outro 4% a xeito de *royalties*.

C.120. **COMERCIALIZACIÓN DE PRENDAS DE VESTIR E XÉNEROS DE PUNTO. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA (1990)**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Benetton, SA | BAR | C | Benetton Int. | Italia | 100 | 8 | 27 | 1036 |
| Confama, SL | PON | V | Varios Socios | Portugal | 1000 | 1 | 9 | — |
| C&A Modas y Cia. | MAD | C | C.I.A. | Holanda | MIN | 3 | 32 | 2870 |
| Damart, SA | BAR | C | Damart | Francia | 100 | 2 | 12 | 780 |
| Josan | COR | C | Ghaler Jaber (Rahid) | Líbano | 100 | 1 | 4 | — |
| Levis Strauss de Esp. | MAD | C | Levis Strauss Corp. | U.S.A. | 100 | 7 | 24 | 1870 |
| Massimo Dutti, SA | BAR | C | Benedetti Group | Italia | 32 | 7 | 25 | 1870 |
| Ottodisampietro SA | COR | C | Gio Pazi | Italia | 40 | 1 | 9 | 120 |
| Pinguin Esmeralda | MAD | C | Laines Pengouin | Francia | 100 | 7 | 9 | — |
| Prenatal SA | BAR | C | Prenatal Spa. | Italia | 100 | 7 | 24 | 890 |
| Qixote SA | COR | C | Familiar | U.S.A. | 100 | 1 | 4 | — |
| Reverie | MAD | C | Reverie | Francia | 100 | 5 | 11 | 180 |
| Rodier | MAD | C | Rodier | Francia | 100 | 3 | 16 | 100 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: establecementos Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.



Entre as firmas multinacionais que contan en Galicia con tendas franquiadas atopámo-las italianas Benetton e Prenatal, as francesas Rodier e Reverie e a firma norteamericana Lewis Strauss, que conta en Galicia con 7 tendas franquiadas. Con todo, e malia a crecente expansión deste sistema de penetración comercial, sumamente barato para a firma multinacional ó non requirir ningún tipo de investimento directo, dado que o custo do local corre a cargo do franquiado, detectamos, sen embargo, que as firmas anteriormente citadas dispoñen tamén de establecementos comerciais propios. Unha delas, se cadra a máis importante visto o número de tendas que posúe en Galicia, é Prenatal S.A. Esta sociedade, filial da italiana Prenatal S.P.A., está especializada na comercialización de artigos para nenos. Conta en España con 97 tendas Prenatal e 14 tendas Ragazzeria, das que 50 traballan en réxime de franquía e as restantes en xestión directa. En Galicia conta con 7 tendas Prenatal e unha Ragazzeria, situada en Santiago de Compostela.


Con tendas propias traballan tamén en Galicia Modas y Cia., vencellada a investidores holandeses e Massimo Dutti, adquirda parcialmente polo grupo Zara, pero participada minoritariamente polo grupo italiano Beedetti. Finalmente, atopámo-la firma francesa Damart, que conta tamén con tendas na Coruña e Vigo.

### 3.9. Productos petrolíferos e enerxéticos

A liberalización económica imposta pola entrada de España na Comunidade Económica Europea está favorecendo a entrada masiva de empresas estranxeiras, especialmente nun sector tan concreto coma o dos productos petrolíferos e enerxéticos. En efecto, a desaparición do monopolio exercido durante os últimos 40 anos por CAMPSA dá vía libre á entrada dos principais grupos multinacionais estranxeiros, que comezan a tomar posicións realmente efectivas en Galicia coa instalación de gasolineiras e delegacións propias, encamiñadas a incrementa-la súa presencia e aumenta-los seus ingresos.

A finais de 1990, traballaban xa en Galicia directamente a través das súas propias delegacións ou centros de distribución un total de nove compañías vencelladas a grupos estranxeiros. Os investimentos realizados neste subsector destináronse basicamente á construcción ou adquisición de 44 estacións de servicio dedicadas á venda de combustibles e lubricantes, así como de diversos productos derivados do petróleo.

C.108. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS E ENERXÉTICOS DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Analizando a súa procedencia, resulta que o 33,3% do total do investimento destinado a tales fins procede de dúas firmas francesas, Elf Aquitaine e Total. O resto dos investimentos realizados proceden de diversos países, especialmente europeos, tal como se observa no gráfico 108.

Entre as sociedades estranxeiras cunha significativa e moi importante penetración no ámbito da distribución de combustible hai que menciona-la multinacional francesa Elf Aquitaine, que ó adquiri-lo 34% do capital de CEPSA participa actualmente no control e xestión dun total de 50 estacións de servicio repartidas pola xeografía galega. A súa presencia esténdese tamén ó control das estacións de servicio que veñen funcionando baixo o anagrama de Ertoil, empresa tamén adquirida pola citada multinacional francesa. A través da delegación rexional que CEPSA ten na Coruña, a compañía petroleira agarda contar en Galicia para finais de 1992 con 100 gasolineiras. De completarse esa expansión, a multinacional francesa Elf Aquitaine, a través de CEPSA converterase no principal grupo estranxeiro con maior número de estacións de servicio participadas na nosa Comunidade Autónoma, ó se-lo segundo accionista maioritario da compañía española CEPSA. Rápida, por tanto, foi a estratexia de penetración seguida polo grupo francés, baseada na adquisición parcial e o posterior lanzamento, a finais de 1991, dunha oferta pública de adquisición de accións sobre a totalidade do capital que cotizaba en bolsa.

A outra multinacional francesa, Total, pensa instalar proximamente varias estacións de servicio, ademais das catro que xa posúe en Galicia, para o cal conta cunha delegación comercial establecida en Vigo, encargada de coordina-la rede de distribuidores e planifica-la localización de novas estacións de servicio.

Por outra banda, ó longo de 1991 a multinacional belga Petrofina, a través da súa filial española Fina Ibérica, instalou en Galicia un total de 4 estacións

C.120-1. **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS E ENERXÉTICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cepsa | MAD | C | Elf Aquitaine | Francia | 34 | 26 | 98 | 35000 |
| Ertoil SA | MAD | V | Elf Aquitaine | Francia | 60 | 5 | 24 | 2120 |
| Estación Serv. Granja | OUR | O | Familiar | México | 100 | 1 | 6 | — |
| Fina Ibérica, SA | MAD | V | Petrofina SA | Bélxica | 100 | 4 | 21 | 1500 |
| GPM Española, SA | BAR | S | Fiat Holding | Italia | 100 | 1 | 7 | 350 |
| Petróleos de Portugal | MAD | V | Petrogal | Portugal | 100 | 2 | 9 | 1042 |
| Shell España, SA | MAD | C | Shell Goep. | Holanda | 100 | 2 | 10 | 3693 |
| Spinks Cop. España | VIS | V | Spinks Corp. | R. Unido | 100 | 1 | 9 | 1020 |
| Total España | MAD | V | Total | Francia | 100 | 4 | 18 | 1300 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións e establecementos en 1991.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

C.120-2. **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS E ENERXÉTICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE OPERAN EN GALICIA UNICAMENTE A TRAVÉS DE CONCESIONARIOS E DISTRIBUIDORES OFICIAIS**

| Empresa | DSO | Investidor | País | Control | NCDA | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Agip España | MAD | Agip Petroli Int. | Holanda | 100 | 1 | 11 | 230 |
| BP España SA | MAD | Brithis Petroleum | R. Unido | 100 | 1 | 13 | 560 |
| Castrol España, SA | MAD | Castro Inc. | R. Unido | 100 | 1 | 13 | 480 |
| Elf Ibérica Lubricant. | BAR | Elf Aquitaine | Francia | 90 | 2 | 26 | 580 |
| Esso Española, SA | MAD | Exxon Corp. | U.S.A. | 100 | 1 | 25 | 500 |
| Mobil Oil SA | MAD | Mobil Holding | U.S.A. | 100 | 2 | 480 | 980 |
| Sun Oil Española SA | MAD | Sun Oil Corp. | R. Unido | 100 | 1 | 16 | 650 |
| Texaco Petrolífera SA | MAD | Texaco Corp. | U.S.A. | 100 | 1 | 9 | 346 |

DSO: domicilio social. NCDA: rede de concesionarios oficiais en Galicia en 1991.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

de servicio (Noia, Ourense e O Barco de Valdeorras), para o cal realizou uns investimentos superiors ós 500 millóns de pesetas. O plano estratéxico a cinco anos da multinacional belga contempla uns investimentos globais, só nas redes de distribución, de 250.000 millóns de pesetas, dos que arredor de 30.000 millóns corresponden a Galicia e á cornixa cantábrica (El Correo Gallego, 8-6-1991, p.42).

Seguindo a mesma estratexia de implantación e aproveitando as facilidades que a Xunta de Galicia ofrece ós investidores estranxeiros para que se instalen na súa rede de estradas, en contraste coas trabas que o MOPU impón para que este tipo de multinacionais petrolíferas se instalen na rede nacional de estradas, a firma portuguesa Petróleos de Portugal instalou en 1990 dúas gasolineiras en Galicia. Sen embargo, a finais de 1991 contaba xa cunha rede de 7 estacións de servicio, na súa maioría en franquía, distribuídas por varios puntos da xeografía galega (Ortigueira, Vigo, Nigrán e Santiago de Compostela).

Finalmente, tamén en 1990, o xigante europeo e mundial do sector petroleiro, a multinacional holandesa Shell, instalou en Galicia a súa primeira estación de servicio, situada na área metropolitana da Coruña. Pero a actividade comercial deste importante grupo multinacional canalízase en Galicia basicamente a través do seu distribuidor oficial Olco Galicia, empresa dedicada á distribución en exclusiva de todo tipo de productos elaborados pola citada compañía holandesa.

Ademais destas empresas que contan cunha presencia física directa representada polas súas propias instalacións comerciais e unidades de distribución, existen así mesmo oito compañías estranxeiras que traballan en Galicia unicamente a través de distribuidores oficiais. Estes son os encargados de vende-los productos de tres compañías do Reino Unido, tres norteamericanas, unha holandesa e outra francesa.

A medida que se produza a plena integración de España na Comunidade Económica Europea é de esperar que estas compañías comecen a instalar delegacións propias, co fin de estudiar futuros emprazamentos para as súas estacións de servicio. Deste xeito, como vemos, asistimos a unha interesante e rápida entrada de grupos estranxeiros, unha vez desaparecido o monopolio exercido por CAMPSA. Esta entrada masiva está aumentando considerablemente a medida que pasan os anos. Cada compañía das antes comentadas conta cun exhaustivo plano de expansión das súas respectivas redes



de distribución, para o cal están previstos novos investimentos que se irán acometendo ó longo dos próximos cinco anos.


### 3.10. Productos siderometalúrxicos

En canto á presencia de capital estranxeiro nas empresas dedicadas en Galicia á comercialización de productos metalúrxicos, hai que sinala-lo predominio do capital de orixe francesa, de onde procede o 30% dos investimentos destinados á creación de delegacións comerciais e de xeito moi especial á construcción de almacéns e centros de distribución en Galicia.

As firmas estranxeiras que traballan neste sector están sumamente especializadas na elaboración de aceiros especiais. As firmas comerciais galegas, como é o caso de Iberacero, vencelladas ó capital alemán, así como Ibermetal, dedícanse basicamente á importación de materiais siderometalúrxicos e diversos subministros para a industria.

Entre as empresas con importante almacén de distribución na Coruña debemos cita-la Industria Navarra del Aluminio, propiedade da multinacional norteamericana Reynolds e do grupo francés Pechiney.

G.109. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS SIDEROMETALÚRXICOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

C.120-3. **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS SIDEROMETALÚRXICOS. EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Aceros Inoxidables SA | BAR | V | Ugine Aciers Chatillon | Francia | 40 | 2 | 46 | 2400 |
| Franco Esp. de Cables | VIZ | C | Varios Socios | Francia | 40 | 1 | 26 | 950 |
| Hormann Galicia, SA | PON | V | C.P. Alves | Portugal | 60 | 1 | 15 | 140 |
| Iberacero, SA | PON | V | Karl A. Vorkave | Alemaña | 100 | 1 | 15 | 453 |
| Ibermetal Impor. Exprt. | COR | C | Varios Socios | Portugal | 100 | 1 | 12 | 180 |
| Ind. Metal. Moncunill SA | TAR | C | Tres Tierras | Holanda | 90 | 1 | 16 | 578 |
| Ind. Navarra Aluminio | NAV | C | Reynols I. Pechiney | USA/Fran | 100 | 1 | 64 | 2200 |
| Mant. y Montajes Ind. | BAR | C | Reucarl Investment | Holanda | 50 | 2 | 23 | 638 |
| Sist. Envase y Embalaje | BAR | V | The Mead Corporation | U.S.A. | 100 | 1 | 6 | 1680 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: establecementos Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

### 3.11. Neumáticos e caucho

As firmas estranxeiras que traballan neste sector controlan a totalidade do mercado galego. En efecto, a inexistencia de productores nacionais posibilita que os principais grupos estranxeiros se repartan o mercado xa non só galego senón tamén nacional. Actualmente traballan directamente en Galicia a nivel comercial un total de cinco empresas vencelladas ós principais líderes mundiais do sector. A súa presencia faise efectiva a través das súas propias delegacións e centros de distribución, situados nas principais cidades galegas, especialmente na Coruña e Vigo. Tal é o caso de Pirelli e Firestone.

O investimento realizado procede xa que logo de xeito maioritario de Francia, ó ser adquirida polo grupo Michelín a empresa galega Neumáticos de Galicia. De Francia procede como consecuencia o 40% dos investimentos directos realizados por este tipo de empresas. O resto procede de Italia, Estados Unidos e Xapón.


O primeiro fabricante mundial do sector, a multinacional francesa Michelin, conta en Galicia cunha central distribuidora, situada no Polígono do Tambre de Santiago de Compostela, ocupando unha superficie industrial de 4000 metros cadrados. A multinacional gala conta en España con cinco fábricas situadas en Valladolid, Vitoria, San Sebastián, Aranda del Duero e Almería, dando emprego a 11.924 traballadores dos que 33 traballan na delegación de Santiago. En maio de 1990, coa recente adquisición da



norteamericana Uniroyal Goodrich, Michelin converteuse en líder mundial no sector da fabricación de neumáticos. A finais de 1990, o grupo francés contaba cun total de 40 fábricas e 130.000 traballadores repartidos por todo o mundo, tal como se pode ver no mapa 30 que se xunta. A súa presencia comercial en Galicia viuse fortalecida coa adquisición e posterior integración de Neumáticos de Galicia no grupo Konz Ibérica, vencellado tamén á citada multinacional francesa. Con esta adquisición, a firma francesa dispón dunha rede de 14 puntos de venda distribuídos basicamente na Coruña (6), Pontevedra (3), Ourense (4) e en menor medida Lugo (1).


Firestone Hispania, filial desde 1989 do grupo nipón Bridgestone, adquiriu a matriz norteamericana por 2.600 millóns de dólares. Mediante esa adquisición, a firma xaponesa controla un 16% do mercado mundial de neumáticos, situándose en segundo lugar detrás de Michelin. Firestone dispón en Galicia dunha delegación e centro de distribución maiorista situado no polígono de Mesoiro (A Coruña) e outro distribuidor principal en Vigo. A estes centros propios súmanse varios centos de servicios que achegan os productos da firma xaponesa a tódolos recunchos da xeografía galega. A filial española do grupo nipón, fundada en 1932, conta actualmente con

G.110. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE NEUMÁTICOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

MAPA 30. **LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DAS PLANTAS PRODUCTIVAS DO GRUPO MICHELIN EN 1990**




Fonte: La Voz de Galicia, 11-04-1991, p. 35



catro factorías situadas nas localidades biscaíñas de Usansolo e Basauri, así como en Torrelavega e en Burgos.

O resto do mercado galego repártese entre a firma italiana Pirelli e a norteamericana Continental Gumy, ámbalas dúas con delegacións comerciais en Galicia, situadas na Coruña e en Santiago de Compostela respectivamente.

C.120-4. **COMERCIALIZACIÓN DE NEUMÁTICOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Continental Ind. Caucho | MAD | S | Continental Gummi | U.S.A. | 100 | 1 | 22 | 1560 |
| Firestone Hispania SA | VIT | C | Bridgestone | Xapón | 48 | 2 | 32 | 3770 |
| Neumáticos de Galicia | COR | C | Konz Ib. (Michelin) | Francia | 67 | 14 | 69 | 1800 |
| Pirelli Neumáticos, SA | BAR | C | Pirelli Tyre Holding | Italia | 100 | 1 | 37 | 1800 |
| Safe Neumat. Michelin | MAD | S | Michelin | Francia | 85 | 1 | 33 | 3450 |


DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: establecementos Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

## 3.12. Productos cerámicos, vidro e cemento

Notamos, en comparanza cos outros sectores estudiados, unha escasa presencia de grupos estranxeiros. A existencia en Galicia de importantes empresas do sector da construcción e a propia debilidade do mesmo con respecto a outras áreas do territorio nacional explica a aínda cativa penetración estranxeira neste campo da actividade comercial. Así e todo, como xa se viu ó estudia-la penetración estranxeira na industria, algúns grupos como Ciments Francais teñen unha implantación comercial e industrial considerable na nosa Comunidade Autónoma. En efecto, o citado grupo francés, a través de Promsa, controla Geogalaica, Hormigones Miño e Hormigones Marín, cunha forte implantación en Galicia. Do mesmo xeito, participa en Cementos Rezola, que conta cunha delegación comercial en Vigo, destinada á distribución e venda maiorista de cemento. Desde esa mesma cidade traballa tamén Hornos Ibéricos Alba, filial do grupo multinacional suízo Holderbank. Esta empresa conta cun importante depósito e planta de envasado situada no porto de Vigo destinada á venda de cemento ó por maior.

No terreo do vidro cómpre salienta-la presencia de Cristalería Española, filial do grupo francés Saint Gobain, que conta con 4 delegacións comerciais en Galicia destinadas a coordinar basicamente a súa rede de distribución.

G.111. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS CERÁMICOS, VIDRO E CEMENTO EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

C.120-5. **COMERCIALIZACIÓN DE CERÁMICA, VIDRO E CEMENTO. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cementos Rezola, SA | SSE | V | Cimenrts Francais | Francia | 15 | 2 | 18 | 780 |
| Cristalería Española | MAD | C | Saint Gobain | Francia | 65 | 4 | 72 | 2433 |
| Hornos Ibéricos Alba | MAD | V | Holderbank | Suiza | 100 | 1 | 18 | 768 |
| Peri Española SA | MAD | C | Peri Werke | Alemaña | 100 | 1 | 6 | 350 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

Como consecuencia deste panorama resulta que arredor do 50% do investimento directo destinado a Galicia por este tipo de empresas procede de Francia, mentres que o resto é orixinaria de Suíza e Alemaña.

## 3.13. Papel, prensa e artes gráficas


Nesta sección cómpre salienta-la penetración de grupos estranxeiros no eido editorial, onde os principais grupos europeos, especialmente alemáns, seguindo unha estratexia de penetración mediante adquisicións totais de sociedades españolas, foron consolidándose no mercado español e galego en particular ó dispoñer de importantes delegacións comerciais na nosa Comunidade.

Entre os grupos estranxeiros do mundo editorial con forte presencia comercial na nosa Comunidade, hai que cita-lo poderoso grupo alemán Bertelsman, propietario de Círculo de Lectores e de Plaza&Janés Editores, ambas empreas con delegacións comerciais na Coruña e Vigo, onde contan con depósitos e coordinan as actividades desenvolvidas pola súa rede de axentes comerciais distribuídos polas principais cidades de Galicia.

Do mesmo xeito, a multinacional francesa Hachete é a propietaria da coñecida empresa Comercial Salvat Editores, que conta con dúas delegacións en Galicia situadas en Vigo e A Coruña. A presencia de grupos estranxeiros neste sector complétase coa recente implantación en Galicia do grupo inglés Longman, que a través da súa filial Longman España instalou unha delegación comercial na nosa Comunidade. A esta serie de empresas con presencia comercial en Galicia habería que engadir outras tantas que traballan exclusivamente a través de axentes e comisionistas, dirixidas e coordinadas polo xeral desde as respectivas sedes centrais das propias empresas.

En canto á comercialización de papel nas súas distintas variedades, constatámo-la presencia dos grupos máis importantes do sector, que traballan en

G.112. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE PAPEL, LIBROS E ARTES GRÁFICAS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

C.120-6. **COMERCIALIZACIÓN DE PAPEL, LIBROS E ARTES GRÁFICAS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA (ano 1990)**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Círculo de Lectores SA | BAR | C | Bertelsmann Group | Alemaña | 100 | 1 | 11 | 580 |
| Comercial Salvat Edit. | BAR | V | Hachete Gr. | Francia | 100 | 2 | 23 | 1300 |
| Kron SA | MAD | C | Kron Int. | Alemaña | 68 | 2 | 17 | 340 |
| Librería Bertrand | PON | V | Familia Bertrand | Portugal | 100 | 1 | 8 | 170 |
| Longman España, SA | MAD | C | Longman Group. | R. Unido | 100 | 1 | 9 | 320 |
| Plaza Janes Editores | MAD | C | Bertelsmann | Alemaña | 100 | 2 | 22 | 1118 |
| Sarrio Cia. SA | PAM | V | J. River Corp/Ferruzzi | USA/Italia | 50 | 2 | 26 | 1400 |
| Scott Ibérica SA | MAD | C | Scott Paper | U.S.A. | 100 | 1 | 19 | 940 |
| Torras Hostench SA | BAR | C | K.I.O. | Kuwait | 100 | 1 | 41 | 1800 |
| Wilson Walton Intern. | MAD | C | W. Walton International | U.S.A. | 100 | 1 | 16 | 100 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

Galicia a través das delegacións comerciais das súas empresas participapadas. Este é o caso das multinacionais norteamericanas Scott Paper, pertencente ó grupo kuwaití KIO e ó grupo norteamericano J. River Corporation, que traballan directamente en Galicia a través das delegacións comerciais das súas filiais españolas Scott Ibérica, Torras Hostench e de Sarrio Cia respectivamente. Estas delegacións encárganse de distribuí-los seus productos a maioristas e minoristas.

Froito desta considerable penetración resulta que o 60% do investimento estranxeiro directo destinado a Galicia por estas empresas procede de Alemaña e Estados Unidos, que de forma conxunta participan no control de seis empresas implantadas comercialmente en Galicia. O resto procede basicamente de Francia, Reino Unido e de Kuwait.

En canto á estratexia de implantación seguida predomina a adquisición total, optando por tanto por unha vía rápida de penetración, aproveitando a rede comercial que as empresas españolas crearan previamente.

### 3.14. Comercialización de productos diversos


Para rematar, coidamos que é importante estudia-las empresas dedicadas en Galicia á comercialización de productos diversos e que están participadas por investidores estranxeiros. Da análise realizada sobre un total de 23 sociedades detectadas con investimento estranxeiro directo, resulta que máis



do 43% da mesma procede dos países hispanoamericanos, basicamente México, Venezuela, Panamá e Arxentina. Trátase de pequenos investimentos de carácter comercial realizados por emigrantes galegos residentes no estranxeiro. Estes tenden cada vez máis a aumenta-los seus investimentos en pequenos establecementos dedicados á venda de productos moi diversos e variados (souvenirs, xoguetes, xoierías e outros artigos). Deste xeito, vemos que este tipo de investidores renuncian a acometer investimentos de carácter industrial, optando case de xeito asoluto cara ós investimentos de carácter estrictamente comercial, por seren máis rendosos e seguros a curto prazo.

Entre as empresas multinacionais deste sector, perfectamente asntadas a nivel comercial na nosa Comunidade, debemos cita-la compañía belga Agfa Gevaert N.V., adquirida en 1981 pola multinacional alemana Bayer, que a través da súa filial española conta cunha delegación rexional establecida na Coruña, contando co apoio de numerosos servicios postventa situados nas principais cidades galegas. Agfa Gevaert, que principiou as súas actividades en España en 1925, desenvolve en Galicia desde mediados os anos 70 unha intensa actividade comercial que comprende unha oferta de máis de 3500 artigos, cunha ampla gamma que vai desde todo tipo de carretes foto-

G. 113. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS DIVERSOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

gráficos ata os scanners de diagnóstico médico por resonancia magnética, así como diversos modelos de laboratorios automáticos de revelado de fotografías en color. A empresa belga controla á súa vez a totalidade do capital de Manufacturas Fotográficas Españolas, empresa situada en Aranjuez (Madrid) especializada na fabricación de material fotográfico sensible, con producción de películas radiográficas, películas de artes gráficas, papel para fotocomposición e productos químicos diversos.

C.121. **COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS DIVERSOS. EMPRESAS VINCULADAS A INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Agfa Gevaert SA | BAR | C | Agfa Gevaert N.V. | Bélxica | 100 | 1 | 20 | 1240 |
| Atlántica Costa, SA | COR | C | Varios | Alemaña | 100 | 1 | 13 | 100 |
| Domber, SA | COR | C | Familiar | México | 100 | 1 | 4 | 100 |
| Etnomix, SL | COR | C | Familiar | Portugal | 100 | 1 | 4 | — |
| Fryamon, SA | PON | V | Varios Socios | Francia | 90 | 1 | 5 | 180 |
| Galica Travel Int. SL | COR | C | Travel Int. | Holanda | 50 | 1 | 6 | — |
| GB de España, SA | PON | V | G.B. | Panamá | 100 | 1 | 9 | — |
| General Óptica, SA | BAR | C | Dollond Aitchison | U.S.A. | 100 | 3 | 39 | 440 |
| Ind. Ópticas Ibéricas | PON | V | Industrias Ópticas | Portugal | 100 | 1 | 11 | 160 |
| Invenga, SA | PON | P | Familiar | Venezuela | 100 | 1 | 6 | — |
| Kamiro SA | COR | C | Varios Socios | Alemaña | 100 | 1 | 11 | 100 |
| Longueira y Longueira | PON | P | Familiar | Arxentina | 90 | 1 | 5 | — |
| New Chains España SA | MAD | V | New Chains | U.S.A. | 100 | 1 | 3 | 200 |
| Pórtico SL | COR | C | Familiar | Panamá | 100 | 1 | 4 | — |
| Rahil SA | PON | V | Familiar | Venezuela | 95 | 1 | 9 | 60 |
| Rohil SA | PON | V | Rohling AG | Alemaña | 100 | 1 | 8 | 110 |
| RSJ Inter. España, SA | COR | C | R.S.J. International | R. Unido | 100 | 1 | 6 | — |
| Soze Internacional SL | PON | V | Soze | Portugal | 100 | 1 | 6 | — |
| Spanish Trading Comp. | PON | V | Varios Socios | Francia | 100 | 1 | 5 | — |
| Stanq SA | OUR | O | Familiar | México | 75 | 1 | 6 | — |
| Usher España, SA | PON | V | Familiar | México | 67 | 1 | 5 | — |
| Vemex SL | PON | V | Familiar | México | 100 | 1 | 4 | — |
| Vicaltex, SA | PON | V | Familiar | Venezuela | 100 | 1 | 8 | — |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.



# CAPÍTULO XV. **A PENETRACIÓN DE EMPRESAS MULTINACIONAIS NOS SERVICIOS**

Constitúe tamén este outro dos eidos da xeografía económica galega non estudiados ata o de agora. A crecente penetración de empresas estranxeiras na actividade económica da nosa Comunidade non se limita unicamente ó eido industrial e comercial, senón que se estende tamén ó sector dos servicios. A iso contribúe, sen lugar a dúbidas, a crecente terciarización da economía galega, especialmente nas áreas metropolitanas e urbanas, principais focos de atracción e localización de empresas multinacionais, como se verá máis adiante.


No capítulo que agora comezamos centrarémo-la nosa atención naquelas empresas vencelladas a investidores estranxeiros que están transformando coas súas delegacións e sucursais a paisaxe urbana das pricipais cidades galegas.

## 1. MODALIDADES E FORMAS DE PENETRACIÓN

A entrada de grupos estranxeiros dedicados en Galicia á explotación de unidades de servicios prodúcese de xeito similar á seguida no comercio. Desta maneira, distínguense dúas vías básicas de penetración:

a) Aquela que se leva adiante a través da realización dun investimento directo na nosa Comunidade. Con este investimento créanse delegacións, ou no seu caso sucursais cando se trata de bancos e de empresas de seguros, ou ben adquírense empresas xa instaladas. Esta vía de penetración, facendo uso do investimento directo, é a preferida maioritariamente polas empresas estranxeiras á hora de se instalaren de xeito efectivo na Comunidade

G. 114. **FORMAS DE IMPLANTACIÓN DAS EMPRESAS ESTRANXEIRAS NO SECTOR DOS SERVICIOS, A TRAVÉS DO INVESTIMENTO DIRECTO DESTINADO EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Galega. Nesta liña, dun total de 185 empresas de servicios analizadas participadas por investidores estranxeiros e que traballan actualmente en Galicia, resulta que a forma de penetración adoptada no 56% dos casos foi mediante a implantación directa de novas unidades de servicio, creando delegacións e sucursais propias. En canto á entrada mediante o procedemento de adquisición total ou parcial (43%) de empresas que xa funcionaban en Galicia, predominan as adquisicións parciais no 54% dos casos analizados.

Individualmente, a preferencia pola implantación directa baséase na necesidade de atender directamente o maior número de clientes, por tratarse de servicios moi persoais que requiren unha esmerada e coidada atención. Isto explica a escasez de empresas estranxeiras de servicios que traballan en Galicia única e exclusivamente a través de axentes ou de entidades delegadas. O máis frecuente e normal, na práctica totalidade das empresas observadas, é instalar en Galicia a súa propia delegación ou sucursal, desde a cal cada empresa crea e coordina a súa propia rede de axentes e entidades delegadas.

b) A segunda vía utilizada, que non require investimento directo de capital, consiste na realización de contratos de axentes e contratos de asistencia e



transferencia de tecnoloxía estranxeira. Esta fórmula adoita combinarse coa anterior e non acostuma producirse por si soa, agás raras excepcións.

Con esta forma de penetración as empresas estranxeiras tratan de controlalo mercado sen realizaren ningún tipo de investimento directo na nosa Comunidade. Isto tamén se consegue mediante a realización de contratos de asistencia técnica e transferencia de tecnoloxía estranxeira, mecanismo este que, como tivemos ocasión de comprobar, adoita precede-la adquisición total ou parcial por parte da multinacional da empresa que compra a tecnoloxía estranxeira. Isto aconteceu claramente no caso da empresa galega de seguros Galicia, S.A. que, tras realizar en 1987 un contrato de asistencia técnica coa multinacional holandesa Aegon Insurrance acabou sendo adquirida en 1989 pola mesma multinacional.

## 2. O INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO

O investimento directo é, por tanto, a principal vía utilizada polas empresas multinacionais estranxeiras para se inroduciren no sector dos servicios, sobre todo se se teñen en conta as características específicas do sector, que require un trato moi personalizado, tratando de estar o máis preto posible do cliente. Por iso, os investimentos que se dirixen a este sector teñen como finalidade a creación de novas sucursais (seguros e bancos), o establecemento de delegacións propias e a construcción ou adquisición de hoteis e empresas que funcionan en Galicia.

Aínda que o investimento estranxeiro directo que anualmente se destina ó sector terciario non supera normalmente o 23% do total, a súa transcendencia é moi importante en canto ó número de empresas que traballan de xeito efectivo na xeografía galega. En efecto, actualmente funcionan en Galicia a través das súas propias sucursais ou delegacións comerciais un total de 440 empresas participadas por investidores estranxeiros relacionadas con actividades do sector terciario (comercio e servicios). Deste conxunto, 255 dedícanse exclusivamente a actividades de carácter comercial, mentres que o resto (185), un 42% do total, están especializadas na oferta de servicios propiamente ditos.

A análise que agora segue céntrase nas empresas de servicios participadas por investidores estranxeiros que traballan directamente en Galicia a través das súas propias delegacións ou sucursais. Co fin de ter un coñecemento

sectorial máis preciso e detallado sobre as características específicas do investimento directo destinado a este conxunto de actividades pasaremos agora a analiza-la súa estructura.

## 2.1. Estructura

O cadro 122 que se xunta revela de xeito contundente a propensión dos investidores estranxeiros a controla-lo 100% do capital social das empresas en que participan. Se separámo-las participacións relativas dos investidores estranxeiros no capital social das empresas que traballan en Galicia, resulta que predominan as participacións maioritarias no 86% das empresas censadas. Isto quere dicir que no 86% das empresas estudiadas a participación estranxeira é igual ou superior ó 51% do seu capital social. En especial, o control é total (100% do capital social) en 127 empresas, o que supón algo máis do 68% do total de empresas detectadas con participación estranxeira no seu capital social. Pola contra, as participacións minoritarias, é dicir, aquelas nas que a participación estranxeira non supera o 50% do capital social, son moi escasas, quedando limitado o seu número a un total de 25 sociedades.

En xeral, tódolos sectores establecidos no estudio presentan unha estructura do investimento estranxeiro directo en favor das participacións maioritarias,

C.122. **ESTRUCTURA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NAS EMPRESAS DE SERVICIOS INSTALADAS EN GALICIA**

| RAMAS DE ACTIVIDADE | GRAO DE PARTICIPACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | < 25% | | 25–50% | | 51–99% | | 100% | | TOTAL | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| 01. Transportes e comunicacións | | | | | 4 | 20 | 16 | 80 | 20 | 100 |
| 02. Bancos e financeiras | 6 | 23,07 | 3 | 11,53 | 3 | 11,53 | 14 | 53,84 | 26 | 100 |
| 03. Compañías de seguros | 3 | 4,91 | 7 | 11,47 | 14 | 22,95 | 37 | 60,65 | 61 | 100 |
| 04. Consulting e Auditoría | | | | | | | 12 | 100 | 12 | 100 |
| 05. Publicidade e Marketing | | | 1 | 11,11 | 1 | 11,11 | 7 | 77,78 | 9 | 100 |
| 06. Hostelería e Turismo | 2 | 4,76 | 2 | 4,76 | 9 | 21,42 | 29 | 69,04 | 42 | 100 |
| 07. Servicios Diversos | 1 | 6,67 | | | 2 | 13,33 | 12 | 80 | 15 | 100 |
| TOTAL | 12 | 6,49 | 13 | 7,02 | 33 | 17,84 | 127 | 68,65 | 185 | 100 |

Fonte: elaboración propia.



controlando a maioría do capital social. En todo caso, no sector bancario o control é absoluto (100% do capital estranxeiro) só no 54% das empresas estudiadas, aínda que o control é maioritario (superior ó 50% do capital social) no 65% dos bancos participados por grupos estranxeiros. Con todo, as entidades financeiras participadas en menos dun 25% representan algo máis do 23% do total, porcentaxe esta abondo elevada en proporción á media do conxunto de empresas estudiadas.

O panorama que presenta a estructura do investimento estranxeiro directo por países é moi semellante ó que se daba nas actividades comerciais. Practicamente tódolos países optan polas particiapcións maioritarias, salvo casos moi illados, como se pode apreciar no cadro 123. Obsérvase, por tanto, un

C.123. **ESTRUCTURA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO NOS SERVICIOS. DATOS CRUZADOS POR PAÍSES E GRAO DE PARTICIPACIÓN ESTRANXEIRA**

| PAÍSES | GRAO DE PARTICIPACIÓN DO CAPITAL ESTRANXEIRO | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | < 25% | | 25–50% | | 51–99% | | 100% | | TOTAL | |
| | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % | Nº E. | % |
| Alemaña | 2 | 12,5 | 3 | 18,75 | 3 | 18,75 | 8 | 50 | 16 | 100 |
| Arabia Saudí | | | | | | | 1 | 100 | 1 | 100 |
| Australia | | | | | | | 1 | 100 | 1 | 100 |
| Bélxica | 3 | 42,86 | | | 1 | 14,29 | 3 | 42,86 | 7 | 100 |
| China | | | | | | | 2 | 100 | 2 | 100 |
| Francia | 4 | 12,5 | 1 | 3,12 | 4 | 12,5 | 23 | 71,87 | 32 | 100 |
| Holanda | | | | | 1 | 20 | 4 | 80 | 5 | 100 |
| Italia | 2 | 33,33 | | | | | 4 | 66,67 | 6 | 100 |
| Kuwait | | | | | | | 2 | 100 | 2 | 100 |
| Líbano | | | | | | | 2 | 100 | 2 | 100 |
| Portugal | | | 1 | 14,29 | 1 | 14,29 | 5 | 71,42 | 7 | 100 |
| Reino Unido | 1 | 4,54 | 2 | 9,09 | 5 | 22,73 | 14 | 63,64 | 22 | 100 |
| Suecia | | | 1 | 100 | | | | | 1 | 100 |
| Suíza | | | 1 | 50 | 7 | 35 | 12 | 60 | 20 | 100 |
| EE.UU. | 1 | 3,45 | 2 | 6,9 | 4 | 13,79 | 22 | 75,86 | 29 | 100 |
| Xapón | | | 1 | 100 | | | | | 1 | 100 |
| América Latina | | | 1 | 3,12 | 7 | 21,87 | 24 | 75 | 31 | 100 |
| Outros Países | | | 1 | 100 | | | | | 1 | 100 |
| TOTAL | 13 | 7,02 | 14 | 7,48 | 33 | 17,84 | 127 | 68,65 | 187 | 100 |


Fonte: elaboración propia.

comportamento idéntico ó que se rexistraba no comercio, onde a participación estranxeira é absoluta no 73% das empresas analizadas, porcentaxe esta moi superior á que se dá nas empresas indutriais, onde o control estranxeiro é total só no 34% das empresas participadas. Xa que logo, o control maioritario e absoluto do capital social das empresas participadas por parte de investidores estranxeiros predomina moito máis naquelas dedicadas ó comercio e ós servicios ca nas propiamente industriais.

## 2.2. Procedencia e distribución sectorial

Como se pode apreciar no cadro 124, o 63% do investimento estranxeiro directo destinado ó sector dos servicios procede de países europeos, especialmente daqueles que contan cunha rede de servicios moderna e moi desenvolvida. Dentro deste conxunto de países destacan, como xa vén sendo habitual, Francia, Reino Unido, Suíza e Alemaña. Estes países participan no control dun total de 90 empresas, o que representa case o 50% do total de sociedades participadas por investidores estranxeiros. Individualmente, o país con máis presencia empresarial no sector dos servicios é, moi por riba do resto, Francia. As 32 empresas do sector de servicios vencelladas a

G. 115. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO ÓS SERVICIOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**





FONTE: Elaboración propia.



investidores franceses representa preto do 20% do total analizado. Séguea en importancia, a xulgar polo número de sociedades participadas, Estados Unidos, de onde procede case o 15% do total.

Dun xeito xeral, e tomando como referencia o número de sociedades participadas, podemos dicir que o 65% do investimento directo estranxeiro destinado en Galicia procede de 5 países: Francia, Estados Unidos, Reino Unido, Suíza e Alemaña. Cómpre salienta-lo caso de Suíza, cunha presencia moi elevada no sector de servicios, no que participa nun total de 20 empresas, mentres que a nivel industrial a súa presencia é máis ben testemuñal, ó participar discretamente en só nove sociedades. Neste sentido, só Francia, Estados Unidos e o Reino Unido manteñen un claro equilibrio en canto á distribución proporcional das súas respectivas empresas participadas entre a industria, o comercio e os servicios. O resto, como tivemos ocasión de comprobar, presentan unha distribución maioritariamente en favor do comercio e os servicios.

G. 116. **DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DAS EMPRESAS DE SERVICIOS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS EN GALICIA**




FONTE: Elaboración propia.

En canto á distribución sectorial das empresas participadas, apreciamos unha extremada concentración dos investidores estranxeiros en tres subsectores básicos: seguros, hostelería e entidades financeiras. Estes recadan

C.124. **INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Ó SECTOR DE SERVICIOS. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DAS EMPRESAS PARTICIPADAS POR CADA PAÍS DURANTE O PERÍODO 1960-1991**

| Sectores | Alemaña | | Francia | | Italia | | R. Unido | | Suíza | | EE.UU. | | Portugal | | Bélxica | | Líbano | | Holanda | | América Latina | | Outros Países | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % | Nº E | % |
| 1 | 1 | 6,25 | 4 | 12,5 | 2 | 33,33 | 1 | 4,54 | | | 6 | 21,43 | 2 | 28,57 | 2 | 28,57 | | | | | 4 | 12 | 1 | 11,11 |
| 2 | 5 | 31,25 | 8 | 25 | | | 4 | 18,18 | | | 2 | 7,14 | 1 | 14,28 | | | | | | | 2 | 6,25 | 2 | 22,22 |
| 3 | 9 | 56,25 | 13 | 40,62 | 3 | 50 | 7 | 31,82 | 18 | 90 | 4 | 14,29 | | | 1 | 14,28 | | | 3 | 60 | 1 | 3,12 | 2 | 22,22 |
| 4 | | | 1 | 3,12 | | | 1 | 4,54 | 1 | 5 | 8 | 28,57 | | | | | | | | | | | 2 | 22,22 |
| 5 | | | 2 | 6,25 | | | 5 | 22,73 | | | 1 | 3,57 | | | | | 1 | 50 | | | | | | |
| 6 | | | | | 1 | 16,66 | | | 1 | 5 | 4 | 14,29 | 3 | 42,86 | 4 | 57,14 | 1 | 50 | 2 | 40 | 24 | 75 | 2 | 22,22 |
| 7 | 1 | 6,25 | 4 | 12,5 | | | 4 | 18,18 | | | 3 | 10,71 | 1 | 14,28 | | | | | | | 1 | 3,12 | | |
| Total | 16 | 100 | 32 | 100 | 6 | 100 | 22 | 100 | 20 | 100 | 28 | 100 | 7 | 100 | 7 | 100 | 2 | 100 | 5 | 100 | 32 | 100 | 9 | 100 |

Nº E: número de empresas.


Fonte: elaboración propia.



un total de 129 empresas, o que supón o 70% do total. Deste xeito, os tres subsectores entre sinalados absorben en solitario practicamente as 3/4 partes do total do investimento estranxeiro directo destinado ás empresas de servicios que traballan na Comunidade Autónoma Galega. O resto do investimento, tal como pode verse no gráfico 116, aparece moi repartida entre os demais subsectores da actividade.

A análise da distribución sectorial das empresas participadas por cada país revela un comportamento diferente para cada caso. Así, mentres Alemaña e Francia reparten os seus investimentos entre os seguros e as entidades bancarias, Suíza destina practicamente a totalidade dos seus investimentos (o 90% do total) á adquisición e instalación de compañías de seguros na nosa comunidade. Os Estados Unidos, malia que en xeral presentan unha maior diversificación das empresas participadas, mantén o 48% das mesmas en actividades relacionads co consulting, a auditoría de empresas e o sector dos transportes. Pola contra, os investimentos estranxeiros directos procedentes de América Latina, especialmente de México, Arxentina, Venezuela e Panamá, concéntranse nun 75% en 24 empresas dedicadas á hostelería e ó turismo. Trátase en moitos casos de investimentos destinados á adquisición ou construcción de novos hoteis e restaurantes en enclaves turísticos espe-

G. 117. **DISTRIBUCIÓN POR RAMAS DE ACTIVIDADE DOS CENTROS E UNIDADES DE SERVICIOS PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS EN GALICIA EN 1990**





FONTE: Elaboración propia.

cíficos da xeografía galega. Moi semellante é o comportamento seguido polos investidores portugueses e belgas, que destinan maioritariamente os seus investimentos ó sector turístico.

### 2.3. Localización e centros de decisión

Como acontecía no comercio, as empresas de servicios que traballan en Galicia teñen maioritariamente o seu domicilio social en Madrid. En efecto, o 60% das empresas que traballan neste eido teñen a súa sede central establecida en Madrid, cidade desde a que a maior parte das empresas multinacionais dirixen as súas actividades en España. En Galicia teñen a súa sede só 52 empresas, o que representa un 28% do conxunto de empresas censadas, que son na súa maioría empresas hoteleiras.

G. 118. **DOMICILIO SOCIAL DAS EMPRESAS DE SERVICIOS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE OPERAN EN GALICIA EN 1990**





FONTE: Elaboración propia.

Sen embargo, e malia esta forte centralización das funcións directivas en Madrid, as empresas multinacionais que traballan en Galicia teñen necesidade de establecer unha delegación rexional, que no 57% dos casos se sitúa na cidade da Coruña, mentres que en Vigo sitúan a súa sede rexional só un 32% do total de empresas estudiadas.



G. 119. **LOCALIZACIÓN DA DIRECCIÓN REXIONAL DAS EMPRESAS DE SERVICIOS, PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS QUE OPERABAN EN GALICIA EN 1990**




FONTE: Elaboración propia.

Este comportamento, claramente favorable á cidade herculina, obedece a que A Coruña é, segundo o profesor Precedo Ledo, a cidade que ten o maior dinamismo potencial de todo o norte de España, tanto na súa organización económica coma nas súas actuacións urbanísticas. Ademais, a estructura socioeconómica coruñesa é a máis diversificada das cidades galegas, sendo actualmente "o centro terciario rexional de Galicia" (Precedo Ledo, A. 1990, p.314). O feito de manter un modelo de desenvolvemento urbano baseado na tercairización constitúe un factor atractivo para que as empresas multinacionais establezan alí a sú dirección rexional para toda Galicia, e mesmo nalgúns casos para Galicia e parte de Asturias e León. Indubidablemente, a evolución e o propio crecemento do sector terciario coruñés débese en boa medida ó aumento das oficinas de empresas, tanto nacionais coma estranxeiras. Así, a metrópole coruñesa concentra 223 sucursais e oficinas de servicios e 198 delegacións e unidades comerciais de empresas participadas por investidores estranxeiros.

Mentres Vigo se consolida como segundo centro directivo preferido polas empresas estranxeiras de servicios establecidas en Galicia, Santiago de Compostela comeza a adquirir unha crecente dinamización, especialmente desde que se converteu en capital da Comunidade Autónoma. Isto supuxo

C.125. **DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DOS ESTABLECEMENTOS E UNIDADES DE SERVICIO PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS. ESTABLECEMENTOS OPERATIVOS EN GALICIA EN 1990**

| RAMAS DE ACTIVIDADE | ÁREAS TERRITORIAIS | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MC | MV | UP | UO | UL | US | UF | VI | Total |
| 01. Transportes e Comunicacións | 18 | 23 | 6 | 9 | 7 | 11 | 6 | 8 | 88 |
| 02. Bancos e Financieiras | 103 | 94 | 22 | 39 | 27 | 29 | 18 | 305 | 637 |
| 03. Compañías de Seguros | 62 | 56 | 13 | 36 | 20 | 21 | 6 | 17 | 231 |
| 04. Consulting e Auditoría | 10 | 8 | 1 | | | 1 | | | 20 |
| 05. Publicidade e Marketing | 9 | 6 | 1 | 1 | 1 | 2 | | | 20 |
| 06. Hostelería e Turismo | 11 | 23 | 1 | 4 | 1 | 8 | | 8 | 56 |
| 07. Servicios diversos | 10 | 8 | 2 | 1 | 1 | 7 | 2 | 28 | 59 |
| TOTAL | 223 | 218 | 46 | 90 | 57 | 79 | 32 | 366 | 1111 |


Fonte: elaboración propia.

un transaldo de importantes efectivos da Administración rexional e a conversión de Santiago no principal centro de decisión administrativa de Galicia. Esta decisión política, decisiva para o crecemento urbano que está experimentando Santiago, favorece tamén a instalación de novas delegacións das empresas multinacionais que optan por fixar en Santiago a dirección rexional, aproveitando a proximidade ó poder político e administrativo, e as propias vantaxes derivadas da existencia do aeroporto. Con iso a cidade de Santiago converteuse no terceiro centro urbano preferido polas empresas estranxeiras para situa-la súa sede rexional en Galicia.

A distribución urbana das sucursais e unidades de servicios vén reforza-lo predominio e supremacía das áreas metropolitanas e urbanas, onde se concentra o 68% dos establecementos de servicios vencellados a investidores estranxeiros. O elevado número de establecementos e unidades de servicios distribuídos polas capitais municipais, vilas e áreas rurais de Galicia (366) débese fundamentalmente á rede de sucursais bancarias creadas polos bancos que actualmente están participados por investidores estranxeiros. Os datos que se recollen no cadro 125 reflicten unha maior flexibilización dos bancos para localiza-las súas sucursais, xa que o 48% das mesmas repártense entre distintas vilas e capitais municipais de Galicia. O resto dos sectores presentan unha forte concentración dos establecementos nas principais aglomeracións urbanas galegas, agás aquelas empresas especializadas na xestión e prestación de servicios públicos que optan por unha maior descentralización operativa das súas unidades e establecementos.



G. 120. **ESTABLECEMENTOS E UNIDADES DE SERVICIOS PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR ÁREAS TERRITORIAIS EN 1990**




FONTE: Elaboración propia.

## 2.4. Distribución do emprego

A maior parte do emprego dependente de empresas de servicios participadas por grupos estranxeiros que traballan na nosa Comunidade encóntrase no sector financeiro. A ampla rede de 637 sucursais establecidas polos 26 bancos participadas actualmente dan emprego a 3241 persoas, o que supón case o 50% do total ocupado en servicios, sendo ademais o grupo de empresas que conta con máis empregados en Galicia, acadando unha media de 124,6 traballadores por empresa, cifra moi superior á rexistrada polo conxunto das empresas de servicios participadas, que se sitúa en 35,9. Do mesmo xeito, apreciamos unha concentración empresarial do emprego que se agrupa basicamente, como pode verse no cadro 127, en só oito empresas. De quitado o 15% dos traballadores que de xeito directo desenvolven as súas actividades en compañías de seguros, o resto aparecen bastante distribuídos entre as distintas ramas sectoriais que se recollen no cadro 126. En consecuencia, podemos afirmar que existe unha forte concentración de emprego en dous subsectores básicos das actividades terciarias: banca e compañías de seguros. O conxunto das 87 compañías relacionadas con este tipo de actividades proporcionan en Galicia 4257 postos de

traballo directos, o que supón un 64% do total dependente de sociedades estranxeiras, e un 1,6% do total da poboación asalariada no sector servicios en Galicia.

Sen embargo, se considerámo-lo conxunto do emprego actualmente dependente das empresas participadas por investidores estranxeiros

**C.126. EMPRESAS DE SERVICIOS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1991. DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO POR RAMAS DE ACTIVIDADE**

| RAMAS DE ACTIVIDADE | Nº Empresas | Establecementos | | Emprego | | Tamaño medio | Facturac. Galicia (millóns de ptas.) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Nº | % | | Importe (1990) | % |
| 01. Transportes e Comunicacións | 20 | 88 | 7,9 | 613 | 9,2 | 30,65 | 19503 | 5,52 |
| 02. Bancos e Financeiras | 26 | 637 | 57,3 | 3241 | 48,5 | 124,65 | 159306 | 61,41 |
| 03. Compañías de Seguros | 61 | 231 | 20,8 | 1016 | 15,2 | 16,65 | 55786 | 21,5 |
| 04. Consulting e Auditoría | 12 | 20 | 1,8 | 224 | 3,3 | 18,66 | 7029 | 2,71 |
| 05. Publicidade e Marketing | 9 | 20 | 1,8 | 115 | 1,7 | 12,77 | 3389 | 1,31 |
| 06. Hostelería e Turismo | 42 | 56 | 5 | 677 | 10,1 | 16,11 | 9186 | 3,54 |
| 07. Servicios diversos | 15 | 59 | 5,3 | 796 | 11,9 | 53,06 | 5224 | 2,01 |
| TOTAL | 185 | 1111 | 100 | 6682 | 100 | 36,11 | 259423 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

**C.127. EMPRESAS DE SERVICIOS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS CON MÁIS DE 100 TRABALLADORES EN GALICIA EN 1990**

| EMPRESA | TRABALLADORES | | FACTURACIÓN GALICIA | |
|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | IMPORTE (millóns) | % |
| BANCO CENTRAL | 563 | 8,43 | 27890 | 10,75 |
| BANCO DE GALICIA | 619 | 9,26 | 20022 | 7,72 |
| BANCO GALLEGO | 709 | 10,61 | 15275 | 5,89 |
| BANCO HISPANO AMERICANO | 577 | 8,63 | 28000 | 10,79 |
| BANCO POPULAR ESPAÑOL | 165 | 2,47 | 5300 | 2,04 |
| AQUAGEST | 178 | 2,66 | 1112 | 0,43 |
| PROSEGUR | 438 | 6,55 | 1560 | 0,6 |
| SIETE EMPRESAS | 3249 | 48,62 | 99159 | 38,22 |
| RESTO EMPRESAS SERVICIOS | 3433 | 51,38 | 160264 | 61,78 |
| TOTAL | 6682 | 100 | 259423 | 100 |

Fonte: Anuario Español da Banca Privada 1991. As 500 primeiras empresas de Galicia e elaboración propia.



(13.246 traballadores), que desenvolven en Galicia unicamente actividades comerciais ou de servicios propiamente ditos, resulta que o 5% da poboación asalariada galega ocupada no sector terciario traballa directamente en empresas participadas por investidores estranxeiros. Esta porcentaxe practicamente duplícase ó situarse nun 9% para o caso de que se teñan en conta os 11.000 postos de traballo dependentes daquelas empresas comerciais que estudiamos, que funcionan en Galicia como concesionarios e distribuidores de firmas multinacionais, especialmente -como xa se viu no capítulo anterior- as que se dedican á venda e distribución de automóbiles e vehículos industriais, cunha vinculación moi forte coa empresa multinacional representada no que se refire ó funcionamento e estratexia comercial a seguir.

Igual que se producía unha concentración sectorial do emprego, notamos tamén unha concentración xeográfica, xa que o 70,5% do mesmo depende de empresas participadas por Francia, Alemaña e Estados Unidos, tal como se pode comprobar no gráfico 128.

**C.128. EMPRESAS DE SERVICIOS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1991. DISTRIBUCIÓN POR PAÍSES**

| PAÍSES | Nº DE EMPRESAS | ESTABLECEMENTOS E OFICINAS | | EMPREGO | | TAMAÑO MEDIO Emprego/Empresa |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Nº | % | |
| ALEMAÑA | 16 | 297 | 26,73 | 1552 | 23,23 | 97 |
| FRANCIA | 32 | 437 | 39,33 | 2179 | 32,61 | 68,09 |
| ITALIA | 6 | 45 | 4,05 | 202 | 3,02 | 33,66 |
| SUÍZA | 20 | 51 | 4,59 | 273 | 4,08 | 13,65 |
| R. UNIDO | 22 | 77 | 6,93 | 440 | 6,58 | 20 |
| EE.UU. | 28 | 81 | 7,29 | 984 | 14,73 | 35,14 |
| BÉLXICA | 6 | 19 | 1,71 | 120 | 1,8 | 20 |
| HOLANDA | 5 | 25 | 2,25 | 126 | 1,89 | 25 |
| PORTUGAL | 7 | 7 | 0,63 | 70 | 1,05 | 10 |
| A. LATINA | 32 | 34 | 3,06 | 422 | 6,31 | 13,18 |
| OUTROS PAÍSES | 11 | 38 | 3,42 | 314 | 4,7 | 28,54 |
| TOTAL | 185 | 1111 | 100 | 6682 | 100 | 36,11 |

Fonte: elaboración propia.

## 3. PENETRACIÓN SECTORIAL

Como comentabamos no comezo deste capítulo, traballan actualmente en Galicia un total de 185 empresas de servicios participadas por investidores estranxeiros, a maior parte das cales son empresas multinacionais que se foron instalando na nosa Comunidade, situándose pouco e pouco de xeito estratéxico en cada un dos distintos sectores, como imos comprobar nos seguintes apartados.


### 3.1. Transportes e comunicacións

A pesar de que neste sector encontramos un numeroso volume de empresas, tanto grandes coma pequenas, constituídas netamente por capital galego e nacional, a penetración de empresas multinacionais é cada vez máis importante, especialmente desde que se produciu a entrada de España na CEE. De feito, entre 1985 e 1991 instaláronse en Galicia os catro líderes mundiais da mensaxería urxente por avión: tres empresas multinacionais norteamericanas, Federal Expres, DHL e United Parcel Services e unha australiana, TNT. Cada unha delas foise introducindo no mercado galego ben mediante a creación de delegacións propias, como é o caso de DHL, que conta cunha delegación en Vigo, ou a través da adquisición de empresas con unidades en Galicia, como acontece con United Parcel Services, TNT e Federal Expres.

Así, a australiana TNT, participada polo magnate Rupert Murdoch, introdúcese en España en 1988 mediante a adquisición da empresa Transportes Alamar. A partir dese momento, o grupo australiano principia un proceso de expansión a nivel rexional, creando delegacións nas catro provincias galegas e noutras provincias do Estado Español. A súa expansión continúa actualmente creando unha rede de filiais en Europa, da que xa forma parte a empresa XP. O negocio do grupo australiano en 1990 superou os 7.000 millóns, dando emprego en España a preto de 1000 persoas.

Estratexia semellante á anterior foi a seguida pola multinacional norteamericana United Parcel Services, que desde que chegou a Europa en 1986 adquiriu sete empresas, facturando en 1988 11.000 millóns de pesetas en Europa (Business Week 1989, p.42). A súa entrada en Galicia prodúcese en 1991, ó adquiri-la totalidade da empresa Cualladó, S.A. Anteiormente, en 1989, o Royal Bank of Scotland, en colaboración co Banco de Santander e dous fondos de capital risco adquiren o 50% do seu capital, sendo posteriormente vendido ó citado grupo norteamericano, que se fai co control da empresa española con forte implantación en Galicia, onde conta con varias delegacións. En efecto, Cualladó dispón de sete delegacións e centros operativos na nosa Comunidade, acadando en España, segundo estimacións de Fomento de la Producción, unha cota de mercado do 25% na paquetería urxente. As aspiracións da multinacional norteamericana consisten en estenderse por toda Europa, adquirindo novas empresas. Así, en xaneiro de 1989 comprou tamén a outra compañía inglesa IML Air Services Group.

G. 121. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE EMPRESAS RELACIONADAS COS TRANSPORTES E AS COMUNICACIÓNS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

O outro xigante, primeira compañía mundial de transporte urxente de mercadorías, é a transnacional DHL que, como diximos, ten unha delegación en Vigo. Creada en California en 1969, está presente en 175 países e dispón dunha flota de máis dun cento de avións (Rodríguez Berzosa, A. 1989a, pp.47-49). A filial española conta con 11 delegacións en España, tres centros de distribución nacional e outros tres centros en Madrid, e dá cobertura de transporte ó 60% do territorio nacional, acadando unha cota de mercado próxima ó 65 por cento. A progresiva liberalización da economía, a constitución do Mercado Único Europeo e a eliminación de barreiras aduaneiras

prevista para 1993 está favorecendo enormemente a penetración destas grandes empresas do transporte internacional.

Ademais destes tres importantes grupos transnacionais, traballan tamén en Galicia no terreo da mensaxería urxente dúas importantes compañías multinacionais francesas: Jet Worwide Courrier e Routier Group. A primeira conta con delegacións propias na Coruña e Vigo, participando no control de Mensajeros Raio Worldwide, mentres que a segunda participa en Mensajeros de Galicia. Neste mesmo campo traballa tamén Mundi Expres. En xeral, cómpre sinalar que o asociacionismo é o xeito habitual de funcionamento que teñen as empresas de mensaxería urxente, alomenos polo que se refire ó seu encadramento xurídico. A maior parte das delegacións repartidas por Galicia están constituídas como sociedades limitadas ou anónimas, que se agrupan en entidades de ámbito galego ou nacional, baixo un distintivo común imposto xeralmente pola multinacional á que representan. Esta é a estructura dos grupos Mensajero Radio Worldwide, Mundi Expres e Mensajeros de Galicia. Estas empresas fixan tamén as tarifas por servicios prestados para todo o territorio nacional. Con todo, o persoal empregado en cada delegación compleméntase ás veces con algúns traballadores autónomos (Rodríguez, M. 1990, p.3).

Dedicadas ó transporte de viaxeiros, teñen establecidas delegacións na nosa Comunidade algunhas importantes compañías aeronáuticas. É o caso de Brithish Airways, Transportes Aéreos Portugueses e as principais compañías aéreas de Brasil, Venezuela, Arxentina e Paraguai, como pode verse no cadro 129. Entre as empresas desta natureza que realizan máis voos directos desde Galicia témo-la compañía Transportes Aéreos Portugueses, que conta cunha delegación en Vigo. Esta compañía efectúa dous voos diarios desde Santiago e Vigo con destino a Lisboa. VIASA, principal liña aérea de Venezuela, realiza tamén voos directos desde Santiago ós mércores e domingos de cada semana durante os meses de verán, mantendo o resto do ano un voo directo semanal. O resto das compañías estranxeiras que contan en Galicia con delegacións e oficinas non realizan voos directos desde Santiago senón desde Madrid e Barcelona. A finalidade, por tanto, destas delegacións fundamentalmente é asesorar directamente as axencias de viaxes e atende-la petición de reservas para seren debidamente canalizadas á central establecida en Madrid ou no seu caso en Barcelona.

Dedicadas ó aluguer de vehículos, están tamén presentes en Galicia varias compañías norteamericanas, entre as que hai que cita-las multinacionais



Avis e Hertz. A primeira traballa en España a través da súa filial Avis Alquile un Coche, S.A., que é a terceira filial europea máis importante do grupo norteamericano en Europa, ó facturar máis de 10.000 millóns de pesetas, estando presente en tódolos aeroportos de España. A súa cota de mercado estímase arredor do 20% do mercado español de coches de aluguer. A súa flota supera os 8.000 vehículos. En Galicia, ademais de estar presente nos tres aeroportos, conta con delegacións nas principais cidades de Galicia e nalgunhas importantes capitais municipais e enclaves turísticos da costa galega. Deste xeito, dispón actualmente dunha rede de 11 oficinas distribuídas por toda a Comunidade.

Pola súa banda, Hertz International, que traballa en Galicia a través da súa filial española Hertz España, conta no noso país cunha flota de 5.000 coches, estando presente en 20 aeroportos. A súa cota de mercado, segundo estimacións de Fomento de la Producción, acada o 15% polo que, xunto coa

C.127. **TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS. EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Aerolíneas Argentinas | MAD | C | Aerolíneas Argentinas | Arxentina | 40 | 1 | 3 | 2800 |
| Auto. Trans. Turístico E. | MAD | C | Citer (P.s.a. Groupe) | Francia | 100 | 5 | 11 | 350 |
| Avis Alquile un Coche | MAD | C | Avis International | U.S.A. | 100 | 13 | 38 | 1020 |
| British Airways | MAD | V | British Airways | R. Unido | 100 | 1 | 3 | 1200 |
| Cia. Intern. Coches Cama | MAD | C | Wagons Lits | Bélxica | 100 | 2 | 60 | 1440 |
| Cualladó, SA | MAD | C | United Parcel Services | U.S.A. | 100 | 7 | 46 | 960 |
| DHL Internacional Esp. | MAD | V | D.H.L. | U.S.A. | 100 | 1 | 15 | 1091 |
| Eurodollar España | BAR | C | General Motors | U.S.A. | 100 | 3 | 12 | — |
| Europcar Ibérica SA | MAD | C | Volkswagen/Wagons Lits | Alem/Bél | 100 | 9 | 21 | 425 |
| Hertz de España, SA | MAD | C | Hertz International | U.S.A. | 100 | 8 | 24 | 870 |
| Jet Services España | MAD | S | Jet Worlwide Courier | Francia | 100 | 2 | 31 | 490 |
| Lin. Aéreas Paraguayas | MAD | V | L.A.P. | Uruguai | 100 | 1 | 2 | 2100 |
| Mensajeros de Galicia | COR | V | Routier Groupe | Francia | MAI | 11 | 100 | 345 |
| Men. Radio Worldwide | MAD | C | Jet Worldwide Courier | Francia | MAI | 11 | 90 | 184 |
| Mundi Expres, SA | MAD | C | Federal Expres | U.S.A. | MAI | 5 | 30 | — |
| Pires e Filhos SL | PON | V | Pires e Filhos | Portugal | 100 | 1 | 26 | 160 |
| TNT Unitransa, SA | MAD | S | T.N.T. | Australia | 100 | 4 | 89 | 488 |
| Trans. Aer. Portugueses | MAD | V | T.A.P. | Portugal | 100 | 1 | 6 | 3540 |
| Varing L.A. Brasileñas | MAD | V | Varing L.A. Brasileñas | Brasil | 100 | 1 | 2 | 1000 |
| Venezolanas I. Aviación | MAD | V | Viasa | Venezuela | 100 | 1 | 4 | 1040 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

compañía Avis, controlan o 35% do mercado español de coches de aluguer. A súa rede en Galicia componse dun total de oito oficinas instaladas nos tres aeroportos e nas principais cidades galegas.

Outra das multinacionais dedicadas ó aluguer de vehículos de transporte que traballa tamén en Galicia é o grupo europeo Eurocarp Ib., participado a partes iguais pola multinacional belga Wagons Lits e pola alemana Volkswagen. A súa actividade en Galicia canalízase a través de nove oficinas, estando presente nos tres aeroportos e nas principais cidades de Galicia. En 1989 contaba cunha rede de 240 postos e cunha flota de 8000 vehículos operativos en todo o territorio nacional.

Ademais dos tres principais grupos que comentamos, traballan tamén neste eido por unha banda a multinacional belga Wagons Lits, propietaria da Compañía Internacional de Coches Cama y de Turismo, empresa que fornece parte das liteiras dispoñibles nos trens españois, mediante un acordo establecido con RENFE.

Por outra banda, o grupo PSA, a través da súa filial Citroën, fíxose co control da empresa Autotransporte Turístico Español, da que adquiriu a totalidade do seu capital social en 1989 Citer España, S.A., filial de Citroën Hispania. A citada empresa dedícase basicamente en Galicia ó aluguer de vehículos, contando cunha rede de cinco oficinas situadas nos aeroportos e principais cidades de Galicia.

Por último, dentro do grupo de empresas estranxeiras dedicadas en Galicia ó aluguer de vehículos de transporte debemos menciona-la recente instalación na nosa Comunidade de Euro Dollar, empresa vencellada á firma norteamericana General Motors. Euro Dollar está especializada no aluguer de turismos, furgonetas e camións. Actualmente, conta con oficinas en Santiago, A Coruña e Vigo.

A penetración de grupos estranxeiros é por tanto moi significativa en Galicia, onde traballan a través dunha rede de 19 empresas participadas que dan emprego directo a 613 traballadores. Como puidemos comprobar, o capital procede case nun 50% de Estados Unidos e de Francia, que de xeito conxunto controlan 10 empresas con presencia física na nosa Comunidade. Outra porcentaxe importante ten a súa orixe en Bélxica e Portugal, país este último que tende a incrementa-la súa presencia neste campo a medida que as relacións comerciais entre os dous países ibéricos van adquirindo unha maior dimensión.



### 3.2. Bancos e financeiras

Ó tratarse dun sector estratéxico, as autoridades políticas e económicas do noso país estableceron desde 1960 ata a actualidade un férreo control á penetración de bancos estranxeiros. Sen embargo, a entrada na Comunidade Económica Europea obrigou ó Estado Español a flexibilizar considerablemente ese control, o que está favorecendo, especialmente nos últimos anos, unha acentuada penetración dos grupos bancarios europeos, norteamericanos e xaponeses no noso país, tratando se situarse estratexicamente ante a entrada en vigor do mercado único europeo.

A rapidez con que se está producindo esta penetración detéctase na estratexia seguida, baseada fundamentalmente na adquisición total ou parcial de bancos xa establecidos. Isto permítelles actuar máis rapidamente e competir de xeito efectivo desde o momento da adquisición. Este foi o sistema de penetración seguido polo 60% dos bancos estranxeiros que traballan directamente en Galicia a través da rede de sucursais participadas.

Un dos primeiros bancos estranxeiros en establecerse en Galicia foi o banco inglés Barclays Bank, situado entre os cinco primeiros bancos europeos, que o 30 de abril de 1981 se fai co control do Banco de Valladolid, adquirido ó Fondo de Garantía de Depósitos. Desde aquela, o grupo financeiro inglés puxo en marcha un plano estratéxico orientado a refrota-lo antigo Banco de Valladolid, para o cal o banco español adquirido pasou a chamarse Barclays Bank. No intre de se produci-la adquisición, o antigo banco, que principia as súas actividades en Galicia en 1977, xa contaba con sucursais na Coruña, Vigo e Ourense, creando posteriormente outra sucursal en Santiago de Compostela. O banco británico dispoñía en 1990, segundo se recolle no Anuario da banca privada, dun total de 209 oficinas no territorio español, que ocupaban para ese mesmo ano 1873 empregados. Ademais da súa actividade bancaria, o banco inglés controla a totalidade da financeira Barclays Leasing, que conta cunha delegación para Galicia establecida na Coruña. Ademais, participa no 60% do capital social da sociedade Fitomotor.

Outro dos bancos ingleses que se introduciron en Galicia mediante unha adquisición rápida é o National Westminster, que nunha primeira fase adquiriu en 1990 ó grupo March a totalidade das accións do Natwest March, que conta en España con 183 sucursais. Ese mesmo ano, a entidade financeira británica pasou a adquiri-la maioría das accións do Banco de Asturias, que conta en Galicia con 12 sucursais bancarias distribuídas por distintos

puntos da xeografía galega. O Banco de Asturias conta na actualidade cunha rede de 74 sucursais que dan emprego a 406 traballadores en España, dos que 56 traballan nas doce oficinas situadas en Galicia. Seguindo coa estratexia das adquisicións rápidas realizadas por grupos estranxeiros neste sector, atopamos un dos principais bancos franceses, o Credit Lyonnais, que en 1991 absorbeu ó Banco Comercial Español, que conta en Galicia con nove sucursais bancarias. A integración do Banco Comercial Español no Credit Lyonnais deu lugar a unha rede de 122 oficinas repartidas por todo o territorio nacional. A esta rede hai que suma-las 116 axencias distribuídas na totalidade de Cataluña e Baleares correspondentes á tamén recentemente adquirida Banca Jover. Deste xeito, o Credit Lyonnais, que abriu a súa primeira sucursal en Madrid en 1875, sendo por tanto decano da banca estranxeira en España, convértese no primeiro grupo bancario estranxeiro no noso país polo número de sucursais. O citado banco multinacional francés conta ademais cunha forte implantación en Europa: 2400 sucursais e axencias en Francia e 630 no resto de Europa, cun efectivo global de máis de 50.000 persoas.

De nacionalidade francesa son tamén o Banque National de Paris, un dos primeiros bancos de Europa, e a Societé General de Banque España, primeiro banco estranxeiro que se instala en Galicia, ó principia-las súas actividades na Coruña en 1977. O primeiro conta cunha rede de 72 oficinas en España, catro das cales están en Galicia (A Coruña, Vigo, Ourense e Lugo). O segundo dispón actualmente de 31 sucursais, dúas instaladas en Galicia, situadas na Coruña e Vigo, A instalación do BNP en Galicia realízase a finais de 1981, ó adquirir este banco a totalidade das accións da Banca López Quesada, que contaba desde 1978 cunha sucursal na Coruña.

A implantación directa destes bancos franceses en Galicia, certamente prematura en relación co resto, mediante a adquisición de bancos españois, producida a finais da década dos 70 e comezos dos anos 80, débese en boa medida ó elevado número de empresas francesas que teñen filiais en Galicia, que acada a cifra de 131 nos tres sectores estudiados. De feito, importantes empresas participadas por capital estranxeiro traballan habitualmente a través dos citados bancos. Este é o caso dos hipermercados Alcampo e Continente, así como as empresas Citroën Hispania, Pechiney e Besnier. En moitos casos, tal como puidemos pescudar a través de diversas fontes, os bancos franceses establecidos na nosa Comunidade encargáronse de canaliza-los fluxos financeiros achegados polos investidores franceses con intereses en Galicia.



Outro dos bancos españois adquirido por grupos estranxeiros é o Banco Atlántico. Este banco creado polo holding empresarial de Ruiz Mateos foi expropiado polo Goberno ó estar integrado no grupo Rumasa, e posteriormente privatizado, sendo vendido ó Arab Banking Corporation de Arabia Saudí. O Banco Atlántico conta actualmente cunha rede de 241 oficinas, das que 8 corresponden a Galicia, distribuídas polas principais cidades galegas.


De orixe alemana é o Deutche Bank, que ó adquiri-la totalidade do capital social do Banco Trasatlántico, conta con dúas sucursais en Galicia, situadas en Vigo e A Coruña. A súa presencia en Galicia reforzouse en 1993 coa compra do "Banco de Madrid" que ten sucursais en Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Procedemento distinto é o seguido polo City Bank norteamericano, que prescindindo de momento de adquisicións instalou directamente en Galicia cinco sucursais a través da Española Citybank España, con oficinas nas cinco principais cidades de Galicia. Este banco, que principia as súas actividades en Galicia en 1983, ademais de ser moi utilizado polos emigrantes galegos establecidos en Hispanoamérica para faceren transferencias bancarias en dólares, é o principal conducto financeiro a través do que traballan en Galicia importantes empresas participadas polos investidores de Estados Unidos. Tal é o caso das multinacionais Conagra e Sabeca.

Entre os bancos estranxeiros de pequena dimensión que traballan tamén en Galicia debemos cita-lo Banco Consolidado España, S.A. Este banco, pertencente ó Banco Consolidado de Venezuela, vencellado á familia Cisneros, introdúcese en Galicia en 1990 ó adquiri-la totalidade das accións do Banco Perfecto Castro Canosa, que contaba en Galicia con dúas oficinas, unha situada na súa localidade natal, Cee, e outra en Santiago de Compostela. A reestructuración imposta polos novos propietarios provocou o peche da sucursal de Cee, polo que o Banco Consolidado España, S.A. contaba a finais de 1991 cunha soa oficina en Galicia, situada en Santiago de Compostela.

Mais ben testimonial que efectiva foi a presencia do famoso *Bank of Credit and Commerce International* (BCCI), vinculado ó xeque árabe Zayed, presidente dos Emiratos Árabes Unidos, e tamén ó Rei Fahd de Arabia Saudí. Este banco internacional chegou a contar cunha sucursal bancaria na localidade coruñesa de Santa Comba. Posteriormente trasladou a sede a Lugo, pechado definitivamente ás oficinas en 1992 ó confirmarse a súa partici-

G. 122. **PRINCIPAIS ACCIONISTAS DO BANCO CENTRAL HISPANOAMERICANO EN MAIO DE 1991 (% CAPITAL SOCIAL)**




FONTE: El País. La Voz de Galicia. 18-5-1991. P.54.

C.131. **GRUPOS BANCARIOS CONSOLIDADOS EN ESPAÑA Ó 31-12-1990**

| | |
|---|---|
| BANCO CENTRAL | ■ INTERNACIONAL DE COMERCIO 99,93%<br>■ BANCO GALLEGO 99,50%<br>■ GRANADA 99,05%<br>■ BANCO DE FOMENTO 51,80%<br>■ BANCO DE VALENCIA 16,34% |
| BANCO ATLÁNTICO | ■ BANCO DE EXPORTACIÓN 98,51% |
| BANCO HISPANO AMERICANO | ■ BANCO MERCANTIL DE TARRAGONA 100%<br>■ BANCO BANIF DE GESTIÓN 100%<br>■ BANCO DE JEREZ 100% |
| BANCO POPULAR ESPAÑOL | ■ BANCO DE GALICIA 86,22%<br>■ BANCO DE ANDALUCIA 61,26%<br>■ BANCO DE CASTILLA 90,31%<br>■ BANCO DE CRÉDITO BALEAR 57,70%<br>■ BANCO DE VASCONIA 92,23%<br>■ BANCO POPULAR INDUSTRIAL 92,23% |
| BANCO NATWEST ESPAÑA | ■ BANCO ASTURIAS |

Fonte: Anuario Estadístico de la Banca Privada. Consejo Superior Bancario, 1991.



pación en actividades delictivas, según se desprende das investigacións xudiciais levadas a cabo (El País/Negocios, 09-08-1992, p. 12).

Finalmente, dentro do grupo de entidades bancarias participadas maioritariamente por investidores estranxeiros debemos cita-la recente implantación en Galicia do Banco Portugués do Atlántico, o maior banco público de Portugal, que conta actualmente cunha sucursal instalada en Vigo en 1990. A decisión de establecer unha sucursal en Vigo débese, segundo fontes do propio banco, ó aumento dos intercambios comerciais entre o norte de Portugal e Galicia, así como ó feito de que o 60% dos turistas españois que anualmente visitan Portugal entran polos postos fronteirizos portugueses. A implantación de bancos portugueses en Galicia tende a incrementarse cada día máis. Así, o "Banco Espíritu Santo", que se fixo coas sucursais do "Banco Industrial del Mediterraneo", e o "Banco Luso Español", propie-

C.132. **BANCOS PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS. LOCALIZACIÓN DE SUCURSAIS EN GALICIA EN 1991**

| ENTIDADE BANCARIA | ÁREAS TERRITORIAIS (DISTRIBUCIÓN DE SUCURSAIS) | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MC | MV | UP | US | UL | UF | UO | VI | Total |
| Banco Central | 19 | 22 | 5 | 3 | 7 | 3 | 7 | 74 | 140 |
| Banco Hispano Americano | 19 | 15 | 2 | 5 | 2 | 5 | 5 | 45 | 98 |
| Banco Popular | 13 | 8 | 1 | 3 | 2 | 1 | 3 | 2 | 33 |
| Banco de Galicia | 12 | 16 | 2 | 3 | 2 | 4 | 9 | 72 | 120 |
| Banco Gallego | 18 | 10 | 4 | 7 | 6 | 2 | 5 | 101 | 153 |
| B. Portugués do Atlántico | | 1 | | | | | | | 1 |
| Bankinter | 2 | 3 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | | 10 |
| Citibank España | 1 | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | 5 |
| B.N.P. España | 1 | 1 | | | 1 | | 1 | | 4 |
| Barclays Bank | 1 | 1 | | 1 | | | 1 | | 4 |
| Banco Atlántico | 2 | 2 | 1 | 1 | 1 | | 1 | | 8 |
| Bancotrans | 1 | 1 | | | | | | | 2 |
| Banco de Fomento | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 3 | 10 |
| Banco Zaragozano | 2 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 4 | 13 |
| Natwest-Banco de Asturias | 2 | 3 | 1 | 1 | 1 | | 1 | 3 | 12 |
| Banco Consolidado España | | | | 1 | | | | 1 | 2 |
| Societe General Banque. E. | 1 | 1 | | | | | | | 2 |
| Credit Lyonnais España | 1 | 2 | 2 | 1 | 1 | | 1 | | 9 |
| TOTAL | 97 | 89 | 22 | 29 | 27 | 18 | 39 | 305 | 626 |

Fonte: Anuario Estatístico da Banca Privada 1991 e elaboración propia.

dade da "Caixa Geral de Depósitos" de Portugal, xa contaban, a mediados do ano 1993, con sucursais nas principais cidades galegas. Especialmente significativa é a presencia do "Banco Luso Español" que conta en Galicia cun total de 15 sucursais bancarias que se localizan en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Carballiño, Ribadavia, Verín, A Guardia, Lalín, Ponteareas, Porriño, Redondela, Tui e Vigo.

Entre os bancos españois participados minoritariamente por grupos estranxeiros e con forte implantación na nosa Comunidade (33 oficinas) debemos cita-lo Banco Popular, cun capital social, segundo se tira dun estudio realizado por Diario 16, participado nun 43% por accionistas estranxeiros, maiormente alemáns. Salvo os paquetes de accións en mans da aseguradora alemana Allianz (5%), Rabobank (1,5%) e Hypobank (1,25%), o resto está moi espallado. A importancia deste feito para Galicia baséase en que o Banco Popular Español é o propietario do Banco de Galicia, co que a súa rede de sucursais na nosa Comunidade se sitúa en 153. Isto quere dicir, vista a participación estranxeira, que o 43% do volume de negocio xerado por este grupo bancario en Galicia corresponde a grupos estranxeiros.

Nos bancos Central e Hispano Americano dáse a circunstancia diferencial de que son maiores os paquetes de accións en poucas mans estranxeiras, sendo estes precisamente os maiores accionistas. Así, no Hispano Americano o maior accionista é a terceira entidade bancaria de Alemaña, o Commerzbank, cunha presencia no banco español que vén desde a década dos 70 (Diario 16, 16-5-1991, p.55). Outro dos principais accionistas estranxeiros do Banco Hispano Americano é o grupo mexicano Maillers, que conta cun 2,7% do Hispano, mentres que o grupo Fiat, a través da sociedade Fidis, controla un 1 por cento. Como consecuencia deste panorama, os grupos estranxeiros controlan o 13,7% do capital do Banco Hispano Americano.

O capital estranxeiro no Banco Central procede basicamente de empresas francesas, que controlan significativos paquetes. O primeiro accionista é o constructor francés Bouygues, que controla un 4,5%, seguido da aseguradora pública UAP e da compañía petroleira tamén pública Elf Aquitaine, que controlan o 3,2% e case o 3% respectivamente. Outros accionistas significativos do Banco Central eran en 1991 un *broker* estadounidense, a multinacional Prudential e un xaponés, que conxuntamente recadaban o 4,3% da entidade financeira española. Como consecuencia, a presencia estranxeira no banco español representaba en 1991 un 15% do seu capital social.




C.133. **BANCOS E FINANCEIRAS PARTICIPADOS POR GRUPOS ESTRANXEIROS OPERATIVOS EN GALICIA EN 1991. DISTRIBUCIÓN POR PAÍSES**

| PAÍSES | Número de Empresas | EMPREGO (1990) | | FACTURACIÓN (1990) | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Importe (millóns) | % |
| ALEMAÑA | 5 | 1384 | 42,7 | 58427 | 36,67 |
| FRANCIA | 8 | 1457 | 44,46 | 62750 | 39,39 |
| ITALÍA | 2 | 97 | 2,99 | 11370 | 7,1 |
| PORTUGAL | 1 | 6 | 0,18 | 1168 | 0,73 |
| REINO UNIDO | 4 | 162 | 4,99 | 9628 | 6,04 |
| EE.UU. | 2 | 48 | 1,48 | 6074 | 3,81 |
| VENEZUELA | 1 | 8 | 0,24 | 381 | 0,24 |
| SUECIA | 1 | 5 | 0,15 | 5789 | 3,63 |
| PANAMÁ | 1 | 17 | 0,52 | 190 | 0,12 |
| ARABIA SAUDÍ | 1 | 57 | 1,76 | 3589 | 2,25 |
| TOTAL | 26 | 3241 | 100 | 159306 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

G.123. **BANCOS PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVOS EN GALICIA EN 1990. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DAS SUCURSAIS BANCARIAS**




FONTE: Elaboración propia.

Ante a progresiva penetración de investidores estranxeiros nestes dous bancos españois e co fin de frear esa penetración, dada a necesidade de constituír un poderoso grupo bancario que sexa competitivo no escenario inter-

nacional, en maio de 1991 prodúcese a fusión entre o Banco Central e o Hispano Americano, que se constitúe no primeiro grupo bancario privado de España. Con esta fusión conséguese diluí-la presencia estranxeira, ó non superar esta no seu conxunto o 13% do capital social do novo grupo bancario creado. A implantación deste poderoso grupo bancario, participado por investidores estranxeiros, é moi significativa en Galicia, onde conta cunha rede de 238 sucursais, ás que hai que suma-las 153 do Banco Gallego, pertencente ó Banco Central e as dez do Banco de Fomento, participado maioritariamente tamén polo grupo Central. Ademais desta importantísima

C.134. **BANCOS E FINANCIEIRAS PARTICIPADOS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1991**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Banco Atlántico | BAR | V | Arab Banking Corp. | Arabia S. | 100 | 8 | 57 | 3589 |
| Banco Central SA | MAD | C | Bouygues/Uap/Elf Aquit. | Francia | 15 | 140 | 563 | 27890 |
| Banco Consolidao Esp. | MAD | S | Consolidado (Cisneros) | Venezuela | 100 | 2 | 8 | 381 |
| Banco de Fomento | MAD | C | Bouygues/Uap/Elf Aquit. | Francia | 15 | 10 | 68 | 2690 |
| Banco de Galicia, SA | PON | V | Allianz/Radobank y Ot. | Alemaña | 43 | 120 | 619 | 20022 |
| Banco Gallego SA | COR | S | Bouygues/Uap/Elf Aquit. | Francia | 15 | 153 | 709 | 15275 |
| Banco Hispano Americ. | MAD | C | Comemerzbank y Otros | Alemaña | 14 | 98 | 577 | 28000 |
| Banco Popular Español | MAD | C | Allianz/Rabobank y Ot. | Alemaña | 43 | 33 | 165 | 5300 |
| Banco Portugués do At. | MAD | V | B. Portu. do Atlántico | Portugal | 100 | 1 | 6 | 1168 |
| Banco Zaragozano | ZAR | V | Benedetti Group | Italia | 14 | 13 | 84 | 2550 |
| Bancotrans | BAR | V | Deutche Bank Grupo | Alemaña | 100 | 2 | 17 | 1325 |
| Bankinter | MAD | C | Royal Bank Scotland | R. Unido | MIN | 10 | 69 | 5111 |
| Barclays Bank S.A.E. | MAD | C | Barclays Bank | R. Unido | 100 | 4 | 33 | 1870 |
| Barclays Leasing SA | MAD | C | Barclays Bank | R. Unido | 100 | 1 | 5 | 1105 |
| B.N.P. España, SA | MAD | C | B.N.P. | Francia | 100 | 4 | 31 | 3241 |
| Central de Leasing SA | MAD | C | Centro Leasing S.P.A. | Italia | 100 | 2 | 17 | 8760 |
| Citibank España | MAD | V | Citybank G. Rockfeller | U.S.A. | 100 | 5 | 43 | 2374 |
| Cofivigo Ent. Financiac. | PON | V | Familiar | Panamá | 100 | 1 | 4 | 190 |
| Credit Lyonnais España | MAD | V | Credit Lyonnais | Francia | 100 | 9 | 54 | 2491 |
| Financiera Seat SA | MAD | V | Wlkswagen Group | Alemaña | 75 | 1 | 6 | 3780 |
| Ford Credit SA | MAD | C | Ford Group | U.S.A. | 100 | 1 | 5 | 3700 |
| Natwest Banco Asturias | MAD | C | National Westminster | R. Unido | 70 | 12 | 56 | 1542 |
| Pastor Skandio Leasing | MAD | C | Finans Skandic | Suecia | 45 | 1 | 8 | 5789 |
| P.S.A. Credit España | MAD | C | P.S.A. Finance | Francia | 100 | 2 | 9 | 3900 |
| Renault Financiación | MAD | C | Renault Credit Intern. | Francia | 100 | 2 | 13 | 5529 |
| Societe General de B.E. | MAD | C | S.G. Banque de París | Francia | 100 | 2 | 15 | 1734 |


DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: sucursais en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.



presencia bancaria, o novo Banco Central Hispanoamericano controla o 100% de Ingeniería del Atlántico, o 29,5% de Fabricaciones Eléctricas, Navales y Artilleras, o 12,4% do grupo Zeltia, o 6,8% de Autoperitaciones Drive-in Vigo e o 5% de Zootecnia Industrial (La Voz de Galicia, 31-10-1991, p.60).

Relacionadas tamén coa actividade financeira, traballan en Galicia, ademais dos bancos xa comentados, oito sociedades dedicadas fundamentalmente a ofrecer servicios de leasing, financiando sobre todo a adquisición e préstamo de coches, vehículos industriais e maquinaria pesada. O leasing é unha operación mercantil de carácter financeiro que consiste na adquisición pola compañía de leasing do ben moble ou inmoble elixido previamente polo cliente, e a simultánea cesión de uso deste ben durante un tempo determinado por un prezo distribuído en cotas periódicas. No final dese período de cesión de uso o cliente poderá optar a adquiri-lo material segundo o prezo inicialmente acordado ou ben devolvelo á compañía de leasing.

G.124. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á INSTALACIÓN E ADQUISICIÓN DE BANCOS E FINANCEIRAS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Consideradas no seu conxunto, as distintas sociedades financeiras participadas por investidores estranxeiros que traballan en Galicia ocupan a 3241 traballadores, o 88% dos cales dependen de empresas vencelladas a investidores franceses e alemáns. Esta concentración xeográfica débese a que o

50% do investimento destinado a este campo procede tamén de Francia e Alemaña, ó participar activamente no control de 13 sociedades financeiras.

De cara ó futuro, agárdase que o recentemente creado Banco 21, no que participa o empresario galego radicado en Venezuela Saturnino Cuquejo, cunha salientable presencia no sector do plástico e da construcción do país sudamericano, instale proximamente algunha sucursal en Galicia. Do mesmo xeito, un grupo de empresarios galegos establecidos no exterior, a maioría deles en América do Sur, tratan de poñer en marcha, contando cun forte apoio das autoridades autonómicas e estatais, unha nova entidade bancaria que funcionará co nome de Banco 2001 (El Correo Gallego, 17-12-1991). Con este proxecto, preténdese basicamente canaliza-lo aforro da importante comunidade empresarial galega asentada en América Latina, estimada en máis de 800 pequenos empresarios, segundo se puido comprobar no 1º Congreso de Empresarios Galegos no estranxeiro, celebrado en Río de Xaneiro no mes de novembro de 1991 (El Correo Gallego, 28-11-1991, p.65).


### 3.3. Compañías de seguros

Nos últimos cinco anos producíronse en Galicia, igual ca no resto do Estado Español, unha masiva penetración de compañías aseguradoras estranxeiras, ata tal punto que, segundo diversos estudios realizados ó respecto, calcúlase que máis do 50% dos capitais do sector están actualmente en mans de empresas estranxeiras (De Palacio, F.J. 1989, pp.58-64), situación esta que se dá no conxunto do Estado Español, debido en parte a que o mercado do seguro na Península Ibérica está aínda en pleno desenvolvemento en comparanza co resto dos países da Comunidade Europea. Aproveitando esta expansión, os grandes grupos estranxeiros estanse facendo con máis da metade do mercado nacional a unha velocidade vertixinosa, recorrendo a métodos e estratexias consistentes en comprar participacións maioritarias e creando novas filiais.

Dentro deste contexto xeral para o conxunto español, Galicia non se escapa á masiva penetración de grupos estranxeiros nesta actividade tan rendosa nos últimos anos. De feito, segundo os nosos datos preto do 80% das compañías de seguros que traballan na nosa Comunidade son estranxeiras ou están participadas por investidores doutros países. No censo que elaboramos detectáronse un total de 61 empresas con participación estranxeira, que en 1990 contaban xa cunha rede de 231 oficinas localizadas no 92% dos



G.126. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á INSTALACIÓN E ADQUISICIÓN DE COMPAÑÍAS DE SEGUROS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**





FONTE: Elaboración propia.

casos nas áreas metropolitanas e urbanas, mentres que o 8% restante das mesmas sitúase en diversas vilas e capitais municipais de Galicia.

Ó estudia-la procedencia dos investidores estranxeiros resulta que 1/3 dos mesmos son suízos, outro tercio franceses e alemáns e o resto procede de diversos países. Xa que logo, o 66% dos investimentos estranxeiros directos con destino a esta actividade proceden de tres países: Suíza, Francia e Alemaña.

Entre as empresas participadas por grupos estranxeiros cunha forte implantación na nosa Comunidade destaca o Grupo Vitalicio, Esta empresa, pertencente maioritariamente ó Banco Central pero participada nun 25% pola multinacional italiana do ramo Assicurazione Generali, conta en Galicia cunha rede de 17 oficinas situadas, como se pode ver no mapa 31, nas principais cidades e vilas de Galicia. Esta compañía, integrada por Nacional Hispánica e Vitalicio Pensiones, foi fundada en 1880, establecéndose en Galicia en 1961. Desde aquela seguiu unha traxectoria constante, ofrecendo todo tipo de servicios relacionados co sector, tanto a empresas coma a particulares, ata converterse na actualidade nun dos principais grupos aseguradores que traballan en Galicia (La Voz de Galicia, 28-5-1991, p.51). O grupo italiano Assecurazione Generali, ademais de participar no Grupo Vitalicio, controla a totalidade das accións de Caja de Previsión y Soco-

MAPA 31. **SUCURSAIS E OFICINAS PROPIAS DO GRUPO VITALICIO EN GALICIA. (ANO 1991)**




Fonte: La Voz de Galicia, 28-05-1991, p. 51



rro. Conta con dúas sucursais propias na Coruña e en Vigo, que sumadas ás cinco de Caja de Previsión y Socorro o converten nun dos principais grupos estranxeiros con maior rede de sucursais en Galicia.

Unión y el Fénix é, sen dúbida, outra das principais compañías que traballan en España que contan cunha forte implantación na nosa Comunidade. De feito, en 1990, segundo se recolle nun estudio elaborado por Investigación Cooperativa entre Entidades Aseguradoras (ICEA), lideraba o sector de seguros na provincia de Pontevedra (La Gaceta de los Negocios, 16-8-1991, p.12). Sen embargo, esta compañía tan popular na paisaxe urbana das cidades galegas pola súa característica simboloxía e nobres edificios, está participada nun 40% pola multinacional francesa Assurances Generales de France, que conta en Galicia con catro oficinas propias e unha delegación rexional establecida na Coruña. A multinacional gala entrou no mercado español en 1820. Daquela era unha das primeiras compañías de seguros que funcionaban en España. Fundouse mesmo antes que La Unión y el Fénix, que se constituíu en 1864. Naquela época eran dúas empresas, Assurance e Fenix, ámbalas dúas con capital francés (De Palacio, F.J. 1989, p.64).

Outra das grandes multinacionais europeas do sector que traballan en Galicia é Allinaz Ras. Este poderosos grupo alemán, líder do sector en Europa, conta en Galicia con tres oficinas situadas na Coruña, Vigo e Lugo. Pero, ademais, funciona tamén a través das respectivas sucursais das súas empresas filiais: Adriática, S.A., Allianz Ercos e Cresa Aseguradora, todas elas cun total de once oficinas establecidas na nosa Comunidade.

Allianz A.G. é, como xa dixemos, o primeiro grupo asegurador de Europa, cun volume de primas emitidas que en 1988 xa acadaba a cifra de 1,8 billóns de pesetas, cunha carteira de investimentos de máis de 8,2 billóns de pesetas e con 40.000 empregados. Ademais das súas filiais en España, a firma xermana controla o segundo grupo de seguros de Italia, Riunione Adriática de Sicurita, e o grupo inglés Cornhill. Ademais, participa no 50% do grupo francés CNM, constituído polas empresas Via e Rhin et Moselle, cun volume de 175.000 millóns de pesetas en primas. Os seus tentáculos chegan mesmo, como vimos ó estudia-lo sector bancario, a controla-lo 5% do Banco Popular Español, onde a participación estranxeira acada o 43% do seu capital social. O poderoso grupo alemán, segundo se recolle nun estudio elaborado por De Palacio, foi creado en 1890. En 1920 xa era a maior compañía alemana de seguros xerais, cun 20% do seu negocio en operacións internacionais. Trala segunda guerra mundial, Allianz perdeu todo o

seu negocio e tivo que empezar desde cero. En 1974 recomezou a súa expansión internacional para conseguir estar presente nos cinco continentes. En 1988 adquiriu o grupo Ras e cambiou a súa estructura de grupo. Agora continúa a súa estratexia de crecemento mediante a compra de empresas en Gran Bretaña e Francia, fixando como obxectivo prioritario o seu desenvolvemento no mercado español (De Palacio, F.J. 1989, p.61).

Outra importante multinacional europea que traballa en Galicia é o grupo Victoire, que en España desenvolve as súas actividades co nome de Grupo Vinci. Este fíxose co control de dúas empresas que contan con delegacións na Coruña e Vigo: La Previsora Hispalense e Hemisferio L'Abeille. Actualmente, o grupo Vinci é o quinto asegurador de Europa, onde conta cun total de sete filiais. A súa presencia sen embargo faise efectiva en 36 países, contando cuns 15.000 empregados en nómina e máis de 45.000 axentes de seguros. Esta estructura permitiulle xera-lo ano pasado un volume de negocio superior ó billón de pesetas (La Voz de Galicia, 10-7-1991, p.51).

UAP Ibérica, S.A., filial do grupo francés Unión des Assurances de Paris, é outra das empresas perfectamente establecidas no mercado galego. A presencia física desta empresa na nosa Comunidade estructúrase baseándose nunha dirección rexional establecida en Vigo e en dúas sucursais situadas na Coruña e Ourense, quedando o resto do territorio cunha rede de máis de 130 axentes autorizados (La Voz de Galicia, 19-6-1991), Así e todo, a súa presencia verase incrementada ó adquirir recentemente o 25% de La Vasco Navarra, empresa que conta con oficinas na Coruña e Vigo. A multinacional francesa creouse en París en 1928, instalándose en España 20 anos máis tarde e principiando as súas actividades en Galicia en 1968.

De orixe francesa é tamén a multinacional gala AGP du Midi, que en Galicia traballa a través das delegacións das súas filiais Minerva, Paternal SICA e Mare Nostrum, todas elas con sucursais nas principais cidades de Galicia.

Do mesmo xeio funciona tamén en Galicia a multinacional francesa GMF, a través da súa filial MUDESPA, mentres que o grupo GAN, tamén de orixe francesa, estableceu en 1989 tres sucursais situadas na Coruña, Vigo e Ourense. A presencia do grupo GAN no mercado internacional comeza a partir de 1968, pero é nos últimos anos cando cobra especial impulso coa toma dunha participación no grupo británico Minster en 1976, participación que en 1984 pasa a ser do 100%. Conta con varias oficinas en Toquio e filiais en Estados Unidos e Canadá. En España, o grupo GAN está presente desde 1909. Actualmente existen oficinas comerciais nas principais capitais




C.135. **COMPAÑÍAS DE SEGUROS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990. DISTRIBUCIÓN POR PAÍSES**

| PAÍSES | Número de Empresas | Sucursais e Delegacións | | Emprego en Galicia | | Facturación en Galicia 1990 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Nº | % | Importe (millóns) | % |
| ALEMAÑA | 9 | 33 | 14,29 | 148 | 14,57 | 8683 | 15,56 |
| BÉLXICA | 1 | 6 | 2,6 | 12 | 1,18 | 312 | 0,56 |
| BRASIL | 1 | 2 | 0,87 | 10 | 0,98 | 524 | 0,94 |
| FRANCIA | 13 | 44 | 19,05 | 237 | 23,33 | 12128 | 21,74 |
| HOLANDA | 3 | 23 | 9,96 | 74 | 7,28 | 3871 | 6,94 |
| ITALIA | 3 | 23 | 9,96 | 71 | 6,98 | 5475 | 9,81 |
| KUWAIT | 1 | 4 | 1,73 | 11 | 1,08 | 450 | 0,81 |
| REINO UNIDO | 7 | 27 | 11,69 | 133 | 13,1 | 5479 | 9,82 |
| SUÍZA | 18 | 49 | 21,21 | 216 | 21,26 | 13721 | 24,61 |
| ESTADOS UNIDOS | 4 | 13 | 5,63 | 85 | 8,37 | 4599 | 8,24 |
| OUTROS PAÍSES | 1 | 6 | 2,5 | 19 | 1,87 | 544 | 0,97 |
| TOTAL | 61 | 231 | 100 | 1016 | 100 | 55786 | 100 |

Fonte: elaboración propia.

G.125. **COMPAÑÍAS DE SEGUROS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL POR ÁREAS TERRITORIAIS DAS DELEGACIÓNS E SUCURSAIS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**




FONTE: Elaboración propia.

españolas, ademais dunha rede que se estende por toda a xeografía nacional, representada por preto de 600 colaboradores, axentes e corredores de seguros.

Pola súa banda, a multinacional holandesa Aegon Insurrance implantouse definitivamente en Galicia no ano 1986 ó adquiri-la totalidade da compañía galega Galicia, S.A. de Seguros. Con esta importante adquisición, a firma holandesa entrou de cheo a formar parte do club dos grandes deste mercado en Galicia e en España, ó absorber posteriormente Unión Levantina e Unión Previsora. Actualmente é a segunda máis importante do sector no seu país de orixe, ó situarse detrás de National Nederlanden, que dispón tamén de dúas delegacións en Galicia (unha en Vigo e outra na Coruña). Esta última aseguradora holandesa ten previsto contar para finais de 1992 con 100 novas oficinas en todo o territorio nacional.

En canto á penetración de multinacionais suízas no seguro galego, constatámo-la presencia das principais empresas do país helvético. Entre elas destacan Zurich Group, Winterthur, Schweiz, Baloise, Helvetia, National Suisse e Swiss Holding. Todas elas contan con delegacións en Galicia, ben directamente ben a través das súas delegacións filiais, que se poden ver no cadro 136.

Entre as empresas suízas con maior actividade en Galicia atopámo-la compañía Schweiz. Esta multinacional conta cunha delegación rexional na Coruña, desde a que coordina e dirixe as actividades que a empresa suíza desenvolve en Galicia, Asturias e as provincias de León e Zamora. Entrementres, Winterthur, que se instala en Barcelona en 1910, está levando adiante en España un ambicioso programa que prevé o investimento de 36.500 millóns de pesetas ata 1994 (La Voz de Galicia, 14-01-1991). No mercado asegurador galego está presente desde a década dos anos 40, nunha primeira etapa, a través de axentes representantes e, posteriormente, en 1964 mediante a creación de sucursais propias en Vigo e A Coruña.

Entre as compañías norteamericanas que traballan neste sector debemos menciona-las multinacionais Aetna Life Casualti e Johnson Higgins. A primeira traballa en Galicia a través das nove oficinas que ten a sociedade La Estrella, participada nun 44% pola citada multinacional norteamericana. As súas nove oficinas sitúanse na Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Viveiro. Pola súa banda, Johnson Higgins participa na xestión de Gil y Carvajal, ó controla-lo 25% do capital social da empresa española, que posúe dúas sucursais en Galicia, situadas en Vigo e A Coruña.



C.136. **COMPAÑÍAS DE SEGUROS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Adriática SA de Seg. | MAD | C | Allianze Ras | Alemaña | 100 | 3 | 13 | 1290 |
| Aegon Seguros y Reas. | MAD | C | Aegon Insurrance Group | Holanda | 100 | 12 | 45 | 1880 |
| Alboran Seguros SA | MAD | O | La Genevoise Groupe | Suíza | 100 | 1 | 6 | 360 |
| Allianz-Ercos, SA | MAD | C | Allianz Ras Group | Alemaña | 100 | 4 | 21 | 1816 |
| Amaya SA de Seguros | MAD | C | K.I.O. (Grupo Torras) | Kuwait | 100 | 4 | 11 | 450 |
| Assicurazioni Generali | NAD | C | Assicurazione Generali | Italia | 100 | 2 | 8 | 612 |
| Atlas-Cia A. de Seguros | MAD | V | Du Midi Paris | Francia | 60 | 2 | 6 | 531 |
| A.G.F. Seguros, SA | MAD | C | A.G.F. Groupe | Francia | 100 | 5 | 40 | 1034 |
| Baloise Pastor, SA | MAD | C | La Baloise | Suíza | 75 | 1 | 7 | 1010 |
| Bilbao Cia. de Seguros | VIZ | C | Amev International | Holanda | 86 | 9 | 21 | 1121 |
| Caja de Previsión y S. | BAR | C | Assicurazione Generali | Italia | 100 | 5 | 17 | 860 |
| Cap-Arag Internac. SA | BAR | V | Arag Group | Alemaña | 21 | 4 | 21 | 1040 |
| Caudal de Seguros | MAD | C | Zurich Group | Suíza | 100 | 2 | 14 | 584 |
| Comercial Unión A.C. | BAR | C | Comercial U. Asurrance | R. Unido | 100 | 2 | 13 | 460 |
| Cresa Aseguradora Ib. | BAR | C | Ras Allianz Int. Hold. | Alemaña | 100 | 4 | 16 | 1046 |
| Chasyr Seguros 1879 SA | BAR | C | Eagle Star | R. Unido | 100 | 2 | 12 | 574 |
| Das Internacional SA | BAR | C | Das Deutscher Autom | Alemaña | 100 | 3 | 17 | 890 |
| Erpin SA de Seguros | MAD | C | La Baloise | Suíza | 59 | 3 | 12 | 530 |
| Europa Seguros | BAR | C | Sis Holding | Suíza | 75 | 3 | 7 | 250 |
| First Europe | MAD | C | First Fidelity | U.S.A. | 100 | 1 | 4 | 410 |
| Fortuna España, SA | MAD | C | Fortuna | Suíza | 100 | 3 | 4 | 395 |
| Gan Seguros | MAD | C | Gan Groupe | Francia | 100 | 3 | 13 | 830 |
| Gil y Carvajal de Lte. | BAR | V | Johnson Higgins | U.S.A. | 25 | 2 | 15 | 773 |
| Grupo 86 de Seguros | MAD | C | Equity Law y Otros | R. Unido | 66 | 6 | 21 | 860 |
| Grupo AM de Seguros | MAD | C | Aechener munchener | Alemaña | 100 | 5 | 16 | 896 |
| Grupo Vitalicio SA | MAD | V | Assicuracione Generali | Italia | 25 | 17 | 46 | 4003 |
| Grupo Zurich SA | MAD | C | Zurich Group Holding | Suíza | 100 | 5 | 21 | 1020 |
| Hemisferio L'Abeille | MAD | C | Victoire Group (Vinci) | Francia | 100 | 2 | 21 | 1142 |
| Hispania SA | BAR | O | Zurich Vita | Suíza | 100 | 1 | 8 | 450 |
| Hispano Alsaciana SA | MAD | C | G. Mutuell. Alsaciennes | Francia | 100 | 3 | 4 | 386 |
| La Constancia, SA | MAD | C | Schwetz Allg. | Suíza | 100 | 2 | 13 | 530 |
| La Equitativa | MAD | C | Helvetica Untall | Suíza | 65 | 3 | 14 | 512 |
| La Estrella SA | MAD | C | Aetna Life Casualti | U.S.A. | 44 | 9 | 54 | 2700 |
| La Nórdica SA | BAR | C | Swiss Holding A.G. | Suíza | 75 | 3 | 11 | 850 |
| La Paternal Sica | MAD | V | Du Midi Paris | Francia | 100 | 1 | 14 | 642 |
| La Previsora Hispalen. | MAD | C | Victoire Group | Francia | 100 | 2 | 13 | 343 |
| La Suíza Sdad. Lda. S. | MAD | C | Suisse Societe D'Assu. | Suíza | 100 | 3 | 12 | 914 |
| La Unión y el Fénix | MAD | C | A.G.F. | Francia | 44 | 9 | 49 | 3750 |
| Lloyd Adriático España | MAD | V | Swiss Reinsurrance | Suíza | 88 | 4 | 12 | 567 |
| Mare Nostrum, SA | MAD | C | A.G.P. Cia. du Midi | Francia | 90 | 5 | 16 | 566 |

C.136. (Continuación). **COMPAÑÍAS DE SEGUROS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Minerva SA | MAD | C | A.G.P. Cia. du Midi | Francia | 70 | 3 | 11 | 468 |
| Mudespa | MAD | C | G.M.F. (Ga. Mutual Fun.) | Francia | 100 | 4 | 12 | 621 |
| Nacional Suíza Orion | BAR | C | Cie D'Assurrances N.S. | Suíza | 100 | 2 | 6 | 390 |
| Nationale Nederlanden | MAD | C | National Nederlanden | Holanda | 100 | 2 | 8 | 870 |
| Orbita, SA | MAD | C | Minit Holding B.V. | Bélxica | 100 | 6 | 12 | 312 |
| Pastor Alliance | COR | C | Alliance Capital Menag. | U.S.A. | 50 | 1 | 12 | 716 |
| Plus Ultra Cia. de S. | MAD | C | Norwich Union | R. Unido | 50 | 6 | 35 | 1434 |
| Previsión Española, SA | MAD | C | | | 29 | 6 | 19 | 544 |
| Sanitas, SA | MAD | C | Bupa | R. Unido | 100 | 7 | 28 | 1124 |
| Schwetz C.A.E. Seguros | MAD | C | Schwetz Allgp. | Suíza | 100 | 6 | 20 | 3125 |
| Sudamericana de Seguros | MAD | C | A Sul América Cia. | Brasil | 100 | 2 | 10 | 524 |
| Sun Alliance G.A. | BAR | C | Phoenix Holding | R. Unido | 95 | 2 | 11 | 547 |
| UAP Ibérica | MAD | V | UAP Internat. Groupe | Francia | 100 | 3 | 26 | 1275 |
| Unión Condal de Seg. | BAR | C | A.G.P. Cia. du Midi | Francia | 100 | 2 | 12 | 540 |
| Unión Iberoamericana | MAD | C | Zurich Groupe | Suíza | 50 | 4 | 16 | 840 |
| Unión Peninsular de Seg. | MAD | V | Neuwald A.G. Group | Alemaña | 78 | 2 | 9 | 635 |
| Unión Social de Seguros | MAD | C | Volksfsorge Grp. | Alemaña | 40 | 4 | 23 | 650 |
| Vascongada de Seguros | SSE | C | La Baloise | Suíza | 62 | 1 | 2 | 344 |
| Velázquez SA | MAD | O | Royal Insurrance Hold. | R. Unido | 100 | 2 | 13 | 480 |
| Victoria Meridional | MAD | C | Nordstern Allg Victor | Alemaña | 100 | 4 | 12 | 420 |
| Winterthur Seguros | BAR | C | Winterthur Assurrance | Suíza | 100 | 2 | 31 | 1050 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: sucursais en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

Por último, debemos mencionar tres importantes grupos ingleses que traballan na nosa Comunidade. Un deles é Brithish United Provident Association (BUPA), que en 1988 adquiriu a compañía española Sanitas, facéndose cargo xa que logo das sete oficinas que a citada empresa ten en Galicia. A outra compañía máis importante de nacionalidade británica que traballa en Galicia é a Norwich Union, que controla o 50% da coñecida aseguradora española Plus Ultra, empresa que dispón de seis sucursais en Galicia. Ademais das citadas multinacionais que comentamos, traballan tamén en Galicia as poderosas compañías británicas Royal Insurrance (A Coruña e Vigo), Comercial Union Asurrance e Sun Alliance, as tres principais empresas de seguros de Gran Bretaña.

Xa que logo, como puidemos comprobar, a presencia de grupos estranxeiros neste sector adquire proporcións enormes a medida que os grandes grupos aseguradores europeos se instalan con forza no mercado rexional, quedando practicamente máis do 80% do sector galego en mans de multinacionais estranxeiras, visto o número de empresas de seguros que traballan actualmente en Galicia. As causas da penetración masiva de grupos estranxeiros nesta actividade débese, en boa medida, segundo se tira dun estudio realizado por Francisco De Palacio, ós seguintes factores:

a) O mantemento dunha economía estable e de pleno crecemento.

b) A existencia dunhas perspectivas inmellorables nos seguros persoais, nomeadamente nos ramos de vida e nos de multirrisco do fogar.

c) A saturación do mercado dos principais países europeos.

d) A atomización empresarial existente en España, con compañías débiles e descapitalizadas que son susceptibles de adquisición a baixo prezo.

e) As posibilidades de concentración empresarial.


f) A existencia, en xeral, dun mercado moi pouco explotado, onde aínda caben novos productos e servicios que ofrecer ó consumidor. Neste sentido, un estudio realizado en 1988 indicaba que o mercado potencial era superior ó 90% no caso do ramo de vida, o 83% no do fogar e do 48% no de multirrisco industrial. Por iso, segundo ese estudio (La Voz de Galicia, 14-01-1991, p.59), só o 4,1% da poboación potencialmente asegurable estaba cuberta en Galicia. Xa que logo, un dos factores básicos determinantes na penetración de numerosos grupos estranxeiros, é a existencia dun mercado aínda virxe que está nas condicións axeitadas para ser explotado e desenvolvido apropiadamente.

### 3.4. Consulting e auditoría

Dada a necesidade que teñen as empresas galegas de moderniza-las súas estructuras productivas e sistemas comerciais cara á súa plena integración no mercado único europeo, este eido da actividade empresarial comeza a adquirir en Galicia unha vital importancia. Para iso necesitan asesorarse de compañías especializadas na prestación deste tipo de servicios. A recepción de estudios previos, encamiñados a analiza-la situación do mercado e a estudia-las posibles estratexias productivas e comerciais que a empresa debe seguir, xunto coa realización de auditorías e diversos servicios de asesoramento fiscal, son fundamentalmente as necesidades específicas que a maior parte das empresas galegas demandan ós grandes grupos multiacio-

nais de consulting que están establecidos actualmente en Galicia. Estas multinacionais cobren practicamente a totalidade dos servicios de auditoría solicitados polas grandes empresas industriais que traballan en Galicia.

G.127. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE EMPRESAS DE CONSULTING E AUDITORÍA EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

En 1990 contaban con delegacións en Galicia un total de doce empresas participadas na prestación de servicios de consulting. auditoría e asesoramento empresarial. A maior parte das mesmas son filiais das principais multinacionais do sector. As súas oficinas localízanse nas principais cidades, basicamente na Coruña e Vigo. Notamos, neste sentido, unha preferencia especial por localiza-la dirección rexional en Vigo. Nesta cidade teñen establecida a súa sede central para Galicia as principais compañías multinacionais de consulting que traballan na nosa Comunidade. Este é o caso de Coopers Lybrand, Price Waterhouse, KMG Peat Marwich e de Detoite Touche. Agás a norteamericana Arthur Andersen, que ten a súa sede central na Coruña, o resto dos principais grupos teñen a súa dirección rexional en Vigo. Iso débese, segundo declaracións dos propios responsables das citadas empresas, á maior dimensión demográfica e industrial da área metropolitana de Vigo. O peso do sector industrial é un factor importante para a localización deste tipo de empresas, debido a que boa parte da súa clientela



máis asidua procede da industria, especialmente os contratos de maior envergadura e contía económica.

Arthur Andersen é a multinacional máis importante deste sector que traballa en Galicia, onde dispón de dúas delegacións, unha en Vigo e outra na Coruña. Esta empresa norteamericana foi fundada en 1910 por Arthur Andersen, fillo de emigrantes noruegueses. Desde aquela principia unha etapa de constante ascenso ata se converter no primeiro grupo mundial. En 1940 institucionaliza os cursos de formación de profesionais, implantando posteriormente, en 1950, o sistema de xestión por ordenador. En 1970 establece a Societé Cooperative, con sede en Xenebra, desde onde coordina as súas actividades en Europa. Xa en 1980, a firma organízase en áreas, funcionando en Europa, Oriente Medio, Africa, América Latina, Xapón e Australia. Para asegura-la súa continua expansión e mante-la calidade e formación dos seus profesionais, Arthur Andersen posúe actualmente no mundo un total de sete centros universitarios de formación especializada en auditoría e consulting de empresas. Estes centros distribúense do seguinte xeito: Saint Charles en Chicago, Veldhoven en Holanda, Segovia en España, Quéretro en México, Melbourne en Australia, Tagaytay en Filipinas, Bangkok en Thailandia e Xenebra en Suíza. De todos eles, o centro de Saint Charles é o máis importante, xa que conta con todo tipo de servicios (residencia, comedores, instalacións deportivas, etc.). Este centro dispón de capacidade para 1.500 estudiantes e 260 estacións de traballo. Ademais de contar con estes centros, a multinacional norteamericana destina anualmente o 10% dos seus ingresos para mellora-la calidade profesional e técnica do seu persoal (Echenique, J. 1989, pp.22-27).

En España a multinacional norteamericana é líder absoluto na realización de auditorías empresariais, incrementando notablemente a súa presencia no mercado nacional ó fusionarse coa tamén norteamericana Price Waterhouse, establecida igualmente en Galicia con delegacións na Coruña e Vigo. Son numerosos os traballos realizados por Arthur Andersen en Galicia. Así, coñecémo-las auditorías realizadas a Unión Eléctrica Fenosa, S.A., Aluminio de Galicia, Alúmina Española, Aluminio Español, Banco Pastor e a outras importantes empresas galegas.

De nacionalidade estadounidense son tamén as multinacionais KPMG Peat Marwick, Ernst and Youg e Deloite Ross Thomatsu, as dúas primeiras con delegacións na Coruña e Vigo, mentres que a terceira contaba en 1991 con catro delegacións situadas na Coruña, Vigo, Ourense e Santiago.

De nacionalidade británica é a multinacional Coopers Lybrand, que se implantou en Galicia en 1987, abrindo unha oficina en Vigo. De menor dimensión empresarial, hai que cita-la recente creación da empresa galega Capital Galicia, vencellada ó grupo kuwaití KIO a través da súa filial Beta Capital, principal accionista da citada empresa galega con base na Coruña.

Ademais deste conxunto de empresas multinacionais que traballan directamente en Galicia a través das súas propias delegacións, existen outras que carecendo de oficinas e instalacións na nosa Comunidade fanse cargo, con certa frecuencia, de importantes estudios e proxectos, nos que a dirección e execución se levan adiante directamente desde Madrid, Este é o caso de boa parte dos estudios e diagnósticos que sobre Galicia se encargaron ás firmas francesas Sofemasa, integrada no grupo Sema Metra, e a Seretres, ámbalas dúas domiciliadas en París e con filiais en España. Sofemasa e Metra-Seis encargáronse da realización de numerosos estudios sobre o territorio galego, destacando entre outros o realizado entre 1988 e 1989 sobre as posibilidades de desenvolvemento industrial da provincia de Ourense. Así mesmo, o grupo parisino Seretes foi o encargado de levar adiante, a principios dos anos 60, un rigoroso estudio para avalia-las posibilidades de establecer varios polos de desenvolvemento en Galicia (Seretes, 1963). Posteriormente, en 1974 e 1976, a empresa Metra-Seis, filial do grupo francés Sema-Metra, foi o encargado de realizar tres importantes estudios: *Situación actual y perspectivas de desarrollo en Galicia*, editado en Madrid en 1974 pola Confederación de Caixas de Aforro, *Evaluación Económica de las necesidades de suelo industrial en la provincia de Pontevedra*, publicado tamén en 1974 pola Caixa de Aforros de Vigo e *Diseño de una estrategia para la protección del medio ambiente en la provincia de Pontevedra*, publicado pola Caixa de Aforros de Vigo en 1976.

C.137. **EMPRESAS DE CONSULTING E AUDITORÍA PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Arthur Anderse y Cia. | MAD | C | Arthur Andersen | U.S.A. | 100 | 2 | 21 | 1375 |
| Cálculo y Trat. Informa. | MAD | C | Grupo Francés | Francia | 100 | 1 | 15 | 390 |
| Capital Galicia SA | COR | C | K.I.O. (Beta Capital) | Kuwait | 100 | 1 | 26 | 196 |
| Const. Tec. Mercantil SA | PON | V | Mori Diez | Suíza | 100 | 1 | 8 | 180 |
| Coopers Lybrand, SA | MAD | V | Coopers Lybrand | R. Unido | 100 | 2 | 18 | 654 |
| Deloite & Touche | MAD | V | Deloite Ross Thomatsu | USA/Xap. | 100 | 4 | 27 | 1154 |
| Ernst and Young y Cia. | MAD | C | Ernst Young | U.S.A. | 100 | 2 | 21 | 710 |
| Foster Galicia, SA | COR | C | Foster Weeler | U.S.A. | 100 | 1 | 12 | 190 |
| Henry Guyatt Marwick | MAD | C | Lloyd's Register | U.S.A. | 100 | 1 | 12 | 350 |
| KPMG Peat Marwick | MAD | V | KPMG Peat Marwick | U.S.A. | 100 | 1 | 15 | 560 |
| Planinfor SA | COR | C | Computerland Corp. | U.S.A. | 100 | 2 | 22 | 190 |
| Price Waterhouse Aud. | MAD | V | Price Waterhouse | U.S.A. | 100 | 2 | 27 | 1260 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.



Como vemos, a execución de importantes estudios, así como a realización de auditorías a grandes empresas, corren a cargo das principais compañías multinacionais, establecidas ou non en Galicia. En canto á procedencia do capital, debemos sinala-lo liderato que exercen neste eido as empresas norteamericanas, de onde procede máis do 61% do investimento destinado a Galicia. O resto repártese basicamente, como podemos apreciar no gráfico 127, entre varios países europeos.


### 3.5. Publicidade e marketing

Esta é outra das actividades que está practicamente controlada na súa totalidade polas multinacionais estranxeiras. A nivel nacional, as dez primeiras axencias de publicidade con maior volume de facturación en España, segundo se recolle no anuario de *Fomento de La Producción*, son compañías estranxeiras, e só 33 das 65 primeiras son enteiramente españolas.

A colonización do mercado publicitario galego é tamén case absoluta, especialmente desde que en 1986 o 50% do capital social da principal axencia de publicidade de Galicia, Imaxe Barro, foi adquirida a través do grupo *Barro/CDP* pola poderosa multinacional inglesa Collet Dickenson Pearc. Este importante grupo inglés, que conta con filiais en 14 países, está participado á súa vez desde 1990 pola multinacional Dentsu, primeira axencia de publicidade en Xapón.

O desembarco do capital estranxeiro no sector publicitario galego, que procede maioritariamente do Reino Unido, é por tanto moi recente. Ó longo dos anos 80 e comezos dos 90 fóronse instalando os principais grupos multinacionais que funcionan actualmente en Galicia. Estes comezaron a competir duramente coas axencias galegas, caracterizadas pola súa atomización, escaso *know-how*, reducidos presupostos e escasa capacidade investidora, situación que se dá tamén nas empresas galegas de seguros. Esta débil estructura empresarial favorece a penetración das grandes compañías estran-

G.128. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE EMPRESAS DE PUBLICIDADE E MARKETING EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

xeiras. Así se foron instalando en Galicia algunhas das principais empresas multinacionais que traballan nese campo. Este é o caso da británica Saatchi Saatchi, que traballa en Galicia a través da súa filial BSB Publicidad, que conta con oficinas en Vigo e A Coruña. O grupo Baker-Spielvogel Bates (BSB), ligado nas súas orixes á multinacional norteamericana Ted Bates, constitúese en España en 1986. Desde aquela estendeuse por diversas cidades españolas ata integrarse finalmente no grupo inglés Saatchi Saatchi.

Foote Cone Belding é outra das grandes multinacionais británicas con forte implantación en Galicia. A través das súas filiais Arge, S.A., Publiespaña e Publigalicia, todas elas con delegacións na Coruña e Vigo -agás Publigalicia que só dispón dunha oficina na Coruña- a multinacional inglesa mantén unha destacada presencia no mercado galego.

Ademais da importante presencia de empresas británicas, como tivemos ocasión de comprobar, traballan tamén en Galicia outras de nacionalidade francesa e norteamericana que controlan boa parte do mercado galego en valados publicitarios. Neste campo traballan fundamentalmente a francesa Avenir, que dispón de dúas delegacións en Galicia: unha en Vigo e outra na Coruña, e Denver Ibérica, filial do grupo norteamericano Denver Corporation, que dispón dunha oficina na Coruña. Entre as últimas multinacionais



europeas en instalárense en Galicia atopámo-la francesa Carat International. Esta implántase en Galicia en 1990 a través da súa filial Media Europe Galicia, que sitúa a súa oficina tamén na Coruña.

O feito de que practicamente a totalidade das empresas multinacionais especializadas no eido da publicidade teñan establecida a súa dirección rexional para toda a Comunidade Autónoma na Coruña pon de manifesto, unha vez máis, a forte capacidade de atracción que a cidade herculina ten para os investidores estranxeiros. Nela encontran unha maior dotación de servicios e a proximidade dos principais medios de comunicación con maior difusión en Galicia. A entrada en funcionamento da Televisión Autonómica, con base en Santiago de Compostela, constitúe outro factor atractivo para a futura localización de sociedades desta natureza, como así o demostra a creación da empresa Galaxia de Comunicación, vencellada ó libanés Ghaleb Jaber, propietario do grupo turístico Rahid.

C.138. **EMPRESAS DE PUBLICIDADE E MARKETING PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Arge SA | MAD | C | Foote Cone Belding Int. | R. Unido | 100 | 3 | 11 | 640 |
| Avenir España, SA | MAD | C | Avenir Groupe | Francia | 100 | 2 | 8 | — |
| B.S.B. Publicidad Sa | MAD | C | Saatchi & Saatchi | R. Unido | 60 | 2 | 12 | 681 |
| Denver Ibérica, SA | MAD | C | Denver Corp. | U.S.A. | 100 | 1 | 5 | — |
| Galaxia D. Comunicación | COR | S | Ghaleb Jaber (Rahid) | Líbano | 100 | 6 | 38 | 190 |
| Imaxe/Barro Publicida | COR | C | Collet Dickenson Pearc. | R. Unido | 49 | 2 | 20 | 1018 |
| Mediaeurope Galicia | COR | C | Carat International | Francia | 100 | 1 | 10 | 860 |
| Publiespaña, SA | MAD | C | Foote Cone & Belding | R. Unido | 100 | 2 | 6 | — |
| Publigalicia, SA | COR | C | Foote Cone & Belding | R. Unido | 100 | 1 | 5 | — |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

Os factores que acabamos de comentar son pois decisivos para a localización das oficinas deste tipo de empresas en Galicia. Pero, á marxe do xa coñecido *boom* económico, o atractivo que exerce España no seu conxunto sobre as axencias publicitarias e mailas compañías estranxeiras de servicios de marketing radica en que moitos dos clientes destas empresas está investindo con forza na Península Ibérica. Na súa loita por gañaren maior participación no mercado no noso país, os fabricantes multinacionais de productos de consumo, como acertadamente sinala Margarita Sierra, autora dun

estudio sobre o sector publicitario, non só están comprando empresas nacionais, senón que tenden a diversifica-las súas actividades e a lanzar novos productos a un ritmo cada vez máis elevado, co conseguinte aumento do investimento publicitario (Sierra, M. 1990, p.37). En efecto, o investimento publicitario aumentou considerablemente nos últimos cinco anos, por causa das televisións autonómicas e a recente incorporación de tres cadeas privadas que traballan xa nas principais cidades españolas e galegas. Algunhas delas están participadas por poderosos grupos multinacionais, como Tele 5, onde a metade do capital social pertence ó magnate italiano Berlusconi. O mesmo acontece con Canal Plus, filial do grupo francés do mesmo nome.

A estas circunstancias hai que engadi-los voluminosos investimentos que en continuas campañas publicitarias están realizando as principais multinacionais dos distintos sectores económicos. Estas intensas campañas publicitarias difundidas por radio, prensa e televisión están modificando pouco e pouco os hábitos, costumes e comportamentos do comsumidor español, que cada vez se parece máis ós doutros países europeos e de Estados Unidos. Deste xeito, as empresas multinacionais, ó lanzar mensaxes publicitarias idénticas en diversos países, desempeñan un papel decisivo na harmonización dos hábitos de consumo, potenciando con iso a creación dun auténtico mercado único.


### 3.6. Hostelería e turismo

Este é o único sector onde o capital estranxeiro procede de forma maioritaria dos países latinoamericanos. En efecto, o 58,2% do capital estranxeiro destinado a este tipo de actividades procede de seis países iberoamericanos (México, Arxentina, Venezuela, Brasil, Panamá e Uruguai). Os investidores destes países, emigrantes galegos residentes en Iberoamérica, destinan os seus investimentos basicamente á adquisición e construcción de hoteis e restaurantes en áreas tradicionalmente turísticas da xeografía galega, especialmente na área de Vigo e en todo o conxunto xeográfico das Rías Baixas.

A preferencia dos investidores latinoamericanos polo sector turístico está estrictamente vencellado ás actividades e negocios que os mesmos empresarios e investidores desenvolven habitualmente no continente americano. Sen un coñecemento especializado no sector e con grandes deficiencias na súa formación empresarial, algúns emigrantes galegos crearon en Iberoamérica importantes imperios económicos relacionados co mundo da hostelería, os espectáculos nocturnos e as actividades inmobiliarias. Son preci-



G.129. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE EMPRESAS DE HOSTELERÍA E TURISMO EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

samente os propietarios deste tipo de negocios os que agora comezan a introducirse no sector turístico galego, acometendo tímidos investimentos en puntos turísticos específicos da costa galega. Así, atopamos un bo número de hoteis, restaurantes e pequenas empresas dedicadas á explotación dos recursos turísticos de Galicia participadas por investidores mexicanos e doutro tipo de nacionalidades, tal e como se pode ver no cadro 139.

A súa penetración faise efectiva mesmo en empresas dedicadas á explotación de campings, como é o caso de Avia, S.L., sociedade constituída en Ourense en 1968 coa finalidade de dedicarse á explotación de acampamentos turísticos en Galicia. Despois de varios anos de funcionamento, a empresa que explota o camping de Leiro, con capacidade para 300 persoas, foi adquirida maioritariamente en 1989 por dous emigrantes galegos de nacionalidade mexicana, que controlan o 75% do capital social da citada empresa ourensá. Do mesmo xeito, a familia Vázquez Raña, natural do concello ourensán de Avión, propietaria dun importante holding empresarial en México, conta cunha pequena participación na sociedade Hoteles Gallegos, que explota o hotel de Samil de Vigo. Así mesmo, coñécese a súa participación no Hotel Tamanaco, situado no concello do Grove. En México, a familia Vázquez Raña controla a totalidade do capital do xornal Gran Sol,

é accionista maioritario de Televisa -unha das principais cadeas de televisión de México- e controla unha parte do capital social de Galavisión, cadea que emite vía satélite e dispón dunha cadea de hoteis e hospitais en Nova York. Ademais, conta con fábricas de mobles e é concesionario exclusivo da multinacional xaponesa Sanyo para todo México. En 1990 desfíxose do control da axencia UPI, unha das tres primeiras axencias multinacionais de información máis importantes do mundo. Con todo, e malia contar cunha importante fortuna, a familia Vázquez Raña destinou a Barcelona a maior parte dos investimentos que realizaron en España durante os últimos cinco anos, sendo moi escasos os realizados en Galicia.

En canto ás multinacionais máis importantes do sector turístico europeo que traballan actualmente en Galicia, debemos cita-la empresa belga Wagons Lits, décima empresa no seu país e unha das máis importantes do mundo no seu sector. A súa actividade en Galicia canalízase a través dunha delegación situada na Coruña, especializada en organizar e planificar viaxes turísticas. A súa presencia na nosa Comunidade compleméntase con tres oficinas da axencia de Viaxes Ecuador e con catro sucursais de Tiempo Libre, así como con outras tres de Pullmantur, ambas empresas participadas pola citada multinacional belga.

Vencellada ó empresario italiano Giancarlo Parreti, témo-la empresa Viajes Meliá, S.A., que conta en Galicia con seis oficinas instaladas nas principais cidades galegas e con grande capacidade na nosa Comunidade para a organización de viaxes turísticas. A filial española, unha das primeiras do sector en Galicia xunto con Viajes Ecuador, está integrada no grupo Confiance, onde o empresario italiano ten a maioría absoluta do capital social (Salsamendi, I. 1991, pp. 32-35).

De capital cubano é a empresa Guanamá, maiorista de viaxes que conta con axencias en Madrid, Barcelona e Santiago de Compostela. Esta empresa é filial de Havanatur, un grupo de turoperadores e axencias de viaxes constituído en Panamá e con sede na Habana. Controla o 25% do mercado emisor de turismo cara a Cuba, transladando anualmente máis de 55.000 turistas á illa cribeña. Deste xeito, a empresa cubana que se instala en Santiago de Compostela a comezos de 1992 conduce o 45% dos turistas españois que se dirixen habitualmente á Habana (La Voz de Galicia, 23-04-1992, p.72). De capital sudamericano, neste caso de orixe arxentina, é a empresa Longueira y Longueira Agencia de Viajes, que conta cunha delegación na Coruña dedicada á organización e planificación de viaxes turísticas.



No eido da hostelería traballan tamén en Galicia importantes multinacionais. Entre as máis coñecidas atopámo-las firmas norteamericanas Burger King e Mac Donald's, ámbalas dúas implantadas na nosa Comunidade. A primeira instalouse en Vigo en 1988 a través da súa filial española Quick Mealls Ibérica, que explota en España a cadea de hamburgueserías Burger King. A segunda instálase en Galicia en 1990, creando un establecemento na Coruña. A súa actividade na Península realízase a través dos seus propios restaurantes e por aqueles integrados na empresa Restaurantes Servicios Rápidos Gerardo Martínez, pertencente á multinacional norteamericana Mac Donald's. Estas dúas firmas norteamericanas, especializadas en comidas rápidas a base de hamburguesas e os seus derivados, traballan practicamente en todo o mundo, ben mediante os seus propios restaurantes ben a través dos franquiados. Mac Donald's tiña en 1989 vintesete establecementos en España, trescentos na RFA e douscentos en Gran Bretaña. Entrementres, Burger King para ese mesmo ano contaba xa con 36 establecementos franquiados instalados en territorio español (Echenique, J. e Salas, C. 1989, pp.22-25).

En xeral, este tipo de empresas recorren ó sistema de franquías para se instalaren e estenderen a súa propia rede de establecementos. Así, o sistema seguido por Burger King, moi semellante ó doutras cadeas do sector, baséase fundamentalmente en estudia-las solicitudes daquelas persoas e empresas interesadas en crear un establecemento en franquía. Para iso, requírese que o aspirante dispoña de recursos financeiros abondo, non inferiores a 50 millóns de pesetas. Tras realizarse unha entrevista entre franquiador e franquiado, o aspirante debe pasar unha semana nun restaurante da cadea multinacional, de xeito que vaia tomando contacto co funcionamento do negocio. Entrementres, a cadea valora se esa persoa ofrece garantías para dirixir con éxito o futuro establecemento. Se a persoa demostrou ter capacidade abondo para asumi-la dirección dun novo restaurante, dispón de seis meses para atopar un local que deberá recibi-la aprobación da multinacional. Esta tende a aconsellar sobre as zonas máis convenientes en cada momento. Logo disto, concédese un prazo doutros seis meses para poñelo en marcha e, se procede, asinar un contrato de franquía por 20 anos. Mentres o restaurante se vai construíndo, a persoa acomete o investimento xunto cos xerentes e socios operativos do restaurante reciben un curso de formación que dura tres meses. Os empregados tamén reciben tres meses de adestramento nalgún local da multinacional o máis próximo ó que se vaia inau-

gurar. Para abri-lo futuro restaurante "o franquiado debe pagar previamente catro millóns de pesetas á multinacional, e desde o momento en que comeza a funcionar debe entregar anualmente o 4% das súas vendas para que esta o invista en publicidade. Ademais, outro 4% destínase ó capítulo de *royalties*, que van parar ós Estados Unidos" (Echenique, J. e Salas, C. 1989, p.25).

A penetración de grupos estranxeiros especializados en comidas rápidas é cada vez máis agresiva. En España, a proliferación de locais dedicados á venda de pizzas e hamburguesas non para. Así, recentemente, a empresa Sigla, S.A., participada nun 85% por accionistas estranxeiros, acaba de instalarse en Santiago de Compostela cun establecemento de comida italiana que funciona co anagrama comercial de TOPS.


Entre as grandes compañías multinacionais europeas especializadas na prestación de servicios de alimentación a grandes colectividades atopámo-la holandesa Efthor Holding. Esta multinacional traballa en Galicia a través da súa filial española Eurests, S.A., concentrando a súa actividade na Coruña, onde conta cunha delegación, e prestando os seus servicios a varios colexios e a empresas públicas e privadas.

Entre os proxectos de maior envergadura realizados no sector turístico galego durante os últimos 10 anos destaca o promovido polo libanés Ghaleb Jaber Ibrahim. Este empresario, instalado en Santiago de Compostela, creou en 1985 a empresa Rahid, S.A., a través da cal realizou investimentos na capital galega por valor de 2.000 millóns de pesetas. Con este investimento construíu o complexo Araguaney, que ocupa unha superficie de 2.000 metros cadrados e onde se encontra un hotel de cinco estrelas, un restaurante, un aparcadoiro e varios locais comerciais dedicados basicamente á comercialización de diversos obxectos de quincalla, así como outros especializados na venda de prendas de vestir. A andadura empresarial de Ghaleb Jaber Ibrahim comeza ó converterse en administrador e xestor da fortuna herdada pola súa muller, Regina Martínez, filla dun emigrante de Santa Comba que fixo fortuna en Venezuela (La Voz de Galicia, 15-04-1988).

De considerable importancia é tamén o investimento de 3.000 millóns de pesetas realizado polo magante suízo de orixe belga Marc Rich para construír na Coruña o Hotel *María Pita*. Para a execución do proxecto, o empresario suízo, a través da multinacional Marc Rich Co. Trading A.G. e das súas propias filiais en España Ron Investment e Con Tryp, constituíu en Galicia en 1989 a empresa Explotaciones Turísticas de Galicia, S.A., creando un



C.140. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO SUÍZO MARC RICH EN 1989**




Fonte: Rodríguez Berzosa, A. 1989. P. 26.
Actualidade Económica, 9 de outubro de 1989.

total de 49 postos de traballo. Marc Rich Co. Trading, segunda empresa de Suíza por volume de vendas detrás de Nestlé, é hoxe unha das empresas máis poderosas do mundo, e factura anualmente máis de 3,6 billóns de pesetas, dando emprego no mundo a 1200 persoas (ver cadro 140). Aínda que a firma está especializada fundamentalmente no comercio de materias primas (41 sociedades no mundo), as súas actividades esténdense tamén á fundición de aluminio, explotación de minas de ouro e zinc e á explotación de complexos hoteleiros (Rodríguez Berzosa, A. 1989b, pp.24-30).

Como puidemos apreciar, a entrada de grandes grupos multinacionais no sector turístico galego xa é considerable. Aínda que a penetración deste tipo de empresas non é aínda masiva, esta adquire cada vez maior importancia, sobre todo se se ten en conta a debilidade do sector turístico galego. Así e todo, é

C.139. **HOSTELERÍA E TURISMO. EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Avia, SL | OUR | O | Varios Socios | México | 75 | 1 | 15 | 95 |
| Eurest, SA | MAD | C | Efthor Holding | Holanda | 100 | 1 | 48 | 450 |
| Exp. Turismo Galicia | COR | S | Varios Socios | U.S.A. | 100 | 1 | 8 | — |
| Exp. Turísticas de G. SA | COR | C | Mar Rich Trading Ag. | Suíza | 100 | 1 | 49 | — |
| Galiaco Portuguesa V. | PON | V | Socios Portugueses | Portugal | 50 | 1 | 6 | 110 |
| Galicia Travel Inter. | PON | V | Holland International | Holanda | 100 | 1 | 4 | — |
| Hostal Buenos Aires | PON | V | Familiar | Arxentina | 100 | 1 | 16 | 150 |
| Hostal Venus de Nigran | PON | V | Familia Gomes Lopes | Portugal | 100 | 1 | 5 | — |
| Hotel Aeropuerto SA | PON | V | Familiar | México | 100 | 1 | 24 | 190 |
| Hotel Arenteiro | OUR | O | Investidor privado | Arxentina | 100 | 1 | 3 | 62 |
| Hotel Argentino | PON | V | Familiar | Arxentina | 100 | 1 | 14 | — |
| Hotel Brasil Porriño | PON | P | Varios Socios | Brasil | MAY | 1 | 12 | 80 |
| Hotel Brasil Verín | ORE | O | Familiar | Brasil | 100 | 1 | 6 | 60 |
| Hotel Brasilia | PON | V | Varios Socios | Brasil | MAI | 1 | 12 | — |
| Hotel Estoril de Vigo | PON | V | Varios Socios | Portugal | MAI | 1 | 15 | — |
| Hotel Galicia Palace | PON | P | Varios Socios | Arxentina | MAI | 1 | 21 | 200 |
| Hotel Junquera | PON | V | Familiar | Arxentina | 100 | 1 | 23 | 180 |
| Hotel México de Vigo | PON | V | Varios Socios | México | MAI | 1 | 22 | 123 |
| Hotel México Ponteved. | PON | P | Varios Socios | México | 100 | 1 | 11 | 110 |
| Hotel México Santiago | COR | S | Varios Socios | México | MAI | 1 | 13 | 120 |
| Hotel Nueva Brasilia | PON | V | Varios Socios | Brasil | 100 | 1 | 13 | — |
| Hotel Panamá de Caldas | PON | P | Familiar | Panamá | 100 | 1 | 6 | — |
| Hotel Tamanaco | PON | P | Familia Vázquez Raña | México | 100 | 1 | 14 | 111 |
| Hotel Tres Países | PON | V | Varios Socios | Méxi/Ven | MAI | 1 | 12 | 90 |
| Hotel Uruguay | PON | V | Familiar | Uruguai | 100 | 1 | 15 | — |
| Hotel Venezuela | PON | V | Familiar | Venezuela | 100 | 1 | 11 | — |
| Hoteles Gallegos, SA | PON | V | Familia Vázquez Raña | México | MIN | 1 | 42 | 270 |
| Motel Acapulco | PON | P | Varios Socios | México | 100 | 1 | 13 | — |
| Pullmantur, SA | MAD | V | Wagons Lits | Bélxica | 14 | 3 | 11 | 420 |
| Quick Mealls Ibérica | MAD | V | Burguer King Intern. | U.S.A. | 100 | 1 | 17 | 213 |
| Rahid SA | COR | S | Ghaleb Jaber | Líbano | 100 | 1 | 40 | 510 |
| Restaurante Pekin SL | COR | C | Inv. Privado | China | 100 | 1 | 8 | — |
| Rest. China Ming SL | COR | S | Inv. privado | China | 100 | 1 | 5 | — |
| Rest. Mac Donald's, SA | MAD | C | Mac Donald's | U.S.A. | 100 | 1 | 19 | 168 |
| Rest. Puente Taboada | PON | P | Familiar | Venezuela | 100 | 1 | 5 | 55 |
| Sada Palace SA | COR | C | Familiar | Arxentina | 100 | 1 | 24 | 180 |
| Tiempo Libre, SA | MAD | C | Wagons Lits | Bélxica | 16 | 4 | 12 | 623 |
| Viajes Amado, SA | COR | C | American Express | U.S.A. | 100 | 3 | 11 | 475 |
| Viajes Ecuador, SA | BIL | C | Wagons Lits | Bélxica | 69 | 3 | 20 | 1115 |
| Viajes Melia, SA | MAD | C | Giancarlo Parreti | Italia | 100 | 6 | 34 | 2436 |
| Wagons Lits Viajes SA | BAR | C | Wagons Lits | Bélxica | 100 | 1 | 5 | 540 |
| Xanadu SL | PON | V | Familia Domínguez Vaz. | México | 100 | 1 | 13 | 112 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: establecementos.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.



de esperar que nos próximos cinco anos, a medida que o sector turístico galego se vaia desenvolvendo, se instalen en Galicia novas empresas estranxeiras coa finalidade de estende-la súa rede de servicios hoteleiros e turísticos na nosa Comunidade. Neste sentido, un informe elaborado por ADAC e publicado na revista alemana *Stern* a finais de xullo de 1991 anima as empresas xermanas do sector turístico a instalarse en Galicia baseándose nas enormes posibilidades que a rexión ofrece para promover proxectos relacionados co turismo verde (Stern, 22-07-1991, pp.16-19). A revista alemana salienta a enorme riqueza paisaxística da nosa Comunidade, sinalando que a súa explotación turística debe acometerse mediante a adopción das seguintes medidas:

a) Creación de estacións e refuxios de montaña.


b) Creación de gardas forestais especializados.

c) Aproveitamento turístico dos encoros.

d) Desconxestión das praias e potenciación dos recursos endóxenos.

e) Potenciación do turismo rural e ecolóxico.

C.141. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL PARTICIPADA POR GIANCARLO PARRETI EN 1991**




Fonte: Salsamendi, I. 1991, P. 33. Actualidad Económica, 11 de marzo de 1991.

En suma, o informe salienta as excelentes condicións físicas de Galicia para desenvolver un turismo verde que constitúa unha auténtica alternativa ó turismo masificado das praias mediterráneas.

### 3.7. Servicios diversos

O capital estranxeiro tamén fai acto de presencia nas empresas que se dedican a prestar servicios diversos, especialmente naquelas dedicadas á prestación de servicios públicos, servicios de seguridade e outros.

O capital estranxeiro detectado neste grupo de empresas procede case no 70% dos casos analizados de Francia, Reino Unido e Estados Unidos. Entrementres, o resto, como se aprecia no gráfico 130, aparece moi distribuído entre distintos países europeos.


Entre as empresas participadas por investidores estranxeiros cunha forte implantación na nosa Comunidade destaca a empresa de vixiancia e seguridade Prosegur, S.A., que traballa en Galicia a través de sete delegacións situadas na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. A importancia desta empresa, participada pola multinacional norteamericana American District Tel. débese á súa forte implantación en Galicia, onde funciona desde 1982. A súa actividade foise consolidando na nosa Comunidade, onde logrou unha importante cota de mercado, que se corresponde con fortes aumentos no cadro de persoal, -en 1990 chega os 438 empregados (La Voz de Galicia, 16-04-1991, p.57)-. Da casa matriz de Prosegur dependen actualmente dez filiais que dan emprego a case 10.000 persoas en España.

A penetración de capital estranxeiro nas compañías de seguridade en España e Galicia tende a incrementarse, se temos en conta que ademais da empresa antes comentada o capital estranxeiro está presente tamén nas empresas Cerbus Protección e Grupo 4 Securitas, S.A., ámbalas dúas con delegación na Coruña. O Grupo 4 Securitas foi a primeira filial creada pola multinacional sueca Securitas en España. Sen embargo, o grupo sueco anunciou en decembro de 1991 a súa intención de facerse co control do grupo español Esabe (La Voz de Galicia, 23-12-1991), empresa que desenvolve unha grande actividade en Galicia, onde funciona a través de 5 delegacións que ocupan a 140 traballadores. A finais de febreiro de 1992 a citada multinacional sueca absorbe definitivamente o grupo Esabe. Deste xeito, o consorcio sueco, que recentemente adquiriu tamén a totalidade das accións da empresa suíza Protectas, converteuse no maior grupo de seguridade existente en Europa, ó facturar máis de 96.100 millóns de pesetas e dar emprego a algo máis de 27.000 traballadores en Europa. A multinacional sueca Securitas comezou a súa expansión internacional en 1988, acometendo adquisicións rápidas que lle permiten actuar ademais en Noruega, Dinamarca, Portugal e Hungría.



As empresas de seguridade comezan a implantarse en España hai 17 anos, coincidindo co aumento da inseguridade nas grandes cidades e a necesidade de crear sistemas paralelos de seguridade ós que dependen do Estado. Esta nova filosofía, na que a producción deixa de ser un monopolio do Estado, tal como era definido polas teorías liberais, vese reforzada pola aparición dun Decreto de marzo de 1977 polo que se prescribe a utilización de medidas disuasorias nas oficinas bancarias de todo o país. É durante os anos oitenta cando este tipo de empresas coñecen os seus anos de medre e expansión (Economía Gallega, marzo de 1989, pp.26-29), sendo na actualidade un negocio moi rendoso.


G.130. **PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO DIRECTO DESTINADO Á ADQUISICIÓN DE EMPRESAS DEDICADAS Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS DIVERSOS EN GALICIA DURANTE O PERÍODO 1960-1990**




FONTE: Elaboración propia.

Outra das empresas con forte implantación na xeografía galega é Aquagest, S.A. Esta empresa, vencellada á multinacional francesa Lyonnaise des Eaux a través da Corporación Agbar, S.A., está moi estendida por toda a Comunidade Autónoma Galega, onde se encarga do mantemento e subministro de auga potable a 34 concellos (La Voz de Galicia, 18-03-1991, p.57). Aqua-

MAPA 32. **REDE DE SERVICIOS DE AUGA POTABLE ATENDIDOS POLA COMPAÑÍA "AQUAGEST" EN GALICIA. LOCALIZACIÓN DA DIRECCIÓN REXIONAL E REDE DE SERVICIOS EN 1990**





Fonte: La Voz de Galicia, 18-03-1991, p. 57 e elaboración propia.



gest introdúcese en Galicia en 1971, ano en que se fai cargo da rede de distribución de auga da cidade compostelá. Actualmente é filial da Sociedad de Aguas de Barcelona, onde a multinacional francesa Lyonnaise des Eaux controla o 20% do capital social.

Nos últimos anos instaláronse en Galicia diversas firmas multinacionais dedicadas á prestación de servicios públicos. Entre elas debemos mencionala francesa Hypromat France, que a través da súa filial española Hypromat España, S.A. instalou en Vigo en 1989 un autoservicio para lavado de automóbiles. En 1991 esta multinacional francesa dispoñía xa dunha ampla rede en toda Europa e de 37 establecementos en España. Seguindo un ambicioso plano de expansión, a filial española da multinacional gala prevé instalar ó longo de 1992 catro novos centros nas principais cidades galegas. Para iso recorrerá ó sistema de franquía, limitándose a multinacional a monta-las instalacións e a prestar asistencia técnica cando for preciso.

C.142. **ESTRUCTURA EMPRESARIAL DO GRUPO PROSEGUR EN ESPAÑA E PORTUGAL EN 1991**




Fonte: La Voz de Galicia, Suplemento Finazas e Emprego, 22-03-1992, P.8

C.143. **PRESTACIÓN DE SERVICIOS DIVERSOS. EMPRESAS PARTICIPADAS POR INVESTIDORES ESTRANXEIROS OPERATIVAS EN GALICIA EN 1990**

| Empresa | DS | DR | Investidor | País | Control | ND | Emprego | Factur. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alliance Française | BAR | S | Alliance Française | Francia | 100 | 2 | 16 | 90 |
| Aparcam. Cuatro Caminos | COR | C | Varios Socios | R. Unido | 100 | 1 | 5 | 140 |
| Aquagest | MAD | S | Lyonnais des Aux | Francia | 23 | 34 | 178 | 1112 |
| Cambrige Scholl SA | MAD | V | Varios Socios | R. Unido | MAI | 5 | 28 | 140 |
| Ceditaca, SA | MAD | C | Ceditaca International | U.S.A. | 100 | 1 | 8 | 190 |
| Cerbus Proteccion SA | BAR | C | Varios Socios | Francia | 100 | 1 | 9 | 190 |
| Clarke Modet & Co. | MAD | S | Clark Mod. | Alemaña | 100 | 1 | 5 | — |
| El Centro Británico | MAD | S | T.E.I. | R. Unido | 100 | 2 | 21 | 168 |
| Galería Bertrand | PON | V | Familia Bertrand | Portugal | 100 | 1 | 6 | — |
| Grupo 4 Securitas | MAD | C | Group Securitas Int. | Suecia | 100 | 1 | 46 | 830 |
| Hipromat España, SA | MAD | V | Hipromat France | Francia | 100 | 1 | 3 | 128 |
| Parking Principe C.B. | PON | V | Familia Hermida | México | 100 | 1 | 8 | 156 |
| Prosegur Seguridad | MAD | V | American District Tel. | U.S.A. | 75 | 5 | 438 | 1560 |
| Svenson International | BAR | C | Svenson International | U.S.A. | 100 | 1 | 9 | 230 |
| The English Institute | MAD | V | T.E.I. | R. Unido | 100 | 2 | 16 | 110 |

DS: domicilio social. DR: dirección rexional. ND: delegacións en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

De características semellantes é a multinacional norteamericana Servicemaster, especializada na prestación de todo tipo de servicios de limpeza. Esta empresa, que se instala en Galicia (Arteixo) a comezos de 1992, é líder mundial en servicios de limpeza a particulares e empresas. En 1991 facturou 2.110 millóns de dólares (El Correo Gallego, 16-05-1992, p.10), e contaba cunha rede de 4000 franquías en Estados Unidos, Canadá, Xapón e Europa.

Xa entrando no terreo dos servicios persoais, notámo-la presencia de diversas sociedades foráneas que traballan no eido académico e na prestación de servicios de asistencia sanitaria. Dedicados ó ensino de idiomas, traballan en Galicia, desde mediados dos anos 70, a Allinace Francaise, O Centro Británico e o Cambridge School. Estes Institutos dedicados ó ensino e promoción da lingua francesa e inglesa respectivamente desenvolven unha gran actividade nos principais núcleos universitarios de Galicia.

A finais da década dos oitenta instálanse na Coruña dúas multinacionais norteamericanas, Svenson Hair Centre e Ceditaca International, especializadas no tratamento e coidado do cabelo. Ambas están fortemente implantadas en todo o territorio nacional, onde funcionan a través dunha rede formada por máis de 30 establecementos de asistencia e atención ó público.



# CONCLUSIÓNS

O grao de internacionalización da economía acadado actualmente, debido en grande medida á supremacía económica das grandes empresas multinacionais e á creación de organizacións de carácter supranacional, tenden, cada vez máis, a incrementa-los fluxos de tecnoloxía e investimentos estranxeiros, e a formar un único bloque económico mundial, baseado nas estructuras do sistema capitalista. A iso contribúen, sen lugar a dúbidas, as empresas multinacionais e a banca internacional que, ó recadaren o 80% da tecnoloxía e dos fluxos dos investimentos que anualmente se rexistran no mundo, convertéronse nos principais axentes e protagonistas dun proceso que leva consigo a desaparición das fronteiras internacionais e nacionais para constituír áreas e espacios económicos máis amplos e integrados entre si.

Estas circunstancias, sobre todo coa integración de España na Comunidade Económica Europea, a progresiva liberalización dos investimentos estranxeiros e a próxima posta en funcionamento do mercado único europeo, favoreceron enormemente a entrada masiva de capital exterior en todo o territorio nacional.

A investigación que nos ocupa confirma amplamente o dito, ó comprobar que en 1991 traballaban en Galicia 619 empresas vencelladas a investidores estranxeiros, que contaban con 213 plantas industriais, 550 establecementos comerciais e 1.111 sucursais e oficinas de servicios.

Con iso temos que asumir que Galicia está integrada na estructura de mercado das empresas multinacionais estranxeiras. Estas, de quitado o caso das compañías mineiras que comezaron a súa penetración no último tercio do século XIX, fóronse instalando en Galicia desde mediados dos anos 50, especialmente a partir de 1959, coincidindo co Plano de Estabilización Económica. Con el, comeza un proceso marcado pola adopción de medidas cla-

ramente liberalizadoras que favorecen a entrada de tecnoloxía e de investimentos estranxeiros en España e, xa que logo, aínda que en segundo plano, tamén en Galicia.

De feito, o capital estranxeiro foi de vital importancia para o desenvolvemento daqueles sectores industriais básicos e estratéxicos que precisan de fortes investimentos e de alta tecnoloxía. O recurso ó mercado mundial de capitais en busca de financiamento e tecnoloxía foi unha constante durante os últimos corenta anos. Así, importantes empresas multinacionais e os principais consorcios bancarios do mundo (xaponeses, franceses, británicos, norteamericanos, alemáns e árabes) favoreceron con créditos e tecnoloxía de moi diverso tipo numerosos proxectos industriais realizados en Galicia (expansión e desenvolvemento de FENOSA, a autoestrada do Atlántico, a instalación de Citroën Hispania e a construcción da refinería de petróleo da Coruña).

Isto permítenos afirmar que na actualidade non hai proxecto industrial ou comercial de certa envergadura en Galicia no que non participe dalgún xeito o capital estranxeiro no seu sentido máis estricto. E mesmo, como puidemos comprobar, a conversión dos montes de matagueira e toxo en prados e pastos foi estudiada en Galicia coa axuda financeira do Banco Mundial e do Fondo Monetario Internacional. O capital internacional foi tamén un dos piares sobre os que se baseou o desenvolvemento industrial e mesmo comercial de Galicia, mediante a instalación das grandes superficies comerciais.

En efecto, en relación co comportamento seguido polo capital estranxeiro na nosa Comunidade Autónoma, o presente traballo, á vista dos resultados obtidos permítenos tira-las seguintes conclusións:

1. O investimento estranxeiro e os contratos de adquisición de tecnoloxía estranxeira son os dous mecanismos básicos a través dos que entra capital estranxeiro nas empresas galegas. En concreto, o investimento estranxeiro directo resulta se-la vía máis utilizada polas empresas estranxeiras para se instalaren en Galicia e facerse co control efectivo de numerosas empresas que traballan na industria, o comercio e os servicios da nosa Comunidade.

2. Malia a existencia dun considerable número de empresas participadas por investidores estranxeiros, Galicia recadou durante o período obxecto de estudio unha cativa porcentaxe do capital estranxeiro que entrou no noso país. Durante o período 1960-1987 recibiu só o 1,4% da tecnoloxía estranxeira importada polo conxunto das empresas españolas e só o 0,9% do volume total dos investimentos estranxeiros directos maioritarios rexistrados en España entre 1960 e 1990. Deste xeito, Galicia funciona como un espacio periférico, quedando á marxe dos principais eixes de desenvolvemento españois e europeos. A forte concentración espacial dos investimentos e dos fluxos tecnolóxicos procedentes do exterior que se rexistran en España (Madrid e Cataluña absorben máis do 63% do total), tende a acentuar aínda máis as diferencias interrexionais e a marxina-la cornixa cantábrica e o noroeste da Península Ibérica, que no seu conxunto a penas reciben o 5% do investimento estranxeiro directo maioritario que entra no noso país.

3. Detéctase unha estreita relación entre importación de tecnoloxía foránea e investimento estranxeiro directo, especialmente naqueles sectores moi afectados pola penetración de investidores estranxeiros (construccións mecánicas e metálicas, automóbil, química e siderometalurxia). Con todo, a primeira transpasa os límites das empresas afectadas pola penetración de investimento estranxeiro directo, ata se converter nalgo característico do conxunto das empresas industriais con centros productivos en Galicia. Así, o sector naval, o químico e a construcción de maquinaria non eléctrica recadan preto do 50% da tecnoloxía importada mediante contratos tecnolóxicos, resultando se-los sectores máis dependentes da tecnoloxía estranxeira. Deste xeito, o sector industrial absorbe case a totalidade da tecnoloxía importada polo conxunto das empresas galegas (97,4%), e case o 80% do volume do investimento estranxeiro directo rexistrado en Galicia.

4. A debilidade innovadora, que afecta á maior parte das empresas galegas ó careceren de infraestructura tecnolóxica e científica abondo que lles permita xerar tecnoloxía propia, orixina unha crónica dependencia da tecnoloxía estranxeira, o que favoreceu a compra masiva e incontrolada de tecnoloxía estranxeira mediante contratos, especialmente desde que principia o proceso de reconversión industrial.

5. O capital estranxeiro que entra en Galicia procede fundamentalmente de Francia, Estados Unidos, Reino Unido e Alemaña. Francia e Alemaña son os principais países que subministran tecnoloxía ás empresas instaladas en Galicia, mentres que Francia e Estados Unidos son os principais titulares do investimento estranxeiro directo que se rexistra en Galicia. Estes dous países traballan na nosa Comunidade a través dunha rede de 220 empresas participadas (131 de Francia e 89 de Estados Unidos), que desenvolven actividades relacionadas coa industria, o comercio e mailos servicios. Individualmente

son as empresas multinacionais francesas as que máis investiron en Galicia durante os últimos 30 anos, apreciándose, para o caso deste país, unha estreita relación entre investimento estranxeiro directo e entrada de tecnoloxía. En efecto, o país galo converteuse xa non só no principal investidor senón tamén no principal provedor de tecnoloxía ás empresas galegas. Este feito confirma a supremacía absoluta do capital francés e a súa influencia cada vez maior no desenvolvemento económico e tecnolóxico de numerosas empresas galegas.

6. Preto do 87% do investimento estranxeiro que entra en Galicia procede de empresas consideradas internacionalmente como multinacionais, apreciándose unha forte concentración dos contratos tecnolóxicos e do investimento estranxeiro de cada sector nunhas poucas empresas.

7. A producción das maiores empresas industriais que traballan en Galicia, salvo casos contados, é especialmente dependente da tecnoloxía e do investimento estranxeiro. As grandes empresas industriais son as que realizan o maior número de contratos de transferencia de tecnoloxía estranxeira, mentres que as PEMES contratan unha pequena porcentaxe non superior ó 30%. De modo especial, as empresas ligadas ó INI presentan un alto grao de dependencia da tecnoloxía estranxeira, ó rexistraren unha media de seis contratos por empresa, moi superior á acadada polo resto das sociedades empresariais estudiadas.

8. En canto á natureza do capital tecnolóxico que entra en Galicia, constátase o dominio dos contratos tecnolóxicos que fan referencia á asistencia técnica e á fabricación total ou parcial dun producto industrial. Este comportamento, propio de países con escaso desenvolvemento económico, pon de manifesto a falta de persoal cualificado e a debilidade innovadora das empresas galegas.

9. No que fai ó capital que entra en Galicia a través do investimento estranxeiro, hai que sinalar que o 42% do mesmo se realiza a través do investimento directo, mentres que o 34,8% se canaliza mediante investimentos en carteira, basicamente na adquisición de accións en bolsa e a través da concesión de préstamos a curto e longo prazo.

10. As áreas metropolitanas da Coruña e Vigo convertéronse nos dous principais focos de atención para o capital estranxeiro. As dúas áreas citadas recadan o 70% da tecnoloxía importada e absorben máis do 80% do investimento estranxeiro directo maioritario rexistrado en Galicia durante o período obxecto de estudio. Pero, ademais, concentran actualmente o 48% das plantas industriais, o 69% dos establecementos e delegacións comerciais e o 40% das oficinas e unidades de servicios vencelladas a empresas participadas por investidores estranxeiros. Nas áreas metropolitanas e urbanas, consideradas no seu conxunto, localízanse o 64% das plantas industriais e o 76% dos establecementos comerciais e de servicios de empresas estranxeiras.

As vantaxes da situación maiormente metropolitana e urbana preferidas polos investidores estranxeiros son múltiples e variadas: diversidade de calificacións profesionais e de man de obra, proximidade ás empresas provedoras ou demandantes dos seus productos, a accesibilidade ós medios de comunicación e transmisión de informacións, a dispoñibilidade de capital físico e cultural e a aptitude respecto ós sistemas de transporte.

11. As excelentes condicións portuarias, a abundancia de enerxía, a existencia de materias primas específicas e os baixos custos salariais e de producción foron os factores decisivos para a instalación en Galicia de importantes proxectos de carácter industrial promovidos polo capital estranxeiro na nosa Comunidade Autónoma. Pola contra, a deficiente rede de transportes e comunicacións así coma doutras infraestructuras básicas, sumadas á alta conflictividade laboral existente nalgunhas áreas concretas (comarca de Ferrol) influíron negativamente na atracción de investidores estranxeiros. Estes condicionan cada vez máis os seus investimentos á existencia dunhas excelentes infraestructuras, por riba das subvencións e incentivos económicos que poidan conseguir da Administración Central ou Autonómica.

12. Considerando o conxunto das empresas censadas participadas por investidores estranxeiros, resulta que só un 29% das mesmas contan con establecementos industriais productivos na nosa Comunidade, mentres que o resto (71%) desenvolve actividades exclusivamente comerciais (41%) e de servicios (30%).

13. As empresas multinacionais que traballan en Galicia tenden a controla-la maioría do capital social das empresas en que participan, recorrendo en gran medida á adquisición parcial ou total, notándose un maior control efectivo sobre as empresas comerciais e de servicios. Nas empresas industriais as participacións maioritarias (superior ó 50% do capital social) afectan ó 59% das sociedades censadas, apreciándose unha estreita colaboración co capital rexional e nacional, o que propicia a proliferación de *joint-ventu-*

*res* á hora de se introduciren en Galicia e crearen novas sociedades. Así e todo, nos últimos anos, especialmente desde o ingreso de España na CEE, as empresas multinacionais recorren con maior frecuencia a métodos máis rápidos de implantación baseados na adquisición parcial ou total (*take over*) de empresas establecidas en Galicia, especialmente daquelas que traballan no sector alimenticio. Casos significativos son os seguidos polas multinacionais Conagra, Besnier e Unión Laitaire Normande.

14. A penetración de empresas multinacionais no comercio e os servicios realízase en Galicia, na maior parte dos casos, a través da creación de sucursais, delegacións e establecementos comerciais propios na nosa Comunidade. O resto, arredor do 11%, traballan en Galicia unicamente a través de concesionarios e distribuidores oficiais, sobre todo as multinacionais relacionadas coa fabricación de automóbiles, maquinaria pesada e sistemas informáticos.

15. A Coruña converteuse, para o 60% dos casos estudiados, no principal centro directivo rexional preferido polas empresas multinacionais que traballan no comercio e nos servicios á hora de establece-la súa sede e dirección rexional en Galicia. Isto débese ó feito de se-lo principal centro terciario rexional, tal como se demostra nos sucesivos estudios realizados ó respecto polo profesor Precedo Ledo.

16. Malia a escasa porcentaxe de capital estranxeiro que entra en Galicia en proporción ó que se rexistra no conxunto do Estado Español, a importancia do capital estranxeiro e das empresas multinacionais na nosa Comunidade baséase non só na tecnoloxía que fornecen senón tamén no emprego que xeran. As 619 empresas vencelladas a grupos estranxeiros que contan en Galicia con establecementos industriais, comerciais e de servicios daban emprego directo en 1989 a 43.732 traballadores, o que supón un 8,4% da poboación total asalariada galega. Esta porcentaxe elévase practicamente ó 11% se se teñen en conta as pouco máis de 11.000 persoas que traballan actualmente en empresas que funcionan en Galicia como concesionarios e distribuidores oficiais de firmas multinacionais.

En definitiva, durante o período 1960-1990 o capital estranxeiro e a penetración de empresas multinacionais en Galicia desempeñaron un importante papel no proceso de desenvolvemento dos sectores industriais máis importantes da rexión, especialmente naqueles que precisaron fortes investimentos e tecnoloxía e onde o capital autóctono foi incapaz de desenvolvelos axeitadamente. A progresiva implantación de grupos multinacionais faise sentir tamén no comercio e mailos servicios, onde contan xa cunha ampla rede de 1661 establecementos situados nas principais áreas metropolitanas e urbanas de Galicia, transformando con iso a morfoloxía urbana das grandes cidades e os hábitos e costumes dos consumidores galegos.

Coa vista no panorama descrito e co fin de reduci-la dependencia dos coñecementos tecnolóxicos foráneos e de facilita-la asimilación e correcta interpretación da tecnoloxía que se compra no estranxeiro, urxe potencia-la creación de I+D, xa sexan públicos ou privados e incrementa-las dotacións infraestructurais ata que sexan capaces abondo de convencer e atrae-los fluxos internacionais de capitais.

Incentiva-la investigación mediante a creación de departamentos de I+D nas propias empresas debe constituír un obxectivo prioritario que permita rendibiliza-lo capital e a tecnoloxía procedente do exterior. Iso propiciaría outras innovacións que necesariamente deberían garanti-la modernización, o desenvolvemento e maila expansión exterior das empresas galegas para enfrontarse á competitividade internacional, obxectivo este que ten que pasar necesariamente pola creación de poderosos grupos empresariais que sexan capaces de competir con éxito e de facer fronte ás empresas multinacionais.

# BIBLIOGRAFÍA


AGUIRRE BLAS (1991): "La expansión de las empresas gallegas en Portugal". Suplemento de Economía e Consumo. *La Voz de Galicia.* 10 de novembro de 1991. A Coruña, pp. 4-5.

ALAN, M.; RUGMAN e ALAIN VERBEKE (1991): "Las políticas comerciales y la estrategia de las empresas multinacionales en una era de globalización". Rev. *Información Comercial Española.* Nº 692. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 27-39.

ALIMARKET: *Informes anuales de alimentación y bebidas.* Informes anuais correspondentes ós anos 1988, 1989, 1990 e 1991. Publicacións profesionais. Madrid.

ALVÁREZ, M.A. (1989): "Cooper Zeltia: 25 años de alta tecnología". *La Voz de Galicia.* Suplemento de Finanzas e Emprego. 21 de maio de 1989. A Coruña, pp. 3-5.

ANDREFF, W. (1987): *Les multinationales.* Edit. La Découverte. Paris, 321 pp.

ARIAS VERA, P. (1988): "La inversión industrial en Galicia". *La Voz de Galicia.* 16 de seiembro de 1988. A Coruña, pp. 76-77.

ARRIOLA, J. (1988): *Los nuevos países industrializados: transferencias tecnológicas y subdesarrollo.* Iepala Editorial. Madrid, 291 pp.

ASCÓN, R.; ALBADALEJO, G.; BASTIDA, A.; EDO, Ma.J.; SÁEZ, E. (1989): *Trabajo, producción y especio industrial.* Serie Geografía n. 3. Crítica. Barcelona. 204 pp.

ASOCIACIÓN NACIONAL DEL PLOMO (1991): *Anuario 1990.* A.N.P. Madrid, 185 pp.

BALSEIRO, M; RUIZ, M; FERNÁNDEZ, F.J. e CAAMAÑO, X. (1990): "A promoción da innovación en Galicia". Rev. *Análise Empresarial.* Número 9. Vigo, pp. 7-13.

BASILE, A.; GERMIDIS, D. (1984): *Investing in Free Export Processing Zones.* OCDE, Paris, 67 pp.

BEARD, M. (1989): *L'economie mundiale dans les annies 80.* La Decouverte. Paris, 240 pp.

BEAUD, M. (1986): *Pechiney Ugine Kulhman, une multinationale française.* Edit. Seuil. Paris, 245 pp.

BEIRAS TORRADO, X.M. (1972): *O atraso económico de Galicia.* Galaxia. Vigo.

BERTÍN, G.; COYATT, S. (1986): *Multinationales et propieté industrielle. Le contrôle de technologie mundiale.* P.U.F. Paris, 292 pp.

B.O.E. (2-10-1973): "Decreto 2.343/1973, de 21 de septiembre de Presidencia del Gobierno, por el que se regula la transferencia de tecnología extranjera".

B.O.E. (28-07-1986): "Decreto legislativo 1265/1986, de 27 de junio sobre inversiones extranjeras en España".

B.O.E. (6-10-1986): "Real Decreto 2.077/1986, de 25 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de inversiones extranjeras en España".

B.O.E. (13-01-1988): "Real Decreto 1750/1987, de 18 de diciembre, por el que se liberaliza la transferencia de tecnología y la prestación de asistencia técnica extranjera a las empresas españolas".

B.O.E. (06-03-1990): "Orden de 4 de febrero de 1990 sobre inversiones extranjeras en España".

BRAÑA, J. (1978): "La pequeña empresa y la mediana empresa en España: sobre algunos tópicos al uso". *El Carabo.* Revista de ciencias sociales, nº 10, novembro de 1978.

BRAÑA, J.; BUESA, M. e MOLERO, J. (1980): "Materiales para el análisis de la dependencia tecnológica en España". En: *Transnacionalización y dependencia.* Cultura hispánica. Madrid, pp. 325-349.

BRIES GOMANT, S. e PALLARES MELLADO, S. (1978): "Las empresas ante las transferencias de tecnología. En: *Información Comercial Española*, n. 535, pp. 93-103.

BROOCKE, M.; REMMERS, H. (1973): *La strategie de l'entreprise multinationale.* Editions Sirey. Paris, 321 pp.

BUENO, E.; LAMOTHE, P.; VILLALBA, D. (1981): "Un método multicriterio para medir el tamaño de la empresa: aplicación a la gran empresa española". *Cuadernos Universitarios de Planificación Empresarial.* Números 3 e 4. Madrid.

BUESA, M. e MOLERO, J. (1986): *La dependencia tecnológica española.* Fondo de Cultura Económica. Madrid, 378 pp.

BUESA, M. e MOLERO, J. (1987): "Las inversiones de la República Federal de Alemania en la economía española". Rev. *Información Comercial Española.* Marzo de 1987. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 103-120.

BUESA, M.; MOLERO ZAYAS, J. (1989): *Innovación industrial y dependencia tecnológica de España.* Eudema Universidad. Madrid, 312 pp.

BUSINESS WEEK (1981): "How Russia snares bigh-tecnology secrets". *Business Week.* N. 2.685, 27 de abril, pp. 128-131.

BUSINESS WEEK (1984a): "How Colombia aims to attract foreign investment". *Business Week.* 27 de agosto de 1984, pp. 42-46.

BUSINESS WEEK (1984b): "China's bold new program to lure foreign investment". *Business Week.* 15 de outubro de 1984, pp. 52-55.

BUSINESS WEEK (1989): "Las cuatro aguilas mensajeras". *Actualidad Económica*, 4 de diciembre de 1989. Madrid, pp. 42-44.

CABELLO, A. (1980): "Reflexiones sobre las multinacionales y su penetración sectorial en España". En: *Transnacionalización y dependencia.* Edit. Cultura Hispánica del I.C.I. Madrid, pp. 301-325.

CANTWELL, J. (1988): "Los factores determinantes de la internacionalización de las empresas". Rev. *Información Comercial Española*, número 662. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 17-31.

CANTWELL, J. (1990): *Technological innovation and multinational corporations.* Basil Blackwell. Oxford, 239 pp.

CAPA EIRIZ, S. (1980): "El papel de las empresas multinacionales dentro de la nueva política industrial española". *Economía Industrial.* Nº 201, septiembre de 1980. Ministerio de Industria e Enerxía. Madrid, pp. 25-45.

CAPILLA, L. (1986): *La Trilateral: fase superior del imperialismo.* Movimiento Cultural Cristiano. Caderno número 56. Madrid, 43 pp.

CARRASCOSA MORALES, A. (1988): "Inversión extranjera en España. Cuestiones generales". *Boletín de Información Comercial Española.* 19 de decembro de 1988. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 4641-4657

CARRASCOSA MORALES, A. (1989): "Fiscalidad e inversión exterior". Rev. *Información Comercial Española*. Xaneiro de 1989. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 189-203.

CARRIERE, D. (1978): "Une erreur á dénoncer: le tranfert por l'acquisition des techniques". Rev. *Options Mediterraniennes*, n. 27, pp. 29-36.

CASARES, J. (1987): *La economía de la distribución comercial*. Ariel. Barcelona, 317 pp.

CASTAÑE, J.M. (1973): "La presencia de las empresas multinacionales en la industria española". *Economía Industrial*. Nº 117, setembro de 1973. Ministerio de Industria y Energía. Madrid, pp. 10-25.

CEBALLOS LÓPEZ, L. (1981): "Notas sobre la situación tecnológica española". En: *Lecturas de Economía Española e Internacional*. 50 Aniversario del corpo de técnicos comerciais do Estado. Ministerio de Economía e Comercio. Madrid, pp. 165-184.

CENTRE ON TRANSNATIONAL CORPORATIONS (C.C.T.) (1978): *National legislation and regulations relating to transnational corporations*. United Nations. New York, 302 pp.

C.E.S.E.G.A. (1975): *Gran Area de Expansión Industrial de Galicia*. Santiago de Compostela.

CLAVAL, P. (1980): *Geografía económica*. Oikos-Tau. Barcelona, 388 pp.

COMITÉ DE FINANZAS DEL SENADO DE EE.UU. (1984): *Impacto de las empresas multinacionales*. Capítulo II. Periferia. Buenos Aires. 261 pp.

CONFEDERACIÓN MUNDIAL DEL TRABAJO (C.M.T.) (1976): *Les transferts des techniques*. Febreiro. Bruxelas, 198 pp.

CONSEJO ECONÓMICO, SOCIAL, SINDICAL COMARCAL DE CARBALLINO (C.E.S.S.C.C.) (1976): *Estudio socioeconómico de la comarca de carballino. II Pleno para examen, corrección y enmienda*. Xaneiro de 1976. Organización Sindical de Orense. Ourense, 197 pp.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA (1989a): *Inversión 88. Seis meses de incentivos rexionais*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 159 pp.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA (1989b): *Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia (1989-1993)*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 253 pp.



CONSELLERÍA DE ENERXÍA, INDUSTRIA E COMERCIO (1979): *O sector cárnico galego. Reestructura e integración*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 254 pp.

CONSELLERÍA DE PESCA (1991): *Marisqueo e acuicultura en Galicia. Unha Administración en acción*. World Fishing. Xunta de Galicia. Vigo, 44 pp.

CONTRACTOR, F. J. (1980): "The composition of licensing fees and arrangements as a function of economic development of technology recipient nations". En: *Journal of International Business studies*. Vol. 11, n. 3, pp. 47-62.

COTELO, M.C. (1988a): "Setas de oriente brotan en A Fraga Vella". En: *La Voz de Galicia*. A Coruña, 19 de marzo de 1988, p. 31.

COTELO, M.C. (1988b): "Gallegos en el exterior". *La Voz de Galicia*. Suplemento de Economía e Consumo. 7 de outubro de 1988. A Coruña, p. 6

CRISTOBO, L. (1991): "El sector de la pizarra en Galicia". *La Voz de Galicia*. Suplemento de Finanzas e Emprego. 9 de xuño de 1991. A Coruña, pp. 1-2.

DAFSA (1987): *L'Industrie d'aluminium dans le monde*. Dafsa. Paris, 264 pp.

DE PALACIO, F.J. (1989): "El seguro español en manos extranjeras". *Actualidad Económica*. 11 de decembro de 1989. Madrid, pp. 58-64.

DELAPIERRE, M.; MICHALET, C.A. (1989): "Vers un changement des structures dans les multinationales: le principe d'internalisation en question". *Reveu D'Economie Industrielle*. Nº 47. Paris, pp. 27-43

DELICADO MONTERO RIOS, J.D. (1989): "En España se puede realizar una patente europea". En: Rev. *Política Científica*. No. 16, marzo. Madrid, pp. 7-9.

DÍEZ SANZ, E. e MAS ARRONDO (1988): *Geopráctica. Economía industrial*. Edit. Alhambra. Madrid, 164 pp.

DIPLOMATIC AND CONSULAR REPPORTS (1900): *Spain, repport of mining industry in the province of Galicia*. By Mr. Consul Talbot. Presented to both Houses of Parliament by Comand of her Majesty. Novembro de 1990.

DIRECCIÓN GENERAL DE TRANSACCIONES EXTERIORES (1980): *Censo de inversiones extranjeras*. 2 Tomos. Secretaria Xeral Técnica. Ministerio de Comercio e Turismo. Madrid.

D.O.C.E. (28-12-1988): "Reglamento número 4.087/88, relativo a la aplicación del apartado 3 del artículo 85 del Tratado de Categoría de Acuerdos de Franquicias". Diario Oficial das Comunidades Europeas.

DOMERGUE, M. (1968): *Technical assistance, theory, practice and policies*. Edt. Frederick A. Praeger. Nova York, 241 pp.

DOS SANTOS, S. (1991): *Galiza Espanha*. Informação e Turismo. Portugal, 176 pp.

DOVAL ADAN, A. (1988): "La dependencia externa de las empresas del polígono industrial de San Ciprián de Viñas de Orense". En: Rodríguez Martínez Conde, R. e Villarino Pérez, M. (Coords.). *Actas de la II Reunión de Geografía Industrial*. Tórculo. Santiago, pp. 44-53.

DOVAL ADAN, A. (1989): "El peso de las empresas multinacionales en la transmisión de tecnología extranjera a Galicia". Suplemento de Economía y Consumo, nº 291. *La Voz de Galicia*. 10 de novembro de 1989. A Coruña, pp. 1-4.

DOVAL ADAN, A. (1990): "La inversión extranjera directa en Galicia durante el período 1985-1989". *Boletín de Información Comercial Española*. Nº 2244, do 30 de xullo e 5 de agosto de 1990. Ministerio de Economía y Facenda. Madrid, pp. 2989-2955.

DOVAL ADAN, A. (1991): "Investigación y dependencia tecnológica de las empresas gallegas". *Boletín de Información Comercial Española*. Número 2265, do 28 de xaneiro o 3 de febreiro de 1991. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 209-215.

DOVAL ADAN, A. (1992): *La penetración de tecnología extranjera en Galicia*. Servicio de publicacións. Deputación Provincial de Ourense, 196 pp.

DUPUY, C.; GALLIANO, P. (1985): "Groupes et developpement regionale". *Revue d'Economie Regionale et Urbain*, n. 3, pp. 545-557.

DURAN HERRERA, J.J. (1989): "Empresas, Gobiernos y transferencia internacional de tecnología". *III Congreso Nacional de Economía: Economía y Cambio Tecnológico*. 7 de agosto de 1989. A Coruña, 64 pp.

DUSSAUGE, P.; GARRETE, B. (1991): "Las alianzas estratégicas internacionales entre firmas competidoras: un enfoque inductivo y estratégico". Rev. *Información Comercial Española*. Nº 692. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 113-131.

ECHENIQUE, J. (1989): "El gran paso de Arthur Andersen". *Actualidad Económica*, 3 de xuño de 1989. Madrid, pp. 22-27.

ECHENIQUE, J. (1990): "Nixdorf se entrega a Siemens". *Actualidad Económica*. 29 de xaneiro de 1990. Madrid, pp. 34-35.



ECHENIQUE, J. (1991a): "Los costes de la philipstroika". *Actualidad Económica*, 28 de xaneiro de 1991. Madrid, pp. 24-27.

ECHENIQUE, J. (1991b): "La nueva imagen de Sony". *Actualidad Económica*. 25 de febreiro de 1991. Madrid, pp. 30-33.

ECHENIQUE, J.; SALAS, C. (1989): "Hamburguesas contra solomillos". *Actualidad Económica*. 9 de octubre de 1989. Madrid, pp. 24-30.

ECO (1991): "Ferrol: el refloté imposible". Rev. *ECO*. Nº 1. A Coruña, pp. 69-70.

ECONOMÍA GALLEGA (1988a): "El consumo de bebidas en Galicia". *Economía Gallega*. Agosto de 1988. A Coruña, pp. 36-39.

ECONOMÍA GALLEGA (1988b): "Zardoya Otis o el transporte vertical. Una historia ascendente". *Economía Gallega*. Decembro de 1988. A Coruña, pp. 30-33.

ECONOMÍA GALLEGA (1990a): "Telettra España, Una realidad hispana en Europa. Veinte años en España". Rev. *Economía Gallega*. Xullo de 1990. A Coruña, pp. 42-45.

ECONOMÍA GALLEGA (1990b): "Alúmina Aluminio a la conquista del mercado exterior". *Economía Gallega*. Agosto de 1990. A Coruña, pp. 39-41.

ECONOMÍA INDUSTRIAL. Publicación mensual. "Contratos de transferencia de tecnología extranjera". Números ó 267. Edt. Secretaría Xeral técnica do Ministerio de Industria e Enerxía. Madrid.

EL PAÍS (1991): *Anuario el país 1991*. El país. Madrid, 464 pp.

ENRÍQUEZ DE SALAMANCA, J. e SANTOS SÁNCHEZ, A. (1972): "La investigación en la industria privada". En: *Economía Industrial*. No. 103, xullo. Madrid, pp. 67-78.

ESCUDERO, E. (1988): "Coren, el gigante agropecuario de Orense". En: *La Voz de Galicia*. A Coruña, 7 de outubro.

ESTEFANÍA, J. (1979): *La trilateral: internacional del capitalismo*. Edt. Akal. Madrid, 194 pp.

FACAL, X. (1977): *Desarticulación y dependencia industrial en Galicia*. Sodiga. Santiago de Compostela, 168 pp.

FARIÑAS, J.A. (1988): "El grupo noruego Kvaerner Eureka refuerza su presencia en Galicia con miras a la C.E.E.". En: *La Voz de Galicia*. A Coruña, 16 de outubro de 1988, p. 71.

FARIÑAS, J.A (1991): "Las pequeñas y medianas empresas productoras de rodaballo". *La Voz de Galicia*. 4 de agosto de 1991. A Coruña, p. 41.

FERNÁNDEZ, A. (1980): *Historia del mundo contemporáneo*. Vicens Vives. Barcelona, 520 pp.

FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1990): "Emprego, periferia e multinacionais na industria do automóvil. O caso de Citroen Hispania". Rev. *Análise empresarial*. Número 10. Vigo, pp.21-29.

FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1991): *Proceso de transnacionalizaçom e efeitos sobre o emprego dos investimentos directos externos en economías periféricas. Unha aplicaçom ao caso de Galicia. 1959-1988*. Tese de Doutoramento. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de Santiago, 897 pp.

FERNÁNDEZ MÉNDEZ DE ANDES, J. (1990): "Legislación sobre inversiones extranjeras en España". *Boletín de Información Comercial Española*. Semana do 2 ó 8 de abril de 1990. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 1317-1320.

FERNÁNDEZ MÉNDEZ DE ANDES, J.; MIRA MACWILLIANS, J. (1989): "La inversión extranjera en inmuebles en el año 1988". *Boletín de Información Comercial Española*. Do 18 ó 24 de decembro de 1989. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 4903-4917.

FERRER REGALES, M. (1968): *La industria en la España cantábrica*. Inter. Book Creation. Divulgación cultural. Navarra, 220 pp.

FOMENTO DE LA PRODUCCIÓN: *España 25.000*. Edición especial, de carácter anual, correspondente ós anos 1988, 1989, 1990 e 1991. Fomento de la Producción. Barcelona.

FRANCESC CABANA (1986): *Les multinacionals a Catalunya*. Edicions de La Magrana. Barcelona, 158 pp.

GAMIR, L. (1980): *Política económica de España*. Tomo I. Editorial Alianza. Madrid, 386 pp.

GARCÍA DELGADO, J.L.; ROLDÁN, S.; MUÑOZ, J. e SERRANO, A. (1970): "El capital extranjero en la formación y desarrollo del capitalismo español. Hacia una economía dependiente. En Ch. Levinson: *Capital, inflación y empresas multinacionales*. Edt. Ariel. Barcelona, pp. 270-284.

GARCÉS, V. (1975): *Régimen jurídico de la inversión extranjera en España*. Edit. Poligrafa, S.A. Barcelona, 153 pp.



GENTE DE MUNDO (1990): "Cupers Fundiciones se prepara para la competencia". Rev. *Gente de Mundo*. Nº 14, outubro de 1990. Ourense, pp. 126-129.

GEST (1986): *Grappes technologiques. Les nouvelles strategies d'entreprises*. Mcgraw-hill. Paris, 274 pp.

GIL PELÁEZ, J. (1983): "La transferencia de tecnología. Un canal de abastecimiento de tecnología a las empresas". En: *Economía Industrial*, n. 235, marzo-abril, pp. 169-175.

GÓMEZ, C. (1987): "España en venta". *El País*. Madrid, pp. 2-5.

GÓMEZ, J.L.; MARTÍNEZ, J.C.: "Las 500 primeras empreas de Galicia", serie publicada diariamente en: *La Voz de Galicia*, entre o 1-11-1990 e o 19-03-1992. A Coruña.

GÓMEZ MUÑOZ, R. (1988): "Tipología y modelos de localización industrial en España, surgidos tras la crisis". *Estudios Regionales*. Nº 22. Madrid, pp. 83-111.

GRACIA CARDADOR (1991): "La embestida de las franquicias en España". *Actualidad Económica*. Nº 1743, do 18 ó 24 de novembro de 1991. Madrid, pp. 37-38.

GRIMALDOS, A. (1991): "El narcotráfico internacional". Rev. *In Juve*. Nº 6, marzo de 1991. Instituto de la Juventud. Madrid, pp. 7-11.

GROU, P. (1990): *Atlas mundial des multinationales. L'Espace des multinationales*. Reclus. La Documentation Française. Paris, 168 pp.

GRUPO ZELTIA (1989): *Memoria de actividades del grupo Zeltia. 50 aniversario de la fundación de Zeltia, S.A.*. Grupo Zeltia. Vigo, 276 pp.

GUILLES MERRITT (1984): "Las multinacionales y el paro". *Actualidad Económica*. Nº 1.343, do 1 ó 7 de marzo. Madrid, pp. 43-52.

HAMILTON, F.E.I. (1985): "Las tendencias de localización industrial y optimización de los sistemas territoriales metropolitanos". Rev. *Estudios Territoriales*. Nº 17. Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo. Madrid, pp. 41-67.

HARALD HOTZE (1984): "Estrategia de las multinacionales". *Actualidad Económica*. 6 de decembro de 1984. Madrid, pp. 66-79.

HERVAS CUARTERO, E. (1979): "El registro de inversiones extranjeras". Rev. *Información Comercial Española*. Nº 556, decembro de 1979. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 47-67.

HUGUEL, C. (1981): "Les echanges technologiques mondiaux". En *Revue Economique*, n. 5, setembro, pp. 923-947.

IDEGA (1986): *A economía galega. Informe Cero*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 337 pp.

IDEGA (1987): *A economía galega. Informe 1986*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 404 pp.

IDEGA (1989): *A economía galega. Informe 1987*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 452 pp.

IDEGA (1990): *A economía galega. Informe 1988*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 519 pp.

IDEGA (1991): *A economía galega. Informe 1989*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 604 pp.

INSTITUTO DEL TERRITORIO Y URBANISMO (1987): *Pautas de localización territorial de empresas industriales*. I.T.U. Centro de Publicaciones. Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo. Madrid, 187 pp.

IRANZO GUTIÉRREZ, S. (1990): "La inversión extranjera de cartera durante 1989". *Boletín de Información Comercial Española*. Do 16 ó 22 de abril de 1990. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 1541-1551.

ITURRA, R. (1988): *Antropología económica de la Galicia rural*. Consellería da Presidencia e Administración Pública. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 196 pp.

JAYAWARDENA (1983): "Free Trade Zones". *Journal of World Trade Law*. Outubro de 1983, pp. 427-444.

JOHNSTON, R.J. (1987): *Diccionario de geografía humana*. Alianza Editorial. Madrid, 420 pp.

JOUET, J. (1979): "Critique de l'utilisation des medies légers dans le tiers-Monde". Rev. *Tiers-Monde*, Tomo XX, n. 79, pp. 46-57.

JUDET, P. (1978): "Transfert des technologies et processus d'internationalisation". Rev. *Options Mediterranéennes*, n. 27. París, pp. 50-68.

LACOUR, C. (1983): *Aménagement du territoire et developpement regionale*. Memento Dalluz. 2éme editión. Paris, 276 pp.

LACOUR, C. (1991): *Espaces regionaux. Nouvelles metropoles internationales. Nouveaux déserts. Les Atlanty-Cites*. Institut d'Economie Regionale du Sud-Ouest (I.E.R.S.O.). Université de Bordeaux I. Bordeaux, 346 pp.



L'OBSERVATEUR DE L'OCDE. (1979): "The transfer of technology from West to East". *L'Observateur de l'OCDE*. No. 101, novembro. París, pp. 25-30.

L'OBSERVATEUR DE L'OCDE (1981): "North-South technology transfer: the adjustements ahead". *L'Observateur de l'OCDE*. Nº 109, marzo de 1981. Paris, pp. 3-7.

L'OBSERVATEUR DE L'OCDE. (1988): *L'OCDE en chiffres. Statistiques sur les pays membres*. Supplément a L'observateur de L'OCDE n. 152, juin/juillet. OCDE. París, 52 pp.

LÓPEZ LÓPEZ, A.; MELLA MÁRQUEZ, J.M. (1990): "Inversiones directas extranjeras y dinámica regional en España". *Boletín de Información Comercial Española*, semana do 23 ó 29 de abril de 1990. Ministerio de Economía e Facenda, Madrid, PP. 1643-1656.

MADEUF, B. (1981): *L'ordre technologique international. Production et transferts*. La Documentation Française. Notes et etudes documentaires. Paris, 189 pp.

MARTI SABALLS (1991a): "Ciments Français: consolidar la estructura". Rev. *Actualidad Económica*, número 1710/11. Do 1 ó 14 de Abril de 1991. Madrid, pp. 91-95).

MARTI SABALLS (1991b): "Preocupaciones de cristal". Rev. *Actualidad Económica*. Nums. 1710/11, do 1 ó 14 de abril de 1991. Madrid, pp. 78-82.

MARTÍNEZ ECHEVARRIA, M. (1990): "El club de los elegidos". Rev. *Actualidad Económica*. Madrid, 21 de maio de 1990, pp. 127-130.

MARTECSA (1990): *Anuario guía de industriales y profesionales de Galicia, Castilla y León y Principado de Asturias. Anuario 1990-1991*. Tomo I, 4ª edición. Martecsa. Xixón, 1105 pp.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ TABLAS, A. (1979): *Capitalismo extranjero en España*. Cepsa Editorial. Madrid, 278 pp.

MARTÍNEZ VÁZQUEZ, J. (1984a): "Las buenas estrategias de Nestlé". *Actualidad Económica*. 20 de setembro de 1984. Madrid, pp. 68-73.

MARTÍNEZ VÁZQUEZ, M. (1984b): "Barclays Bank. Sin Sombras del pasado". *Actualidad Económica*. 22 de marzo de 1984. Madrid, pp. 60-61.

MASSO GARCÍA, G. (1967): *Origen y desarrollo de la industria conservera en Galicia*. Edita Banco de Bilbao. Vigo, 265 pp.

MATEO, J.L. (1975): "El desarrollo tecnológico en España". En: *Economía Industrial*. No. 142, outubro. Madrid, pp. 35-43.

MEIJIDE PARDO, A. (1972): *Estudio geoeconómico del complejo industrial de la Grela*. A Coruña, 216 pp.

MÉNDEZ, E. (1990): "Las multinacionales piden infraestructuras para poder invertir en las zonas desfavorecidas". Suplemento de Economía ey Consumo, nº 323, ano VII. *La Voz de Galicia*. A Coruña, pp. 1-3.

MÉNDEZ GUTIÉRREZ DEL VALLE, R. (1988): *Las actividades industriales*. Serie Geografía de España No.10. Edt. Síntesis. Barcelona, 143 pp.

MICHALET, C.A. (1979): "La transferencia internacional de tecnología y la empresas multinacional". En: *Comercio Exterior*, vol. 17, n. 10, xuño. Madrid, pp. 840-857.

MICHALET, C.A. (1985): *Le capitalisme mundiale*. P.U.F. Paris, 268 pp.

MICHALET, C.A.; CHARLES, A. (1983): "Les multinationales dans la crise". Ponencia presentada al *Coloquio sobre la crisis económica contemporanea*. Bilbao, 27, 28 e 29 de xaneiro de 1983.

MINER (1986): *Panorama minero*. Ministerio de Industria e Enerxía. Madrid, 247 pp.

MOLERO ZAYAS, J. (1983): *Tecnología e industrialización*. Pirámide. Madrid, 150 pp.

MOLINA IBÁÑEZ, M. (1984): *Capitalismo y socialismo*. Cincel. Cuadernos de Geografía, número 16. Madrid, 128 pp.

MOLINA IBÁÑEZ, M. (1988): *Fuentes de energía y recursos minerales*. Síntesis. Serie Geografía de España. Madrid, 144 pp.

MORAL SANTÍN, J.A. (1981): "El capitalismo español y la crisis". En: *Crecimiento económico y crisis estructural en España (1.959-1.980)*. Akal. Madrid, pp. 186-218.

MORCILLO ORTEGA, P. (1984): "Ayer la crisis. Las estrategias de salida de la crisis de las empresas multinacionales". En: Rev. *Información Comercial Española*, diciembre de 1984. Madrid, pp. 75-82.

MORENO, R. (1991): "Los dueños de Suecia. Tres siglos de escalada hacia el dinero y el poder". *El Pais*. Seccción de Revista. Madrid, 31 de marzo de 1991. PP. 12-13.

MUÑOZ, J.; ROLDÁN, S. e SERRANO, A. (1979): *La internacionalización del capital en España*. Cuadernos para el diálogo. Madrid, 316 pp.



MURO DE LA VEGA, M. (1975): "Mecanismo jurídico administrativo para la inscripción y pagos en la transferencia de tecnología extranjera". En: *Economía Industrial*. No. 142, outubro. Madrid, pp. 59-67.

NAVAS, J.A. (1988): "Tres franceses a la greña". En: *El País*. Madrid, 4 de setembro, p.3.

NUÑO DE OLAIZ, J.L. (1979): "Reflexiones sobre investigación y desarrollo tecnológico en España". En: *Economía Industrial*. No. 188, setembro. Madrid, pp. 21-28.

O.C.D.E. (1980): "La mesure des activites scientifiques et techniques. Méthode type proposée pour les enquetes sur la Recherche et le Développement experimental". En: *Manual de Frascanti*. OCDE. París, 378 pp.

O.C.D.E. (1981a): *Les enjeux des transferts de technologie Nord-Sud*. Febrero. L'OCDE. París, 154 pp.

O.C.D.E. (1981b): *Investissements internationale et entreprises multinationales*. L'OCDE. Paris, 127 pp.

ORRANTIA DÍEZ, M. (1979): *Los centros de poder. La trilateral*. Edit. Hórdago. San Sebastián, 213 pp.

OSHIMA, K, (1972): "Technological innovation in Japan". En: *Les aspects internationaux de l'innovation technologique. Etudes e documents de polique scientifique*. No. 26. UNESCO. París, pp. 59-64.

PARRILLA, F. (1974): *Evolución y perspectivas de la minería en Galicia*. Tese de Licenciatura (inédita). Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de Santiago de Compostela. 312 pp.

PEDROSA SANZ, R. (1987): *Capital extranjero en la industria de Castilla y León*. Secretariado de Publicaciones. Universidad de Valladolid. Valladolid, 332 pp.

PEDROSA SANZ, R.; FERNÁNDEZ ARUFE, J.E. (1989): "Tamaño, control y estrategias locacionales de las empresas extranjeras en la industria de Castilla y León". *Boletín de Información Comercial Española*. Semana do 23 ó 29 de outubro de 1989. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 4075-4088.

PERRIN, J. (1978): "Un pas vers la maitrise du transfert de connaissances: la création de sociétés d'ingénierie dans les pays en voi d'industrialisation". Rev. *Options Méditerranéennes*. No. 27. París, pp. 38-45.

PERRIN, J. (1983): *Les transferts de technologie*. La Decouverte. Maspero. Paris, 123 pp.

PERROUX, F. (1969): *Recherche et activité economique*. Edt. A. Colin. París, 233 pp.

PISON FERNÁNDEZ, I.; BUCH GÓMEZ, E.J. (1990): "Progreso tecnológico: la inversión extranjera en Galicia". *Boletín de Información Comercial Española*. Nº 2.225, do 26 de febreiro ó 4 de marzo de 1990. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 809-813.

POMBO, F. (1983): "La transferencia internacional de tecnología: una perspectiva española". En: *Economía Industrial*. No. 355, marzo-abril. M.E.H. Madrid, pp. 121-138.

PRECEDO LEDO. A. (1987): *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*. Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 338 pp.

PRECEDO LEDO, A. (1988): *Geografía de la localización industrial*. Servicio de publicacións e intercambio científico. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, 317 pp.

PRECEDO LEDO, A. (1990): *La Coruña, metrópoli regional*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 459 pp.

PRECEDO LEDO, A.; DÍAZ LEDO, M.; e FERNÁNDEZ JUSTO, M.I. (1987): "Las transformaciones recientes de la intrustrialización rural en Galicia". En: *Industrialización en áreas rurales*. M.O.P.U. Madrid, pp. 87-110.

PRECEDO LEDO, A.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ CONDE, R.; e VILLARINO PÉREZ, M. (1984): "El sistema gallego de asentamientos y localización de las actividades terciarias e industriales". En: *Galicia en su realidad geográfica*. Fundación Pedro Barrié De La Maza. A Coruña, pp. 353-598.

PRECEDO LEDO, A.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ CONDE, R.; e VILLARINO PÉREZ, M. (1989): *Vigo, área metropolitana*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 236 pp.

PUECH FERNÁNDEZ PACHECO, R. (1990): "La balanza de pagos tecnológica en España en 1989". *Boletín de Información Comercial Española*. Do 2 ó 8 de abril de 1990. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 1326-1334.

PUELLES PÉREZ, J.A. (1980): *Multinacionales. Nacimiento y desarrollo de una estrategia empresarial diferente*. 2a. edición. Index. Madrid, 299 pp.



PUIG ROJAS, E. (1979): "La inversión extranjera y la balanza de pagos". Rev. *Información Comercial Española*. Nº 556, decembro de 1979. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 11-23.

PUIG ROJAS, E. (1980): "Censo sectorial de inversiones extranjeras en España". *Informacion Comercial Española*. Nº 563, xullo de 1980. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 7-14.

PULIDO, A. (1976): "Características e implicaciones de los hipermercados". Rev. *Información Comercial Española*. Nº 510, febreiro de 1976. Ministerio de Ecnomía e Facenda. Madrid, pp. 71-82.

REIFFERS, J.L.; CARTAPANIS, A.; EXPERTON, W. e FUGUET, J.L. (1982): *Las empresas transnacionales y el desarrollo endógeno*. Tecnos/UNESCO. Madrid, 307 pp.

RODRÍGUEZ, M. (1990): "Las principales empresas de mensajería de Galicia". *La Voz de Galicia*. Suplemento de Finanzas e Emprego. 21 de outubro de 1990. A Coruña, pp. 3-4.

RODRÍGUEZ BERZOSA, A. (1989a): "El despegue de DHL". *Actualidad Económica*. 9 de outubro de 1989. Madrid, pp. 47-49.

RODRÍGUEZ BERZOSA, A. (1989b): "Los negocios españoles de Marc Rich". *Actualidad Económica*. 9 de outubro de 1989. Madrid, pp. 24-30.

RODRÍGUEZ ROMERO, L. (1977): "La insuficiencia del sector tecnológico interior grave desequilibrio del desarrollo industrial de los últimos años. En: *Boletín de Estudios Económicos de Deusto*. No. 102, decembro. pp. 661-698.

ROIG AMAT, B. (1970): *La empresa multinacional. Algunos aspectos importantes*. Colección I.E.S.E., serie AC-S. EUNDA. Edicións de la Universidad de Navarra.

ROLDÁN, S.; GARCÍA DELGADO, M. e MUÑOZ, J. (1973): *La consolidación del capitalismo en España*. Confederación de Caixas de Aforro. Madrid, 329 pp.

ROLDÁN JIMÉNEZ, A. (1990): "Ante la liberalización de los movimientos de capital". *Situación*. Banco de Bilbao. Madrid, pp. 153-162.

ROSENBERG, N. (1979): *Tecnología y economía*. Edt. Gustavo Gili. Barcelona, 216 pp.

ROS HOMBRAVELLA, J. (1978): *Capitalismo español. De la autarquía a la estabilización 1939-1959*. Edicusa. Madrid, 279 pp.

ROSENBERG, N. (1982): *Inside the blackbox. Technology and Economics*. Cambrige University Press, 304 pp.

RUIZ, M. e FERNANDEZ, J. (1986): "Estudio del grado de penetración de las empresas de capital mayoritariamente extranjero en España durante la crisis". En: *Jornadas Franco Españolas de Economía Industrial*. Barcelona, pp. 121-140.

RUIZ GONZÁLEZ, M. e FERNÁNDEZ, J. (1989): "A penetración de capital estranxeiro nas empresas de Galicia". Rev. *Análise Empresarial*. Número 6, Vigo, pp. 64-71.

RUIZ GONZÁLEZ, M.; FERNÁNDEZ LÓPEZ, J. (1990): "As estratexias de internacionalización das empresas multinacionais en Galicia". Rev. *Análise Empresarial*. Nº 7. Vigo, pp. 14-21.

RUIZ ROJO, J. (1990): "Labinal Iberica, la empresa nacida grande". Rev. *Gente de Mundo*. Nº 14, outubro de 1990. Ourense, pp. 171-174.

SABATIER, A. (1975): *Les sociétes multinationales*. Edit. Centurion. Paris, 285 pp.

SALSAMENDI, I. (1991): "El nuevo viaje de Parretti". *Actualidad Económica*. 11 de marzo de 1991. Madrid, pp. 32-35.

SÁNCHEZ ESCALONILLA, A. (1989): "Los amos de la gama blanca". *Actualidad Económica*, 23 de outubro de 1989. Madrid, pp. 37-39.

SÁNCHEZ MAZAIRA, A. (1990): "Lamcol, nuevas aplicaciones de la madera". En: *Gente de Mundo*. Número 14, outubro de 1990. Ourense, pp. 148-149.

SÁNCHEZ MUÑOZ, P. (1984): *La dependencia tecnológica española: contratos de transferencia de tecnología entre España y el exterior*. Secretaría de Estado de Comercio. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, 591 pp.

SAVARY, J. (1981): *Les multinationales françaises*. Publication de L'I.R.M (Institut de Recherche et d'Information sur les Multinationales) et de P.U.F. Paris, 244 pp.

SCHUMPETER, J.A. (1967): *Teoría del desenvolvimiento económico*. Fondo de cultura económica. México, 428 pp.

SEQUEIROS TIZÓN, J.G. (1986): *EL desarrollo económico en Galicia II. Industrialización y mercado interior*. Monografía n. 101. Servicio de publicacións. Universidade de Santiago. Santiago de Compostela, 312 pp.

SERETES (1963): *Posibilites des developpement des poles de croissance industrielles à la Coruña*. II volumes. Seretes. Paris.



SIERRA, M. (1990): "Los colonos del spot". *Actualidad Económica*. 12 de marzo de 1990. Madrid, 36-38.

SIMO SANTONJA, V. (1976): *Las nuevas potestades económicas: empresas multinacionales, internacionales y de derecho uniforme*. Editorial Tecnos. Madrid, 534 pp.

SOTO BAÑO, L. (1980): "La industria alimentaria en Galicia". Economía de las Comunidades Autónomas. En: Rev. *Papeles de Economía Española*, número 3. Confederación Española de Caixas de Aforro. Madrid, pp. 224-237.

SPECHT, M. (1988): "Esperando al gran hermano". *El Pais*. Suplemento de negocios. 12 de abril de 1988. Madrid, pp. 12-13.

STERN (1991): "Galicia: el turismo verde". Rev. *Stern*, 22 de xullo de 1991. Munchen, pp. 16-19.

SWEEZY, P.; O'CONNOR, J. (1974): *Teoría y práctica de la empresa multinacional*. Ediciones Periferia S.R.L. Buenos Aires, 327 pp.

SYLVIE OLIVIER. (1989a): "Galicia recibe de Europa mano de obra cara". En: *La Voz de Galicia*. A Coruña, 5 de xullo de 1988, p. 56.

SYLVIE OLIVIER. (1988b): "Los inversores franceses optan por Galicia". En: *La Voz de Galicia*. A Coruña, 15 de xullo de 1988.

TALAVERA DENIZ, P. (1985): *Economía mundial y subdesarrollo*. Segunda edición. Edt. Hacer. Barcelona, 268 pp.

TAMAMES, R. (1982): *Economía internacional*. Alianza Editorial. Madrid, 420 pp.

TAMAMES, R. (1988): *Diccionario de economía*. Alianza Editorial. Madrid, 507 pp.

TAMAMES, R. (1990): *Estructura económica de España*. 19ª edición. Alianza Universidad. Madrid, 864 pp.

THEBAUD, S. (1976): "Les systémes de recherche scientifique et techniques des pays en voie de développement". En: *Revue Tiers-Monde*. Tomo XVII, n. 65. París, pp. 127-136.

TIZÓN, A. (1989): "La almoneda española". *El País*. Suplemento de Negocios, 30 de abril de 1989. Madrid, pp. 3-4.

TRIGO CHACÓN, M. (1973): *La empresa multinacional*. Editora Nacional. Madrid, 276 pp.

TUGENDHAT, C. (1973): *Las empresas multinacionales*. Alianza Editorial. Madrid, 264 pp.

TURNER, L. (1973): *Las sociedades multinacionales: los imperios invisibles*. Edit. Dopesa. Barcelona, 297 pp.

U.N.C.T.C. (1988): *Transnational corporations in world Developpement. Trends and prospects*. United Nations. New York.

U.N.E.S.C.O. (1987): *Anuario estadístico 1.987*. Unesco. París, 1.694 pp.

UNIÓN FENOSA (1991): *Memoria 1990*. Unión Fenosa. Madrid, 153 pp.

VAITSOS, C. (1975): "Las relaciones económicas entre el Norte y el Sur: Análisis de las inversiones y de las técnicas productivas extranjeras". En: *Trimestre Económico*. No. 165, xaneiro-marzo. Madrid. pp. 143-167.

VALANCE, G. (1991): "A donde va la economía mundial". *El Independiente*. 24 de marzo de 1991, Madrid, pp. 40-41.

VAN DEN BULCKE, D. (1988): "Países en vías de desarrollo y empresas multinacionales. ¿Hacia una era de desregulación?". Rev. *Información Comercial Española*. Outubro de 1988. Ministerio de Economía e Facenda. Madrid, pp. 101-115.

VÁZQUEZ BARQUERO, A. (1987): *Desarrollo local: una estrategia de creación de empleo*. Edt. Pirámide. Madrid, 160 pp.

VELASCO, J. (1991): "El frenazo de Alcatel". *Actualidad Económica*. 25 de febrero de 1991. Madrid, pp. 35-36.

VELASCO, J.; SANZ, E. (1988): "Inversión extranjera, un menu de 2,2 billones. El gran festín". *Actualidad Económica*. Nº 1549, do 22 ó 28 de febreiro de 1988. Madrid, pp. 58-64.

VELASCO, M. (1988): "La ciencia española ya tiene plan". Rev. *Muy Interesante*. Monográfico sobre ciencia e tecnoloxía. No. 84, maio. Madrid, p. 3.

VERGARA, J.M. (1984): "Cambio tecnológico y desarrollo económico". En: *Economía Industrial*. No. 206, novembro-decembro. Ministerio de Industria e Enerxía. Madrid, pp. 53-56.

VICENS VICENS, J.; NADAL OLLER, J. (1959): *Historia económica de España*. Teide. Barcelona, 658 pp.

VIDAL VILLA, J.M. (1990): *Hacia una economía mundial. Norte/sur: frente a frente*. Plaza & Janes/Cambio 16. Barcelona, 414 pp.

VILA VALENTI, J. (1977): *Geografía humana y económica del mundo actual*. Edit. Anaya. Barcelona, 378 pp.

VILLAR GRANJEL (1914): *Cartas sobre Galicia*. Edt. I.P.S. Madrid, 384 pp.

VILLARINO, P. (1989): "La gran merienda de B.S.N. en España". *Actualidad Económica*. 20 de novembro de 1989. Madrid, pp. 30-37.

WEILER, A. (1980): *Les transferts de technologie aux pays en voie de developpement par les petites et moyennnes industries*. La Documentation Française. Paris, 244 pp.

WITE, E.J. (1973): *Empresas multinacionales latinoamericanas*. Edit. Fondo de Cultura Económica. Madrid, 254 pp.